ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Tamara
López Fernández

Tese de doutoramento

# Á marxe da lei. A delincuencia común en Lugo durante o franquismo (1945-1966).

Lugo, 2022

**Programa de Doutoramento en Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe**

TESE DE DOUTORAMENTO

# Á MARXE DA LEI. A DELINCUENCIA COMÚN EN LUGO DURANTE O FRANQUISMO (1945-1966).

Tamara López Fernández

**ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN ESTUDOS CULTURAIS: MEMORIA, IDENTIDADE, TERRITORIO E LINGUAXE**

LUGO

2022

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# DECLARACIÓN DA AUTORA DA TESE

D./Dna. **Tamara López Fernández**

Título da tese: **Á marxe da lei. A delincuencia común en Lugo durante o franquismo (1945-1966).**

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
2) De ser o caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
3) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.
4) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide a versión impresa coa presentada en formato electrónico

E comprométome a presentar o Compromiso Documental de Supervisión no caso de que o orixinal non estea na Escola.

En **Lugo**, **24 de Novembro de 2022**.

**Asdo.**

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# AUTORIZACIÓN DA DIRECTORA/TITORA DE TESE

| | |
|---|---|
| D./Dna. | **Ana Cabana Iglesia** |
| En condición de: | **Titor/a e director/a** |
| Título da tese: | **Á marxe da lei. A delincuencia común en Lugo durante o franquismo (1945-1966).** |

INFORMA:

Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por D/Dna Tamara López Fernández, baixo a miña dirección/titorización, e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como director/titor desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

En **Lugo**, **24 de Novembro de 2022**

**Asdo.**

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# AGRADECEMENTOS

Iniciei esta tese de doutoramento sen contar con ningún tipo de bolsa, non por iso con menos ilusión e ambición posta sobre este proxecto. Non foi ata transcorrido un ano cando recibín a concesión dun contrato predoutoral da Xunta de Galicia, que permitiu dedicarme en exclusiva a esta investigación. Un proceso complexo no académico, pero tamén no emocional, enriquecedor e estimulante pero tamén frustrante e solitario. Esta páxina vai dedicada a todas aquelas persoas que, dalgunha maneira, contribuíron a facer destes cinco anos un camiño máis agradable e frutífero. Nas páxinas que seguen presentamos os seus froitos.

Esta investigación, malia que fortemente imbuída de interdisciplinariedade, é eminentemente histórica. Mais a miña formación universitaria é esencialmente humanista, condición causante de feblezas (tamén fortalezas) que houben de sortear ao longo deste periplo grazas ao apoio incondicional da miña titora e directora, Ana Cabana. Sen as súas indicacións, correccións, referencias e todo tipo de apuntamentos, sobra dicir, que este traballo non tería existido. Para ela vai toda a miña gratitude. Ao grupo de investigación HISTAGRA, por proporcionar medios loxísticos que contribuíron enormemente ao meu proceso de formación. Polos proxectos en curso, oportunidades de colaboración, apuntes, ideas e portas abertas débolle tamén especial agradecemento aos profesores Francisco Leira, Elena Freire e Alba Díaz da Universidade de Santiago de Compostela, Claudio Hernández e Gloria Román, da Universidad de Granada e a Lucía Prieto, da Universidad de Málaga, entre outros moitos.

Quero estender estes agradecementos a todo o profesorado e persoal da Facultade de Humanidades de Lugo, onde sempre me sentín "en casa", desde que entrei nela un xa afastado no tempo ano 2011, no que daban inicio os meus estudos universitarios. Por estar sempre preocupados polo progreso desta investigación e dispostos a prestar a súa axuda. A Pilar Rodríguez, por sementar *con éxito* o xerme do meu amor pola investigación.

Ao persoal do Arquivo Histórico Provincial de Lugo, que me acolleu e orientou no entón pouco coñecido para min universo da documentación xudicial. Á arquiveira do Arquivo Xudicial Territorial, por compartir o seu despacho comigo, o seu tempo e a súa mesa.

Tamén aos compañeiros e colegas de doutoramento cos que tiven o pracer de compartir seminarios, congresos e charlas durante cafés, nas que verbalizamos o intercambio

USC
UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

de experiencias e inquedanzas. A Maika e a Raquel por salvar as miñas dificultades idiomáticas.

Á miña familia, á de sangue e á que non o é. Aos meus pais. Ao meu irmán. Á miña avoa. Ás miñas amigas, polos folgos e ánimos brindados e polas tardes de chocolate con churros e "estados da cuestión". Pero todo o traballo realizado non sería posible sen o apoio incondicional de Diego, o meu piar, defensor das miñas decisións, compañeiro de vida e de viaxes a congresos. A el está dedicada esta tese.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

## RESUMO

Esta tese de doutoramento proxéctase como un estudo transversal sobre a delincuencia común que tivo lugar no Partido Xudicial de Lugo no contexto da ditadura franquista, concretamente de 1945 a 1966, anos que marcan o período de consolidación por excelencia do réxime. A investigación pretende achegarse ao universo delituoso a través da integración de múltiples perspectivas metodolóxicas e analíticas, entre outras: a historia local, o *xiro espacial*, a da microhistoria e a da historia cotiá, aquelas que entendemos permiten examinar con maior grao de detalle as vidas das clases subalternas. Mediante a revisión pormenorizada dos fondos da administración xudicial, depositados no Arquivo Histórico Provincial de Lugo e na Audiencia Provincial de Lugo, daremos conta das características da delincuencia acontecida na rexión central da provincia luguesa, ofrecendo tipoloxías, apuntando tendencias e describindo perfís das persoas que quedaron reflectidas en causas, sentenzas e outros tipos de documentación xudicial. E, a partir de aí, asentaremos as súas particularidades neste contexto xeográfico inexplorado no delituoso. Realizaremos un esforzo comparativo tanto sincrónico (coa delincuencia estudada para outras rexións do Estado durante o franquismo) como, na medida do posible, diacrónico (contexto xudicial e delituoso de Galicia e a propia provincia de Lugo con anterioridade ao franquismo). Coa intención de analizar en detalle a delincuencia darase especial transcendencia á perspectiva de xénero e a reflectir especificamente aqueles trazos asociados á ruptura da lei acontecida no medio rural. Unha e outra opción entendemos que, xunto a cronoloxía escollida, aportan novidade e singularidade á nosa investigación con respecto aos estudos realizados pola historiografía, centrados na delincuencia durante ditadura franquista máis atenta ao espazo urbano e non especialmente pendente de integrar o xénero como categoría de análise.


**Palabras chave:** franquismo, delincuencia común, vida cotiá, administración xudicial, Lugo.



## RESUMEN

Esta tesis doctoral se proyecta como un estudio transversal sobre la delincuencia común que tuvo lugar en el Partido Judicial de Lugo en el contexto de la dictadura franquista, concretamente de 1945 a 1966, años que marcan el período de consolidación por excelencia del régimen. La investigación pretende acercarse al universo delictivo a través de la integración de múltiples perspectivas metodológicas y analíticas, entre otras: la historia local, el *giro espacial*, la de la microhistoria y la de la historia cotidiana, aquellas que entendemos permiten examinar con mayor grado de detalle las vidas de las clases subalternas. Mediante la revisión pormenorizada de los fondos de la administración judicial, depositados en el Archivo Histórico Provincial de Lugo y en la Audiencia Provincial de Lugo, daremos cuenta de las características de la delincuencia acontecida en la región central de la provincia lucense, ofreciendo tipologías, apuntando tendencias y describiendo perfís de las personas que quedaron reflejadas en causas, sentencias y otros tipos de documentación judicial. Y, a partir de ahí, asentaremos sus particularidades en este contexto geográfico inexplorado en lo delictivo. Realizaremos un esfuerzo comparativo tanto sincrónico (con la delincuencia estudiada para otras regiones del Estado durante el franquismo) como, en la medida del posible, diacrónico (contexto judicial y delictivo de Galicia y la propia provincia de Lugo con anterioridad al franquismo). Con la intención de analizar en detalle la delincuencia se dará especial trascendencia a la perspectiva de género y a reflejar específicamente aquellos trazos asociados a la ruptura de la ley acontecida en medio rural. Una y otra opción entendemos que, junto a cronología escogida, aportan novedad y singularidad a nuestra investigación con

respeto a los estudios realizados por la historiografía, centrados en la delincuencia durante dictadura franquista más atenta al espacio urbano y no especialmente pendiente de integrar el género como categoría de análisis.
**Palabras clave:** franquismo, delincuencia común, vida cotidiana, administración judicial, Lugo.

## ABSTRACT

This doctoral thesis is conceived as a transversal study about the common delinquency that took place in the Judicial District of Lugo in the context of Franco's dictatorship, specifically from 1945 to 1966, the period when the regime consolidated. The research aims to approach the criminal environment through multiple methodological and analytical perspectives combined, among others: local history, the spatial turn, microhistory and everyday history. Those that we can understand allow us to examine in greater detail the lives of the subaltern classes. By means of a detailed review of the archives of the judicial administration, kept in the Provincial Historical Archive of Lugo and in the Provincial Court of Lugo, we will explain the characteristics of the delinquency that took place in the central area of the province of Lugo, offering typologies, pointing out tendencies and describing profiles of the people who were reflected in cases, sentences and other types of judicial documents. And, from there, we will establish their particularities in this unexplored geographical context of criminality. We will make a comparative effort both synchronic (the crime in other regions of Spain during Franco's regime) and, as far as possible, diachronic (judicial and criminal context of Galicia and the province of Lugo itself before Franco's regime). With the aim of analysing crime in detail, the gender perspective will be specially considered, and also those characteristics related to any breach of the law in rural areas. We believe that these two angles, along with the selected chronology, bring novelty and uniqueness to our research compared with other studies conducted by historiography, focused on crime during Franco's dictatorship, more centred in urban spaces and not particularly concerned about integrating gender as a category of analysis.

**Key words:** Francoism, common delinquency, everyday life, judicial administration, Lugo.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# ÍNDICE

AGRADECEMENTOS ..... 7

RESUMO ..... 9

ÍNDICE ..... 11

ÍNDICE DE FIGURAS ..... 15

ÍNDICE DE ABREVIATURAS ..... 17

**0. INTRODUCIÓN ..... 21**

0.1. Marco teórico e estado da cuestión ..... 24

0.2. Obxectivos e hipóteses de traballo ..... 33

0.3. Fontes documentais e metodoloxía da investigación ..... 36

0.3.1. A documentación xudicial a escrutinio: crítica de fontes ..... 45

0.4. Estrutura dos capítulos ..... 49

**CAPÍTULO 1. PULSAR A DELINCUENCIA COMÚN EN LUGO ..... 55**

1.1. Pulsar o Partido Xudicial de Lugo. ..... 55

1.2. O marco normativo da delincuencia: os códigos penais de 1932 e 1944 ..... 60

1.3. A situación da delincuencia en España na II República ..... 68

1.4. A evolución da delincuencia en Lugo durante o franquismo (1945-1966) ..... 74

1.5. A análise da delincuencia desde unha perspectiva comparada ..... 89

1.6. Conclusión ..... 97

**CAPÍTULO 2. DELINCUENCIA COMÚN EN FEMININO ..... 103**

2.1. Delitos "en violeta" ..... 103

2.1.1. "Elas". *Ubi sunt*? ..... 104

2.2. Arriscar a vida. Os delitos de aborto e infanticidio ..... 121

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.2.1. Do debate sobre o aborto á protección da natalidade: da II República ao Franquismo ..... 122
2.2.2.Interromper o embarazo en Europa durante o século XX ..... 127
2.2.3. Abortar en Lugo ..... 131
2.2.4. Praxe abortiva ..... 138
2.2.5. A transmisión de saberes arredor do aborto ..... 141
2.2.6. As causas e as consecuencias de abortar. Os achados de fetos e infanticidios ..... 143
2.3. Invisibilizadas e instrumentalizadas. As mulleres como vítimas de violencia de xénero ..... 148
2.3.1. A violencia sexual. Violacións e abusos ..... 150
2.3.2. Pola defensa da honestidade e da honra. Os estupros ..... 159
2.3.3. O inimigo na casa. A violencia doméstica ..... 164

**CAPÍTULO 3. A CONFIGURACIÓN DUNHA CIDADE A TRAVÉS DO CRIME ..... 177**
3.1. Lugo, un *hinterland* rural: con fame na posguerra? ..... 177
3.1.1. A contextualización da fame ..... 177
3.2. Lugo, cidade de miseria (1945-1952) ..... 184
3.2.1. "Que levas en esa saia que tanto valor lle das?". O estraperlo ..... 193
3.3. Fin do racionamento, fin da miseria? ..... 196
3.3.1. O estraperlo de pasaportes. O negocio da emigración i(regular) ..... 201
3.4. Os anos sesenta. A chegada dunha cultura delituosa propiamente urbana ..... 204
3.4.1. Unha "nova" delincuencia contra a propiedade ..... 206
3.4.2. Da conflitividade social aos accidentes de tráfico ..... 209
3.4.3. Circular no Lugo franquista ..... 216
3.5. Conclusión ..... 222

**CAPÍTULO 4. A XEOGRAFÍA DOS DELITOS EN LUGO ..... 231**
4.1. A delincuencia e o espazo físico: un *xiro* para o estudo da delincuencia ..... 231

4.2. O mercado como lugar do delito ..... 234
4.3. A estación de tren: a creación dun espazo marxinal ..... 243
4.4. Entre o lúdico e o ilícito: bares e tabernas ..... 253
4.4.1. O "lúdico" dos bares e tabernas ..... 256
4.4.2. O ocio "ilícito" a través da documentación xudicial ..... 260
4.5. Unha análise espacial da prostitución na cidade a través da documentación do Padroado de Protección á Muller ..... 276

**CAPÍTULO 5. O RURAL LUCENSE: UN ESPAZO CUNHA DELINCUENCIA CON IDENTIDADE PROPIA ..... 295**
5.1. A delincuencia no rural do PX de Lugo ..... 295
5.2. "Sen licencia nin guía". A posesión ilegal de armas ..... 298
5.3. Os crimes de sangue. Os delitos de homicidio e asasinato ..... 308
5.4. Os estragos: unha fórmula de resarcimento ..... 318
5.5. Os incendios: un lume con forma de delito ..... 322
5.6. Outras fórmulas, pacíficas, de contestación. As desobediencias ..... 331
5.7. Conclusión ..... 336

**6. CONCLUSIÓNS ..... 343**

**7. BIBLIOGRAFÍA ..... 351**
**FONTES PRIMARIAS ..... 351**
7.1. Arquivo Histórico Provincial de Lugo (AHPL) ..... 351
7.2. Arquivo Xudicial Territorial de Lugo ..... 352
7.3. Biblioteca Pública de Lugo ..... 352
7.4. Fontes xurídicas e lexislativas: ..... 352
7.5. Recursos dixitais ..... 352
7.5.1. Hemerotecas ..... 355

7.5.2. Fontes estatísticas .....357
7.6. Fondos fotográficos.....358
**REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.....359**

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# ÍNDICE DE FIGURAS

Táboa 1. Municipios do PX. de Lugo, poboación e delitos. ..... 59
Táboa 2. Parroquias do municipio de Lugo. ..... 60
Táboa 3. Comparativa da duración das penas. ..... 63
Táboa 4. Comparativa sentenzas contra a propiedade. Zaragoza, Cáceres e Lugo. ..... 69
Táboa 5. Comparativa sentenzas contra a orde pública. Zaragoza, Cáceres e Lugo. ..... 70
Táboa 6. Comparativa sentenzas contra as persoas. Zaragoza, Cáceres e Lugo. ..... 71
Táboa 7. Causas incoadas PX de Lugo (1945-1966). ..... 77
Táboa 8. Relación de sentenzas por categoría delituosa PX de Lugo (1945-1966). ..... 87
Táboa 9. Comparativa taxa sumarios e sentenzas cada 100.000 habitantes PX de Lugo e Murcia. ..... 89
Táboa 10. Causas incoadas polo Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Lugo (1945-1949) ..... 93
Táboa 11. Libros de rexistro de causas de Murcia (1945-1949) ..... 94
Táboa 12. Sentenzas ditadas nos delitos con maior incidencia durante o franquismo. ..... 95
Táboa 13. Comparativa das causas incoadas en España e no PX de Lugo (1950-1960) ..... 96
Táboa 14. Comparativa lexislación sobre o delito de aborto. II República e franquismo. ..... 127
Táboa 15. Casos incoados por delitos relacionados coa interrupción do embarazo (1945-1966). ..... 131
Táboa 16. Comparativa sumarios e sentenzas por aborto. ..... 132
Táboa 17. Número e taxas de abortos segundo se practicaran en espazo rural ou urbano no PX de Lugo ..... 134
Táboa 18. Municipios do PX. de Lugo, poboación e delitos. ..... 298
Táboa 19. Os delitos de homicidio, asasinato e parricidio no Código Penal de 1944. ..... 309
Táboa 20. As armas do delito. 1945-1966. ..... 312
Táboa 21. Resolución das causas incoadas por incendio (1945-1966). ..... 323

Ilustración 1. Mapa dos Partidos Xudiciais de Galicia. ..... 57
Ilustración 2. Mapa do Partido Xudicial de Lugo. ..... 58
Ilustración 3. Curmáns de camiño á festa. Outeiro de Rei. Anos corenta. ..... 105
Ilustración 4. Familia luguesa un día de festa. Outeiro de Rei. Ano 1968. ..... 109
Ilustración 5. Prostitutas no Recanto do Miño. Lugo. Ano 1970. ..... 117
Ilustración 6. Rapazas posando cunha moto. Lugo. Ano 1960. ..... 221
Ilustración 7. Praza de Abastos. Lugo. Anos 1945-1950. ..... 235
Ilustración 8. Novo Mercado de Quiroga Ballesteros. Ano 1950. ..... 237
Ilustración 9. Comprando peixe na Praza de Abastos de Santo Domingo. Ano 1965. ..... 238
Ilustración 10. “O Poliño”. Praza de Abastos. Ano 1966. ..... 241
Ilustración 11. Mapa actual da localización da estación de tren de Lugo. ..... 244
Ilustración 12. Vista da estación de tren de Lugo desde o Sagrado Corazón. Lugo. Ano 1890. ..... 245

Ilustración 13. Bares da Rúa Nova. Lugo. Ano 1970. ..... 258
Ilustración 14. A cidade de Lugo. Ano 1970. ..... 260
Ilustración 15. Bar Azul. Recanto do Miño. Ano 1970. ..... 264
Ilustración 16. Casco histórico de Lugo. Relación de delitos cometidos en bares. Anos 1945-1966. ..... 266
Ilustración 17. Caseta do polbo. Lugo. Ano 1951. ..... 267
Ilustración 18. Bar Transporte. Rúa San Roque. Lugo. Ano 1970. ..... 271
Ilustración 19. Casco histórico de Lugo. Relación de prostíbulos sospeitosos e confirmados. Ano 1944. ..... 279
Ilustración 20. Relación de prostíbulos. Lugo. Ano 1956. ..... 286
Ilustración 21. Casetas do polbo. San Froilán de Lugo. Anos sesenta. ..... 290

Gráfica 1. Causas incoadas PX de Lugo (1945-1966). ..... 75
Gráfica 2. A evolución da delincuencia no PX de Lugo (1945-1966). ..... 78
Gráfica 3. Causas incoadas no PX de Lugo (1945-1966). ..... 81
Gráfica 4. Destino dos sumarios incoados (1945-1966). ..... 83
Gráfica 5. Distribución das sentenzas da Audiencia Provincial de Lugo (1945-1966). ..... 84
Gráfica 6. Porcentaxe do estado civil das procesadas por aborto. (1945-1966). ..... 135
Gráfica 7. Evolución roubos e furtos (1945-1952). ..... 185
Gráfica 8. Evolución dos ladroízos na cidade (1945-1952). ..... 188
Gráfica 9. Evolución dos ladroízos na cidade (1953-1959). ..... 199
Gráfica 10. Evolución dos ladroízos na cidade (1960-1966). ..... 207
Gráfica 11. A evolución do delito de lesións 1945-1966. ..... 215
Gráfica 12. Evolución delincuencia en bares 1950-1966. ..... 276
Gráfica 13. Delincuencia rural fronte á urbana. Anos 1945-1966. ..... 297
Gráfica 14. Posesión ilegal de armas 1945-1966. ..... 300
Gráfica 15. Evolución da tenencia de armas no rural 1945-1966. ..... 301
Gráfica 16. Causas incoadas por homicidio e asasinato. Anos 1945-1966. ..... 310
Gráfica 17. Resolución dos delitos de homicidio e asasinato 1945-1966. ..... 311
Gráfica 18. Danos no rural (1945-1966). ..... 319
Gráfica 19. Características dos incendios no rural lugués. Anos 1945-1966 ..... 324
Gráfica 20. Incendios en montes afectados pola repoboación forestal (1945-1966). ..... 329
Gráfica 21. Sentido das sentenzas ditadas por desobediencia aos mandatos xudiciais. Anos 1945-1966. ..... 332

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# ÍNDICE DE ABREVIATURAS

Arquivo Histórico Provincial de Lugo: AHPLu

Fondo do Goberno Civil: FGC

Fondo Servizos Sociais: FSS

Fondo Xudicial: FX

Libros de Rexistro Xeral da Fiscalía: LRE

Padroado de Protección á Muller: PPM

Partido Xudicial: PX

Patrimonio Forestal do Estado: PFE

Tribunal Tutelar de Menores: TTM

Xunta Provincial de Lugo do Padroado de Protección á Muller: XPL

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# 0. INTRODUCIÓN

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# 0. INTRODUCIÓN

"A delincuencia, cos axentes ocultos que procura, pero tamén co anciñado xeneralizado que autoriza, constitúe un medio de vixilancia perpetua sobre a poboación: un aparello que permite controlar, a través dos propios delincuentes, todo o campo social.".

Michel Foucault[1]

As páxinas que seguen constitúen unha investigación sobre a delincuencia común, un fenómeno socialmente arraigado e complexo. Émile Durkheim, sociólogo e o teórico da delincuencia por excelencia, definiu que delito é todo acto que viola a "conciencia colectiva", aqueles valores que a sociedade considera "sagrados".[2] Desde a historia, especificamente, autores como James A.Sharpe xa en 1982 reflexionaba acerca da inexistencia dunha definición clara de "delito", debido non só ao amplo campo que identificaba Durkheim, senón pola diversidade de disciplinas en torno ás que este pode ser abordado e estudado.[3] Como punto de partida, Sharpe establecía que "crime" era "un concepto xeral, non unha categoría analítica ou descritiva precisa":

> "O termo pode ser empregado para describir un accidente; unha explosión incidental e non premeditada de paixón ou desesperación; un patrón de conducta que expresa inestabilidade ou frustración emocional ou mental; algo parecido á actividade empresarial; ou incluso unha forma de vida elixida. Definir o comportamento como "criminal" varía segundo as diferentes circunstancias ou convencións sociais, e hai unha fronteira en constante movemento do que é ou non é unha conducta aceptable nunha sociedade dada".

Seguindo a este autor, o delito viría definido desde unha perspectiva dupla: desde a *moral*, é dicir, por aqueles actos que os seres humanos consideran "malvados" e a partir dunha cuestión *conxuntural*, ao comprender condutas *creadas*, posto que están motivadas por unha *lei* que cambia tanto dentro da propia sociedade como en relación a outras. Ambas opcións, apuntaba, condicionadas en función da clase social ou do período no que se circunscriben. E concluía: "o delito cubre unha ampla gama de actividades, e é probable que sexa entendido de forma diferente por diferentes persoas en diferentes momentos". Para sortear estas dificultades optaba

[1] Michel FOUCAULT: *Vigilar y castigar: nacimiento de la prisión*, México, Siglo XXI editores, 2002, p.287.
[2] Sergio E. TONKONOFF: "Las funciones sociales del crimen y el castigo. Una comparación entre las perspectivas de Durkheim y Foucault", *Sociológica*, 77 (2012), pp. 109-142, esp.p.112.
[3] James A. SHARPE: "The History of Crime in Late Medieval and Early Modern England: a Review of the Field", *Social History*, 7, 2 (1982), pp. 187-203, esp.p.187.

por confeccionar unha "definición de traballo eficaz", segundo a que "o delito é un comportamento que se considera ilegal que, de ser detectado, daría lugar ao axuizamento nun tribunal de xustiza ou sumariamente ante axentes acreditados para a aplicación da lei".[4] Seguiría, xa que logo, a liña da definición esencialista proposta por Michael R.Weisser: "calquera actividade punible por lei", apta para calquera período no que existira algún tipo de dereito, escrito ou consuetudinario.[5] Vías, as da historiografía, que se aproximan máis á definición de "delito" ofrecida polos códigos penais, concretamente segundo de 1848: "as accións e as omisións voluntarias penadas pola lei".[6]

Non podemos achegarnos ao mundo da delincuencia sen remitirnos a Michel Foucault. Para o autor da obra de referencia no estudo da criminalidade: *Vixiar e castigar*, o crime é unha construción social xa que, "a sociedade é a que define, en función dos seus intereses, o que debe ser considerado como delito".[7] A maleabilidade do fenómeno vén secundada desde o plano da semántica. O dicionario da Real Academia Española contempla a delincuencia, na súa terceira acepción, como: "o conxunto de delitos, xa en xeral, xa *referidos a un país, época ou especialidade* neles".[8] Seguindo estas categorizacións, a delincuencia sería un fenómeno poliédrico, un concepto abstracto empregado para designar aquelas accións sociais que contraveñen á legalidade no seu sentido máis amplo. Isto implica que non hai unha "delincuencia" senón "delincuencia(s)", e que estas serán (ou non) así consideradas en función do momento, do espazo e do contexto. Delitos, por exemplo, como o adulterio ou o abandono de familia, despenalizados ao abeiro da II República, como veremos, foron recuperados nun breve lapso de tempo coa imposición ditatorial e a creación dun novo código penal.

A explicación a este fenómeno social, ao igual que o propio concepto, resulta heteroxéneo. Seguindo a teoría funcionalista de Durkheim, debería atenderse tanto á *causa eficiente* que o produce, como á *función* ou meta que cumpre. "O delito é, por tanto, necesario; atópase ligado ás condicións fundamentais de toda vida social, pero por isto mesmo é útil; porque estas condicións das que el é solidario son indispensables para a evolución moral e do dereito", apuntaba. Nesta liña de pensamento, o delincuente eríxese como un axente *imprescindible* para a revitalización e cohesión social, pois "a súa punición

[4] James A. SHARPE: *Crime in Early Modern England 1550-1750*, London e Nova Iork, Routledge, 2014, p.5.
[5] Michael R.WEISSER: *Crime and Punishment in Early Modern Europe*, Brighton, 1982, p. 7
[6] Fernando SÁNCHEZ: "La delincuencia "sociopolítica" en Cáceres durante la Segunda República", *Norba: Revista de historia*, 10 (1989-1990), pp. 233-264, esp.p. 235.
[7] Michel FOUCAULT: *Vigilar y castigar*..., p.108.
[8] A cursiva é nosa. RAE. Recuperado de internet (https://dle.rae.es/delincuencia), consultado o 20 de setembro de 2022.

posibilita a reafirmación normativa do lazo social" ao procurar a sociedade a vinganza a través da práctica xurídica de castigar aos criminais.[9] Michel Foucault sostén que a prisión só serve para fabricar novos criminais ou afundilos máis aínda na delincuencia, pero tamén se amosa convencido do seu utilitarismo social: "os delincuentes, a fin de contas, son útiles no dominio económico e no dominio político", "os delincuentes serven". E é que a aceptación social do control exercido polas autoridades xustifícase por un *do ut des* (dou para que me des), con vistas a obter protección fronte a estes delincuentes.[10]

Proceder ao estudo da delincuencia nunha sociedade non só supón atender aos delitos como "obxectos xurídicos" recollidos e definidos pola lexislación, implica transcender aos mesmos. É absolutamente relevante aplicar no seu estudo unha perspectiva histórica, en tanto en canto as características da delincuencia están determinadas en función do contexto temporal ao que se adscriben os delitos. Así, mentres que a Idade Media e a Época Moderna a o estudo da delincuencia vencellouse á marxinalidade privilexiou fórmulas violentas, para a Época Contemporánea as investigacións comezaron a preocuparse polo vínculo existente entre delincuencia e crises económicas, evidente, apuntaban, no protagonismo de delitos contra a propiedade.[11] Unha dirección á que apuntan as teorías formuladas desde a etioloxía, que suxiren que en épocas recesivas é de agardar que as taxas de delitos aumenten, especialmente os de corte económico.[12] Ao mesmo tempo tamén se mirou desde a historiografía contemporaneísta con especial atención ás cuestións sociolóxicas que subxacen ao delito: "paixóns, instintos, anomalías, achaques, inadaptacións, efectos de medio ou de herdanza" porque cando son xulgados, apunta Foucault, non só se castiga o obxecto penal; "castíganse as agresións, pero a través delas as agresividades; as violacións, pero á vez, as perversións; os asasinatos que son tamén pulsións e desexos".[13]

---

[9] Emile DURKHEIM: *Las reglas del método sociológico*, España, Ediciones Folio S.A., 1999. Cit. en: Omar HUERTAS: "Durkheim: la perspectiva funcionalista del delito en la criminología", *Rev. crim*., 51, 2 (2009), pp. 103-115, esp.pp.105 e 109.

[10] Michel FOUCAULT: *Microfísica del poder*, Madrid, La Piqueta, 1980, pp.87-102, esp. pp.90 e 96, 1980. Sergio E. TONKONOFF: "Las funciones sociales del crimen y el castigo. Una comparación entre las perspectivas de Durkheim y Foucault", *Sociológica*, 77 (2012), pp. 109-142.

[11] Bronislaw GEREMEK: "Criminalité, vagabondage, paupérisme : la marginalité à l'aube des temps modernes", *Revue d'Histoire Moderne & Contemporaine*, 21, 3 (1974), pp. 337-375.

[12] A asociación entre crise económica e delincuencia contra a propiedade foi desbotada pola criminoloxía, onde unha maioría de tendencias, representadas por Cantor e Land, agrupan as causas da delincuencia en torno a dous grandes ámbitos: o da motivación e o da oportunidade, segundo as que as crises si aumentarían as motivacións para delinquir pero, a un tempo, reducirían as oportunidades para facelo. David CANTOR e Kenneth C. LAND: "Unemployment and Crime Rates in the Post-World War II United States: A Theoretical and Empirical Analysis", *American Sociological Review*, 50 (1985), pp. 317-332. Cit. en: José Á. BRANDARIZ e Ignacio GONZÁLEZ: "Economic crises, common crime, and penality", en Oxford Research Encyclopedia of Criminology, Recuperado de internet (https://oxfordre.com/ criminology ) 2018, consultado o 30 de outubro de 2022.

[13] Michel FOUCAULT: *Vigilar y castigar...*, p. 19.

0.1. Marco teórico e estado da cuestión

Á complexidade de definir o fenómeno social da delincuencia e de delimitar as causas inherentes á mesma engadimos as dificultades de trazar unha disciplina académica da historia da criminalidade. Sen ánimo de acometer unha revisión exhaustiva da historia da delincuencia, e vistos os múltiples campos desde os que se pode abordar (criminoloxía, historia do dereito penal, historia social, etc.), consideramos pertinente sentar unha serie de fitos históricos no que á historiografía se refire que remataron por facer desta unha disciplina asentada ao abeiro das ciencias sociais e das humanidades.

A criminalidade non foi considerada un obxecto de estudo académico ata os anos sesenta do século XX, de maneira parella ao desenvolvemento da historia social e caracterizada polo pluralismo de propostas teóricas e de vocación multi/interdisciplinar. Ata o de entón, a súa análise limitouse a crimes e delincuentes "de características sensacionalistas", mentres que a historia do dereito recaía en man de expertos en leis e constitucións e a historia das prisións desenvolvíase fundamentalmente por profesionais do penal. O punto de inflexión no referente ao estudo do crime marcaríao a publicación, en 1958, do libro de Louis Chevalier, un clásico da historia social francesa. No seu plano discursivo, o historiador resolveu que a delincuencia estaba intrinsecamente vencellada á realidade social e ao imaxinario colectivo, que se trataba dun fenómeno normal no contexto da vida cotiá. Estableceu, ademais, unha relación entre condición proletaria e condición criminal o que fixo da súa obra un referente para os investigadores sociais, que viron no delito un fenómeno versátil, "unha vía de acceso á xente ordinaria", capaz de contribuír a disciplinas tan diverxentes como á historia social, á demografía, á economía, á historia das institucións, ou á das mentalidades.[14]

Clive Emsley sitúa a apertura dos estudos da historia da delincuencia na Europa occidental nos anos sesenta en dúas liñas interconectadas, nas que os aspectos sociais e económicos foron o principal asunto de análise. A primeira, a desenvolta por estudosos franceses baixo a premisa de que as épocas medieval e (temperá) moderna vencellábanse coa delincuencia interpersoal e que, precisamente o tránsito social cara o "mundo moderno" implicaba unha evolución cara o dominio da delincuencia contra a propiedade.[15] Segundo

[14] Louis CHEVALIER: *Classes laborieuses et classes dangereuses*, París, Perrin, 2007. Cit en: Raquel IGLESIAS: "El crimen como objeto de investigación histórica", *Obradoiro Hist. Mod*., 14 (2005), pp. 297-318, esp.p.299. Juan CÁMARA: *Clases populares y clases peligrosas: criminalidad social y peligrosidad urbana en Madrid (1900-1931)*, Traballo de fin de Máster, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, p.4.

[15] Esta liña é defendida por autores como Chiffoleau, quen concluíu que o predominio dos delitos que implicaban o recurso á violencia foron característicos do *Ancien Regime*. José SÁNCHEZ-ARCILLA: Jueces, criminalidad y control social en la ciudad de México a finales del siglo XVIII, Madrid, Dykinson, 2016, p. 17.

esta corrente, primitivismo e violencia mantiñan unha relación causal; consecuentemente, os pobos (rurais), onde a bandidaxe e a vinganza proliferaban foron asociados ao "atraso". Estas conclusións, sometidas á crítica das investigacións de antropólogos históricos e historiadores sociais, remataron por estatuír que alí onde o Estado era feble, ou non era aceptado como protector lexítimo da poboación, a violencia persistía. Non obstante, desbotáronse as vellas nocións de "atraso" para dar paso a valorar circunstancias máis complexas, entre elas, aspectos como o contexto familiar, a configuración comunitaria, o concepto de honor ou as construcións de modelos de masculinidade.[16]

A outra das vías de investigación da historia da delincuencia provén da historiografía inglesa, estudosos liderados por Edward P. Thompson, Eric Hobsbwam e Douglas Hay. Todos compartían un obxectivo, "aproximarse máis ás voces e ás vivencias dos membros máis pobres e desprotexidos da sociedade".[17] Un exame da criminalidade enmarcado dentro da corrente da "Historia desde abaixo", aquela dirixida ao estudo dos grupos sociais que tradicionalmente quedaran excluídos da análise histórica hexemónica. Centráronse na acción colectiva, nos delitos dirixidos contra a propiedade e o que conceptuaron como "crime social", aquel que, malia estar penado por lei era aceptado socialmente en tanto que supoñía a defensa de dereitos e costumes asentadas.[18] Unhas investigacións sobre os "criminais" que, na obra de Eric Hobsbawm deron paso a unha serie de prototipos delituosos, entre eles "os rebeldes primitivos" e os "bandidos sociais", colocados na mesma categoría que os "ofensores do traballo". Definíase a este bandido como:

> "Un persoeiro tipo Robin Hood, firmemente arraigado na orde moral das comunidades campesiñas e que, en nome destas, actuaba como opositor e vingador en contra dos terratenentes e representantes do Estado opresor".[19]

[16] Cómpre citar, tamén en Francia, a Escola de Annales que, impulsada polo interese de coñecer tódalas actividades humanas iniciou a análise da delincuencia desde o plano do cuantitativo a través do baleirado dos rexistros xudiciais xerados por tribunais da Coroa. Clive EMSLEY: "La historia social evolutiva de la criminalidad y de los sistemas de justicia penal", *Revista Historia (Heredia)*, 48 (2003), pp. 155-179, esp.p.163 e ss. François BILLACOIS: "Pour une enquête sur la criminalité dans la France d'Ancien Régime", *Annales E. S. C.*, 22, 2 (1967), pp. 340-349. Cit en: Raquel IGLESIAS: "El crimen como objeto de investigación...", p.299.

[17] Edward THOMPSON: *Whigs and hunters: the origin of the Black Arm*, Nova Iork, Pantheon Books, 1975. Eric HOBSBAWM: *Primitive Rebels: Studies in Archaic Forms of Social Movement in the 19th and 20th Centuries*, Manchester, Manchester University Press, 1959. Douglas HAY: *Albion´s fatal tree: crime and society in Eighteenth-century*, Londres, Pantheon Books, 1975.

[18] Raquel IGLESIAS: "El crimen como objeto de investigación...", pp.300-301.

[19] *Ibid*, p.162. Algúns casos de rebeldes primitivos son expostos en: Eric HOBSBAWM: *Primitive Rebels...*, pp. 13-29. Estes perfís foran xa debuxados na Europa do século XIX por autores como Lombrosso, quen desenvolveu toda unha antropoloxía criminal. Diferenciou seis tipos de delincuentes, determinados por trazos "anatomofisiolóxicos": 1º. Delincuente nato; 2º. Delincuente loco moral; 3º. Delincuente epiléptico; 4º. Delincuente loco; a) alienado, b) alcohólico, c) histérico, d) mattoide; 5º. Delincuente ocasional: a) Pseudo-

Tendencias historiográficas, as sinaladas, que serviron de pulo para o desenvolvemento e promoción da investigación da delincuencia mediante a creación dunha serie de organizacións orientadas á investigación e promoción da historia da criminalidade, ao longo e ancho do continente europeo. Entre estas, Raquel Iglesias, historiadora modernista, cita á *International Association for History of Crime and Criminal Justice* (1978), cunha prolífica produción difundida a través de boletíns e revistas que chegan ata a actualidade. Esta divulgación supuxo a conseguinte multiplicación do número de traballos de investigación sobre esta temática que, a altura dos anos oitenta, deron paso ás primeiras teses que abordaron o estudo do delito desde unha perspectiva holística e integral. Incluían xa intereses tanto sobre a evolución da delincuencia, como da metodoloxía a través da que acometer a súa análise.[20]

En España, os inicios da análise da criminalidade desde a historiografía datan dos anos sesenta e, a diferenza das investigacións noutros países europeos, nacen limitados á historia legal e institucional. Habería que agardar dúas décadas para que estes tomaran o delito como fenómeno histórico "con entidade propia" en contribucións que, entón si, seguiron os modelos francés e británico anteriormente citados. Desde os anos oitenta a historia da delincuencia en España constitúe unha modalidade de investigación consolidada, con prolíficos resultados desde o plano teórico, metodolóxico e empírico en todos e cada un dos grandes períodos históricos, desde a Antigüidade ata a época contemporánea.[21] Sobre este último período cómpre destacar, entre outras achegas, a obra de José Daniel Cesano, quen ten reflexionado sobre a propia potencialidade da fonte xudicial, e tamén os traballos de Pablo Pérez García, en relación á análise metodolóxica; as contribucións de Gutmaro Gómez Bravo sobre os sistemas penitenciarios e as persoas presidiarias, a obra de Mónica Lanero Táboas, un clásico de referencia en relación ao estudo da xudicatura, ou o de Josep Maria Tamarit

criminal, b) criminaloide, c) habitual; 6º. Delincuente pasional. Tamén desde unha perspectiva de xénero, desde a que engade dous perfís propios, á prostituta e á ladroa, en contraposición á "muller normal". Cesare LOMBROSO: *L´ homme criminel. Atlas*, Deuxième Édition, Paris, 1895. Cesare LOMBROSO e Guglielmo FERRERO: *La mujer normal, la criminal y la prostituta,* Medellín, Epistemonauta, 2021. No século XX estas tendencias serán substituídas por novos enfoques como a "Perspectiva da Elección Racional", de Cornish e Clarke, un "novo modo de mirar ás teorías e datos existentes sobre o fenómeno delitivo". Contraria á sobrepatoloxización dos delincuentes e a subestimar a súa racionalidade, propón ampliar o lugar de atención do delincuente ao "feito delitivo mesmo e aos factores circunstanciais que inflúen na súa comisión". Derek CORNISH e Ronald V.CLARKE: *The Reasoning Criminal: Rational Choice Perspectives on Offending. Hague*: Springer- Verlag, 1986. Carmen HERRERO, Eugenio GARRIDO e Jaume MASIP: "Intervención (psicosocial) en el ámbito del delito", en Fernando PÉREZ (ed.): *Serta in memoriam Alexandri Baratta*, Salamanca, Ediciones Universidad de Salamanca, 2004, pp.415-438, esp.p.420.

[20] Algúns destes títulos citados en: Raquel IGLESIAS: "El crimen como objeto de investigación...", p.301.

[21] Para un estado da cuestión sobre as épocas moderna e contemporánea vd*: Ibid*, pp.310 e ss.

Sumalla, sobre o dereito penal.[22] Traballos con enfoques moi diferentes pero que conseguiron converter a historia da delincuencia en España nun campo abonado para a realización de novos estudos.

A análise da delincuencia durante o franquismo, período que nos ocupa nesta tese, constitúe un terreo aínda en proceso de exploración polos investigadores, que teñen retos como abrir novas liñas de análise, explorar novos espazos que contan con estudo algún ou períodos temporais novidosos (en relación, por exemplo, coa apertura de arquivos). É innegable que fronte a temas como a represión, a economía e a política entendida en termos clásicos, o estudo da delincuencia e a marxinalidade durante a ditadura franquista permaneceu nun segundo plano, mesmo dentro da historia social. Contamos cunha serie de aportacións que configuran un mosaico limitado que, en esencia, se podería circunscribir xeograficamente á España oriental en gran medida, en todo caso, lonxe do noroeste peninsular. As máis relevantes, polo pormenorizado das investigacións, correspóndense con dúas teses de doutoramento. A primeira delas foi publicada en 2006 baixo e é da autoría de Juan Francisco Gómez Westermeyer, quen analiza o fenómeno da delincuencia común en Murcia desde unha perspectiva comparada con outros espazos europeos e a partir do baleirado dunha copiosa documentación. O historiador empregou Libros de Sentenzas, Libros de Rexistro de Causas, Procesos Criminais e Xuízos de Faltas para o período 1939-1949. Dez anos despois, esta liña temática volveu ser elixida por outro doutorando, Iván Martínez Carretero quen, recorrendo igualmente aos Libros de Sentenzas e ás Causas Criminais, analizou o fenómeno delitivo na provincia de Zaragoza. Fíxoo tamén baixo a fórmula da análise comparativa, mais neste caso xa non situada no eixo xeográfico senón no temporal, o

[22]José Daniel CESANO: "Fuentes judiciales y análisis histórico", *Prólogos. Revista de historia, política y sociedad*, IV-V (2011-2012), pp.39-54. Pablo PÉREZ: "Una reflexión en torno a la historia de la criminalidad", *Revista d'historia medieval*, 1 (1990), pp.11-37. Gutmaro GÓMEZ: "Loving the Punished. The Prison System and the Church in the Post-War Period", en Peter ANDERSON e Miguel Ángel DEL ARCO (coords.): *Mass killings and violence in Spain, 1936-1952. Grappling with the past*, Reino Unido, Routledge/Cañada Blanch Studies on Contemporary Spain, 2015, pp.137-155. ÍD: *Crimen y Castigo: Cárceles, Justicia y violencia en la España del siglo XIX*, Madrid, La Catarata, 2006. ÍD: "La violencia y sus dinámicas: crimen y castigo en el siglo XIX español", *Historia Social*, 51 (2005), pp. 93-110. Gutmaro GÓMEZ e Rubén PALLOL: "Entre el delito y el conflicto: el estudio de la criminalidad y la conflictividad social en el Madrid de la primera mitad del siglo XX", en Julien LANES *et al*. (ed.lit.): *De los conflictos y de sus construcciones. mundos ibéricos y latinoamericanos*, Francia, Éditions Hispaniques, 2013, pp.145-161. Mónica LANERO: *Una milicia de la justicia. La política judicial del franquismo (1936-1945)*, Madrid, Centro de Estudios Constitucionales (Madrid), 1996. ÍD: "Notas sobre la política judicial del primer franquismo: 1936-1945", en Javier TUSELL *et al.* (ed lit.): El régimen de Franco, 1936-1975: política y relaciones exteriores, España, UNED, 1993, pp. 255-266. Josep Mª TAMATIR: "Derecho penal y delincuencia en la legislación de posguerra", en Conxita MIR, Carme AGUSTÍ, Joseph GELONCH (coords.): *Pobreza, marginación, delincuencia y políticas sociales bajo el franquismo,* Lleida, Edicions de la Universidad de Lleida, 2014, pp.51-68. ÍD: "Delitos y penas: una dialéctica de sufrimientos", en Fermín MORALES *et al.* (coords.): *Represión penal y estado de derecho: homenaje al profesor Gonzalo Quintero Olivares*, España, Aranzadi Thomson Reuters, 2018, pp.281-295.

que levou a comparar a delincuencia común durante a II República coa do primeiro franquismo (1931-1945). Ambos historiadores converxeron nas súas conclusións e sinalaron a que a represión dos delitos comúns pola ditadura xogou un papel fundamental na configuración do novo Estado e en que a delincuencia contra a propiedade foi o principal obxectivo a perseguir pero, lonxe de verse reducida en relación ao período republicano, experimentou un incremento exponencial.[23]

Relevantes nas súas achegas foron tamén un importante número de monografías, artigos, capítulos en obras colectivas e publicacións en actas de congresos que empregaron a documentación xudicial como fonte. Centrada no estudo da delincuencia durante a guerra civil estivo a obra de Yolanda Rodríguez para Burgos.[24] O fenómeno delituoso na Cataluña de posguerra foi estudado en profundidade por Conxita Mir e Carme Agustí, ben en coautorías, ben en solitario. Conxita Mir, con aportacións tales como a resultante de combinar fontes militares e xudiciais, cun estudo da realidade social de diversos municipios rurais da provincia de Lleida. De especial interese resultaron as súas reflexións acerca do papel que os tribunais ordinarios tiveron como garantes do control da poboación a través da persecución, intimidación e represión e de como a diminución da actividade dos tribunais especiais estivo intrinsecamente relacionada co aumento da dos tribunais ordinarios.[25] En coautoría con Carme Agustí e dentro da obra colectiva: *Pobreza, marginación, delincuencia y políticas sociales bajo el franquismo*, vertébrase un estudo sobre delincuencia patrimonial, nas provincias catalás de Lleida, Girona e Tarragona (1939-1941) e a partir da seguinte premisa, mentres que as persoas que atentaban contra a propiedade privada para suplir as necesidades máis perentorias sufriron a acérrima represión do réxime, os grandes estraperlistas non foron castigados ou fórono moi levemente.[26] O trato desigual que caracterizou á (in)xustiza durante a ditadura franquista foi desta maneira evidenciado.

[23] Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia en la sociedad española: Murcia, 1939-1949. Similitudes y diferencias en otros espacios europeos,* Tesis doctoral, Murcia, Universidad de Murcia, 2006. Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria y control social en Zaragoza*, Tesis doctoral, Zaragoza, Universidad de Zaragoza, 2016.

[24] Yolanda RODRÍGUEZ: "Procesados en la Audiencia Provincial de Burgos (1936-1940)," en Ministerio de Cultura (ed.): *Justicia en Guerra, Archivo Histórico Nacional: Sección Guerra Civil, Salamanca, Noviembre 1987*, Madrid, Ministerio de Educación Cultura y Deporte, Dirección General de Bellas Artes y de Conservación y Restauración de Bienes Culturales, 1990, pp.381-388.

[25] Conxita MIR: *Vivir es sobrevivir. Justicia, orden y marginación en la Cataluña rural de posguerra*, Lleida, Milenio, 2000.

[26] Conxita MIR, Carme AGUSTÍ e Joseph GELONCH: *Pobreza, marginación, delincuencia y políticas sociales bajo el franquismo*, Lleida, Universidad de Lleida, 2005. Carme AGUSTÍ: *La delincuencia de baja intensidad durante el primer franquismo. Una aproximación desde el mundo rural*, V Encuentro de Investigadores del Franquismo, Albacete, novembro de 2003.

Nos núcleos rurais da provincia de Cáceres centrou Fernando Sánchez Marroyo as súas pescudas sobre a criminalidade no primeiro franquismo (1940-1947), que xiran arredor do que el denomina como "delincuencia social", entendida como aquela "determinada polas deficientes condicións de vida". A fonte que sostén a súa análise son os Libros de Sentenzas da Audiencia Provincial de Cáceres onde, a partir da análise cuantitativa, conclúe que as máis elementais subtraccións víronse reprimidas con maior severidade, debido ao xurdimento de multitude de incidentes na súa comisión, como a reincidencia ou o recurso á violencia, que se traduciron na variación da cualificación xurídica e, como resultado, no incremento das penas.[27]

Andalucía foi o espazo escollido por varios estudos sobre delincuencia. Juan Ignacio Santos Martínez emprega tanto os xuízos de faltas dos diferentes xulgados municipais malagueños, para anualidades descontinuas entre 1935 e 1942 e, sentenzas da Audiencia Provincial de Málaga para o período 1937-1941, o que lle permite ofrecer unha perspectiva sobre o acontecido na guerra civil e na máis inmediata posguerra. Co foco posto sobre a delincuencia económica, a particularidade da obra de Santos reside en tratarse dunha análise da "socioloxía do delito" na que presta especial atención ao perfil do delincuente (profesión, idade) e, particularmente, á delincuencia xuvenil, considerada aquela executada por individuos de idade comprendida de entre os 18 e os 25 anos.[28] Para Almería, resulta de especial interese a monografía *Migas con miedo,* da autoría de Óscar Rodríguez Barreira, centrada na vida cotiá e nas estratexias de supervivencia que houbo de desenvolver a sociedade almeriense na posguerra, entre outras, incorrer na delincuencia. Co barrio granadino do Albaicín por espazo de estudo, cómpre mencionar a investigación de Lázaro Miralles, un dos poucos que transcende o tempo da inmediata posguerra, aventurándose aos anos cincuenta e primeiros compases dos sesenta cando o índice de faltas e delitos contra a propiedade diminúe lixeiramente ata situarse da carón aos de outros espazos europeos.[29]

Unha investigación realizada sobre fontes diferentes ás xudiciais *stricto sensu* foi a de Manuel Ortiz Eras para Castela a Mancha en 2013. De ampla periodicidade (1939-1977) que

[27] Fernando SÁNCHEZ: "La delincuencia social: un intento de caracterizar la actuación penal en la España rural durante la posguerra", *Norba. Revista de Historia*, 16 (1996-2003), pp. 625-637, esp.p. 636.
[28] Juan Ignacio SANTOS: "Delincuencia en Málaga durante la postguerra: La Audiencia Provincial de Málaga 1937-1941", en Lucía PRIETO (coord.): *Guerra y franquismo en la provincia de Málaga: Nuevas líneas de investigación*, Málaga, Servicio de Publicaciones Universidad de Málaga, 2005, pp. 129-144.
[29] Óscar RODRÍGUEZ*: Migas con miedo. Prácticas de resistencia al primer franquismo*. *Almería, 1939-1953*, Almería, Editorial Universidad de Almería., 2008. Lázaro MIRALLES: "Supervivencia y comunidad bajo el hambre. La delincuencia en los barrios populares durante el franquismo: el caso del Albaicín y el Sacromonte en Granada (1936-1963)" en Miguel Ángel DEL ARCO (ed.): *Los "años del hambre". Historia y memoria de la posguerra franquista*, Barcelona, Marcial Pons, 2020, pp. 221-248, esp.pp. 240-241.

inclúe a totalidade da ditadura franquistas e valéndose do Anuario Estatístico de España, analizou a delincuencia patrimonial, nunha cata temporal comprendida entre o ano 1950 e o ano 1960. A conclusión que extrae deste exercicio é que as altas taxas de delitos contra a propiedade rexistradas transcenderon á década dos corenta, acadando na seguinte porcentaxes moi superiores (44%). Unha delincuencia que sinala, "trátase dunha faceta pouco coñecida aínda do universo represivo franquista, que amosa a natureza clasista desta delincuencia imbricada no contexto económico de política autárquica implantada pola ditadura".[30]

Para o caso de Galicia, espazo no que se contextualiza a nosa investigación, cabe coincidir co apuntado por Raquel Iglesias ao diagnosticar un baleiro considerable tanto en relación aos estudos sobre conflitividade como sobre a administración de xustiza. Ao silencio da historiografía modernista ao que ela alude púxolle fin precisamente a súa tese de doutoramento, centrada no crime e nos criminais na provincia de Santiago no amplo espectro temporal comprendido entre os anos 1700 e 1834. Máis próxima á temporalidade á que se cingue a nosa investigación está a investigación de Enrique Carballo, que focaliza as súas pescudas no plano da delincuencia contra a propiedade e na violencia interpersoal na Galicia do Antigo Réxime e ata a II República (1840-1936). O autor, que defendeu a súa tese en 2021, conclúe que ambas estiveron estreitamente ligadas e que as súas taxas foron inferiores na Restauración (agás nos períodos das crises de subsistencias), que os últimos anos da II República. Estes sos os dous autores que analizaron delincuencia e delincuentes en Galicia ata o de agora.[31]

Estes baleiros, tanto na historiografía española, na que ningunha investigación analiza a delincuencia para o período franquista no noroeste, nin sobrepasan na súa inmensa maioría o ano 1945, ou na galega, onde ningunha achega se ten feito sobre esa temática alén de 1936, son os que, entendemos, dan sentido e fan novidosa á nosa investigación.

Traballos, todos os mencionados que atenden ao franquismo, coinciden unanimemente en que a delincuencia contra a propiedade foi a categoría delituosa con maior impacto no franquismo, especialmente na década dos corenta, cando roubos, furtos, estafas e outros delitos económicos inundan os xulgados do Estado, sen distinguir sexo ou idade dos

[30] Manuel ORTIZ: *La violencia política en la dictadura franquista 1939-1977. La insoportable banalidad del mal*, Albacete, Editorial Bomarzo, 2013, pp.59 e ss.

[31] Raquel IGLESIAS: *Las quiebras del orden cotidiano comportamientos criminales en la sociedad gallega de fines del antiguo régimen*, Tesis Doctoral, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2004. ÍD: *Crimen, criminales y reos, La delincuencia y su represión en la antigua provincia de Santiago entre 1700 y 1834*, Santiago de Compostela, Brétema, 2007. Enrique CARBALLO: *Violencia, crimen y sus interpretaciones en la Galicia contemporánea (1840-1936)*, Tesis doctoral, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2021.

perpetradores, e cuxa raíz establecen nunhas políticas autárquicas fracasadas e nun racionamento que asolou todas as economías, non só das clases sociais máis humildes.

As obras ata o de aquí expostas priorizaron a análise dos delitos con maior incidencia social desde o cuantitativo, xeralmente, delitos contra a propiedade ou contra as persoas e baixo unha autoría masculina, o que inevitablemente conduciu a invisibilizar outros igualmente relevantes desde a perspectiva histórica, como foron os delitos de xénero.[32] Este baleiro viuse, nos últimos anos, enriquecido por unha serie de aportacións que cómpre mencionar aquí porque algunhas se nutriron de fontes xudiciais. Entre elas, a monografía de Herminia Vicente que, circunscrita a Castela a Mancha entre 1939 e 1949, procura ás mulleres na documentación xudicial tanto no papel de vítimas como no de suxeito delituoso activo.[33] A autora tira unha conclusión que abre o camiño a futuras investigacións sobre o espectro criminal "en feminino", que as fontes xudiciais constitúen unha ferramenta válida para a súa análise desde unha perspectiva de xénero. Para o caso galego contamos coa aportación de Domingo Rodríguez quen, alén dun importante número de publicacións relacionadas coa represión penal franquista recorre aos Libros de Sentenzas da Audiencia Provincial de Ourense para analizar aquela delincuencia que remite á violencia da que as mulleres foron vítimas (acoso e agresións sexuais, violencia doméstica, homicidios e abortos (provocados sen consentimento, etc.). Nas súas últimas e máis recentes publicacións ten

[32]A inexplorada vía da investigación da delincuencia infantoxuvenil foi aberta por Carme Agustí, na comunicación sobre os que denomina como os *golfillos da calle*. Fíxoo empregando por fonte os expedientes abertos polo Tribunal Tutelar de Menores de Lleida, polas facultades protectora e reformadora, tamén para o primeiro franquismo (1939-1945). Institución, da que sentenza que, lonxe dun obxectivo teórico baseado na protección ou educación dos menores o seu labor foi indubidablemente punitivo, adoutrinador e moralizador dos e das infantes baixo os principios nacionalcatolicistas. Carme AGUSTÍ: "Golfillos de la calle. Menores, marginación y control social durante el primer franquismo a través de los expedientes del Tribunal Tutelar de Menores de Lleida" en Carlos NAVAJAS e Diego ITURRIAGA (coords.): *Novísima: II Congreso Internacional de Historia de Nuestro Tiempo*, 2010, pp. 309-322. Sobre o TTM de Lugo vd.: Tamara LÓPEZ: "Criaturas marginadas. Los menores como sujetos activos y pasivos de delincuencia en el Lugo franquista", en Jacobo HERRERO, Patricia ZAMORA e Itziar GUERRERO (eds.): *Comunicación e historia olvidada: Una mirada transversal desde la contemporaneidad*, Santander, Universidad de Cantabria, 2022, pp.225-238. Sobre o TTM de Valencia: Amelie NUQ: "Combattre les perversions morales qui les ont poussées au mal": la prise en charge de la déviance féminine par le Tribunal pour Mineurs de Valence (Espagne, 1939-1958)", *Les Cahiers de Framespa*, 7 (2011), Recuperado de internet (http://journals.openedition.org/framespa/710), consultado o 31 de novembro de 2022. Sobre os inicios da institución: Pilar RODRIGO: "Discriminación por cuestión de género y la ignorancia de su existencia, en el Tribunal Tutelar de Menores de Zaragoza: 1921-1931", en Carlos FORCADELL e Carmen FRÍAS (coods.): *Veinte años de congresos de Historia Contemporánea (1997-2016)*, Zaragoza, Institución Fernando el Católico, 2017, pp.303-312.

[33] Herminia VICENTE: *Mujeres en el punto de mira. La represión franquista a través de la justicia ordinaria. Castilla La-Mancha 1939-1969*, Castilla la Mancha, Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 2022. Un estudo sobre a muller fronte á xustiza militar franquista pode verse en: María de los Llanos PÉREZ: *Condenadas a muerte. La mujer frente a la justicia militar franquista en Albacete (1939-1943)*, Albacete, Altabán, 2022.

aberto unha liña de estudos nos que a muller é a artífice dos delitos (fundamentalmente, contra a propiedade).[34]

Para un estudo integral da delincuencia e, particularmente, para a aplicación da perspectiva de xénero debemos remitirnos ás fontes que dan conta da actuación do Padroado de Protección á Muller (PPM en adiante), exemplo de como a represión sufrida polas mulleres non se circunscribiu exclusivamente á xudicatura. Segundo os seus idearios unha institución para a reforma moral de mulleres "en risco de caer" na prostitución foi na práctica unha ferramenta coercitiva para aquelas que contraviñesen o código moral de xénero. Sobre esta temática xira a tese de doutoramento de Carmen Guillén, quen define o PPM como unha "cárcere moral de mulleres no franquismo". Liña argumental seguida por Lucía Prieto, que deixa patente na súa investigación que dita institución actuou contra toda conducta considerada contraria aos valores do nacionalcatolicismo, con especial atención ao fenómeno da prostitución e ao fracaso da súa regulamentación que só repercutiu en que o meretricio clandestino superara ao legal.[35] Tamén por Beatriz Onandia que, en numerosos artigos, establece un vínculo (necesario) entre prostitución e Padroado.[36] A diferenza do resto de temáticas, a nosa investigación non debeu abrir camiño no estudo desta institución, pois existe unha achega sobre o PPM en Lugo e máis concretamente do reformatorio dependente de dita institución, a "Casa Fogar da Nosa Señora dos Ollos Grandes", o artigo publicado por Enriqueta Barranco.[37]

[34] Domingo RODRÍGUEZ: "Morir de hambre en las cárceles de Franco (1939-1945)", *Historia contemporánea*, 51 (2015) pp. 641-666. Para unha análise do fenómeno da delincuencia desde unha perspectiva de xénero: ÍD: *Mujer, delincuencia, marginalidad. Cárcel, justicia ordinaria y violencia de género Ourense 1940-1950*, Madrid, Los Libros de la Catarata, 2021. ÍD: "Fuentes para el estudio de la violencia contra las mujeres en el primer franquismo: las sentenzas de la Audiencia Provincial de Ourense (1940-1950)", *Arenal*, 28, 2 (2021), pp.549-579. ÍD: "Delincuencia femenina y jurisdicción ordinaria en la posguerra civil. La mujer ante el Tribunal de la Audiencia Provincial de Ourense (1940-1950)", *Clío & Crímen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, 17 (2020), pp. 329-344. Esta liña de investigación é seguida, para a II República e o franquismo, na tese de doutoramento: Adriana CASES: *El género de la violencia. Mujeres y violencias en España (1923-1936)*, Tesis doctoral, Universidad de Alicante, 2016. Por unha senda similar transitan os capítulos da obra coordinada por Conxita Mir e Ángela Cenarro, tamén publicada en 2021 e que apostou polas femias coma suxeitos históricos de interese para revisitar as fontes, tomando a represión e a violencia de xénero coma fío condutor, que, malia que silenciada, foi unha realidade durante o franquismo. Conxita MIR e Ángela CENARRO: *Mujeres, género y violencia en la guerra civil y en la dictadura de Franco*, Valencia, Titant humanidades, 2021.

[35] Lucía PRIETO: *Mujer, moral y franquismo. Del velo al bikini*, Málaga, Universidad de Málaga, 2018.

[36] Carmen GUILLÉN: "El Patronato de Protección a la Mujer: Prostitución, Moralidad e Intervención Estatal", tesis doctoral, Murcia, Universidad de Murcia, 2018. ÍD.: "La prostituta como víctima del sistema represivo franquista. Un análisis desde los informes del Patronato de Protección a la Mujer", *GÉNEROS. Multidisciplinary Journal of Gender Studies*, 10, 2 (2021), pp. 98-120. Beatriz ONANDIA: "Entre el pecado y la lujuria: la inmoralidad pública durante el franquismo", *Raudem, Revista de Estudios de las Mujeres*, 6 (2018), pp. 172-197.

[37] Enriqueta BARRANCO: "La obra de protección a la mujer en Lugo durante el franquismo: el reformatorio de nuestra señora de los ojos grandes", *FerrolAnálisis: revista de pensamiento y cultura*, núm. 28 (2013), pp. 215-225.

En definitiva, o estudo da delincuencia común, liña de investigación que en España comeza a abonarse nos anos oitenta, constitúe hoxe unha modalidade de estudos consolidada. Dela xurdiron aportacións que analizaron tanto a historia da delincuencia como o fenómeno en si mesmo, con prolíficos resultados para diferentes períodos históricos. O franquismo, réxime no que se encadra esta tese de doutoramento constitúe aínda un terreo en proceso de conquista, limitado á España oriental con investigacións que, ben por estaren enmarcadas na posguerra, ben por facelo constrinxidas aos delitos cuantitativamente máis representativos, aqueles relacionados coa propiedade, non abordaron o fenómeno de forma integral. Galicia é aínda un espazo con numerosos baleiros nesta temática, con contadas aportacións para a Época Moderna e para o Antigo Réxime. Trátase dun campo de estudos inexplorado a partir de 1936, con publicacións centradas no universo penal franquista ou limitadas á abordar delincuencia desde unha perspectiva de xénero, mais onde delitos e delincuentes en ningún caso foron obxecto dun estudo pormenorizado, ao que pretendemos poñer fin con esta tese doutoral.

## 0.2. Obxectivos e hipóteses de traballo

As investigacións en Galicia sobre o franquismo en materia de historia social tenderon a privilexiar aqueles temas que remiten á represión, agora xa tanto ás vítimas como aos verdugos e ao universo carcerario;[38] a renovar o discurso sobre a guerra civil e sobre institucións e actitudes sociais no medio rural tanto nos períodos de consolidación da ditadura,[39] como durante os anos da súa desarticulación e inicios do tránsito cara a

[38] Lourenzo FERNÁNDEZ e Antonio MÍGUEZ (ed. lit.): *Golpistas e verdugos de 1936*, Vigo, Galaxia, 2018. Julio PRADA (dir.): *No sólo represión, a construcción del franquismo en Galicia*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2014. Unha reflexión en torno á negación do pasado xenocida español pode verse en: Antonio MÍGUEZ: "El despertar público de la memoria: en torno al genocidio", Mélanges de la Casa de Velázquez, 50, 1(2020), pp.295-299. Antonio MÍGUEZ (et. al.): Verdugos impunes: el franquismo y la violación sistémica de los derechos humanos, Barcelona, Pasado y Presente, 2018. Antonio MÍGUEZ: *Ni verdugos ni víctimas actitudes sociales ante la violencia, del franquismo a la dictadura argentina*, Granada, Editorial Comares, 2016. Julio PRADA: *Franquismo y represión de género en Galicia*, Madrid, Catarata, 2013. Antonio SOMOZA, Andrés DOMÍNGUEZ e Lourenzo FERNÁNDEZ: *La génesis del Régimen franquista en Galicia: aniquilación política y destrucción de la sociedad civil. (1936-1939),* Nomes e Voces. Proxecto de investigación interuniversitario, Recuperado de internet (http://www.nomesevoces.net/web/media/documento/comunicacion_barcelona_dictadura_franquista.pdf), consultado o 2 de novembro de 2022. María Jesús SOUTO: *A represión franquista na provincia de Lugo (1936-1940)*, Tese doutoral, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1997. Domingo RODRÍGUEZ: "Morir de hambre en las cárceles de Franco (1939-1945)", *Historia Contemporánea*, 51 (2015), pp. 641-666. ÍD: Presos e prisións na Galicia de guerra e de posguerra 1936-1945, Vigo, Galaxia, 2010.

[39] Lourenzo FERNÁNDEZ PRIETO e Aurora ARTIAGA REGO (eds.): *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura. Historia para un pasado incómodo*, Madrid, La Catarata, 2014. Ana CABANA: *La derrota de lo épico*, Valencia, PUV, 2013. Daniel LANERO: "Franquismo, políticas sociales y actitudes de la población", *Historia del presente*, 38 (2021), pp.31-48.

democracia,[40] tamén á situación económica de posguerra e as súas consecuencias, racionamento, fame e estraperlo.[41] Consecuentemente, outros fenómenos da ditadura pasaron desapercibidos para a historiografía galaica interesada na análise dese contexto histórico, como temos comentado. Coa tese de doutoramento que aquí presentamos *Á marxe da lei, a delincuencia común en Lugo durante o franquismo (1945-1966)* pretendemos contribuír ao inicio da colmatación dunha desas lagoas da historiografía galaica. Pretendemos analizar a delincuencia para coñecer mellor a vida cotiá dos cidadáns de a pe no contexto histórico dunha ditadura. E farémolo optando por privilexiar como espazo de estudo a provincia de Lugo, máis concretamente o seu Partido Xudicial, por cuestións que analizaremos no apartado metodolóxico. Trátase dun enclave de interese desde o punto de vista investigador polo xa comentado factor da inexistencia de estudos previos sobre a delincuencia. E, en especial, por ser un territorio no que conflúen o mundo urbano e o rural, por tanto, diverso e plural no económico, no social e no delituoso pero, a un converxente en moitos aspectos. Cun núcleo de poboación urbana representado pola súa capital homónima e outros municipios eminentemente rurais na súa contorna, podemos adiantar que, partindo de características moi similares á altura de 1945, as súas tendencias vanse bifurcar progresivamente co devir do tempo.

O primeiro obxectivo da nosa investigación é abordar a delincuencia dunha forma novidosa. Apostamos por emprender un estudo transversal que se superpoña á arraigada tendencia a analizar os delitos constrinxidos por unhas categorías estancas, respondendo sen máis ás tipoloxías estipuladas polo Código Penal franquista. E, se ben é certo que asentaremos a avaliación cuantitativa do fenómeno delituoso no Partido Xudicial de Lugo (en adiante, PX de Lugo), baixo esta premisa pretendemos ofrecer unha análise disímil, onde o eixe dos capítulos non estea nas categorías estancas coa única razón da súa maior incidencia, nin tampouco nas súas cifras e porcentaxes, senón no seu peso cualitativo. Non é o noso interese limitarnos a cuantificar, pretendemos transcender o numérico para atender a atmosfera delituosa, en converxencia coas narrativas xeradas por procesados e denunciantes na documentación xudicial e chegar así a comprender o subxacente a perfís e taxas, poder pór

[40] Alba DÍAZ: *Mudar en común. Cambios económicos, sociais e culturais no rural galego do franquismo e da transición, 1959-1982*, Tese doutoral, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2013.

[41] Lucio MARTÍNEZ: El pan y la cruz. Hambre y Auxilio Social durante el primer franquismo en Galicia, Madrid, Biblioteca Nueva, 2017. Rafael GARCÍA: *Violencia, persecuciones y relato en la conformación del poder golpista en Santiago de Compostela, 1936*, Tese doutoral, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2022. Conchi LÓPEZ: *El golpe de estado, las persecuciones y la retaguardia en la guerra civil española: las actitudes sociales en Galicia (1936-1939)*, Tese doutoral, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2021.

cara e razóns á comisión dos delitos. A delincuencia, evidentemente, está presente en todo período histórico pero muta e evoluciona, no noso caso conforme o fai a sociedade luguesa e, ao mesmo tempo, cambian as percepcións que xuíces e demais autoridades xudiciais deixan entrever nos seus escritos.

O segundo obxectivo que nos marcamos é rachar coas tradicionais barreiras temporais do estudo da delincuencia no franquismo, circunscritas á posguerra. Partimos da necesidade de superar o ano 1945, tradicional data de fin das investigacións e, de feito, será o fito que marque o inicio da nosa. Pretendemos trazar a realidade da delincuencia luguesa desde dous parámetros, un marcado por unha mirada introspectiva ao período de máxima consolidación do franquismo, que ciframos, seguindo á historiografía política, entre 1945 e 1966, e outro, definido pola necesidade de realizar unha comparativa aínda que, por forza, sucinta, co acontecido en épocas precedentes, axudadas tanto por traballos realizados para a realidade galega (o mencionado de Enrique Carballo) como por fontes xudiciais da época republicana no mesmo espazo de estudo, o PX de Lugo. Trátase de coñecer mellor a vida cotiá dos lugueses e luguesas desde o que se podería sinalar como o fin da posguerra ata o "desenvolvemento", e poder facelo baixo a atenta mirada e o escrutinio dos afíns ao réxime, de autoridades do mesmo, como eran os xuíces.

O ata o de aquí exposto vén condicionado polo espazo de estudo seleccionado, Galicia, e, en concreto, o PX de Lugo. Unha comunidade na que, coma todos os territorios que quedaron na retagarda, a ditadura comeza xa en 1936. Pero, que non houbera fronte bélica non implicou que non existira unha profunda represión canalizada a través dunha "inusitada violencia" en forma de asasinatos, condenas a cadea perpetua e encarceramentos indiscriminados que asoballaron á sociedade civil.[42] Ao que engadimos, como sinala Julio Prada, que "os franquistas utilizaran Galicia como un laboratorio de control social" e que un dos instrumentos orientados a tal fin foran, precisamente, os tribunais ordinarios, cuxa labor pasou por fiscalizar á sociedade para asegurar o alicerce fundamental do franquismo: a

[42] Deixou, desde os primeiros momentos do golpe militar un total de 4.699 cidadáns asasinados (políticos, militares, mestres, médicos, farmacéuticos, avogados, etc.). Unha destrución que se estendeu á sociedade civil mediante a condena sistemática de todo disidente, con 1.597 cidadáns condenados a cadea perpetua e 1.981 a outras penas de prisión. Un total de 28.234 galegos que foron vítima dalgún tipo de persecución xudicial. Antonio SOMOZA, Andrés DOMÍNGUEZ e Lourenzo FERNÁNDEZ: *La génesis del Régimen franquista en Galicia: aniquilación política y destrucción de la sociedad civil. (1936-1939)*, Nomes e Voces. Proxecto de investición interuniversitario, Recuperado de internet (http://www.nomesevoces.net/web/media/documento/comunicacion_barcelona_dictadura_franquista.pdf), consultado o 2 de novembro de 2022.

orde.[43] Un proceso onde as delacións entre iguais e a canalización de intereses particulares instrumentalizaron o recurso á xustiza.

No franquismo, o establecemento normativo de conductas ilegais (a través do Código Penal, leis e decretos, entre outras disposicións) e a súa sanción pola xustiza ordinaria foron uns dos instrumentos polos que o réxime impuxo "desde arriba" o modelo de sociedade ao que aspiraba. Como advertira Ana Fernández "a cada sociedade correspondeulle unha pauta delitiva", por tanto, establecer cando e como os cidadáns acataron ou transgrediron as leis é un recurso elemental á hora de confeccionar a imaxe da realidade social, neste caso, da ditadura.[44] Unha mostra, tanto do modelo ao que o réxime aspiraba, na medida en que unha tipoloxía delituosa requiría de especial atención pola xudicatura, como do contramodelo social existente, particularmente entre sectores e suxeitos subalternos nos que emerxeron actitudes entendidas como disidentes.[45]

Consideramos de relevancia resolver nestas páxinas en que medida foi excepcional (ou non) o franquismo no universo delituoso o que, nesta investigación, pretendemos debullar en base a datos empíricos que rachen percepcións e memorias colectivas influídas pola memoria oficial que artellou a propia ditadura.[46]

### 0.3. Fontes documentais e metodoloxía da investigación

Esta tese de doutoramento é, como son todas, resultado de anos de traballo intenso, de recompilación de datos, análise e crítica dos mesmos e posta en valor dos achados. A documentación na que a investigación se basea consultouse en numerosas visitas aos arquivos, especialmente ao Arquivo Histórico Provincial de Lugo, onde se custodia o groso da documentación xudicial obxecto de estudo. A revisión de fontes, por suposto, non sempre tivo os resultados agardados, pero quero facer mención a que o intercambio de achados e impresións en congresos, seminarios e outro tipo de eventos académicos formativos foi sempre enriquecedor e sen eles, non se entende esta tese de doutoramento. A documentación xudicial constitúe a columna vertebral do noso traballo e, en concreto, empregamos sumarios

[43] Julio PRADA (dir.): *No sólo represión. La construcción del franquismo en Galicia*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2014.
[44] Ana FERNÁNDEZ: "Franquismo, delincuencia y cambio social", *Espacio, Tiempo y Forma. Serie V, Historia Contemporánea*, 17 (2005), pp. 297-309, esp.p. 297.
[45] Ana CABANA: *Entre a resistencia e a adaptación a sociedade rural galega no franquismo (1936-1960)*, Tese doutoral, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2006
[46] Segundo o CIS de febreiro de 2022, para o 35% dos españois "con Franco houbo máis orde e máis *paz*". Cándido MARQUESÁN: "Memoria Democrática no noso colexio", *Nova Tribuna*, Recuperado de internet (https://www-nuevatribuna-es.translate.goog/articulo/cultura---ocio/necesidad-memoria-democratica-nuestra-escuela/20220724071317201067.html?_x_tr_sl=es&_x_tr_tl=gl&_x_tr_hl=gl&_x_tr_pto=sc), consultado o 28 de outubro de 2022.

e sentenzas. Os sumarios resultan da actividade do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución, nº1, de Lugo, e materializan cada unha das denuncias interpostas, de oficio ou por particulares no PX de Lugo. As sentenzas, ditadas pola Audiencia Provincial de Lugo, limítanse a aqueles casos que, declarados probados os feitos denunciados e achado o culpable ou culpables foron xulgados ditándose sentenza en firme. Especificamente o corpus consultado ascende a 7.327 sumarios e a 1.879 sentenzas, incoados, os primeiros, ditadas, as segundas, entre 1945 e 1966, o que supón o 100% dos fondos conservados para o franquismo en Lugo. Fondos custodiados na súa maioría no AHPLu (1945-1963) e tamén no Arquivo Xudicial Territorial (AXT) para os anos comprendidos entre 1963 e 1966.

A sistematización da documentación xudicial fíxose mediante un procedemento dobre, analítico e sintético. A primeira das nosas actuacións contemplou o baleirado do total de causas entre 1945 e 1966 mediante a súa recollida na plataforma Access, un sistema de administración de bases de datos que traballa a partir de táboas, consultas, campos e rexistros. Para organizar dita información ideamos un formulario común a tódalas causas, que recolle aqueles datos considerados esenciais dentro de cada procedemento. Todos eles, agás o nome da vítima, referidos á parte denunciada. Serían o delito polo que se incoa o sumario, non necesariamente o mesmo que o do fallo; nome e apelidos do autor/a ou autores/as do delito; nome da ou das vítimas, a idade dos encausados, sexo, estado civil, profesión; a resolución do sumario (sobresido, declarado falta, arquivado, extinta a acción penal, condena ou absolución), nivel de solvencia dos procesados, lugar de comisión dos feitos, número de sumario, xunto cun campo para comentarios libres. Desta base de datos "macro" derivaron unha serie de consultas "micro", a partir das que confeccionamos táboas por categorías delituosas, tal e como son establecidas no Código Penal de 1944. A partir de aí leváronse a cabo sucesivas e máis específicas consultas, tanto para economizar os resultados das pescudas como para que o propio programa informático puidera aplicar os diferentes filtros, inoperables sobre o inxente volume de sumarios rexistrados. Unha información preliminar da que nos valemos para sentar e cuantificar a delincuencia común en Lugo e, a partir de aí, trazar as liñas de investigación, claramente temáticas. Esta fase máis analítica viu acompañada doutra sintética, descritiva da fonte, cunha transcrición pormenorizada a través do procesador de textos daquelas partes consideradas de maior relevancia dos sumarios e sentenzas, clasificadas nun arquivo creado *ad hoc* baixo criterios de ano, número de sumario e sentenza. Unha estratexia esta que serviu para complementar as cifras da delincuencia co contexto inherente á comisión do delito.

usc UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Optamos por situar o eixo central da presente investigación entre 1945 e 1966, ámbalas datas determinadas polo propio límite administrativo imposto e polo propio interese en estudar a etapa de maior consolidación da ditadura franquista. A primeira, debido a unha cuestión loxística, e é que a documentación xudicial existente con anterioridade ao 1945 atópase sen clasificar e marcada pola presenza de enormes lagoas documentais. Con todo, considerámola pertinente como data de partida por varios factores, alén dalgún xa apuntado como a pertinencia de innovar a etapa temporal que ten sido recorrentemente estudada e en función da propia intrahistoria da ditadura. A saber, por ser o momento no que se produciu un fito histórico chave na consolidación da ditadura, o fin da II Guerra Mundial, que marcou o tránsito simbólico dunha situación concibida coma temporal cara outra permanente;[47] por supor a normalización da actividade dos tribunais ordinarios, que perderan boa parte das súas competencias na guerra en prol de tribunais militares, e que non recuperadas ata, polo menos, 1940; e, por último, debido a que, os instrumentos que marcaron a actividade dos tribunais franquistas, leis, decretos e o novo Código Penal (recordamos que foi aprobado en 1944), estaban todos xa activados xusto a esa altura.[48] A elección do ano de peche responde a varias razóns, unha pragmática, á inexistencia de documentación xudicial dispoñible a partir desa data nos fondos do AHPLu. Deternos en 1960 era unha posibilidade por representar o fin da denominada "década bisagra", co inicio doutra nova baixo a etiqueta o denominado "desenvolvemento económico", de aperturismo internacional, coa introdución dun goberno de tecnócratas en 1962 e baixo un novo modelo de sociedade dominada pola cultura de consumo.[49] Non obstante, consideramos pertinente rachar estas barreiras temporais establecidas comunmente pola historiografía, especialmente para o caso da delincuencia común, e levar a data a unha menos "redonda", pero moi significativa tamén dentro da intrahistoria do réxime franquista, pois o 1966 marca un ano de cambios na propia ditadura (Lei de Prensa e Imprenta, Lei Orgánica do Estado, Lei de Liberdade Relixiosa) e o inicio do que será a "loita pola supervivencia" do réxime.[50]

[47] Ana CABANA: *La derrota de lo épico*..., p.58.
[48] Carme MOLINERO: *La anatomía del franquismo. De la supervivencia a la agonía, 1945-1977*, Barcelona, Crítica, 2008.
[49] Francisco JIMÉNEZ: "A Spanish way of life. Consumo y publicidad en la España de los cincuenta", en Miguel Ángel DEL ARCO y Claudio HERNÁNDEZ (eds.): *Esta es la España de Franco Esta es la España de Franco. Los años cincuenta del franquismo (1951-1959)*, Zaragoza, Prensas de la Universidad de Zaragoza, 2020, pp.93-116. O cambio social é analizado por Antonio CAZORLA: *Miedo y progreso. Los españoles de a pie en el franquismo, 1939-1975*, Madrid, Alianza, 2016, pp.229-293.
[50] Pere YSÀS: *Disidencia y subversión. La lucha del régimen franquista por su supervivencia, 1960-1975*, Barcelona, Crítica, 2004.

Con respecto ao espazo de estudo, que a elección fora o PX de Lugo e non a súa provincia homónima é consecuencia de dous factores fundamentais. O primeiro, que a unidade para a administración de xustiza en España é o Partido Xudicial, división que afonda as súas raíces no Decreto do 31 de abril de 1834, polo cal as provincias de recente creación quedaban subdivididas en Partidos Xudiciais co obxectivo de axilizar a administración de xustiza nos pobos.[51] Desde entón, cada PX pasou a estar integrado por diferentes municipios da provincia cunha cabeza de partido sita no de máis afluencia litigante, o que no noso caso coincide coa capital provincial, a cidade de Lugo, que será a sede do Xulgado de Primeira Instancia. Nos restantes municipios do PX atópanse os Xulgados de Paz, encargados de resolver as faltas. A segunda razón remite novamente ás características do fondo de xustiza do AHPLu, cuxa organización vén artellada por partidos e non por provincias acomodándose o arquivo á institución da que emana a documentación á hora de organizala. De tal maneira que, a revisión da delincuencia a nivel provincial implicaría atender á documentación de nove partidos xudiciais (Mondoñedo, Chantada, Vilalba, Monforte de Lemos, Viveiro, Sarria, Fonsagrada e Becerreá) un volume case inabarcable de documentación tanto polo volume como pola inexistencia de catalogación da maioría dela. Así, o PX de Lugo, un espazo plural e diverso, con varios municipios rurais de diferente densidade demográfica e un concello de natureza urbana na capital provincial, consideramos que albergaba as principais características a ter en conta para proceder a unha análise integral do fenómeno delituoso no contexto lucense e mesmo ofrecer tendencias que poden representar o caso galego.

A diferenza doutras investigacións sobre a delincuencia común, que se centran exclusivamente no número ou en causas sentenciadas nos libros de asento das mesmas, xa sexa por necesidade fronte ás esixencias da fonte ou por economía á hora de tratar a información, esta tese de doutoramento aséntase sobre a cifra total de incoacións do período de referencia. Entendemos que os sumarios, independentemente do seu destino xudicial, conteñen unha información especialmente rica, con referencias descritivas de interese sociolóxico, estivera ou non correctamente fundamentada legalmente. Referímonos a aquelas denuncias interpostas de maneira fraudulenta ou sen probas e que supoñen un uso interesado da xudicatura; tamén a denuncias inconsistentes ou superfluas para o aparello xudicial franquista, mais relevantes para a análise histórica. Así, por exemplo, en tipoloxías delituosas residuais cuantitativamente como os delitos sexuais, era usual que a vítima se vira

[51] Gutmaro GÓMEZ: "Derecho y poder. Desarrollo y obstrucción a la nueva Justicia en la primera mitad del siglo XIX", *Derechos y libertades: Revista del Instituto Bartolomé de las Casas*, 16 (2007), pp.157-180, esp.162-163.

"compensada" económica ou extraxudicialmente durante o proceso, que decidise desistir da acción penal por temor a ver a súa honra prexudicada ou que os tribunais optasen por agardar á prescrición dos feitos, de maneira que nunca chegaban ás salas da Audiencia. Por tanto, de desbotalas por irresolutas estariamos a perder unha parte substancial da información xudicial que dá luz sobre esa vida cotiá dos cidadáns e cidadás correntes que buscamos aprehender.

Para tentar levar a cabo unha investigación integral, sen fisuras nin lagoas temporais, optamos pola consulta de toda a documentación, non por facer catas ou análises aleatorias no período temporal que acoutamos. Tamén consideramos pertinente non limitar as nosas pescudas aos anos da ditadura definidos pola súa maior consolidación, senón que rastrexamos na medida do posible documentación para as décadas anteriores á imposición do réxime, establecendo un enfoque comparado que nos evite caer na excepcionalidade da situación do réxime franquista por mera focalización desa etapa en exclusiva. Para acometer este exercicio comparativo consultáronse outras *fontes xudiciais* diferentes ao corpus central que sostén a tese. A documentación aludida está custodiada no Arquivo da Audiencia Provincial. Alí atópase organizada e catalogada e baixo a fórmula de *libros*, dimanados todos eles de organismos varios da maxistratura da provincia dende 1928 a 1943. A información que ofrecen estas fontes é moi sucinta, unha entrada na que se extracta o nome do autor do delito, a natureza do delito, o número de sentenza (dato que nos serviu para poder realizar cotexo coa documentación da Primeira Instancia) e ano no que se dita e resolución xudicial. Esta permite análises cuantitativas case exclusivamente, pero non por iso deixa de ser unha rica fonte de información. Neste arquivo recompilamos os datos de dúas institucións xudiciais, a Fiscalía e a propia Audiencia Provincial baixo dúas fórmulas, os "Libros de Rexistro Xeral" de tódolos sumarios e os "Libros de Rexistro de Executorias", cinguidos ás causas sentenciadas. Os "Libros de Rexistro Xeral da Fiscalía" consérvanse para dous períodos, parte da ditadura de Primo de Rivera (1928-1930) cun total de 1.822 sumarios e, para a etapa da guerra civil e á inmediata posguerra (1936-1941), que ascenden a unha extensa cifra de 4.981 sumarios. Namentres, os "Libros de Rexistro de Executorias" consérvanse para a II República e os primeiros anos da ditadura franquista, de 1932 ata 1943, e conteñen un total de 3.764 sentenzas. O feito de seren fontes disímiles tanto no órgano xudicial do que emanan, como no marco territorial ao que se circunscriben, invalídanas para extraer conclusións taxativas a partir da súa análise comparada, pero permítennos confeccionar unha imaxe do panorama xudicial previo ao réxime franquista capaz de debuxar tendencias.

Outra parte substancial do *corpus* de fontes empregado nesta investigación foi a *lexislación* e a *documentación xurídica*, necesaria para unha achega cabal á documentación

xudicial. Os códigos penais de 1870 e 1928 e, en especial, o de 1932, o republicano, e o de 1944, o franquista, conxuntamente coa Constitución de 1931 e xunto cos decretos, leis e outras disposicións promulgadas en diferentes datas, son a base da interpretación da documentación xudicial. Confrontadas entre si, permítennos coñecer a evolución do que ao abeiro de cada réxime era concibido como delito, ademais de precisar o excepcional da realidade xudicial de cada un e a evolución no tempo de vixencia de cada sistema político.

Do interese por afondar na historia da xente sen historia deriva a consulta doutras *fontes primarias* de información. A primeira estivo motivada pola vontade de facer da presente tese un estudo transversal sobre suxeitos correntes. A presenza do xénero feminino no xudicial, malia que protagonista de determinadas categorías delituosas que presentaremos ao longo do segundo capítulo, foi cuantitativamente moi inferior á do varón. Porén, como obxecto da represión franquista sufriu as súas consecuencias moito máis aló do plano delituoso. E fíxoo cando quebrantou a moralidade vixente, entre outras casuísticas, ao recorrer á prostitución.[52] Para coñecer a situación das mulleres consideradas de "deficiente conducta moral", particularmente das prostitutas, acudimos á documentación producida pola institución creada *ad hoc* para o seu control, o Padroado de Protección á Muller. En teoría, con vistas á súa salvagarda, na práctica, unha policía da moral, institución adoutrinadora e moralizadora das mulleres baixo os valores nacionalcatolicistas. A análise da documentación producida entre 1941 e 1973 por esta institución e custodiada tamén no AHPLu, clasificada no fondo de "Servizos Sociais" permitiranos botar luz sobre a situación destas mulleres que ocupaban o espazo máis marxinal "dos marxes".[53] Un compendio de memorias, informes, expedientes e cuestionarios preseleccionados e transcritos entre os que destacamos aqueles que versan sobre o estado da moralidade das cidades, confeccionados no caso de Lugo pola Comisaría de Policía; as memorias elaboradas anualmente pola Xunta Provincial, institución delegada do Padroado en cada capital de provincia e as numerosas circulares e cuestionarios que, periodicamente, debían ser cumprimentados con vistas a orientar o labor desta institución. Pero, se houbera que destacar unha tipoloxía de documentación dentro do Fondo do PPM que nos resultou de especial utilidade foi aquela que permitiu aproximarse á información sobre as prostitutas e os prostíbulos existentes en Lugo, antes e despois da súa

[52] Unha conferencia sobre a moralidade de xénero imposta no franquismo pode verse en: María Victoria MARTINS: "Individuas de dudosa moral", Recuperado de internet (https://www.youtube.com/watch?time_continue=1394&v=9U5-Xlh4T5I&feature=emb_logo ) consultado o 29 de abril de 2022.

[53] Óscar RODRÍGUEZ (ed.): *El franquismo desde los márgenes. Campesinos, mujeres, delatores, menores...*, Lleida, Edicions de la Universitat de Lleida, 2013.

ilegalización, pois da súa lectura puidemos determinar os espazos da cidade nos que a prostitución tiña lugar e comprobar a súa evolución no tempo.

Outro tipo de documentación consultada e que garda relación co uso feito da documentación do PPM foi a do "Fondo do Goberno Civil do AHPLu", especificamente, os Expedientes para a apertura de bares, tabernas e cafés (1962-1968), foron revisados tamén para cotexar os lugares de ocio e establecer cales eran os "bares de camareiras" que, camuflados entre tascas e tabernas de "mala nota" que permaneceron baixo o control do réxime por considerarse espazos de ocio ilícitos e inmorais pola súa relación coa prostitución.

Servímonos da consulta de *fontes hemerográficas* para encher os baleiros existentes na documentación xudicial, en esencia, xornais e revistas de períodos que saían durante os anos da ditadura e o tránsito cara á democracia. Para observar a realidade cotiá dos primeiros anos do franquismo (1936-1944) tomamos o diario local *El Progreso*, documentación consultada de forma presencial na Biblioteca Municipal de Lugo ata o ano 1940, dispoñible na hemeroteca dixital *Galiciana* para as datas posteriores.[54] Para os últimos anos da ditadura, e a transición á democracia, empregamos tamén o xornal *La Voz de Galicia* na súa versión dixital, a través dos que canalizamos pescudas relativas a determinados sucesos acontecidos na provincia e, sobre todo na cidade. Resultou de especial utilidade para temáticas que tocamos no terceiro e cuarto capítulo relativos a espazos de ocio, novas sobre prostitución ou reformas en determinados edificios (mercado, estación de tren, etc.). Con vistas a afondar no ideal franquista de muller consideramos tamén de relevancia atender a publicacións orientadas ao xénero feminino. Fixémolo a través dunha cata en dúas revistas concibidas para mulleres: *Consigna. Revista pedagógica de la Sección Femenina* orientada ás mestras e cun claro obxectivo adoutrinador e *Teresa. Revista para todas las mujeres*, cuxo público obxectivo vén definido polo seu propio nome. Os números de ambas revistas están depositados na Biblioteca Municipal e o AHPLu e ás que, carecendo dunha versión dixitalizada, accedemos por medio da consulta física.

As *fontes estatísticas*, como as proporcionadas polo Instituto Nacional de España e o Anuario Estatístico de España para diferentes anos serviron para complementar ou comparar información sacada da fonte xudicial como os censos de poboación, no caso da primeira

[54] "GALICIANA é a biblioteca dixital de Galicia, impulsada pola Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia e xestionada pola Biblioteca de Galicia. O proxecto ten como obxectivo a dixitalización dos fondos bibliográficos máis relevantes para Galicia. A súa finalidade é lograr a máxima visibilidade dos recursos dixitais integrados nela e a interoperabilidade cos principais proxectos de dixitalización existentes hoxe en día (Hispana e Europena)". Galiciana, Biblioteca dixital de Galicia, https://biblioteca.galiciana.gal/gl/inicio/inicio.do, consultado o 24 de outubro de 2022.

institución, e sobre a cifra de delitos cometidos na década dos sesenta, na segunda fonte, entre outras cuestións relativas aos niveis de renda ou asuntos sobre o estado civil dalgúns perfís.

As *fontes fotográficas* constitúen un recurso de enorme riqueza, xa advertida por Peter Burke hai máis de dúas décadas, cando defendeu a imaxe como un "documento histórico".[55] A súa contribución á hora de xerar discursos é indiscutible e nesta investigación empregámolas sobre todo desde a óptica da historia urbana, máis especificamente para a construción histórica dos espazos do delito seguindo a perspectiva metodolóxica do *xiro espacial*. As fotografías empregadas proveñen de tres fondos do AHPLu, do fondo fotográfico de José Luis Vega, que cubre practicamente a totalidade da ditadura tomamos as imaxes que se fan eco de festividades, deportes, oficios, relixión, rúas e recantos, etc., do fondo "Mapas, Planos e Debuxos" servímonos dos planos da cidade e, do fondo de "Facenda", das dispoñibles no Catastro de Urbana dos anos 70, o máis próximo ao noso período de estudo, e del tamén provén unha extensa colección de imaxes dos negocios lugueses. A estes dous fondos engadimos nalgunha ocasión recursos extraídos de páxinas web de variada natureza (asociacións memorialísticas, blogs sobre a cidade de Lugo, etc.) e fondos familiares propios.

Por último, se ben esta tese de doutoramento non recorreu de forma directa á historia oral, nutriuse de *recursos audiovisuais* recompilados en plataformas *dixitais*, véxanse documentais e entrevistas dispoñibles en YouTube ou no arquivo de RTVE. E, malia que nun primeiro momento contemplouse á posibilidade de realizar entrevistas, precisamente o feito de tratarse de asuntos sensibles implicou que, tras unha primeira toma de contacto entre posibles entrevistados, esta opción quedara desbotada debido á dificultade de atopar persoas dispostas ben a gravar entrevistas, ou ben a difundilas.

Durante o baleirado de fontes houbemos de sortear algunhas dificultades propias de todo proceso investigador realizado sobre fondos xudiciais a consulta de documentación no Arquivo Histórico Provincial de Lugo, un procedemento rutineiro, non estivo exento de obstáculos.[56] Os condicionantes legais foron uns destes, determinados porque as persoas físicas ás que se alude nos documentos son suxeitos de dereito segundo a lexislación vixente, algúns como o dereito ao honor, sobre o que non existe prescrición e dos que o persoal de arquivo están obrigados a informar e actuar en prol da súa salvagarda. O anterior, unido ás

[55] Peter BURKE: *Visto y no visto. El uso de la imagen como documento histórico*, Barcelona, Crítica, 2001, p.103 e ss.

[56] Antonio CALZADO e Mélanie IBÁÑEZ: "Los archivos judiciales. Fondos fundamentales en la investigación y en la memoria democrática de la dictadura franquista: el Archivo Judicial de Riba-Roja de Túria", *Revista d'arxius*, 14-15 (2015-2016), pp.53-64.

suspicacias xeradas polo persoal investigador, incentivadas, en parte, polo mal uso que en moitas ocasións se fai dos documentos, provocou que a consulta de fondos sensibles, como é o noso caso, debera estar en todo momento perfectamente xustificada por instancias superiores. Por tanto, o acceso a cada un dos fondos sinalados no apartado metodolóxico implicou que a directora de tese, tramitara unha solicitude específica e asinara unha serie de salvocondutos ao abeiro do programa de doutoramento e no marco da USC. Aval e garante de que a finalidade da súa consulta era, efectivamente, a investigación, e de que o anonimato das persoas ás que se alude en ditos fondos sería garantido en todo momento.[57]

Ás trabas legais engadíronse as barreiras loxísticas e tecnolóxicas. As primeiras determinadas: a) polos horarios de apertura, nos últimos tempos reducidos á metade (só horario de mañá). b) Polas incómodas horas punta, co conseguinte tumulto e colapso xerado nunha pequena sala na que a consulta cidadá comparte espazo con todo tipo de investigadores. c) Por un persoal insuficiente para atender ás solicitudes e d) trabas tecnolóxicas, que estimamos existen en dous sensos: 1) aquelas derivadas da inexistencia de fondos xudiciais dixitalizados, e 2) perante a imposibilidade de proceder a unha reprografía da documentación. Escollos que limitaron as nosas opcións a costear a reprodución dos documentos, alternativa inviable (no económico e no administrativo), polo volume de arquivos a consultar e á súa transcrición *in situ*, saída adoptada que nos deixou fronte a un sen fin de documentos cuxo contido houbo de ser sometido a un cribado, e especialmente minucioso na mostra para evitar xerar patoloxías na fonte.

No proceso de baleirado de fondos atopámonos co segundo dos obstáculos a sortear, consistente na dispersión da documentación xudicial en diferentes arquivos da capital luguesa, mais non todos abertos ao persoal investigador. O groso da documentación, (período 1945-1963), acadada xa a última fase no ciclo de vida de todo documento, permanece custodiada no AHPLu, onde está descrita e catalogada nun espazo dotado das infraestruturas mínimas necesarias para a súa consulta. Porén, a pertencente a época anterior e posterior está depositada no Arquivo Xudicial Territorial, con sede na Audiencia Provincial de Lugo, un arquivo de carácter intermedio que, no caso lugués, non está concibido como un espazo para a investigación, senón de clasificación para o seu arquivo definitivo nun arquivo histórico, ou para o expurgo. A isto habería que engadir a falta de organización dos mesmos, labor realizada *ex profeso* pola arquiveira da Audiencia, que facilitou moito as tarefas de consulta,

[57] Dereitos regulados pola Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, "de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe". BOE, nº 115, do 14 de maio de 1982. E, en relación aos dereitos dixitais: BOE, Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais". BOE, nº 294, do 6 de decembro de 2018.

xa que ademais de proporcionar os documentos requiridos cunha catalogación urxente, prestouse a compartir o seu espazo de traballo para facer posible a recompilación da información. Vaia o meu máis sentido agradecemento pola súa labor, amabilidade e xenerosidade.

Non podemos deixar de remitirnos ás trabas ocasionadas pola pandemia de COVID-19 que, no ano 2020, aparecía para deter tódolos nosos plans de traballo. O peche dos arquivos, das bibliotecas e a paralización de congresos, xornadas e todo tipo de espazos para a investigación e o debate e intercambio colectivo provocou que o proceso quedara, nun primeiro momento, totalmente paralizado para, posteriormente ir ao ralentí durante máis dun ano, condicionado por capacidades reducidas, citas previas, limitación de horarios de apertura, etc. Circunstancias extraordinarias que sorteamos, igual ca o resto de estudantes de doutoramento das áreas humanísticas, mediante o emprego de recursos virtuais, caso do portal Galiciana, da realización de consultas telemáticas e a reprografía de artigos e capítulos, a demanda, cumprimentadas por parte da Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela, a cuxo persoal tamén quero agradecer a colaboración prestada.

### 0.3.1. A documentación xudicial a escrutinio: crítica de fontes

As fontes xudiciais consolidáronse como recurso empírico especialmente válido para aproximarnos á historia dos sectores sociais subalternos. Trátase dun dos poucos medios onde as voces dos marxinados pola historiografía tradicional están representadas (declaracións e testemuños) permitindo construír a imaxe da súa vida cotiá de maneira que, aqueles suxeitos que pola súa condición social carecían doutros altofalantes lograron, en palabras de Stone "legar os seus testemuños a unha posteridade remota".[58] Non obstante, a súa manipulación non está exenta de dificultades que deben ser recoñecidas para poder sortealas con éxito. Partimos da premisa, seguindo a Ginzburg, de que a *distorsión* da documentación é universal, pois "as condicións de acceso a súa produción están ligadas a unha situación de poder, e polo tanto de desequilibrio". Unha desvantaxe que o investigador pode empregar ao seu favor, pois da alteración consciente da fonte podemos extraer novos discursos, por exemplo e no noso caso, os do réxime franquista.[59]

José Daniel Cesano toma o sinalado por Ginzburg especificamente para a documentación xudicial e á mutación, súmalle outros factores que conforman as súas maiores

[58] Lisandro GALLUCCI: "Judicial sources and the study of subaltern sectors. Challenges and possibilities of their relationship in historiographic research", *Revista electrónica de fuentes y archivos*, 1 (2010), pp.1-16, esp.p.2.

[59] Carlo GINZBURG: "Microhistoria: dos o tres cosas que sé de ella", *Entrepasados. Revista de Historia*, 8 (1995), pp. 13-42, esp.p.27.

debilidades, entre eles, cita os riscos que conleva sobrevalorar a fonte. O primeiro, a alta posibilidade que esta ten de "xerar situacións patolóxicas", é dicir, que a raíz do descoñecemento dunha regra xurídica se produza un conflito na súa interpretación. O segundo, que é unha fonte inválida para "efectuar unha seriación da información"; ou, polo menos, "unha seriación que pretenda ter certo rigor", consecuencia da imposibilidade de clasificar as denuncias debido ao carácter especial de cada caso. O terceiro é que tampouco serviría para a xeneralización, referíndose novamente a "o carácter único e irrepetible que caracteriza ao caso xudicial (que) limita o seu valor na medida en que esa información resulta tendenciosa". E, o cuarto, e último, que as cifras de delitos que manexamos os investigadores do xudicial en ningún caso se corresponden coa *taxa real* de delincuencia. [60] Dificultades, estas, que nós entendemos que son salvables a través do coñecemento íntegro da fonte e cunha análise integral dos delitos, que transcenda á clasificación da xudicatura e que aposte por aplicar perspectivas tanto cualitativas como cuantitativas. Se á análise das cifras superpoñemos unha mirada *micro*, que atenda ás das circunstancias ás que circunscribimos cada delito particular, a clasificación non estará exenta de rigor. A partir desta poderemos igualmente establecer trazos definitorios dunha realidade social. Factores económicos, culturais, sociais e históricos como o xénero, o espazo, a profesión, o estado civil, a clase social, etc., cuxa repercusión sobre o delituoso foi, en moitos casos, común.

Somos conscientes de que os sumarios incoados non reflicten exhaustivamente a delincuencia dun período, que adoita ser superior ao inferido do número de denuncias e sobre as que habería que decantar as acusacións infundadas e/ou falsas e prever a existencia doutras que nunca ingresan no sistema e permanecen no anonimato. O mesmo sucedeu coas sentenzas, deformadas polo cribado realizado pola xudicatura sobre o total de causas, que tampouco ofrece unha cifra exacta de delitos.[61] En todo caso, invalidar estas series documentais por incompletas sería o mesmo que desbotar todas aquelas investigacións que repousan sobre catas de fontes primarias de información, en fontes orais nas que a memoria puido sufrir un deterioro co transcurso do tempo ou que non están conservadas na súa totalidade. Por tanto, os ata o de aquí expostos "riscos de sobrevalorar a fonte xudicial", aínda sendo veraces, non son óbice para que do recurso á documentación xudicial non dimane unha investigación rigorosa e relevante. E a partir dos que concluímos, ningunha investigación que repouse en fontes primarias esta exenta de obstáculos, pero ser conscientes dos mesmos pode facer de feblezas as fortalezas dunha investigación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[60] José Daniel CESANO: "Fuentes judiciales y análisis histórico...", p.50.
[61] A cursiva é nosa. *Ibid*, p. 50.

Non todo son trabas na documentación xudicial. O valor dos documentos xudiciais, en palabras de Julián Canorea, é indiscutible e fundamental para calquera estudo de carácter histórico. Ofrecen un valioso aporte para a reconstrución histórica doutros campos de estudo, como a do dereito, e das propias institucións xudiciais. Entre outras das súas potencialidades está o volume de información que ofrece cada asunto xudicial, visible na multiplicidade de discursos que van máis aló dos de sectores subalternos; os propios litigantes, testemuños e tamén de persoas de relevancia política, económica, social ou cultural, entre elas, as pertencentes ás institucións que conformaban as estruturas de poder (policías, gardas civís, personalidades eclesiásticas...), é dicir, daquel persoal ao servizo da ditadura.[62] Sen perder de vista que, como colaboradores necesarios do réxime e voceiros do seu discurso certos contidos de sumarios e sentenzas deben ser sometidos a un xuízo crítico. Así, a extracción social, posición económica privilexiada ou a adhesión ao movemento traducirase, en moitos casos, nunha maior indulxencia no tratamento dos procesados, extensible ao propio fallo do tribunal. Situación inversa á que sufriron aqueles con antecedentes por auxilio á rebelión, vencellados a ideoloxías esquerdistas, prostitutas, os chamados "maleantes", entre outras persoas consideradas de deficiente ou regular conducta, que non cumprían coas obrigas morais impostas polo Novo Estado ou non respectaban os roles de xénero establecidos como modelos.

Malia que a documentación xudicial non é unha estraña como fonte histórica, consideramos pertinente facer unha breve descrición de dúas das manexadas, os sumarios e as sentenzas, ambas resultantes da unión dos documentos producidos durante o exercicio da administración de xustiza. Os primeiros, da investigación en torno á comisión dun delito, falta ou querela e, os segundos, do seu sometemento a xuízo. Os sumarios que se manexan nesta tese son froito da actividade do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Lugo e caracterizáronse pola variabilidade en contidos e extensión, consecuencia das necesidades que impón cada proceso particular. Xorden dun atestado ou *denuncia* que dá lugar á incoación da causa, ben de oficio por unha autoridade, Policía ou Garda Civil ou por un particular que pode ou non presentarse como parte acusadora. Se a denuncia é interposta por un particular observaremos os datos de filiación do denunciante (nome e apelidos, idade, profesión, lugar de residencia e dirección) seguido da súa *declaración*. Tras esta aparece a do denunciado, de acharse, tamén cos seus datos e na que xeralmente, nega as acusacións. De

[62] Julián CANOREA: "Documentación judicial", en Nicolás ÁVILA (coord.) e Juan Carlos SEOANE (dir.): *La diplomática y sus fuentes documentales*, España, Universidad Complutense de Madrid, 2020,pp. 53-126, esp.p.118.

recoñecerse autor dos feitos que se lle imputan foi habitual que se retractara en declaracións posteriores, alegando coaccións (malos tratos ou ameazas) pola autoridade que o interrogou. Se o acusado non era localizado requiríaselle ante a xustiza a través do Boletín Oficial da Provincia de Lugo. En caso contrario declarábaselle *rebelde*, unha circunstancia agravante segundo o Código Penal de 1944.

De seguido, efectuábase a recompilación de *testemuños*, a través dos que se contextualizan os feitos. Son de enorme riqueza discursiva pois deles aducimos inimizades, rifas, procesos xudiciais en curso e mesmo delitos non denunciados. Recompiladas as probas pertinentes, a autoridade xurisdicional competente (Policía ou Garda Civil) elaboraba un informe no que se reconstrúen os feitos e proporcionaba os informes de conducta, modificadores da pena interposta e proporcionados por autoridades, personalidades relixiosas ou políticas.[63] E se dos cualificativos referidos ás mulleres hai que sinalar que manifestaron un particular interese por cuestións vencelladas á catalogación da súa moral, integrando comentarios sobre: se eran de "dubidosa reputación", "de vida alegre" ou "de mala conducta moral". Deles preocupou especialmente a súa filiación política, apuntando se se trataba dun "elemento perigoso de ideas esquerdistas" ou ben se constituía un "perigo social", entre outras cuestións por "embriagarse habitualmente", por ser "de vida desordenada" ou "pouco amigo do traballo". Tras as investigacións iniciais atopamos o auto, onde se poñen por escrito as conclusións derivadas da investigación sumarial e dítase liberdade ou prisión provisional baixo fianza, en contías variables determinadas pola gravidade dos feitos. Rara vez eran costeadas, mostra dunhas economías maioritariamente precarias entre os acusados de ser delincuentes. O proceso podía rematar aquí sen ditarse fallo, cun sobresemento provisional ou libre, por falta de probas, co procesado declarado rebelde ou extinta a acción penal (por perdón ou falecemento).[64]

De proseguirse o *cursus* xudicial seguíase co ditame de sentenza pola Audiencia Provincial. A sentenza información sobre as personalidades xurídicas que conforman o

[63] As probas requiridas varían en función da tipoloxía delituosa a investigar e xulgar, da complexidade dos feitos e da súa repercusión social. Por exemplo: un delito de lesións requirirá dun informe médico, unha morte dun informe de autopsia, un delito de danos dun informe pericial que taxe o estragado, un delito de estupro de probas da relación (cartas de amor), un delito de abandono de familia das actas de matrimonio, (corroborar que é canónico). Deste xeito, uns terán un grande volume ao axuntar probas (fotografías, escrituras, mesmo notas de suicidio, radiografías, obxectos de pequeno tamaño, billetes de lotería falsos...) mentres que outros serán breves e/ou parcos en información.

[64] Esta última deriva do fin das accións legais emprendidas pola parte denunciante, xeralmente por considerarse resarcida do mal causado, resolución habitual en casos de violación nos que o procesado solicita o perdón á familia da vítima, normalmente xunto cunha compensación económica; perante o retorno ao fogar nos abandonos de familia; en casos de estupro, cumprindo a promesa de matrimonio; en delitos económicos, por satisfacerse unha cantidade endebedada ou mesmo por falecemento dalgunha das partes, entre outras.

tribunal xunto coa propia decisión xudicial, baixo unha estrutura tipo onde se inclúen os datos de filiación completos do procesado ou procesados (nome, idade, nome dos pais, lugar de nacemento e de residencia, estado civil, profesión, nivel de instrución), seguido da constancia de antecedentes, sobre a conducta (boa, mala ou regular), do nivel de solvencia económica, se estivo ou non en prisión provisional e, de estalo, o tempo que permaneceu privado de liberdade.[65] A partir de aí, relátanse os "resultandos", numerados: O 1º determina os feitos declarados probados en investigación sumarial. O 2º recolle a conclusión definitiva do Ministerio Fiscal, na que se expoñen os fundamentos xurídicos e determínase o tipo penal aplicable polo que se xulga ao procesado ou procesada, cunha referencia ao articulado do Código Penal, se concorren circunstancias agravantes e/ou atenuantes e a condena que, en función do exposto, se solicita. E o 3º contén a defensa dos procesados, que pode aceptar ou non a pena e, neste último caso, solicitar a absolución. Uns "resultandos" que, a modo de diálogo xudicial son respondidos polos "considerandos" que argumentan xuridicamente a resposta á defensa dos procesados, xeralmente reiterándose na condena solicitada no epígrafe anterior. E, finalmente, aparece o fallo, absolutorio, rematando aquí o proceso xudicial, ou condenatorio, cunha pena privativa de liberdade ou pecuniaria (indemnización e/ou multa), xunto coas accesorias de suspensión de todo cargo público, profesión ou oficio e dereito de sufraxio durante o tempo da condena.[66] Ditada a sentenza, o auto pode ser declarado firme cumpríndose de forma íntegra ou proceder á aplicación dos beneficios da suspensión de penas, xeralmente concedidos por un prazo de dous anos. Podía darse tamén o indulto por decreto, total ou parcial, usualmente mentres o preso permanecía en prisión. Concedida a condicional, a reincidencia no prazo de catro anos para o indulto e de dous anos para a suspensión de penas implicaba a revogación de tales beneficios. De existiren multas ou obrigas de indemnización será nas sentenzas onde consten documentos de pago de taxas ao Estado ou, en casos de acreditada insolvencia, unha peritaxe dos bens mobles e inmobles, con vistas ao embargo.

### 0.4. Estrutura dos capítulos

Dividimos esta investigación e o documento final en cinco bloques, cun elemento transversal a todos eles, a delincuencia común e a cabalo entre dúas formas de estudo: a necesaria posta en valor das cifras extraídas da fonte xudicial, a súa comparativa con outros períodos e espazos e a investigación empírica que nos permita profundar nesa historia do

[65] De ser declarado culpable o tempo de prisión provisional é conmutado na pena final.
[66] O impagamento de multas satisfacíase co arresto substitutorio.

social desde perspectivas disímiles.[67] Centrarémonos nas vítimas, pero tamén nos vitimarios; no contexto histórico, pero sen desbotar as circunstancias individuais; na perspectiva de xénero, e igualmente na sociedade como conxunto; nos lugares, espazos e fórmulas, e tamén no medio, rural ou urbano, no que se produciu esa delincuencia.

O primeiro dos capítulos ten por premisa pulsar o estado da delituosidade no PX de Lugo, e, por tanto, estará dedicado integramente á análise da delincuencia común, clasificada nas categorías de delitos contra a propiedade, contra as persoas, contra a honestidade, contra a seguridade interior do Estado e contra a liberdade e a seguridade, así definidas polo Código Penal de 1944. Tras unha presentación do marco xeográfico do Partido Xudicial de Lugo, será o único epígrafe da investigación no que a análise cuantitativa predomine sobre a cualitativa. De aí a profusión de datos expostos en múltiples táboas, gráficas e outros diagramas que permitan asentar e visibilizar o estado da delituosidade no PX. Atenderemos ao franquismo e tamén á II República, cun amplo marco temporal establecido entre 1931 e 1966. Farémolo igualmente en relación a como foi dirimida esa delincuencia nos tribunais, achegando as cifras de causas sentenciadas e do destino das restantes. Para efectuar un estudo en profundidade e, na medida en que a existencia de estudos similares así o posibilitaron, recorreremos á comparativa dos achados cos doutros períodos e áreas xeográficas. Estableceremos en que aspectos foi o comportamento delituoso de Lugo disímil ao do resto de provincias do Estado estudadas ata o de agora e en cales converxeu, con vistas a determinar cal foi a fenda no marco do criminal, de habela, entre a II República e ditadura de Franco. Todo o anterior seguido dunha exposición da nova realidade que se abre no decenio dos sesenta, período a penas estudado pola historiografía da ditadura e unha investigación inédita no campo da delincuencia franquista.

Conscientes da premisa de que proceder a un estudo da delincuencia común atendendo aos seus protagonistas suporía unha invisibilización da delincuencia de determinados sectores da sociedade, consideramos artellar o segundo dos capítulos desta investigación desde unha perspectiva de xénero. Pretendemos, nese bloque, botar luz sobre a muller coma suxeito válido de análise nun universo esencialmente masculino. Unhas mulleres que ben soas ou en grupos serán consideradas desde unha perspectiva bidireccional, a dun suxeito tanto activo como pasivo de delincuencia. En relación á primeira, e como autoras de accións contrarias á legalidade vixente, veremos as súas actuacións e diferentes graos de

[67] Para unha avaliación das implicacións teóricas que a historia do social ten para a historia social vd: Miguel Ángel CABRERA e Álvaro SANTANA: "De la historia social a la historia de lo social", *Ayer* 62, 2 (2006), pp. 165-192.

implicación, desde unha man executora na primeira liña da acción, ata unha autoría intelectual despregada desde a domesticidade. Prestaremos especial atención aos abortos e á prostitución, centrais na nosa análise por ser necesariamente, crimes en violeta. Con respecto a aqueles casos nos que a muller foi a vítima do delito, o peso cultural do heteropatriarcado e as súas formulacións machistas e mesmo misóxinas deixáronse sentir na súa visión máis extrema a través da violencia de xénero, que foi tanto sexual, como física e psicolóxica. Non houbo espazo (público ou privado), condición (estraños, empregadores ou familiares) nin estado civil que as afastara de ter sido vítimas.

No terceiro capítulo o eixo polo que transitaremos será o marcado polo espazo, concretamente a cidade de Lugo, unha pequena cidade de provincias. O estudo da delincuencia común será empregado como indicador e reflexo da evolución e cambio da urbe das murallas desde a posguerra e ata mediados dos anos sesenta. Unha criminalidade que establece os delitos contra a propiedade como os eternos protagonistas pero que non se deron baixo as mesmas condicións nos corenta que nos sesenta. Unha miseria absoluta na posguerra da paso, co fin do racionamento, a unha nova etapa no político e no económico que se manifestou igualmente no delituoso. Novas tendencias, sentadas tanto en relación aos delitos contra a propiedade, en contías e características das preas e nos móbiles descritos e inferidos, como a través de novos delitos que foron resultado das trazas cada vez máis "urbanas" de Lugo. Todo o anterior o que, coexistiu, a un tempo, coa idiosincrasia dos anos da fame. Continuidades que desaparecen paseniñamente ata facelo por completo ao adentrarnos xa no decenio dos sesenta, cuxas características no delituoso debuxan, entón si, a imaxe dunha cidade que se abre á modernidade.

No capítulo cuarto, a metodoloxía empregada será aquela determinada polo xiro espacial, de maneira que a análise da delincuencia realizarase en función do medio ao que se circunscribiu. Tratouse de espazos de tránsito cotiá para lugueses e luguesas onde a incidencia delituosa, tal e como apuntou a documentación xudicial, máis se deixou sentir. Todos enclavados na capital: o Mercado de Abastos, a estación de tren, os bares e os prostíbulos. Os dous primeiros, espazos onde á delincuencia económica nas súas diferentes variantes vai ser constante, executada por diversos perfís de ladrón que abrangueu, desde mendigos, pasando por carteiristas e estraperlistas, que evolucionaron a un tempo que o fixo a cidade. Os bares, tabernas e prostíbulos estiveron diseminados por toda a urbe mais particularmente presentes no casco histórico da cidade. A alienación do individuo resultante do recurso ao alcol nestes establecementos fíxoos proclives a ser escenario de delitos de todo

usc UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

tipo, especialmente aqueles que acolleron un ocio "ilícito" así considerado polo réxime, bares "mala nota" e prostíbulos sometidos á atenta mirada das autoridades franquistas.

O capítulo final establecerá o rural como epicentro da nosa análise, ideado desde a perspectiva das particularidades do agro en distinción co espazo urbano. Implicará remitirnos á conflitividade en torno ao delito, maioritariamente desencadeada en resposta á defensa da propiedade privada individual, entre outras circunstancias como o honor, a ambigüidade sobre a titularidade da terra ou a conculcación de dereitos, causa de enfrontamentos intercomunitarios nos que a parte ofendida tomou fórmulas de resarcimento alleas ás leis, cuxo grao de intensidade, segundo a documentación analizada, oscilou. Un *modus vivendi* resultado da ineficacia atribuída socialmente ao aparello xudicial e cuxas respostas materializáronse tanto no seo da comunidade, isto é, entre iguais, como contra as máis altas instancias, visible nas estratexias de contestación despregadas perante ás políticas da repoboación forestal do Estado. Tendencias que en ningún caso nos inducen a pensar no rural como un espazo violento, cuxos índices de delincuencia mantivéronse por debaixo dos da cidade e onde non discriminaron o recurso á vía diplomática para a resolución de desavinzas.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# CAPÍTULO 1. |

# PULSAR A DELINCUENCIA COMÚN EN LUGO

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

## CAPÍTULO 1. PULSAR A DELINCUENCIA COMÚN EN LUGO

### 1.1. Pulsar o Partido Xudicial de Lugo.

Esta investigación pretende abordar o estudo da delincuencia común desde novas olladas, que posibiliten novos achados, mediante os que facer da documentación xudicial o alicerce dunha historia social do franquismo en Lugo. Malia que a encadremos no espectro do cualitativo na súa maior parte, consideramos pertinente sentar a nosa análise en cifras. Por tanto, este capítulo ten como meta a presentación dos resultados desa abordaxe cuantitativa que permiten as fontes xudiciais conservadas. Mais especificamente, o obxectivo será achegarnos á delincuencia común no PX de Lugo, tanto ao abeiro da II República, que pretendemos nos sirva para contexto e referencia, como na Ditadura franquista, eixe central do noso estudo, en termos numéricos e porcentuais, o que nos posibilitará realizar unha análise ao longo do tempo e tamén proceder á realización de comparativas. O anterior, con vistas a determinar en que medida a delincuencia en Lugo experimentou continuidades e cambios, ademais de establecer que anos foron os que excederon a media e dilucidar o seu porque, alén de ver como foi resolta xudicialmente, desa criminalidade.

Atopámonos cunha serie de obstáculos á hora de proceder, o máis complexo, a periodicidade duns estudos que non coincide con exactitude co noso. Na actualidade, na historiografía española cóntase cun importante número de contribucións para diferentes puntos do Estado pero estas están ou ben circunscritas unicamente á posguerra ou ben a unha única categoría delituosa, xeralmente a delincuencia contra a propiedade. Serían investigacións como as de Sánchez Marroyo coa súa análise da provincia de Cáceres, realizada en anualidades descontinuas comprendidas entre 1940-1942 e desde 1945 a 1947.[1] Iván Martínez toma o período que vai entre 1936 e 1945, atendendo aos anos do conflicto civil e da posguerra. Pola súa banda, Conxita Mir centrouse na análise dos delitos económicos entre 1939 e 1945 na provincia de Lleida e Juan Francisco Gómez Westermeyer realizou un completísimo estudo da delincuencia en Murcia no decenio comprendido entre 1939 e 1949. O noso estudo presenta a novidade de non circunscribirse a estas periodizacións máis habituais elixindo comezala despois da inmediata posguerra (1945) e prolongala no tempo ata mediados dos anos sesenta, aproveitando así o corpus de fontes existente no AHPLu. A falta de sintonía nas datas non é un obstáculo insalvable para realizar un exercicio comparativo, malia que este debe salvar varias eivas. É por iso polo que á hora de proceder, e se ben nutriremos a nosa investigación de comparativas con outros territorios, o quinquenio

[1] Fernando SÁNCHEZ: "La delincuencia social: un intento de caracterizar la actuación penal...", p.629.

que abrangue de 1945 a 1949 será especificamente comparado coa provincia de Murcia, a mostra máis extensa dispoñible e da que resulta máis plausible extraer conclusións. Máis alá dos anos cincuenta, particularmente desde 1960 non contamos con traballos previos, o que converte a nosa análise en novidosa, aínda que imposibilita a comparativa. Outro dos inconvenientes para levar a cabo este exercicio constitúeo a unidade territorial seleccionada para a análise, o PX, fronte a máis usual provincia, o que a súa vez repercute na densidade de poboación dos espazos estudados, moi diferentes entre si. O PX de Lugo non chegaba aos 110.000 habitantes ao longo do período estudado, mentres que a provincia de Murcia en 1950 contaba con 756.721 habitantes, Cáceres, con 549.077 e Lleida, con 324.042. É por iso polo que o recurso a taxas e porcentaxes resultará elemental ao longo das vindeiras páxinas para dar con achados cabais que nos permitan falar en termos de incidencia delituosa.

Como paso previo pretendemos prestar especial atención á presentación do espazo estudado. Daremos conta das características dese territorio, en termos demográficos e xeográficos, diferenciando a capitalidade de provincia dominada pola urbanidade duns pequenos municipios rurais sitos na súa contorna próxima. Entendemos que esta distinción ten sentido en tanto que tamén a delincuencia seguiu a tendencias diferenciadas nestes enclaves, trazas que, en moitas ocasións, non se poden estudar como compartimentos estancos. Como apuntabamos, a análise da provincia de Lugo permitiranos establecer unha comparativa coa delincuencia común estudada noutras épocas e rexións do Estado, mediante as que procurar semellanzas e tamén disimilitudes que nos permitan confeccionar unha imaxe do delito tanto en períodos precedentes como durante o franquismo. Deterémonos, igualmente, nos índices de delincuencia en relación á poboación existente en cada un dos enclaves a analizar, unha consideración que igualará as condicións á hora de establecer converxencias e diverxencias. Esta análise comparativa preséntase como un elemento innovador desta investigación, igual ca o feito de non limitarse á posguerra, senón que se pretende transcender temporalmente eses máis transitados anos próximos ao fin da contenda civil.

Horacio Capel define o Partido Xudicial como "un centro intermedio que está prestixiado polo seu título e polo feito de ser o centro da administración xudicial de varios termos municipais". Constitúe, por tanto, a unidade creada para a administración de xustiza dunha serie de municipios limítrofes entre os cales establécese, polo menos, un Xulgado de 1ª Instancia e Instrución e, por cada municipio, un Xulgado de Paz. A Comunidade Autónoma de Galicia está conformada por 45 PX, cada un deles resultante da unión dunha serie de municipios lindantes que forman parte da mesma provincia, elixidos baixo criterios de

poboación e distancia con vistas a facilitar a división do exercicio da administración de xustiza. A fronte de cada un destes partidos sitúase a "cabeza do partido xudicial", condición que, sinala Capel, dota aos núcleos que a posúen dunha "indubidable autoridade" fronte os que no se atopan nesta situación e que, a un tempo, dependen deles no xudicial, converténdose "en pequenas capitais comarcais.[2]

Ilustración 1. Mapa dos Partidos Xudiciais de Galicia.




Fonte: Recuperado de internet (https://www.sgprocuradores.com/partidos-judiciales-de-galicia/), consultado o 7 de agosto de 2022.

Para o noso caso de estudo, o PX de Lugo, a capital provincial e a cabeza do PX coinciden no mesmo espazo, a cidade de Lugo.[3] O PX de Lugo constitúe un espazo xeográfico diverso e plural, un territorio marcado polos contrastes entre a cidade,

[2] Horacio CAPEL: "La red urbana española y la nueva demarcacion judicial", *Revista de geografía*, 1 (1968), pp. 56-65, esp.p. 60.

[3] A provincia de Lugo contaba, á altura de 1950 cun total de 508.916 habitantes, dos cales 50.917 residiron en zonas urbanas, 18.599 en zonas intermedias e 439.400 en zonas rurais. INE. Censo 1950. Recuperado de internet (https://www.ine.es/inebaseweb/treeNavigation.do?tn=92661&tns=125358#125358), consultado o 20 de setembro de 2022.

representada pola capital da súa provincia, Lugo, e o rural, con núcleos de poboación de distinta densidade: Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Meira, Outeiro de Rei, Pol e Rábade. Por tanto, dous escenarios disímiles no económico, no social e no político. No delituoso, un contexto rural onde as prácticas en contra da lei presentaban unha continuidade no tempo e estiveron vencelladas ás propias características do medio: propiedade da terra, dereitos de paso, gando e colleitas... E outro urbano, no que a maior densidade de poboación facía máis sinxela a tarefa de permanecer no anonimato, onde o abano delituoso era heteroxéneo e no que coexistían, a un tempo, as prácticas ilegais propias da cidade coas do espazo rural tan próximo e influínte culturalmente.

Ilustración 2. Mapa do Partido Xudicial de Lugo.




Fonte: Recuperado de internet (https://www.sgprocuradores.com/partidos-judiciales-de-galicia/), consultado o 1 de outubro de 2022.

Segundo o censo de 1950, que tomamos de referencia por ser a anualidade dispoñible *in media res* da nosa investigación, a poboación de feito do PX de Lugo ascendía ás 108.106 persoas, das cales máis da metade residían no rural. O PX de Lugo non se caracterizou por contar con grandes vilas ou cidades no seu termo, de feito, só o municipio da capital superou lixeiramente as 50.000 persoas no noso período de estudo, a única que, puido considerarse

unha "cidade". Falamos, por tanto, dun PX nucleado por unha pequena urbe cunha forte pegada rural e unha serie de municipios rurais. Unha densidade que, afastada da de grandes cidades (como Zaragoza, en 1950 con 264.256 habitantes ou Sevilla, con 376.627), situaron a Lugo a carón de pequenas urbes capital de provincia como Toledo, con 40.243 habitantes ou Cáceres con 45.429. Na provincia de Murcia, espazo tamén estudado no delituoso, e coa que faremos ao longo do traballo comparativas, a poboación de Lugo alcanzouse e superouse con creces, xa á altura de 1945, e non nun único municipio, senón en tres: Murcia, 193.731, Cartaxena, 113.468 e Lorca, 69.639. Estes núcleos son definidos por J. Francisco Gómez Westermeyer como "cabeceira da área de poboamento murciana", e será onde se vai rexistrar o maior número de delitos de toda a provincia levantina.[4] No PX de Lugo esta cabeceira da incidencia delituosa estivo na cidade, tal e como se observa na táboa 1., que presentamos a continuación, onde se rexistraron o 75% do total das causas incoadas. Os municipios rurais concentraron o 25% restante, sendo os de maior efervescencia, de maior a menor: Friol, Castro de Rei, O Corgo e Castroverde, se ben cunha incidencia que considerada de forma independente non supera o 4% do total da delincuencia.

Cabe mencionar que o municipio lugués non estaba constituído unicamente polo núcleo urbano da capital senón que tamén forman parte do mesmo unha serie de parroquias rurais que cabe ter presentes á hora de analizar a delincuencia, quizás non tanto desde o cuantitativo, por seren residuais demográfica e criminalmente sobre o total, mais si no cualitativo. Non só permiten ver as mudanzas que se daban dun a outro espazo cunha distancia certamente estreita, senón que ademais son mostra da influencia que tiveron sobre a cidade e os seus habitantes, a cabalo entre dous mundos, circunstancias que nos levan a considerar Lugo un *hinterland rural* ou agrocidade ata ben entrados os anos 60.

Táboa 1. Municipios do PX. de Lugo, poboación e delitos.

| **Municipio** | **Poboación (1950)** | | **Poboación (1960)** | | **Causas incoadas** | | **Sentenzas (1945-1966)** | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Castro de Rei | 7.513 | 6,95% | 7.802 | 6,70% | 250 | 3,73% | 78 | 4,55% |
| Castroverde | 8.122 | 7,51% | 8.392 | 7,52% | 181 | 2,70% | 42 | 2,45% |
| O Corgo | 8.544 | 7,9% | 8.042 | 7,21% | 230 | 3,43% | 52 | 3,03% |
| Friol | 10.037 | 9,28% | 9.316 | 8,35% | 274 | 4,09% | 70 | 4,09% |
| Guntín | 6.188 | 5,72% | 6.163 | 5,53% | 176 | 2,63% | 45 | 2,63% |

[4] INE, Censo 1950. Recuperado de internet (https://www.ine.es/inebaseweb/treeNavigation.do?tn=92661&tns=125358#125358), consultado o 20 de setembro de 2022. Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia*..., p.64.

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Lugo | 53.743 | 49,71% | 57.786 | 51,82% | 5.200 | 74,63% | 1.328 | 77,52% |
| Meira | 2.228 | 2,06% | 2.094 | 1,88% | 26 | 0,38% | 6 | 0,35% |
| Outeiro de Rei | 5.904 | 5,46% | 6.043 | 5,42% | 132 | 1,97% | 34 | 1,98% |
| Pol | 4.261 | 3,94% | 4.143 | 3,71% | 158 | 2,35% | 41 | 2,39% |
| Rábade | 1.566 | 1,45% | 1.733 | 1,60% | 75 | 1,12% | 17 | 0,99% |
| Total | 108.106 | 100% | 111.514 | 100% | 6.702 | 100% | 1.713 | 100% |

Fonte: INE, AHPLu. FX. https://www.ine.es/inebaseweb/treeNavigation.do?tn=92661&tns=125358#125358.

Táboa 2. Parroquias do municipio de Lugo.

| | | |
|---|---|---|
| 1.Adai (Santa María Madanela) | 19. Cuiña (Santa Eulalia) | Piúgos (Santiago) |
| 2. Alta (Santa María) | 20. Coeses (Santa María Madanela) | 36. Piñeiro (San Martiño) |
| 3. Alto (San Xoán) | 21. Esperante (Santa Eulalia) | 37. Poutomillos (San Martiño) |
| 4. Anxos (San Mamede) | 22. Fixos (Santa Marta) | 38. Progalo (Santiago) |
| 5. Bacurín (San Miguel) | 23. Gondar (Santa María) | 39. Recimil (San Lourenzo) |
| 6. Bascuas (Santa María) | 24. Labio (San Pedro) | 40. Ribas de Miño (San Mamede) |
| 7. Bazar (San Remixio) | 25. Lamas (Santa Eulalia) | 41. Romeán (San Pedro) |
| 8. Benade (Santo Estevo) | 26. Mazoi (Santa Eulalia) | 42. Rubias (San Xiao) |
| 9. Bocamaos (San Xiao) | 27. Meilán (Santiago) | 43. Saa (Santiago) |
| 10.Bóveda (Sta. Eulalia) | 28. Mera (San Pedro) | 44. San Román (Santa Cristina) |
| 11. Boveda (Sta. María) | 29. Monte de Meda (Santa María Madanela) | 45. Santa Comba (San Pedro) |
| 12. Burgo (San Vicente) | 30. Muxa (San Salvador) | 46. Santa María de Muxa |
| 13. Calde (San Pedro) | 31. Ombreiro (San Martiño) | 47. Soñar (San Pedro) |
| 14. Camoira (Santo Estevo) | 32. Orbazai (San Miguel) | 48. Teixeiro (Santa María) |
| 15. Campo (San Xoan) | 33. Outeiro (San Salvador) | 49. Tirimol (San Xoan) |
| 16. Carballido (San Martiño) | 34. Pedreda (San Vicente) | 50. Torible (Santa María) |
| 17. Castro (Santo Andre) | 35. Pena (San Xoán) | 51. Veral (San Vicente) |
| 18. Coeo (San Vicente) | Pías (San Vicente) | 52. Vilachá de Mera (San Xiao) |

Fonte: elaboración propia. AHPLu.FX., https://concellodelugo.gal/es/parroquias.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## 1.2. O marco normativo da delincuencia: os códigos penais de 1932 e 1944

> "O seguimento das prácticas xudiciais de posguerra amosa que a vontade dos vencedores da guerra era que todo volvera a unha normalidade formal no menor tempo posible. De aí o afinco en reprimir e controlar a quen se situara á marxe da legalidade vixente, fora disidente, díscolo ou contestatario".[5]

A delincuencia é un fenómeno adaptativo, e como tal, debemos circunscribila ao contexto histórico no que se produce, pois deste dependerán as fórmulas despregadas á hora de penalizala. Con este fin, cómpre remontarnos aos dous últimos códigos penais en vigor antes e durante o noso período de estudo, e observar como aqueles comportamentos que na II República, e segundo o Código Penal de 1932 eran considerados delito, non necesariamente o serían en menos dunha década, na ditadura, baixo o Código Penal franquista de 1944 e viceversa. Por tanto, para proceder á correcta análise da delincuencia común durante o franquismo entendemos como pertinente non circunscribir os nosos estudos ao código penal da ditadura, senón retrotraernos ao códice precedente, o Código Penal republicano de 1932 e, así, determinar que elementos podemos definir como continuístas co período precedente e cales como novidosos. Se nos detemos no Código Penal de 1932, lonxe do que se tende a pensar e segundo defendeu Javier Genovés Balleste na súa tese de doutoramento: "a Segunda República española non dispuxo dun Código Penal propio." O código de 1932 non foi máis ca unha reforma do texto de 1870, cunha interinidade de dous anos que, finalmente, non chegou a ver a luz consecuencia da imposición ditatorial. As modificacións aplicadas sobre o texto do século XIX pasaron por adecuarse á Constitución republicana e aos principios do novo réxime, destacando no texto "unha notable humanización das penas e o ingreso de criterios máis flexibles na súa aplicación".[6]

O tránsito da II República á autoproclamada ditadura supuxo unha nova reforma do Código Penal. Porén, os primeiros anos do réxime mantívose en vigor o Código Penal de 1932, aínda que someténdoo a numerosas transformacións para adaptalo á ideoloxía fascista. Como sinalou Iván Martínez, fíxose "mediante a constante agregación de novas leis promulgadas "*ex profeso*" e engade, "foi o resultado do mantemento dun código penal moi elaborado por un réxime político cunha sensibilidade cara o ser humano moi diferente da que

[5] Carme AGUSTÍ: "Golfillos de la calle. Menores, marginación y control social durante el primer franquismo a través de los expedientes del Tribunal Tutelar de Menores de Lleida", *Novísima: II Congreso Internacional de Historia de Nuestro Tiempo*, Lleida, 2010, p.310.
[6] Francisco Javier GENOVÉS: *El Código Penal de 1932*, Tese doutoral, Valencia, Universidad de Valencia, 2006.

marcaban as pautas e actos franquistas". Neste senso, o lapso que abrangueu de 1939 a 1942 foi denominado por Gómez Westermeyer como "fase de reactivación" por dous factores: o primeiro, que nestes anos puxéronse en marcha os instrumentos que marcaron a administración de xustiza durante o franquismo. E, o segundo, en consonancia con esa idea de "reactivación xudicial", segundo a que os tribunais ordinarios non recuperaron a súa normal actividade ata polo menos o ano 1940, e é que á xurisdición militar absorbera e complementara parte importante do seu labor desde a guerra civil.[7] Esta tese aparece secundada pola investigación realizada por Yolanda García, quen afirma que entre 1936 e 1940 os delitos observados pola xustiza ordinaria en España experimentaron unha redución considerable consecuencia de que, co estoupido da guerra, a xustiza perdera a súa independencia quedando en mans de tribunais militares, o que se traduciu na diminución do volume de causas nas Audiencias Provinciais. Esta "militarización da xustiza" implicou que os delitos máis importantes pasaran a tribunais castrenses sendo xulgados por tribunais de guerra en consellos sumarísimos, coma sucedeu cos de rebelión e auxilio á rebelión.[8]

O novo texto refundido, coñecido como Código Penal franquista, foi aprobado en 1944 e, en termos xerais, caracterizouse por constituír un dos principais instrumentos coercitivos do réxime que, lonxe de orientarse á reinserción ou reeducación dos penados procurou o seu castigo e separación da sociedade civil, medio polo que asegurar a orde social. En síntese, as vías nas que se deixou sentir esta vontade represora e o novo espírito do réxime foron: un endurecemento das condenas, unha férrea defensa da relixión católica, da patria e dos valores asociados á mesma e unha limitación dos dereitos da muller. En relación con ese endurecemento das condenas e en contraste co Código Penal republicano estivo o máximo expoñente desta severidade punitiva, a restitución da pena de morte, abolida durante a II República. Esta modificación implicou un incremento das penas previstas para tódolos delitos, pois supuxo a consideración dun elemento máis nas escalas graduais polas que se rexían. Por tanto, se na II República a pena máxima aplicable era a de reclusión maior, de 20 a 30 anos de cadea, no franquismo esta pasou a ser a segunda máis grave a impor, coroada pola da privación da vida do reo.[9]

[7] Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria...*, p.262. Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia...*, p.16.

[8] Yolanda RODRÍGUEZ: "Procesados en la Audiencia Provincial de Burgos...", p.381. Mónica LANERO: *Una milicia de la justicia; la política judicial del franquismo (1936-1945)*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales (España), 1995.

[9] No Código Penal franquista: as escalas número 3 e número 4 presentaron idéntica forma: "Escala núm. 3: 1ª Estrañamento, 2ª Confinamento, 3ª Desterro, 4ª Reprensión pública, 5ª Caución de conducta. Escala núm. 4. 1ª Inhabilitación absoluta, 2ª Inhabilitación especial para cargo público, dereito de sufraxio, activo e pasivo, profesión ou oficio." A última escala gradual estivo composta por sancións pecuniarias, que experimentaron un

Táboa 3. Comparativa da duración das penas.

| Código Penal 1932 | | Código Penal 1944 | | Duración das penas |
|---|---|---|---|---|
| Escala[10] nº 1 | Escala nº 2 | Escala nº 1 | Escala nº 2 | Tempo que comprende toda a condena |
| - | - | 1ª Morte | 1ª Morte | |
| 1ª Reclusión maior | 1ª Reclusión maior | 2ª Reclusión maior | 2ª Reclusión maior | 20-30 anos |
| 2ª Reclusión menor | 2ª Reclusión menor | 3ª Reclusión menor | 3ª Reclusión menor | 12-20 anos |
| 3ª Presidio maior | 3ª Prisión maior | 4ª Presidio maior | 4ª Prisión maior | 6-12 anos |
| 4ª Presidio menor | 4ª Prisión menor | 5ª Presidio menor | 5ª Prisión menor | 6 meses a 6 anos |
| 5ª Arresto maior | 5ª Arresto maior | 6ª Arresto maior | 6ª Arresto maior | 1 mes a 6 meses |
| 6ª Arresto menor | 6ª Arresto menor | 7ª Arresto menor | 7ª Arresto menor | 1 día a 30 días |

Fonte: elaboración propia a partir de datos dos códigos penais de 1932 e 1944.

Outras das novidades introducidas polo Código Penal franquista tiveron que ver coa posibilidade de redimir penas mediante o traballo en favor da comunidade e a ampliación da pena condicional en dous anos. Tamén en relación á reincidencia, pois o réxime desbotou o arbitrio xudicial que mediaba cando non concorrían atenuantes nin agravantes e que lles concedía maior potestade aos xuíces, pasando a ser agora de apreciación obrigatoria.[11] Como parte desa vontade represora, o código de 1944 introduce dúas novas "circunstancias agravantes da responsabilidade penal", vencelladas á defensa de dous dos seus alicerces fundamentais, ás autoridades do réxime e á Igrexa católica, entre outros cambios nos que nos deteremos a continuación. Á defensa das autoridades encamiñouse á introdución dunha pequena puntualización antes non contemplada, que resaltamos en cursiva: "16. Executar o feito con ofensa *da autoridade* ou desprezo do respecto que pola dignidade, idade ou sexo merecese o ofendido, ou na súa morada cando non tivera provocado o suceso." A segunda, a primeira de moitas outras disposicións orientadas á especial protección da relixión católica:

incremento en ambas datas, xustificadas, no caso republicano no aumento do valor do diñeiro. O artigo 78 do Código Penal de 1932, fixounas entre 250 e 2.250 pesetas, mentres que o franquista fíxoo entre 1.000 e 10.000 pesetas. Código Penal 1932, p. 829 e Código Penal 1944, p.435.

[10] Os códigos penais republicano e franquista recollían baixo o xenérico nome de "escala gradual" cada un dos chanzos da xerarquía das penas privativas de liberdade, ás que se refiren ao longo do códice. Un total de 4 escalas nos códigos republicano e franquista, a 1ª e a 2ª, visibles no cadro. As restantes, idénticas en ambos textos: "Escala número 3: 1ª. Estrañamento, 2ª. Confinamento, 3ª. Desterro, 4ª. Reprensión Pública, 5ª. Caución de conducta". "Escala número 4: 1ª: inhabilitación absoluta, 2ª. inhabilitación especial para cargo público, dereito de sufraxio, activo e pasivo, profesión u oficio, 3ª suspensión de cargo público, dereito de sufraxio, activo e pasivo, profesión u oficio". Código Penal de 1932, p. 829 e Código Penal de 1944, p.435.

[11] Elena B. MARÍN: *La reincidencia: Tratamiento dogmático y alternativas político criminale*s, Granada, Comares, 1999, p. 27.

"17. Executar o feito en lugar sagrado". Do mesmo xeito que o código franquista endureceu as condenas previstas para aqueles que obraran contra Deus e contra a Patria, minorounas para aqueles que actuaran na súa defensa. Nese senso, entre as innovacións existentes nas circunstancias atenuantes da responsabilidade criminal destacamos a número 7: "A de obrar por motivos morais, altruístas ou patrióticos de notoria importancia."[12]

Deterémonos agora no tratamento que ambos códices fixeron da relixión. A República orientou a súa defensa desde a perspectiva dun estado aconfesional e laico; non así o fixo a ditadura, que destinou os seus recursos á exclusiva protección da "relixión do Estado, a Católica Apostólica e Romana" e, mentres o Código Penal de 1932 contemplou a protección dos crentes e das crenzas desde a categoría xenérica dos "Delitos relativos ao libre exercicio dos cultos", o Estado franquista fíxoo acoutándoos aos "Delitos contra a relixión Católica" e coas "Faltas contra a orde pública".[13] O Código de 1944 foi, neste senso, incluso máis represivo que os de 1870 e 1928, e é que desde 1870 a relixión fora protexida desde o sentido multiconfesional, penándose o agravio contra calquera das relixións practicadas no Estado: 3º. O que escarnecera publicamente algún dos dogmas ou cerimonias de calquera relixión que teña prosélitos en España."[14] Tal pluralismo suprimiuse no Código de 1928, recuperado na República, cando, entre outras consideracións, estivo a de condenar aquelas actitudes que "perturbaran os actos dun culto ou ofenderan sentimentos relixiosos dos concorrentes a eles..." Unha perspectiva multiconfesional que, no franquismo, volveu ser limitada unicamente á relixión católica. A lexislación da República non precisou de máis instrumentos para a defensa das relixións do Estado, si o fixo a ditadura, que engadiu un elemento represor de calquera conducta contraria aos valores do réxime: o delito de blasfemias. Unha das ferramentas coercitivas do franquismo que serviu para castigar todo aquel comentario ou conducta considerado inapropiado baixo a arbitrariedade que implicaba o feito de "causar escándalo", penado con arresto maior e multas de 1.000 a 5.000 pesetas.[15]

[12] As circunstancias eximentes mantivéronse sen cambios. Código Penal de 1944. pp. 430-431.

[13] Atopamos un único sumario incoado por este delito en 1950, no concello de Pol, sendo a procesada Generosa P.L., que agrediu ao seu irmán pegándolle cunha zoca durante unha misa, "causando alboroto" aínda que sen ferilo. Segundo as testemuñas, Generosa era "unha muller sumamente excitable" que "non gozaba plenamente das súas facultades mentais". Foi condenada a dous meses de prisión, sendo determinante da pena o "non derramamento de sangue na Igrexa". Segundo contén o sumario, foi o propio cura o que "ordenou" a pronta detención da acusada e o seu procesamento, para evitar a perturbación da orde en actos relixiosos que se celebren na igrexa parroquial de Santa Eulalia de Suegos. AHPLu. FX. Sum. 339. Ano 1950.

[14] Código Penal 1870, "Delitos relativos ao libre exercicio dos cultos." p. 15.

[15] Faremos aquí unha puntualización ao respecto destes delitos, se ben no PX de Lugo a súa presenza sobre a mostra é moi limitada. Entre 1945 e 1966 contabilizáronse unicamente seis sumarios incoados por blasfemias. Tratouse de causas nas que as denuncias son interpostas por autoridades policiais ou eclesiásticas, xeralmente en momentos de crispación, ofuscación ou desinhibición nos que se profiren xuramentos contra os símbolos do catolicismo, do Estado e as súas autoridades. Tamén hai casos de denuncias empregadas como vinganza ante

En relación aos delitos contra o Estado, as súas autoridades, axentes e funcionarios públicos, o cambio máis substancial deuse na inclusión da pena de morte para aquelas persoas que atentaran contra a vida do ditador. Tamén se produciu unha modificación no título elixido para comprender aquelas actitudes penalizables en torno á figura do Xefe do Estado: no código republicano, "Título III. Delitos contra a orde pública"; no franquista, "Título II. Delitos contra a seguridade interior do Estado", ambos baixo o mesmo subtítulo: "Contra o Xefe do Estado, contra os Ministros, contra as Cortes, contra a forma de Goberno". O seu contido, agás no relativo ao endurecemento punitivo, a penas presentou diferenzas, sendo estas categorías complementadas con outros delitos sancionadores nun sentido similar.[16]

Outra das novidades que presentou o Código Penal franquista foi a incorporación, en 1945, do delito de apropiación indebida, un delito contra a propiedade incluído na categoría de defraudación.[17] Situouse a medio camiño entre o furto e a estafa, sendo absorbida por ambas até a data sinalada.[18] Diferenciáronse por unha característica chave, pois ao contrario que aconteceu con outros delitos económicos estas maniféstanse coma unha transacción legal, co acceso a un ben que se producía de forma lícita, porén, cun tempo de posesión legal finito que, ao rematar sen cumprirse a devolución derivaba na comisión dun delito.

Con todo, se houbo un aspecto no que a lexislación diferiu entre ambos períodos foi naqueles orientados en materia de xénero. Con vistas a facelo no "Capítulo 2. Delincuencia común en feminino", non nos deteremos en demasía nas características destes delitos nin na lexislación que, ao abeiro da II República, promulgouse co obxectivo de iniciar un proceso para alcanzar a igualdade entre sexos. Sinalaremos, en todo caso, os seus grandes logros: no seo da sociedade, o máis importante derivado da Constitución de 1931 foi o principio de igualdade xurídica (artigo 25 do Código Penal), onde se establece por vez primeira a equidade entre homes e mulleres. Deste principio de paridade emanan unha serie de disposicións no eido matrimonial que, sobre o texto penal deixáronse sentir a través da derrogación do delito de adulterio por Decreto do 28 de xuño de 1935 e, consecuentemente, do "atenuante" de cometer uxoricidio ou lesións por causa de infidelidade, ata entón

inimizades ou con fines coercitivos. A súa presenza durante os anos finais da ditadura pon de manifesto que o control social non cesou en ningún momento e os motivos máis fútiles serviron para accionala. Un caso que ilustra este aspecto foi o incoado debido aos improperios que en 1965 con motivo da retransmisión dun partido de fútbol nun bar proferiu un veciño de Castroverde e que foron denunciadas pola Garda Civil. A causa foi finalmente sobresida. AHPLu. FX. Sum. 307. Ano 1965.

[16] O Título III foi idéntico en ambos textos: "Título III. Das falsidades. Capítulo primeiro. Da falsificación da firma ou estampa do Xefe do Estado, sinatura dos Ministros, selos e marcas".

[17] Antonio FERRER SAMA: *El delito de apropiación indebida*, Murcia, Sucesores de Nogués, 1945, p. 12.

[18] A confusión entre este delito e o de estafa foi constante por parte do aparello xudicial lugués.

eximentes de penas privativas de liberdade. A imposición ditatorial supuxo, coa súa abolición, a regresión temporal á situación imperante ao século anterior. De feito, o Código Penal de 1870, malia contemplar tal delito, non admitía o suposto do uxoricidio. Si unha discriminación en función do xénero, sendo o adulterio (feminino) máis grave ca o amancebamento (masculino):

> "Art. 448. O adulterio será castigado coa pena de prisión correccional nos seus graos medio e máximo. Cometen adulterio a muller casada que xace co varón que non sexa o seu marido e o que xace con ela, sabendo que é casada, aínda que despois se declare nulo o matrimonio."
>
> "Art. 452. O marido que tivera manceba dentro da casa conxugal ou fóra dela con escándalo será castigado coa pena de prisión correccional nos seus graos mínimo e medio. A manceba será castigada coa de desterro."[19]

O Código penal de 1928, que tamén incluía o delito de uxoricidio, fíxoo para ambos xéneros:

> "Art. 523. A quen, sen estar separado legalmente nin de feito do cónxuxe, sorprendera a este en actos de adulterio, salvo no caso de que, aínda que fora tacitamente, consentírao, e no acto matara ou ferira a calquera dos adúlteros, ou a ambos, imporalle o Tribunal unha pena inferior á sinalada pola lei que estime adecuada, ao seu prudente arbitrio, ao cal quedará tamén decidir se a condena ha de deixar de ser inscrita nos Rexistros de antecedentes penais."[20]

No franquismo, o delito de adulterio recuperouse coa Lei do 11 de maio de 1942 e, aínda que contemplado para calquera dos cónxuxes baixo prisión menor ou desterro, especificouse que, para aqueles casos nos que o adulterio fose cometido pola esposa, o marido quedaría eximido de pena privativa de liberdade de causarlles a morte aos adúlteros, non así á inversa. É dicir, non só o adulterio cometido pola muller foi considerado máis grave senón que se lle outorgou o dereito ao varón de asasinar a calquera dos adúlteros baixo unha pena ínfima. Estas, "regras aplicables en análogas circunstancias aos pais respecto das súas fillas menores de 23 anos e aos corruptores, mentres aquelas vivan na casa paterna".[21]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[19] Código Penal 1870, p. 19. Título IX. "Delitos contra a honestidade". Adulterio.
[20] Código Penal 1928. Capítulo III. "Do parricidio", p. 257.
[21] Código Penal 1944, art.428., p.459.

Outros dos grandes cambios orientáronse á defensa da familia e da moral nacionalcatólica, visibles no restablecemento do delito de abandono de familia, tamén derrogado pola II República e en liña coa prohibición do divorcio, obxectivo da Lei do 12 de marzo de 1942. A este habería que engadir os estupros e os raptos, xa contemplados no Código de 1932, pero que, con vistas á protección do modelo de familia tradicional católica houberon de blindarse con maior esforzo. Así, se na II República segundo o artigo 439 o estupro cometido cunha muller maior de 12 anos e menor de 23 castigouse cunha multa de 500 a 5.000 pesetas, no franquismo, a sendo crime correspondeulle non unha pena pecuniaria senón outra privativa da liberdade, o arresto maior.[22]

A vontade represora do réxime sobre a muller materialízase co control legal do seu corpo, entre outras disposicións, coas modificacións realizadas sobre o delito de aborto. Legalizado durante a República no contexto catalán, experimentara unha redución das condenas para o resto do Estado. Segundo o Código de 1932, o aborto, ben provocado con consentimento da muller, ou ben autoinflixido supoñía unha pena de 1 a 6 meses de prisión, quedando limitada esta a un máximo de 2 meses se se daba para ocultar a deshonra.[23] No franquismo, as políticas pronatalistas materialízanse a través dunha ampla lexislación e, xa en datas tan temperás como 1941 a Lei do 24 de xaneiro penaliza duramente o aborto. Esta lei reverteuse posteriormente no Código Penal de 1944 e as penas pasaron a abranguer dos 6 meses aos 6 anos de cárcere. As mínimas, do mes aos 6 meses de prisión, limitáronse unicamente a aqueles casos nos que mediara "ocultar a deshonra". Circunstancias ás que apelaron a maioría de mulleres procesadas por este delito para sufrir un castigo menor.

En resumo, o tránsito da II República á ditadura franquista realizouse mediante un proceso de erradicación desde "a raíz" de todo aquelo que tiña que ver co anterior réxime democrático.[24] Tal proceso depurador deixouse sentir, no lexislativo, cun enorme compendio de leis e decretos promulgados a tal fin, frutificados no Código Penal de 1944 que, como vimos, retornou aos postulados dos códigos de 1928 e 1870, liberándoo do máis mínimo elemento progresista e dotándoo das ferramentas necesarias para a imposición no "novo Estado franquista".

[22] No franquismo a idade da estuprada comprendeu dos 16 aos 23 anos, de ser inferior sería considerado delito de corrupción de menores. Código Penal 1932, Capítulo III. "Estupro e corrupción de menores", art.439, p.847. Código Penal 1944, Capítulo II. "Do estupro e da corrupción de menores", art. 436, p.459. No mesmo sentido foron modificados os delitos de infanticidio e de abandono de menores. Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria...*, p. 264.

[23] Unha táboa comparativa coas diferentes lexislacións da época está dispoñible no Capítulo 2. "Delincuencia común en feminino".

[24] Javier RODRIGO: *Hasta la raíz. Violencia durante la guerra civil y la dictadura franquista*, Madrid, Alianza Editorial, 2008.

1.3. A situación da delincuencia en España na II República

Non podemos proceder a un estudo rigoroso da delincuencia no franquismo en Lugo sen deternos no período precedente e, a través da súa análise, poñer en valor as achegas doutros tempos e espazos cos que determinar, ata que punto, o PX de Lugo presentou características concordantes ou discordantes dentro do panorama delituoso da ditadura. Pretendemos sobrepoñernos á propensión a considerar o franquismo coma un compartimento estanco e observalo en relación ao acontecido no período precedente. Compétenos, por tanto, ao longo deste apartado, botar a mirada atrás e debuxar a situación da delincuencia común desde a II República noutros puntos do Estado para, posteriormente, establecer o seu devir ao longo da ditadura franquista.

Para a análise comparativa da delincuencia común no período republicano tomaremos fundamentalmente as investigacións realizadas en dous lugares: a provincia de Zaragoza, estudada por Iván Martínez e a de Cáceres, por Fernando Sánchez, cuxos achados serán postos en relación cos recadados para o PX de Lugo. O caso galego, estudado por Enrique Carballo desde o Antigo Réxime á data de estoupido da guerra civil, servirá tanto para perfilar as tendencias debuxadas como para encher baleiros no noso espazo de estudo. Un sistema polo cal confeccionar a imaxe da delincuencia na República ao longo e ancho peninsular. Non obstante, cómpre sinalar que tanto as fontes empregadas como as anualidades dispoñibles para a mostra son disímiles, polo que debemos tomar os resultados obtidos con cautela, non contemplándoos como afirmacións categóricas. Para Lugo, os Libros de Rexistro de Executorias da Audiencia Provincial (1931-1943) constitúen as únicas fontes para o período que rexistren os datos do Partido Xudicial. Consisten en libros onde se deixa constancia, a modo de copia esquemática, dos datos máis relevantes das sentenzas de toda a provincia (delito cometido, ano de incoación, xulgado do que provén, nome do autor, sexo, fallo do tribunal ou indulto, de proceder), é dicir, o resumo da actividade da Audiencia por anos. Mentres, para as provincias de Zaragoza e Cáceres a información recádase dos Libros de Sentenzas (1931-1936), que recompilan as sentenzas ao completo, cuxas características explicamos no apartado dedicado á metodoloxía, ditaminadas en toda a provincia.[25]

Entre 1931 e 1936 os Libros de Sentenzas rexistraron un total de 2.524 causas nas salas da Audiencia zaragozana e de 2.042 na cacereña. Unha diferenza que Martínez xustifica na superior densidade de poboación do seu espazo de estudo, de 548.290 habitantes fronte a 461.777. En Lugo, o número de sentenzas foi significativamente inferior a ambos espazos, de

[25] A anualidade de 1931 para o caso de Lugo está incompleta. APL. FX. Libros de Rexistro de Executorias da Audiencia Provincial. Sent. Anos 1931-1943. En adiante LRE. AP.

477, o que tamén explicaríamos en termos demográficos, pois o PX de Lugo tiña, á altura de 1930, unha poboación de 85.542 habitantes.[26] Pero, se tomamos en consideración a cifra de sentenzas por cada 100.000 habitantes vemos que non son tan dispares entre si: 76,6 delitos anuais en Zaragoza, 73,7 en Cáceres e 92,9 en Lugo.[27]

Se profundamos nas categorías delituosas rexistradas, observamos que os delitos contra a propiedade foron os protagonistas en dúas das tres provincias comparadas: Zaragoza e Cáceres. Non obstante, cun número moi superior na mostra aragonesa, se ben debe terse en conta a ausencia de datos específicos para o ano 1936 nos estudos de Fernando Sánchez para a provincia extremeña. Con 1.083 sentenzas e unha porcentaxe do 42,90% sobre o total configúrase como o tipo de delincuencia más destacada para a Zaragoza da II República, cifras que en Cáceres correspondéronse co 31,2%. En Lugo, onde non dispoñemos de datos para o sexenio ao completo senón para os cinco anos que van de 1932 a 1935, os datos alzan igualmente á delincuencia económica aos máis altos postos no delituoso, cun 31,7% das sentenzas ditadas. Cifra, como se pode comprobar, semellantes aos das outras provincias que, no caso lugués, vense superadas polos delitos contra as persoas, representativos do 33,3% do total, os que os converte nos máis abondosos. En Cáceres, cunha anualidade de diferenza (1931-1935) a delincuencia económica chega tamén a representar un 31,2% do total (637 sentenzas), o que reflicte o gran parecido do mundo delituoso en ambas cidades.[28]

Táboa 4. Comparativa sentenzas contra a propiedade. Zaragoza, Cáceres e Lugo.

| Ano | Sentenzas da Audiencia Provincial (1931-1936) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Libros sentenzas Zaragoza | | Libros sentenzas Cáceres | | Executorias Audiencia Lugo | |
| | Contra a propiedade | % | Contra a propiedade | % | Contra a propiedade | % |
| 1931 | 124 | 11,44 | 75 | 11,77 | - | - |
| 1932 | 208 | 19,2 | 161 | 25,27 | 13 | 8,6 |
| 1933 | 149 | 13,75 | 96 | 15,07 | 40 | 26,49 |
| 1934 | 182 | 16,8 | 148 | 23,23 | 47 | 31,12 |
| 1935 | 301 | 27,79 | 157 | 24,64 | 36 | 23,84 |
| 1936 | 119 | 10,98 | - | 0 | 15 | 9,93 |
| Total | 1.083 | 100 | 637 | 100 | 151 | 100 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos do APL.FX. LRE. AP. Anos 1931-1936. Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria...*, p.49 e ss. Fernando SÁNCHEZ: "La delincuencia "sociopolítica"...", p.238.

[26] A cifra puido ser lixeiramente superior en Lugo se temos en conta que a anualidade de 1931 semella estar incompleta.
[27] APL. FX. LRE.AP. Sent. Anos 1931-1936. Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria*...", pp.47-48.
[28] Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria...*, p.47 e ss.

Tralos delitos contra a propiedade privada, Iván Martínez establece os actos contra á Autoridade como os seguintes en importancia en Zaragoza, cun total de 563 sentenzas que constitúen o 22,3% da mostra. Este nomenclátor correspóndese no Código Penal de 1932 cos denominados baixo o Título III "Delitos contra a orde pública": rebelión, sedición, atentados contra a autoridade e os seus axentes, resistencia e desobediencia, desacatos, inxurias e ameazas á autoridade e dos insultos aos seus axentes e aos demais funcionarios públicos", recollidos como delitos "contra a seguridade interior do Estado" no Código de 1944. O investigador aragonés determina, neste senso:

> "Estas ilegalidades póñennos trala pista de certo estado de desconformidade ou malestar entre os seus suxeitos protagonistas, consecuencia de entender certos actos como uns abusos de poder ou inxustizas derivadas dun exercicio de funcións abusivo ou sobreexcedido por parte das forzas da orde".[29]

Nin Cáceres nin Lugo coincidiron coa provincia zaragozana neste aspecto, aínda que si o fixeron estas dúas últimas entre si, establecendo os delitos contra a Autoridade no terceiro lugar en importancia na escala dos delitos máis usuais. Na situación cacereña analizada por Fernando Sánchez, supoñen un total de 238 as sentenzas ditadas por esta categoría, un 11,6% dos sumarios. En Lugo rexístranse practicamente a metade de sentenzas 142, pero representaron un elevado 29,9% sobre o total.

Táboa 5. Comparativa sentenzas contra a orde pública. Zaragoza, Cáceres e Lugo.

| Ano | Sentenzas da Audiencia Provincial de Cáceres (1931-1936) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Libros sentenzas Zaragoza | | Libros sentenzas Cáceres | | Executorias Audiencia Lugo | |
| | Contra a orde pública | % | Contra a orde pública | % | Contra a orde pública | % |
| 1931 | 48 | 8,52 | 28 | 11,76 | 1 | 0,69 |
| 1932 | 93 | 16,51 | 67 | 28,15 | 2 | 1,39 |
| 1933 | 108 | 19,18 | 28 | 11,76 | 31 | 21,67 |
| 1934 | 150 | 26,64 | 40 | 16,8 | 40 | 27,97 |
| 1935 | 103 | 18,29 | 75 | 31,51 | 35 | 24,47 |
| 1936 | 61 | 10,63 | - | - | 34 | 23,77 |
| Total | 563 | 100 | 238 | 100 | 143 | 100 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos do *APL.FX. LRE. AP. Anos 1931-1936. Iván MARTÍNEZ: Delitos, justicia ordinaria...*, p.49 e ss. Fernando SÁNCHEZ: "La delincuencia "sociopolítica"...", p.238.

[29] *Ibid*, p.48.

En relación ás sentenzas por delitos contra as persoas, no caso lucense ocuparon o primeiro posto na mostra (33,3%). En Cáceres, as pescudas limitáronse aos delitos de lesións e homicidios (19,6%), o que non impediu que ocuparan o segundo posto, o 40% máis dos referenciados delitos contra a autoridade. Distinto foi o caso de Zaragoza, onde van ocupar o terceiro lugar, coa taxa máis baixa das tres provincias, do 15,1% sobre o total, pese a presentar os rexistros do sexenio ao completo. As causas que están detrás deste tipo de delito parece ser común a tódolos espazos analizados, vellas inimizades, conflitos interpersoais e rifas que se manifestaban na comunidade de forma violenta, segundo Sánchez: "determinadas, en boa medida, tanto polos odios e rivalidades derivadas dunha estreita e forzada convivencia, como polo exceso no consumo de alcol".[30]

Táboa 6. Comparativa sentenzas contra as persoas. Zaragoza, Cáceres e Lugo.

| Ano | Sentenzas da Audiencia Provincial de Lugo (1931-1936) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Libros sentenzas Zaragoza | | Libros sentenzas Cáceres | | Executorias Audiencia Lugo | |
| | Contra as persoas | % | Contra as persoas | % | Contra as persoas | % |
| 1931 | 37 | 9,71 | 47 | 11,77 | - | - |
| 1932 | 66 | 17,32 | 84 | 21,05 | 28 | 17,61 |
| 1933 | 59 | 15,48 | 48 | 12,03 | 35 | 22,01 |
| 1934 | 67 | 17,58 | 71 | 17,79 | 34 | 21,38 |
| 1935 | 120 | 31,49 | 149 | 37,34 | 40 | 25,15 |
| 1936 | 32 | 8,39 | - | - | 22 | 13,83 |
| Total | 381 | 100 | 399 | 100 | 159 | 100 |

Fonte: elaboración propia a partir de datos do *APL.FX. LRE. AP. Anos 1931-1936. Iván MARTÍNEZ: Delitos, justicia ordinaria...,* p.49 e ss. Fernando SÁNCHEZ: "La delincuencia "sociopolítica"...", p.238.

Os veredictos ditados polos restantes delitos tiveron unha presenza variable, en calquera caso, residual sobre o conxunto das mostras. Por incidencia e impacto consideramos a delincuencia contra a honestidade. Unhas sentenzas que nos estudos cacereños non deberon proporcionar resultados de peso, pois foron desbotadas da análise. En Lugo o seu impacto foi limitado, 21 sentenzas ditadas no quinquenio representaron un 4,4% das mesmas. Entre elas, o delito de corrupción de menores foi o que máis peso tivo sobre o total, protagonizado por mulleres e vencellado á prostitución, acabando en absolución a maioría das veces. Máis

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[30] Fernando SÁNCHEZ: "La delincuencia "sociopolítica"...", p.239.

numerosas foron en Zaragoza, cun rexistro de 150 sentenzas que atribúen aos delitos contra a honestidade unha representatividade do 5,9%, unhas cifras que Iván Martínez achaca "a un novo discurso e medidas republicanas no referente á modernización da sociedade e as relacións entre xéneros".[31]

En resumo, se ben na II República a delincuencia contra a propiedade ocupou un papel preponderante nas diferentes Audiencias Provinciais analizadas, non podemos afirmar que esta fora a primeira categoría en importancia numérica en todo o Estado. Iván Martínez establece tres factores explicativos da súa preeminencia en Zaragoza, que nós compartimos para Lugo: o primeiro, como o resultado dunhas prácticas delituosas que afunden as súas raíces en períodos moi afastados dos anos trinta; polo tanto, vencellados á tradición. A segunda, a que entende a propiedade como o ben xurídico máis prezado, "merecedor dunha maior protección" e "denuncia o éxito duns procedementos delituosos que reportarían aos seus autores un beneficio superior (o subtraído) ás consecuencias inherentes á súa acción (o castigo)". E, a terceira, a de ser un tipo delituoso intrinsecamente relacionado coa pobreza e cunhas condicións de vida adversas, probablemente a causa de maior impacto das tres mencionadas.

A pobreza está tamén detrás deste tipo de delitos cometidos xa no século XIX en Galicia, como demostra na súa extraordinaria investigación Enrique Carballo, quen sinala que "os datos apuntan a que parte do aumento de crimes na década de 1850 debeuse ao aumento dos delitos de subsistencia.[32] Non obstante, se comparamos o peso porcentual destes delitos na II República, que situamos segundo as provincias que compoñen a nosa mostra entre o 43% e o 32%, cos das crises de subsistencias de mediados do século XIX, cando supuxeron desde o 54% ao 63% do total, vemos que, as primeiras, se ben son altas, non reflicten unha situación tan extrema como as de 1858 e 1859.[33] Con esas taxas é coas que se pode entender as rexistradas para o franquismo que, como veremos, chegan a alcanzar cotas do 70% sen importar a provincia da que se trate, o que nos ilustra a situación de fame e necesidade vivida na totalidade do Estado, sen discriminar sistemas agrarios, condicións climáticas ou consecuencias do conflito bélico (fronte de guerra, retagarda, grado de devastación, etc.).

A delincuencia contra a propiedade na provincia de Zaragoza preséntase como nota discordante, pero queda patente que as sentenzas emitidas por delitos vencellados á apropiación do alleo foron habituais neste período, moi superiores ás ditadas en relación ás

[31] Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria...,* p.50.
[32] Enrique CARBALLO: *Violencia, crimen...*, p.140.
[33] Enrique CARBALLO: "El hambre le impulsará: La crisis de subsistencias y el auge de delitos contra la propiedad en Galicia durante la década de 1850", *Hispania*, LXXX, 264 (2020), p.169-199, p.175.

outras categorías delituosas. E malia que Cáceres coincidiu coa provincia aragonesa en canto a situalas no primeiro posto en incidencia, a distancia que se deu entre a delincuencia contra a propiedade e a seguinte categoría en importancia, a dos delitos contra as persoas, non pode ser descrita de abismal, como si o resultou nos estudos de Iván Martínez para o territorio maño. Unha tendencia que Lugo non segue, onde aínda que, por pouco, os delitos contra as persoas foron os predominantes. Con respecto a estes últimos, se tomamos en consideración os estudos de Enrique Carballo sobre a violencia na Galicia do século XIX e primeiro anos do XX, observamos que estes delitos (particularmente homicidios) experimentan un descenso progresivo desde mediados do oitocentos. Estamos lonxe de considerar que a situación delituosa en Lugo respondera ao que se coñece como "teoría da modernización", que liga a transición do crime violento ao económico á "modernización social", unha premisa desbotada xa por numerosos autores. Optamos por sinalar como a principal causa do incremento dos conflitos interpersoais á propia delincuencia contra a propiedade que, lonxe de resolverse pola vía penal, tentaba resarcirse recorrendo á violencia física.[34] O consumo excesivo de alcol, as tensións políticas ou laborais, os choques sociais entre partidarios e detractores da II República ou entre relixiosos e anticlericais non deben ser desbotados tamén como outros motivantes.[35]

Precisamente en relación a esa idea de conflitividade está a outra das categorías cuxo impacto social foi suficiente como para estaren próximas aos mencionados delitos, aquela que penalizaba as actitudes contrarias ás disposicións das autoridades, tipificadas na II República como "delitos contra a orde pública" e cuxa comisión contribuíu a xerar un particular clima de crispación que non só se deixou sentir entre iguais. Porén, non todas estas accións estiveron executadas polo que actualmente entendemos por "delincuente". A cidadanía de a pe, na loita polos seus dereitos (laborais, económicos, sociais) nun contexto de cambio, podía xerar, en ocasións, altercados de intensidade variable.[36] Ademais, estas persoas, ao considerar as consecuencias dos seus actos, marcadas por un código penal máis laxo ao precedente, e sopesalas cunhas posibles condenas puideron antepoñer a pugna polos seus dereitos ou a contestación ante situacións entendidas como inxustas a seren procesados.

[34] Johnson e Monkkonen sinalou que a popular tese da "modernización" da violencia non se sustentaba en probas empíricas. Na obra: Eric JOHNSON e Eric MONKKONEN: *The Civilization of Crime: Violence in Town and Country since the Middle Ages*, Illinois, University of Illinois Press, 1996. Citado por Enrique CARBALLO: *Violencia, crimen...*, pp.23 e 31.

[35] Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria...*, p.50.

[36] Entre 1931 e 1935 sucedéronse en España un total de 3.300 folgas. Eduardo GONZÁLEZ: "Conflictividad sociolaboral y violencia colectiva en la Segunda República", en Julio ARÓSTEGUI (ed.): *La República de los trabajadores la segunda república y el mundo del trabajo*, Madrid, Fundación Francisco Largo Caballero, 2006, pp.76- 108, esp.p.80.

E facemos nosas as palabras de Iván Martínez para referirnos á delincuencia como fenómeno adaptable:

> "A criminalidade e os tipos e maneiras nas que se delinquía son perpetuados no tempo pola poboación sempre e cando estas accións sigan reportando o éxito nos seus obxectivos e poidan ser desenvolvidas -en maior ou menor medida- cun risco inferior. Noutras palabras: mentres se dean as mesmas condicións para que un delito reporte máis beneficios ca prexuízos aos seus autores, estes seguirano cometendo".[37]

E, se na República foron máis as vantaxes que os inconvenientes de erguerse contra o Estado, non sucedeu así coa imposición ditatorial, período no que, ben a subordinación da xustiza ordinaria á militar, ou ben unha durísima represión erixíronse como os factores determinantes á hora de rexistrarse tan baixos índices para estes delitos. Características que, entendemos, constituíron as verdadeiras anomalías en relación ao período posterior.

### 1.4. A evolución da delincuencia en Lugo durante o franquismo (1945-1966)

Durante o lapso de tempo que transcorreu entre 1945 e 1966, tal e como se observa na gráfica 1., que presentamos a continuación, a delincuencia común en Lugo presentou tres fases ou estadios diferenciables entre si, que establecemos empregando un criterio dobre, o histórico e o numérico. Deste xeito, entendemos que o contexto estatal (político, económico, social) resultou crucial á hora de provocar oscilacións nos índices de delincuencia pero, igualmente e a un tempo, somos conscientes da relevancia das cifras por ser indicadoras das particularidades da delincuencia no PX de Lugo, e das diferenzas que presentou fronte ás inclinacións doutros puntos do Estado. Conforme ao anterior, obviando o tradicional tripartito da ditadura en "posguerra" (1939-1949), "decenio bisagra" (1950-1959) e "desenvolvemento" (1960-1975) faremos unha revisión de ambos criterios para aplicalos á delincuencia. Así, a primeira etapa establecémola entre 1945 e 1952, datas marcadas por unha elevada incidencia delituosa. A segunda, de val no que respecta a dita delincuencia, entre 1953 e 1958. E, a última, de 1959 ata 1966, de suba progresiva.

O primeiro rango delituoso a considerar, de 1945 a 1952, caracterizouse por presentar un aumento vertixinoso no número de causas incoadas por ano, que alcanzan o seu cumio o ano 1949. Se ben iniciaron o seu descenso a partir da referenciada data, consideramos pertinente estudar como un todo o período correspondente á vixencia da lexislación sobre o

[37] *Ibid*, pp.33-34.

racionamento, pois a súa influencia sobre a delincuencia resulta crucial. Durante estes oito anos, a situación económica constituíu o elemento explicativo das altas taxas de delincuencia na nosa zona de estudo, unha delincuencia que denominamos "de subsistencia" e que se vai duplicar desde o primeiro ano analizado, o de 1945, ata ese cénit delituoso en 1949, o que representa un incremento do 117,5%.[38] Os responsables desta suba foron particularmente os delitos contra a propiedade e contra as persoas, en todo caso, a propensión é a alza para tódolos delitos rexistrados, aínda que con menor impacto entre anualidades.

Gráfica 1. Causas incoadas PX de Lugo (1945-1966).




Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. (1945-1966).

Entre 1953 e 1958 no PX de Lugo asístese a unha baixa no groso da delincuencia determinada polo descenso dos delitos económicos que se mantivo ata 1957. En detrimento dos mencionados delitos, a incidencia da delincuencia contra as persoas aumenta lixeiramente, categorías que, como vimos para o período republicano, estaban vencelladas entre si por ser, en ocasións, a vía violenta a opción (non legal) para a súa resolución de tensións sociais. Tamén consideramos que determinou o lixeiro ascenso entre as restantes categorías delituosas, un proceso de adaptación da sociedade ao recurso aos tribunais á hora de canalizar afrontas tipificadas (á honra feminina, conflitos conxugais, ameazas, coaccións, etc.)... O lapso entre 1954 e 1957 é no que contabilizamos o menor número de causas do sexenio, non obstante, sen alcanzar os niveis rexistrados en 1945. O ano de maior

[38] Pásase das 200 ás 435 causas incoadas. AHPLu. FX. Sum 1945-1949.

delituosidade representouno 1958, no que aumenta a delincuencia ao redor dun 30% poñendo fin a este período regresivo.

Iniciamos a última das etapas establecidos en 1959, que marca o inicio dunha progresión ascendente, se ben non tan abrupta como no primeiro estadio analizado. Dentro do período poden detectarse momentos diferentes, fases de chaira, como a acontecida entre 1960 e 1962, seguidas por unha fase de ascenso moi acusado (do 73% respecto da fase de inicio) e unha última fase de baixada como antesala do ascenso cara o cumio. Entre 1965-1966 producese a estabilización da tendencia alcista, momento no que, cuantitativamente, mesmo se alcanzan os niveis posbélicos na delincuencia. Trátase dun proceso moito máis progresivo no tempo, pois transcorren case o dobre de anos para chegar a estas cifras. Unha delincuencia que particularmente na cidade, xa pouco se parecerá a dos primeiros anos analizados e na que se poderán sentir os gromos do tránsito social e económico que marcou eses anos.

Non é o noso obxectivo neste apartado proceder a unha análise dos sumarios, dos motivos, dos comos e dos porqués destes índices de delincuencia, pero consideramos pertinente comezar o estudo da delincuencia no PX de Lugo dando unhas iniciais pinceladas cuantitativas. Atenderemos a estas outras cuestións en capítulos vindeiros, desde múltiples fórmulas e perspectivas.

Cinco son as grandes categorías delituosas que establecemos á hora de analizar a delincuencia, visibles na táboa 7. Comparten a clasificación que consta no Código Penal de 1944, que consideramos pertinente por presentar un número de delitos suficiente para proporcionar achegas coa súa análise. En cada unha das anualidades analizadas a delincuencia estivo dominada polos delitos contra a propiedade que, como vemos, está moi por riba de calquera outra categoría delituosa. Esta non é unha anomalía, ben ao contrario, o mesmo acontece noutros espazos onde a delincuencia común se ten estudado para a posguerra, como Murcia, Andalucía, Aragón, Castela a Mancha ou Cataluña, aspecto no que incidiremos no capítulo 3.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 7. Causas incoadas PX de Lugo (1945-1966).

| Causas incoadas polo Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Lugo (1945-1966) | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Ano | Delitos | | | | | | | | | | |
| | Contra a propiedade | | Contra as persoas | | Contra a honestidade | | Contra a seguridade do Estado | | Contra a liberdade | | TOTAL |
| | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Nº | % | |
| 1945 | 107 | 53,5 | 25 | 12,5 | 2 | 1 | 16 | 8 | 5 | 2,5 | 200 |
| 1946 | 185 | 61,46 | 43 | 14,3 | 7 | 2,32 | 21 | 6,97 | 5 | 1,66 | 301 |
| 1947 | 185 | 62 | 34 | 11,4 | 4 | 1,34 | 11 | 3,69 | 12 | 4,02 | 298 |
| 1948 | 227 | 68,58 | 35 | 10,57 | 8 | 3,9 | 13 | 3,92 | 12 | 3,62 | 331 |
| 1949 | 271 | 62,29 | 54 | 12,41 | 14 | 3,21 | 24 | 5,51 | 25 | 5,47 | 435 |
| 1950 | 285 | 70,37 | 40 | 9,87 | 10 | 2,46 | 21 | 5,18 | 16 | 3,95 | 405 |
| 1951 | 263 | 65,42 | 43 | 10,69 | 14 | 3,48 | 28 | 6,96 | 15 | 3,73 | 402 |
| 1952 | 203 | 58 | 62 | 17,71 | 12 | 3,42 | 13 | 3,71 | 20 | 5,71 | 350 |
| 1953 | 145 | 50,69 | 47 | 16,43 | 17 | 5,94 | 21 | 7,34 | 17 | 5,94 | 286 |
| 1954 | 114 | 48,3 | 34 | 14,4 | 6 | 2,54 | 19 | 8,05 | 18 | 7,62 | 236 |
| 1955 | 132 | 46,64 | 58 | 20,49 | 6 | 2,12 | 22 | 7,77 | 20 | 7,06 | 283 |
| 1956 | 128 | 52,67 | 47 | 16,6 | 9 | 3,7 | 18 | 7,40 | 13 | 5,34 | 243 |
| 1957 | 106 | 46,1 | 45 | 19,56 | 6 | 2,6 | 11 | 4,78 | 3 | 1,3 | 230 |
| 1958 | 151 | 49,83 | 57 | 18,81 | 9 | 2,97 | 16 | 5,28 | 11 | 3,63 | 303 |
| 1959 | 159 | 45,68 | 71 | 20,40 | 5 | 1,43 | 33 | 9,48 | 19 | 5,45 | 348 |
| 1960 | 179 | 53,27 | 61 | 18,15 | 10 | 2,97 | 14 | 4,16 | 20 | 5,95 | 336 |
| 1961 | 186 | 56,53 | 56 | 17,02 | 6 | 1,82 | 14 | 4,25 | 8 | 2,43 | 329 |
| 1962 | 221 | 58 | 81 | 21,25 | 5 | 1,31 | 12 | 3,14 | 14 | 3,67 | 381 |
| 1963 | 212 | 53,13 | 85 | 21,03 | 14 | 3,5 | 8 | 2 | 13 | 3,25 | 399 |
| 1964 | 213 | 58,67 | 97 | 26,72 | 9 | 2,47 | 2 | 0,55 | 11 | 3,03 | 363 |
| 1965 | 230 | 52,57 | 122 | 27,98 | 13 | 2,98 | 7 | 1,6 | 6 | 1,37 | 436 |
| 1966 | 213 | 49,3 | 115 | 26,62 | 10 | 2,31 | 5 | 3 | 13 | 3 | 432 |
| Total | 4115 | 55,59 | 1312 | 17,9 | 196 | 2,71 | 349 | 5,12 | 296 | 4,07 | 7327 |

Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. (1945-1966).

A curva que traza a delincuencia contra a propiedade é practicamente idéntica á resultante da suma do total de causas incoadas anualmente, precisamente, porque a súa incidencia é moi superior á das restantes categorías. Foi a dominante, por tanto das tendencias alcistas ou baixistas sobre o cómputo total. Roubos e furtos foron as formas de apropiación do alleo máis presentes, o 31,3% e o 30,7%, da tipoloxía, a unha distancia considerable dos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

seguintes delitos, as estafas (8,9%). Coincidindo coa gráfica 1., dentro da delincuencia contra a propiedade podemos diferenciar tres períodos fundamentais.[39] Un primeiro, de suba, desde 1945 ata 1952, co ano 1950 como cénit delituoso, no cal a delincuencia económica chega a representar o 70% do total das causas rexistradas, e no que podemos entrever a situación de precariedade económica da posguerra. Un segundo, de val, moito máis profundo do que se observaba na anterior gráfica 1., compensada no conxunto da mostra por outras tipoloxías que non van diminuír, senón aumentar, e que acoutamos igualmente entre 1953 e 1958. En todo caso, índices que non son en nada insignificantes, pois mantéñense cunha media dun 50% de causas. É, por último, unha derradeira fase que mostra unha progresión ascendente que, non obstante, non chega a alcanzar os niveis dos "anos da fame", representando o ano coa maior incidencia o 1964, cunha considerable taxa do 58,6% dos sumarios. En termos porcentuais, a delincuencia contra a propiedade vaise manter nun 55,6% de media, pero as súas causas van evolucionar de forma parella ás mudanzas que experimentan tanto a sociedade luguesa e que fan que o delito sufra un tránsito do ámbito da supervivencia ao do ánimo de lucro.

Gráfica 2. A evolución da delincuencia no PX de Lugo (1945-1966).




Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. 1945 1966.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[39] Dentro da categoría de delitos contra a propiedade consideramos: roubos, furtos, apropiacións indebidas, estafas, danos, incendios, alzamentos de bens e usura, executados con éxito ou en grao de frustración.

A delincuencia contra as persoas vai ser a segunda categoría en importancia numérica, representativa dunha media do 17,9% do total.[40] O 69% destes delitos foron de lesións, e os menos numerosos serán os abortos (4,3%) e os homicidios (2,3%). A característica fundamental desta tipoloxía delituosa é que foi a única en experimentar unha suba sostida no período de estudo. O ano que observamos o primeiro dos picos delituosos foi en 1955, cando alcanza un 20,5% do total de causas axuizadas en Lugo, unha cifra para nada irrelevante e que supuxo un incremento do 132% se a comparamos cos tímidos índices do ano 1945. Desde entón o ascenso tórnase máis acusado, ata representar, no ano 1965, un 30% dos delitos cometidos nesa anualidade. Entendemos que as razóns destes datos están en relación coa introdución dunha nova lexislación sobre circulación viaria. En 1950 as infraccións da Lei de Circulación, que pasan a engrosar os considerados "delitos contra as persoas convértense nas máis habituais a medida que o parque móbil da cidade aumenta o seu volume nos anos 60.

Como queda patente na anterior gráfica, se comparamos as restantes categorías delituosas coas máis representativas sobre a mostra estariamos a incorrer nunha invisibilización das mesmas. Optamos, por tanto, por analizalas de forma específica. Os delitos contra a seguridade interior do Estado foron os que presentaron unha cifra total superior de incoacións, seguidos dos delitos contra a honestidade e contra a liberdade e a seguridade.[41] A primeira das categorías sancionouse coas condenas máis duras, como comentamos anteriormente, contemplándose a máxima da pena de morte para aquelas persoas que atentaran contra a vida do ditador. Cunha evolución caracterizada polas constantes oscilacións, a media das causas incoadas representou, en cifras absolutas, o 5% do total. O 1959 foi o ano cun maior número de sumarios rexistrados, alcanzando un 9,48%, non só por rexistrarse máis delitos ao longo da anualidade, senón por coincidir cun total lixeiramente inferior de aperturas sumariais totais. Máis especificamente, os delitos que protagonicen a mostra durante a posguerra serán as tenencias ilícitas de armas tipoloxía que, como veremos no Capítulo 5, tivo maior presenza no espazo rural que no urbano. Porén, superado este período, a súa presenza tórnase anecdótica. Os causantes do cumio de incidencia rexistrado

[40] Referímonos a homicidios, asasinatos, parricidios, infanticidios, achados de fetos, abortos e lesións, frutíferos ou non.

[41] Entre os delitos contra a seguridade interior do Estado seleccionamos, por incidencia superior: tenencias ilícitas de armas, desobediencias, atentados contra a autoridade, resistencias, blasfemias, delitos contra a relixión católica, desacatos, ameazas á autoridade, desordes públicos, inxurias á autoridade e calumnias á autoridade. Os delitos contra a honestidade: abusos deshonestos, violacións ou tentativas de violación, estupro, escándalo público, corrupción de menores, rapto e adulterio. E, por último, compoñen a categoría de delitos contra a liberdade e a seguridade: o abandono de familia, a violación de domicilio, as ameazas, as coaccións e o descubrimento de secretos. Elaboración propia a partir da clasificación realizada polo Código Penal de 1944.

nesta categoría delituosa ao albor dos sesenta foron os delitos de desobediencia, orixinados pola construción ilegal de vivendas na cidade.[42] Esta categoría vai ser a única que practicamente se poña a cero ao finalizar a etapa de estudo, con só 5 incoacións en todo o ano 1966.

Con respecto aos delitos contra a liberdade e a seguridade, o seu alcance tamén é modesto, sendo representativos dun 4% sobre o total.[43] Dentro da categoría, o que destaca numericamente por riba do resto foi o delito de abandono de familia, erradicado do Código Penal republicano e restituído no franquista. A recuperación deste tipo de delitos respondeu á blindaxe dos valores nacionalcatólicos que entendían o matrimonio canónico como unidade indisoluble, seguindo a máxima de "o que Deus uniu que non o separe o home". Non é de estrañar, por tanto, que o réxime destinara unha parte importante dos seus esforzos a perseguir a aqueles que quebrantaban os seus votos matrimoniais. O intento por salvagardar a boa conducta moral sufriu un ascenso abrupto no inicio do período de estudo, alcanzando o seu apoxeo en 1949. A partir de entón as flutuacións mantéñense ata 1955, anualidade que, tras alcanzar un novo máximo, presenta o inicio dunha fase de caída que se prolonga ata 1959, na que se da, en cifras relativas, o máximo de toda a quincena. Nos últimos anos analizados, as denuncias por abandono van decaer en prol doutros delitos: coaccións, ameazas, etc. usualmente vinculadas á conflitos con propiedades privadas, en arrendo ou ocupadas ilegalmente.

[42] Tratouse dun total de 22 sumarios incoados en 1959 pola construción de vivendas sen licenza en diversos barrios da cidade de Lugo que, entendemos, deberon ser o resultado da posta en marcha de medidas para erradicar ás edificacións ilegais, e non dunha repentina actuación cidadá en contra da lei que debeu sucederse no tempo como práctica habitual. Tódolos sumarios foron sobresidos coa imposición dunha multa de 500 pesetas, non obstante, non rexistramos derrubamento ou cese dos labores de construción en ningún caso senón o proseguir das obras ata a súa finalización. Entre as causas, adúcese o problema da vivenda presente noutros puntos do Estado: "José A.S. declarou que o motivo de construír dita casa sen solicitar permiso á Alcaldía foi porque esta non autoriza a construción de casas en zona que non exista rede de saneamento e auga corrente, e como o expoñente carece de medios económicos para construír a rede de saneamento, construíu a casa para ir a vivir coa súa esposa e fillos, sendo a súa actual vivenda totalmente insuficiente". AHPLu. FX. Sum.16; Sum. 13-20; Sum. 25-29; Sum.32, 34, 47; 56-58, 124, 126-128. Ano 1959. O problema da vivenda e do saneamento durante o franquismo en Granada é analizado por Gloria Román no capítulo: "Las políticas sociales del régimen franquista. Construcción de viviendas de protección oficial, beneficencia y traídas de aguas" en Gloria ROMÁN: *Franquismo de carne y hueso. Entre el consentimiento y las resistencias cotidianas (1939-1975)*, Valencia, PUV, 2020, pp.73-127.

[43] Os delitos contra a liberdade e a seguridade que consideramos por presentar maior número de incoacións son: o abandono de familia, a violación de domicilio, as ameazas, as coaccións e o descubrimento de segredos.

Gráfica 3. Causas incoadas no PX de Lugo (1945-1966).




Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. 1945 1966.

O peso das causas seguidas por delitos contra a honestidade non é tanto cuantitativo como cualitativo. Foron os máis escasos, limitados ao 2,71% dos sumarios.[44] Así e todo, a súa incidencia social foi moi superior ao que indican as cifras xa que xeralmente atoparon a súa resolución por dúas vías alleas aos tribunais: o ocultamento e silenciamento e o "axuste de contas" no seo da comunidade. Alén dos delitos de violencia sexual (violacións e abusos consumados ou en grao de tentativa) o seu máximo expoñente constituírono os estupros. Se o delito de abandono de familia, ao que nos referinos no parágrafo anterior, serviu para protexer á institución do matrimonio o de estupro foi unha forma de evitar que as mulleres, xeralmente mozas, accederan a manter relacións sexuais baixo coaccións, que foron, segundo a documentación xudicial, das falsas promesas de matrimonio ás de manutención e seguridade económica. O réxime non o fixo con vistas á protección feminina, o seu obxectivo foi a defensa do fin vital entendido como natural no franquismo: o matrimonio. A curva que representan non amosa moito máis ca un PX onde estes delitos tiveron unha incidencia reducida pero constante, destacando o lapso de tempo entre 1945 e 1953, cunha maior presenza, e co ano 1953 como máximo porcentual (6%). Desde entón, aínda que con picos, tenderon á baixa ata que entre 1964 e 1966 se estancaron con incoacións que están entre as 10 e as 14 por ano.

[44] Referímonos a: abusos deshonestos, violacións e tentativas de violación, estupro, escándalo público, corrupción de menores, rapto e adulterio.

### 1.4.1. Causa incoada, causa sentenciada? A resolución xudicial da delincuencia

Ata o de agora centrámonos na análise do total de causas incoadas nas diferentes categorías delituosas. Consideramos que son cifras a ter en conta por achegaren un importante volume de información da problemática da provincia, pero tamén teñen potencialidade se se leva a cabo o seu cotexo con respecto ás resolucións. No momento de interpoñer unha denuncia, o aparello xudicial debía iniciar os trámites pertinentes para esclarecer o acontecido, cun obxectivo final, ditar sentenza, pero ese non resultou sempre o final do proceso. Ben ao contrario, practicamente o 63% dos casos rematou en sobresemento. Aínda que as cifras son menores tampouco foi estraño declarar falta o suceso, de maneira que o sumario era reconducido ao Xulgado de Paz do municipio no que tiveran tido lugar os feitos denunciados para que foran xulgados nesta instancia nin o seu arquivo, quedando o "caso pechado" e sen máis recorrido. Unha minoría de sumarios, particularmente os clasificados como delitos contra a honestidade, podían rematar coa extinción da acción penal, ao desistir os denunciantes ou no caso de falecer algunha das partes.[45] E, por último, os autos de rebeldía, declarados cando o procesado pasaba a paradoiro descoñecido pasando a súa procura e captura. Baixo a nomenclatura "outros" atopamos unha casuística plural entre a que podemos citar: detidos que, por mor dunha enfermidade mental, son ingresados no psiquiátrico; a prescrición do delito ou as inhibicións en favor do Tribunal Tutelar de Menores ou de tribunais especiais.

[45] Os delitos contra a honestidade rexistraron o maior número de exencións por perdón ofrecido por parte da vítima. Como veremos, tanto en estupros; que implicaban o matrimonio ou recoñecer aos posibles descendentes; como en violacións, mediante o pago da dote, ou nos abusos a menores, nos que deberon mediar as compensacións económicas extraxudiciais. Outros delitos nos que cabía a exención por perdón foron os de abandono de familia, abusos deshonestos, adulterio e rapto. Código Penal 1944.

Gráfica 4. Destino dos sumarios incoados (1945-1966).




Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. 1945 1966.

A diferenza entre o total de causas incoadas e das que se ditou sentenza é, de media, dun 74%. A falta de probas, a renuncia da parte acusadora ou a falta de medios persoais e profesionais para proseguir coa causa e achar a culpables foron os motivos recorrentes para o seu ditame. Xa que logo só un 26% de toda a delincuencia que se rexistra entre 1945 e 1966 no PX de Lugo obtivo contestación por parte da Audiencia Provincial, ben fora en forma de condena ben de absolución. Esta característica non é exclusiva nin do franquismo, nin do noso espazo de estudo. Enrique Carballo, nas súas investigacións sobre a delincuencia en Galicia no século XIX e comezos do XX coincide en que a porcentaxe de causas abertas sen sentenza era alta, e argumenta que "ás veces porque se trata dunha denuncia falsa ou dun feito que non é delituoso, mais en moitas outras ocasións, pola imposibilidade de fixar un acusado".[46] Con respecto ao período ditatorial, J. Francisco Gómez Westermeyer cifra nun 29,7% a capacidade resolutiva da Audiencia murciana, (sobre 12.989 causas rexistradas). Esta mínima capacidade sentenciadora dos xulgados é un dos motivos polo que algúns investigadores da delincuencia decidiron privilexiar como fonte os libros de sentenzas fronte aos de sumarios.[47]

No gráfico 4 podemos comprobar como a actividade da Audiencia Provincial podería dividirse en tres etapas: unha primeira de 1945 a 1953, cunha tendencia maior á finalización

[46] Enrique CARBALLO: *Violencia, crimen...*, p. 163.
[47] Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia...*, p.39.

do proceso xudicial; unha segunda, que se prolonga ata 1964, definida por constantes flutuacións e na que a actividade dos tribunais xa non recuperará as anteriores taxas, e unha última para o bienio de 1965 a 1966, de tímido ascenso. Se establecemos unha comparativa por decenios, observamos que o comprendido entre 1945 e 1955 foi o que presentou unha capacidade resolutiva superior, rexistrándose o 55% das sentenzas totais e como queda patente na elevación que se debuxa nesa primeira fase da actividade xudicial que, en todo caso, segue a representar uns valores moi baixos sobre o total de denuncias, pois non chegan ao 32% os sumarios sentenciados. O fin desta fase de ritmo ascendente albiscámolo en 1953, efectiva en 1954 cando os sumarios que saen do Xulgado de Primeira Instancia descenden un 95% en relación aos anos máis dinámicos. De 1956 a 1966 rexístrase o 45% de veredictos restantes, un 10% menos que na década precedente. O período comeza cunha nova propensión ascendente mantida ata 1959, pero, sen o suficiente pulo, non consegue reverter unha fase de escasa actividade xudicial. Así e todo, un reducido número de incoacións permite que o ano 1957 deixe máis dun 35% de sentenzas ditadas. Unha tendencia que lonxe de manterse pecha a mostra cun bienio de tímida capacidade resolutiva, oscilante entre o 16% e o 20%.

Gráfica 5. Distribución das sentenzas da Audiencia Provincial de Lugo (1945-1966).




Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. (1945-1966).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Se examinamos as sentenzas as condenas superaron con creces as absolucións, representando un 77,8% e un 22,2% respectivamente. A condena interposta máis

habitualmente polos tribunais lugueses foi a de arresto maior, que supuña de 1a 6 meses de arresto. A imposición de penas pecuniarias, de forma independente ou en combinación coas privativas de liberdade, foi tamén usual, xeralmente, en contías de 1.000 pesetas. Ambas características revelan que os delitos cometidos nin revestiron gravidade, nin implicaron importantes perdas económicas.

A delincuencia contra a propiedade foi a categoría delituosa que contou cun maior número de resolucións, supoñendo o 51% sobre o total de sentenzas. Se en vez de atender aos sumarios abertos sobre o total atendemos exclusivamente aos da categoría da delincuencia contra a propiedade (4.115) perden esa capacidade resolutiva, quedando limitadas a un 23,3% as sentenzas. A explicación da elevada taxa de sentenzas sobre o total reside en que estas tamén foron as que tiveron un número superior de causas incoadas,[48] uns elevados índices de delincuencia económica que cabe ver igualmente en termos de interese particular do franquismo á hora de perseguilos.[49] A baixa porcentaxe sobre a categoría explícase porque ata nun 55% dos sumarios as investigacións policiais remataron sen descubrir a autoría dos feitos. A nocturnidade ou actuar nun lugar despoboado foron estratexias empregadas usualmente polos delincuentes para saír impunes. Mais se algo caracterizou á autoría destes delitos contra a propiedade foi a presenza de procesados múltiples, o que explica que en 960 sentenzas foran 1.235 as persoas procesadas. Unha característica que diferenciou esta tipoloxía doutras categorías do panorama delituoso.

A segunda tipoloxía delituosa máis significativa na mostra de sentenzas conservadas foi a delincuencia contra as persoas. Con case o 19% de sentenzas, este delito, malia ocupar ese destacado segundo posto, está a moita distancia das emitidas por delitos contra a propiedade. Se atendemos exclusivamente aos delitos contra as persoas, a porcentaxe de sentenzas aumenta (27,13%).[50] E, aínda que dar cos artífices do delito parece ter sido máis sinxelo neste tipo de delitos, a problemática á hora de ditar sentenza foi similar á dos delitos económicos, un número importante de sumarios incoados por delitos como os de lesións, que remataron sen autor coñecido por variadas razóns. Estaríamos ante casos do tipo das fugas en atropelos con diferentes medios de locomoción (bicicletas, coches, ómnibuses, camións), en agresións nas que a confusión do momento é aproveitada polo infractor para escapar ou o caso de accidentes cotiás, sucesos dos que se debía informar ás autoridades pero sen que a

[48] Sumarios incoados ou abertos.
[49] Noutras palabras, ao réxime preocupáballe máis un roubo ca un abuso sexual e isto deixouse sentir nun importante volume de sumarios declarados "urxentes" a partir dos 50, unha inmensa maioría de delitos contra a propiedade.
[50] Un total de 1.312 sumarios incoados entre 1945-1966.

autoría causante do prexuízo recaera nunha persoa física (accidentes laborais, domésticos, etc.), nos que a apertura sumarial oriéntase ao esclarecemento dos feitos e á procura de posibles neglixencias e non a dirimir a autoría.

Na modalidade de delitos contra a seguridade interior do Estado acontece o contrario. Representando un 8% do total de sentenzas emitidas, acadan unha capacidade resolutiva dun 43,5%. A pouca entidade numérica que eses delitos tiveron en Lugo coincide coa doutros puntos do Estado como Zaragoza, onde Iván Martínez tamén comprobou como estes delitos caían en picado durante o franquismo debido ao papel dos tribunais militares, que durante os primeiros anos da ditadura foron os encargados de requisar armas en posesión ilegal ou de reprimir toda acción delituosa de tipo político, papel que posteriormente adoptaron os tribunais ordinarios canalizándoos a través desta modalidade delituosa. No caso lugués, os nosos rexistros para o período republicano, malia que parciais, debuxan o mesmo panorama que o comentado por Iván Martínez, pois se en 1934, ano no que se rexistra o máximo de sentenzas ditadas se chega ás 40, durante o período franquista en ningunha anualidade se superaron as 14 sentenzas.

A delincuencia contra a honestidade caracterizouse polo contraste entre o seu reducido peso sobre o total de sentenzas ditadas pola Audiencia (3,77%) e o índice resolutorio que amosou dentro da propia categoría que, tal e como observamos na táboa 8, chegou a un 36,2%. Se ben é certo que as mulleres foron moi poucas veces as protagonistas da comisión de delitos, esta foi a categoría na que tiveron unha menor presenza (13,8%), ocuparon, pola contra, o papel de vítimas de maneira habitual. Resulta pertinente, despois de establecer estas características, traer a colación unha reflexión sobre a capacidade dos tribunais de ditar sentenza e sobre que delitos absorberon os veredictos interpostos e o seu sentido.[51] En relación ás condenas, o delito de estupro foi o que encabezou a listaxe, dando conta da preocupación pola moralidade imposta e o papel dos tribunais na súa instauración. Pola contra, pode rastrexarse o desinterese da xudicatura por perseguir outros delitos de igual ou superior impacto social e persoal como os abusos e as agresións sexuais, que permanecen nun segundo plano á hora de sentenciar. Unha dobre vara de medir que quedou especialmente patente na concesión de absolucións no caso das violacións, que no caso de Lugo concedéronse no dobre de ocasións (66,6%) das que foron condenadas (33,3%). Na mesma liña podería citarse o delito de escándalo público, caracterizado pola elevada presenza de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[51] Esta e outras cuestións sobre a tipoloxía serán analizadas no Capítulo 2.

sentenzas con múltiples procesados absoltos que indican que as súas accións non ían contra a lei, senón contra a moral, unha procacidade que pretendía ser erradicada da sociedade.

Os delitos contra a liberdade e a seguridade son a tipoloxía que presenta menor índice tanto de sentenzas sobre o total (2,71%) como sobre a categoría (17,2%). A explicación reside no carácter moralizador e non punitivo do delito que se erixiu como máximo representante da categoría, o de abandono de familia. É dicir, atopámonos fronte a sumarios nos que o obxectivo non foi tanto impor penas privativas de liberdade senón "reconducir" aos cónxuxes á convivencia. Esta explicación entendemos que se ve corroborada por unhas sentenzas condenatorias e absolutorias practicamente igualadas en número, e nas que os "culpables" presentaron un perfil moi claro, o dun varón que coa súa marcha do fogar desatendía economicamente á súa esposa e aos seus fillos.

Táboa 8. Relación de sentenzas por categoría delituosa PX de Lugo (1945-1966).

| Categoría delituosa | Representatividade das sentenzas | | | |
|---|---|---|---|---|
| | % Sobre o total de sentenzas | | % Sobre a categoría | |
| Contra a propiedade | 960 | 51,1% | 4115 | 23,32% |
| Contra as persoas | 356 | 18,94% | 1312 | 27,13% |
| Contra a seguridade do Estado | 152 | 8,08% | 349 | 43,55% |
| Contra a honestidade | 71 | 3,77% | 196 | 36,22 % |
| Contra a liberdade e a seguridade | 51 | 2,71% | 296 | 17,22% |

Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sent. (1945-1966).

Cando un tribunal ditaba sentenza en firme condenatoria existía un mecanismo co que os culpables puideron eludir ir a prisión de maneira total ou parcialmente, o indulto. Os criterios para a súa concesión foron disímiles e quedaron establecidos nunha serie de decretos promulgados polo réxime ao longo dos anos, aproveitando datas sinaladas do calendario franquista para publicitar esa falsa idea de "reconciliación nacional".[52] En termos xerais, estes decretos implicaban o indulto total para as penas de pouca duración e o parcial para as máis longas. O primeiro decreto que repercutiu sobre o noso período de estudo foi o promulgado o polo Ministerio de Xustiza o 17 de xullo de 1947, que establecía "o indulto total das penas de arresto maior e correctivos de arresto militar por infraccións cometidas ata o 18 de xullo de

[52] Sobre esta cuestión vd.: Ramón M. ORZA: "Amnistías e indultos durante el franquismo y la transición", en José Antonio PÉREZ e Sara MORENO (coords.): *Represión y orden público durante la II República, la Guerra Civil y el franquismo. Una visión comparada*, España, Aranzadi Thomson Reuters, 2019, pp.115-162, esp.p. 6.

1947" xunto co "indulto dunha cuarta parte das penas privativas de liberdade que en orixe non superaran os 12 anos". Concesión, segundo o réxime:

> "Froito da xenerosa política penal do Goberno" que permitiu incorporar "á vida nacional" a numerosos españois que "arrepentidos dos seus pasados erros, contribúen co seu traballo e vida honrada ao sostemento da familia e a levantar a economía da Nación".

Lonxe dunha imaxe caritativa e redentora que evoca á retórica, a realidade foi outra dominada pola necesidade de man de obra barata nun país en crise económica e a necesidade de aliviar a situación de colapso pola que pasaban as diferentes prisións do Estado, como a mesma Cárcere Provincial de Lugo.[53]

A actividade dos tribunais ordinarios franquistas, caracterizada como sinalabamos por unha reducida capacidade resolutiva, como se demostrou para o caso lucense, alcanzou os seus máximos durante os que denominamos "anos da fame" (1945 a 1952) cando os seus esforzos por condenar toda actitude que puxera en perigo o establecemento do réxime se materializou nun número crecente de incoacións, que aínda que se traduciron nun lixeiro incremento no número de sentenzas, a súa capacidade amosou ser, canto menos, limitada. Tales circunstancias poñen de manifesto como na posguerra, a vontade punitiva do réxime e dunha sociedade instrumentalizada ao seu servizo superaron ao propio sistema. Non faltaban denuncias que poñer, nin acusacións que lanzar, mais si medios policiais e xurídicos cos que canalizar esas denuncias.

En resumo, a comparativa entre a liña debuxada polas sentenzas e a dos sumarios incoados permítenos extraer as seguintes conclusións: a primeira, que a meseta da posguerra é consecuencia do procesamento dun importante número de persoas por delitos contra a propiedade, os máis perseguidos polo réxime. A segunda, que a diminución da delincuencia durante os anos cincuenta non só se deixou notar no número de denuncias interpostas, tamén no ritmo da administración de xustiza e, por último, que os derradeiros anos analizados o labor dos tribunais foi inferior en canto á resolución sumarial, en relación inversa ás causas incoadas. Con respecto ás categorías delituosas que protagonizaron esas sentenzas, a delincuencia contra a propiedade continuou a encabezar a listaxe en relación ao total, cifras que puideron ser superiores pero víronse coartadas polas limitacións do sistema á hora de

[53] Cun aforo de 140 persoas chegou a albergar ata 900. María Jesús SOUTO: *A represión franquista na provincia de Lugo (1936-1940)*, Tese doutoral, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1997.

achar aos culpables. Non sucedeu así cos delitos contra a seguridade interior do Estado, reducidos en número mais nos que as pescudas de culpables e a actitude proactiva dos xuíces se deixaron sentir particularmente. O mesmo aconteceu cos delitos contra a honestidade, que, agás no caso dos estupros, culpabilizaron á vítimas de violencia sexual coa exoneración dos seus agresores.

## 1.5. A análise da delincuencia desde unha perspectiva comparada

Unha vez descrita a realidade da delincuencia no contexto da II República e as particularidades que presentou esta mesma no PX de Lugo durante o franquismo consideramos de relevancia poñer en valor estes achados a través da súa comparativa con investigacións sobre a delincuencia na ditadura, algunhas das cales xa temos empregado ao longo deste capítulo. Entre 1945 e 1949 no PX de Lugo foron incoados un total de 1.565 sumarios, dos cales 434 remataron cunha sentencia, ben condenatoria, ben absolutoria, o que supón un índice resolutivo de 27,7 sentenzas por cada 100 sumarios incoados neste período. No caso de Murcia, en sendas datas acumuláronse un total de 6.733, 2.029 causas sentenciadas, sendo a taxa resolutiva lixeirisimamente superior, 30 casos de cada 100. Non o foron as cifras absolutas da delincuencia, moi distantes entre ambas entidades. Neste senso cabe preguntarse se esta desemellanza foi consecuencia unicamente do abismo demográfico entre ambos os espazos ou se Murcia presentou taxas superiores de delincuencia ás luguesas, interrogante ao que responderemos a continuación.

Táboa 9. Comparativa taxa sumarios e sentenzas cada 100.000 habitantes PX de Lugo e Murcia.

| Ano 1947 | | | |
|---|---|---|---|
| Unidade territorial | Poboación en 1950 | Taxa de incoacións cada 100.000 habitantes | Taxa de sentenzas por cada 100.000 habitantes |
| PX Lugo | PX 108.106 | 275,65 | 80,47 |
| Cáceres | 549.077 | - | 85,41 |
| Ano 1949 | | | |
| PX Lugo | PX 108.106 | 270 | 95 |
| Murcia | 719.701 | 269,97 | 70,58 |
| Media 1945-1949 | | | |
| PX Lugo | PX 108.106 | 289,5 | 80,29 |

Fonte: elaboración propia a partir de: AHPLu. FX. Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia*…, p.50 e p. 55. Fernando SÁNCHEZ: "La delincuencia "sociopolítica"...", p.629.

Para salvar a barreira demográfica e establecer unha comparativa verosímil cómpre cinguirnos ao nivel de sentenzas ditadas por cada 100.000 habitantes.[54] Segundo o censo de 1950, o Partido Xudicial de Lugo contaba cunha poboación aproximada de 108.106 habitantes.[55] Cun total de 435 sumarios incoados e 103 sentenzas en 1949, suporía unha taxa de incoacións de 402 sumarios e 95 sentenzas cada 100.000 habitantes. Pola súa parte, a poboación da provincia de Murcia ascendía nesas mesmas datas a 719.701. Se en 1949 se rexistran 1.943 sumarios e 508 sentenzas ditadas pola Audiencia Provincial, equivalería a unha taxa de 270 sumarios incoados e unha taxa de sentenzas de case 71 por cada 100.000. Por tanto, o índice delituoso do PX de Lugo é minimamente superior ao da provincia de Murcia tanto en índice de incoacións como de resolucións xudiciais cada 100.000 habitantes. Para contextualizar debidamente estas cifras débese ter en conta, por unha banda e, en relación ás sentenzas murcianas, que, como xa ten sinalado o propio Juan F. Gómez, apuntan a unhas actuacións insuficientes por parte da Audiencia Provincial , que o historiador cualifica de "contidas" e, por outra, no tocante aos sumarios lugueses, cómpre recordar que o ano 1949 presenta o maior índice de incoacións deste espazo. Podemos tamén engadir un novo referente de comparación a esta análise coa introdución dos datos de sentenzas para 1947 na provincia de Cáceres, que nos falan de 85,4 sentenzas cada 100.000 habitantes, mentres que Lugo está nas 80,5.[56] Unha taxa de sentenzas parella entre ambas provincias que pon sobre a mesa que Lugo estivo na media Estatal en canto á comisión de delitos.[57]

Os investigadores na materia non dubidan á hora de afirmar que a delincuencia contra a propiedade é a protagonista indiscutible do groso da delincuencia na posguerra española. Sánchez Marroyo é categórico ao respecto e determina que, en Cáceres, "os delitos contra a propiedade foron os máis frecuentes e representaron na etapa máis da metade da delincuencia". Unha afirmación que corrobora coas cifras expostas por roubos e furtos, na anualidade de 1942, 183 sentenzas representativas dun 70% sobre o total da delincuencia, ano que describe como "un dos máis duros da fame de posguerra". Se as comparamos coas que este mesmo autor recadou para o mesmo espazo na II República observamos como a delincuencia contra a propiedade, malia continuar sendo protagonista, experimentou un

[54] Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia...*, p.143.
[55] 508.916 a nivel provincial. INE. Censo 1950. Recuperado de internet (https://www.ine.es/inebaseweb/treeNavigation.do?tn=92661&tns=125358#125358), consultado o 27 de setembro de 2022.
[56] O ano 1947 é a última anualidade dispoñible nos estudos de Sánchez. Por outra banda, descoñecemos o número de sumarios incoados na provincia. Fernando SÁNCHEZ: "La delincuencia "sociopolítica"...", p.629.
[57] Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia...*, p.64.

enorme incremento, do 191%.[58] Iván Martínez coincide coas conclusións de Sánchez Marroyo e sentenza que "o reconto para a ditadura deixa patente o predominio absoluto duns delitos contra a propiedade elevados ata as 1.913 sentenzas criminais (...) As cales aumentaron en case mil sentenzas respecto do período republicano".[59] Á mesma conclusión chegou Juan Ignacio Santos en Málaga, onde entre 1937 e 1941 "máis do 60% das sentenzas obedecen á violacións da propiedade, basicamente furtos, roubos e estafas".[60] Ou en Murcia, onde as altas taxas de ladroízos nos primeiros anos da ditadura, en torno a un 70%, "evidencian a oposición entre a miseria dun tempo e a recia vontade dun réxime por defender ata as últimas consecuencias a propiedade privada, especialmente en contextos eminentemente agrarios como Albacete ou Murcia".[61] Con respecto ao PX de Lugo, carecemos de datos para a inmediata posguerra, porén, desde que contamos con rexistros, o ano 1945 e como xa temos apuntado, a delincuencia contra a propiedade supera con creces a calquera outro delito.[62] Estas conclusións das investigacións históricas vense corroboradas polos datos do Anuario Estatístico de España, que sinala que, en 1941, dun total de 112.739 causas incoadas nos xulgados de instrución españois, 79.331, ou o que é o mesmo, un 70,4%, son por delitos contra a propiedade.[63] As causas debuxadas son igualmente taxativas, unha fame negra e a necesidade.[64]

Consideramos pertinente trazar unha comparativa entre o PX de Lugo e a provincia de Murcia, como comentamos, únicos espazos que analizan a delincuencia un alén de 1945. Pese a parecer dous territorios totalmente alleos existiron numerosos elementos comúns entre ambos. O máis salientable foi unha marcada influencia do espazo rural, que conferiu similares características á delincuencia rexistrada en ambos espazos.[65] O outro dos puntos converxentes foi que a provincia de Murcia, agás a capital e Cartaxena, estaba conformada por Partidos Xudiciais de poboación similar á da cidade luguesa, entre os 80.000 e os 42.000 habitantes, coa existencia incluso de PX que coincidían en poboación con algún dos

[58] Porcentaxe achado tomando en consideración non as anualidades máis afastadas, senón as que presentaron o maior número de sentenzas, as de 1932 con 151 e a de 1947 con 469. Fernando SÁNCHEZ: "La delincuencia "sociopolítica"...", p.629.
[59] Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria...*, p.53.
[60] Juan Ignacio SANTOS: "Delincuencia en Málaga durante la postguerra...", p.131.
[61] Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia…,* pp.61-62.
[62] En cifras absolutas, nada parece indicar unha ruptura co período republicano e, se comparamos o número de sentenzas ditadas en 5 anos da república, con 5 anos para a ditadura os números son moi parellos: 477 sentenzas resoltas entre 1932-1936 fronte a 434 entre 1945 e 1949.
[63] Juan Ignacio SANTOS: "Delincuencia en Málaga durante la postguerra...", p.134.
[64] Non nos deteremos agora nas súas características, reservadas ao capítulo 3.
[65] Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia…,* p.69.

municipios lugueses, véxase o caso de A Unión, con 10.079 habitantes en 1940, moi próxima aos 11.240 de Friol.[66]

O primeiro que observamos nesa comparativa xeral é un desfase considerable entre o número de causas incoadas entre ambos espazos, unha cuestión que como xa comentamos deriva dunha demografía dispar. Se nos cinguirnos ás porcentaxes das catro categorías delituosas entre 1945 e 1949, tanto Lugo como Murcia elevan a delincuencia contra a propiedade ao primeiro lugar en incidencia, sendo representativas, de media, dun 62,3% e dun 60% respectivamente sobre o total.[67] Cifra de incoacións que mentres que en Lugo presenta unha tendencia alcista desde o primeiro dos rexistros, que como vimos, vai continuar ata alcanzar o cénit en 1950, en Murcia debuxa picos de delincuencia nas anualidades impares, non obstante, tamén *in crescendo*. En ámbolos casos, é 1949 o ano no que se contabilizan máis causas por estes delitos, 271 sumarios no caso de Lugo, 1.251 no de Murcia, un achado que consideramos de relevancia, pois alude a que os anos máis duros da fame non se limitaron á inmediata posguerra. En Murcia, 1941 e 1949 son os anos que presentan maior índice de delitos contra a propiedade, un 70,3% e un 64,4% respectivamente, mentres que en Lugo sería 1950, cun case idéntico 70,4%.[68]

A seguinte categoría en importancia constitúena, en ambas rexións, os delitos contra as persoas. O seu peso porcentual foi moi superior na provincia murciana, cun 23,3% sobre o total, fronte a un 12,2% en Lugo. Ademais os camiños que toman estes delitos diverxen e, se en Lugo comezan e rematan a mostra cunha representatividade similar, en torno ao 12%, en Murcia a tendencia foi de descenso, pasando dun 29% o primeiro ano rexistrado a un 21%. Isto non implicou un número inferior de incoacións, todo o contrario, rexístrase un 47% máis de delitos desa tipoloxía en Lugo. Noutras palabras, se ben en Lugo as sentenzas ditadas, e por tanto os delitos contra as persoas permaneceron estables ao longo do quinquenio, en Murcia, esta irregularidade deriva do aumento en número de incoacións xerais que, pese a darse lixeiramente sobre os sumarios incoados, víronse porcentualmente minorados consecuencia da invisibilización estatística. Situación similar á experimentada en Zaragoza en anos previos e da que Iván Martínez sinala:

[66] INE, Censo 1940. Recuperado de internet. (https://www.ine.es/inebaseweb/pdfDispacher.do?td=120205&ext=.pdf), consultado o 29 de setembro de 2022. Algúns exemplos: Lorca, 84.805; Mula, 63.185, Cieza, 57.723... Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia…,* p.66.

[67] Consideramos as categorías: contra a propiedade, contra as persoas, contra a honestidade e contra a seguridade interior do Estado por rexistrar un número de causas superior.

[68] AHPLu. FX. Sum e sent. 1945-1966. Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia…,* p. 56.

> "O incremento dos delitos contra as persoas debeuse máis á mingua do resto de infraccións, especialmente aquelas contra a orde pública, que á proliferación de actos violentos entre persoas".[69]

Os delitos contra a seguridade interior do Estado ocupan o terceiro lugar no PX de Lugo, cun impacto moi parecido ao de Murcia. Oscilaron ao redor dun 5% en Lugo e dun 4% en Murcia. Inferiores a estas taxas son as rexistradas no caso de Zaragoza, comparativa que introducimos pola relevancia que tivo pasar dun 22,3% de sentenzas na República, xa comentado, a un escaso 3% na ditadura e que, en palabras de Iván Martínez "atópase na dobre natureza do réxime, represiva e punitiva, como na subordinación da xustiza ordinaria á militar no referente á resolución das accións contra os representantes ou forzas da orde".[70] En ningún dos casos observamos un elevado número de sentenzas ditadas, porén, a súa relevancia non reside no peso numérico, senón en que botan luz sobre a existencia de comportamentos contestatarios entre a poboación que, lonxe de verse silenciados a través da súa represión, mantéñense a medida que avanza o franquismo. De intensidade variable, en poucos casos poden ser considerados actos de subversión, senón pequenas accións de insubordinación ou resistencia a cumprir coas directivas da ditadura en diferentes planos. No caso lucense rexistramos, por exemplo, resistencia a ser detidos, a entregar alimentos requisados en época do racionamento, proferir insultos "ensuciando a altas instancias", entre outras mostras de desacordo e indignación. Son sucesos similares aos acontecidos en Murcia e que teñen como protagonistas a sectores desfavorecidos da sociedade e nos que está presente, nalgúns casos, o consumo excesivo de alcol. Vencellámolos esencialmente ao espazo urbano, privilexiando lugares de ocio, esparexemento e desinhibición como tabernas, paseos ou parques. Estas leves alteracións da orde pública materializáronse en inxurias, desacatos, resistencias e atentados á autoridade, delitos protagonistas da categoría.[71]

Táboa 10. Causas incoadas polo Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Lugo (1945-1949).

| Ano | Delitos | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Contra a propiedade | | Contra as persoas | | Contra a honestidade | | Contra a seguridade do Estado | | TOTAL |
| | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Nº | % | |
| 1945 | 107 | 53,5 | 25 | 12,5 | 2 | 1 | 16 | 8 | 200 |

[69] Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria...*, p.349.
[70] *Ibid*, p.383.
[71] Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia...*, p. 407.

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1946 | 185 | 61,46 | 43 | 14,28 | 7 | 3,6 | 21 | 6,97 | 301 |
| 1947 | 185 | 62 | 34 | 11,4 | 4 | 2 | 11 | 3,69 | 298 |
| 1948 | 227 | 68,58 | 35 | 10,57 | 8 | 4,1 | 13 | 3,92 | 331 |
| 1949 | 271 | 62,29 | 54 | 12,41 | 14 | 7,1 | 24 | 5,51 | 435 |
| Total | 975 | 62,3 | 191 | 12,2 | 35 | 2,23 | 85 | 5,43 | 1.565 |

Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. (1945-1966).

Táboa 11. Libros de rexistro de causas de Murcia (1945-1949).

| Ano | Delitos Murcia | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Contra a propiedade | | Contra as persoas | | Contra a honestidade | | Contra a seguridade do Estado | | TOTAL |
| | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Nº | % | |
| 1945 | 707 | 53,5 | 388 | 29,3 | 87 | 6,6 | 56 | 4,2 | 1.322 |
| 1946 | 615 | 59,9 | 232 | 22,6 | 53 | 5,1 | 51 | 5 | 1.028 |
| 1947 | 971 | 60,7 | 360 | 22,5 | 100 | 6,2 | 61 | 3,9 | 1.599 |
| 1948 | 489 | 58,1 | 183 | 21,7 | 64 | 7,6 | 46 | 5,5 | 841 |
| 1949 | 1.251 | 64,4 | 406 | 20,9 | 100 | 5,1 | 75 | 3,9 | 1.943 |
| Total | 4.033 | 59,89 | 1.569 | 23,3 | 404 | 6 | 289 | 4,29 | 6.733 |

Fonte: elaboración propia a partir de Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia...*, p.50.

O último dos grupos delituosos a considerar é o dos delitos contra a honestidade. A súa presenza é mínima en Lugo, dun 2,2%, unha porcentaxe inferior á rexistrada neste mesmo espazo durante a República. No caso murciano foi do 6%. Taxas que dan conta de dous modelos de sociedade no relativo á resolución das afrontas á honra: unha que, cunha moral tradicional actúa seguindo o disposto na lei poñendo á disposición da xustiza aos que actuaran en contra dela, e outra que, precisamente, pola vergoña que supuña quebrantar os preceptos católicos procura a súa solución con discreción no máis absoluto ostracismo. En relación a esta última, sinalar que unha parte moi importante de abusos nunca foron denunciados, especialmente os delitos sexuais, pois era máis o medo das mulleres ao escarnio público que o que lles infería levar tal peso ás costas. En moitos casos a non atribución de culpabilidade débese á ineficacia do sistema, e así se proba pola distancia entre incoacións e sentenzas que alude a que moitas destas denuncias foron desoídas ou que as vítimas conformáronse cunha compensación no eido extraxudicial, xeralmente, mediante o pago de indemnizacións en concepto de dote, quedando a causa desistida. En todo caso, a incidencia deste tipo de delincuencia non debeu resultar preocupante a ollos das institucións pois tanto

USC DE COMPOSTELA

en Lugo como en Murcia a situación da moral é descrita polo Padroado de Protección á Muller como "boa".[72]

Se descendemos un nivel máis nestas categorías aparecen roubos e furtos. A tónica usual no conxunto do Estado foi que os segundos predominaran sobre os primeiros, por constituíren accións máis sinxelas. Os furtos non implicaban un plan, nin o uso da forza, permitían obrar con celeridade, discreción e, xeralmente, saír aos seus artífices impunes ou, de seren descubertos, recibir unha condena inferior á que correspondería de obrar con violencia sobre as cousas. Esa circunstancia apúntaa Iván Martínez para Zaragoza, onde o furto representou un elevado 37% das sentenzas fronte ás 14,4% por roubo; tamén se repite a tendencia en Cáceres, onde entre 1940 e 1947 Sánchez Marroyo contabiliza un 28,2% de furtos mentres que os roubos quédanse nun 22,4%, e en Cataluña, onde Conxita Mir e Carme Agustí determinaron que as sentenzas por furto foron superiores ás de roubo tanto en Lleida, como en Girona e Tarragona (1939-1941). Fronte a estes exemplos, Murcia e Lugo ofrecen un panorama discordante. En Lugo a diferenza entre roubos e furtos é mínima, tanto que, no caso das incoacións, a tendencia prodúcese á inversa e son os roubos os que, por pouco, superan aos furtos.[73] Nas causas sentenciadas prevalece a dinámica xeral, cun 16% de furtos fronte a un 15,5% de roubos, con todo, cifras parellas en relación ás existentes nas restantes provincias citadas que converten Lugo na excepción á norma. No caso de Murcia a diferenza entre ambos delitos increméntase ata o 1,5%, cun 28,1% de sentenzas por roubo, fronte a un 26,8% por furto.[74]

Táboa 12. Sentenzas ditadas nos delitos con maior incidencia durante o franquismo.

| Delito | Roubo % | Furto % | Lesións % | Estafa % |
|---|---|---|---|---|
| Lugo (1945-1966) | 15,5% | 16% | 12,7% | 7,2% |
| Cáceres (1940-1947) | 22,4% | 28,2% | - | - |
| Murcia (1939-1949) | 28,1% | 26,8% | 6,2% | 8,6% |
| Zaragoza (1939-1945) | 14,4% | 37% | 5,8% | 9,7% |

Fonte: elaboración propia a partir de: AHPLu. FX. Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia*..., pp.102 e 283. Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria...*, pp. 272 e 350.

[72] AHPLu. FSS. PPM. Extractos dos informes das Xuntas Provinciais, 1943-1946.

[73] Para o total da mostra, 1.288 sumarios foron incoados por roubo e 1.250 por furto. AHPLu. FX. Sum. 1945-1966.

[74] Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia…,* p.106. Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria...*, p.272. Cun 64,33% dos expedientes en 1941 xerados por furto e un 14,6% por roubo. Conxita MIR, Carme AGUSTÍ e Joseph GELONCH: *Pobreza, marginación, delincuencia*..., p.89. Carme Agustí salientou a xuventude como característica entre os seus artífices. Carme AGUSTÍ: "Golfillos de la calle...", pp.309-322.

A partir de aquí as diferenzas interprovinciais van *in crecendo.* Así, por exemplo, o seguinte delito en importancia numérica en Lugo constitúeno as lesións, representativas dun 12,4% sobre o total de incoacións entre 1945 e 1966 e dun 16% das sentenzas. Cómpre facer notar ademais ou seu elevado índice resolutivo, do 69%. Xa non así en Murcia, onde son as estafas as que ocupan este lugar, con 13,1% das sentenzas, que no lugués a penas superan o 7%. Zaragoza coincide neste aspecto coa realidade murciana, e as estafas entre 1939 e 1945 superan ás lesións, representativas dun elevado 15,1% e dun 9% respectivamente sobre o total de sentenzas. Unhas cifras que se as comparamos cos furtos poden semellar insignificantes, non así se a consideramos con outras categorías delituosas "residuais" sobre o total, como foron a dos delitos contra a honestidade.[75]

Táboa 13. Comparativa das causas incoadas en España e no PX de Lugo (1950-1960).

| Ano | Total causas incoadas España | Delitos contra a propiedade | % | Total PX de Lugo | Delitos contra a propiedade | % |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1950 | 106.532 | 63.348 | 59,46% | 405 | 285 | 70,37% |
| 1951 | 110.352 | 66.087 | 59,88% | 402 | 263 | 65,42% |
| 1952 | 104.571 | 59.223 | 56,66% | 350 | 203 | 58% |
| 1953 | - | - | - | 286 | 145 | 50,69% |
| 1954 | - | - | - | 236 | 114 | 48,3% |
| 1955 | - | - | - | 283 | 132 | 46,64% |
| 1956 | 100.619 | 45.825 | 45,54% | 243 | 128 | 52,67% |
| 1957 | 106.655 | 46.836 | 43,91% | 230 | 106 | 46,1% |
| 1958 | 111.359 | 48.458 | 43,51% | 303 | 151 | 49,83% |
| 1959 | 119.709 | 52.697 | 44,02% | 348 | 159 | 45,68% |
| 1960 | 121.902 | 54.441 | 44.65% | 336 | 179 | 53,27% |

Fonte: elaboración propia a partir de Manuel ORTIZ: *La violencia política en la dictadura franquista 1939-1977*...,p.61.

Superada a posguerra, os anos cincuenta e sesenta constitúen o período menos explorado pola historiografía sobre a delincuencia. Probablemente porque as tendencias non son xa tan marcadas como nas décadas precedentes, o que dificulta as análises e as comparativas entre territorios. Para unha aproximación á situación da delincuencia contra a propiedade no conxunto do Estado contamos cos datos aportados polo Anuario Estatístico de España entre 1950 e 1960, non obstante, en anualidades descontinuas. Como comentabamos previamente, no PX de Lugo o ano no que máis se deixaron sentir os efectos da fame foi o

[75] Para Lugo, agás que sinalemos o contrario, a mostra da que extraemos os datos é de 1945 a 1966.

1950, cando os delitos contra a propiedade alcanzan o 70,4% das incoacións. Unha cifra que marca o inicio dun período de descenso, determinado por unha situación económica xa non condicionada polo racionamento e pola fame negra. Pero, iso non supuxo que a fame rematara, é máis, as causas expostas nos sumarios incoados por roubos e furtos continuaron aludindo, como veremos, aos estados de necesidade; ao igual que o fixeron os botíns subtraídos, bens de consumo de primeira necesidade.

A situación no conxunto do Estado, aínda que menos acentuada que no PX de Lugo, apunta na mesma dirección ao establecer os delitos económicos do bienio en cifras moi próximas ao 60% de toda a delincuencia, moi lonxe daquel 31,7% que presentaban no Lugo da II República, do 31,2% de Cáceres ou incluso do 42,9% no caso zaragozano.[76] En relación ás restantes categorías, como vemos, non se producen grandes cambios desde o punto de vista cuantitativo, cun número de incoacións que, agás no delito de lesións, por causas que xa adiantabamos anteriormente, é totalmente anecdótico.

## 1.6. Conclusión

Tras oito anos de República e unha guerra civil, un 1 de abril de 1939 Franco anunciaba a finalización da contenda e o inicio da ditadura. Coa súa imposición daba comezo un proceso de erradicación desde a raíz de todo o que tivera que ver coa experiencia democrática. Unha represión que se deixou sentir tamén no lexislativo, coa imposición de numerosas medidas orientadas a lograr o estrito control da sociedade, en aras de garantir a súa consolidación.[77] En relación á delincuencia, o Código Penal de 1932, o republicano, foi progresivamente modificado coa creación urxente dun "corpus legal *ad hoc*" que frutificou no coñecido como Código Penal franquista, en 1944.[78] En termos xerais, vimos, supuxo un endurecemento punitivo, coa reinstauración da pena de morte como máximo expoñente, novas circunstancias agravantes e unha diminución das atenuantes pero tamén foi un medio polo que blindar o control social. Algúns dos grandes cambios producíronse en relación á relixión, pois o códice só contemplou a protección da "católica apostólica e romana" o que remataba coa laicidade do anterior Código Penal. O delito de blasfemias foi o máximo expoñente da súa salvagarda, e erixiuse como o instrumento represor de calquera conducta contraria aos valores do réxime, e, por tanto, perseguidor de todo tipo de actitude díscola. En materia de xénero, supuxo unha regresión ao século anterior cun claro obxectivo, retornar á

[76] APL. FX. LRE. AP. Sent. Anos 1931-1936. Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria*..., p.49 e ss. Fernando SÁNCHEZ: "La delincuencia "sociopolítica"...", p.238.
[77] Julián CASANOVA: *Morir, matar, sobrevivir*..., pp.5-6.
[78] Lucio MARTÍNEZ: *Medo político e control social na retagarda franquista*, Vigo, Xerais, 2015, p.17.

muller ao ámbito privado, ao doméstico, onde sería unicamente nai e esposa. O endurecemento do delito de aborto blindou a natalidade, mentres que o de adulterio, o de uxoricidio e o de abandono de familia, que foran derrogados na II República, pecharon o círculo.

Que os delitos contra a propiedade foron os máis numerosos durante os primeiros anos do franquismo semella ser unha afirmación indiscutible desde o punto de vista delituoso. Porén, aceptala sen considerar cal foi a situación precedente confírelle á ditadura unha excepcionalidade que non debe ser asumida arbitrariamente. Precisamente co obxectivo de sustentar os nosos achados sobre unha sólida base histórica realizamos unha análise xeral da delincuencia durante a II República. A partir das comparativas establecidas cos resultados das Audiencias Provinciais de Murcia e Cáceres e as Executorias de Lugo, extraemos as seguintes conclusións. A máis importante, que na II República, a delincuencia caracterizouse pola variabilidade entre rexións, e por un número de causas por tipoloxía que se manteñen máis ou menos estables no transcurso do tempo, non así no franquismo. A seguinte, que a delincuencia contra a propiedade, a delincuencia contra as persoas e os delitos contra a Seguridade Interior do Estado colocáronse, en termos numéricos, á cabeza da criminalidade do período, unha tríade onde o seu protagonismo diferiu en función das características da rexión. Lugo aparece como excepción e establece a delincuencia contra as persoas no primeiro lugar en incidencia, particularmente, co delito de lesións á cabeza; mentres que en Cáceres e Zaragoza o papel protagonista tomárono os delitos contra a propiedade. Grupos delituosos, en principio, alleos, pero entre os que establecemos unha relación causa-efecto, especialmente, entre aqueles que atentaron contra o patrimonio e os que o fixeron contra a integridade física. Os primeiros, motivados por unhas necesidades máis ou menos perentorias, puideron ser a orixe de conflitos interpersoais nos que os afectados acudían á violencia para a súa resolución cando, ou non se vían satisfeitos pola vía penal, ou cuxo dolo non se entendía como resarcido xudicialmente. En relación aos delitos contra o Estado, precisamente vencellamos á propia natureza democrática da República e á humanidade do Código Penal de 1932 a superior incidencia dos conflitos coas autoridades que foron desde folgas, pugnas políticas ou simples réplicas ante reprimendas anubradas pola embriaguez.

Durante o franquismo a delincuencia vai sufrir un incremento exponencial marcada por unha delincuencia económica sempiternamente protagonista. No PX de Lugo fixémola divisible en tres estadios: o primeiro, de ascenso vertixinoso entre 1945 e 1952, cando os delitos son os propios dun espazo afundido na miseria. 1950 marcou o seu cumio cando a delincuencia contra a propiedade foi, practicamente, toda a delincuencia rexistrada. O

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

seguinte abrangueu de 1953 a 1958, no que malia que a delincuencia económica entra nunha fase regresiva as causas aludidas para a comisión destes crimes continúan a referenciar os problemas do anterior período. E, por último, entre 1958 e 1966, unha nova etapa na que as cifras totais de delincuencia volven a incrementarse progresivamente ata alcanzar os niveis prebélicos, non obstante, onde o móbil da necesidade queda eclipsado polo ánimo de lucro e os conflitos interpersoais por uns accidentes de tráfico que copan a tipoloxía. E malia que as circunstancias mudaran, os mínimos da delincuencia contra a propiedade nunca serán alcanzados, nin sequera, polos máximos da II República, un reflexo do calado de novos hábitos na sociedade que pasou de recorrer á forza para resolver todo tipo de conflitos, especialmente vulneracións da propiedade, a interpoñer denuncias e procurar "vinganza" desde a legalidade vixente, non por unha cuestión moral senón porque era máis o que podían perder que o que podían gañar. As restantes categorías delituosas exemplificaron unha sociedade fortemente marcada polo carácter represor e disciplinario do réxime, onde non cabía ningún tipo de actitude contestataria fronte á orde establecida. Sumarios que son a imaxe da obsesión por velar polo que consideraban era "a boa moral e os bos costumes", unha idiosincrasia ultraconservadora que privilexiou a defensa da indisolubilidade do matrimonio fronte á dunha vítima de violencia sexual, especialmente visible no xudicial. Nesa mesma liña actuou a xudicatura e, se os delitos contra a seguridade interior do Estado mereceron unha especial atención, a antítese representárona os delitos contra a honestidade que, agás nas causas por estupro a penas obtiveron resposta.

Coincidindo coa realidade luguesa de posguerra, tanto en Murcia, como en Zaragoza, Cáceres, Lleida, Tarragona, Girona, Albacete ou Alicante determinamos con absoluta rotundidade que a delincuencia contra a propiedade foi a categoría delituosa por excelencia. As causas de tal fenómeno converxen en tódalas investigacións, unhas condicións de vida que se tornan absolutamente miserentas e obrigan á poboación, especialmente ás clases sociais máis humildes, a protagonizar todo tipo de roubos e furtos "famélicos", erixidos como estratexias de supervivencia. Non obstante, cun achado fundamental, considerar como "anos de fame" tempos máis aló destas datas. Os nosos estudos secundan, en cifras, o reflexionado cualitativamente en investigacións recentes sobre esta década, que se os anos corenta foron anos de miseria, os cincuenta foron aínda anos de moita pobreza.[79]

A década dos sesenta foi un período desatendido pola historiografía. Tomando en consideración unha única, mais prolífica fonte, o Anuario Estatístico de España e a súa

[79] Miguel Ángel DEL ARCO: "¿Se acabó la miseria? La realidad socioeconómica en los años cincuenta", en Miguel Ángel DEL ARCO e Claudio HERNÁNDEZ (eds): *Esta es la España de Franco...*, pp. 49-72, esp.p.52.

comparativa cos datos extraídos no PX de Lugo puidemos concluír que, no franquismo, os altos niveis de delincuencia contra a propiedade non foron exclusivos de momentos considerables de precariedade económica, senón que van perdurar como un fenómeno inherente a toda a ditadura, o que vai constituír o principal punto de diverxencia co anterior período democrático. E sentenciamos: se a República definíase en termos de conflitividade social, o réxime fíxoo en termos de delincuencia económica.

Ao longo deste capítulo puidemos comprobar como os delitos contra a propiedade, contra as persoas e contra a seguridade interior do Estado foron protagonistas tanto na II República como no franquismo, se ben totalmente disímiles en cifras e características. E, se durante a II República os delitos correspondéronse cos dunha sociedade democrática, activa, contestataria e mesmo disidente, mais tamén coa presenza de oportunistas e persoas necesitadas, no franquismo, a realidade social de posguerra pasou por criminalizar todo aquel comportamento que puxera en perigo os novos principios de familia, xerarquía e, particularmente, propiedade, protexida, mais tamén cobizada, aos máis altos niveis. Unha realidade que non mudou ata ben entrados os anos sesenta, aínda que só desde o cualitativo, cando esa necesidade perentoria deixa de insuflar a delincuencia e son os delitos cometidos por ánimo de lucro os que toman a dianteira, xunto cos accidentes de tráfico e unhas resistencias de baixa intensidade que non deixaron de ser perseguidas e penalizadas.[80]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[80] Manuel ORTIZ HERAS: *La violencia política en la dictadura...*, p. 59.

# CAPÍTULO 2. |

# DELINCUENCIA COMÚN EN FEMININO

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

## CAPÍTULO 2. DELINCUENCIA COMÚN EN FEMININO

### 2.1. Delitos "en violeta"

Consideramos que establecer un capítulo que denominamos "en violeta", por adoptar unha perspectiva de xénero, é necesario para botar luz sobre as mulleres que, do mesmo xeito que os varóns, incorreron en ilegalidades e puxeron en marcha estratexias á marxe da lei. E fixérono de forma significativamente distinta ao seus homólogos masculinos. A posta en valor das mulleres coma suxeitos históricos e o uso do xénero coma categoría de análise pasa por priorizar, como xa ten sinalado Conxita Mir, o cualitativo sobre o cuantitativo, pois, se nos limitamos ás porcentaxes o xénero feminino queda invisibilizado.[1] É preciso, por tanto, sobrevoar os números e adoptar novas olladas mediante as que achegarnos á situación das mulleres durante a ditadura en xeral, e no eido da delincuencia, en particular.[2] Elas foron unha minoría na meirande parte de delitos, coa excepción daqueles relacionados cos seus corpos; caso dos abortos, dos estupros e das agresións sexuais e violacións. Con todo, as cifras representaron a punta do iceberg dunha situación que, do mesmo xeito que noutros campos (conflitividade, protesta, etc.) sepulta ao feminino baixo o xenérico masculino.[3]

Para proceder á correcta análise dos mencionados delitos de xénero consideramos pertinente establecer unha definición de xénero. A súa faceta máis xeral identifica xénero con muller. Joan Scott, cuxa definición de xénero se converteu en canónica no que ten que ver coa investigación histórica, cando menos, entende o xénero como un elemento constitutivo das relacións sociais baseadas nas diferenzas percibidas entre os sexos, "unha forma primaria de relacións significantes de poder".[4] En consecuencia, "os cambios na organización das relacións sociais corresponden sempre a cambios nas representacións do poder". Por tanto, as diferenzas establecidas a partir dos sexos e a xerarquía establecida ao redor deles derivan

[1] Conxita MIR: "La presencia de las mujeres en la represión franquista", en Conxita MIR y Ángela CENARRO (eds.): *Mujeres, género y violencia en la guerra civil y la dictadura de Franco*, Valencia, Tirant Humanidades, 2021.

[2] Inmaculada BLASCO: "Género y franquismo: un balance historiográfico", en Aarón LEÓN (coord.): *El franquismo en Canarias: actas del Encuentro de Historia sobre el Franquismo en Canarias*, 2014, pp. 69-88.

[3] Solo para Galicia, véxase Raúl SOUTELO: *Labregas, emigradas, estraperlistas e represaliadas*, Valga, Concello de Valga, 2006. Alba DÍAZ: "Modernizar en femenino. Algunas notas sobre el trabajo de las agentes de economía doméstica y los cambios socioeconómicos y culturales en el rural gallego del tardofranquismo", *Historia Actual Online*, 36 (2015), pp.149-161. Tamén os máis recentes estudos de Ana CABANA: "Mulleres diante. Rostros femininos e acción colectiva no rural galego", *Boletín Galego de Literatura*, 50/1º semestre (2017), pp.89-114. ÍD.: "Ciento cincuenta mujeres y ningún hombre. Mujeres y protesta en el campo gallego durante el franquismo", *Historia Social*, 99 (2021), pp. 119-138.

[4] Joan W. SCOOT: "Gender: A Useful Category of Historical Analysis", *The American Historical Review*, 91, 5 (1986), pp. 1.053-1.075, esp. pp.1.056-1.057.

dunha construción cultural que varía en función do contexto histórico, político e social no que se enmarcan.[5]

2.1.1. "Elas". *Ubi sunt*?

Se ben neste capítulo trataremos tódalas formas de delincuencia feminina, unha será a tipoloxía que copará o groso da nosa atención, a dos abortos. A razón ten que ver tanto co feito de que sigue a ser un campo de estudo pouco transitado, a excepción das achegas realizadas por Inmculada Blasco para a Zaragoza dos anos 40, como con que entendemos que constitúe a categoría delituosa de xénero por excelencia. Especialmente no contexto franquista, por representar a contestación ás tentativas estatais de nacionalizar os corpos femininos, ante políticas pronatalistas e fronte á prohibición do uso de calquera método anticonceptivo, estratexias que entendemos deben ser abordadas como unha forma de resistencia ao réxime.[6] Os limitados recursos documentais nos que quedou constancia desta práctica, determinados pola clandestinidade na que se producían as intervencións, pola persecución xudicial á que estiveron sometidos e pola mala consideración moral daquelas mulleres que, ben o practicaron, ben o experimentaron, converteron o aborto nun fenómeno moi complexo de rastrexar nas fontes históricas e, por iso, sucintamente abordado pola historiografía. Neste capítulo pretendemos, a través da fonte xudicial, unha das poucas que deixou constancia destas prácticas, contribuír a encher este baleiro e achegarnos ao fenómeno da interrupción do embarazo durante o franquismo atendendo as súas diferentes e múltiples chaves.

Na historia da delincuencia común, sen importar o espazo e o tempo de análise, as cifras invisibilizan ás mulleres dun fenómeno no que estiveron moi presentes, máis non sempre de maneira equiparable ao varón.[7] O acto de delinquir vai moito máis aló da autoría limitada á identificación dun brazo executor. Adoptar tal premisa empobrece a análise e deriva na masculinización da delincuencia común. Ante esa constatación a pregunta que guía a nosa investigación é situar ás mulleres dentro das tipoloxías delituosas atendendo non só a execución senón á orquestración do delito. As nosas pretensións son poder establecer as

[5] Teresa RABAZAS e Sara RAMOS: "La construcción del género en el franquismo y los discursos educativos de la Sección Femenina", *Encounters on Education*, 7 (2006), pp. 43-70, esp. p.45.

[6] Sobre unha lectura en termos de resistencia cotiá sobre as estratexias de supervivencia, vd. Ana CABANA: *La derrota de lo épico*, Valencia, PUV, 2013. Óscar RODRÍGUEZ: Óscar RODRÍGUEZ*: Migas con miedo. Prácticas de resistencia al primer franquismo*. *Almería, 1939-1953*, Almería, Editorial Universidad de Almería., 2008, Gloria ROMÁN: *Franquismo de carne y hueso...*, pp.177-252.

[7] Raquel IGLESIAS: *Crimen, criminales y reos: la delincuencia y su represión en la antigua provincia de Santiago entre (1700 y 1834)*, Santiago de Compostela, Brétema, 2007. Enrique CARBALLO: *Violencia, crimen...*, p.256. Gutmaro GÓMEZ: "La violencia y sus dinámicas...", pp. 93-110.

circunstancias que levaron ás mulleres a converterse en suxeito activo nos delitos, coñecer certas lóxicas que as conduciron a actuar en solitario en delimitados casos ou cando crearon e contaron con redes de apoio e de testemuñar que aconteceu o segundo, se os nós da rede estaban compostos por outros suxeitos femininos ou se ben a sororidade non era un asunto a ter en conta na confección daquela.[1]

Ilustración 3. Curmáns de camiño á festa. Outeiro de Rei. Anos corenta.

Fonte: Fondo propio.

Carlos Gil sitúa á muller á fronte da loita contra a fame na posguerra, nas colas de racionamento, nos motíns de subsistencia e tamén emprendendo estratexias de supervivencia coma o estraperlo ou a delincuencia contra a propiedade.[2] Gómez Westermeyer apunta a que o número real de mulleres implicadas no groso dos delitos durante os anos 40, en xeral, e na delincuencia económica, en particular, puido ser moi superior á que permiten constatar as fontes, pois a planificación de accións ilegais para o mantemento da familia realizábase no

[1] Sobre o concepto de sororidade vd. Marcela LAGARDE: *El feminismo en mi vida. Hitos, claves y topías,* México, México: Instituto de las Mujeres del Distrito Federal, 2012.
[2] Carlos GIL: "Tengo grabado todo aquello. La memoria de los años cuarenta tiene nombre de mujer" en Miguel Ángel DEL ARCO e Claudio HERNÁNDEZ (eds): *Esta es la España de Franco...,* pp. 23-45.

seu seo e nel o rol das mulleres como garantes da supervivencia do núcleo é fundamental.[3] No seu parecer, que compartimos, a muller actuaba de administradora dos recursos alimenticios e incitaba ao varón a actuar e conseguir asegurar ese aprovisionamento.[4]

Os ríxidos esquemas de xénero impostos sobre as mulleres durante o réxime tiveron unha repercusión enorme en todas elas, pero é especialmente remarcable o conseguido sobre as máis humildes, unha condena á miseria polo mero feito de ser mulleres. En tanto que o mercado laboral se organizaba segregado e xerarquizado sexualmente os limitados empregos abertos para elas estaban pensados para momentos concretos das vidas das mulleres (celibato) ou como "complemento" e "axuda" á economía familiar e nunca coma un medio para a súa independencia económica. Polo tanto, a ausencia dunha figura masculina no fogar que asumira a función de "ganapán" implicaba manterse no límite da subsistencia e, de non contar cunha rede de apoio familiar ou algún tipo de subsidio o recurso á delincuencia, vía mendicidade, roubo ou prostitución, constituíase como única opción para tratar de asegurar a supervivencia.[5] As mulleres que nos anos corenta enchían as listaxes dos libros de multas por terse convertido en pequenas estraperlistas, ou en prostitutas para conseguir superar os "anos da fame", parece que deixaron de ser buscadas ou analizadas a partir deses durísimos anos da posguerra. É a nosa intención, neste capítulo, poñer o foco sobre elas e a súa condición de delincuentes co obxectivo de visibilizalas como suxeito pero, á par, poder chegar a unha conclusión cabal sobre a súa situación a partir de mediados dos anos corenta, data que ata o de agora funciona como linde da análise historiográfica.[6]

A referenciada precariedade económica vivida por mulleres soas supuxo que no Partido Xudicial de Lugo o celibato predominara entre as mulleres executoras de delitos contra a propiedade. Os factores determinantes de tales circunstancias foron múltiples e, entre eles e coma comentamos, destaca o feito de que non contaron co sustento económico proporcionado polo esposo. Unha situación que ben puido ser temporal para a metade destas

[3] Abordamos a análise da delincuencia no contexto rural desde unha perspectiva de xénero na comunicación presentada ante congreso: Tamara LÓPEZ: "Cuando trabajar la tierra no basta. La delincuencia contra la propiedad durante el franquismo desde una perspectiva de género en la provincia de Lugo" en: *Congreso Internacional Ganarse la vida. Género y trabajo a través de los siglos*, Granada (Pampaneira), 2022.

[4] Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia...*, p.80.

[5] Ana CABANA, Teresa ORTEGA e Eider DE DIOS: "Trajinar sin descanso: mantenedoras, cuidadoras y contramodelos. Un relato en femenino de la posguerra española", *Historia del Presente*, 38 (2021), pp.67-88.

[6] Gloria ROMÁN: *Delinquir o morir: el pequeño estraperlo en la Granada de posguerra*, Granada, Comares, 2015. Miguel Ángel DEL ARCO: *Los "años del hambre"...*, pp.23-48. Miguel Ángel DEL ARCO e Gloria ROMÁN: "La casa se cae sola: infravivienda, hambre y enfermedad durante el franquismo", en Daniel LANERO (coord.): *De la chabola al barrio social: Arquitecturas, políticas de vivienda y actitudes sociales en la Europa del Sur (1920-1980)*, 2020, pp.75-94. Lucía PRIETO: "La prostitución en Andalucía durante el primer franquismo", *Baética: Estudios de Historia Moderna y Contemporánea*, 28 (2006), pp. 665-688.

mulleres, de entre 16 e 25 anos, en idade, por tanto, de casar, mais convertida en permanente para moitas outras consideradas inadecuadas socialmente para o matrimonio pasado o límite da trintena. En segundo lugar, tamén se debe ter en conta que a súa condición implicaba menores cargas ou responsabilidades, matrimoniais ou paternofiliais, de maneira que fronte a un final indesexado os seus efectos terían un menor impacto relacional. Os artigos obxecto do delito apuntaron, para todas elas, á necesidade perante situacións de miseria. Desde elementos combustibles para gorecerse do frío: como o carbón que en 1947 María Luzdivina L.G. furtou da estación de tren; pasando polos alimentos que, de forma reincidente e con vistas ao estraperlo subtraeu Amparo R.V.;[7] ou as roupas de cama usadas que, na época do "milagre económico español" furtou Carmen A. R. cando estaban "ao clareo" no predio da súa veciña.[8]

A presenza de viúvas foi moi superior no caso feminino que no masculino. A explicación, multicausal, reside igualmente na ausencia do "mantedor", á que ben se puideron engadir obrigas familiares que empurraban a actuar non só para obter o seu propio porvir, senón tamén o da prole. Unha ausencia que, queremos facer fincapé, estivo nas consecuencias da guerra civil, que elevou as taxas de viuvez feminina.[9] O roubado por elas non diferiu do exposto no caso das solteiras, describindo unha estreiteza prolongada moito máis aló dos anos corenta. María Milagros G.C. apoderouse en 1949 de 7 galiñas, parte delas non recuperadas por vendelas. O ano seguinte, María Dolores R.T. roubou 50 pesetas dun domicilio no que penetrou, segundo a súa declaración " para pedir algunha cousa coa que alimentarse, como fixera noutras ocasións, e ao ver a chave posta por fóra abriu penetrando na vivenda".[10]

En palabras de Mary Nash, "o Novo Estado referendou un núcleo familiar heteropatriarcal que afianzou a supremacía masculina".[11] A delincuencia non escapou aos roles de xénero e, as mulleres non adoptaron o papel protagonista nos delitos agás naqueles casos nos que non existiu unha figura masculina que exercera de líder. Porén, aínda casadas, a ausencia dun varón non limitou a capacidade de acción feminina e moitas mulleres actuaron sen necesidade do apoio do seu esposo na comisión de accións ilegais. Obdulia C.D. así o

[7] Os botíns consistiron en carne de porco e aceite. En 1958 volveu ser procesada e condenada por cometer delitos similares. Concatenou unha condena de 10 anos e 10 meses de prisión.

[8] AHPLu. FX. Sum. 266. Ano 1947; Sum. 80, Sent. 11. Ano 1946; Sum. 23. Ano 1959. O ínfimo valor das sabas furtadas por Carmen só implicou unha falta.

[9] Sobre este desamparo feminino, que non cubría o novo réxime vía subsidios, vd. Ana CABANA, Teresa ORTEGA e Eider DE DIOS: "Trajinar sin descanso...", p.76.

[10] AHPLu. FX. Sum. 218, Sent. 163, Ano 1949; Sum. 219. Sent. 195. Ano 1950.

[11] Mary NASH: "Yo también soy adultera. Sororidad, hermanas adúlteras y los retos feministias de la transición a las creencias establecidas sobre el género", en Ángela MUÑOZ e Jordi LUENGO (coords.): *Creencias y disidencias: experiencias políticas, sociales, culturales y religiosas en la Historia de las Mujeres*, Granada, Comares, 1, 2020, pp.177-210, esp.p.179.

fixo. O seu delito consistiu en furtar 385 pesetas do peto dun home na Praza de Abastos da cidade. A intervención do seu marido, Porfirio L.C., tivo lugar xa no xulgado. Na súa declaración sinalou que, con cinco fillos, os seus ingresos e o subsidio de 90 pesetas mensuais por familia numerosa eran insuficientes para levar unha vida digna, polo que sobrevivían implorando á caridade pública. Neste caso concreto, o sumario foi declarado concluso, sen maiores repercusións.[12]

Os altos índices de celibato masculino, predominantes tanto para Lugo coma para Zaragoza, nos perfís dos protagonistas dos delitos cometidos contra a propiedade, poden facernos pensar nos varóns sos coma únicos artífices da delincuencia, desbotando a posibilidade de mulleres (esposas) que tomaran parte.[13] Mais, para o noso caso de estudo, se temos en conta que no século XX o modelo de familia predominante en Galicia correspondeuse co *Steam-Family*, ou familia extensa, a solteiría masculina non invalidaría a idea dunha planificación "en feminino" nos fogares, pois en ningún caso ese celibato masculino se traducía na ausencia de figuras femininas na vida dese varón, podendo existir en diferentes liñas de parentesco.[14] Nais, avoas, tías ou irmás, continuarían a tomar parte nos feitos coma impulsoras destas accións.[15] O rol da familia quedaría ben descrito por David S. Reher:

> "A familia cumpría unha dobre función: para os seus membros e para a sociedade en xeral. Cando os tempos eran bos, a familia era fonte de benestar; cando se volvían malos, era moi posible que representara a única fonte de axuda e solidariedade. Adoitaba dicirse que os verdadeiros indixentes da sociedade española eran os que, por un motivo ou outro, non tiñan familia".[16]

[12] AHPLu. FX. Sum. 63. Ano 1946.
[13] Ana CABANA, Teresa ORTEGA e Eider DE DIOS: "Trajinar sin descanso...", p.80.
[14] Modelo de familia predominante a comezos do século XX principalmente no norte de España. Supoñía a convivencia entre pais, o fillo herdeiro das propiedades paternas e o seu cónxuxe e os fillos solteiros. Sobre esta cuestión: Lutz K. BERKNER: "The Stem Family and the Developmental Cycle of the Peasant Household: An Eighteenth-Century Austrian Example", *The American Historical Review*, 77, 2 (1972), pp. 398-418; Salustiano DEL CAMPO e María del Mar RODRÍGUEZ: "La gran transformación de la familia española durante la segunda mitad del siglo XX", *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, 100 (2002), pp.103-165. Hortensio SOBRADO: "Heredero único y familia troncal en la galicia interior. 1750-1860", *Studia historica*, 23 (2001), pp. 275-303.
[15] Cabe pensar, polo tanto, nos varóns novos e solteiros coma os socialmente obrigados a emprender estas accións, aconsellados e guiados por membros máis maduros, masculinos ou femininos, cuxa perda (ante unha hipotética detención) sería superior. Óscar RODRÍGUEZ: "Lazarillos del caudillo. El hurto como arma de los débiles frente a la autarquía franquista, *Historia Social*, 72 (2012), pp.65-87. Carme AGUSTÍ: "Marginación, coerción y consentimiento en la inmediata posguerra. Una mirada a través de la jurisdicción de menores", en Óscar RODRÍGUEZ (ed.): *El franquismo desde los márgenes.*., pp. 187-203.
[16] David-Sven REHER: *La familia en España, pasado y presente*, Madrid, Alianza, 1996, p.13.

Ilustración 4. Familia luguesa un día de festa. Outeiro de Rei. Ano 1968.

Fonte: fondo propio.

Esta tese vese reforzada por outros autores como Óscar Rodríguez Barreira, quen coloca ás mulleres do núcleo familiar en primeira liña de "comisión de delito":

> "O roubo en familia por moi estraño que poida parecer á mentalidade actual foi unha práctica cotiá durante a posguerra. Non é infrecuente que nos atopemos cunha viúva que sae a buscarse a vida en compaña dalgún fillo menor de quince anos".[17]

A asociación matrimonial tamén converteu á muller en parte activa do delito. Non se trata dunha fórmula habitual, o que pode pórse en relación co grave risco que comportaba de seren descubertos. A perda a nivel familiar e con vistas ao sustento e coidado da prole sería dupla. Nos casos atopados no noso espazo de estudo todo apunta a que a delincuencia exercida polo matrimonio estaba relacionada cunha absoluta miseria, tanto pola súa reincidencia, como polas características individuais e familiares que poden rastrexarse (anciáns, número de fillos, etc.), polo tipo de delitos e polo escaso botín que os seus actos pretendían conseguir. Ningunha destas parellas busca enriquecerse, senón conseguir unha

[17] Un exemplo disto produciuse en 1951, cando María de la Concepción C. F. E María Hermelina F. L., nai e filla, encargadas de lavar os panos e manteis do comedor dun bar da capital, apropiáronse deles para a súa venda. AHPLu. FX. Sum. 18. Sent. 34. Ano 1951. Óscar RODRÍGUEZ: *Migas con miedo...*,p.198.

mínima cantidade de diñeiro que lle permitira a subsistencia diaria. María F.A e Santiago G. F., un matrimonio de sesaxenarios, acumularon condenas por ata unha ducia de delitos contra a propiedade na década dos cincuenta.[18] O botín destinábase ao pequeno estraperlo; un "estraperlo dos pobres" segundo a definición dada por autores como Miguel Ángel Del Arco ou Gloria Román aquel protagonizado polos sectores máis humildes de poboación, orientado non ás ansias de enriquecemento persoal senón á pura supervivencia.[19] No caso de Jesús G.G. e Rosalía P.G, matrimonio tamén habitual na comisión de furtos e roubos, todo parece que indicar que as súas actuacións debíanse á imposibilidade de sacar adiante á súa numerosa prole (sete fillos menores). Dous deles, Manuel e Raquel, participaron do *modus vivendi* familiar, polo que o Tribunal Tutelar de Menores non tardou en abrirlles expediente, o que acabou coa retirada provisional dos dereitos de "garda e educación" dos seus pais.[20]

Os roubos colectivos femininos foron outra especificidade do Lugo franquista onde as mulleres amosaron a súa capacidade de acción, afastándose de papeis secundarios. A presenza dunha compañeira ou compañeiras de delito foi unha opción usual nas causas xudiciais. A súa análise permite apreciar, de novo, a mediación dun vínculo: familiar, de amizade ou de veciñanza pois, como apuntou Westermeyer: "o sentimento de colectividade vaise ver potenciado ante a necesidade dun igual ou dunha persoa coa que se establece algún tipo de relación".[21] No caso de Lugo atopamos que nos grupos de mulleres había unha mestura a respecto dos estados civís, de xeito que viúvas actuaban con outras mulleres que eran solteiras, e mulleres solteiras facíano tamén con casadas e así en combinacións múltiples. Todo parece indicar que cada unha aportaba ao crime as súas "armas". As de maior idade eran, xeralmente, as encargadas de dirixir a operación; moitas delas cunha reputación dubidosa para o réxime xa por aparecer afastadas da esfera da domesticidade, xa por contar con antecedentes ou por estar vencelladas a profesións consideradas indecorosas polo código moral franquista como camareiras, prostitutas ou vendedoras ambulantes. O nexo que tiñan

[18] AHPLu. FX. Sum. 202. Sent. 13. Ano 1946; Sum. 190. Sent. 385. Ano 1955.

[19] Miguel Ángel del ARCO: "Morir de hambre". Autarquía, escasez y enfermedad en la España del primer franquismo", *Pasado y memoria, Revista de Historia Contemporánea*, 5 (2006), pp. 620-645. ÍD: "Los grandes estraperlistas. Imágenes, deformaciones y silencios en la propaganda, cine y novela de la posguerra franquista", *Quaderns de filologia. Estudis literaris*, 26 (2021), pp. 61-84 ÍD.: "La corrupción en el franquismo. El fenómeno del "Gran Estraperlo", *Hispania Nova: Revista de historia contemporánea*, 16 (2018), pp.620-645. Gloria ROMÁN: "El negocio del hambre: Fraude y corrupción durante la posguerra autárquica en el campo alto-andaluz", *Historia Contemporánea*, 63 (2020), pp. 663-691. Jorge MARCO: "El pan para los ricos y el hambre para los pobres. Hambre y estraperlo en el discurso del Partido Comunista de España", en Miguel Ángel DEL ARCO (ed.): *Los años del hambre...*, pp.249-268.

[20] AHPLu. FX. Sum. 20. Sent. 169. Ano 1945. Fondo do Tribunal Tutelar de Menores. Expedientes 43 e 44. Ano 1945. Circunstancias habituais durante os anos de fame que asolaban ao país e referenciadas. Francisco ALIÁ *et al*.: "Mujeres solas en la posguerra española, estrategias frente al hambre y la represión (1939-1949)", *Revista de historiografía*, 26 (2017), pp. 213-236, esp.p.226.

[21] Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia...*, p.120.

todas elas en común era a absoluta miseria na que se desenvolvía o seu día a día. A "soidade" uniu a solteiras e viúvas, que despregaron redes de apoio mutuo para tratar de asegurar a súa supervivencia.[22] Rosa F. M., viúva de 45 anos, e Ramona R. G., solteira de 20, ambas con antecedentes por delitos económicos, executaron de común acordo unha serie de furtos na Praza de Abastos de Lugo, consistentes na apropiación de diversas cantidades dos petos dos compradores. Unha operación combinada na que Ramona empurraba, mentres Rosa "levantaba os petos e as carteiras".[23]

Westermeyer analizounos para a provincia de Murcia baixo a fórmula da "cuadrilla", obviando para a súa consideración a definición xurídica que os establecía coma un grupo de malfeitores "armados" pois, se ben existiu un fenómeno asociativo para a delincuencia, rara vez fixo uso das armas. [24] A condición de cuadrilla estipulouse coma un agravante no Código Penal de 1944, por tanto, capaz de aumentar a pena imposta, mais unicamente estaba contemplada para os varóns. Pero, se entendemos, seguindo a Westermeyer, que a súa relevancia non residiu tanto na presenza ou non de armas, senón na existencia de lazos interpersoais e engadimos a perspectiva de xénero coma criterio analítico podemos percibir que o fenómeno asociativo na delincuencia tamén pode ser unha estratexia de xénero, de feito dita estratexia, igual que a necesidade por móbil da actuación, son trazos distintivos da delincuencia executada polas mulleres en Lugo. Ambas características quedaron de manifesto en sumarios como o seguinte, no que todas as procesadas estaban unidas por un vínculo de veciñanza, sobre o que se sobrepón o familiar no caso de algunhas (irmás). Trátase dunha cuadrilla composta por catro mulleres de entre 25 e 36 anos de idade, 3 casadas e 1 solteira que en 1955, postas de común acordo e con unidade de propósito e acción, segundo sinala a documentación xudicial, perpetraron varios roubos en comercios da cidade de Lugo. O botín foron dúas gabardinas e 35 metros de algodón, valorado todo en 2.000 pesetas. O significativo do sumario reside en que explicita a estratexia empregada polo grupo, que consistía en que varias se ocupaban de distraer ao persoal das tendas con preguntas, outras cometían o roubo. Foron condenadas a penas de prisión de entre 3 e 5 meses, contemplándose coma agravante a multirreincidencia de todas elas.[25]

[22] Sobre a viudedade e a importancia das redes, vd. Francisco GARCÍA (ed.): *Vivir en soledad: viudedad, soltería y abandono en el mundo rural (España y América Latina, siglos XVI-XXI)*, Madrid, Iberoamericana Vervuert, 2020.
[23] AHPLu. FX. Sum. 182. Sent. 294. Ano 1948.
[24] A definición xurídica contemplaba unha circunstancia agravante para este fenómeno. Código Penal de 1944: "hai cuadrilla cando concorren máis de tres malfeitores armados". Das circunstancias que agravan a responsabilidade penal, art.13, pp. 431.
[25] AHPLu. FX. Sum. 81. Sent. 296. Ano 1955.

Despois dos delitos relativos á delincuencia contra a propiedade os delitos máis usuais no groso da delincuencia común constituírono os delitos de lesións. De novo, atopámonos ante

unha categoría colapsada por varóns, pero as denuncias con mulleres como implicadas posibilitan a súa visibilización. As defensas ante abusos e agresións representaron as máis habituais. Tamén presentes, máis usualmente no rural que no urbano, están casos de agresións físicas entre mulleres por desacordos na xestión (entrada de gando en propiedades alleas, etc.) ou por malas relacións de veciñanza que acaban nun enfrontamento físico.[26] Cabe falar tamén de cuadrillas, as que, malia funcionar especificamente para levar a cabo actuacións dentro do rango da delincuencia económica, a documentación oficial vencéllaas, no caso feminino, con asuntos relacionados coa conflitividade veciñal, o que tamén indica a importancia da sororidade, entendida aquí como apoio entre varias mulleres. Ana Cabana sinalou que elas protagonizaban a conflitividade pola defensa da comunidade contra un axente exterior, pero tamén se pode ver nas fontes unha forma de conflitividade intracomunitaria erixida en nome da súa casa.[27] Os conflitos veciñais estiveron á orde do día polos motivos máis diversos. No rural, os predios e as regas foron causa de disputas constantes; na cidade, os motivos dos altercados que acaban en procesamento xudicial serían, sobre todo, os alugueiros e os dereitos de propiedade. Neles podemos ver como o vínculo familiar é o máis reiterado, sendo especialmente importante o materno-filial. Nais que se acompañan de fillas, que xa non son nenas, conforman unha fronte común á hora de defender dereitos que entenden lles están sendo conculcados, sexa por outras mulleres, sexa contra varóns.[28]

Ten destacado tamén Ana Cabana a "asidua presenza feminina na acción colectiva" no rural galego durante o franquismo derivada da "disposición" que tiñan as labregas non só para o desenvolvemento de tarefas domésticas e agrícolas senón tamén para ocupar a esfera pública representando a "casa", que poderíamos traducir neste caso por "familia", en momentos definidos dos conflitos sociais.[29] Exemplo do anterior constituíuno o acontecido en 1945, no Concello de Friol, onde un total de dez persoas, todas pertencentes a dúas familias de Condes e Guimarei, do mencionado concello, enfrontáronse con motivo do intento de

[26] Na parroquia de Mazoi, a introdución de tres reses ovinas propiedade de Dulcina C.A. na finca sementada e Elena F.V. foi motivo de discusión que, dada a animosidade preexistente entre ambas derivou en agresión física por parte de Dulcina, a que agrediu a Elena cunha forquita, dándolle varios golpes e xerándolle lesións das que precisou asistencia médica e tardou en curar 23 días. Lonxe da versión oficial, Dulcina declarou que era Elena a que a perseguía desde facía anos, e que unicamente defendeuse cando esta lle cuspiu e pegou. AHPLu. FX. Sum. 269. Sent. 36. Ano 1959.

[27] Ana CABANA: "Ciento cincuenta mujeres...", pp. 119-138.

[28] Un caso concreto acontecido no concello de Corgo en AHPLu. FX. Sum. 89. Sent. 225. Ano 1959.

[29] Ana CABANA: "Ciento cincuenta mujeres...", pp. 119-138.

venda no mercado negro de dez fanegas de centeo por parte dunha das familias. As mulleres da familia que tentaron impedir o estraperlo actuaron de carón dos homes, facendo dos seus corpos as súas armas, e puxéronse diante para impedir ou obstaculizar a acción dos estraperlistas. Mentres, os varóns brandían as armas e intercambiábanse disparos.[30] Ás mans chegaron en 1949, no Concello de Guntín, dúas familias conformadas por Purificación D.I, Elvira D.G e Domingo D.G. e David L.R., por un lado, e José V. D. e Generosa V.D. nunha rifa motivada por diferenzas sobre predios, derivada en agresión con fouces e navallas.[31]

Que a participación feminina no delito non consistira na execución material do mesmo non as liberaba de castigo. O Código Penal de 1944 contemplaba a existencia de cómplices e encubridores, os primeiros definidos coma "os que cooperan á execución do feito con actos anteriores ou simultáneos" e os segundos coma aqueles que, "con coñecemento da perpetración do feito punible, sen ter participación nel coma autores nin cómplices, interveñen nel con posterioridade á súa execución" o que incluía a adquisición de bens de procedencia ilícita. Pilar C.M. mercou un traxe, un xersei e uns zapatos por 70 pesetas a Jesús O.N., un rapaz, en teoría descoñecido, nunha operación que lle debeu parecer irresistible se temos en conta que o valor pericial dos bens ascendía ás 780 pesetas. As prendas proviñan dun furto realizado nunha fonda e, ao descubrirse ao ladrón, este delatou a Pilar, que foi procesada e condenada a dous meses de arresto e a 1.000 pesetas de multa. Ao non poder costeala tivo que cumprir un arresto substitutorio de 50 días, o que dá idea da situación de indefensión económica de Pilar, do mesmo xeito que o prezo de venda fixado por Jesús, moi baixo en relación ao seu valor, delata a urxencia da transacción.[32]

Por outro lado, o lazo consanguíneo ou marital era de vital relevancia, pois implicaba a blindaxe xudicial ante os delitos cometidos por "cónxuxe, ascendentes, descendentes, irmáns lexítimos, natureza ou adoptivos, ou afíns nos mesmos graos", pero non o seu procesamento, circunstancias que involucraron a mulleres en numerosas ocasións. Algún exemplo pode resultar revelador. O roubo perpetrado na Corresponsalía do Banco de A Coruña por Higinio B.D e Delmiro G.O., cuñados, do que saíron con 77.000 pesetas, levou ao procesamento da esposa do primeiro e a irmá do segundo. A primeira é sentenciada a dous meses de prisión ao determinarse que actuou con aleivosía, o que invalidaba o suposto de

[30] AHPLu. FX. Sum. 86. Ano 1945. Unha forma de protesta e resistencia intrinsecamente feminina, analizada por Barbara Sutton, consistente en "poner el cuerpo". Barbara SUTTON: "Poner el Cuerpo: Women's Embodiment and Political Resistance in Argentina", *Latin American Politics and Society,* 49, 3 (2007), pp.129-162.

[31] AHPLu. FX. Sum. 224. Sent. 146. Ano 1949. Foron condenados a 3 meses de arresto maior.

[32] AHPLu. FX. Sum. 36. Sent. 276. Ano 1956.

exención. [33] Ela declarou que descoñecía a procedencia ilícita dos cartos, e que o seu marido referenciara que proviñan da venda de caza. A existencia de numerosos antecedentes por ilegalidades similares debeu ser determinante no fallo. Non aconteceu o mesmo coa irmá de Delmiro, non procesada por carecer de ditos antecedentes.[34] Aceptar que as mulleres do fogar do delincuente varón detido tiñan coñecemento e estaban involucradas nalgún aspecto da organización do delito non sería máis que supoñer que nesta actividade, como en outras decisións familiares (laborais, migratorias, etc.) aquelas tiñan presenza e estaban involucradas. Na nosa opinión, e en vista da documentación xudicial, no eido da delincuencia non é diferente, e os lazos familiares, e dentro deles a presenza feminina, non pode desbotarse ou mesmo quedar oculta detrás da pantalla que supón unha man executora masculina.

Outro marcador diferencial á hora de estudar a delincuencia protagonizada polas mulleres con respecto á dos homes é a omnipresencia da adscrición laboral de "*sus labores*". Baixo esta denominación quedaron invisibilizados numerosos traballos realizados por mulleres que non se consideraban coma tales senón "axudas" ou "ocupacións por non seren remunerados. Tal concepción afianzouse a través do ideal de xénero difundido por Sección Feminina e Acción Católica, cuxo discurso masculinizaba aquelas tarefas que non estaban circunscritas á domesticidade.[35] Este aspecto condiciona totalmente a posibilidade de poder ofrecer un perfil sociolaboral das mulleres que atopamos nas fontes xudiciais. A imposibilidade de rastrexar o traballo desempeñado por moitas das mulleres procesadas é un feito que convive na documentación co protagonismo acadado entre aquelas por unha ocupación concreta, o servizo no fogar. Esta dedicación era vista, como sinala Eider de Dios, como unha profesión de tránsito a través da que rapazas, xeralmente novas e con niveis de educación básicos, lograban abandonar as súas residencias no rural para dirixirse á capital ou a municipios máis grandes na procura dun futuro desligado do traballo na terra. Pasaban a encarnar, segundo a citada autora, un modelo de muller que xa se asemellaba máis á traballadora, pero que continuaba vencellado á esfera privada, ao espazo doméstico.[36] Malia que a imaxe que puidera facerse é a de que as mulleres que se ocuparon do servizo doméstico gozaron dos beneficios da independencia económica que comportaba un traballo remunerado,

[33] Código Penal 1944. Título II. "Das persoas responsables dos delitos e faltas". Artigos 16º, 17º, 18º e 1º, p. 431.
[34] AHPLu. FX. Sum. 341. Sent. 215. Ano 1960.
[35] Ana CABANA, Elena FREIRE e Tamara LÓPEZ: "Formar a mujeres rurales, conformar género. La capacitación agraria en la España de Franco", traballo de investigación inédito, SEHA, Salamanca, 2021.
[36]Dentro desta sería posible diferenciar entre interinas e internas. Sobre esta cuestión ver: Eider DE DIOS: "¿Sirvienta, interina o trabajadora? Discursos del servicio doméstico en el segundo franquismo", en Alejandra IBARRA (coord.): *No es país para jóvenes. Encuentro de jóvenes investigadordes en Historia Contemporánea*, Granada, Instituto Valentín Foronda, 2012, pp.1-21, esp.p. 1 e ss.

a realidade que devolven as fontes xudiciais é a de persoas totalmente desprotexidas profesional e persoalmente fronte aos abusos, mal consideradas socialmente e moi precarizadas economicamente.

No profesional o "servizo doméstico" non estaba considerado como unha actividade produtiva, servir non estaba equiparado a traballar, o que provocou que quedara excluído de toda regulamentación estatal até, segundo indica Sescún Marías, ben entrados os anos sesenta.[37] Tales circunstancias traducíronse para elas nunha precariedade laboral absoluta: as condicións de traballo eran duras, as xornadas interminables e os salarios moi baixos ou inexistentes, limitados ao aloxamento e á manutención.[38] Neste contexto, a desprotección foi total se temos en conta as fontes xudiciais, que colocan a estas rapazas-mulleres como obxecto predilecto de abusos sexuais ou violacións e, á súa vez, de abortos, infanticidios ou inhumacións ilegais, sobre os que trataremos máis adiante.[39]

Esta indefensión xenérica conviviu con casos onde esas mulleres usaron o enxeño, a agudeza e a oportunidade para mellorar as súas condicións materiais de vida, e non sempre o fixeron dentro da legalidade vixente. O delito máis habitual protagonizado polas mulleres que traballaban no servizo doméstico é o dos furtos. Consistían na súa práctica totalidade na subtraccións de obxectos de pequeno tamaño e gran valor propiedade das familias para as que traballaban. As xoias foron o obxectivo predilecto, tamén o enxoval, con vistas a confeccionar a súa propia dote.[40] O diñeiro da venda desas xoias serviu para complementar uns ingresos insuficientes, pero tamén rastrexamos casos nos que aparece o roubo como unha especie de axuste de contas ante un despido entendido como inxusto ou polo trato vexatorio recibido.[41]

---

[37] Sobre a situación das traballadoras do servizo doméstico, do franquismo á transición ver: Sescún MARÍAS: "Las empleadas de hogar durante el franquismo y la transición democrática: entre el paternalismo y la marginación (1939-1981)", en Carmen MÉNDEZ *et.al* (dirs.): *Diferencia, (des)igualdad y justicia. Estudios de mujeres.* Jornadas Internacionales de la Mujer. Volumen VII, Madrid, Fundamentos, pp.297-307. Aritza SÁENZ: "En el limbo. El servicio doméstico durante el franquismo en España", *Historia Social*, 84 (2016), pp. 77-92, esp.p.79.

[38] Jesús MIRÁS: "Rasgos básicos y transformaciones en el servicio doméstico en una ciudad periférica. A Coruña, 1900-1960", *Cuadernos de historia contemporánea*, 27 (2005), pp.197-221, esp.p.218.

[39] Unha situación referenciada por outros autores que estudaron a delincuencia no franquismo ou especificamente esa ocupación laboral en Murcia, Zaragoza e Bilbao. Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia...*, p.94. Iván MARTÍNEZ: "Entre la supervivencia y la tradición: una mirada a la mujer a través de la práctica judicial ordinaria en Zaragoza durante la guerra civil española", en Carmen FRÍAS, José Luis LEDESMA e Javier RODRIGO (coords.): *Reevaluaciones. Historias locales y miradas globales: Actas del VII Congreso de Historia Local de Aragón*, Zaragoza, Diputación de Zaragoza, Institución "Fernando el Católico", 2011, pp.387-396, esp.p 391. Eider DE DIOS*: Sirvienta, empleada, trabajadora de hogar: género, clase e identidad en el franquismo y la transición a través del servicio doméstico (1939-1995)*, Málaga, UMA editorial, 2018, p.367.

[40] Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia...*, p.225.

[41] AHPLu. FX. Sum. 172. Sent. 224. Ano 1946; Sum. 30. Ano 1959.

Outra das profesións vencellada á delincuencia feminina que permite coñecer a documentación xudicial foi a prostitución. Ilegalizada pola II República, o seu incremento motivou que o réxime franquista retornase ao anterior modelo, o regulamentarista, por Decreto do 27 de marzo de 1941. A prostitución foi considerada unha actividade legal pero que debía estar baixo o control dos organismos orientados a tal fin, para a salvagarda moral e con vistas a reducir as enfermidades de transmisión sexual. Lucía Prieto, quen analizou este fenómeno para Andalucía durante o primeiro franquismo, non dubidou en apuntar á situación económica do país e á represión sobre os vencidos como elementos vinculantes á decisión das mulleres de converterse en prostitutas.[42]A partir desa data, a prostitución quedou clasificada en tres tipoloxías: a privada, a pública e a clandestina. As mulleres que a exercían, persoas "que polo seu xénero de vida poidan representar maior perigo para a sociedade" quedaron sometidas desde maio de 1941, por Orde da Dirección Xeral de Sanidade, a recoñecementos sanitarios obrigatorios e debían ser incluídas nun rexistro ou inventario policial e posuír un carné sanitario onde acreditar os resultados dos exames médicos "facendo a cada enfermo perigoso a súa ficha clínica correspondente". É dicir, todos os aspectos da prostitución legal pasaron a estar baixo o rigoroso control do Corpo Xeral de Policía, tanto meretrices, como casas de tolerancia e espazos análogos.[43] A diferenza entre ambas tipoloxías residiu en que, mentres a prostitución privada caracterizouse polo exercicio libre, a prostitución pública era exercida en "casas de lenocinio" ou establecementos similares e implicaba a subordinación das meretrices a terceiras persoas, isto é, establecíase a trata e a explotación das mulleres no comercio do sexo. Ademais, estas "casas de tolerancia" debían pagar os pertinentes impostos ao Estado, someterse a inspeccións bimestrais sanitarias e de seguridade, o que non evitou que as condicións dos prostíbulos fosen deplorables. No referente á prostitución clandestina, mantívose á marxe da lei, de rexistros ou inspeccións, caracterizada pola corrupción e os abusos.[44]

[42] Lucía PRIETO: "La prostitución en Andalucía durante el primer franquismo...", pp. 665-687.

[43] AHPLu. FSS. PPM. Circular nº 1. Ano 1942. Jean-Louis GUEREÑA: *La prostitución en la España contemporánea*, Madrid, Marcial Pons, 2003, p.418.

[44] As meretrices clandestinas reincidentes en infraccións relacionadas coa prostitución eran recluídas en prisións especiais e institucións relixiosas dependentes da Obra de Mulleres Caídas, onde viviron baixo a máxima de "ora et labora". Mirta NÚÑEZ: *Prostitutas legales y clandestinas en el franquismo*, Madrid, Oberon, 2003. Lucía PRIETO: *Mujer, moral y franquismo. Del velo al bikini*, Málaga, Universidad de Málaga, 2018.
Ana CABANA e Tamara LÓPEZ: *Fuera de toda moral, La prostitución en tiempos de Franco*, Traballo de investigación inédito, Lugo, Universidade de Santiago de Compostela, 2021, p.5. Cit en: Beatriz ONANDIA: "Entre el pecado y la lujuria...", p.177-179.

Ilustración 5. Prostitutas no Recanto do Miño. Lugo. Ano 1970.

Fonte: AHPLu. Catastro de urbana.

Dous foron os delitos polos que a xustiza ordinaria procesou *usualmente* ás prostitutas en Lugo, os delitos económicos e as accións que atentaban contra a orde pública. Con respecto aos primeiros, tratouse, en esencia, de furtos a clientes, coma o cometido en 1950 por Pilar F.C., de 23 años, que lle roubou 15.000 pesetas a un usuario dos seus servizos. O destino dos cartos, segundo a súa declaración, está na narrativa habitual das prostitutas encausadas, a perentoriedade do diñeiro para poder asegurar a manutención dos vástagos. Neste caso concreto era a súa filla, a quen deixaba ao coidado doutra muller mentres ela traballaba, á que necesitaba pagar.[45]

Moitos dos procesamentos que se realizaron a prostitutas producíronse a partir dunha acusación, sen probas plausibles mediante. A mala concepción social das meretrices,

[45] AHPLu. FX. Sum. 80. Ano 1950.

extensible a un aparello xudicial que na documentación sempre as conceptúa de "dubidosa" ou "mala conducta moral", seguindo o discurso hexemónico, converteunas en vítimas de denuncias sustentadas en prexuízos. Aínda así, houbo casos nos que as mesmas autoridades xudiciais foron quen de discernir que eran obxecto de denuncias falsas, como a que interpuxo José D.L. contra Purificación R.O., no ano 1960, ca que tentaba recuperar as 5.500 pesetas gastadas nunha noite de esmorga no Recanto do Miño. Trátase dun sumario que foi sobresido, pero sen maior repercusión para o denunciante por tratarse dunha meretriz á que non cumpría restituír moralmente.[46]

Asunción M. M. sufriu ás consecuencias de ser unha prostituta. O motivo da súa detención radicou na súa actitude nada dócil nunha noite de troula nun bar do Barrio chinés da cidade. A reprimenda dun inspector de policía polos seus bailes e cantos, o que desencadeou nunha rifa entre ambos, custoulle a ela dez días en prisión. Unha mostra, por unha banda, da denominada por Domingo Rodríguez coma "violencia estrutural", isto é, a provinte da posición de inferioridade reservada á muller na sociedade, e, por outra, dun profundo machismo segundo o que ningún varón, e menos aínda unha figura de autoridade, podía permitir a afronta dunha "muller de mala vida". [47]

A corrupción de menores constituíu outro dos delitos ligados ao meretricio. Baixo esta tipoloxía delituosa contemplouse a práctica da prostitución ilegal, aquela exercida por menores de idade, as coñecidas baixo o nome de "pupilas", xa fora por decisión propia xa por existir o abuso dun intermediario. Segundo as autoridades, sempre inducidas a prostituírse por meretrices adultas. O Código Penal definíao nos seguintes termos:

> 1º. O que habitualmente promova, favoreza ou facilite a prostitución ou corrupción de persoa menor de 23 anos.
>
> 2º O que, para satisfacer os desexos dun terceiro con propósitos deshonestos, facilitara medios ou exercera calquera xénero de indución no ánimo de menores de 23 anos, aínda contando coa súa vontade e o que mediante promesas ou pactos induciraas a dedicarse á prostitución, tanto no territorio español como para conducilas co mesmo fin ao estranxeiro.
>
> Artigo 439. A persoa baixo cuxa potestade legal estivera un menor, e que con noticia da prostitución ou corrupción deste pola súa permanencia ou asistencia frecuente a casas ou lugares de vicio non o recolla para impedir a continuación nese estado e sitio, e non lle

[46] AHPLu. FX. Sum. 120. Ano 1960.
[47] AHPLu. FX. Sum. 243. Ano 1950. Domingo RODRÍGUEZ: "Fuentes para el estudio de la violencia contra las mujeres...", p.563.

> impoña na súa garda ou a disposición da autoridade ou a estancia de menores de 23 anos en casas ou lugares de vicio.[48]

Para estas mozas "en risco de caer" ou que exercesen a prostitución o réxime contou con outro instrumento de control alén do xudicial, o Padroado de Protección á Muller (en adiante PPM). Os seus obxectivos eran: "impedir a explotación das rapazas e obter a corrección das que fosen corrompidas".[49] Por tanto, de seren descubertas polo PPM ou consideradas "sospeitosas" de tal "inmoral conducta" eran confinadas nos centros dependentes do mesmo, en Lugo a Casa Fogar Nosa Señora dos Ollos grandes, unha sorte de reformatorio para "mulleres caídas".[50] Así as cousas, o obxectivo destas menores foi tentar acreditar que eran maiores de idade, para o que, frecuentemente, incorrían noutro delito, o de falsidade documental. Lograban, así, exercer o meretricio de forma legal e pasar inadvertidas a ollos do aparello xudicial e do PPM. Para tal fin empregaron as partidas de nacemento de irmás ou familiares, de amigas, ou recorreron ás falsificacións de documentos de identidade. Así o fixo Obdulia V.A, de 22 anos que se identificou ante a policía como "Dolores Fernández", de 24, o que lle valeu unha condena de 2 meses e 1 día de arresto.[51] Por estas e outras estratexias coas que lograron pasar desapercibidas, a presenza do delito de corrupción de menores foi residual na documentación xudicial, se ben non inexistente con dous únicos exemplos no groso dos sumarios analizados. Ambos vencellan o bar cun espazo de ocio, mais tamén de transgresión moral, de delito e prostitución clandestina, semiótica dos espazos que será tratada de vagar nun capítulo posterior. Nun deles, os denunciantes foron os pais dunha rapaza de 18 anos que traballaba de camareira nun bar de Lugo porque sospeitaban que "a propietaria do bar explotábaa (sexualmente)". No outro sumario, a denuncia interpúxoa a propia rapaza, empregada como camareira, que entendía que a dona de dito local a estaba incitando a exercer a prostitución. Os dous casos remataron sobresidos.[52]

[48] Código Penal 1944, p.459.
[49] O artigo 5º do seu Decreto Orgánico ampliaba estas funcións atribuíndose: "Facultades moito máis amplas que se estenden en xeral á tutela e policía dos costumes públicos e así, non deben descoidarse por parte das Xuntas as medidas protectoras de carácter xeral, xa en orde das publicacións obscenas, á circulación de obxectos pornográficos, aos abusos nos espectáculos públicos e demais a que, taxativamente, refírese o precepto citado". AHPLu. FSS. PPM. Circular nº 1. Ano 1942. Ana CABANA e Tamara LÓPEZ, *Fuera de toda moral*..., pp. 2-3.
[50] Labor que desenvolveu a través das Xuntas Provinciais, unha con sé en cada capital de provincia. Para o caso lugués vd. Enriqueta BARRANCO: "La obra de protección a la mujer en Lugo durante el franquismo: el reformatorio de nuestra señora de los ojos grandes", *FerrolAnálisis: revista de pensamiento y cultura,* 28 (2013), pp. 215-225.
[51] AHPLu. FX. Sum. 179. Sent. 301. Ano 1953.
[52] AHPLu. FX. Sum. 112. Ano 1958; Sum. 117. Ano 1963.

O derradeiro dos delitos vencellados á prostitución foi o de escándalo público. Cómpre sinalar que no que respecta aos escándalos, a documentación permite non só afondar na dobre moral franquista que xustificou o recurso masculino á prostitución, pero sempre condenou á muller que exercía a prostitución, senón que tamén evidencia que a única preocupación real do réxime con respecto á prostitución foi a seguridade sanitaria e, en certa altura, mantela fóra dos ollos da "sociedade de ben".[53] Así se evidencia no procesamento e condena (2 meses de prisión para cada un) de José D.R, que estaba casado, e Francisca F.C., prostituta, procesados por este delito ao ser descuberta Francisca durmindo no domicilio conxugal pola esposa do primeiro. Nun contexto no que a prostitución era legal o que realmente motivou o procesamento foi que estes feitos remataron sendo coñecidos pola veciñanza, "causando un enorme escándalo".[54]

O fracaso do modelo regulamentarista, polo que se legalizada a prostitución, lonxe de permitir un maior control sobre a mesma traduciuse na progresiva substitución da legal pola clandestina, factores que unidos ao aumento das enfermidades de transmisión sexual e o influxo dun novo contexto internacional derivaron no retorno ao abolicionismo en 1956.[55] A ilegalización da prostitución non implicou que este delito fose recollido no Código Penal baixo esta nomenclatura, senón que quedou enmarcado na preexistente categoría de escándalo público.[56] E, se ben sufriu una forte persecución, a prostitución proliferaba na cidade na clandestinidade, o que dificultou a dispoñibilidade de probas. Iso implicou que casos moi sospeitosos non implicaran condena, como cando en 1962, María Eugenia D.G, foi denunciada por ter aloxadas a tres mulleres na súa vivenda no Recanto do Miño, un lugar coñecido por formar parte do "Barrio chinés" lugués.[57]

Investigacións similares realizadas por outros autores e para outros períodos constataron que tanto as criadas como as prostitutas foron grupos profesionais femininos asociados á transgresión da lei, ben mediante a comisión de pequenos furtos "domésticos" nas casas nas que traballaban ou aos clientes aos que recibían ou ben mediante a práctica de abortos dos que falaremos posteriormente. Iván Martínez referenciou tales pautas de comportamento xa desde a II República, extensibles ao período da ditadura os que,

[53] Carmen GUILLÉN: "La Prostituta como víctima del sistema represivo franquista...", p.101.
[54] AHPLu. FX. Sum. 59. Sent. 312. Ano 1950.
[55] A estes factores habería que engadir a falta de traballo, e de vivenda, descritos en: Francisco JIMÉNEZ: "A Spanish way of life. Consumo y publicidad en la España de los cincuenta", en Miguel Ángel DEL ARCO y Claudio HERNÁNDEZ (eds.): *Esta es la España de Franco...*, pp.93-116. Carmen GUILLÉN: "La prostituta como víctima del sistema represivo franquista..., p.101. Lucía PRIETO: *Mujer, moral y franquismo...*, p.123 e ss.
[56] Decreto-Lei do 3 de marzo de 1956. Artigos 431 e 438 do Código Penal de 1944.
[57] AHPLu. FX. Sum. 48. Sent. 139. Ano 1962.

sentenciou, foron o resultado dun salario insuficiente pensado como complemento a unha figura masculina para elas inexistente.[58]

## 2.2. Arriscar a vida. Os delitos de aborto e infanticidio

Coma vimos no anterior apartado, que a muller non fora numericamente superior ao home no groso do panorama delituoso non implicou que non tivera un papel específico que debe ser visibilizado. Con todo, se houbo unha categoría delituosa que podemos denominar como "feminina" por excelencia foi aquela que estivo en relación cos abortos e cos infanticidios, ambos ferreamente perseguidos polo réxime franquista.[59]

O aborto despenalizouse en España o ano 1985. Coa *Lei Orgánica 9/1985*, do 5 de xullo, denominada *Lei de Despenalización do Aborto*, permitiuse o aborto en tres supostos: causas terapéuticas, euxenéticas ou éticas.[60] Pese a estar castigada por lei ata esa tardía data, a interrupción dos embarazos foi unha constante en calquera período histórico.[61] A proscrición social e legal do aborto derivou no seu encadramento nun universo de clandestinidade feminina, factor que determinou a escaseza de fontes primarias que permitan levar a cabo unha investigación integral de tales prácticas. Neste escurantismo é onde radica a importancia da consulta da documentación xudicial, unha das poucas fontes nas que quedou constancia destas práctica ilegal e clandestina.

Aínda que son poucos, os estudos previos sobre o aborto durante o franquismo servirannos de referente á hora de analizar a documentación xudicial do Partido Xudicial de Lugo. Entre eles, cabe destacar o de Inmaculada Blasco que, co recurso a fontes moi diversas: desde lexislación, pasando por discursos médico-relixiosos, documentación xudicial e fontes hemerográficas, constitúe un estudo completo sobre o aborto (políticas, saberes, métodos) enmarcado na Zaragoza dos 40. O recentemente publicado por Herminia Vicente e centrado en Castela a Mancha, ofrece unha análise da delincuencia desde unha perspectiva de xénero, sen obviar, claro está, o aborto, ao que dedica un dos seus epígrafes, para o que emprega coma fonte a documentación xudicial. A mesma fonte foi a empregada por Iván Martínez e

[58] Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria...*, p.74. Ana María RUBIO: "Delincuencia en Marbella durante el primer franquismo. (1937-1959)", *Cilniana*, 28/29 (2020), pp. 111-124, esp.p.116.

[59] Este apartado, con algunha modificación, forma parte dun artigo sobre o aborto: Tamara LÓPEZ: (en prensa) "Aunque me cueste la vida. El aborto en Lugo durante el franquismo (1945-1966)", *Arenal*, 29, 2 (2022).

[60] José Luis IBÁÑEZ: *La despenalización del aborto voluntario en el ocaso del siglo XX*, Madrid, Siglo Veintiuno, 1992, p.237.

[61] Sobre o aborto en épocas precontemporáneas vd: Victoria RODRÍGUEZ: *El aborto hasta fines de la Edad Media castellana. Su consideración social y jurídica*, Madrid, Editorial Aranzadi, 2014. Elda Edith CECCO e Angélica M. MANSILLA: "El aborto en Roma. Consideraciones jurídicas y morales", *Revista de Estudios Clásicos*, 31 (2003), pp.25-39. Patricia GONZÁLEZ: "Maternidad, aborto y ciudadanía femenina en la antigüedad", *El futuro del pasado* 2, (2011), pp.425-438.

Juan Francisco Gómez, que tratan sucintamente este fenómeno dende un enfoque cuantitativo dentro dunha análise da delincuencia común na II República e o franquismo para Zaragoza e Murcia, respectivamente. Xunto con estas investigacións cabe citar a de Pilar Folguera que, centrada no Madrid de posguerra, presenta a novidade de recorrer á oralidade como fonte. Mary Nash, pola súa parte, elixiu o contexto dos anos 20 e 30 do século XX para afondar na realidade social do aborto, no debate xurdido en torno a este e sobre a súa legalización no contexto republicano catalán.[62]

Tres son os nosos obxectivos neste apartado, e todos eles vincúlanse co lugar de estudo escollido. O primeiro, visibilizar a práctica abortiva nun espazo dominado pola ruralidade (en todos os aspectos: económico, social, xeográfico, etc.), o que diferenza o noso caso daqueles que xa se teñen feito, que acostuman a ofrecer unha mirada dominada polo espazo urbano; o segundo obxectivo, consiste en ofrecer información sobre as prácticas abortivas e, en relación con iso, calibrar a implicación do persoal sanitario nestes abortos e tamén a presenza feminina dentro das persoas que levaban a cabo os abortos. E, en terceiro lugar, puxémonos como meta percibir, de ser posible, as redes a través das cales circulaban os saberes e coñecementos referidos a todo o relativo á práctica abortiva (espazos, persoas que o podían levar a cabo...).

### 2.2.1. Do debate sobre o aborto á protección da natalidade: da II República ao Franquismo

A consecución do dereito de sufraxio, en 1931, democratizou o sistema político republicano abrindo camiño ao progreso en materia de xénero. Cabe citar outros fitos nesa andaina de converter ás mulleres en suxeitos políticos de primeiro nivel: no dereito privado, a *Lei de Divorcio* de 1932 proporcionou idénticos dereitos aos cónxuxes para a disolución do matrimonio;[63] no Código Penal do mesmo ano ilegalizouse a prostitución e no Decreto do 28 de xuño de 1935 suprimiuse o delito de adulterio e o dereito do marido de matar aos adúlteros; no ámbito laboral, o artigo 40 da Constitución outorgou o dereito á muller de

[62] Inmaculada BLASCO: "Actitudes de las mujeres bajo el primer Franquismo: la práctica del aborto en Zaragoza durante los años 40", *Arenal*, 6, 1 (1999), pp.165-180. Herminia VICENTE: *Mujeres en el punto de mira...*, p.105 e ss. Pilar FOLGUERA: *Vida cotidiana en Madrid: el primer tercio de siglo a través de las fuentes orales*, Madrid, Editorial Comunidad Autónoma de Madrid, 1987. Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria...*, p.213 e ss. Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia...*, p.312 e ss. Mary NASH: Género, cambio social y la problemática del aborto", *Historia Social*, 2 (1988), pp.19-36.

[63] Sobre o divorcio vd. Máximo CASTAÑO: *El divorcio en la Segunda República española. Antecedentes y desarrollo*, Tese doutoral, Universidad de Murcia, 2016 e tamén Sofía RODRÍGUEZ: "El divorcio en Valladolid durante la II República (1931-1937)", *Investigaciones Históricas, época moderna y contemporánea*, 39 (2019), pp.577-620.

exercer unha profesión segundo o seu mérito e capacidade e non segundo o seu sexo.[64] Medidas que Ana Aguado ten definido como "necesarias, aínda que non suficientes" para que delas dimanase un cambio na vida privada e pública de mulleres (e dos homes).[65]

Con respecto ao aborto xa Mary Nash puxo de manifesto como nos anos 20 do século XX se iniciou un debate máis aló do ámbito médico, no que se contemplara practicalo exclusivamente por causas terapéuticas. Aínda así, dito debate terminou circunscrito a unha esfera totalmente masculinizada conformada por clérigos, médicos e políticos. Este feito, unido ao enorme poder exercido pola Igrexa católica e a súa reprobación moral cara a esta práctica converteron en escasas as manifestacións de preocupación polo aborto, sempre feitas en relación ao control da natalidade. A mera mención do aborto en boca feminina, xa que dicir da súa práctica, considerábase indebida, propio dunha muller indecente, promiscua e sospeitosa de ter desexos antinaturais, de feito, nin mesmo en privado co seu marido era lícito debater a idoneidade ou non de ter descendencia.[66]

A despenalización do aborto chegou a España durante a II República, pero non afectou a todo o Estado, senón só a Cataluña.[67] O Decreto de regulación da interrupción artificial do embarazo promulgado pola Generalitat en 1936, foi froito, segundo Rosa María Aragüés, da converxencia de tres realidades: o movemento de reforma sexual anarquista, da guerra antifascista e da revolución social catalá.[68] A pesar da fugacidade da súa vixencia, a súa relevancia residiu na condición que tivo de texto xudicial pioneiro, de fito. Supuxo a primeira vez na historia de España na que se legalizaba a interrupción do embarazo, o que levou a que hospitais, clínicas e institucións sanitarias se dotaran de servizos específicos, o que de por si implicaba a redución das altas taxas de mortalidade feminina que a clandestinidade do aborto impoñía.[69] Ao mesmo tempo que se procedía á despenalización, apostábase pola difusión da educación sexual e por un control eficaz da natalidade. As posibilidades nas que se podía recorrer á interrupción do embarazo foron moi variadas, pero Mary Nash tenas englobado en catro grandes categorías:

---

[64] María de los Ángeles MORAGA: "Notas sobre la situación jurídica de la mujer en el Franquismo", *Feminismo/s*, 12 (2008), pp. 229-252, esp. pp. 229-231.

[65] Ana María AGUADO: "Identidades de género y culturas políticas en la Segunda República", *Pasado y Memoria. Revista de Historia Contemporánea*, 7 (2008), pp.123-141, p.139.

[66] Mary NASH: *Rojas, las mujeres republicanas en la Guerra Civi*l, Madrid, Taurus Pensamiento, 1999, pp.234-235.

[67] O Código Penal de 1932, se ben as mantivo, rebaixara as penas por aborto.

[68] Decreto, de 25 de diciembre de 1936, de Regulación da Interrupción Artificial do Embarazo. *Diari Oficial de la Generalitat de Catalunya*, do 9 de xaneiro de 1937, núm. 9, p.114.

[69] Rosa María ARAGÜÉS: *Las rojas y sus hijos, víctimas de la legislación franquista: el caso de la cárcel de Predicadores (1939-1945)*, Madrid, Sanz y Torres, 2014, p.102.

> "Causas terapéuticas -enfermidade mental ou física da nai que podía contraindicar o embarazo-; causas euxenéticas- o incesto paternal ou a posibilidade de transmisión de enfermidades físicas ou mentais-; causas neomalthusianas, -a vontade consciente de practicar o control da natalidade-; causas éticas ou sentimentais -a maternidade non desexada por razóns sentimentais ou outras".[70]

A pesar do enorme avance e autonomía que supoñía para a muller unha lexislación tan progresista como a descrita, esta non tivo o impacto desexado. En Cataluña, os abortos continuaron producíndose na clandestinidade e só un 5% dos rexistrados se realizaron a partir da aplicación do decreto. Mary Nash considerou, que a causa desta ineficacia dimana da incapacidade do propio sistema sanitario de ofrecer este servizo. Débese ter en conta, sinala a historiadora, o contexto de guerra, que saturou os hospitais, o escaso persoal e material sanitario existente e tamén a negativa de moitos médicos para practicalos, a pesar de estaren obrigados por lei. Así mesmo, cabe non esquecer que durante os anos trinta dar a luz nunha institución sanitaria era algo excepcional, sendo o máis habitual facelo en casa coa axuda dunha comadroa ou outras mulleres ás que se lles supoñía certa experiencia. Con todo, baixo esas exiguas taxas é doado presupor tamén a incidencia da estigmatización social á que estiveran historicamente sometidas as mulleres que abortaban. Condicionantes culturais, morais e sociais que, unidos a un catolicismo que condenaba de forma enérxica estas prácticas provocaron que a reforma lexislativa fose insuficiente para reverter costumes e prexuízos.[71]

Cada unha das leis republicanas encamiñadas a alcanzar unha sociedade máis igualitaria no relativo ao xénero quedou abolida polo franquismo.[72] A Orde do 8 de marzo de 1939 antes mesmo de que rematara o conflito bélico, declarou disoltos os matrimonios civís[73] e o 23 de setembro de 1939 derrogouse a *Lei de Divorcio* republicana por considerala "radicalmente oposta ao profundo sentido relixioso da sociedade española".[74] Indica Carlos Álvarez que, seguindo o modelo denominado "biopolítica totalitaria" unha das principais preocupacións do franquismo, ao igual que acontecía cos fascismos da época de entreguerras

[70] Mary NASH: "Género, cambio social...", p.30.
[71] *Ibid.*, pp.32-35.
[72] Sobre a lexislación franquista: Josep Mª TAMARIT: "Derecho penal y delincuencia en la legislación de posguerra...", pp.51-68.
[73] A única excepción contemplada era que un dos contraentes non profesaba a relixión católica e puidera probalo documentalmente.
[74] Lei do 23 de setembro de 1939 relativa ao Divorcio, *Boletín Oficial del Estado*, do 5 de outubro de 1939, núm. 278, pp. 5.574.

e outros réximes totalitarios posteriores, foi lograr o aumento da natalidade.[75] Igual ca aqueles, o réxime imposto tras a Guerra Civil española mantivo unha concepción imperialista que entendía que a grandeza da nación residía na vigorosidade da súa demografía, evidenciada no obxectivo de "corenta millóns de españois".[76] Pero as consecuencias da guerra e a mortalidade acontecida na posguerra, que xa teñen analizado autores como Clive Beadman, impediron conseguir o ideal franquista e, pola contra, acentuaron a caída da natalidade.[77]

A función procreadora da muller foi politizada en extremo polo réxime e fomentouse desde o aparello lexislativo franquista con ao redor de trinta medidas orientadas ao aumento da natalidade e á disuasión do traballo feminino, ao que se lle atribuía, alén doutros males para o modelo de feminidade pretendida, "un gran número de abortos, partos prematuros e distócicos, menor peso medio dos fillos nados de nais obreiras e, en definitiva, maior mortalidade infantil entre as nais traballadoras".[78] Para fomentar a natalidade aprobáronse dende o Estado diferentes medidas, entre as que compre salientar os premios á natalidade e subsidios familiares a partir do segundo fillo.[79]

A rápida posta en marcha dunha Lei "para a protección da natalidade, contra o aborto e a propaganda anticoncepcionista", con data de febreiro de 1941, materializou a preocupación do réxime por lograr tanto o crecemento demográfico como por exercer un

[75] Carlos ÁLVAREZ: "En riesgo de caer: infancia, género y postguerra franquista", en Cristian FERRER e Joel SANS, (coords.): *Postguerras: hambre, reconstrucción y políticas sociales*. *XVI Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea,* Alicante, Universidad de Alicante, 2018, pp.1-12.

[76] Natalia GALÁN: "La prohibición del aborto en la Rumanía de Ceaucescu y la España de Franco", en Cristian FERRER e Joel SANS (coords.): *Fronteras Contemporáneas. Identidades, pueblos, mujeres y poder. Actas del V Encuentro de Jóvenes Investigadores en Historia Contemporánea,* Barcelona, Departament d'Història Moderna i Contemporània de la Universitat Autònoma de Barcelona, 2017, p.450. Guiliana DI FEBO: "La Cuna, la Cruz y la Bandera. Primer franquismo y modelos de género", en Isabel MORANT (dir.): *Historia de las mujeres de España y de América Latina. Del siglo XX a los umbrales del XXI,* Madrid, Cátedra, 2006, p. 222. Para logralo, cada familia debía ter catro fillos como mínimo. Algunhas investigacións sinalan que non existe constancia da contía destes subsidios nin o número concedido, o que fai pensar que tal medida tivo so un carácter propagandístico. Modesta SALAZAR: *Asistencia materno-infantil y cuestiones de género en el programa "Al Servicio de España y del Niño Español"*, Tese doutoral, Alicante, Universidad de Alicante, 2009, p.212.

[77] Segundo datos do Padroado de Protección á Muller, durante a guerra civil o número de nacementos en España pasou de 602.178 en 1936 a 417.000 en 1939. Clive BEADMAN: "Abortion in 1940s Spain: The social context*", Journal of Gender Studies,* 11-1 (2010), pp.55-66, esp.p.57.

[78] Carme MOLINERO: "Silencio e invisibilidad: la mujer durante el primer franquismo", *Revista de Occidente*, 223 (1999), pp.63-82. Sergio BLANCO: "Moldeando a "Sofía": Instrumentos de socialización, cultura y feminidad durante el primer franquismo", en Cristian FERRER y Joel SANS, (coords.): *Fronteras Contemporáneas. Identidades, pueblos, mujeres y poder. Actas del V Encuentro de Jóvenes Investigadores en Historia Contemporánea,* Barcelona, Departament d'Història Moderna i Contemporània de la Universitat Autònoma de Barcelona, 2017, pp. 423-424. Gloria NIELFA: *Mujeres y hombres en la España franquista: sociedad, economía, política, cultura*, Madrid, Editorial Complutense, 2003, p. 89. Modesta SALAZAR: *Asistencia materno-infantil...*, p.82.

[79] Guiliana DI FEBO: "La Cuna, la Cruz y la Bandera...", p. 222. Ana CABANA, Teresa ORTEGA e Eider DE DIOS: "Trajinar sin descanso...", pp.77 e ss.

control absoluto sobre o corpo feminino.[80] A súa aprobación ilegalizaba o aborto, o uso de anticonceptivos e a súa publicitación baixo penas de prisión e multa.[81] No prólogo da lei, o aborto cualificábase de "crime social" que "impide que nazan moitos miles de españois anualmente".[82] Combatelo asumiuse como unha responsabilidade do Estado que, coa súa lexislación, converteu ás mulleres que abortasen en delincuentes. As penas estaban contempladas para toda persoa que participase no proceso, desde a propia muller, pasando polo varón que a deixaba embarazada, e o persoal sanitario (médicos ou matronas) ou calquera outra persoa que interviñera na interrupción do embarazo. Tamén estaban previstas multas e condenas para farmacéuticos ou fabricantes de medicamentos que proporcionasen substancias abortivas ou aparellos xinecolóxicos destinados á interrupción do embarazo. Se o aborto se producía contra a vontade da muller, a pena prevista polo Código Penal de 1944 era a de prisión maior, é dicir, dun mínimo de 6 anos e 1 día ata un máximo de 12 anos na cadea. No caso de tratarse de profesionais sanitarios impoñeríase ademais unha multa de entre 2.500 e 50.000 pesetas, con inhabilitación para o exercicio da súa profesión de entre 10 e 20 anos. Se a interrupción do embarazo era consentida, a condena contemplada era de prisión menor, de 6 meses e 1 día a 6 anos. Como atenuante contemplábase unha única posibilidade, a de que a muller abortase para ocultar a súa deshonra, por exemplo, por ser estuprada, violada ou ser nai solteira. A elas, aplicóuselles a pena de arresto menor, de 1 mes e 1 día a 6 meses de prisión. A condena máis dura reservábase para as persoas que participaran nun aborto cuxa consecuencia supuxera o falecemento da embarazada, sendo prevista dende os 12 anos e 1 día ata os 20 anos.[83] As penas recollidas no Código Penal de 1944 foron inferiores ás que contemplou a *Lei para a Protección da Natalidade* de 1941 e superiores ás do Código Penal republicano de 1932. A comparativa ofrécese no seguinte cadro:

[80] Un control estrito ao que se sumou a estipulación e regulamentación das prácticas sartoriais das féminas, vd. Uxía OTERO: *Domesticando cuerpos femeninos en el franquismo (1939-1975): la (re)modelación de la feminidad normativa y su encarnación sartorial en la transición de los cincuenta*, Tese doutoral, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

[81] O uso de anticonceptivos non foi legalizado ata 1964, suxeitos a prescrición médica e para tratamentos de regulación do ciclo menstrual. Ágata IGNACIUK e Teresa ORTIZ: *Anticoncepción, mujeres y género: la "píldora" en España y Polonia (1960-1980)*, Madrid, Los Libros de la Catarata, 2016.

[82] Lei do 24 de xaneiro de 1941, "para a protección da natalidade, contra o aborto e a propaganda anticoncepcionista". *Boletín Oficial del Estado*, do 2 de febreiro de 1941, núm. 33, p. 768.

[83] Código Penal de 1944.

Táboa 14. Comparativa lexislación sobre o delito de aborto. II República e franquismo.

| Delito | Código Penal (1932) | Pena | *Lei para a Protección da Natalidade* (1941) | Pena | Código Penal (1944) | Pena |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Aborto sen consentimento | Prisión menor | 6 m. e 1 d. – 6 a. | Prisión maior a reclusión menor | 6 a. 1 d. – 12 a. 12 a. - 20 a.. | Prisión maior | 6 a. 1 d. - 12 a. |
| Aborto con consentimento | Arresto maior | 1 m. e 1 d. – 6 m. | Prisión menor (graos medio e máximo) | 2 a., 4 m. e 1 d.- 6 a. | Prisión menor | 6 m. 1 d. a 6 a. |
| Aborto autoinflixido | Arresto maior | 1 m. e 1 d. – 6 m. | Prisión menor (graos mínimo e medio) | 6 m. e 1 d. - 4 a. e 2 m. | Prisión menor | 6 m. 1 d. a 6 a. |
| Aborto autoinflixido por deshonra | Arresto maior (grao mínimo) | 1 m. e 1 d. – 2 m. | Prisión menor (grao mínimo) | 6 m. e 1 d. a 2 a. 4 m. | Arresto maior | 1 m. e 1 d. – 6 m. |

D.= días, m.= meses, a.= anos. Fonte: elaboración propia a partir do Código Penal de 1932; Lei para a Protección da Natalidade (1941) e Código Penal de 1944.

A postura oficial do réxime foi a de considerar calquera aborto como provocado. Se unha muller acudía ao médico cun sangrado menstrual abundante, aínda que asegurase non estar embarazada, a mínima dúbida obrigaba aos profesionais sanitarios a dar parte ás autoridades e, en menos de 48 horas, incoábase un sumario por aborto. Ademais, as investigacións de Policía ou Garda Civil ían encamiñadas a demostrar a culpabilidade da procesada e non á inversa, de maneira que todo aquel testemuño que asegurase o contrario era rexeitado ata que as probas médicas non o corroborasen. Esta predisposición explica que moitas mulleres optaran por autoprovocarse un aborto elas mesmas ou recorreran a persoas sen preparación ou estudios sanitarios, o que elevou as porcentaxes de mortalidade ou as consecuencias nefastas para a saúde desas mulleres.

### 2.2.2.Interromper o embarazo en Europa durante o século XX

Para unha correcta comprensión do aborto no contexto español compre achegarnos á realidade europea do século XX e así determinar, en que medida, as políticas adoptadas en relación ao mesmo no franquismo foron disímiles ou semellantes ás de outros países, albiscar

os seus vínculos con totalitarismos e fascismos, así como as respostas femininas fronte a contextos restritivos ou permisivos coa interrupción do embarazo.

Durante as primeiras décadas do século XX, da man do auxe dos movementos feministas e de revolución proletaria, os diferentes gobernos europeos ofreceron certas concesións no relativo a prácticas de control da natalidade. Segundo a investigación realizada por Cintia Frencia e Daniel Gaido, a Unión Soviética foi o primeiro lugar do mundo en legalizar o aborto sen restricións. Fíxoo en 1920 cunha medida considerada necesaria debido á precariedade sufrida por campesiñas e traballadoras.[84] Con todo, durante os anos trinta, co ascenso de Stalin e a crenza de que o desenvolvemento industrial só podía alcanzarse mediante o aumento da poboación e o fortalecemento da institución da familia, a lei foi restrinxida (mediante o *Decreto do 27 de xuño 1936*), limitando a súa legalidade a aqueles casos de perigo para a vida ou a integridade física da muller. Malia esta mudanza, como indica Susana Huerta, estaríamos ante unha lexislación progresista en comparación coa vixente noutros países europeos nese momento.[85]

O seguinte Estado en legalizar o aborto foi Islandia. A medida aprobouse en 1935 e nacía limitando as posibilidades de recorrer a el por causas terapéuticas ou euxenéticas, tal e como acontecía na lexislación catalá do mencionado Decreto de regulación da interrupción artificial do embarazo. Suecia faría o propio coa Lei do 17 de xuño de 1938, contemplado aqueles casos nos que a vida da nai correse perigo, así como Dinamarca, baixo a mesma casuística, en 1939.[86] Esta tendencia á despenalización continuou noutros países europeos tras a II Guerra Mundial, encabezada por aqueles convertidos en réximes socialistas. Así, Rusia volveu legalizalo en 1955, Bulgaria, Hungría, Polonia e Romanía fixeron o propio en 1956, seguidos de Checoslovaquia en 1957 e Iugoslavia en 1960. O caso é que moitos deles pasarían, sen tardar, dunha despenalización total a outra parcial alarmados polo aumento do número de abortos que se producían.[87]

Mención á parte merecen os países europeos baixo réximes fascistas ou fascistizados. A Alemaña de Hitler, a Francia de Vichy, a Italia de Mussolini ou a España de Franco,

[84] Cintia FRENCIA e Daniel GAIDO: "Los orígenes del decreto soviético de legalización del aborto (1920)", *Anuario de la Escuela de Historia Virtual*, 9 (2018), pp.26-52, esp.p.14.

[85] Susana HUERTA: *Aborto con resultado de muerte o lesiones graves (análisis técnico-jurídico del último párrafo del artículo 411 del Código Penal Español)*, Tese doutoral, Universidad Complutense de Madrid, 1976, p. 16.

[86] Anthony HORDERN: *Legal abortion: The English Experience*. London, Pergamon Press, 1971, pp.219-221.

[87] Foi o caso, por exemplo, de Romanía, onde so un ano despois á legalización do aborto as cifras indicaban que se estaban a producir 13 abortos por cada nacemento, o que provocou que o crecemento vexetativo se reduciuse en 1/3. En Iugoslavia, a partir de 1959, penalizáronse todos aqueles abortos que non fosen permitidos expresamente. Susana HUERTA: *Aborto con resultado de muerte…,* pp. 22-23 e 9-11. Carlos A. PIMIENTA: "El derecho al aborto y las políticas reproductivas en Suecia", *Estudios Sociológicos*, 18 (2000), pp.617-659.

caracterizáronse por un ideario moi similar baseado na férrea persecución do aborto, a implantación de políticas pronatalistas e a imposición dun ideal de xénero baseado no rol reprodutivo e subordinado da muller ao home.[88] Na Alemaña do III Reich, a conquista de territorios levaba aparellada a necesidade de elevar a reprodución para que poboación alemá os repoboara, sempre con persoas que puideran asegurar a pureza da súa raza aria.[89] Para iso, como indica Gisela Block, o programa *Blut un Boden*, (*Sangue e Terra*) dividiu ás mulleres en catro categorías: "Mulleres ás que había que estimular a que tivesen fillos, mulleres cuxos fillos non eran obxectables, aquelas que era mellor que non tivesen fillos e, por último, aquelas ás que había que impedir que os tivesen", o que se facía, sobre todo, mediante a esterilización.[90] Deste xeito, tratouse de explotar ao máximo a fecundidade das mulleres de raza aria prohibíndolles os métodos anticonceptivos e o aborto, aínda que xustificado por causas euxenéticas, e tamén se aprobaron políticas pronatalistas concedendo axudas económicas, por exemplo, ás nais con máis de catro fillos, entre outras distincións e premios.[91] Para outras mulleres, como as hebreas e ou as de orixe polaca e rusa, cuxa descendencia era considerada "indesexable", o aborto non estivo perseguido. É máis, procurouse a súa esterilización, e animouse á experimentación médica cos seus corpos ao tempo que se procedía á súa reclusión en campos de concentración para a súa eliminación física. A obsesión pola pureza racial e perfección xenética levou a promover a eutanasia de mulleres enfermas terminais, aquelas con doenzas mentais ou crónicas ou de mulleres con algún tipo de diversidade funcional, programa ao que os nazis denominaron "morte por compaixón", como se recollía na *Lei de Prevención de Fillos Xeneticamente Enfermos* (1933).[92]

---

[88] Carme MOLINERO: "Mujer, franquismo, fascismo. La clausura forzada en un "mundo pequeño", *Historia Social*, 30 (1998), pp.97-117. Unha análise comparativa sobre a represión de xénero baixo a ditadura franquista e a ditadura cívico-militar arxentina pode verse en: Manuel SÁNCHEZ: *Desalmadas y maleantes. Memoria de género en Argentina y España (1936-2018)*, Málaga, Umaeditorial, 2020.

[89] Amalia ROSADO: "La cosificación de las mujeres como instrumento de una ideología perversa: los cuerpos del fascismo", *Asparkía*, 33 (2018), pp.185-204, esp.pp.188-189.

[90] Gisela BOCK: "Políticas sexuales nacionalsocialistas e historia de las mujeres", en George DUBY e Michelle PERROT (dirs): *Historia de las mujeres en occidente. Tomo siglo XX*, Madrid, Taurus, 2003, pp.171-202.

[91] O aborto por euxénese estaba permitido en Alemaña durante a República de Weimar amparado nun baleiro legal. Co ascenso de Hitler ao poder, xustificouse á euxénese para a purificación da raza. Hans HIRSCH: "La reforma de los preceptos sobre la interrupción del embarazo en la República Federal Alemana", *Nuevo Foro Penal*, 12 (1983), pp.144-158, esp.pp.144-145. Nos restantes casos foi considerado un delito menor. Cornelie USBORNE: *Cultures of abortion in Weimar Germany*, New York, Berghahn books, 2007, p. 219. Como a Cruz de Honor da Nai Alemá e a declaración do Día da Nai coma festa nacional. Amalia ROSADO: "La cosificación de las mujeres...", p.191.

[92] Enfermidades entre as que se incluíu a esquizofrenia, a cegueira, a xordeira, a epilepsia hereditaria, as deformidades físicas hereditarias... Michael WOLFGANG: *The Racial State: Germany 1933-1945*, United Kingdom, Cambridge University Press, 1991, pp.136-137. Cornelie USBORNE, *Cultures of abortion…*, *op. cit*, p. 218.

Influenciada pola ideoloxía nazi, a Francia de Vichy penalizou e perseguiu o aborto a un tempo que se lexislaban medidas que fomentaban a natalidade. Baixo o lema "*Traballo, familia, patria*", ter unha prolífica descendencia considerouse un "deber nacional" concedendo subsidios ás familias numerosas e premios a partir dos cinco fillos. Con respecto á interrupción do embarazo, a Lei do 15 de febreiro de 1942 equiparou o aborto a un crime contra a patria e, por tanto, pasou a ser susceptible de ser condenado baixo pena capital.[93] O ideal feminino na Italia do *Duce*, estudado por autoras como Patrizia Dogliani, non parece moi distinto do hitleriano ou mesmo do franquista, co que resultou especialmente concomitante pola influencia da tradición cultural católica. O *Codice Rocco* (Código Penal) de 1931 incluíu o aborto entre os "delitos contra a integridade e saúde da estirpe", castigando a toda aquela persoa que participase do proceso. Con respecto ás causas terapéuticas nada se explicitaba, nin castigándoo nin consentíndoo. A súa reprobación encabezouna a Igrexa católica, que non só condenou o uso de anticonceptivos ou calquera método de control da natalidade senón tamén o aborto, sen importar as circunstancias. Aínda así, a documentación indica que os abortos continuaron producíndose na clandestinidade, sendo xeralmente descubertos só aqueles nos que se produciron complicacións severas para a saúde da muller que abortaba ou aqueles nos que mediou delación. En 1930 foron contabilizados 150.000 anuais cifra que, lonxe de diminuír, ía en aumento anualmente. No ano 1944 permitíronse novos supostos, como debido á perda da honra por violencia sufrida "por parte de estranxeiros pertencentes a unha raza non aria e por inimigos procedentes da República Social" ou tamén por "italianos traidores e ilegais".[94]

En España, o marcado carácter católico do aparello franquista derivou na súa distancia con respecto ás políticas euxenéticas adoptadas polo nazismo. Con todo, procurou a hixiene racial por outros medios punitivos. Neste caso o inimigo político, o "rojo", foi ao que se considerou perturbador da pureza da "raza hispana", entendida non tanto desde un sentido biolóxico senón espiritual, de maneira que a súa depuración non se desenvolveu desde a esterilización nin dende eutanasia, oposta ao sentimento relixioso católico, senón desde o castigo, a represión, a segregación e a eliminación de inimigos políticos[95]. Un dos principais ideólogos e impulsores do discurso e da praxe da hixiene racial *sui generis* da ditadura franquista foi o psiquiatra Vallejo-Nájera, que sinalaba que pais "amorais, imbéciles,

[93] Christine FAURÉ*: Enciclopedia histórica y política de las mujeres*: *Europa y América*, Madrid, Akal, 2010, p.636.
[94] Patrizia DOGLIANI: *El fascismo de los italianos: Una historia social*, Valencia, PUV, 2017, pp.126-127.
[95] Ricardo CAMPOS: "Autoritarismo y eugenesia punitiva: higiene racial y nacionalcatolicismo en el franquismo, 1936-1945", *História, Ciências, Saúde-Manguinhos*, 23 (2016), pp. 131-148.

profundamente tarados" podían "procrear… verdadeiros xenios". Por conseguinte, a hixiene racial pasaba por desenvolver un programa orientado a "espertar nos individuos de todas as clases un desexo de ascender ás xerarquías selectas, aristocráticas de corpo e espírito". Para levar a cabo esta "euxénese punitiva" o réxime valeuse do seu "universo concentracionario", o país converteuse nunha inmensa prisión na que aos campos de concentración e ás prisións se uniron todo tipo de recintos onde encerrar aos "malos españois" e ás "malas españolas", aqueles considerados *detritus* sociais.[96]

### 2.2.3. Abortar en Lugo

A documentación xudicial constitúe unha das escasísimas fontes onde se deixou constancia da práctica abortista. A partir da súa análise localizamos un total de 81 causas xudiciais abertas para o período 1945-1966. Como se pode comprobar no cadro 2, a maior parte delas foron incoadas por aborto (68), pero tamén se abriron sumarios por delitos directamente relacionados como o achado de fetos (13), por infanticidios (5), por tentativa de abortos (5), por inhumacións ilegais de fetos (3) e por posesión de útiles para a práctica de abortos (1).[97] Poden parecer díxitos paupérrimos no conxunto de causas xudiciais consultadas e en comparación con outros delitos, pero, veremos, non o son, nin se os comparamos cos datos que as investigacións sobre delincuencia teñen barallado para outros territorios do Estado nin se temos en conta que á administración xudicial só chegaba unha porcentaxe ínfima dos casos reais de abortos realizados.

Táboa 15. Casos incoados por delitos relacionados coa interrupción do embarazo (1945-1966).

| Delitos | Sumarios | Sobresementos | Condenas | Absolucións | Outros[98] |
|---|---|---|---|---|---|
| Aborto | 56 | 22 | 28 | 2 | 4 |
| Morte por aborto | 12 | 10 | 2 | 0 | 0 |
| Achado dun feto | 13 | 12 | 1 | 0 | 0 |

[96] *Ibid*, p. 137. Javier RODRIGO: *Hasta la raíz...*, p.42. Domingo RODRÍGUEZ: "Fuentes para el estudio de la violencia contra las mujeres...", pp.549-574. Encarnación BARRANQUERO: "La cárcel de mujeres de Málaga en la paz de Franco", *Stud. hist., H.ª contemporánea*, 29 (2011), pp. 119-137.

[97] Esta causa xudicial permite facerse unha idea aproximada do instrumental habitual empregado para a interrupción do embarazo, que estaría composto por: (un) espéculo, (catro) sondas, (unha) xiringa con (seis) agullas, (un) tubo de pílulas de cibazol, (catro) pastillas de substancias descoñecidas, (catro) ampolas de cloruro de calcio ou gluconato de calcio (restaurador cálcico), unha pequena cantidade de gasa e algodón en rama e (unha) caixiña metálica para ferver auga. AHPLu. FX. Sum. 46. Ano 1952.

[98] Nunha das causas o aborto é declarado falta e os tres restantes son sentenzas nas que algún dos procesados foi absolto e outro condenado.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Infanticidio | 5 | 1 | 4 | 0 | 0 |
| Tentativa de aborto | 5 | 3 | 2 | 0 | 0 |
| Tenencia de útiles abortos | 1 | 1 | 0 | 0 | 0 |
| Inhumación ilegal | 3 | 2 | 1 | 0 | 0 |
| TOTAL | 95 | 51 | 38 | 2 | 4 |

Fonte: elaboración propia a partir de: AHPLu. FX. 1945-1966.

Táboa 16. Comparativa sumarios e sentenzas por aborto.

| Lugar | Provincia de Lugo | Partido Xudicial de Lugo | | Provincia de Zaragoza | | Provincia de Murcia | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Período | 1936-1941 | 1945-1966 (21 anos) | | 1940-1950 (10 anos) | | 1939-1949 (10 anos) | |
| Habitantes | 508.916 | 101.993 | | 574.566 | | 719.701 | |
| Representación de poboación sobre Lugo | 20% | 100% | | 17,75% | | 14,17% | |
| Abortos tratados no sistema xudicial | 55 Sent | 68 total | 36 Sent[99] | 44 total | - | - | 22 Sent |

Fonte: Elaboración propia a partir de: AHPLu. FX; INE. Censo 1940; Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia...*, p.329. Inmaculada BLASCO: "Actitudes de las mujeres...", p.175.

Entre 1936 e 1941, nos Libros de Rexistro Xeral da Fiscalía de Lugo, que recollen datos para toda a provincia, e que por datas permitirían unha comparativa acaída cos datos indicados para o caso de Zaragoza e Murcia, asentáronse 55 sentenzas por aborto, -xa fose consumado, en grao de tentativa ou con/sen resultado de morte-, ou delitos relacionados como o achado de fetos e infanticidios, cifras superiores ao de sentenzas e casos detectados en ditas provincias, que, recordemos, teñen moita máis poboación e nun período de tempo superior (6 anos fronte a 10). Ditas sentenzas, contempladas sobre un total de 4.983, ofrecen unha porcentaxe dun 1,1% que confirma a tendencia deste tipo de delitos a ser superiores en Lugo que nas outras provincias do Estado nas que foron analizadas estas fontes co obxectivo de estudar a delincuencia en xeral e os abortos en particular. En calquera caso, convén insistir en que a esperable escasa presenza deste delito nos diferentes rexistros xudiciais evidencia a opacidade coa que se realizaban estas prácticas. José Luís Ibáñez estimou que o 99% dos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[99] Inclúense sentenzas condenatorias, absolutorias e declaradas falta.

abortos permanecía na clandestinidade e Dantín Gallego reduciu os casos descubertos ao 0,16%.[100]

Os abortos eran ocultados da comunidade e mesmo da familia na medida do posible e, de resultar exitosos, ninguén máis aló dos directamente implicados coñecían o feito. Só chegaban ás instancias xudiciais cando existían complicacións, caso de ter que recorrer a asistencia sanitaria, ou cando existía unha delación. Deste xeito, a alta cifra de abortos do Partido Xudicial de Lugo lévanos a inferir o elevado número de abortos que se practicaban nese territorio. E se ademais de tomar por indicador o número de abortos que chegaron aos xulgados tamén nos fixamos nunha cifra por enriba da media de abortos con resultado de morte, é posible deducir as deplorables condicións nas que os levaban a cabo. Con respecto aos lugares onde se practicaba o aborto cabe sinalar que, aínda que non se rexistra ese dato na maior parte dos sumarios consultados, parece que nos que participaba unha aborteira "profesional" este realizábase habitualmente no seu domicilio particular, xeralmente na capital lucense, ou en negocios rexentados por ela (prostíbulos, bares ou establecementos de compravenda, por exemplo). Nos municipios rurais do Partido Xudicial fíxose uso de palleiros ou alpendres, lugares sen os mínimos estándares hixiénicos por definición (presenza de animais, de apeiros, etc.).[101]

Con respecto a cuestión dos espazos onde se interrompían voluntariamente os embarazos cabe sinalar que, o noso caso de estudo, a cidade de Lugo, integra unha urbe de pequeno tamaño dentro da escala das cidades galegas e españolas en xeral, e un moito máis significativo *hinterland* rural composto polos municipios que rodean xeograficamente ao da capital. Un aspecto de grande interese porque nos permite integrar o sempre máis descoñecido espazo rural e comparar a realidade deste territorio dominado pola ruralidade con outros que foron estudados anteriormente por outros investigadores, nos que cidades grandes ou medias rexían o conxunto do territorio que servía de mostra para a análise. O espazo onde se realizaban os abortos non é o único que permite sinalar diferenzas urbano/rual. Para o caso de Madrid, e a través de fontes orais, a historiadora Pilar Folguera determinou que as mulleres tiñan un acceso moi sinxelo á información á hora de abortar o que, non obstante, non implicaba que os procedementos realizados fosen máis seguros ou efectivos. Así mesmo, sinalou que nas cidades moitas das persoas que practicaban abortos eran médicos especialistas :

[100] José Luis IBÁÑEZ: *La despenalización del aborto…*, p.330. Dantín GALLEGO: "Influencia del infanticidio y del aborto voluntario sobre el crecimiento de la población", *Revista Internacional de Sociología*, 26-7 (1949), pp. 125-177. Cit. en Clive BEADMAN: "Abortion in 1940s Spain... *",* p.57.
[101] AHPLu. FX. Sum. 405. Sent. 255. Ano 1949.

> - "Tódolos anuncios que viñan nos periódicos dicindo: xinecólogo, xinecólogo, todos era abortistas, abortistas abortistas." (...) -"Un xinecólogo non se anuncia nun periódico e viñan centos de anuncios de xinecólogos, e eu coñezo por amigas e compañeiras que foron ao xinecólogo ese do periódico e puxéronlles unha sonda, claro primeiro preguntáronlle os meses ou as faltas e cando eran tres faltas puxéronlle a sonda e abortaron..." [102]

Non sucedeu o mesmo en Lugo, onde tan só 4 persoas das 27 procesadas cualificadas de aborteiros e aborteiras posuían algún tipo de formación médica, aínda que todas elas exercían na cidade. A diferenza entre unha gran urbe como Madrid e unha pequena cidade como Lugo e os concellos rurais da súa contorna vólvese notoria tamén neste aspecto. No partido xudicial de Lugo, a maior parte de abortos tiveron por escenario a cidade, fenómeno que pode estar en relación co peso demográfico da urbe no conxunto da mostra. Porén, convén apuntar que dos 40 abortos rexistrados na capital, 7 estiveron protagonizados por mulleres de procedencia rural. O superior índice de fatalidade no rural, do 21,4% (sobre 28 abortos), fronte ao 15% da cidade (sobre 40), pon en evidencia o que sinalabamos hai un intre, que nas aldeas as condicións de todo tipo nas que se abortaba eran peores (sanitarias, hixiénicas, etc.) pero, malia isto, só unhas poucas embarazadas puideron acudir á cidade en busca de persoal con algún tipo de formación sanitaria e un lugar hixienicamente máis seguro que as construcións adxuntas dunha casa labrega.

Táboa 17. Número e taxas de abortos segundo se practicaran en espazo rural ou urbano no PX de Lugo (1945-1966).

| Espazo | Falecementos | % | Total abortos | % |
|---|---|---|---|---|
| Rural | 6 | 21,42 | 28 | 41,17 |
| Urbano | 6 | 15 | 40 | 58,82 |
| Total | 12 | 17,6% | 68 | 100% |

Fonte: Elaboración propia a partir de: AHPLu. FX. Sum. e sent. (1945-1966).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[102] Pilar FOLGUERA: *Vida cotidiana en Madrid...*,p.137.

Gráfica 6. Porcentaxe do estado civil das procesadas por aborto. (1945-1966).




Fonte: Elaboración propia a partir de: AHPLu. FX. Sum. e sent. (1945-1966).

A partir da documentación xudicial fomos capaces de realizar un perfil da muller que abortaba en Lugo dende mediados dos anos corenta ata pasada a metade da década dos sesenta. Sería unha muller de ao redor de 26 anos, sería, por tanto nova, pero con idade dabondo de formar unha familia, de estado civil solteira e de extracción humilde.[103] En canto ao estado civil, sinalar que o 50% das procesadas eran solteiras, polo que podemos inferir que a súa decisión de abortar estaría motivada pola necesidade de ocultar a deshonra e descrédito que supoñía un embarazo fóra do matrimonio, o mesmo que no caso das poucas viúvas que aparecen nas fontes (1,47%). O 20,6% dos abortos restantes realizáronse a mulleres casadas que recorreron a el como método de control da natalidade.

Determinar a súa profesión resulta moito máis complexo. No 54,4% dos casos esa información non se indica no sumario ou aparece baixo a vacua etiqueta de "os seus labores" (17,6%). Unha ocupación profesional que destaca no cómputo xeral é a do servizo doméstico (14,7%) que, como xa apuntamos máis arriba neste capítulo tamén está hiperrepresentada entre as vítimas de violación. Este grupo sociolaboral conformado polas empregadas do fogar aparece tamén nas fontes como protagonista principal do delito de infanticidio (60%) o que pode ser posto en relación, tanto co intento de ocultar a deshonra asociada a ser nai solteira e poder conservar o traballo, como por derivar o embarazo dun abuso sexual. Ben é certo que a súa destacada presenza na mostra debe ser posta en perspectiva e sinalar a facilidade coa que

[103] Datos que non distan moito dos analizados por Gómez Westermeyer en Murcia, onde a media era de 25 anos. Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia…,* p.331.

este colectivo era descuberto e denunciado, a diferenza doutros. A convivencia diaria e o control estrito dos seus quefaceres levaba a que fora certamente difícil agochar calquera síntoma do embarazo ou as molestias e lesións derivadas da interrupción do mesmo. Aínda que de forma máis residual, entre as ocupacións das mulleres que abortaron no Lugo do momento tamén atopamos labregas (4), evidentemente máis presentes nos espazos rurais do Partido Xudicial ca na cidade, mentres que modistas (2), camareiras (1) e prostitutas (1) serían as que tomarían a decisión de abortar na urbe e non tiveron a fortuna de pasar inadvertidas.[104] Como xa apuntamos nas características do perfil, trataríase en todos os casos de mulleres de extracción humilde, aspecto que indicarían os seus traballos e ocupacións. Ben é verdade que o nivel económico exacto das mulleres que abortaron é difícil de trazar, máis aló de poder asegurar a súa precariedade, pois aínda aquelas que dan información sobre este aspecto nos seus testemuños ante os xuíces, apuntan simplemente á insolvencia (33,8%),se ben na maioría de expedientes "non consta" tal información.

As parellas masculinas das mulleres que foron denunciadas por abortar (noivos, amantes ou maridos) foron procesados en moi poucas ocasións, contabilizándose un total de 10 casos rexistrados nos sumarios consultados. A súa idade media rolda os 34 anos, cifra que nos sitúa diante de varóns máis vellos ca idade media das súas parellas. Coma elas, decláranse habitualmente insolventes (50%), e entre as profesións manifestadas non hai ningunha que destaque sobre as demais, aparecendo unha mostra dos múltiples colectivos sociolaborais hatiuais da cidade e do rural lucense (industrial, labrego, estudante, Garda Municipal, empregado, etc.). Moito máis significativa ca súa ocupación é a súa residencia, unha ampla maioría vivía na cidade de Lugo (66,7%). A súa participación nos feitos foi desde sinalar á muller a quen acudir para que lle practicara a interrupción do embarazo á súa parella, como confesou Jesús N. A. no xuízo que tivo lugar en 1948, pois el "sabía de oídas que nesta cidade as procesada Dolores V.C. dedicábase a practicar abortos",[105] ou como proceder, como se demostrou nun xuízo que tivo lugar un ano despois:

> "Luís J.P., posuidor dalgúns coñecementos farmacéuticos por prestar o seu servizo militar na Farmacia onde estaba naquel momento, preparoulle pola súa propia man uns oito ou dez selos ou pastillas de 40 centigramos cada un de sulfato de quinina, os cales entregou á Julia A.N. para que os tomase".[106]

[104] AHPLu. FX. Sum. e Sent. incoadas por el delito de aborto entre 1945 e 1966.
[105] De feito, Dolores fora xa procesada polo mesmo delito en 1944. "Crónica Judicial", *El Progreso*, 6 de setembro de 1944. AHPLu. FX. Sum. 46. Sent. 233. Ano 1948.
[106] AHPLu. FX. Sum. 161. Sent. 128. Ano 1949.

A práctica abortiva foi unha actividade esencialmente feminina en Lugo. Das 27 persoas identificadas só 6 eran homes. A actividade profesional dos e das abortistas estivo vinculada á medicina en moi poucos casos, unicamente en catro: un feminino, o dunha muller, profesora en partos, que negou en todo momento a súa participación nos feitos, e tres masculinos. Un deles era practicante de cirurxía e foi procesado e condenado en dúas ocasións, en 1945 e 1952. O segundo varón acusado exercera de sanitario durante o seu periplo migratorio en América e, a diferenza do anterior, nunca resultou procesado, se ben o seu nome mencionouse nun sumario por ser o mentor dunha coñecida aborteira, con "numerosos expedientes desfavorables por aborto e escándalo". O terceiro e último era un médico de familia de 71 anos que exercía no concello de Rábade, limítrofe co de Lugo. Pola súa condición de médico e tamén porque foi condenado por un aborto que tivo como consecuencia a morte da muller-paciente en 1956, impúxoselle a condena máis alta de todas as establecidas polo xulgado lugués neste tipo de delitos (19 anos, 1 mes e 11 días de reclusión menor e multa de 15.000 pesetas).[107]

Compre sinalar que os perfís das aborteiras deixan idénticos achados que os das mulleres ás que practicaban o aborto se deixamos fóra o caso das empregadas do fogar, que non aparecen representadas neste colectivo. Unha maioría dedicadas "aos seus labores" (9), seguidas por costureiras (2), feirantes (1), xornaleiras (1) e propietarias de bar (1). Trátase de mulleres na súa maioría casadas (47,6%), insolventes (28,6%) e residentes na cidade de Lugo (66,7%). Entre os aborteiros, ademais dos tres relacionados coa sanidade xa comentados, aparece un labrego, un zoqueiro e un comerciante. A súa idade media era similar á feminina, sobre os 44 anos, e, segundo os nosos datos, eran na mesma proporción casados que solteiros e con residencia nos municipios rurais e na cidade de Lugo.

O aborto podía implicar ou non unha compensación económica para quen o practicaba. Segundo a documentación xudicial consultada non sempre mediaba pagamento entre a embarazada e a persoa que realizaba o aborto. Nos sumarios onde se demostrou que se realizou un pago este oscilou entre as 150 e as 1.000 pesetas, cantidades tremendamente dispares. Malia o que puidera parecer, acudir a un profesional sanitario non estivo intrinsecamente relacionado co maior custo do aborto, é máis, as contías máis altas establecéronas persoas sen formación algunha. Tampouco existiu unha correlación entre o lugar de realización do procedemento (rural/urbano) e o seu custo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[107] AHPLu. FX. Sum. 95. Sent. 48. Ano 1945; Sum. 215. Sent. 297. Ano 1952; Sum. 290. Sent. 132. Ano 1959; Sum. 191. Sent. 90. Ano 1956.

A documentación xudicial permítenos dar resposta a un aspecto que nos parece central na análise deste tipo de delincuencia. Trátase do trato recibido polas mulleres encausadas por parte da administración xudicial. A xustiza impartida nos tribunais lucenses non foi igual para os homes que tomaban parte na interrupción dos embarazos que para as mulleres que facían o propio. A imposición dos valores morais franquistas nas estruturas xudiciais do Estado queda en evidencia no trato dispensado ás aborteiras. Aquelas que se dedicaban a practicar abortos na clandestinidade eran tachadas de "mulleres de mala conduta e moralidade" mentres que os homes so de cando en cando eran descualificados nas causas. Agora ben, a efectos do fallo xudicial o xénero non determinou necesariamente unha condena superior. Si repercutiron factores coma o oficio, os antecedentes e, especialmente, as consecuencias da intervención. É dicir, os coñecementos médicos agravaban as condenas, igual que a reincidencia e, de acontecer, o falecemento da muller intervida.

### 2.2.4. Praxe abortiva

Abortar durante o franquismo implicou a ausencia de garantías hixiénicas e sanitarias, derivadas, usualmente, de actuar sen máis coñecementos ca os adquiridos polo boca a boca; consecuentemente, supuxo un proceso de elevado risco para a saúde e benestar físico da muller que a el se sometía. Para achegarnos á complexidade e ao impacto físico e psicolóxico de tal procedemento consideramos pertinente proceder a unha análise das fórmulas de interrupción do embarazo, nun estudo totalmente inédito que, por especializado, sustentarase en bibliografía médica, da que nos valeremos para fundamentar os medios, desencriptar declaracións eufemísticas por avergoñantes, testemuños "a medias" e/ou baseados en insinuacións. En función do procedemento empregado para a interrupción do embarazo, ao que xeralmente se recorría durante os primeiros meses de xestación, podemos diferenciar entre abortos provocados por métodos químicos ou toxicolóxicos e abortos provocados por métodos físico-mecánicos. Entendemos por métodos químicos todos aqueles nos que unha substancia era introducida no organismo da muller vía oral ou vaxinal, cuxa reacción daba lugar á expulsión do feto ou á interrupción da xestación. O seu perigo residía na dose aplicada, pois resulta eficiente cando se achega á dose tóxica capaz de provocar a morte da paciente.[108]

Entre os químicos identificados nas causas xudiciais lucenses atopáronse axentes oxitócicos, é dicir, sustancias causantes de contraccións que podían inducir de forma

[108] Manuel Antonio ARTÚZ e Humberto RESTREPO: "El aborto inducido. Una visión histórica de su manejo", *Colombia Médica*, 33 (2002), pp. 65-71, esp. p.66.

prematura o parto. Nos sumarios analizados menciónanse alcaloides como a ergotina, derivada do "cornezuelo" de centeo, de onde se extrae aínda na actualidade a droga alucinóxena dietilamida del ácido lisérgico (coñecida como LSD). Era de uso frecuente en tratamentos obstetricias, axudando a frear as hemorraxias no puerperio ou para provocar partos acelerando as contraccións. Da súa popularidade como remedio caseiro de abortar dan conta algúns testemuños femininos sobre saberes relacionados coas plantas autóctonas: "Nalgúns partos na aldea recollían o caruncho, cocíano e despois dábanlle a beber aquela auga, que axudaba ás contraccións do útero".[109] Outro alcaloide empregado foi o sulfato de quinina.[110] Este extraíase da cortiza da quina, e administrábase xa en forma de ampolas, xa de pastillas que debían ser inxeridas oralmente. [111] A súa efectividade era maior a partir dos dous primeiros terzos do embarazo, aínda que, segundo estudos farmacolóxicos sobre o seu uso, a medida que "a influencia da proxesterona diminúe e aumenta a influencia do estróxeno" tamén as reaccións uterinas ás contraccións se elevan.[112]

Os abortivos, como no caso relatado do caruncho, podían ter orixe vexetal, e, en Lugo, existía un amplo repertorio que variaba en función da súa dispoñibilidade. Ás infusións de azafrán seguíalle en frecuencia o uso de perexil e os talos e as follas de verza, cuxos efectos eran similares a outros oxitócicos como os citados anteriormente.[113] O aborto producíase (de producirse) mantendo ditos vexetais no interior da vaxina ata producir a infección que fixera inviable a xestación. Noutros casos, o aborto inflixíase mediante substancias que provocaban hemorraxias que derivaban na morte do feto coa súa consecuente expulsión. Os ácidos e substancias cáusticas como o iodo, a mostaza ou o permanganato potásico tamén se introducían na vaxina en forma de pastillas provocando queimaduras e fortes hemorraxias que, en ocasións, desembocaban en aborto. Para soportar a dor infrinxida as mulleres recorrían ao piramidón, medicamento con propiedades analxésicas e a

[109] AHPLu. FX. Sum. 95. Sent. 99. Ano 1949. Este fungo en Galicia foi protagonista dunha "febre" económica xustamente a mediados do século XX. Moitas mulleres do rural vendíano obtendo grandes ganancias debido aos altos prezos que acadaba no mercado internacional. Sobre este particular, vd. "La historia del cornezuelo, el LSD de nuestras abuelas que sentó las bases de la industria farmacéutica gallega", Recuperado de internet (https://www.eldiario.es/galicia/historia-cornezuelo-lsd-industria-farmaceutica_1_1716647.html), consultado o 3 de abril de 2020. Paul L. SCHIFF: "Ergot and Its Alkaloids", *American Journal of Pharmaceutical Education,* 70, 5 (2006), https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pmc/articles/PMC1637017/.

[110] B. RODRIGUEZ, e Mª Cristina ARMENTIER: Recuperado de internet (http://e-lactancia.org/media/papers/Quinina-FT-Acofarma2008.pdf), consultado o 3 de marzo de 2020.

[111] Sobre o seu consumo na medicina popular, vd. Hernán SILVA: *Medicina Legal y Psiquiatría Forense. Medicina Legal. Tomo I*. Santiago de Chile, Editorial Jurídica de Chile, 1991, pp.160-161. O seu uso en Lugo queda reflectido en : AHPLu. FX. Sum. 161. Sent. 128. Ano 1949.

[112] Así se indica en Alfonso R GENNARO: *Remington. Farmacia. Tomo 2*, Argentina, Editorial Médica Panamericana, 2003, p.1601.

[113] AHPLu. FX. Sum. 10. Sent. 362. 1953; Sum. 68. Sent. 184. Ano 1959.

antiinflamatorias potentes, ao cibazol como antibiótico e ao gluconato cálcico como restaurador electrolítico.[114]

A segunda tipoloxía á que aludíamos, composta por aqueles abortos provocados por causas físico-mecánicas, sinalar que consistían na manipulación intrauterina con instrumental diverso que procuraba a perforación do saco amniótico. Se os abortos eran practicados por persoas con formación médica ou con algún tipo de coñecemento adquirido na comunidade, os procedementos empregados caracterizáronse por unha maior tecnicidade, no resto de casos pode inferirse un procedemento realmente falto de coidado e brusco. O uso de sondas era o método máis estendido entre os expertos, mentres que de actuar soas ou coas súas parellas as mulleres optaron pola inxesta ou aplicación na vaxina de produtos cáusticos como o permanganato, por abortivos de orixe vexetal ou pola manipulación intrauterina con obxectos punzantes sinxelos de obter no seu devir cotiá(canudo de sabugueiro, un punzón, un arame, etc.). Estas últimas fórmulas usualmente derivan das recomendacións doutras mulleres con algúns coñecementos ou experiencia, mais carentes de formación para poder acometer unha intervención directa.

Con respecto ás complicacións, a peritonite era a máis habitualmente relatada nos testemuños femininos ante os tribunais lucenses e, xeralmente, terminaba co falecemento da muller. A perforación do útero ou da matriz era unha das consecuencias comúns xunto coas hemorraxias ou metrorraxias, así como a retención de restos de tecido no interior do útero ou a súa contaminación con xermes durante a manipulación, o que derivaba nunha infección que se non se trataba de forma adecuada conducía á morte por toxemia xeneralizada. No caso de superar as complicacións, a gravidade dunha intervención deste tipo era tal que algunhas

[114] AHPLu. FX. Sum. 11. Sent. 226. Ano 1945. Parece que o iodo atravesa a barreira placentaria e o feto é especialmente sensible ás doses de iodo farmacoloxicamente activas. Información sobre este particular en "Yoduro potásico". Vademecum dixital. Recuperado de internet (https://www.vademecum.es/principios-activos-yoduro+potasico-h03ca+m1), consultado o 15 de decembro de 2019. Sobre o seu uso en Lugo quedan pegadas en distintas causas, vd. AHPLu. FX. Sum. 200. 1945. Sum. 239. Sent. 335. Ano 1951. Sum. 26. Sent. 101. Ano 1952; Sum. 116. Sent. 172. Ano 1954. O permanganato potásico é unha substancia con propiedades antisépticas e oxidantes que en altas doses pode chegar a provocar queimaduras ou úlceras na pel. Do seu emprego como sustancia abortiva, vd. Susheela SINGH *et al*.: *Abortion Worldwide: A Decade of Uneven Progress*, New York: Guttmacher Institute, 2009, p.32. Información sobre as características e efectos do "Potasio permanganato", Recuperado de internet (http://www.hca.es/huca/web/contenidos/websdepartam/farmacia/FN/POTASIOPERMANGANATOTOPICA1POR10000.pdf.), consultado o 15 de decembro de 2019. O piramidón é un antinflamatorio utilizado como analxésico, antipirético e espasmolítico. Comercializado en España coma antigripal e analxésico, en 1977 foi incluído nunha lista negra polos seus posibles efectos cancerígenos. Información en "Piramidón". Recuperado de internet (http://historiadelmedicamento.es/index.php/es/component/phocagallery/2-analgesicos/detail/49-analgesicos.), consultado o 16 de decembro de 2019. O seu uso próbase na documentación custodiada en AHPLu. FX. Sum. 46. Ano 1952. Sobre o gluconato cálcico vd. Marta GARCÍA e Ángeles PORTA: *Guía de Administración de Antídotos. Servicio de Farmacia Xerencia de Xestión Integrada, Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade.* A Coruña, 2018, p.40.

mulleres permanecían enfermas durante períodos que roldaban o ano e moitas quedaban estériles.[115]

Fora como fose, a praxe abortiva que aparece reflectida na documentación xudicial consultada non foi exclusiva do territorio estudado, estendéndose por todos aqueles Estados nos que se atopaba penalizado e forma parte dunha especie de acervo de coñecementos populares que non teñen en conta fronteiras nin períodos temporais específicos. Así, estudos realizados sobre esta práctica en Reino Unido antes da súa legalización en 1968 xa comentan o emprego das substancias químicas mencionadas na documentación lucense, entre elas a ergotina, a oxitocina, os estróxenos e a quinina. Tamén o uso de abortivos de orixe vexetal causantes de contracción uterina ou conxestión pelviana como a noz moscada, cimbro, o aceite de rícino ou a herba lombrigueira, ademais de duchas vaxinais a presión ou manipulacións con instrumental punzante. [116]

### 2.2.5. A transmisión de saberes arredor do aborto

A pregunta que xorde tras chegar a coñecer a praxe abortiva ten que ver con como sabían as mulleres de Lugo que facer, a quen recorrer ou como actuar cando descubrían que se atopaban en estado e non querían/podían levar ese embarazo a termo. A través da análise das declaracións recollidas na documentación xudicial é posible afirmar que as técnicas e procedementos en torno ao aborto eran transmitidos de forma oral dentro dun universo clandestino esencialmente feminino. Raquel Álvarez ten sinalado que "a comunicación persoal, entre familiares, veciñas, comadroas ou curandeiros é enormemente difícil de coñecer. Trátase de cuestións íntimas, prohibidas, penadas, que deben manterse en segredo."[117] Condicionantes todos eles que na actualidade complican en gran medida o acceso a fontes orais que profunden na materia. Investigacións como a de Pilar Folguera esbozan o proceso de transmisión de información:

[115] AHPLu. FX. Sum. 3. Sent. 299. Ano 1950.

[116] Empregado en España na guerra civil e durante a posguerra a modo de laxante nos procesos de represión sexuada, consistentes en rapados e purgas de mulleres "rojas" ou familiares de "rojos". Julio PRADA: "Escarmentar a algunas y disciplinar a las demás. Mujer, violencia y represión sexuada en la retaguardia sublevada", *Historia Social*, 87 (2017) pp.67-83. Se eses métodos non resultaban satisfactorios, as mulleres inglesas recorrían a abortos clandestinos, a operacións médicas ilegais ou a un aborto a través do *National Health Service*. Sobre o seu uso alén das fronteiras estatais, vd. Anthony HORDERN: *Legal abortion…*, p.3.

[117] Raquel ÁLVAREZ: "La mujer española y el control de la natalidad en los comienzos del siglo XX", *Asclepio*, 2 (1990), pp.175-200, esp.p.189.

> -"Diciámonolo unhas ás outras, eu na panadería tiven ocasión de aprender moitas cousas" (...) "O tema dos abortos era unha cousa que se sabía pois fulanita é aborteira e pódese ir a ela".[118]

Estudos realizados para outros países, por exemplo, o de Patrizia Dogliani para Italia fascista, corroboran esa tese ao sinalar que as italianas que querían abortar eran apoiadas por redes de solidariedade, recorrendo a remedios domésticos froito da transmisión de coñecementos populares nun mundo feminino" composto por amigas, familiares, veciñas, matronas e especialmente comadroas e enfermeiras".[119] En Francia, Clive Beadman ten recollido o testemuño da feminista Madelleine Pelletier, que sinalou que os espazos de transmisión ían desde as casas das clases traballadoras, pasando pola panadería e carnicería e ata as vivendas de amas de casa veciñas, é dicir, espazos cotiás de sociabilidade feminina.[120]

Entre a documentación xudicial consultada para Lugo abundan os testemuños que aluden a un coñecemento colectivo froito da experiencia feminina. A referencia a un rumor público ou ao boca a boca segundo o cal certa muller se dedicaba á práctica de abortos, que en ocasións é mencionado polas propias autoridades dada a súa reincidencia, é o mecanismo máis aludido: "Sabía de oídas que nesta cidade a procesada Dolores V.C. dedicábase a practicar abortos", sinala unha causa; noutra coméntase que "Oíra que a dona de tal bar dedicábase a practicar abortos". As menos, recorreron ás súas parellas masculinas en busca de información:

> "Sendo solteira concibiu o propósito con ánimo de ocultar a súa deshonra ao abortar, consultando os medios de conseguilo co seu noivo José Avelino F.B. o cal procurou documentarse a través de libros anticoncepcionistas e proporcionou algúns medicamentos, un espéculo e un foco eléctrico á procesada, cos cales ela mesma causouse lesións... e produciuse o aborto".[121]

Pero tamén atopamos casos nos que non había un coñecemento previo, senón que as mulleres tiveron que buscar esa información ao descubrir o seu embarazo. Algunha comenta no seu testemuño ante o xuíz que se botou á rúa pedindo axuda ás mulleres que pasaban ata que unha delas lle deu consello, o de "que se metese na matriz un anaco de madeira de folla de

[118] Pilar FOLGUERA: *Vida cotidiana en Madrid…*, p.137.
[119] Sobre as matronas: Dolores RUIZ e Alberto GOMIS: *Compromiso social y género. La historia de las matronas en España en la Segunda República, la Guerra Civil y la Autarquía (1931-1955),* Madrid, Ayuntamiento de Alcalá de Henares, 2017, pp.82-88. Patrizia DOGLIANI: *El fascismo de los italianos…,* p.126.
[120] Clive BEADMAN: "Abortion in 1940s Spain...", p.60.
[121] AHPLu. FX. Sum. 277. Sent. 55. Ano 1945.

verza verde, que tiña oído que collía aire a matriz e como consecuencia producíase o aborto".[122]

2.2.6. As causas e as consecuencias de abortar. Os achados de fetos e infanticidios

A incapacidade de ofrecer aos seus fillos ou asegurar para elas mesmas un sustento constitúe unha das razóns principais para a interrupción do embarazo, seguida por unha situación de enfermidade, sobre todo no caso das mulleres casadas. Concepción S.T., en 1959, cando contaba con 25 anos e xa estaba casada, acudiu ao domicilio de Luz María B.G. para que lle interrompese o seu embarazo (de tres meses na altura). O procedemento, polo que pagou 200 pesetas, consistiu en introducirlle unha sonda nos seus órganos xenitais. Unha vez na súa casa sufriu unha hemorraxia que produciu a expulsión do feto pero comportoulle lesións das que tardou en curar 45 días. Luz María foi condenada como autora dun delito de aborto á pena de 7 anos de prisión maior, ao pago de 4.000 pesetas de indemnización a Concepción e a asumir as costas do xuízo. Pola súa banda, Concepción foi sentenciada a 7 meses de prisión menor. Ambas enfrontaron tamén 8 anos de inhabilitación para traballar no sector sanitario, pero dado que non traballaban na rama sanitaria dita pena non tivo transcendencia para elas. Concepción declarou que ela recorrera ao aborto porque un dos seus dous fillos estaba enfermo de tuberculose e que, ademais, o seu marido, canteiro de profesión, non tiña traballo desde facía moito tempo, o que imposibilitaba poder manter unha boca máis na casa.[123]

Conservar a honra, como mencionamos, era outro dos principais motivos que impulsaba ás mulleres para interromper os seus embarazos, neste caso especialmente aludido como razón por solteiras e viúvas. Nun contexto de prohibición de calquera método anticonceptivo, as parellas recorrían a prácticas populares como o *coitus interruptus* ou o control dos días fértiles, pero o problema xurdía cando estas relacións derivaban nun embarazo e as promesas de matrimonio baixo a que accedían as mulleres ás relacións sexuais desaparecían. O estigma social froito dunha concepción católica e tradicional da familia facían dunha nai solteira unha muller de moral reprobable e do seu fillo unha criatura condenada á marxinalidade. Foi, entre outras, o caso de Elvira V.V., unha labrega de 19 anos que decidiu abortar cando a súa parella se negou a manter a palabra de casamento ao coñecer do seu estado. Foi condenada a 4 meses de arresto maior como autora dun delito de aborto

[122] Comentarios desta natureza en AHPLu. FX. Sum. 46. Sent. 233. Ano 1948. Sum. 49. Sent. 128. Ano 1959. Sum. 68. Sent. 184. Ano 1959.
[123] AHPLu. FX. Sum. 319. Sent. 139. Ano 1959.

autoprovocado en 1945.[124] A presión social era tan forte para elas que moitas preferían morrer a sufrir tal humillación, como ten sinalado Conxita Mir nas súas achegas sobre o suicido durante o franquismo.[125] En ocasións o suicidio non era a saída inmediata ao saber do embarazo, senón a que esta situación se tivera que enfrontar en soidade, como no caso de Visitación F., embarazada de tres meses do seu veciño, Guillermo D. V., que non quixo abortar como este llo propuxo cando se fixo público o seu estado. Como resultado el repudiouna e ela caeu nunha profunda depresión que a levou a tomar a decisión de aforcarse. Guillermo declarou que Visitación andaba con el e con outros. Unha das escusas máis manidas polos varóns que se desentendían das súas responsabilidades[126]

Nalgúns casos, o embarazo era a consecuencia dunha violación. Como se indicou máis arriba ao tratar o tema do delito de violación, o Código penal franquista non admitía a violación por causa para abortar. Na mellor das situacións, fronte unha sentenza xudicial o violador sería obrigado a recoñecer ao seu vástago e a ofrecerlle unha manutención, ademais da indemnizar á súa vítima e sufrir a pertinente condena de prisión. Pero eran elas as que tiñan que probar que foran violadas, o que se volvía unha tarefa hercúlea. Se durante o proceso sumarial un informe de conduta as consideraba mulleres de "vida alegre", de dubidosa conduta moral ou as testemuñas confesaban que frecuentaba a compañía de homes, a acusación da violada non prosperaba. Tratábase, tamén, dun caso perdido de antemán se a agredida se dedicaba á prostitución, porque entre as probas solicitadas pola xudicatura estaba un exame físico probatorio de ter perdido a virxindade recentemente.

Como sinalamos, as traballadoras domésticas resultaron o colectivo máis vulnerable ás agresións sexuais, segundo as fontes xudiciais lucenses. Nun contexto no que o mercado laboral dificultaba o acceso feminino ao emprego, perder os escasos ingresos dispoñibles traducíase en pasar auténticas penurias que comprometían a propia supervivencia das mulleres. No Partido Xudicial de Lugo rapazas moi novas, algunhas aínda nenas, vían na profesión de criada unha canle a través da que poder saír dos seus fogares, ben por necesidade económica, ben por problemas familiares ou por orfandade. Permitiulles, ademais, o tránsito desde o rural á capital ou a municipios máis grandes en busca de novas oportunidades, circunstancias que erixiron á profesión como unha forma de supervivencia económica feminina tremendamente significativa, do mesmo xeito que no resto de España. Para moitas das familias empregadoras, estas mozas terminaban sendo un membro máis da

[124] AHPLu. FX. Sum. 23. Sent. 137. Ano 1945.
[125] Sobre o suicidio durante o franquismo vd. Conxita MIR: "La violencia contra uno mismo. El suicidio en el contexto represivo del franquismo", *Ayer, 28* (2003), pp.187-210.
[126] AHPLu. FX. Sum. 50. Ano 1952.

familia, proporcionándolles alimento e educación. É máis, nalgunhas ocasións os pais chegaban a ceder a patria potestade da nena/moza a esta familia. [127] Con todo, fronte a unha realidade en principio ilusionante e uns poucos casos con final feliz, non poucas mulleres do servizo doméstico terminaron presas dun empregador que, aproveitándose da súa indefensión, as coaccionaba para manter relacións sexuais e cando quedaban embarazadas obrigábanas a abortar ou directamente as botaban das súas casas.[128]

Foi o que lle sucedeu en 1960 a Carmen R.L., quen, con 19 anos, prestaba servizos de criada na casa de Victorino L.M. Segundo o testemuño dela, Victorino. forzáraa ao coito a pesar da súa férrea oposición. Cando o seu empregador descubriu que se atopaba en cinta ameazouna para que non dixese nada e pouco despois, coa colaboración dun sobriño do agresor, levárona a un médico en Lugo para practicarlle un aborto en contra da súa vontade. Non tardou en recibir a correspondente ameaza, sinalou ante o xuiz: "se dicía algo irían todos ao cárcere". Victorino declarou no seu testemuño que só lle realizou tocamentos á criada. O sumario, incoado por tentativa de aborto, por tanto obviando a violación, foi sobresido provisionalmente sendo o único procesado o sobriño de Victorino, Leonardo R.V., intermediario *de facto* do aborto a efectos xudiciais.[129]

Segundo moitas mulleres foron as súas parellas as que instigaron o aborto. María, de 20 anos, quedou embarazada do seu noivo, José. Segundo a información sumarial, datada no ano 1949, a relación mantida entre ambos era bastante seria ata que, coñecido o seu estado, José manifestoulle que "estivese tranquila, que todo o arranxaría" non tardando en propoñerlle provocarse un aborto cunhas pastillas, "que sería moi fácil pois estaba de poucos meses". Ela negouse e as promesas de matrimonio desapareceron, é máis, el casou con outra muller. Algúns dos abortos escusábanse no temor das mulleres a non superar o parto. Nun contexto histórico en que se daba a luz no fogar, as medidas sanitarias e hixiénicas eran reducidas e só cando o estado de saúde da parturiente pasaba a ser realmente preocupante recorrían a médicos. Mesmo nestes casos o primeiro era a visita a domicilio do doutor e en última instancia (e se este o recomendaba) acudían *in situ* a un centro de saúde. Ás veces, o devandito medo era o argumento, máis menos veraz, que as acusadas esgrimían para poder evitar a dureza da condena. Aurora R.B., de 23 anos, embarazada de dous meses, solteira e xa cun fillo no ano 1953, empregou un arame cun anaco de perexil para manipular os seus

[127] Eider DE DIOS: *Sirvienta, empleada, trabajadora...*, p.45 e pp.30-31.
[128] Gloria ROMÁN: "Custodios de la moral. Control socio-moral y sanción popular en el mundo rural altoandaluz tras la posguerra", *Pasado y Memoria, Revista de Historia Contemporánea*, 21 (2020), pp. 131-154, esp.p.143.
[129] AHPLu. FX. Sum. 219. Ano 1960.

órganos xenitais, autoprovocándose un aborto a partir dunha infección. A procesada recoñeceu os feitos e declarou que o motivo era que "estivo moi mal durante o seu primeiro embarazo, que pensou que con este morrería". Foi condenada a 8 meses de prisión menor e a unha inhabilitación especial para traballar en servizos do sector sanitario durante 9 anos.[130]

A discreción coa que se debía actuar debía ser extrema para que o aborto non fora *vox populi* e, por tanto, acabara tendo consecuencias xudiciais. Era especialmente difícil agochar o embarazo e o aborto en espazos rurais, onde a altísima sociabilidade convertía en case imposible a tarefa de pasar desapercibido calquera cambio físico ou enfermidade. O rumor e a delación eran un constante perigo para as mulleres que pretendían abortar. Persoas afectas o réxime e/ou con fortes convicciónsrelixiosas, e tamén aqueles veciños cos que podía existir algún tipo de rifa ou desacordo por razóns múltiples, podían interpoñer unha denuncia sen esforzo, xa que se aceptaba mesmo se era anónima e nin sequera era necesario acreditar proba algunha. José A.C., un home casado, rematou procesado como autor do aborto de Josefa, unha muller solteira coa que mantiña relacións sexoafectivas. As investigacións xurdiron, segundo a sentenza xudicial de 1955, por mor dunha denuncia anónima en forma de carta que dicía o seguinte:

> "Moi señor meu: En San Martín de Ferreirós unha moza chamada Josefa E.O. estaba en estado e deu a luz e matou a criatura haberá como uns 1(ilexible) días segundo sospeitan os veciños despois de non verse varios días agora aparece libre de todo."

Descoñecemos a resolución do caso xudicial, pero os procesados admitiron os feitos, mesmo confesaron que Josefa abortara previamente en varias ocasións mediante a inxesta dun líquido amarelo que non precisaron, desfacéndose dos restos nas cuadras do gando.[131]

A clandestinidade baixo a que se provocaban os abortos derivou en que estas prácticas fosen perigosas e, en non poucas ocasións, supuxeron a morte das mulleres que se sometían a estas. A vergoña e culpabilidade que sentían por quedarse embarazadas fóra do matrimonio ou a necesidade de recorrer ao aborto como método de control de natalidade para moitas casadas levábaas a enfrontarse a esta situación completamente soas. Só despois do tráxico desenlace e a través do informe pericial os familiares cos que cohabitaban coñecían que estaban embarazadas. Tal destino viviu Fortunata F.B. Segundo a súa declaración, o ano anterior José María G. comentáralle durante unha conversación que "a solteira que tiña fillos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[130] AHPLu. FX. Sum. 190 e 191. Ano 1949. Sum. 10. Sent. 362. Ano 1953.
[131] AHPLu. FX. Sum. 269. Ano 1955.

era porque quería". Lembrando as súas palabras, solicitou os seus servizos para interromper o seu embarazo a cambio de 400 pesetas. Nunha palleira próxima á súa vivenda José María mandouna colocarse en crequenas, introducíndolle uns fármacos descoñecidos ao tempo que lle perforou a matriz cun instrumento punzante. Despois deulle dúas pastillas para que as tomase por vía oral. Días despois Fortunata empezou a sufrir hemorraxias das que non se puido recuperar. O día 2 de decembro de 1949 falecía por unha septicemia derivada de peritonite aguda. José María foi condenado por aborto criminal con resultado de morte a 17 anos de reclusión menor, a unha indemnización de 35.000 aos herdeiros de Fortunata e a 10 anos e un mes de inhabilitación absoluta para o exercicio de calquera actividade relacionada coa medicina.[132]

O aborto, de producirse nunha fase avanzada do embarazo, podía derivar noutra tipoloxía delituosa ao achárense os fetos. A mortalidade fetal podía darse de forma natural, pois os partos prematuros ou as complicacións durante o parto podían derivar na morte do neonato. O medo destas mulleres a ser acusadas de cometer un delito empurrábaas a esconder as probas do seu embarazo falido nos lugares máis recónditos. Os informes de autopsia corroboraban a múltiple casuística, incluídos aqueles nos que o falecemento era por motivos que non cabía cualificar coma delitos.[133] Nalgúns casos xa non se trataba de mortalidade fetal, senón que o desexo de acabar coas consecuencias dun embarazo acababan en infanticidios. Os rexistrados nos xulgados lugueses chegaron ao coñecemento das autoridades froito dunha denuncia.[134] O Código Penal de 1944 contemplaba para este delito a pena de prisión menor, é dicir, de 6 meses e 1 día a 6 anos de condena, tanto para a muller como para os avós maternos, a condición de que o móbil fose ocultar a súa deshonra e conceptuada de vida honesta. En caso contrario sería considerado parricidio ou asasinato.[135] A imposibilidade para interromper a xestación podía desembocar na desatención do neonato no puerperio e tamén na aplicación de violencia sobre este. O estrangulamento ou o non ligar o cordón umbilical foron algunhas das fórmulas empregadas nos casos descubertos en Lugo. Despois agochábase o cadáver, acción que se convertía de seu nun novo delito tipificado, a inhumación ilegal.[136]

Os lugares nos que se agocharon os corpos ían desde as propias camas das mulleres, a diferentes cursos de auga (ríos e regatos), ata as tubaxes dos retretes públicos, os portais, as

[132] AHPLu. FX. Sum. 405. Sent. 255. Ano 1949.
[133] AHPLu. FX. Sum. 87 y 30. 1946; Sum. 239. Ano 1965.
[134] Conxita MIR: *Vivir es sobrevivir. Justicia, orden y marginación en la Cataluña rural de posguerra*. Lleida, Milenio, 2000, p.54.
[135] María de los Ángeles MORAGA: "Notas sobre la situación jurídica...", p.242.
[136] AHPLu. FX. Sum. 27. 1945; Sum. 69. Sent. 64. Ano 1946.

leiras, pasando polas cuadras de gando e os descampados.[137] Cabe sinalar que de cando en cando se atopaban os corpos abandonados. Entre os sumarios analizados descríbense fetos depositados en caixas, outros envoltos en panos, gasas ou nunha saba branca e mesmo ataviados con cadeas ao pescozo, o que revela un proceso complexo que remite á pena e ao duelo pola perda, definido coma "unha reacción e adaptación psicolóxica ante a perda de algo apreciado, vinculado ao individuo".[138] En palabras de Francisco Ortega, "estratexias todas que permiten ao sufrinte apropiarse e subxectivar a experiencia da dor, malia que sexa dentro de ríxidos códigos culturais que puideron ser cómplices nos actos de violencia".[139]

O medo de ser axuizadas levaba ás mulleres a dar a luz completamente soas, sen axuda.[140] Así o declarou Mercedes F.F., de 28 anos e viúva, tachada de muller de mala conduta, que o 24 de febreiro de 1946 deu a luz a unha nena. Segundo o Ministerio Fiscal, coa finalidade de ocultar a súa deshonra dun novo noivo, decidiu non ligar o cordón umbilical da bebé e asfixiala. Escondeu o cadáver baixo o colchón da súa cama, pero atopouno o matrimonio para o que traballaba como persoal de servizo doméstico. Contradicindo á versión oficial, a procesada declarou que cando sentiu que estaba de parto quixo saír da casa e dirixirse á maternidade, pero ao baixar a escaleira sentiuse tan mal que tivo que volver á súa habitación. Unha vez alí desmaiouse por mor dunha gran hemorraxia. A procesada declarou "que a criatura xa estaba morta cando ela volveu en si, que non espertou nin chamou polos seus amos porque lle deu vergoña, que deu a luz fóra da cama, que non o oprimiu durante un tempo longo". Foi condenada a 1 ano de prisión menor como autora dun delito de infanticidio.[141]Fora como fose, circunstancias derivadas de embarazos non desexados que, por tratar de manterse na clandestinidade, por non lograr interromperse durante os primeiros meses de xestación ou por carecer de calquera tipo de axuda para levalos a termo remataron en resultados tráxicos.

### 2.3. Invisibilizadas e instrumentalizadas. As mulleres como vítimas de violencia de xénero

Os modelos de xénero impostos polo réxime franquista baseáronse na polarización cun xénero masculino erixido como dominante, mentres que o feminino quedou relegado a

[137] AHPLu. FX. Sum. 1. 1951; Sum. 161. Sent. 128. Ano 1949; Sum. 27. Ano 1945; Sum. 27. 1945; Sum. 27. Ano 1945; Sum. 87. Ano 1946; Sum. 261. Sent. 41. Ano 1965.
[138] Ana P. LÓPEZ: "Duelo perinatal: Un secreto dentro de un misterio", *Revista de la Asociación española de Neuropsicología*, 109, 31 (2011), pp.53-70, esp.p.55.
[139] AHPLu. FX. Sum. 289. 1948; Sum. 137. Sent. 253. Ano 1956. Francisco A. ORTEGA: "Rehabitar la cotidianidad", en Francisco A. ORTEGA (ed.): *Veena Das: Sujetos del dolor, agentes de dignidad*, Colombia, Editorial Pontificia Universidad Javeriana, p.45.
[140] AHPLu. FX. Sum. 69. Ano 1946.
[141] AHPLu. FX. Sum. 69. Sent. 64. Ano 1946.

unha posición de subordinación e obediencia. O varón debía ocupar a esfera pública, política e económica, mentres que a muller encargaríase da privada, do ámbito doméstico, isto é, do coidado do lar, do marido e dos fillos. Unha separación por xéneros da vida cotiá tinguida dun proteccionismo paternalista que, afirma Herminia Vicente, debe ser interpretado en termos de "unha argucia para ocultar o seu corpo, para acalar a súa voz, para enterrar a súa capacidade, para consagrala en corpo e alma ao coidado do lar".[142]

Sección Feminina, brazo feminino da Falanxe, adquiriu o compromiso de impoñer o ideario feminino franquista para a "Nova España". Acción Católica, en cooperación coa anterior, dotaríaa de moral cristiá. O seu adoutrinamento, difundido e imposto a través dunha educación segregada e diferenciada, aspiraba a convertelas no ideal de "anxo do fogar", perfectas amas de casa, nais dedicadas, esposas abnegadas e submisas.[143] Deste modo, o lema: "procreación, fogar e familia" erixiuse como o mellor e único modo de desenvolvemento persoal feminino. O franquismo lexitimou a inferioridade da muller en tódolos aspectos: moral, intelectual, físico... de maneira que o varón, pai ou esposo, debía encargarse de conducilas, custodialas e tamén sometelas para manter a orde social e familiar.[144]

Este novo ideal de xénero foi apoiado desde o aparello lexislativo franquista mediante numerosas medidas xurídicas orientadas ao aumento da natalidade e á disuasión do traballo feminino. A promulgación do Foro do Traballo, do 9 de marzo de 1938, "liberou á muller casada do taller e da fábrica" e xunto coa *Lei de Regulamentos do Traballo* de 1944 e a *Lei de Contrato de Traballo* dese mesmo ano, "asignaron ao home a manutención económica da familia".[145] Como corolario, a Lei de axuda familiar de marzo de 1946 penalizou o traballo das mulleres casadas implicando a perda do *plus* familiar. Só aquelas familias nas que a muller non traballase podían optar a algún tipo de axuda económica. Todo iso, como era habitual, camuflado desde unha retórica paternalista.[146]

---

[142] Herminia VICENTE: *Mujeres en el punto de mira*...,p.77.

[143] Inmaculada BLASCO: "Sección Femenina y Acción Católica: la movilización de las mujeres durante el franquismo", *Gerónimo de Uztariz*, 21 (2005), pp. 55-66, esp.p.60.

[144] Sobre a forxa dunha identidade feminina relixiosa ver: Inmaculada BLASCO: "Identidad en movimiento: la acción de las "católicas" en España (1856-1913), *Historia y política: Ideas, procesos y movimientos sociales*, 37 (2017), pp. 27-56. Luis PALACIOS: "Mujeres de España: su labor asistencial, social y cultural", *La Albolafia: Revista de Humanidades y Cultura*, 1 (2014), pp. 147-176, esp. p.155. Matilde PEINADO: "Reflexiones en torno a la "Feminidad". Claves para entender la pervivencia del Patriarcado (1850-1950)", en Alejandra IBARRA (coord.): *No es país para jóvenes. Actas del II Encuentro de Jóvenes Investigadores en Historia Contemporánea*, Granada, Editorial Universidad de Granada, 2009, pp. 1-24, esp. p.20.

[145] Ana CABANA, Teresa ORTEGA e Eider DE DIOS: "Trajinar sin descanso...", p.70.

[146] Fuero Del Trabajo, *Boletín Oficial del Estado*, del 10 de marzo de 1938, pp. 6178. Emma GÓMEZ: "El destino natural de las mujeres. La legitimación de la violencia de género a través de la prensa sensacionalista del

Paradoxalmente, a un tempo que se priorizaba o bioloxicismo feminino procedeuse á súa desexualización como suxeito coa conseguinte alienación dos seus corpos pola nación, unha patria masculinizada que fortaleceu as fórmulas heteropatriarciais.[147] Consecuentemente, a muller foi cousificada, entregada á vontade masculina en todos os niveis, privada de toda capacidade de movemento social e de pensamento. Neste contexto, a invisibilización e instrumentalización femininas non reduciron, e mesmo incentivaron, as diferentes formas de violencia física, sexual e psicolóxica, o que as colocou nun espazo determinado nos procedementos xudiciais, o de vítimas e/ou denunciantes. Non necesariamente obtiveron xustiza, mais deixaron para a investigación os seus testemuños, podemos acceder ás súas narrativas, inferir as súas actitudes de vítimas e percibir a fonda pegada desa violencia estrutural, arraigada e absolutamente normalizada pola sociedade.[148]

### 2.3.1. A violencia sexual. Violacións e abusos

No franquismo, a concepción do xénero era binario, feminino e masculino, todo o resto de identidades de xénero e sexuais eran desestimadas e directamente condenadas e a identidade entre sexo e xénero (varón-masculino; muller-femenino) era entendida como total.[149]Adriana Cases entende que a concepción da feminidade no século XX era a dunha categoría "natural" na muller, en canto a que non se esixían probas da mesma. Todo o contrario ao que sucedía coa masculinidade, que o varón debeu reafirmar, en ocasións, mesmo mediante demostracións de forza ou violencia. Entre estas "probas de masculinidade" destinadas a verificar a pertenza ao grupo dos "verdadeiros homes" enmárcanse as accións de violencia sexual, que analizaremos neste apartado.[150]

A violación manifestouse como a forma máis extrema de control patriarcal. Presente en tódalas épocas e estados, no franquismo, a súa represión pola xudicatura, lonxe de

franquismo", *Nóesis. Revista de Ciencias Sociales y Humanidades,* 22 (2013), pp.136-159, esp.p.139. Gloria NIELFA: *Mujeres y hombres en la España franquista...*, p. 89.

[147] Karine BERGÈS: "La nacionalización del cuerpo femenino al servicio de la construcción de la identidad nacional en las culturas políticas falangistas y franquistas", *Mélanges de la Casa de Velázquez,* 42-2 (2012), pp. 91-103.

[148] Sobre esta temática: Domingo RODRÍGUEZ: "Fuentes para el estudio de la violencia contra las mujeres...", pp.549-574.

[149] Guillermo PORTILLA: *Derecho Penal franquista y represión de la homosexualidad como estado peligroso*, Madrid, Ministerio de Justicia, 2019. Abel DÍAZ: "Los "invertidos": homosexualidad(es) y género en el primer franquismo", *Cuadernos de historia contemporánea*, 41 (2019), pp.329-349.

[150] Adriana CASES: *El género de la violencia. Mujeres y violencias en España (1923-1936),* Málaga, UMA editorial, 2016, p.75.

pretender salvagardar a liberdade feminina, fundamentouse na férrea defensa da moral e dos bos costumes.[151] Nesta liña, advirte Domingo Rodríguez que:

> "Nunha sociedade que consideraba a virxindade como o ben máis prezado dunha moza, que debe conservarse até o momento do matrimonio, a deshonra significaba o risco de quedar fóra do mercado matrimonial, algo que o propio Estado, obsesionado por desenvolver unha política pronatalista, non podía aceptar".[152]

Afirmación coa que non coincidimos plenamente, pois se ben pareceu preocupar ao réxime *de iure*, non o manifestou *de facto* e que quedaría desmentida polos reducidos índices condenatorios relativos ás agresións sexuais visibles na fonte xudicial, alén da total desprotección das afectadas ante a lei. Coincidimos, porén, coa percepción de Leonor Cantera, que tilda o trato recibido polas vítimas de abusos sexuais nos xulgados como de "victimización secundaria da agredida" baseada en condenas inexistentes ou indulxentes para os agresores ou, de mediar o perdón, mediante actitudes indiferentes, acompañadas da "humillación, culpabilización, burla, estigmatización, violación da privacidade...".[153] Posición xudicial oposta á tomada perante delitos como o referenciado aborto ou o adulterio, tenazmente perseguidos polos tribunais.

O mutismo foi a resposta feminina máis habitual das mulleres vítimas de violacións e abusos sexuais ao longo da historia. Consecuentemente, as fontes que hoxe nos permiten achegarnos a este delito son moi limitadas. Máis aló do recurso á oralidade, historiografía recente sobre a guerra civil e a ditadura de Franco serviuse da documentación dos arquivos militares, circunscritos exclusivamente ao período do conflicto bélico e, no mellor dos casos, ampliados á máis inmediata posguerra.[154] A documentación xudicial consultada para o PX de Lugo permítenos dar un paso máis e mirar alén no tempo, ofrecendo unha achegasobre este

[151] Este apartado resulta da ampliación da comunicación presentada en congreso: Tamara LÓPEZ: "Violadas. Dinámicas en torno a los delitos de violación y abusos deshonestos en Lugo (1945-1960)", en *VII Encuentro de Jóvenes Investigadoras e Investigadores en Historia Contemporánea,* Granada, 2020.

[152] Conxita MIR: *Vivir es sobrevivir...*, p.164. Domingo RODRÍGUEZ: *Mujer, delincuencia, marginalidad...*, p.183.

[153] Leonor M.CANTERA: *Te pego porque te quiero: la violencia en la pareja,* Barcelona, Servei de Publicacions de la Universitat Autònoma de Barcelona, 2016, p.31.

[154] Acerca das violacións empregadas como "arma de guerra" a partir da análise da documentación militar tratan os diferentes capítulos da obra colectiva: Noemí RIUDOR: "Violaciones durante la Guerra Civil: Ecos de una realidad" en en Conxita MIR e Ángela CENARRO (eds.): *Mujeres, género y violencia en la guerra civil y la dictadura de Franco,* Valencia, Tirant Humanidades, 2021, pp. 351-378. Tamén en: Ángel ALCALDE: "Queipo de Llano, Koestler y las violaciones de mujeres en la Guerra Civil española", en Conxita MIR e Ángela CENARRO (eds.): *Mujeres, género y violencia...,* pp.81-117. Sobre as cometidas polo bando republicano: Adriana CASES: "La violencia sexual en la retaguardia republicana durante la Guerra Civil española", *Historia Actual Online,* 34 (2014), pp. 69-80.

fenómeno da violencia de xénero, xa non nun contexto de excepcionalidade como é unha contenta civil, senón no da vida cotiá e durante un período longo.[155]

Ser violada era a maior afronta coa que podía cargar unha muller porque non supoñía so unha agresión física, senón que implicaba a perda da honra feminina. Isabel Gascón, no seu estudo sobre o honor e as súas diferentes tipoloxías (masculino, feminino e familiar) ten sinalado que a honra non era consecuencia das virtudes ou actuacións dunha persoa concreta, senón que dependía da opinión que sobre ela tivese a sociedade.[156] A cultura da honra que estivo vixente dende o Antigo Réxime e sen apenas mudanzas ata a ditadura franquista, culpabilizou ao xénero feminino de provocar certas actitudes violentas no home, chegándose a xustificar a violación. Por conseguinte, unha muller violada podía chegar a considerarse culpable do que lle sucedía e de non ser así, a inacción da xudicatura e o sinalamento á agredida pola propia sociedade encargaríanse de conducila a tal conclusión. Conforme ao anterior, o delito de violación constitúe unha das tipoloxías delituosas máis complexas para a súa análise debido á multiplicidade de factores que converxen e que supuxeron un tratamento específico deste dentro pola xudicatura ao servizo da ditadura: o contexto histórico no que se producen, o modo no que se desenvolven as relacións de xénero, a importancia que a sociedade outorga ao concepto de honor e de honra, o machismo imperante na sociedade, etc.

A necesidade de conservar a honra feminina e familiar xunto coa defensa sen concesións do varón nunha sociedade ultraconservadora e patriarcal e dentro do propio aparello xudicial franquista fixeron que o silencio fose a mellor opción que podían tomar as mulleres violadas. Encarnación Barranquero reflexiona sobre o mutismo coma arma feminina ante a violencia sexual e atesta: "As violacións e as presións sexuais constitúen outro capítulo no que dificilmente son as mulleres as que ofrecen os seus testemuños".[157] Desprotexidas e repudiadas, optaron por ocultar as agresións e abusos sexuais, soportándoos como unha carga feminina máis. Así, o trauma sería unicamente persoal, íntimo, mentres que de denuncialo, faríase público e cargaría para sempre cun estigma social fortísimo, unha laxa pesada en

[155] Aínda que fóra do período temporal do noso interese, teremos en conta a análise de delitos sexuais realizada por Iván Martínez para a II República, a través de documentación xudicial: Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria...*,pp.228 e ss. Enrique CARBALLO: *Violencia, crimen...*, pp.214 e ss. Para o franquismo o estudo máis completo é, como de costume o realizado por Juan Francisco Gómez para a provincia de Murcia, vd. Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia...*,pp. 452 e ss.

[156] Isabel GASCÓN: "Honor masculino, honor femenino, honor familiar", *Pedralbes: Revista d'historia moderna*, 28 (2008), pp.635-648, esp. pp. 637.

[157] Encarnación BARRANQUERO: "Investigaciones sobre la represión franquista en Andalucía desde una perspectiva de género", en Mª Dolores RAMOS (ed.): *Andaluzas en la historia: Reflexiones sobre política, trabajo y acción colectiva*, Sevilla, Fundación Pública Andaluza Centro de Estudios Andaluces, Consejería de la Presidencia e Igualdad, 2012, pp. 91-110, esp.p.104-105.

tempos difíciles para ser muller. É neste contexto no que cobran especial valor aqueles casos que foron denunciados e que chegaron a instancias xudiciais. E non só iso, ademais tiveron que facer fronte a unha sociedade fidelísima dos valores impostos polo réxime que non dubidou en perseguilas e sinalalas como culpables dos seus propios males e que fronte calquera transgresión da orde moral instituída castigounas unicamente a elas.[158] Testemuñas, as dimanadas das fontes, especialmente valiosas, xa que na nosa área de estudo, unha pequena cidade tradicional na que todos, literalmente, se coñecían, non digamos nas pequenas parroquias do rural, a opción máis sinxela e menos dolorosa era que permaneceran caladas.

O Código penal de 1944 entendía que se cometía violación "xacendo" mediante o uso da forza, da intimidación, se estivese privada de razón ou sentido ou cando a vítima fose menor de 12 anos. A condena contemplada foi de reclusión menor, isto é, de doce anos e un día a vinte anos. Este delito diferenciouse do de abusos deshonestos en que no segundo non existía penetración, sendo a condena de prisión menor, de seis meses e un día a seis anos.[159]Tal agravio implicaba para elas non só o trauma físico e emocional da violación senón a perda da virxindade e, por conseguinte, da mencionada honra feminina e familiar.[160] De estenderse o rumor de tal suceso só podían quedar exculpadas coa condena do seu agresor e mesmo así sempre existirían reticencias sociais. De aí a necesidade de buscar compensación dalgún tipo. O artigo 444 do referenciado corpo legal contemplaba para os reos de violación estupro ou rapto unha indemnización á vítima en dous sentidos:

> 1º A dotar á ofendida, se fora solteira ou viúva.
> 2º A recoñecer á prole, se a Lei Civil non o impedira.
> 3º En todo caso, a manter á prole.[161]

Para aquelas que tiveron a valentía de interpoñer unha denuncia contra o seu agresor o sistema xudicial franquista fíxoas probar a veracidade dos feitos que denunciaban, mentres os seus agresores non necesitaban máis que alegar sobre elas unha conduta moral dubidosa ou referenciar rumores públicos sobre as súas relacións con outros homes para saír impunes.

[158] Adriana CASES: *El género de la violencia...*, p.150.
[159] Código Penal 1944.
[160] María VILLELLAS: "La violencia sexual como arma de guerra", *Quaderns de Construcció de Pau*, 15 (2010), pp.4-14, esp. pp.9-10.
[161] Código Penal 1944. Título IX. "Dos delitos contra a honestidade". Capítulo V. "Disposicións comúns". p.460.

Culpabilizar á muller que os denunciaba para seren exonerados era o *modus operandi* habitual dos acusados nos xuízos.

O perfil do acusado de violación no PX de Lugo foi o dun varón de calquera idade. Se se analiza a documentación aparecen acusados con idades comprendidas entre os 16 e os 65 anos. As agredidas resultaron na súa maior parte rapazas novas, moitas menores de idade. So o 7% conseguiu unha sentenza condenatoria para o seu agresor. Foron as mulleres violadas das cidades as que máis denuncias emitiron, o que nos podería levar a inferir a existencia dun maior número de delitos sexuais na urbe, pero o certo é que todo o que nos indica esa cifra superior é a maior facilidade de denunciar na cidade que nas aldeas, tanto pola proximidade dos xulgados como por o certo anonimato que propicia unha maior densidade de poboación. En ambos espazos, cidade e aldeas rurais, a soidade da muller e a nocturnidade foron cómplices na comisión do delito. Na cidade as agresións ou abusos sexuais producíronse en rúas pouco transitadas, almacéns de tendas, bares baleiros, nunha estación de tren pouco concorrida, nas hortas de detrás das casas e dentro de vivendas particulares. Mentres que, no rural, o monte foi o espazo máis habitual para cometer as agresións sobre os corpos das mulleres, seguido dos camiños e os predios.[162] As ameazas de morte, as coaccións con diñeiro e o uso da forza figuran entre as estratexias usuais dos violadores segundo os relatos femininos ante os xuíces.

As mulleres dedicadas ao servizo doméstico, profesión destacada, vimos, tanto no papel de autoras de determinados delitos como de vítimas doutros, foron un colectivo especialmente vulnerable ás violacións, como xa quedou comentado ao tratar o tema dos abortos, moitos consecuencias dos abusos sexuais. Emérita R. F. foi unha desas criadas violadas. Cunha infancia marcada polo prematuro falecemento da súa nai, con oito anos foi vivir cunha irmá súa, xa casada, á cidade de Lugo. Axiña comezou a gañar o seu sustento traballando como persoal no servizo doméstico. Con 17 anos entrou a traballar na vivenda e no negocio de Manuel N. V., dono dun bar, a cambio de 100 pesetas ao mes, manutención e habitación, condicións que considerou irrexeitables. Porén, nunca foron cumpridas e o acoso sexual non tardou en comezar, segundo o seu testemuño xudicial. Nunha ocasión, o seu xefe obrigouna a inxerir alcol, malia a súa negativa, sabedora do perigo que lle supuña esa perda de consciencia. Ese mesmo día, no traxecto á casa, valéndose de que a rúa estaba deserta e da escuridade da noite, o seu xefe ameazouna, tirouna ao chan e violouna. Como consecuencia do abuso ela quedou embarazada. Ela foi das poucas que decidiu denunciar, e así o fixo, en

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[162] Sobre a relación entre espazo e incidencia delituosa baséase o Capítulo 4. "A xeografía dos delitos en Lugo".

1946, pero non puido resarcirse porque o acusado fuxiu e foi declarado rebelde. Reaparecería Manuel quince anos despois ante os tribunais solicitando legalizar a súa situación para poder emigrar a Cuba. Daquela manifestou que estaba disposto a recoñecer a filla de Emérita como súa, e por tanto o seu delito, pero este xa prescribira. Emérita e a súa filla xa non residían en España na altura, emigraran a Arxentina facía 13 anos.[163]

As mulleres con diversidade intelectual foron outros dos grupos especialmente afectados polas agresións e abusos sexuais. A súa vulnerabilidade era absoluta, tanto pola dificultade de interpoñer unha denuncia, algo xa complexo para persoas con niveis básicos de instrución , como debido á falta de credibilidade que lles outorgaba o sistema xudicial. Así quedou reflectido en casos como o de Carmen F.M., de 19 anos e que padecía "limitación das súas facultades mentais". Ela atopábase apacentando o gando nun monte do municipio de Castro de Rei cando se presentou Bernardino P.B., que "puido realizar con ela o acto carnal, valéndose da limitación racional da prexudicada e empregando a forza á vez". Ante as voces de auxilio de Carmen acudiu ao lugar o seu irmán, momento no que o agresor fuxiu. Bernardino foi denunciado e condenado a 8 meses de prisión menor, con atenuante por minoría de idade, e ao pago de 5.000 pesetas a Carmen. Indultóuselle unha cuarta parte da condena, situación habitual na posguerra e co obxectivo de acelerar o baleirado dunha prisión atestada desde a guerra de aqueles considerados "delincuentes menores", neste caso tanto por unha cuestión de idade como pola pouca gravidade atribuída ao delito cometido. As dificultades da procesada para describir o suceso revelan a súa indefensión, pero o seu testemuño, no que fai saber que non era a primeira vez que isto acontecía, pon de manifesto a debilidade de mulleres coma ela.[164] Saladina A.G., de 22 anos, e segundo a documentación xudicial "algo anormal nas súas facultades mentais consecuencia dunha enfermidade" foi violada polo seu veciño Manuel G. A. en dúas ocasións cando apacentaba o gando con resultado de embarazo. A pesar de que Saladina describiu os feitos como "abuso" e referenciou o uso da forza ao valerse o acusado de colocarlle un pano na boca para evitar que berrase, a súa diversidade intelectual desposuíuna da máis mínima credibilidade, cun sobresemento motivado por "non poderse comprobar que mantivera relacións con Manuel".[165]

[163] AHPLu. FX. Sum. 268. Sent. 151. Ano 1946.
[164] AHPLu. FX. Sum. 23. Sent. 137. Ano 1945.
[165] AHPLu. FX. Sum. 190. Sent. 210. Ano 1962; Sum. 116. Ano 1952. A altura de 1966 a Xunta Provincial de Lugo, do PPM, nun dos seus informes alertaba sobre os "gravísimos ataques á honestidade" que sufrían estas mozas "subnormais" cando apacentaban ao gando nos montes comunais. AHPLu. FSS. PPM. XPL. Sobre a situación da moralidade pública nesta provincia. Ano 1966.

As violacións deste colectivo de mulleres con diversidade intelectual tamén tiveron lugar en Lugo no seo da familia, deixando ás vítimas absolutamente expostas, pois vivían co seu agresor. Foron mozas menores de idade agredidas por familiares varóns, pais, padrastos, tíos... Segundo os seus testemuños, en ocasións nin as súas nais as crían ou, se o facían, optaban por manter os seus matrimonios e facer calar ás fillas, concedéndolle o perdón ao violador.[166] A maioría son casos como de Josefa I. T., de 21 anos, que denunciou que o seu padrasto, Evaristo I. F., levaba desde os seus 15 anos abusando dela, é dicir, o abuso era continuado no tempo. Segundo o seu testemuño, tamén a súa irmá tería sido unha vítima:

> "Foi obrigada a espirse na súa presencia, intimidándoas a ela e a súa irmá cunha macheta e ameazándoas con cortarlles o pescozo se non se prestaban a realizar con el o acto carnal".

O exame xinecolóxico que lle practicaron corroborouno. Tamén se examinou á súa irmá, Carmen, de 17 anos, atopando tamén evidencia do abuso, pero ela negou os feitos, igual que o procesado. A nai das menores na súa declaración tamén protexeu ao padrasto, declarando que Evaristo criara ás súas fillas "coma se fosen propias". O informe pericial non tardou en subliñar o "atraso mental bastante acentuado" de Josefa, que, finalmente, rematou negándoo todo, nas súas palabras "obrigada a contar "a verdade" pola súa nai, sinalando que tivera relacións con distintos homes aproveitando as festas. O caso foi sobresido.[167]

O seo da familia resultou ser un espazo de indefensións non só para mulleres con problemas con diversidade intelectual, senón para moitas outras mulleres e para moitas outras nenas. A Gloria C. L., de 13 anos, foi o seu pai quen a obrigaba a manter relacións sexuais baixo ameaza de morte. Non deixan de chamar a atención as razóns esgrimidas polo pai, que se acolle a argumentar que era ela a que lle pedía cohabitar e que o que el pretendía era simplemente probar se "esta se lle entregaba". A súa nai, coñecedora do que sucedía, segundo se percibe dos seus testemuños, decidiu encubrilo e declarou que "non lle chamou a atención ao seu esposo temendo que puidese encolerizarse". O tribunal decidiu outorgar o perdón ao acusado declarándose extinta a acción penal. [168]

Como exemplo das mencionadas probas de masculinidade que adoptaron un cariz violento xa Pierre Bordieu sinalou ás violacións grupais, unha mutación da visita colectiva ao

[166] A figura do "perdón" estaba contemplada polo Código Penal de 1944 para delitos contra a honestidade capaz, legalmente, de extinguir a acción penal ou a pena imposta ou en execución. De tratarse dunha muller casada, o perdón correspondíase co matrimonio. Código Penal 1944. Capítulo V. "Disposicións comúns", p. 460.
[167] AHPLu. FX. Sum. 182. Ano 1947.
[168] AHPLu. FX. Sum. 185. Ano 1950.

bordel.[169] Este tipo de abusos tamén deixaron a súa pegada na documentación xudicial e en todos os procedementos xudiciais os acusados fixeron valer os prexuízos de xénero para exculparse. En Castro de Rei, José María, Serafín, Luis., Manuel e Felix., mozos de entre 16 e 28 anos, ao rematar os traballos agrícolas foron ao domicilio de Julia, que tiña na altura 15 anos, baixo o pretexto de pedirlle auga. Segundo o Ministerio Fiscal, tras isto, agás un, os restantes mantiveron relacións sexuais coa rapaza, segundo eles, "sen oposición" pola súa parte. Neste xuízo aos prexuízos de xénero uníronse os de clase, non verbalizados polos autores do crime, pero patentes nos informes periciais que describiron a Julia como "de escasa cultura, non atendida na súa formación moral polos seus pais (...)xornaleiros que pasan a maior parte do día fóra de casa". Pola contra, no xuízo non se piden ou cando menos non se fan constar informes referidos aos procesados. A declaración de Julia diferiu por completo dos feitos que definiu como "probados" o Ministerio Fiscal, describindo no seu testemuño unha violación grupal que non puido evitar pese a ofrecer resistencia. Os acusados non puideron acreditar nada negativo acerca da honestidade da rapaza, pero o testemuño negando os feitos dos acusados bastou para que só se lles xulgase por estupro, é dicir, asumiuse que o acceso carnal mantivérase baixo coacción pero non mediara a forza. O fallo condenou a Serafín a 6 meses de arresto maior e a José María a 5.000 pesetas multa. Felix e Luis, menores de idade, non chegaron a ser procesados.[170]

As agresións sexuais no que o acto non chegou a consumarse recibiron un tratamento específico por parte da autoridade xudicial. Pareceu entenderse que sen consumación do acto carnal non mediaba delito que xulgar. Na súa meirande parte as acusacións terminaron sendo sobresidas, sen observar unha resolución posterior, prescritos ou decretouse a absolución do procesado. A diferenza das violacións, as acusacións por tentativas rexistráronse de forma cuantitativamente superior en espazos rurais, circunstancia que pode pórse en relación coa maior exposición das vítimas no seo da comunidade, e, por tanto, coa urxente necesidade de restaurar o seu bo nome, especialmente, se o suceso se convertía en rumor público. En 1957, no concello de Friol, Carmen C., de 23 anos, e "honestos costumes" segundo os informes, denunciou a Serafín R.R. ao coñecerse que tratara de violala cando transitaba por un camiño, non logrando o seu propósito dada a resistencia que ela opuxo. Cando denunciou o sucedido admitiu que non o denunciara antes "por vergoña" pero, tras recibir unha misiva do agresor, cunhas desculpas pero en ton ameazante, e dados os rumores que circulaban polo pobo "viuse obrigada a denuncialo". O procesado declarou que Carmen fora a que lle insistira para que a

[169] Cit. en: Adriana CASES: *El género de la violencia*..., p.75.
[170] AHPLu. FX. Sum. 195. Sent. 10. Ano 1958.

acompañase no traxecto do camiño que recorreran xuntos e que tiña "os pantalóns cruzados" porque no tránsito "atravesara un río". A escusa pode parecer feble, pero foi suficiente a ollos do tribunal, que absolveu ao acusado.[171]

Para tratar de entender as sentenzas e decisións xudiciais, tal como a que absolveu a Serafín no caso comentado, hai que apuntar a que no sistema xudicial franquista, para determinar a culpabilidade ou non dos encausados os informes de conducta de vítima e acusado resultaron determinantes. Aurelia C.F. denunciou ao seu veciño, Juan S., por tentar violala no negocio de barbería do seu home, para o que empregou a violencia agarrándoa polo pescozo. Logrou evitar a violación pechándose nunha habitación da barbería. Juan S., presentou un informe no que o describiron como de boa conducta. Mentres, o dela reportaba unha cualificación que incluía a de "boa" pero tamén a de "dubidosa", a que estaba condicionada pola "mala" conducta atribuída ao seu marido Manuel D. descrito coma: "rancoroso, conflitivo, habitual á bebida, de carácter díscolo, temperamento exaltado, con antecedentes por lesións graves, un elemento perigoso". Ditos informes resultaron determinantes no sobresemento sumarial, malia o plausibles e cribles que resultaban as denuncias de Aurelia.[172]

Unha das escasas condenas rexistradas nestes casos de agresións sen consumación do acto sexual nos xulgados de Lugo foi o aberto contra Antonio F.D., de 60 anos de idade, e con informe de mala conducta. El intentou violar a Manuela P.L., unha muller casada de 32 anos, despois de agarrala pola forza polas costas e tirándoa ao chan. O distintivo deste caso non é nin sequera o informe de mala conducta do acusado senón o feito de que ante os verros de auxilio de Manuela acudiron os veciños a socorrela. A intervención veciñal asegurou esas testemuñas que o groso das mulleres que realizaron unha acusación diante dos xuíces non tiveron. O procesado foi condenado a 1 ano de prisión e a indemnizar a Manuela con 50 pesetas polos danos causados sobre os efectos que portaba cando a tirou ao chan con forza.[173]

En relación porcentual, a maior parte de sentenzas condenatorias por delitos de violencia sexual fórono por abusos deshonestos. Nestes casos as vítimas eran habitualmente nenas, o que supoñía un maior escándalo social. As declaracións dos seus agresores, homes xeralmente descoñecidos, pero tamén veciños e empregadores, encamiñáronse a culpabilizalas a elas con comentarios que foron desde: "son nenas moi precoces" e polo tanto cabería manter relacións sexuais con elas ou alegando "que o ensinan todo", incidindo no

[171] AHPLu. FX. Sum. 73. Sent. 378. Ano 1957.
[172] AHPLu. FX. Sum. 162. Ano 1958.
[173] AHPLu. FX. Sum. 93. Sent. 183. Ano 1956.

vestir recatado como elemento imprescindible para poder entender a mulleres e nenas como "boas" e dignas de respecto ou "malas" e obxectivo lícito do abuso, ata negar a acusación baixo os máis diversos pretextos. As alegacións das vítimas, dada a súa corta idade, son ofrecidas por algún dos seus titores. As prácticas rexistradas pola documentación xudicial inclúen os tocamentos, a introdución do órgano xenital masculino entre as pernas da agredida ou na boca, e as tentativas de violación.

O Código Penal non recolle unha definición do mesmo, mais pola súa proximidade ao estupro poderiámolo describir como o delito que inclúe actos impúdicos realizados contra unha menor de doce anos, sen que se produza o acto carnal entendido como penetración vaxinal, facendo uso da intimidación, da forza ou se a vítima estivera privada de razón ou sentido. Por tanto, a diferenza co estupro residiu en dous factores, na idade das agredidas (mozas e mulleres nun caso, nenas noutro) e na non consumación do coito.[174]

A maior condena observada na documentación que manexamos foi interposta no ano 1952. Olga D. Q., unha nena de 5 anos, miraba o carrusel na praza de Santo Domingo, cando Serafín S. S., de 49, logrou enganala para que o acompañase á muralla porque así lle daría unha peseta. Unha vez alí, deitouna no chan e colocou o seu pene entre as pernas da nena, achegándoo aos xenitais da menor e introducíndollo posteriormente na boca. Un matrimonio que paseaba polo lugar sorprendeuno no acto, e conduciuno á Comisaría de Policía. O procesado negou todos os feitos, anena autenticou o acontecido. Serafín resultou condenado a cinco anos de prisión menor, accesorias e a asunción das costas do xuízo. A presenza de testemuñas, unha delas masculina e a curta idade de Olga, á que non se lle podían presupoñer, en ningún caso, comportamentos provocativos, conduciron á ineludible condena do agresor.[175]

### 2.3.2. Pola defensa da honestidade e da honra. Os estupros

Se ben estupros e violacións foron disímiles en circunstancias, ambas tipoloxías constituíron as dúas caras dunha mesma moeda: a cousificación feminina. Investigadoras como Mónica García e Anne-Gaelle Regueillet teñen demostrado como o discurso de xénero imperante no franquismo conduciu á creba entre a norma social e o desexo nas relacións afectivas. O ideal de feminidade repousaba na castidade, contrapoñendo o ideal de Virxe co da pecadora Eva que usaban como contramodelo. A perfecta muller debía gardarse dos

[174] A definición foi realizada coa axuda da *Enciclopedia jurídica*: Abuso deshonesto. Recuperado de internet (http://www.enciclopedia-juridica.com/d/abuso-deshonesto/abuso-deshonesto.htm.), consultado o 28 de marzo de 2022.
[175] AHPLu, FX, Sum. 259. Sent. 124. Ano 1952.

homes para manterse virtuosa ata o matrimonio, momento no que entón si, as relacións sexuais debían producirse, sempre con obxectivos procreadores e como parte das obrigas femininas dentro do matrimonio. A necesidade discursiva de garantir a virxindade feminina como un valor levou mesmo a defender a idea de que o desexo sexual feminino non aparecía até cumprise dito sacramento. Ademais, a muller debía manterse afastada dos varóns para evitar calquera rumor público que puxese en dúbida a súa boa conducta e a súa valía moral.[176] O concepto de masculinidade, pola contra, veu definido pola paixón, polo "donxoanismo" e por acumular unha experiencia sexual que debía facer valer ao casar. Un deber feminino de non ter relacións sexuais prematrimoniais e un querer masculino de mantelas que, en consideración de Antonio Cazorla, derivou en situacións tráxicas.[177]

Este desequilibrio nas relacións sexoafectivas provocou que o proceso de cortexo resultara un tira e afrouxa no que elas debían conservar a súa honra, a súa decencia e virxindade ata casar, ao tempo que procuraban un bo matrimonio, mentres eles ansiaban relacións sexuais tentándoas con todo tipo de proposicións e enganos. A chave para o acceso carnal na moral franquista estaba no casamento, polo que as peticións falsas estiveron á orde do día. As relacións antes e fóra do matrimonio estaban pesimamente conceptuadas socialmente, e tendo no franquismo o inmoral, en moitos casos, connotación de ilegal, para coartar este tipo de comportamentos inadecuados promovéronse unha serie de medidas xudiciais.[178] Entre elas estaba o mencionado delito de estupro, definido polo Código Penal como o acceso carnal cometido sobre mozas baixo coacción ou valéndose dunha posición de superioridade, motivada por un vínculo familiar, laboral ou relixioso. Tamén se tipificou como delito o rapto, contemplado para mulleres de tódalas idades, tiña que producirse a retención sen a súa anuencia, aumentando a gravidade da condena se o secuestro era dunha menor de doce anos e se del derivaban relacións sexuais.[179]

Como ten sinalado Jordi Roca, o problema das relacións prematrimoniais non se limitaba á perda da virxindade por parte das mulleres. De producirse un embarazo estas, moitas menores de idade, quedaban condenadas ao temido celibato e ao estigma de ser "nai

[176] Mónica GARCÍA: "Sexualidad y armonía conyugal en la España franquista. Representaciones de género en manuales sexuales y conyugales publicados entre 1946 y 1968", *Ayer*, 105 (2017), pp.215-248, esp.p. 230. Anne-Gaelle REGUEILLET: "Norma sexual y comportamientos cotidianos en los diez primeros años del franquismo: noviazgo y sexualidad", *Hispania*, LXIV, 218 (2004), pp.1.027-1.042, esp. p.1.030.

[177] Antonio CAZORLA: *Miedo y progreso. Los españoles de a pie bajo el franquismo (1939-1975*), Madrid, Alianza, 2016. p.251 e ss.

[178] *Ibid*., p. 251 e ss.

[179] Código Penal 1944. Capítulo III. "Do estupro e da corrupción de menores". Capítulo IV. "Do rapto", pp.459-460.

solteira", o que levaría a súa marxinación en tanto que exemplicifacaban un "fracaso estrepitoso da maternidade".[180] Entraba daquela en xogo a denuncia por estupro, a única vía coa que as mulleres puideron defenderse da condena social un recurso para limpar os seus nomes, a honra familiar e a súa honestidade. O obxectivo destas acusacións radicaban en acreditar que as pretensións das súas parellas eran "serias" e elas non sucumbiran á paixón senón a un engano. No mellor dos casos, serían compensadas vía sentenza xudicial, moral e economicamente cunha dote e co recoñecemento da prole. Tratouse dun delito moi dificilmente demostrable, pois como moitos outros dos que eran obxecto as mulleres, quedaban circunscritas ao ámbito máis privado. Era por iso que calquera testemuña cobraba especial valor. E así se pode explicar que moitas mulleres adxuntaran ás súas denuncias e testemuños misivas de amor que na actualidade aparecen anexas aos sumarios. Son as probas dun amor que elas entenderon eterno pero que resultou efémero.

O delito de estupro, a diferenza doutras tipoloxías delituosas que levamos comentado, tivo unha presenza máis forte no rural ca na urbe. Explicar o porque as mulleres do rural denunciaban máis este delito non é doado, pero podería aventurarse que está en relación coas dificultades das mozas estupradas para "casar ben" cando tal afronta se facía pública, algo que era moito máis doado en pequenos núcleos de poboación, onde pasar desapercibido era practicamente imposible. Menos posibilidades de pasar inadvertida a súa condición de estupradas tiñan aínda se se quedaban en cinta. Por iso, ante o agravio social que lles supoñía, as mulleres debían procurar unha compensación se non económica, cando menos acreditativa da súa honestidade. As particularidades propias do espazo rural no relativo á xustiza franquista serán analizadas nun capítulo específico posterior, polo que non incidimos nelas aquí, alén de deixar presentadas as razóns polas que as mulleres rurais acudiron a denunciar o estupro máis do que o fixeron con outros tipos de agresión da que eran obxecto.[181]

Gloria C.L. e Silverio D.C. levaban dous anos de noivado cando este lle fixo promesa de matrimonio. Gloria, convencida de tal proposición até o punto de confeccionar o enxoval, accedeu a manter relacións carnais. Cando se quedou embarazada, Silverio abandonouna. El alegou que Gloria "non era rapaza formal" e que as promesas de matrimonio fixérallas a ela e tamén a outras, a modo de proba de honestidade a superar. Para Avelino A.A. o pretexto da ruptura das súas promesas de matrimonio con María Amelia V.A., que tamén se produciu ao quedar ela embarazada, foi unha dote considerada insuficiente. O fallo do tribunal condenou

[180] Jordi ROCA: "Esposa y madre a la vez. Construcción y negociación del modelo ideal de mujer bajo el (primer) franquismo", en Gloria NIELFA: *Mujeres y hombres en la España franquista...*, p. 54.
[181] Sobre esta cuestión no contexto do rural andaluz vd: Gloria ROMÁN: "Custodios de la moral...", p.141 e ss.

a ambos noivos a dous meses de prisión, a Silverio a dotar a Gloria con 30.000 pesetas e a Avelino con facer o propio con María Amelia con 5.000 pesetas e a recoñecer e proporcionar unha pensión aos seus respectivos fillos. Balbino A.G., un garda civil, non deixou embaraza a unha senón a dúas rapazas menores de idade ás que lles fixera sendas promesas de matrimonio. Promesas que reiterou durante o período de xestación, chegando mesmo a pedir a man dunha delas, coa que levaba nada menos que seis anos de noivado. Ao final abandonounas a ambas. A proposición que José V. lle fixo a súa noiva María P. E. cando foi coñecedor do seu embarazo non foi de matrimonio como ela esperaba, senón de aborto, ao que se negou.[182]

Máis aló das relacións de noivado crebadas existiron outras casuísticas que motivaron a interposición dunha denuncia por estupro. Serían as resultantes de coaccións mediante as que varóns fixeron valer a súa posición de superioridade para lograr o coito, actuacións dificilmente diferenciables, en ocasións, de violacións. A precariedade de vida experimentada por mulleres soas durante o franquismo comportou que se resignaran a manter relacións sexuais a cambio de conservar os seus traballos ou fronte a promesas de benestar económico. Trátase de abusos sufridos especialmente por mozas traballadoras do servizo doméstico e que van vencellados a outras tipoloxías delituosas como os abortos ou os infanticidios, comentadas con anterioridade.[183] Sobre o porqué as criadas foron obxecto de constantes abusos sexuais reflexiona Eider de Dios, quen apunta directamente á falaz concepción social existente en torno a estas empregadas durante o franquismo, connotadas dunha hipersexualización que achegou o seu labor ao da prostituta.[184] Mala fama á que contribuíu o PPM, pois moitas das meretrices "redimidas" que saían da institución tralo seu adoutrinamento eran "reinsertadas" a través do servizo doméstico.[185] Particularidades emanadas dun imaxinario colectivo heteopatriarcal que, ao igual que aconteceu coas violacións, tirou rédito dunha sociedade na que o xénero feminino carecía de voz para poder facer que os varóns non saíran indemnes dos seus crimes. A súa pobreza, as súas condicións

[182] AHPLu. FX. Sum. 85. Sent. 86. Ano 1957; Sum. 30. Sent. 70. Ano 1945. Sum. 5. Ano 1947. Sum. 190. Ano 1949.
[183] En relación ás estratexias de supervivencia femininas, moitas delas soas: Irene MURILLO: *En defensa de mi hogar y de mi pan: estrategias femeninas de resistencia civil y cotidiana en la Zaragoza de guerra y posguerra*, 1936-1945, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza, 2013. Tamén en Lucía PRIETO e Encarnación BARRANQUERO: *Así sobrevivimos al hambre. Estrategias de supervivencia de las mujeres en la posguerra española*, Málaga, Diputación provincial de Málaga, 2003.
[184] Teresa VILLAVERDE: "Las sirvientas se valieron del prejuicio para huir de la represión franquista", *Píkara Magazine*, (2018). Recuperado de internet (https://www.pikaramagazine.com/2018/02/sirvientas-franquismo-eider-de-dios/), consultado o 20 de marzo de 2022.
[185] Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia...*, p.468.

familiares, a súa inexperiencia e outras tantas características achandaron o camiño, segundo asegura a historiadora vasca.

Exemplo desa atmosfera descrita atopámolo no caso de Dolores G.P que, tras sufrir abusos sexuais por parte do seu empregador, Severino, rematou por acceder ás demandas sexuais cando aquel lle prometeu "cariñosamente" que "non lle faltaría de nada e que a faría feliz". O fillo do patrón, Bautista, pediulle relacións sexuais baixo promesa de matrimonio e de protección. Cando Dolores quedou embarazada, Severino indicoulle que costearía os gastos do aborto, ao que ela se negou pois "non quería morrer". A súa negativa conlevou que aquel lle proferira ameazas de morte e a coaccionara coa súa posta a disposición das autoridades se non marchaba do seu domicilio. Declaración reveladoras da posición de subordinación das mulleres do servizo, cuxas denuncias as situaban no paro e sen teito. A información sumarial indica que non se deu crédito á declaración de Dolores e que se xustificou o abuso de Severino. A causa foi sobresida aludindo como argumento ao "gran erotismo" de Severino, condición que "con frecuencia o obrigaba a desafogar as súas paixóns amorosas clandestinamente.[186]

Similar foi a situación vivida un ano antes por Carmen P., orfa, que entrou a traballar para gañar o seu sustento na casa de Ramón I.F. baixo promesa de matrimonio e "aproveitándose da natural relación de dependencia entre amo e criado logrou xacer con ela", circunstancias ratificadas pola xudicatura, dando a luz a unha nena o 19 de xaneiro de 1949. A denunciante foi compensada extraxudicialmente (moi posiblemente economicamente), pois renunciou a toda indemnización civil, é dicir, a seguir adiante coa causa.[187]

María del Carmen V.F. foi coaccionada economicamente para manter relacións con Manuel F.P., do que quedou en cinta. O insignificante das contías recibidas pola denunciante, entre 1 e 15 pesetas, foron dabondo para probar o estupro. Manuel foi condenado a 2 meses de arresto maior por 3 delitos de estupro (un por cada vez que ela puido probar o abuso), a dotar a María del Carmen con 20.000 pesetas e a recoñecer e manter ao seu fillo.

Os estupros procuraron acceder ás relacións sexuais con enganos e coaccións e estiveron protagonizados tanto polos noivos das vítimas como por varóns nunha posición de superioridade sobre elas. Para todas, denunciar implicou un acto de valentía individual e familiar por someterse á opinión pública e revelar a súa condición de "non virxe", xogarse a unha carta o quedaren marcadas para toda a vida, pois tan só podían "gañar" se lograban o

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[186] AHPLu. FX. Sum. 267. Ano 1951.
[187] AHPLu. FX. Sum. 164. Ano 1950.

matrimonio co varón co que mantiveran relacións, o que constituíu a excepción á regra. Unha resignación á norma social con finais nos que vimos, sempre perderon.

2.3.3. O inimigo na casa. A violencia doméstica

As mulleres houberon de "gardarse" dos homes, non só fóra do matrimonio e en sitios públicos, senón tamén dentro da casa. Máis aló das referenciadas formas de violencia exercidas contra as mulleres ata o de aquí, debemos comentar que existiron moitas outras formas, especialmente complexas cando eran protagonizadas polos cónxuxes, pois, coma sinalamos, a imposición dos ideais do franquismo implicaran a blindaxe do matrimonio, efectiva xudicialmente mediante a supresión do dereito de divorcio (1939) e coa reinstauración do delito de abandono de familia, por Lei do 12 de marzo de 194*2* e segundo a que:

> Artigo primeiro. -O que, abandonando maliciosamente o domicilio familiar ou a causa da súa conducta desordenada deixara de cumprir, podendo facelo, os deberes de asistencia, inherentes á patria potestade, á tutela ou ao seu estado matrimonial preceptuados polas leis, será castigado con prisión menor no seu grao mínimo e multa de 1.000 a 10.000 pesetas.[188]

A partir de entón e, de novo, "o matrimonio será un e indisoluble", como sinala Salvador Morales nun claro xogo de palabras co ideal de nación perseguida tamén pola ditadura.[189] Non só se lexislou con vistas a que o vínculo conxugal fora de por vida, senón que se asegurou o decoro marital. O Código Penal franquista contemplou condenas para as mulleres adúlteras e para os varóns amancebados baixo sendas penas de prisión menor, en teoría; pero na práctica, actuábase nos tribunais con moita maior severidade en relación ao delito de adulterio se a protagonista era unha muller, o que quedou probado coa restitución do delito de uxoricidio, que lexitimaba o asasinato dos adúlteros se estes foran a esposa e o seu amante:

[188] BOE. Lei do 12 de marzo de 1942, "pola que se sanciona o delito de abandono de familia e o cumprimento dos deberes de asistencia familiar", p. 2157.

[189] BOE. Decreto 779/1967, do 20 de abril, polo que se aproban os textos refundidos das Leis Fundamentais do Reino. Non foi até 1975 cando foron contempladas unha serie de casuísticas nas que permitir o divorcio, entre elas estarían o abandono inxustificado do lar, a infidelidade, a conducta vexatoria ou inxuriosa a violación dos "deberes conxugais" (sexo afectivos, atención da casa, dos fillos) ou o alcoholismo. Salvador MORALES: "La incapacidad de la mujer casada y su superación en el código civil español", *Novum Jus*, 12, 2 (2018), pp.149-172, esp., p.156.

> Art. 428. O marido que, sorprendendo en adulterio á súa muller matara no acto aos adúlteros ou a algún deles, ou lles causara calquera das lesións graves, *será castigado coa pena de desterro.* Se lles producira lesións doutra clase, quedará *exento* de pena.[190]

As mulleres que sufriron malos tratos físicos ou psicolóxicos por parte dos seus maridos quedaron atrapadas en matrimonios dos que resultaba moi complexo e, de feito, ilegal, saír. As referencias a agresións físicas foron as máis habituais, e salvo casos flagrantes, estiveron social e legalmente aceptadas.[191] Os valores de servizo e sacrificio debían ser inherentes a unha boa esposa e implicaban, por tanto, soportar a "cólera masculina".[192] Un dos principais escollos cos que hoxe nos atopamos á hora de achegarnos a esa realidade, é que a penas contamos con fontes onde quedasen recollidos. Naqueles casos nos que as mulleres deron un paso adiante e ousaron achegarse ao sistema de xustiza, nos seus testemuños dan conta da "mala vida" que os seus maridos lles daban, e que ía dende ter que soportar malleiras constantes, algunhas "xustificadas" por estados de embriaguez habituais ou pola ausencia de traballo, o que malograba o bo carácter dos varóns, ás expulsións da vivenda familiar ou ás restricións de alimentos (tanto para elas coma para os seus fillos), chegando ao extremo de seren obrigadas a prostituírse para aportar máis cartos á economía familiar e aos intentos de homicidio. De procesarse ao autor material dos feitos seríao por tres tipoloxías delituosas específicas, a saber, delito de lesións, delito de abandono familiar ou delito por escándalo público, non existindo unha categoría específica para tratar a violencia no seo conxugal. A realidade era que, no caso pouco probable de conseguir unha condena para o maltratador, unha vez cumprida a pena, as afectadas quedaran de novo a súa mercé.

A lexislación vixente deixou ás vítimas de violencia de xénero no franquismo social e legalmente atrapadas. No social porque, recalcamos, a moral imperante consideraba que a muller debía soportar tales agravios, converténdose unha muller que deixase ao seu marido nunha moi mal conceptuada moralmente.[193] No legal, porque se tomaban a decisión de marchar da casa eran susceptibles de ser denunciadas por "abandono de familia" e veríanse

[190] A cursiva é nosa. Código Penal 1944. Capítulo V. "Disposición xeral". Abolidos na II República por seren profundamente opostos aos seus ideais de liberdade. Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia...,* pp.84 e 263.
[191] Domingo RODRÍGUEZ: *Mujer, delincuencia, marginalidad...,* p.167.
[192] Francisco J. MARTÍNEZ: "Maternidad y primer franquismo", *Revista de Comunicación y Salud,* 7 (2017), pp. 151-172, esp. p.160.
[193] Sobre a violencia de xénero na Restauración: Enrique CARBALLO: "Dio un golpe a su querida con tan mala suerte que le rompió la cabeza. La violencia hacia las mujeres en la práctica legal y policial en la Restauración, a partir del caso de los partidos judiciales de A Coruña y Santiago de Compostela", *SÉMATA, Ciencias Sociais e Humanidades,* 31 (2019), pp. 15-32. Durante a II República vd. Adriana CASES: *El género de la violencia...,* pp.128 e ss. Para o caso concreto da provincia de Ourense durante o franquismo: Domingo RODRÍGUEZ: *Mujer, delincuencia, marginalidad...,* pp.178 e ss.

obrigadas, por sentenza xudicial, a retornar. Nos xulgados había casos nos que se instaba aos cónxuxes varóns a "lograr a harmonía familiar", pero quedaba a palabra do xuíz nun consello ou recomendación, algo que non se traducía en forma de sentenza condenatoria case nunca, pois estas limitáronse a un 10% dos sumarios abertos.

A sistematización dos sumarios incoados por abandono de familia permitiunos analizar denuncias interpostas por ambas partes. Elas denunciáronos nun 77% dos casos, fronte a eles, que o fixeron so nun 27%. Non obstante, mesmo no papel de denunciadas, as albíscase a súa condición de vítimas e así o evidencian os seus testemuños. Cando María Antonia C.R. foi denunciada por abandono de familia declarou que marchara por sufrir "malos tratos continuos". Milagros H. A. indica que "vivía presa do seu marido", illada do mundo e da súa familia, a quen non permitía que visitara. Cando realizou esa visita prohibida, o marido denunciouna por abandono da familia. A Carmen P.V. a denuncia veulle porque o seu marido tiña unha amante e ela non estaba disposta a transixir coa situación. A María Luisa P.I. denunciouna o seu marido por buscar un emprego, sen o seu consentimento. Cecilia R.D., empregada do fogar en varias casas de Lugo, abandonou ao seu marido aos cinco meses de casar pola vida "desordenada" e "disoluta" que levaba, por facela obxecto de malos tratos e polo seu estado de embriaguez habitual. [194]

A posición subordinada conferida ás mulleres no Estado franquista implicou que dependeran economicamente dun varón, ao estaren casadas, do seu marido. Por tanto, de seren abandonadas ou expulsadas do domicilio conxugal quedaban desprovistas dos máis mínimos recursos para subsistir, o que as obrigaba a depender, no mellor dos casos, dun familiar e, en caso de carecer doutros medios, deixábaas sen outro recurso que a mendicidade, a prostitución ou outra tipoloxía de delincuencia. Consecuentemente, para elas, interpoñer unha denuncia por abandono de familia representou unha sorte de seguro de vida, e así quedou reflectido na meirande parte das denuncias nas que elas actuaron coma parte acusadora. Para Esther V.J., botada á rúa cunha bebé de dez meses, viuse na obriga de pedir esmola para poder comer. Consuelo denunciou ao seu esposo, César C.G., por ausentarse durante 8 días do domicilio familiar deixando aos seus fillos e a ela sen diñeiro nin alimentos. O nivel de urxencia das circunstancias quedan patentes cando deixan a violencia física e psicolóxica sufrida nun segundo plano nas súas declaracións, antepoñendo a supervivencia dos seus fillos. No caso de Consuelo, tras ser detido volveu coa súa familia. Situación similar

[194] Tódolos sumarios foron sobresidos definitiva ou provisionalmente sen maior transcendencia. AHPLu. FX. Sum. 180. Ano 1947: Sum. 159. Ano 1952; Sum. 26. 1949. Sum. 118. Ano 1955; Sum. 180. Ano 1947;. Sum. 223. Ano 1948. No caso de Cecilia, o seu marido Eugenio S.M. levouna ante a xustiza pola "total despreocupación que tiña dos seus deberes conxugais".

experimentou Rosalía P.S., abandonada cando estaba embarazada, pois o seu marido, Manuel R.V., pretendía que abortara, ao que ela se opuxo rotundamente. Amparo R.G. denunciou o abandono do seu marido, Antonio L.L., porque, tras máis de quince anos emigrado na Arxentina, denunciouna por adulterio, un sumario sobresido. Antonio insinuou que Amparo dedicárase á prostitución na súa ausencia "macelando a honra e o prestixio familiar cos seus reiterados adulterios". Ela negou as acusacións e declarou que traballara procurando o sustento familiar honradamente, pois o seu esposo ignorara por completo as súas obrigas económicas durante todos eses anos que estivera alén mar [195]

Apenas contamos con sumarios incoados por lesións no seo marital, unha proba da aceptación social da violencia de xénero que, coma vimos, unicamente saía á luz cando elas abandonaban os seus domicilios quebrantando a indisolubilidade do matrimonio, alegando entón as lesións como causa ante a xudicatura. Nin o sistema xudicial nin o Código Penal prestaron especial atención a este tipo de delitos. Proba do anterior foi que, mentres ante o descubrimento de abortos se procedía de oficio, no caso de malos tratos non había tal actuación xudicial. Houbo, por suposto, algunha excepción puntual na que se prestou atención a dito delito. No caso do xulgado lucense esa excepción tivo lugar en 1958, cando un policía presencia a malleira e as ameazas que recibe Dolores A.R. por parte do seu esposo, Manuel D.V. A testificación das autoridades serviu para condenar ao procesado, así e todo, declarouse o suceso so falta, o que reducía ao mínimo a condena de Manuel.[196]

A lexislación vixente orientábase á salvagarda da moral e dos bos costumes, polo que unicamente proporcionaba protección xurídica neste senso á muller. Así se entende o caso de Francisca V, que denunciou ao seu marido por levar a vivir a súa amante á súa casa, polo que foi atendida. Non a lugar foron as súas denuncias por malos tratos físicos e a un trato vexatorio constantes. Facer vida marital con outra muller era o único delito a ollos dos xuíces que instruíron o caso á altura de 1962. A violencia era, en ocasións, unha pequena parte do calvario sufrido polas mulleres casadas. Manuela V.V. denunciou ao seu marido, Jesús N., por obrigala a prostituírse en varios bares da cidade, feitos tipificados no delito de escándalo público. A muller manifestou que sufrira malos tratos desde que se casara, con só 14 anos e mal aconsellada pola súa contorna, pois carecía de familia. A situación, relatou, "agravárase desde que o seu marido deixara de traballar e, aínda que ela se empregara tamén como criada, as ganancias eran insuficientes, o que provocaba as constantes agresións do seu marido, que a instaba a prostituírse". Na súa declaración, o procesado negou tela obrigado, se ben "aínda

[195] AHPLu. FX. Sum. 109. Ano 1945. Sum. 93. Ano 1946; Sum. 9. Ano 1947; Sum. 222. Ano 1953.
[196] AHPLu.FX. Sum. 220. Ano 1958.

que algunha vez falando díxollo (...) soamente para demostrarlle que outras o facían e vivían mellor", testificou. Jesús foi absolto.[197]

A indiferenza do franquismo cara as vidas femininas definidas pola violencia conxugal quedou patente nos sumarios protagonizados por Alicia L. G., que sufriu, en varias ocasións, as agresións físicas por parte do seu marido. A primeira tivo lugar en 1955, un ataque con arma branca no que, segundo declarou o procesado, "non a matou porque non lle deron tempo". A segunda, en 1958, de novo, consistente en varias puñadas propinadas cando traballaba nun bar da capital luguesa. Os feitos tiveron lugar de madrugada ante a numerosa clientela que, lonxe de intervir, desaloxou con celeridade o local desentendéndose da muller ferida. A única persoa que saíu na defensa de Alicia foi Teresa V.S., unha compañeira , que tamén resultou agredida como resultado de terse interposto entre o agresor e a vítima. Manuel xustificou o ataque alegando que a súa esposa levaba unha vida de inmoralidade "que non podía consentir polo mal exemplo que recibía a súa filla, de 8 anos, idea que o ten obsesionado". Esgrimía, polo tanto, un posible exercicio clandestino da prostitución por parte da muller ferida. Nada puideron corroborar nese senso as autoridades xudiciais. O primeiro dos sumarios valeulle unha condena a 5 meses de arresto e 4.000 pesetas de indemnización polas lesións. Porén, o segundo, incoado de oficio, obviou as lesións limitándose ao delito de escándalo público, pois o acontecido, sinala o xuíz, "turbara o sosego dos veciños". O sumario rematou sobresido.[198]

Os fillos e fillas foron os outros grandes prexudicados da violencia de xénero no franquismo. En algún caso, os fillos toman cartas no asunto e acompañan as súas nais a interpoñer a denuncia. Nun sumario datado no ano 1948, nai e fillo, Antonia G. R. e José V. G., denunciaron ao pai e esposo respectivamente, José V.T., un garda civil retirado. No seu testemuño sinalan que foran ameazados por José que posuía cunha pistola que carecía de licencia e de guía. Conscientes de que de denuncialo por ameazas ou lesións non resultaría nada, valéronse de facelo polo delito de tenencia ilícita de armas. Antonia. declarou que o seu esposo chegara ao domicilio "completamente embriagado, insultándoa de mala maneira, o mesmo que ao seu fillo José, ao que tamén pretendeu golpear, o que non puido executar por defenderse". O procesado alegou que fora o seu fillo quen o ameazara cunha bros, e que collera a pistola para "ver se depoñía a súa actitude". Esta denuncia foi das poucas que comportou condena para o agresor, desta vez, 2 meses e 1 día de prisión para José pai.[199]

[197] AHPLu. FX. Sum. 425. Ano 1949: Sum. 184. Sent. 205. Ano 1962.
[198] AHPLu. FX. Sum. 85. Sent. 54. Ano 1955; Sum. 203. Sent. 203. Ano 1958.
[199] AHPLu. FX. Sum. 225. Sent. 148. Ano 1948.

## 2.4. Conclusión

Ao longo deste capítulo pretendemos demostrar a valía de empregar a categoría de xénero como unidade de análise do sistema xudicial franquista. A análise das causas nas que as mulleres tiveron protagonismo deixou patente que elas tiveron un papel fundamental no panorama delituoso da ditadura en torno a dous eixes principais: como suxeitos activos da delincuencia e, sobre todo, como vítimas No primeiro dos casos, a revisión da fonte xudicial desde unha perspectiva cualitativa permitiunos refugar a súa invisibilización estatística e probalas como suxeitos sociais con capacidade de axencia en múltiples espazos e medios, incluído o universo delituoso.

É incuestionable que en Lugo, como noutras cidades españolas para as que se conta con traballos de investigación sobre a delincuencia no mesmo período de referencia, no franquismo, cuantitativamente, a delincuencia común estivo protagonizada por varóns. Porén, igual que a fame e a miseria de posguerra, a necesidade que persistía despois de 1945 nas economías familiares de moitas familias luguesas fíxoas a elas protagonistas crecentes de accións que pretenden, como durante os "anos da fame" tratar de asegurar a subsistencia individual e familiar. Mesmo cando os delitos tiveron como brazo executor o dun varón non se pode desbotar o papel feminino na toma de decisións.[200] Igual que eran planificadoras nas casas, as nais, esposas, avoas e irmás tomaron parte activa e visible na delincuencia económica, en moitos furtos famélicos froito dunha necesidade perentoria que, como se demostrou, non rematou coa posguerra ou nin co cambio de decenio. Na cidade de Lugo aparecen en solitario, pero tamén como coautoras de delitos cometidos en asociación matrimonial, e mesmo incluíndo á súa prole. Tamén houbo espazo para a sororidade, aparecendo mulleres en cuadrillas ou en grupos que tiñan como nexos as relacións de parentela ou de amizade e, ás veces, unicamente a oportunidade que provía o contexto. No rural lugués, as labregas "puxeron o corpo", solas ou a carón dos homes para saíren ao paso de estraperlos coa súa produción, para defender a propiedade da terra ou en conflitos veciñais.[201].

As súas ocupacións definiron uns perfís delituosos. A unha maioría de mulleres, en teoría, dedicadas "os seus labores", na práctica, traballadoras ilegais e moitas veces non remuneradas, engadíronse as empregadas do servizo doméstico, rapazas novas de procedencia rural que, cuns salarios míseros, fixeron dos estereotipos de xénero as súas

[200] Francisco ALIÁ *et al.*: "Mujeres solas en la posguerra española..., p.217.
[201] Barbara SUTTON: "Poner el Cuerpo...", pp.129-162. Ana CABANA: "Ciento cincuenta mujeres...", p.138. Ana CABANA e Elena FREIRE: "Haciendo barro, produciendo género. Mujeres en la alfarería de la Galicia rural desde finales del siglo XX", *Arenal*, 25, 1 (2018), pp. 53-70.

mellores armas protagonizando os denominados "furtos domésticos". Elas sufriron, a un tempo, os peores abusos dos que se dan conta na documentación xudicial cando a vítima é unha muller violacións, abortos, coaccións, estupros, as consecuencias dunha sobreexposición feminina ás masculinidades hexemónicas tóxicas.

A aquelas que transgrediron os modelos de xénero, sen posibilidade de retorno acabaron marxinadas en oficios como a prostitución. A necesidade empurrounas aos bordeis, a bares de alterne ou a tabernas e demais espazos para o lenocinio onde sobreviviron ata que o seu oficio foi ilegalizado, mais tamén co recurso a furtos e roubos aos mesmos homes que requirían dos seus servizos, os que, en máis dun caso, aproveitando a súa proscrición social, fixéronas tamén vítimas de denuncias falsas. Sempiternamente denotadas de "mulleres de vida airada" e "mala conducta moral", víronse na obriga de permanecer baixo a espreita das autoridades policiais e xudiciais e padeceron as humillacións sociais derivadas dunha violencia estrutural masculina e dun sinalamento feminino, ás veces non sen contestación, o que as levou a incorrer en escándalos que ameazaban a ansiada orde social franquista.[202]

A categoría delituosa de xénero por excelencia constituírona os abortos, que sufriron unha tenaz persecución polo réxime franquista. A documentación xudicial ofreceu luz sobre a práctica do aborto no Partido Xudicial de Lugo. Mediante a súa análise puidemos determinar os perfís das mulleres que abortaban , dos homes que as deixaron embarazadas e do persoal que practicou o aborto. Os sumarios que coñecemos son o resultado daqueles casos que chegaron a instancia xudicial, unha parte mínima, estamos certas. Representatividade a parte, a nosa investigación puxo de manifesto que foron practicados máis abortos en concellos rurais do Partido Xudicial que na capital da provincia. Os testemuños recollidos nas causas xudiciais permitíronnos albiscar a desesperación dunhas mulleres sumidas na máis absoluta pobreza as máis das veces, que decidiron interromper os seus embarazos en situacións de total desamparo. Abortaron tamén para ocultar a súa deshonra fronte a concepción dun fillo fóra do matrimonio, por enfermidade ou como o único método de control da natalidade que coñecían ou eran quen de empregar. Mediante unha serie de prácticas que ían desde a inxestión ou aplicación de medicamentos, produtos químicos e abortivos vexetais ás manipulacións manuais ou instrumentais enfrontábanse a unha dobre condena se eran descubertas. Por unha banda, a do sistema xudicial e, por outro, a dunha sociedade que condenaba a súa moral demostrando a súa propia dobre moral.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[202] Domingo RODRÍGUEZ: "Fuentes para el estudio de la violencia contra las mujeres...", p.563.

Os sistemas de divulgación de saberes e os perfís das persoas dedicadas a interromper embarazos expoñen que este era, en Lugo cando menos, un universo esencialmente feminino. Atopámonos con mulleres experimentadas que auxiliaban a mozas, con instrucións e indicacións sobre a quen acudir para practicarlles abortos dos que se falaba en circuítos de socialización feminina e eran un segredo a voces. Con respecto ás persoas, homes e mulleres que practicaban o aborto, a súa identificación non axuda a definir sempre se se trata de salvadores/ as ou de aproveitados/ as sen escrúpulos pero foron, en todo caso, o último recurso en momentos de absoluta desesperación.

Como vítimas da delincuencia, as mulleres sufriron as consecuencias do novo ideal de xénero franquista, que rompía co da II República e que as colocou nunha posición de total subordinación fronte ao varón. Especialmente en materia sexual é onde máis se deixou sentir a cousificación feminina e a alienación dos seus corpos en nome dos intereses da nación. Elas debían ser as gardiás do ideal da castidade e da virxindade até o matrimonio, cando pasarían a ser nais, para a patria, e esposas para o varón.[203] Eles debían, en contraprestación, facer gala da súa virilidade, entendida, en verbas de Adriana Cases, "como capacidade sexual e social, pero tamén de aptitude para o combate e o exercicio da violencia".[204] Conforme a esta polaridade abrollan a uns modelos de xénero a partir dos que chegaron a xustificarse violencias, da gravidade da violación, das agresións e dos abusos sexuais o que provocou que se mantiveran, maioritariamente, silenciadas. Algunhas mulleres, as menos, interpuxeron denuncias, ben para a defensa da súa honra e da súa moral ou ben como última posibilidade, por mínima que fora, de fuxir dunha realidade cotiá definida pola violencia sexual no seo familiar. A información dos sumarios evidencia que lonxe dun sistema que as protexera , o sistema xudicial fíxose eco e institucionalizou a versión machista popular sobre a violencia de xénero, culpabilizándoas xa polo mero feito de ser mulleres e antepoñendo, case sempre, toda declaración masculina aos seus testemuños. Mesmo a mostra estudada permite ver como moitas mulleres confiaron ou encubriron aos seus maridos fronte ás súas fillas que os acusaban de agresións sexuais ou violacións. Para os autores materiais da violencia sexuada, a súa superioridade social e o poder dentro da familia resultou máis ca suficiente para defender a súa inocencia, sendo rara vez condenados e, de facelo, acabar recibindo condenas e penas moi indulxentes.

O dereito franquista si contemplou medidas para reparar a honra daquelas mulleres que tiveran palabra de matrimonio e consentiran en manter relacións sexuais. Elas debían,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[203] Karine BERGÈS, "La nacionalización del cuerpo femenino...", pp. 91-103.
[204] Adriana CASES: *El género de la violencia*...,p.74.

porén, probar a fraude, acreditar a súa honestidade e demostrar a ruptura de promesas ou a coacción , aspectos nos que comprobamos como entraba en xogo máis que o relato veraz, a consideración social da muller e as probas, non sempre doadas de presentar, sobre a seriedade da relación (cartas de amor).[205] Nestes delitos de estupro, no mellor dos casos, unha sentenza firme podía obrigar ao varón a dotalas e/ou a manter á prole. Mais estas sentenzas son escasas, polo que as antes noivas e prometidas quedan para sempre desprovistas do ben máis prezado para a muller na altura, a súa virxindade, ergo a súa honra. A sociedade marxinounas, xunto aos seus fillos, véndose, en non poucas ocasións, na obriga de prostituírse para sobrevivir, e iso en Galicia, onde había todo un pouso cultural dende o Antigo Réxime segundo o cal ser "nai solteira" era simplemente unha ferramenta feminina para lograr a emancipación familiar, o que permite comprobar o peso dos ideais nacionalcatólicos inoculados dende que o franquismo se impuxo no territorio galaico en 1936.[206]

Alén da mantenza dos ideais de xénero promulgados polo Estado franquista, se por algo se preocupou o sistema xudicial foi por manter a integridade da unidade familiar.Como é ben sabido, o divorcio non se contemplaba baixo ningunha circunstancia, nin en caso de malos tratos físicos ou psicolóxicos. Desde datas temperás, o matrimonio quedou blindado legalmente e os cónxuxes estiveron obrigados a convivir baixo pena de ser acusados do delito de abandono de familia, o que obrigaba ao retorno ao fogar. E, se ben o Código Penal non contemplaba poder dar oídos aos casos de violencia de xénero exercida no entorno doméstico, as mulleres nos seus testemuños puxeron en coñecemento das autoridades xudiciais o habitual que era para moitas recibir malleiras continuadas, escoitar ameazas, ser expulsadas do fogar e mesmo ser privadas de alimento no Lugo da posguerra, no dos anos cincuenta e no da década dos sesenta. Na documentación xudicial, vimos que as mulleres ocuparon tanto o papel de denunciantes como o de denunciadas no delito de abandono do fogar, non obstante, sen importar o seu papel, e como referenciamos anteriormente, sempre foron as principais afectadas. A sociedade franquista non estaba pensada para mulleres soas,

[205] Sobre o concepto de consideración social: David BUTCHER *et al.*: "Beyond core service", *Psychology & Marketing*, 20, (2003), pp. 187-208, esp.p.187.

[206] Antonio CAZORLA: *Miedo y progreso...,* pp.250-252. Gloria FRANCO (ed.): *Debates sobre la maternidad desde una perspectiva histórica (siglos XVI-XX),* Barcelona, Icaria, 2010. Mónica BOLUFER: "Formas de ser madre: los modelos de maternidad y sus transformaciones (siglos XVI-XIX)", en Josefina MÉNDEZ (coord.): *Maternidad, familia y trabajo: de la invisibilidad histórica de las mujeres a la igualdad contemporánea,* Madrid, 2007, pp. 61-79. Raquel TOVAR: "Mujeres solteras e independientes en la España del siglo XVIII: rentas familiares y gestión patrimonial en el mediodía peninsular", *Revista de demografía histórica*, 38, 1 (2020), pp. 147-174.

esa nunca era unha posibilidade a contemplar nin polo réxime político nin polo sistema xudicial que del se derivou.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# CAPÍTULO 3. |

# A CONFIGURACIÓN DUNHA CIDADE A TRAVÉS DO CRIME

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

## CAPÍTULO 3. A CONFIGURACIÓN DUNHA CIDADE A TRAVÉS DO CRIME

### 3.1. Lugo, un *hinterland* rural: con fame na posguerra?

En palabras de Frédéric Chauvaud, a urbe é a encarnación da modernidade e, coma tal, debera acoller unha delincuencia de tipo "moderno".[1] Unha aseveración que pretendemos probar aplicándoa á cidade de Lugo. O noso obxectivo é atender á evolución delituosa que transluce para poder albiscar as mudanzas da propia urbe dende os anos de posguerra ata os anos sesenta. Pretendemos achegarnos ao "tempo" da cidade a través do "tempo" do crime e nese sentido concibimos a cidade como un espazo en evolución, non só no plano urbanístico, senón tamén no económico e no social, e, polo tanto, tamén no criminal.

As premisas de partida son sobre todo dúas. A primeira, que os anos da posguerra son anos de miseria en todo o Estado, pero cómpre comprobalo tamén para Lugo, visualizando aqueles crimes que poidan entenderse como o resultado de fórmulas ilícitas despregadas para tentar paliala. A cuestión que se infire é, alén desta comprobación, a súa temporalización; poder responder ou ofrecer unha data o máis veraz posible á saída desa miseria, deducir cando se puxo fin á pobreza como definidora do estado socioeconómico xeral e se volveu restituír a economía, non a dos datos macro, senón máis ben o sentir popular de que esa etapa estaba superada e, con ela, os delitos famélicos cunha innovación nos trazos da delincuencia. A segunda premisa ten que ver con que Lugo como cidade ten unhas características específicas. Así como foi unha gran urbe en períodos históricos pasados, no século XX as súas particularidades a definen como unha cidade moi pequena cunha influencia enorme do seu *hinterland* rural. Espazo, este último que, ademais de estar en constante relación económica coa urbe é o territorio de onde Lugo se nutre de novos habitantes na súa vagarosa expansión demográfica e que se converten en anfibios culturais, pois malia asumir pautas urbanas, non deixan de reproducir nos barrios da cidade as súas costumes rurais.

#### 3.1.1. A contextualización da fame

Os anos da guerra e os inmediatamente posteriores á contenda civil deben ser concibidos como fenómeno explicativo do devir delituoso unha vez rematada a II Guerra Mundial; un período estudado por numerosos autores con prolíficos resultados, entre os que cabe citar a obra seminal de Michael Richards, ou os estudos que dende a historia económica asina Carlos Barciela, quen tamén tratou unha das consecuencias máis relevantes deste

[1] Frédéric CHAUVAUD: "Historia de la delincuencia y del control social: ensayo de historia antropológica (el ejemplo de Francia, siglos XIX y XX", *Revista de Historia (Heredia)*, 47 (2003), pp 163-190, esp.p.164.

intervencionismo económico desde a historia social, o estraperlo. Nesta liña temática profundou nas últimas datas de maneira significativa a historiografía andaluza. Miguel Ángel del Arco incidiu na distinción entre o pequeno estraperlo e o gran estraperlo; un, asociado á poboación humilde e o outro a estratos sociais elevados, adeptos ao réxime e mesmo parte del, que fixeron da corrupción un mal endémico do franquismo. Gloria Román, quen opta por definir o primeiro como "estraperlo dos pobres" e, co foco posto sobre a Alta Andalucía describe unha "xeografía do estraperlo": desde os lugares de obtención dos artigos, ata a súa distribución e as consecuencias de tales actos. Xiro xeográfico iniciado xa por Alejandro Pérez-Olivares na súa tese de doutoramento e con Madrid por espazo de estudo[2] e, máis recente, seguido na tese de doutoramento de Gregorio Santiago, quen fai unha magnífica síntese do devandito período no que representou o que el denomina "roda da miseria": racionamento, estreiteza económica, delincuencia e prostitución. Non sobre fame especificamente pero si sobre o ambiente de penuria que rodeou á posguerra, cabe citar os estudos sobre as actitudes sociais abordadas por Ana Cabana, Óscar Rodríguez e Claudio Hernández, que sopesan a súa influencia na xeración de resistencias e consensos cara ao réxime franquista.[3] Desta xa moi abondosa bibliografía nútrese o noso traballo de investigación, que xira en torno a unha cuestión que nos parece fundamental e tamén novidosa, a preocupación por coñecer a cronoloxía dos anos da fame en Lugo, un espazo no que non cabe falar de fame negra, pero para o que as fontes cualitativas apuntan que a falta de alimentos durou moito máis aló da posguerra.[4] A documentación xudicial producida polos diferentes órganos da xudicatura antes de despois da guerra, malia que disímiles, permítenos unha caracterización do período e, en combinación con outras fontes, como a hemerográfica, evidencian que a vida cotiá no Lugo dos anos corenta foi a dunha pequena cidade tinguida de

[2] Alejandro PÉREZ-OLIVARES: *La victoria bajo control: ocupación, orden público y orden social del Madrid franquista (1936-1948)*, Tese doutoral, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2017.

[3] Michael RICHARDS: *Un tiempo de silencio: la guerra civil y la cultura de la represión en la España de Franco*, 1936-1945, Madrid, Crítica, 1999. Carlos BARCIELA: *Autarquía y mercado negro: el fracaso económico del primer franquismo*, 1939-1959, Barcelona, Crítica, 2003. Miguel Ángel del ARCO: "Morir de hambre...", pp. 241-258. ÍD: "La corrupción en el franquismo...", p.636. Gloria ROMÁN: "El negocio del hambre": Fraude y corrupción durante la posguerra autárquica en el campo alto-andaluz", *Historia Contemporánea*, 63 (2020), p.665. ÍD: Gloria ROMÁN: *Delinquir o morir. El pequeño estraperlo en la Granada de posguerra*, Granada, Editorial Comares, *2015*, pp.77 e ss. Gregorio SANTIAGO: *Culpa de la guerra, culpa de franco. La hambruna española de posguerra: el caso de andalucía oriental (1939-1953)*, Tese doutoral, Granada, Universidad de Granada, 2022. Ana CABANA: *La derrota de lo épico*, Valencia, PUV, 2013. Óscar RODRÍGUEZ: *Migas con miedo...*, Claudio HERNÁNDEZ: *Franquismo a ras de suelo. Zonas grises, apoyos sociales y actitudes durante la dictadura (1936-1976)*, Granada, Editorial Universidad de Granada, 2013.

[4] *El Progreso*, 1936-1940. Gloria ROMÁN e Miguel Ángel DEL ARCO: "¿Resistir con hambre?: estrategias cotidianas contra la autarquía en la consolidación del Franquismo", *Ayer*, 126 (2022) pp. 107-130. Miguel Ángel DEL ARCO: "¿Se acabó la miseria?...", pp.49-72.

gris, de miseria, cunha alimentación paupérrima restrinxida polo racionamento e sangrada polar esixencias de días "de prato único" ou "de prato único e sen postre".

> "A posguerra foi moito peor que a guerra, porque a guerra era temporal e había de pasar, pero despois, despois foron demasiados anos [...] E a pasar fame non un ano ou dous, senón quince anos. Ata o cincuenta e pico!"

Con estas palabras é descrita a realidade da que o réxime se esforzou por desvincularse cunha esmerada labor propagandística desenvolta durante toda a década posterior á guerra, baseada no desprestixio á II República, na destrución causada pola guerra civil e na cerrazón dos mercados internacionais trala II Guerra Mundial.[5] Obviando a publicidade franquista, o fin da guerra deu paso a un novo contexto nacional marcado pola definida por Claudio Hernández e Francisco Leira recentemente como "a crise alimenticia de maior magnitude en todo o século XX español" e que lonxe de múltiples e falaces pretextos foi consecuencia dunhas políticas económicas que condenaron á poboación a sufrir auténticas penurias. Unha guerra sen trincheiras na que se estima morreron en torno a 200.000 persoas tanto de fame coma das enfermidades derivadas da mala alimentación cuxas causas describiremos de forma sucinta, en tanto que supón o contexto no que debe inscribirse a delincuencia acontecida neses anos.[6]

O Sistema de Racionamento, instaurado en 1939, resultou un fracaso absoluto que lonxe de asegurar o aprovisionamento de alimentos e artigos esenciais logrou o efecto contrario, o desabastecemento dos mercados e a suba desorbitada dos prezos.[7] Os alimentos e as cantidades que debían consumir os españois pasaron a ser unha cuestión de Estado baixo o estrito control das cartillas de racionamento, primeiro familiares pero, co obxectivo de evitar fraudes, individuais desde 1943.[8] Estableceuse, ademais, unha profunda fenda social ao

[5] Claudio HERNÁNDEZ: "El discurso de la miseria: relatos justificativos y percepciones populares del hambre durante la posguerra", en Miguel Ángel DEL ARCO (ed.): *Los "años del hambre"...*, pp.151-172, esp.p. 151.
[6] Carlos BARCIELA: "Introducción", en Ramón GARRABOU, José Ignacio JIMÉNEZ e Carlos BARCIELA: *Historia Agraria de la Historia Contemporánea", vol. 3, El fin de la agricultura tradicional (1900-1960)*, Barcelona, Crítica, 1986, pp.382-383, a través de Gloria ROMÁN: *Delinquir o morir...*, p. 17. Claudio HERNÁNDEZ e Francisco J. LEIRA: "Los rostros del hambre: autarquía, experiencias de miseria y estrategias de supervivencia durante la posguerra franquista (1939-1951)", *Historia Social*, 97 (2020), pp.79-98, esp.p.80.
[7] A produción e a distribución dos produtos alimenticios pasou a estar controlada polo Estado, da man do Servizo Nacional do Trigo e do Comisariado Xeral de Abastos e Transportes. Para iso, dispúxose un delegado por provincia, personificado na figura do gobernador civil. José Antonio ARANDA: "Autarquía y estraperlo: Jaén 1939-1945", *Boletín del Instituto de Estudios Giennenses,* 21 (2018), pp.43-88, esp. p.79. Ana FERNÁNDEZ: "Franquismo, delincuencia y cambio social...". p.302. Juan Ignacio GONZÁLEZ: "La gestión del hambre. Discurso y praxis política de la falange en la huelva de la posguerra (1939-1945)", *Erebea*, 2 (2012), pp.371-413, esp.p.402.
[8] Roque MORENO: "Movimientos interiores y racionamiento alimenticio en la posguerra española", *Investigaciones geográficas*, 11 (1993), pp. 309-316, esp. p.311.

dividírense entre primeira, segunda e terceira clase, en teoría, para prover de maiores racións aos máis desfavorecidos, na práctica, sistema que facilitou unha corruptela que beneficiou aos máis privilexiados nas súas relacións con instancias de poder. A escaseza e a carestía traducíronse nas "colas da fame" que duraban mesmo noites enteiras e cuxa impaciente espera remataba, en non poucas ocasións, cun regreso a casa coas mans baleiras. Carecemos de información sobre ás mesmas na cidade de Lugo, con todo, podemos afirmar que a situación de miseria era tal que chegouse ao extremo da "revolta da fame", como a que en 1946, ano de escaseza e pésimas colleitas, tivo lugar no concello lugués do Saviñao cando as mulleres erguéronse contra as propias institucións franquistas.[9] Alimentos como o arroz, a fariña e a carne desapareceron dos mercados, mentres que outros como a manteiga e o azucre eran tan custosos que os máis necesitados vendían os cupóns das súas racións para poder mercar pan. Un pan *negro* e de calidade pésima pasou a ser a base da alimentación de moitos españois e galegos, cunha ración cada vez menor, até o extremo de ser inferior á proporcionada aos prisioneiros dos campos de concentración nazis.[10] Os produtos de hixiene tan esenciais coma o xabón alcanzaron prezos estratosféricos e a súa ausencia nos mercados estivo directamente relacionada cun aumento das enfermidades infecciosas.[11] Do mesmo xeito que aconteceu no conxunto do Estado, en Galicia, en xeral, e en Lugo, en particular, a situación de precariedade económica, derivada da autarquía, do racionamento e a consecuente fame empurraron a unha masa de poboación a vivir ao límite da subsistencia, unha situación de extrema necesidade que xerou un sentimento de hostilidade tal que a transgresión da lei foi moralmente aceptada.[12]

[9] Miguel Ángel del ARCO: "Morir de hambre...", p. 243.

[9] Roque MORENO: "El régimen y la sociedad. Grupos de presión y concreción de *intereses"*, *Ayer*, 33 (1999), pp.87-113, esp. p.105. María Jesús SOUTO: "Una "revuelta de hambre" en la Galicia del primer franquismo: O Saviñao", *Pasado y memoria: Revista de historia contemporánea*, 2 (2003), pp.241-254, esp.p.244.

[10] Lucía PRIETO: "Racionamiento, control social y estraperlo. Marbella: los años del hambre", *Cilniana: Revista de la Asociación Cilniana para la Defensa y Difusión del Patrimonio Cultural*, 16 (2003), pp.5-19, esp. pp.6-9.

[11] Os alimentos que lle correspondían a cada español, de calidade mediocre ou mala foron determinados en función do xénero e da idade e implicaron unha redución das calorías nun 21%. Para un home adulto: "pan, 400 gramos; patacas, 250g; legumes secas, 100g; aceite, 50g; café, 10g; azucre, 30g; carne, 125g; touciño, 25g; bacallau, 75g e peixe fresco, 200g." A ración dunha muller e a dos maiores de 60 anos estableceuse nun 80% da anterior, sendo a dos menores de 14 anos o 60% da mesma". Michael RICHARDS: *Un tiempo de silencio. La guerra civil y la cultura de la represión en la España de Franco, 1936-1945*, Madrid, Crítica, 1999, pp.150-155. Carme MOLINERO, Pere Ysás: "El malestar popular por las condiciones de vida. ¿Un problema político para el régimen franquista?", *Ayer*, 52 (2003), pp.255-282, esp.p.260. Eusebio MEDINA: "Autarquía y racionamiento. El mercado negro a finales de los años cuarenta", *Cuadernos de investigación histórica*, 21 (2004), pp.427-434, esp. p. 430. Lucía PRIETO BORREGO, "Racionamiento, control social y estraperlo..., p.9.

[12] A cuestión da fame en Galicia é tratada en: María Jesús SOUTO: "Una "revuelta de hambre"..., pp.241-254. Julio PRADA: *Marcharon con todo: la represión económica en Galicia durante el primer franquismo*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2016. Lucio MARTÍNEZ: *El Pan y la cruz. Hambre y Auxilio Social durante el primer franquismo en Galicia*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2017. Nas prisións franquistas, o caso ourensán é estudado

Que a delincuencia dos anos corenta en Lugo está intimamente relacionada coa miseria desa década non é unha impresión novidosa. Vén ratificar conclusións como a de Ignacio Gómez para o caso de Murcia, quen sinalou que a súa evolución "ao longo da década dos corenta atópase estreitamente ligada co contexto de penuria e miseria". Tamén a de Conxita Mir, para a provincia de Lleida, quen estableceu unha relación entre delitos contra a propiedade, marxinación e o control social causado pola represión franquista de posguerra. Ou por Lázaro Miralles, quen cifrou que nos barrios populares do Albaicín e Sacromonte de Granada, en 1946, ata o 85% dos delitos estiveron orientados a procurar a supervivencia. Óscar Rodríguez sinala que a delincuencia contra a propiedade foi *in crescendo* desde a guerra civil en Almería, ata niveis cualificados de "esperpénticos" entre 1941 e 1943, e que entre 1939 e 1949 representou un 58,95% dos delitos na citada provincia, e un 53,57% na de Málaga. Se nos guiamos polas cifras, as que a historiografía española manexa, indicarían que nas provincias catalás de Lleida e Girona (1939 e 1951) a delincuencia económica mantívose entre un 55% e un 60%, mentres que nas de Tarragona e Barcelona (1939-1945) mesmo excedeu o 70%. En Albacete, nun período moi similar, 1939-1950, representou o 69% da actuación da xustiza ordinaria e na próxima provincia de Murcia (1940 e 1949) o 60%. A porcentaxe é inferior para o caso de Zaragoza, pero en todo caso a súa incidencia non baixou do 40%.[13]

No espazo que nos ocupa, entre 1945 e 1952 a delincuencia patrimonial supuxo de media algo máis dos 62% de sumarios incoados, nunha porcentaxe en constante incremento desde o primeiro dos rexistros e até alcanzar o período álxido rexistrado que, a diferenza dos estudos citados, non se circunscribiu á inmediata posguerra, senón aos anos cincuenta. Carecemos de datos para o período que no resto de España ocupou o conflito bélico por mor de lagoas nos fondos do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución de Lugo, non obstante, se temos en conta a información do Libro de Rexistro Xeral da Fiscalía de Lugo para o período 1936 e

por Domingo RODRÍGUEZ: "Morir de hambre en las cárceles de Franco (1939-1945)", *Historia Contemporánea*, 51 (2015), pp. 641-666. Óscar RODRÍGUEZ: "Lazarillos del Caudillo...", pp.68-69.

[13] *Ibid*, p.69. Conxita MIR e Carme AGUSTÍ: "Delincuencia patrimonial y justicia penal: una incursión en la marginación social de posguerra (1939-1951)" en Conxita MIR, Carme AGUSTI e Joseph GELONCH: *Pobreza, marginación, delincuencia y políticas sociales bajo el franquismo*, Universidad de Lleida, Lleida, 2005, pp.82-84. Lázaro MIRALLES: "Supervivencia y comunidad bajo el hambre...", p.227. Óscar RODRÍGUEZ*: Migas con miedo...*, pp.169 e 174. Manuel ORTIZ: *Violencia, conflictividad y justicia en la provincia de Albacete (1936-1950)*, Tese doutoral, Castilla-La Mancha, Universidad de Castilla-La Mancha, 1995, p. 421. Gómez sinala que a especial incidencia de delincuencia contra a propiedade en Murcia entre 1941 e 1943 foi resultante de dous factores: da celebración de boa parte dos xuízos correspondentes a delitos de posguerra e da posta en funcionamento dos principais órganos de control e intervencionismo económico: Abastecementos e Transportes e a Fiscalía de Taxas. Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia...*, pp.51-52. Juan Ignacio SANTOS: "Delincuencia en Málaga durante la postguerra...", p.133. Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria...*, p.91.

1941, que podería servir como bo substituto, e a comparamos coa recollida polo Xulgado de 1ª Instancia a partir de 1945, cando os datos volven ser completos, podemos afirmar que o seu incremento é constante. En 1936 foron incoados un total de 116 sumarios por esta tipoloxía de delitos en Lugo, cifra que en 1940 chegaba aos 165, alcanzándose o máximo en 1950 con 285 sumarios. En canto a súa representatividade esta pasa do 41,4% en 1936 a un 70,4% en 1950.[14] Por tanto, e indubidablemente, na primeira década do franquismo somos quen de resolver que a incidencia da delincuencia contra a propiedade no conxunto do Estado constituíu un fenómeno intrinsecamente relacionado coa vulnerabilidade económica.[15] O caso de Lugo, vemos, non foi distinto, mais si presentou certas particularidades e, se ben a fame inundou a cidade trala imposición da ditadura esta non rematou co cambio de decenio. É máis, coincidindo co sinalado por Miguel Ángel Del Arco, é posible determinar que se os corenta foron anos de fame negra os cincuenta continuaron sendo, para moitos, anos de estreiteza.[16] Este incremento dos delitos contra a propiedade na España de posguerra coincide no tempo coa cualificación dos mesmos como "resistencias pasivas", o que os converteu nunha cuestión de orde público e, polo tanto, privilexiaron as persecucións.[17] Son estas circunstancias, en parte, as que explican que a delincuencia contra a propiedade fose a categoría delituosa por excelencia dentro do panorama xudicial do Estado.

Movidos pola fame, os lugueses despregaron unha serie de estratexias en forma do que J. Scott denominou coma "resistencias cotiás".[18] Porén, non se tratou dos nomeados por Sutherland como delitos "de guante branco", nin dunha delincuencia profesional ou que reportase grandes beneficios económicos, referímonos á referenciada por Sánchez Marroyo por "delincuencia social", aquela "determinada polas deficientes condicións materiais de vida que orixinan grupos de marxinados circunstancialmente impulsados a actuar á marxe da lei".[19] É dicir, cuxo obxectivo non estivo nas ansias de enriquecemento persoal, senón na supervivencia.[20] Para aqueles casos nos que o delito se cometía para garantir a vida do

[14] AXT. FX. Libro de Rexistro Xeral da Fiscalía de Lugo, 1936-1941. AHPLu. FX. 1945-1966.
[15] Isto non sería exclusivo para o período franquista. Enrique Carballo, quen estudou a delincuencia un século atrás en Galicia, concretamente desde a década de 1840 e ata 1936, ou Raquel Iglesias, quen se retrotraeu ao Antigo Réxime (1700-1834), deixaron de manifesto que fame, crisis de subsistencia e delitos contra a propiedade foron da man. Enrique CARBALLO: *Violencia, crimen...,* p.138. Raquel IGLESIAS: *Crimen, criminales y reos...*
[16] Miguel Ángel DEL ARCO: "¿Se acabó la miseria?...", pp.49-72.
[17] Óscar RODRÍGUEZ, "Lazarillos del Caudillo...", p.69.
[18] James C. SCOTT: *Weapons of the weak: everyday forms of peasant resistance*, New Haven, Yale University Press, 1985; *ID.:* "Formas cotidianas de rebelión campesina", *Historia Social*, 28 (1997), pp. 13-39.
[19] Definidos coma: "violación da lei penal por unha persoa de alto nivel socioeconómico no desenvolvemento da súa actividade profesional". En Edwin SUTHERLAND: *El delito de cuello blanco. White collar crime. The uncut version,* Buenos Aires, Editorial B de F, 2009.
[20] Fernando SÁNCHEZ: "La delincuencia social: un intento de caracterizar la actuación penal...", p.626.

individuo existía unha figura eximente da responsabilidade penal, a coñecida coma "furto famélico", defendida por xuristas da época como Luis Jiménez de Asúa.[21] No Código Penal de 1944 foi incluída baixo o nome de "estado de necesidade", por herdanza do anterior republicano de 1932. Segundo este, estaría exento de responsabilidade penal:

> "7º. O que, impulsado por un estado de necesidade, para evitar un mal propio ou alleo, lesiona un ben xurídico doutra persoa ou infrinxe un deber, sempre que concorran os requisitos seguintes: primeiro. Que o mal causado non sexa maior do que se trate de evitar. Que a situación de necesidade non fora provocada intencionadamente polo suxeito. Que o necesitado non teña, polo seu oficio ou cargo, obriga de sacrificarse".[22]

É dicir, todo aquel que cometera un delito consistente na subtracción de artigos orientados á supervivencia individual ou familiar, alimentos, roupas ou combustibles, para atender a cubrir as súas necesidades mínimas.[23] Porén, a férrea defensa que o réxime fixo da propiedade privada, que se mantivo por riba das máis perentorias necesidades de colectivos especialmente vulnerables, xunto co carácter punitivo da institución xudicial provocaron que tal eximente a penas fora contemplado. Nin no Xulgado de Primeira Instancia de Lugo, nin na súa Audiencia Provincial existiu proceso sumarial algún así cualificado na etapa analizada (1945-1966). Tampouco en Zaragoza (1936-1945), onde os maxistrados supoñían sempiternamente no encartado o ánimo de lucro. A excepción atopámola en Murcia, cunha presenza residual. [24]

Este aumento da incidencia da delincuencia patrimonial poñía en evidencia a incapacidade do réxime de alcanzar o ansiado control social o que levou á persecución desesperada polas autoridades de toda transgresión da lei.[25] Os medios de comunicación da época foron empregados para intimidar aos futuros ladróns, de maneira que o xornal local *El Progreso*, na sección "Crónica Xudicial", facíase eco das consecuencias de roubos, furtos e outros delitos, menores e maiores servindo, ademais, de altofalante para chamar aos procesados a presentarse ante a xustiza.[26] Con todo, nin as políticas do medo nin a represión

[21] Enrique ROLDÁN: *Luis Jiménez de Asúa. Derecho penal, República, Exilio*, Madrid, Dykinson, 2019, p.240.
[22] Código Penal de 1944, p.430.
[23] Ana FERNÁNDEZ: "Franquismo, delincuencia y cambio social...", p.298.
[24] Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria...*, p.294. Limitada ao 0,7%, dos sumarios por furto de 276 dos incoados por esa tipoloxía (1944-1950). Manuel ORTIZ: *La violencia política en la dictadura...*, p. 61. Juan Francisco GÓMEZ: "*Historia de la delincuencia...*," p.183.
[25] Ana María RUBIO: *El primer franquismo en Marbella (1939-1959): de los años del hambre a los años del sol*, Tese doutoral, Málaga, Universidad de Málaga, 2015, p.157.
[26] *El Progreso*, 1939-1945.

eran quen de frear a concatenación de ladroízos que se sucedía na cidade. Coñecer o obxectivo dos rateiros, consideramos, constitúe unha cuestión chave á hora de delimitar se os autores eran persoas que vivían fóra do sistema, froito dunha decisión autónoma, ou se se viran empurrados a tales accións consecuencia da situación económica. Unha análise na que nos deteremos a continuación cunha división en tres períodos: o primeiro, o que abrangueu de 1945 a 1952, que consideramos un todo dominado polo racionamento e a absoluta miseria e dentro do cal se alcanzaron os maiores niveis de delitos contra a propiedade. Un segundo, representado pola década bisagra, con vistas a establecer semellanzas e/ou disimilitudes co anterior. E, por último, os anos sesenta, os coñecidos por albergar o "milagre económico español", desde unha óptica diferente orientada a albiscar a evolución da cidade en termos de urbanidade e en relación ás "bondades" derivadas do "desenvolvemento".

### 3.2. Lugo, cidade de miseria (1945-1952)

A economía dos lugueses afundiuse a medida que se estabilizaba a ditadura. Así o evidencian as alarmantes cifras que acadaron os crimes patrimoniais, a propia natureza dos artigos subtraídos e as motivacións expostas polos seus autores. É a través deste trinomio, no que nos deteremos ao longo deste apartado, co que pretendemos achegarnos ás condicións de vida de numerosas familias da capital que, anticipamos, soportaron condicións de miseria, unha miseria que tivo un carácter endémico e que, como apuntan os nosos rexistros, mantívose entre 1945 e 1952 en tanto que a documentación xudicial revela que as cifras de latrocinios non cesaban de aumentar. As apropiacións sucedíanse ao longo e ancho da cidade, protagonizados por residentes ou persoas de paso, de tódalas idades e sen distincións de xénero que, empurrados pola fame, lanzábanse á delincuencia para asegurar a súa supervivencia. Ningún espazo permaneceu a salvo destas mans necesitadas: a Praza de Abastos, a estación de tren, as fondas, as hospedaxes, os bares, os comercios, os establecementos de ultramarinos, os centros escolares, as vivendas particulares, etc. Nin sequera as oficinas e establecementos dos propios organismos vencellados ao réxime, como SNT, o TTM, as Delegacións de FET e JONS ou a Comisaría de Policía.[27]

O descoñecemento da autoría de roubos e furtos foi a dinámica que prevaleceu neste Lugo que se presenta famélico, indicio de que o número de infraccións que se cometían superaba con creces á capacidade de acción das autoridades franquistas. A imaxe reflectida era a dunha cidade chea de pobreza cun sistema xudicial tan colapsado como o económico,

[27] AHPLu. FX. Sum. 399. Ano 1950; Sum. 122. Ano 1956.

incapaz de atender ao cuantioso destes ladroízos que remataron irresolutos en máis da metade dos casos, por non falar de todos aqueles sumarios que, cun procesado ao que non se podía xulgar ante a ausencia de probas, quedaban no limbo xudicial do "sobresemento provisional". Naqueles casos nos que os seus autores foron descubertos os rexistros policiais permiten achegarse a un perfil de ladrón. Trataríase dun varón solteiro, novo. As fontes xudiciais indican que para os ladróns ter unha profesión e/ou emprego non determinou a solvencia económica pois, co poder adquisitivo dos salarios limitado en 1942 a un 28%, quedaban incluídos no rango no que se pode falar de pobreza.[28] Esta queda debuxada na "curva da miseria" exposta no seguinte gráfico, na que se recollen as incoacións por roubos e furtos na época do racionamento. Un ascenso constante no número de causas contra a propiedade ata 1950 relaciona directamente fame con ladroízos, tese corroborada co seu descenso a partir da retirada das cartillas e coa tímida mellora da situación económica. En síntese, no primeiro franquismo, a maior pobreza, maior se presenta a delincuencia contra a propiedade, que se erixe como unha necesidade en tempos do racionamento.

Gráfica 7. Evolución roubos e furtos (1945-1952).




Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. 1945-1952.

Especialmente ilustrativa é a ausencia de antecedentes entre os procesados. Cunha reincidencia limitada ao 11%, na inmensa maioría dos casos tratouse de delincuentes circunstanciais que se viron empurrados a delinquir polas paupérrimas situacións de vida, ratificadas polos bens obxectivo desas subtraccións: desde miserentos botíns monetarios, ata

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[28] Gregorio SANTIAGO: *Culpa de la guerra...*, p.168.

produtos de primeira necesidade (roupa, alimentos e gando). Ao mesmo apuntan os destinos do botín, o autoconsumo ou o estraperlo. Este segundo revelouse como unha fonte de ingresos alternativa para suplir outras carencias que será analizada nas vindeiras páxinas. Non se trata de fórmulas excluíntes, moitas veces ao mercado negro derivábase o alimento subtraído que sobraba da inxestión familiar, unha forma de negocio ilegal moito máis lucrativa que calquera emprego. Entre os reincidentes, algúns non dubidaron en sinalar ás políticas económicas instauradas polo réxime como causa directa da pobreza que os levara a delinquir. Así o fixo Telmo, un panadeiro de 42 anos procesado até en 10 ocasións desde 1942 por roubar comida e outros efectos. Na súa última detención rexistrada declarou que "cometeu os feitos por necesidade, dedicándose á profesión de rateiro desde que se racionou o pan". Outros delincuentes habituais, foráneos, acudían a Lugo para gozar da impunidade conferida polo anonimato que sempre proporciona unha urbe, por pequena que esta sexa. Esta estratexia non sempre resultaba vitoriosa, pois o cotiá dos roubos acabou por facer que polas rúas de Lugo pasearan certos profesionais dedicados a evitalos. Cun deles, un sereno do comercio foi co que se atopou, á altura de 1950, José Ramón S.S. cando tentou roubar unhas pezas nunha froitería para matar a fame. [29]

No segundo capítulo xa subliñamos que o número de mulleres implicadas nesta tipoloxía de delincuencia contra a propiedade houbo de ser moi superior ao que nos indican as cifras, pero, malia a súa invisibilización, na época da fame e do racionamento esposas, irmás, nais e fillas amosáronse como activas protagonistas de roubos e furtos nun intento claro de asegurar a inxestión das súas familias. A maioría das encartadas foron solteiras que empezaban a delinquir moi cedo, se ben máis tarde que os varóns, sobre os 16 anos (eles sobre os 10) e ás que a vellez non impediu continuar roubando (de media ata os 66 anos). Encargadas de prover de alimento ás súas familias, tamén se viron na obriga de desenvolver toda unha serie de estratexias para aproveitar ao máximo os limitados recursos alimenticios existentes o que as converteu en magas da cociña: facían pucheiro sen osos, fritían as peladuras das patacas e quentaban o touciño para que servira de aceite. De non poder acceder a determinados produtos, coma o café ou o azucre, pola súa carestía e escaseza, procuraban novas fórmulas e sucedáneos que os replicaran. O obxectivo era xerar a ilusión de consumo que, no caso desta bebida estimulante, lograban mediante a elaboración de infusións de ton escuro. Facían café de landras, de figos secos, de remolacha, de chicoria ou cenoria. Crearon

[29] En 1953 foi autor dun roubo nunha vivenda de 25 pesetas, dous bocados de touciño, un chisqueiro, un coitelo, dous chourizos, unha morcilla e un anaco de tea. AHPLu. FX. Sum. 78. Sent. 312. Ano 1953; Sum.362. Sent. 304. Ano 1950.

tamén alternativas a outros artigos de uso cotiá coma o xabón, que pasou a elaborarse de resina ou de area. O embutido, a base de froitas; o queixo, de améndoas e unha longa listaxe de produtos chamados a aliviar a fame dos estómagos dos seres queridos.[30]

Xunto aos alimentos, o outro botín que se procuraba nos roubos cometidos en Lugo eran os cartos.[31] Que os ladróns privilexiaran as subtraccións de diñeiro sobre outras mercancías non significou que estes non estiveran orientados á subsistencia, de feito, as contías roubadas rexistradas eran, as máis das veces, inferiores ao valor das preas "en especie". Ata pasados os anos cincuenta rara vez superaron as 1.000 pesetas, un reflexo da pobreza non só dos delincuentes senón tamén das súas vítimas, mostra dunha cidade de baixo poder adquisitivo.

En canto á mecánica das subtraccións, cómpre sinalar que a celeridade era a mellor arma, pois os ladroízos facíanse en moitos casos en presenza da vítima valéndose de pequenos descoidos. Os furtos nas rúas son sobre todo dos propios petos da vítima, de carteiras ou de chaquetas sen vixilancia, de maletíns ou de vehículos abertos. Os roubos nas propiedades priorizan as oficinas de organismos vencellados ao réxime e as vivendas particulares. O uso ou non da forza, que fixa a distinción entre as tipoloxías de roubo e de furto, respondeu usualmente a unha elección circunstancial. Así se pon de manifesto en rexistros xudiciais como os de Ricardo G.L., un limpabotas de 17 anos, delincuente habitual contra a propiedade autor de delitos indiscriminados de roubo, furto e estafa desde 1944.[32]

[30] O sector alimenticio tamén respondeu coa invención dun grande número de sucedáneos máis baratos. Francisco Javier TERÁN: "Las cartillas de racionamiento, los fielatos y el estraperlo", *Historia reciente, Aljaranda: revista de estudios tarifeños,* (2012) 86, pp. 10-19, esp. p.11.Carlos VELASCO: "Sucedáneos de posguerra", *Historia 16*, 131 (1987), pp.11-20, esp.p.17. Elena ESPEITX e Juanjo CÁCERES: "La memoria de la escasez alimentaria en la Barcelona de la posguerra (1939-1953)", *STVDIVM. Revista de Humanidades*, 16 (2010), pp. 163-187, esp.p.174. Lucía PRIETO e Encarnación BARRANQUERO: *Así sobrevivimos al hambre...*, pp. 105-107. Antonio GIRÁLDEZ: *Sobrevivir en los años del hambre en Vigo*, Vigo, Instituto de Estudios Vigueses, 2002.

[31] Prea moito máis usual na cidade ca no rural, pois foi nas urbes onde se deu unha maior dispoñibilidade monetaria fronte aos víveres que, con facilidade, os ladróns atopaban nos lares rurais das súas vítimas.

[32] En 1945 aproveitou que a porta do domicilio de Antonio V.C. estaba aberta para apoderarse dunha carteira con 114 pesetas, sendo condenado a unha multa de 300 que tivo que satisfacer en forma de arresto substitutorio. O seu periplo delituoso non cesou ata 1949. AHPLu. FX. Sum. 2. Sent. 140. Ano 1945.

Gráfica 8. Evolución dos ladroízos na cidade (1945-1952).




Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. 1945-1952.

Alimentos e roupas foron os seguintes elementos subtraídos en importancia, furtos famélicos que tomados en consideración conxuntamente como "binomio de mínimos" superaron incluso ao diñeiro durante a época do racionamento. Trátase dunha preferencia que vai retroceder a medida que avance a década, ao tempo que o fixo a *fame negra*. Un reflexo da escaseza cotiá que privilexiou a obtención directa do necesario para garantir os recursos mínimos, fronte a unha moeda inválida perante a un mercado desabastecido.[33] Entre os comestibles destacaron os produtos cárnicos, especialmente a carne de porco en salgadura ou afumada (chourizos, unto, xamón) por motivos de conservación. A súa demanda estivo en relación directa co seu déficit nas dietas e carestía nos mercados.[34] Tamén aparecen na lista de produtos roubados outros dos racionados de consumo cotiá que resultaban moi caros, como o azucre e o café, aceite, ovos ou os cereais, estes últimos con maior presencia no espazo rural.[35] Mención específica merecen as patacas. Conservadas amoreadas, ben en almacéns e comercios para a súa progresiva distribución e venda; ben nos rochos ou nos fogares a modo de usual aprovisionamento para toda a tempada, facilitaban o labor dos ladróns ao atopárense en grandes cantidades que ían do saco, aos centos de quilos. O

[33] Michael RICHARDS: *Un tiempo de silencio...*, p.150. Francisco Javier TERÁN: "Las cartillas de racionamiento...", esp. p.10.

[34] A evolución dos prezos dos produtos de primeira necesidade é tratada en Cándido RUIZ: "Alimentación y estraperlo durante el Primer Franquismo en la comarca de Toro (1936-1941)", *Stvdia Zamorensia*, 10 (2011), pp.155-190.

[35] No rural, a incidencia de roubos alimenticios foi superior pois era máis sinxelo dar con grandes cantidades de víveres. As barreiras xeográficas e o propio sistema de produción agrogandeira conducían á conservación de alimentos para o seu consumo familiar ou venda, por tanto, en cantidades superiores.

inconveniente do seu roubo atópase no seu transporte, que implicaba ineludiblemente a colaboración de cómplices. O roubo atribuído a Amparo R.V. de 750 kg de patacas leva a pensar nunha actuación colectiva que non foi descuberta pola xustiza, que non foi capaz de acusar a ningunha persoa máis que á propia Amparo.[36] Os establecementos de ultramarinos contiñan todos os alimentos citados -eran provedores da ración, polo que foron lugar habitual para estes latrocinios. O mesmo sucedeu na Praza de Abastos, a estación de tren e as tabernas, espazos que serán analizados no capítulo cuarto como custodios de determinados tipos de delincuencia.[37]

Se para unha masa de poboación humilde alimentarse no franquismo resultou unha ardua empresa, non digamos vestirse. O sector téxtil padeceu un severo problema de abastos na posguerra, cunha industria que, por estar intervida polo Estado e por carecer de materias primas amosouse incapaz de producir xénero. Cándido Ruiz, na súa investigación sobre Zamora, estimou que á altura de 1941 camisas, calcetíns e zapatos duplicaran e mesmo triplicaran os prezos establecidos con anterioridade á guerra. Así, por un par de zapatos que en 1936 custaban 60 pesetas en 1941 pasouse a pagar 120.[38] A escaseza e carestía das prendas traduciuse en que o terceiro grupo de bens obxectivo dos ladroízos conformárano un amplo abano de téxtiles, clasificables nos correspondentes ao fogar e en prendas de vestir. Pode resultar impactante que os tecidos subtraídos non sempre foran novos e tamén prendas usadas se converteran en mercadoría obxecto de roubo. Con respecto aos primeiros, cabería salientar as pezas do enxoval, con gran significación para as rapazas que debían compoñer a dote: sabas, colchas, almofadas, manteis, panos, cubertos, toallas, etc. A roupa roubada en Lugo abarcou blusas, xerseis, saias, abrigos, traxes feitos ou en proceso, zapatos e até camisóns e prendas íntimas. O roubo destes bens tiña lugar nos comercios, nas hospedaxes e, especialmente, nas vivendas, ás que os ladróns podían acceder mediando a forza, valéndose de portas mal pechadas ou gañándose a confianza do seu propietario. Este tipo de infraccións foron habituais entre mulleres, consecuencia directa dunha necesidade dupla: a económica e a de lograr un bo matrimonio, pois o nivel da dote equipararíase ao nivel económico do futuro esposo. Unha realidade non exclusiva de Lugo e tamén descrita por Westermeyer entre as mulleres murcianas, que chegaron a protagonizar un 25,7% desta delincuencia téxtil, cifra por riba da media feminina para a categoría de roubo por móbil económico, o mesmo que en Zaragoza, onde roubos e furtos de téxtiles estiveron protagonizados por mulleres. Tanto en

[36] AHPLu. FX. Sum. 78 e 80. Ano 1946.
[37] Aceite, azucre, café, arroz e chocolate compuxeron o botín que levaron da tenda de Eliseo, valorado en 1.245 pesetas e, de novo, sen ser descuberto o seu autor. AHPLu. FX. Sum.386. Ano 1949.
[38] Cándido RUIZ: "Alimentación y estraperlo...", pp. 164 e 171.

Lugo como en Zaragoza e Murcia, unha análise da súa extracción socioprofesional reflicte que se trataba nunha abraiante maioría de traballadoras do servizo doméstico, cuxa ocupación facilitaba en grande medida o acceso ás prendas.[39] En ocasións estes xéneros roubados non eran máis ca teas ou refugallos de ínfimo valor que, novamente, apuntan á presenza dunha man feminina que actuaba como cómplice necesaria na súa transformación en prendas útiles para a familia. Os testemuños orais non nos confirman esta complicidade, pero si relatan como eran elas as que tiñan a habilidade de aproveitar as "sabas de fío da avoa" na confección de traxes.[40]

Outros elementos obxectivo do latrocinio en Lugo constitúeno as xoias: reloxos, aneis, colgantes, cadeas, etc. Como indican as causas xudiciais, nestes casos ao seu roubo rara vez se procedeu mediante tiróns, adoptando as máis das veces a forma de furtos domésticos, habitualmente cometidos por persoal do servizo doméstico que aproveitaron o seu pequeno tamaño e gran valor para agochalos con maior facilidade. Serviron para complementar uns ingresos considerados insuficientes ou mesmo por vinganza ante un despido ou trato vexatorio. [41] Este caso foi o de Elvira, de 23 anos, que comezara a traballar como persoal de servizo en Lugo. Nos primeiros días de traballo apropiouse dun anel de ouro, brillantes e zafiros propiedade da dona, ausencia pronto percibida que derivou na denuncia e investigación policial pertinente, ante a que Elvira devolveu o anel de forma espontánea. A procesada sinalou que atopara a alfaia días despois da súa desaparición, que a súa intención era devolvela. Foi condenada a 7 meses de prisión menor.[42]

Pero as mulleres non se limitaron a furtar das casas nas que traballaban, tamén o fixeron en establecementos de comercio. Foi o caso da perfumería e bixutería que rexentaba Florentina R.G., que sufriu un roubo perpetrado o 29 de decembro de 1945, a plena luz do día e para o que forzaron o acceso. O botín, uns xabóns infantís e tres vestidiños valorados en 170 pesetas aluden á urxencia coa que se cometeu o delito pero, igualmente, permiten inferir que a subtracción non tiña como móbil o enriquecemento senón unha clara pretensión da ladroa de lavar e vestir a un meniño.[43]

[39] Juan Francisco GÓMEZ WESTERMEYER: *Historia de la delincuencia...*, p.225. Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria...*, p.116.
[40] En 1948 a Gumersindo G.D. furtáronlle un fardo de teas, o excedente da venda por feiras da comarca, e que deixou depositado nun almacén da cidade. O seu valor non chegaba ás 50 pesetas. AHPLu. FX. Sum.71. Ano 1948. Cándido RUIZ: "Alimentación y estraperlo...", p.171.
[41] Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria...,* p.74. Ana María RUBIO: "Delincuencia en Marbella...", p.116.
[42] AHPLu. FX. Sum.172. Sent. 224. Ano 1946.
[43] A autoría, descoñecida, levou á conclusión do sumario. AHPLu. FX. Sum. 191. Ano 1945.

Xa fóra do rexistro de roubos con presenza especificamente feminina cabe incidir en que, sendo Lugo unha cidade cunha significativa pegada rural, moitas vivendas asemelláronse máis ás casas tradicionais de aldea que aos pisos urbanos. Por iso, non foi estraño que a zona residencial tivese contigua ou próxima algunha construción adxacente de uso agrícola como un curral, coenlleira, cortello ou similar, con gando estabulado. Este converteuse noutro dos botíns habituais dos roubos da cidade nos tempos da fame. Entre os máis populares estiveron os pequenos animais, especialmente galiñas e, en menor medida, coellos, pois o seu reducido tamaño permitía un máis sinxelo transporte e ocultación. A deficiencia dos lugares de custodia, cortes unicamente pechadas por un cadeado, pasador ou simples cercados e a súa localización no exterior das vivendas facilitou moito a tarefa dos ladróns. Para este tipo de subtraccións valéronse as máis das veces da nocturnidade ou da ausencia dos propietarios, non obstante, non sempre se producían con éxito, de aí que consten no rexistro xudicial. Foi o que lle debeu suceder a un ladrón de tres galiñas en Lugo, que accedeu con nocturnidade a un curral rompendo un cadeado. As pitas foron recuperadas a tan só 200 metros do seu poleiro. O alto valor e a posibilidade de empregalos como forza de traballo nalgún dos casos (equinos e bóvidos) impulsaron tamén o roubo de gando maior. Moitos delitos deste tipo quedaron sen poder ser probadas as súas autorías por exemplo, no caso do roubo perpetrado en 1946 a unha veciña, Sinforosa, que nunca recuperou o valor do porco que criaba no baixo da casa na que residía, que o tribunal valorou en 1.200 pesetas. Noutros casos, cando os ladróns eran descubertos, debíase á denuncia de terceiras persoas, que os acusaban no momento da venda En Lugo moitos ladróns foron descubertos ao reincidir, pois cando o facían sen deixar pasar un espazo de tempo prudencial convertíanse na primeira opción da investigación policial.[44]

Os cultivos foron tamén cobizados e, de novo, a súa presenza na cidade das murallas evidenciou o seu carácter de agrocidade.[45] A diferenza do que aconteceu noutros puntos da península, onde eran furtados *in situ*, facendo uso de determinadas estratexias como a nocturnidade e a actuación en cuadrilla, no PX de Lugo roubábanse cando xa estaban recollidos e amoreados en propiedades privadas (muíños, alpendres ou casetas), unha opción que lles permitía levar os sacos cheos con presteza, reducindo o tempo de comisión do delito.[46] O trigo, o centeo, o millo e a cebada eran os cereais máis furtados e, xunto coas castañas, encabezaron a listaxe de produtos roubados. En ocasións, as cantidades eran tan

[44] AHPLu. FX. Sum. 54. Ano 1948; Sum. 264. Ano 1946; Sum. 118. Sent. 263. Ano 1957.
[45] Antonio ORTEGA: "Habitar y representar la agrociudad: caracterización y semiótica de un espacio conflictivo", *Rúbrica contemporánea*, vol. 10, núm. 19 (2021), pp. 29-53. p.31 e ss.
[46] Cándido RUIZ: "Alimentación y estraperlo...", p. 167.

elevadas que aluden a unha ulterior venda no mercado negro e a cómplices necesarios, se ben nunca se pode desbotar de todo a esaxeración das contías subtraídas polos propietarios afectados, como parece o caso do roubo de 200 kg de cebada, entre outros efectos, denunciado por Francisco D.B. en 1948.[47]

Igualmente motivados pola pobreza, pero con menor peso nos nosos rexistros, estiveron roubos e furtos doutros produtos esenciais na época. Combustibles fósiles como o carbón, que experimentou un alza considerable dos seus prezos, eran empregados para quentarse e/ou estraperlar. A coñecida popularmente por "chatarra" foi outra modalidade de prea, consistente en metais valiosos e fáciles de achar especialmente o chumbo ou o cobre. As tubaxes de obras, de vivendas abandonadas ou en construción, mesmo do cemiterio municipal eran arrincadas para a súa revenda no mercado negro, en accións definidas pola xustiza como de bandidaxe urbana.[48] Incluso as bicicletas, de metal, das que falaremos polo miúdo nun apartado específico pola súa grande significación, desaparecían dos lugares nos que os seus donos as deixaban en cuestión de minutos, sendo rara vez recuperadas. É importante ter presente que se non na súa totalidade, parte dos botíns houberon de responder a achados fortuítos e derivados de decisións tomadas *in situ*. Consecuentemente, o máis habitual foi que cartos, téxtiles, alimentos e outros efectos apareceran combinados entre si nos botíns. O destino dos mesmos, autoconsumo ou estraperlo, sería elixido *a posteriori*. Así, por exemplo, o roubo perpetrado na vivenda de María R.M. abarcou desde queixos, ovos ata sabas, colchas e un bolso co seu contido. A María G.T. leváronlle chourizos, lacóns mais tamén carretes de fío, sabas, colchas e un caldeiro de cinc. Máis variado aínda foi o botín que levaron dous rapaces a piques de cumprir a maioría de idade, Gonzalo F.L. e Manuel María F.C.do Cuartel do *Frente de Juventudes* da cidade, consistente nunha funda de balón, tres pares de calcetíns, unha camiseta, unha máquina de fotos, un coitelo, e unha cesta con doces.[49]

Se tomamos en consideración os bens obxecto do latrocinio, as datas nas que se cometeron os furtos famélicos e a súa incidencia en comparación con anos anteriores

[47] O botín consistiu en 200 kg de cebada, 55 litros de gasolina, 3 latas, 1 cepillo de madeira, 3 trenchas para coches, o que valorou en 3.000 pesetas. AHPLu. FX. Sum. 29. Ano 1948.

[48] Nin o Balneario eludiu este tipo de roubos. En 1947, tres mozos levaron sete metros de tubería de plomo, valorada en 500 pesetas. No caso de Luis G.J., quen tiña dous pisos e uns baixos en condicións de habitabilidade na cidade sufriu roubos continuados que o deixaron sen diferentes pezas de cocina e baño, algunhas de cobre. AHPLu. FX. Sum. 88. Sent. 32. Ano 1947; Sum. 153. Ano 1948.

[49] AHPLu. FX. Sum. 262. Ano 1946; Sum. 28. Ano 1948. Sobre a Fronte de Xuventudes vd.: Óscar J. RODRÍGUEZ: "Juventud y franquismo. Los inicios del Frente de Juventudes en Almería", en Manuel GUTIÉRREZ e José RIVERA (coords.): *Sociedad y política almeriense durante el régimen de Franco. Actas de las Jornadas celebradas en la UNED*, pp. 181-191, 2003. Gloria, ROMÁN RUIZ: *Franquismo de carne y hueso...*, pp.131-173.

deducimos que, lonxe de reducirse ao fin da década dos corenta, roubos e furtos alcanzaron o seu punto álxido co cambio de decenio. Nos anos cincuenta os motivos que empurraban a delinquir seguían a ser os mesmos que os referenciados pola historiografía para a inmediata posguerra, a fame e a carestía. Os exemplos que expoñemos a continuación resultan especialmente ilustrativos. O primeiro, o ladroízo sen prea no Hotel Imperio a comezos de 1952, onde os ladróns entraron só para encher os estómagos. O segundo, o caso dun neno de 10 anos que en 1950 roubou 450 pesetas dun ultramarinos entregándollos á súa nai para poder comprar comida.[50]

Os anos que van dende a inmediata posguerra ao cambio de decenio pasaron á historia como "os anos da fame", unha realidade que a narrativa oficial fundamentou no "terror rojo", nos inimigos externos, nos danos inflixidos pola contenda bélica e nas condicións meteorolóxicas adversas de posguerra. No discurso oficial e a ollos de moitos, a II República continuou a ser, unha década despois, a causante de tódolos males.[51].

### 3.2.1. "Que levas en esa saia que tanto valor lle das?". O estraperlo

Non podemos falar da fame de posguerra sen deternos no estraperlo, un fenómeno que pasou desapercibido tanto na documentación xudicial, ao eludirse as referencias oficiais a este, como do Código Penal, ao non aparecer rexistrado especificamente. As mencións directas ao mercado negro corresponderon a declaracións de persoas alleas á xudicatura, ben en interrogatorios ou ben en testemuños pola comisión de delitos que non tiñan nada que ver nin coa delincuencia contra a propiedade, nin co tráfico de alimentos. En 1945, nun sumario incoado por un aborto con falecemento, revelouse que a vítima, Rosario, de 34 anos, "dedicábase ao estraperlo".[52] O motivo de tal censura nos códigos e no discurso xudicial aducímolo do prexudicial que resultaba para a imaxe do réxime recentemente imposto admitir as consecuencias que tivera un sistema económico ineficaz.

O estraperlo mantivo unha estreita relación coa delincuencia contra a propiedade, por ser o destino final dunha parte importante dos botíns. Como ten definido a historiografía sobre o mercado negro, este manifestouse a dous niveis ben diferenciados, o estraperlo dos ricos e o estraperlo dos pobres.[53] O dos ricos, ou "gran estraperlo", implicaba substanciais

[50] Leonor M., a súa nai, con antecedentes por estraperlar con xamóns e polo roubo dunha chaqueta, ante unha multa que non podía asumir desapareceu co seu fillo, sendo declarada "en rebeldía". AHPLu. FX. Sum. 5. Ano 1950; Sum. 316. Ano 1950; 317. Ano 1950.
[51] Claudio HERNÁNDEZ: "El discurso de la miseria...", p. 166.
[52] AHPLu. FX. Sum. 200. Ano 1945.
[53] Gloria ROMÁN: "El negocio del hambre...", ÍD: *Delinquir o morir...*, pp.73-77.

ganancias adquiridas mediante redes de tráfico de alimentos (roubos, subornos, falsificacións) para a revenda no mercado negro e, segundo Miguel Ángel del Arco, caracterizouse por condenas inexistentes, laxas ou efémeras pois "os condenados por delitos de gran estraperlo recorrían a autoridades militares, ao poder xudicial ou incluso aos responsables das prisións para non cumprir as penas".[54] Desta tipoloxía temos exemplos en Lugo, caso do protagonizado por Fernando G.V., un funcionario da Comisaría Xeral de Abastecementos e Transportes de Lugo que subtraeu unha guía en branco co selo, a cal, mediante sinaturas fraudulentas, servía para amparar o transporte de calquera mercadoría suxeita á intervención, proceso a cambio do que recibía as pertinentes retribucións. Ao ser descuberto foi condenado a 6 meses de cárcere e unha multa de 1.000 pesetas, unha condena bastante modesta comparable a obtida por roubos moito menores, o que delata o bo trato recibido polo infractor.[55]

Pola contra, o "pequeno estraperlo" protagonizárono persoas sen recursos, en pequenas contías, con nimios beneficios e orientado a sobrevivir. Sería o caso, por exemplo, dos tres sacos de carbón roubados dun tren da RENFE por Gaspar C.R., valorados en 36 pesetas; ou os arames, brocas e outros efectos taxados en 479 pesetas que Francisco A.L., porteiro da Escola Elemental do Traballo, furtou para a súa revenda por pola modesta cantidade de 113 pesetas, "coa finalidade de facer fronte a unhas necesidades económicas urxentes".[56]

A diferenza dos anteriores, recibiron penas exemplarizantes e ineludibles. A máis severa foi a interposta por un delito continuado de roubo na estación ferroviaria da capital cometido por Desiderio, Ramiro e Rodrigo, de 23, 18 e 21 anos, limpabotas os dous primeiros e camareiro o último, de mala conducta os dous primeiros e de boa o último, todos insolventes segundo as fontes xudiciais. Os procesados aproveitaban os descoidos da seguridade da RENFE para apoderarse de contido dos vagóns como sacas de fariña e caixas de licor, cuxo valor era inferior ás 2.000 pesetas e introducilos posteriormente no mercado negro. Desiderio foi condenado a un total de 3 anos de prisión, Ramiro a 9 meses de arresto, con atenuante de minoría de idade e Rodrigo, no papel de encubridor, a 1.000 pesetas de multa e indemnización de 196 pesetas, cantidade non recuperada do roubado.[57]

[54] Miguel Ángel DEL ARCO: "La corrupción en el franquismo...", p.636.
[55] AHPLu. FX. Sum. 12. Sent. 183. Ano 1946.
[56] O primeiro deles, declarado falta descoñecendo a resolución xudicial. O segundo, a 2 meses de arresto e a indemnizar ao estado e aos compradores no valor das contías furtadas. AHPLu. FX. Apelación de faltas. Nº 18. Ano 1948; Sum. 222. Sent. 201. Ano 1946
[57] AHPLu. FX. Sum. 68. Sen. 114. Ano 1946.

Os futuros compradores eran igualmente culpables do delito a ollos da lei, a menos que probaran que accederan á compra descoñecendo a procedencia ilícita dos produtos. Andrés, empregado da casa "Montaña", empresa de xamóns de Lugo, roubou 20 xamóns taxados en 2.800 pesetas (22 pesetas o kg) vendidos á fábrica "Los Catalanes" e a un particular, José, ao que Andrés describiu de "traficante de xamóns". Pese a todo, José eludiu o procesamento, pero non así Andrés, quen foi condenado a 5 meses de arresto, co agravante de abuso de confianza e a indemnizar á Casa Montaña con 2.080 pesetas.[58]

O estraperlo era para unha parte da poboación luguesa a única saída á fame, polo que é comprensible a desesperación e a impotencia sentida cando os víveres dos que dependía gañar o sustento eran incautados, e que as veces derivaron en episodios de tensión nos que abrollaban fórmulas de resistencia cotiá como os improperios e os insultos á autoridade.[59] Avelina R.B., de quen non se indica a idade na causa que se lle abre en 1948, foi descuberta *in fragranti* nas proximidades da Praza de Abastos da cidade polos axentes da Fiscalía Provincial de Taxas, cando transportaba clandestinamente 15 pezas de pan de centeo. Interrogada, manifestou que eran propiedade doutra muller que ía con ela. A tensión aumentou no momento no que foi requirida para acudir a comisaría, ao que se negou replicando que "todos os da fiscalía eran uns ladróns, que se apropiaban do que collían para despois vendelo e repartir o seu produto", seguido dunha serie de insultos e ameazas.[60] Segundo un Garda Civil, testemuña accidental dos feitos, co fin de evitar un escándalo público maior deixárona marchar, pero seguírona ao seu domicilio, actitude que a muller entendeu ameazante polo que botou a correr. A declaración da muller fundamentouse en que non cometera infracción algunha e que por iso se negara a entregar o pan, momento no que os axentes a asoballaron con empurróns para conducila ás oficinas da Fiscalía Provincial de Taxas e que un deles ameazáraa con "pegarlle unha hostia" o que causou indignación entre os alí presentes, que ratificaron a súa versión dos feitos nunha mostra de solidariedade comunitaria. O sumario foi finalmente sobresido.[61]

[58] AHPLu. FX. Sum. 157. Sent. 98. Ano 1945.
[59] James C. SCOTT: *Weapons of the weak...,* pp. 13-39. Ana CABANA: *Entre a resistencia e a adaptación: a sociedade rural galega no franquismo (1936-1960),* Tese doutoral, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2006.
[60] Unha situación referenciada na Granada de posguerra en: Gloria ROMÁN: "El estraperlo de los pobres en la Granada de posguerra: estrategia de resistencia y objeto de represión", en Gutmaro GÓMEZ, Rubén PALLOL e Santiago DE MIGUEL (coords.): *Actas Congreso posguerras: 75 aniversario del fin de la Guerra Civil española,* Granada, Universidad de Granada, 2015, esp.p.11.
[61] AHPLu. FX. Sum.133. Ano 1948.

3.3. Fin do racionamento, fin da miseria?

Os anos cincuenta, década tradicionalmente conceptuada de "bisagra" entre a posguerra e o "desenvolvemento", constitúe un período de continuidades, pero tamén de cambios o que fixo difícil a súa análise, que se acometeu con moito maior interese pola historiografía sobre o franquismo nos últimos anos.[62] Para Francisco Jiménez "a España dos cincuenta foi a España da mutación económica". Segundo el, o fin do racionamento en 1952, e con el das cartillas, remataron coas restricións alimenticias, estas coas mortes por inanición e, á súa vez, con moitas enfermidades infecciosas derivadas da desnutrición. No plano internacional, os pactos cos EE.UU e ca Santa Sede (1951), xunto coa entrada do país na ONU (1955), foron crave do aperturismo da década seguinte, ao permitir a inserción de España nos mecanismos da economía global. Todo o mencionado coroado polo Plan de Estabilización e Liberalización de 1959. Da man de todas estas mudanzas produciuse un crecemento económico que conlevou o nacemento dunha cultura de consumo de masas e, con ela, de novas formas de consumo e de vida que proporcionaron unha sensación de benestar, aínda que relativa.[63]

Mediado o decenio dos cincuenta os efectos das medidas introducidas comezaron a esgotarse, por insuficientes, e o problema da inflación, que non chegou aos niveis de posguerra provocou que entre 1953 e 1957 "o índice oficial de prezos se incrementara nun 50%". A orixe deste brote inflacionista, que alcanzou o seu punto álxido entre 1956 e 1958 e rematou coas melloras acadadas nos primeiros anos da década, tivo a súa orixe, segundo os estudos de Carlos Barciela e outros, "na actitude irresponsable das autoridades económicas que, guiadas por un exceso de optimismo, proporcionaron medios financeiros internos ao sistema en contía moi superior ao aumento da capacidade produtiva". Por tanto, consecuencia dun incremento do gasto gobernamental que non se financiou co aumento dos ingresos. O sinalado, unido ao referenciado por Francisco Jiménez "esgotamento da axuda exterior", entre outros factores, provocaron unha suba espectacular do nivel de vida e o empobrecemento dos sectores máis humildes de poboación. Un cambio de tendencia que tivo

[62] A versión inicial desta sección pode verse en: Tamara LÓPEZ: "Analizar la necesidad. La vida cotidiana en la ciudad de Lugo en los años 50", en *XI Encuentro Internacional de Investigaciones del Franquismo,* León, 2022.
[63] FAO (1950) UNESCO (1952), OCDE (1955) OIT (1956), OECE (1958). Francisco JIMÉNEZ: "A Spanish way of life...", p.9 e ss. Ao anterior houbo que engadir o xurdimento do movemento estudantil, con novas correntes de pensamento non necesariamente de consenso que terminarían por contaxiarse a outros sectores sociais e o inicio dunhas migracións internas, que se transformarían en transoceánicas como saída a situacións económicas precarias Miguel Ángel DEL ARCO e Claudio HERNÁNDEZ: "Los años cuarenta, algo más que una década bisagra", en Miguel Ángel DEL ARCO e Claudio HERNÁNDEZ (eds): *Esta es la España de Franco…,* pp. 93-116, esp.pp.96-97.

a conseguinte repercusión na cidade das murallas, e cuxas características e impacto nas vidas dos seus habitantes analizaremos a continuación.[64]

Para unha correcta percepción da realidade económica deste período *in media res*, dende o punto de vista da delincuencia, cómpre deterse nos botíns e nos porqué de tales accións ilegais, os que permitirannos, mediante a comparativa co sistematizado no anterior decenio, determinar ata que punto a cidade de Lugo experimentou unha evolución desde a miseria de posguerra, e dilucidar se os anos cincuenta foron, ou non, anos de inicio dese progreso económico que a nivel xeral se vivirá nos anos sesenta. Investigacións coetáneas, entre elas, a de Lázaro Miralles en Granada, apuntan a que nos primeiros anos da década "bisagra" os veciños do barrio do Albaicín continuaban recorrendo aos delitos contra a propiedade tal e como o viñeran facendo na posguerra, non sendo ata os sesenta cando estes descenderon e alcanzaron niveis similares aos doutras sociedades europeas. Non obstante, cunha nova caracterización, eran menos graves e non eran alimenticios.[65] A situación de Lugo coincide só parcialmente coa andaluza descrita, como veremos, pois nos nosos rexistros a tendencia é de claro descenso da delincuencia desta tipoloxía en relación ao anterior período. Así e todo, non podemos aducir desta unha mellora xeral na calidade de vida dos cidadáns.

Se durante os anos do racionamento o roubo de diñeiro, alimentos e produtos téxtiles camiñaron, en maior ou menor medida, á par na delincuencia patrimonial, a partir de entón os cartos pasaron a encabezar a listaxe de xeito indiscutible, xa dende o 1951. Co cambio de década, a supresión dos mecanismos da economía autárquica aumentou o valor do diñeiro, agora si, moeda de cambio de toda clase de bens de consumo, o que explica o incremento dos roubos monetarios en detrimento das subtraccións de víveres ou roupas, unha tendencia que, de feito, continuou *in crescendo* durante os anos sesenta. Ademais, os discursos de austeridade do período precedente abandonáranse en favor da nova cultura consumista, que incitaba ao gasto e á posesión de cartos e, en palabras de Uxía Otero: "invadiuno todo e apelou tamén a quen tiña menos que gastar".[66]

Estamos ante contías que non se corresponden exclusivamente con "furtos famélicos" pois as máximas, que antes estaban en 1.000 pesetas, transfórmanse agora nas mínimas, chegándose a alcanzar e mesmo a superar as 20.000 pesetas. Botíns cuantiosos dos que

[64] Carlos BARCIELA, Mª Inmaculada LÓPEZ, Joaquín MELGAREJO, José A. MIRANDA: *La España de Franco (1939-1975). Economía*, Madrid, Síntesis, 2001, p.167 e ss. Claudio HERNÁNDEZ: "El páramo de Franco. La consolidación del régimen vista por la diplomacia exterior (1950-1960)", en Miguel Ángel DEL ARCO e Claudio HERNÁNDEZ (eds): *Esta es la España de Franco...*, pp. 49-72, esp.p.50.
[65] Lázaro MIRALLES: "Supervivencia y comunidad bajo el hambre...", pp.239 e ss.
[66] Uxía OTERO: *Domesticando cuerpos femeninos en el franquismo (1939-1975)...*, p. 327.

podemos extraer dúas conclusións chaves para caracterizar este período. A primeira, que nos cincuenta xorde en Lugo un novo perfil de ladrón que actúa movido polo ánimo de lucro, por moito que se manteña o discurso da miseria. Tal foi o que activou diante do tribunal unha muller que entra na casa de Jesusa F.G para levar cartos e xoias por valor de 39.300 pesetas. O recurso aos discursos dos anos da fame non distrae da diferenza dunha práctica delituosa que dista xa moito daqueles furtos de mínimos consistentes en bens de primeira necesidade ou cantidades moi pequenas de cartos. E a segunda, é que a solvencia económica dos lugueses, aínda que fora sutilmente e limitada a algunhas clases sociais, aumentara. Así nolo fan sentir as contías subtraídas dos petos, carteiras e vivendas, as que experimentaron un incremento, abarcando das 500 pesetas ás 18.000, cifras dispares pero que en todo caso non se deixan rastrexar na delincuencia económica do período precedente.[67]

A pesar do dito, as novas tendencias nos roubos coexistiron coa permanencia daqueles cuxa factura volve a indicar carestía. O peso dos delitos monetarios sobre o total debe verse, xa que logo, tanto nuns roubos que procuran o enriquecemento, mais tamén como unha acción que busca lograr un complemento indispensable de economías precarias. Unha conclusión que vén secundar teses como a defendida por Miguel Ángel Del Arco segundo a que:

> "A política económica do réxime nos anos cincuenta, supoñendo un relativo viraxe respecto aos postulados autárquicos do decenio precedente, non solucionou os problemas sociais máis perentorios do país, alargando aínda máis o sufrimento das clases máis modestas; (...) aínda que nos cincuenta a situación económica non chegou a ser tan extrema como na anterior, as clases máis baixas identificadas con asalariados seguiron sendo sometidas a unhas condicións de vida identificadas coa pobreza, tal e coma as propias autoridades do réxime recoñeceron."[68]

Un exemplo desas dificultades económicas experimentadas polos máis humildes constitúeno casos como os que aparecen nos seguintes sumarios xudiciais. En 1954, Eliseo P.L., un labrador de 39 anos furtou prendas do tendal de José G.G. taxadas en 166 pesetas. Na súa declaración rexorden os discursos da necesidade e a desesperación como móbiles do

[67] AHPLu. FX. Sum.167. Ano 1956; Sum. e Sent. Anos 1952-1959.As contías subtraídas en estafas foron moi superiores, chegando ás 545.000 pesetas. Sum. 80. Ano 1958.
[68] Miguel Ángel DEL ARCO: "¿Se acabó la miseria...?", en Miguel Ángel DEL ARCO e Claudio HERNÁNDEZ (eds): *Esta es la España de Franco...*, pp.52-53.

furto que, aludiu, cometeu tras sérenlle negadas 100 pesetas en préstamo por parte de José.[69] O ano seguinte, Carmen, unha rapaza de 24 anos que recibía leite de caridade por parte dunha muller chamada Teresa para poder alimentar á súa avoa, aproveitou un descoido desta para facerse cunha chave da súa vivenda, á que accedeu para roubarlle un lote de prendas, téxtiles do fogar e alimentos por valor de 330 pesetas.[70] O roubo, con agravante de abuso de confianza, supúxolle 5 meses de arresto, malia que ela negou sempre os feitos. Os anos cincuenta foron semellantes aos corenta para Delfina, que acudía asiduamente á fonda La Quiroguesa solicitando lle deran os pousos do café co obxectivo de reempregalos para o seu consumo, aínda en 1958.[71]

Gráfica 9. Evolución dos ladroízos na cidade (1953-1959).




Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. 1953-1959.

Con respecto ás apropiacións de víveres, sinalar que estas experimentaron un descenso xa desde o inicio da década, en parte, absorbidas polas incipientes subtraccións monetarias, mais tamén xurdían dunha nova realidade que permitiu aos grupos sociais de clase media e media-baixa evitar o recurso á delincuencia para sobrevivir. Porén, continuaron existindo sectores de poboación, os grupos máis humildes, que continuaron a ver en roubos e

[69] Con antecedentes por un furto cometido en 1948, foi condenado a catro meses de cadea. AHPLu. FX. Sum. 44. Sent. 140. Ano 1954.

[70] Dúas sabas, dúas almofadas, unha caixa de doce de ameixa, dous camisóns, unha toalla, unha braga e unha chaqueta.

[71] AHPLu. FX. Sum. 73. Sent. 298. Ano 1955; Sum. 273. Ano 1958. Unha práctica habitual durante a posguerra, tal coma afirman as testemuñas orais en: Elena ESPEITX e Juanjo CÁCERES: "La memoria de la escasez alimentaria...", esp.p.174.

furtos alimenticios a única vía pola que asegurar alimento no seu día a día. Desta continuidade danos idea que os ladróns da década dos cincuenta contan con antecedentes en moita maior contía que os encausados na década anterior. O fin das cartillas de racionamento non mudou as preferencias dos ladróns de alimentos: a carne, especialmente de porco (xamón, chourizo, touciño, lacón, unto...), continuou a ser o obxectivo predilecto moi por riba do café, das conservas, dos cereais, das patacas ou do queixo, alimentos básicos na dieta dos lugueses e dos españois.[72]

Os téxtiles tamén perderon interese como obxecto de pillaxe, non obstante, superaron á comida en diversas ocasións, o que reflicte o difícil acceso a estes bens.[73] Lonxe de modas, gustos ou coqueterías, o elevado prezo destes artigos de primeira necesidade no vestir implicaba ter un único conxunto para os días laborables e outro para o domingo. A reciclaxe pola que pasaban as prendas era notoria e, agás as do primoxénito, rara vez se estreaban pasando de xeración en xeración ata que remendados os remendos, quedaban totalmente inservibles. As novas adquisicións fiábanse para costealas pouco a pouco, tan paseniñamente que cando as últimas prendas adquiridas xa non servían estas aínda non estaban pagas.[74]

As subtraccións de animais foron puntuais no Lugo dos anos 50, seguramente é un feito atribuíble á mellora xeral, pero, probablemente, tamén ten que ver coa súa menor presenza na cidade, proba de que progresivamente Lugo adoptaba fórmulas propias dunha pequena urbe en prol das dunha aldea grande.[75] Cambios, vagarosos, que non evitaron que entre 1953 e 1959 se continuaran a incoar algúns sumarios por cuestións relacionadas co roubo de gando e que este respondera á mesma tipoloxía que na década anterior, a diferenza dos porcos e dos bóvidos (gando menor e équidos: coellos, galiñas, cabalos e burros) aqueles que xa non compartían espazo con edificios institucionais, coches e asfalto.

A década dos cincuenta finalizou cunha fortísima crise propiciada polo Plan de Estabilización de 1959, que lonxe de mellorar as condicións laborais e de vida dos españois provocou o descenso dos salarios, despidos e perda xeral do poder adquisitivo. As súas consecuencias deixáronse sentir, novamente, no transcorrer das vidas cotiás dos españois, que

[72] Sobre a dieta dos galegos en época contemporánea vd. Xavier CASTRO: *Yantares gallegos: Historia de la dieta atlántica*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2010. As dificultades para acceder a determinados alimentos desde os anos sesenta son tratadas por: Fuensanta ESCUDERO: *Dictadura y oposición al franquismo en Murcia: de las cárceles de posguerra a las primeras elecciones*, Murcia, Editora Regional Universidad de Murcia, 2007, p.242.

[73] A vestimenta feminina no franquismo como ferramenta dos discursos normativos analízase na tese de doutoramento: Uxía OTERO: *Domesticando cuerpos femeninos en el franquismo (1939-1975)...*, pp.137-243.

[74] Fuensanta ESCUDERO: *Dictadura y oposición al franquismo...*, pp. 246 e 248. Lucía PRIETO e Encarnación BARRANQUERO: *Así sobrevivimos al hambre...*, pp. 190-199.

[75] O concepto de agrocidade é analizado por: Antonio ORTEGA: "Habitar y representar la agrociudad...", pp. 29-53.

rememoraron situacións de estreiteza económica. Para a maioría, a cesta da compra, malia permitir non pasar fame, non puido facerse sen moitos números. En Lugo, e como veremos polo miúdo nun apartado posterior, o anterior queda novamente materializado nos índices de delincuencia, que tras oito anos de tendencia á baixa volve incrementarse paseniñamente ata o fin dos nosos rexistros. Porén, a comida, os animais e os téxtiles, por esa orde, deixan de interesar como prea para pasar a privilexiar os cartos como obxectivo, os que van absorber o groso das subtraccións.[76]

### 3.3.1. O estraperlo de pasaportes. O negocio da emigración i(regular)

O tímido aperturismo do país na "década bisagra", permitiu despregar novas estratexias polas que mitigar as consecuencias desa crise inflacionaria, fórmulas que os lugueses e luguesas houberon de tomar nunha clara mostra de que a cidade e as súas dinámicas evolucionaran dunha gran aldea pechada en si mesma, a unha pequena cidade que miraba cara o exterior.[77] Ao tradicional éxodo rural á capital da provincia houbo de engadirse unha nova cultura da migración protagonizada por mozos, en dúas vías: unha interior, con Cataluña por destino, no que Enrique Tudela definiu coma "desertar do rural", e outra exterior transoceánica, cara América do Sur e da que Galicia foi protagonista.[78] E, a pesar de que o réxime permitiu de novo a emigración coa creación do Instituto Español de Emigración en 1956, entre outras leis que a regularon, o proceso para saír do país pola vía legal implicou unha serie de trabas que fixeron desta unha opción refugada por moitos. Entre elas, a sinalada por Ana Fernández Asperilla, quen advirte que a propaganda do réxime difundiu a idea de que a emigración estaba protexida polo franquismo, afirmación que distaba moito da realidade.[79] Ao anterior sumáronse os compromisos que coartaban a liberdade de acción de emigrantes e dos propios empresarios que os contrataban, un vagaroso proceso burocrático

[76] Fuensanta ESCUDERO: *Dictadura y oposición al franquismo...*,p.246.

[77] José Luis GARCÍA: "Estancamiento industrial e intervencionismo económico durante el primer franquismo", en Josep FONTANA (ed.): *España bajo el franquismo*, Barcelona, Crítica, pp. 170-191, 1986. ÍD: "La economía", en José Luis García Delgado (coord.): *Franquismo. El juicio de la historia*, Madrid, Temas de Hoy, 2000, pp. 115- 170.

[78] Nos anos sesenta, a migración cara Europa cobrou especial relevancia desbancando á previa que se dirixía a territorios de ultramar. Juan B. VILAR: "Las emigraciones españolas a Europa en el siglo XX: algunas cuestiones a debatir", *Migraciones & Exilios: Cuadernos de la Asociación para el estudio de los exilios y migraciones ibéricos contemporáneos*, 1 (2000), pp. 131-159, esp.p.139-141. Salvador PALAZÓN: "La emigración española a América latina durante el primer franquismo (1939-1959). Interrupción y reanudación de una corriente tradicional", *Anales de la Universidad de Alicante: Historia contemporánea*, 8-9 (1991-1992), pp.215-232, esp.p.222.

[79] Ana FERNÁNDEZ: "La mitad de los españoles que emigraron durante el franquismo lo hicieron de forma irregular", El Diario.es, 22 de febrero de 2019. Recuperado de internet (https://www.eldiario.es/sociedad/inmigracion-franquismo-historia-xenofobia_128_1732181.html), consultado o 11 de maio de 2022.

e/ou a imposibilidade de facelo por non reunir os requisitos establecidos. Trabas, as mencionadas, que amosaron a emigración ilegal como alternativa máis rápida e sinxela e que, en Lugo, fixeron aflorar unha rede de delincuencia asociada á emigración irregular.

Falsidades, estafas, infraccións da Lei de emigración, usos de nome suposto, subornos e prevaricacións foron algúns dos delitos rexistrados protagonizados tanto por persoas que, desexosas de emigrar, facíano ilegalmente como por aqueles que, con vistas a un enriquecemento persoal, participaban no proceso. Entre os emigrantes atopamos maioritariamente varóns na avanzada trintena, idade que remite á imaxe dun cabeza de familia que sae do país na procura de ingresos, hipótese dun home que opta pola emigración para converterse nese "ganapán" que non consegue ser, feito corroborado en terras luguesas a través dos datos de insolvencia económica que se ratifican na totalidade dos procesados.

O grupo dos que procuraban lucrarse da necesidade amósase máis heteroxéneo, cabe citar a estraperlistas que, en decadencia tralo fin do racionamento, viron un nicho de mercado na proporción dos documentos requiridos para emigrar clandestinamente e tamén estafadores e falsificadores cuxo labor limitouse a simular ter a capacidade de proporcionalos. E, por último, o daqueles profesionais que, tendo acceso legal aos mesmos, subministrábanos a cambio dunha retribución.

A presenza feminina, limitada, estaba orientada fundamentalmente á reagrupación familiar ou á fuxida do país. Un dos factores decisivos das baixas taxas de emigración feminina, obviando os condicionantes sociais, estivo na incapacidade de facelo sen autorización do esposo, debendo optar pola vía ilegal para saír do país. Porén, e de novo, iso non freou ás mulleres luguesas. Anuncia D. G., con 51 anos e co seu marido emigrado na Arxentina, falsificou a documentación para emigrar a Brasil por non contar coa autorización pertinente, facéndose pasar por unha amiga solteira. O feito de elixir un destino diferente ao do seu esposo expón as dificultades dun matrimonio separado *de facto*, e a necesidade feminina de procurar sustento familiar. Anuncia foi detida no porto de Vigo cando tentaba embarcar, e foi condenada a 3 meses de arresto máis 1.000 pesetas por falsidade e uso de nome suposto. A súa insolvencia levouna a costear a multa con días de cárcere.[80]

A inexistencia de antecedentes era indispensable para abandonar o país de forma legal e, tras unha época de cativeza como a dos anos da fame, moitos quedaran "fichados" pola policía por pequenos furtos e roubos, como acabamos de sinalar, polo que cambiar de

[80] AHPLu. FX. Sum. 115. Sent. 84. Ano 1953. Tamara LÓPEZ: "Estraperlar coa liberdade. O negocio dos pasaportes en Lugo durante o franquismo", en Felipe Arias Vilas e Max-Jean Zins (coords.): *Andar, camiñar, marchar. Actas do XV Curso de Primavera*, Lugo, 2021, pp. 157-164, esp,pp. 160-162.

identidade converteuse nun *modus operandi* usual. Julio V.A., tiña 25 anos na altura de 1960 e fora condenado cando era un rapaz por delitos de furtos, roubos e danos, polo que nunca podería ter optado a unha emigración legal pero ao atopar unha cartilla militar viu a posibilidade de solicitar o documento de identidade a nome do seu propietario, obter o pasaporte e marchar ao estranxeiro. Descuberto, foi condenado con severidade a 5 anos de cadea e a 10.000 pesetas de multa por cada un dos catro delitos de falsidade que se lle atribuíron.[81]

O caso de maior magnitude dos que chegaron aos tribunais lugueses tivo lugar en 1958 e implicou ao Corpo Xeral de Policía, concretamente, a un axente de segunda, un Brigada de Investigación Criminal e nos Servizos de Información. Os feitos delituosos retrotráense ata 1942, cando Constantino G.F, un home sen recursos económicos maila o seu cargo, coñece a Joaquín P. F., propietario da Axencia "Brújula" de A Coruña, dedicada á xestión, asesoría e trámite dos documentos necesarios para emigrar cara América do Sur. Segundo o Ministerio Fiscal, trabada certa relación entre ambos, Joaquín ofreceulle unha comisión por cada pasaporte que "lle axilizara", trámites polos que Constantino chegou a cobrar un total de 23.000 pesetas. Descuberta a trama, foi condenado por 9 delitos de falsificación con agravante, a unha pena de 6 meses de arresto e multa de 2.500 pesetas por cada un. Constantino, quen só recoñeceu que nunha ocasión facilitara un pasaporte declarou que "Joaquín propúxolle tal negocio coñecedor da súa situación precaria", gozou dos privilexios dun indulto total, a causa de tal decisión xudicial, descoñecida en puridade, podemos deducila do cargo que ostentaba.[82]

Lonxe de ver debilitados os seus apoios sociais, nos cincuenta o réxime franquista acadou a súa consolidación ata, como sinalou Claudio Hernández, ser considerado polo imaxinario colectivo como un período de consenso. O anterior resultou da percepción social da bonanza dos anos cincuenta entre os que sufriron maiores dificultades, á que contribuíron, por un lado unha esmerada propaganda de "progreso" e, polo outro, as políticas sociais despregadas polo réxime, as "estratexias de lexitimación máis importantes para a ditadura", baixo as que subxacía un obxectivo común: o adoutrinamento e o control social. En calquera caso, capaces de xerar "actitudes aquiescentes" cara o réxime.[83]

[81] Pena que non cumpriu de forma íntegra, pois en 1962 cando estaba en África en concepto de soldado de infantería, desapareceu, procesado por deserción. AHPLu. FX. Sum. 253. Sent. 38. Ano 1960.
[82] AHPLu. FX. Sum. 28. Sent. 230. Ano 1957. Tamara LÓPEZ: "Estraperlar coa liberdade...", pp. 160-161.
[83] Capítulos da obra colectiva: Miguel Ángel DEL ARCO: "¿Se acabó la miseria?...", pp.49-72. Claudio HERNÁNDEZ: "El páramo de Franco...", pp.50-73, esp.p.50. Miguel Ángel Del ARCO: "Las hambrunas

3.4. Os anos sesenta. A chegada dunha cultura delituosa propiamente urbana

Os anos sesenta, encadrados no que a historiografía especializada denominou como "segundo franquismo" (1960-1975), caracterizáronse, a nivel xeral, pola aparición dos primeiros indicios da "modernización española", na que se afianzou o tránsito dunha sociedade de corte tradicional a outra de consumo.[84] Unha das características do cambio foi o "milagre económico" que segundo historiadores económicos como Pablo Martín e Elena Martínez, se iniciaría a partir da posta en marcha do Plan de Estabilización de 1959, que permitiu o inicio deste crecemento, mediante o que se corrixiron os desequilibrios macroeconómicos e se introduciron medidas liberalizadoras do mercado. A partir de aí, sinalan, a clave do desenvolvemento debeuse a tres factores: a substitución de técnicas de traballo atrasadas por outras máis avanzadas, a procura de actividades máis produtivas e a intensificación na acumulación de capital, derivado en parte do aumento do investimento.[85] Para T. Buchanan os factores determinantes do éxito económico español estarían fóra do control do Goberno: unha oferta abundante de man de obra barata, froito do éxodo rural; un aumento do investimento estranxeiro no país e, por último, o *boom* do turismo, que emerxeu como un dos principais piares do crecemento económico.[86] Na mesma dirección apuntarían os traballos de Carlos Barciela e outros, segundo os que a situación da economía dos anos sesenta se beneficiou da expansión que xa desde a década anterior experimentara o continente europeo, pero que dado o nivel de intervencionismo preexistente non se vira aínda reflectido en España.[87]

Seguindo a liña de razoamento de Nigel Townson, non deberíamos entender a modernización como un fenómeno conformado por etapas fixas, senón que cada Estado, cada rexión mesmo, contou coas súas propias particularidades.[88] Así, a celeridade do desenvolvemento económico español derivou no xurdimento de asimetrías rexionais. De maneira que, fronte ás grandes cidades industrializadas, impulsoras do turismo, con niveis de formación altos e, en resumo, "modernas" -na lóxica da economía e do desenvolvemento capitalista-, continuaron existindo outros enclaves de poboación onde o nivel de desenvolvemento era limitado, con alta dependencia do sector primario que aínda respondía a

españolas del siglo XX y el lugar de los "años del hambre", en Miguel Ángel DEL ARCO (ed.): *Los "años del hambre"...*, pp. 49-72, esp.p.43. Gloria ROMÁN: "Las políticas sociales del régimen franquista...*"*, pp.73-127.

[84] Francisco JIMÉNEZ: "A Spanish way of life...", p.94.

[85] Pablo ACEÑA y Elena Martínez: "La edad de oro del capitalismo español", en Niguel Townson (ed.): *España en cambio. El segundo franquismo, 1959-1975*, Madrid, Siglo XXI, 2010, pp.1-22, esp.p.1-5.

[86] Tom BUCHANAN: "¿Hasta qué punto era "diferente" España?", en Niguel TOWNSON (ed.): *España en cambio...*, p.78.

[87] Carlos BARCIELA *et al*.: *La España de Franco...*, p.239.

[88] Nigel TOWNSON: *¿Es España diferente? Una mirada comparativa (siglos XIX y XX),* Madrid, Taurus, 2010.

modelos de desenvolvemento pre-Revolución verde, os modos de vida e as mentalidades non terían tido un *turning point* transformador e os niveis de instrución serían elementais, cunha formación reservada ás clases medias-altas e á elite.[89] Lugo adscríbese a estes segundos espazos.

A Conferencia Europea Estatística de Praga, celebrada en 1966, considerou "cidade" calquera encrave xeográfico con máis de 10.000 habitantes, e segundo o Instituto Nacional de Estatística en 1960 Lugo contaba con 57.786 habitantes, non obstante, para definir apropiadamente a cidade de Lugo se temos en conta a impronta do seu *hinterland* rural, sería apropiado empregar o concepto de "cidade rural" ou *agrocidade*.[90] En primeiro lugar, en termos sociodemográficos, posto que unha parte importante dos seus habitantes procedían de núcleos rurais próximos e mantiñan as súas claves habitacionáis (casas, hortas, cortes, etc.);[91] un éxodo rural, que se acentuara desde os anos cincuenta. En segundo, debido a estes mesmos aportes demográficos, cos que a cidade viu aumentar a súa densidade poboacional e a súa expansión pasou por absorber barrios periféricos e mesmo zonas próximas historicamente rurais, convertendo a Lugo nunha cidade mosaico na que o rural e urbano se mesturaban e hibridaban no urbanismo e no cultural.[92]

Con matizacións, o carácter urbano de Lugo pode verse nas formas de traballar, de consumir ou de relacionarse dende os anos sesenta. A poboación rural establecida na cidade optou por empregos pouco especializados e, de ter capital económico suficiente, pola apertura dalgún pequeno negocio de hostalería ou alimentación. Outros, acudían á cidade para formarse e, posteriormente, migraban, usando aquela como unha mera plataforma de residencia temporal. Pero, se por algo se caracterizou esta poboación foi polo empeño en evitar desempeñar actividades agrícolas a tempo completo, onde nin os horarios nin o salario estaban fixados.[93] Na capital da provincia, o desexo de desfacerse do sinal de "campesiño" do aluvión migratorio dos anos cincuenta e sesenta conviviu con actividades deste corte realizadas a tempo parcial e tamén con feiras e mercados agrogandeiros onde os habitantes

[89] Julio PONCE: "Presentación. La modernización española bajo el segundo franquismo (1958-1975)", *Memoria y Civilización*, 21 (2018), pp.247-250, esp.p.248. Damián GONZÁLEZ e Manuel ORTIZ (coords.): *El estado del bienestar: entre el franquismo y la transición*, Madrid, Sílex, 2020. Antonio CAZORLA: *Miedo y progreso. Los españoles de a pie bajo el franquismo (1939-1975), Madrid, Alianza*, 2016.

[90] INE. Censo de 1960. Población de derecho y hecho de los municipios españoles. Horacio CAPEL: "La definición de lo urbano", *Estudios Geográficos*, 138-139 (1975), pp.265-301. Antonio ORTEGA: "Habitar y representar la agrociudad...", p.31 e ss.

[91] Sobre a definición de pobo: Francisco LÓPEZ: "Identidad, estructura social y desarrollo local: redefinición del pueblo, con referencia especial a las agrociudades", *Apuntes 2: Apuntes y Documentos para una Historia de Osuna*, 1 (1996), pp.73-92, esp.pp.73 e ss.

[92] María del Carmen LAMELA: *La cultura de lo cotidiano. Estudio sociocultural de la ciudad de Lugo*, Madrid, Akal, 1999, pp.39-44.

[93] *Ibid.*, p.63.

dos barrios rurais e aldeas limítrofes acudían para realizar as súas transaccións. Son estes factores, entre outros, os que explican a continuidade de modos de vida e costumes propias do rural.[94] Discordancias, presentes en aspectos tan cotiás como que os peóns compartisen as súas rúas con gando, que as prazas estivesen rodeadas por hortas ou que os accidentes de tráfico se produciran tanto implicando vehículos motorizados como carros tirados por semoventes.[95]

3.4.1. Unha "nova" delincuencia contra a propiedade

A modernidade deixouse tamén sentir na delincuencia contra a propiedade. Aquel Lugo no que os furtos famélicos inundaban as súas rúas, onde as xentes de clase traballadora se vían na obriga de roubar téxtiles para gardarse do frío ou de revender no "mercado gris" a parca ración que lles correspondía segundo as impopulares cartillas parecera quedar moi atrás coa chegada do "desenvolvemento".[96] Así o apuntaban as tendencias rexistradas noutras rexións do Estado, como Cataluña, onde nos anos sesenta os delitos económicos se reduciron nun 20-30%; ou en provincias como a de Granada, onde mesmo nos barrios populares como o do Albaicín e o do Sacromonte, o número de delitos cometidos contra a propiedade non só descendera, senón que mudaran os seus trazos deixando atrás aqueles que marcaban as necesidades de asegurar a subsistencia individual e familiar. Pero a documentación indica que en Lugo non aconteceu o mesmo. Malia que o fin das cartillas de racionamento supuxo unha lixeira redución da incidencia da delincuencia contra a propiedade desde 1952 (mantívose nunha media dun significativo 48,5%), durante os sesenta experimentouse unha nova alza daquela, de modo que entre 1960 e 1966 chegaron a representar un elevado 58% do total das causas incoadas, cifra que se afasta da tónica descrita noutras xeografías estatais.[97]

Que os delitos contra a propiedade amosaran unhas taxas tan elevadas con respecto do conxunto das incoacións xudiciais do período non implicaba necesariamente que aqueles seguiran sendo un reflexo ou resposta a situacións de miseria. Van ser os botíns dos roubos os que nos indiquen que estamos ante outra realidade diferente daquela que marcou a posguerra e mesmo os anos cincuenta. Os cartos convertéronse no obxectivo dos ladróns con significativa vantaxe fronte a outro tipo de bens de consumo. As contías continuaron á alza,

[94] Antonio ORTEGA: "Habitar y representar la agrociudad...", p.31.
[95] AHPLu. FX. Sum.e sent. 1950-1966.
[96] O concepto de "mercado gris" é empregado por David Conde para diferenciar aquel no que os produtos tiñan unha procedencia legal do "mercado negro", onde esa procedencia era ilegal. David CONDE: *Tiempos sin pan. Una etnografía del hambre de postguerra en Extremadura*, Tese doutoral, UNED, 2019.
[97] Datos para Cataluña y Granada en Conxita MIR: *Vivir es sobrevivir...*, p.25. Lázaro MIRALLES: "Supervivencia y comunidad bajo el hambre...", p.241.

seguindo a tendencia iniciada no decenio precedente. Algúns exemplos resultan ilustrativos: a Pacífico A.L. roubáronlle 50.000 pesetas dun caixón da súa carpintaría, a Melchora P.G., propietaria dun estanco, 25.000 e a Alberto C.L. 11.000 do seu bar, o "Metropol". Cantidades impensables en décadas anteriores. Rexístranse roubos tamén de divisas estranxeiras, como os 40.000 francos que lle levaron do coche a Jacques M., exemplo que serve como indicador dunha realidade tamén bastante novidosa como é a presenza de estranxeiros na cidade, xa para turismo, xa para facer negocios. Non obstante, con estes roubos lucrativos coexistiron aqueles de pequenas contías, ben froito dun infortunio á hora de elixir á vítima por parte dos ladróns ben de necesidades perentorias aínda persistentes nunha parte da poboación da cidade que vivía nos marxes da pobreza. En 1961 Eduardo P.T. denunciou o roubo de 100 pesetas. A José Ramón G.M. leváronlle 20 pesetas da froitería que rexentaba e a Manuel B.R. 60 pesetas.[98]

Gráfica 10. Evolución dos ladroízos na cidade (1960-1966).




Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. 1960-1966.

Non só a contía do roubado muda para elevarse notoriamente respecto de décadas pasadas nin a composición do botín, a documentación xudicial deixa ver outros trazos que nos indican unha nova tipoloxía da delincuencia contra a propiedade. Entre as súas características observamos certa "profesionalización", é dicir, ladróns especializados que buscan subtraccións superiores en valor, ben por cantidade, ben por volume, e que se movían

[98] AHPLu.FX. Sum. 183. Ano 1961; Sum.214. Ano 1964; Sum.292. Ano 1964; Sum. 183. Ano 1966; Sum. 287. Ano 1961; Sum. 130. Ano 1961; Sum. 4. Ano 1964.

polo ánimo de lucro, de maneira que a urxencia xa non é perceptible na documentación, ben ao contrario esta denota a preselección das preas.

Como se pode ver na gráfica anterior, o roubo doutros bens tan relevantes nos primeiros anos do franquismo perde transcendencia en comparación co diñeiro ata quedar case sen incidencia nos rexistros xudiciais, exemplo da comida e os animais. Roubos e furtos de víveres abandonaron a cúspide dos ladroízos para representar unha mínima parte do total, coa carne por produto predilecto, especialmente xamóns e chourizos, mentres que os clásicos alimentos sometidos ao racionamento (pan, patacas, aceite, ovos...) de valor inferior, pasaron a ocupar unha posición secundaria. O mesmo aconteceu cos téxtiles, entre os que se deixaron a un lado prendas de pouco valor para optar por traxes, chaquetóns, chaquetas de coiro e outras prendas máis valiosas. Roupas valoradas en 10.000 pesetas roubáronllas en 1962 a Josefa B.D., e peritadas en 4.550 foron as que había dentro da maleta que supostamente lle levaron ao madrileño Gumersindo F.L.[99] En relación aos animais, o seu interese caera en picado e se nos dez anos que van entre 1945 e 1955 incoáranse 40 sumarios con semoventes desaparecidos, nos dez seguintes, entre 1956 e 1966, a cifra descendeu ás 15 causas. Un indicativo tanto do reducido interese que suscitaba o gando como botín como da súa menor presenza na cidade froito da progresiva urbanización dos barrios periféricos.

Nos testemuños dos procesados as referencias á fame, ao desemprego ou ás enfermidades incapacitantes tamén desapareceron. Predominaban, no seu lugar, as escusas, inválidas xudicialmente, por exemplo, a urdida por María del Carmen D.R. quen, ao atopar unha carteira no chan, declarou que non tiña intención de apoderarse do seu contido, 600 pesetas, senón que "metéraa debaixo dunha pedra para devolvela se preguntaban por ela". Outras limitábanse a coartadas para as datas de autos: "estaba en Coruña". Fora coma fose, en raras ocasións recoñecían os feitos, opción tomada nalgúns casos, o como de Enrique, R., de 17 anos, que probablemente confesou porque era sabedor de que a sanción para el, menor de idade, era unicamente monetaria.[100]

Que os estados de miseria non formaran xa parte habitual dos discursos dos delincuentes non implicaba que estes desapareceran das súas vidas. Non obstante, xa non respondían a situacións xenéricas conxunturais debidas ás políticas económicas do réxime nas primeiras décadas de existencia, tratábase dunha pobreza restrinxida a grupos sociais concretos e que pode ser vista como de tipo estrutural é dicir, prolongada no tempo,

[99] AHPLu. FX. Sum.244. Ano 1962; Sum. 213. Ano 1960.
[100] AHPLu. Sum. 335. Sent. 75. Ano 1960; Sum. 256. Sent. 55. Ano 1962; Roubara un paraugas dunha tenda, á que accedera rompendo un cristal. Sum. 3. Sent. 60. Ano 1963.

persistente mesmo en períodos de bonanza económica. Unha pobreza que, a duras penas, permitía a mobilidade social e que obrigaba a vivir sen os mínimos recursos, educativos, de vivenda...[101] Estas condicións de vida reflectíronse en que fora moi habitual atopar antecedentes entre estes procesados e, por suposto, quedaban igualmente en evidencia na súa condición de insolventes. Era o caso de José Ramiro Q.F., un ebanista de 27 anos que en 1962 contaba con numerosas condenas por furto, o que incluía o roubo dunha barra de pan e de dúas pesetas na panadería de Amparo M.Y. Dada a súa condición de reincidente foi condenado a un ano de arresto e a indemnizar a Amparo con 100 pesetas. Na súa declaración alegou que non tiña intención de roubar nada e presentou como eximente a embriaguez. A un estado de necesidade remite tamén o botín de Carmen, unha muller viúva de 54 anos que, como o mozo carpinteiro, tamén contaba con antecedentes por furto. En 1962 foi sorprendida na estación de tren pola Garda Civil do Grupo de Investigación e Vixilancia de Ferrocarrís cando subtraía os refugallos de carbón que quedaban nas vías. Os 10 kg que lle foron incautados, taxados en 8 pesetas, destinados a "consumilos nas súas necesidades" valéronlle unha multa de 1.000 pesetas. [102]

Se ben durante os anos do "milagre económico español" a elevación do nivel de vida foi unha realidade, non logrou nin a redistribución da renda, nin suprimir as desigualdades históricas, polo que determinados segmentos sociais continuaban sen sentir a mellora económica. Os baixos niveis de paro ocultaban unha realidade de pluriemprego precario, alén dunha bolsa de persoas que vivía nos límites da pobreza, malia a contar cunha ocupación. Á altura de 1969, o informe Foessa estimaba que existían en España tres millóns de pobres e é innegable que en Lugo unha porcentaxe dos seus habitantes formaban parte desa cifra.[103] Por tanto, se ben a cidade das murallas dos sesenta distaba xa moito daquela urbe onde se roubaba para comer, aínda era a cidade de provincias na que habitaban persoas de clases sociais humildes que acudían ao roubo famélico.

### 3.4.2. Da conflitividade social aos accidentes de tráfico

Nos anos do desenvolvemento en Lugo, a nivel de delincuencia, os delitos de lesións foron os máis destacados cuantitativamente despois de roubos e furtos. A casuística baixo a que estes se producían resultou heteroxénea. Unha parte representárona os accidentes, infortunios cotiás esencialmente laborais e domésticos que, nunha sociedade que non tiña na

[101] Organización Panamericana de la Salud: *La salud en las Américas, vol. 1*, Washington, 2002, p.99.
[102] AHPLu. FX. Sum. 182. Sent. 161. Ano 1964; Sum. 209. Sent. 243. Ano 1962; Sum. 213. Ano 1960.
[103] S.A.: *Pobreza y marginación / estudio realizado por el Equipo de Investigación Sociológica*. Madrid, Cáritas Española, 1971, pp.74-75.

seguridade unha das súas preocupacións no que ten que ver cos quefaceres diarios, ben por falta de atención ben, e sobre todo, pola necesidade de acometer o labor sen poder reparar en ulteriores consecuencias para o seu benestar, engrosaron a listaxe de persoas feridas, mutiladas e mesmo falecidas. A incoación destes sumarios orientábase máis a esclarecer os feitos que a identificar a culpables legais, e así foron sobresidos na súa práctica totalidade. Entre os accidentes laborais os máis usuais na cidade de Lugo foron as caídas aparatosas, as explosións ao manipular produtos químicos sen a debida precaución e as lesións e esmagamento polo impacto de pezas pesadas en obras en construción. Con respecto aos domésticos, a lista inclúe caídas polas escaleiras ou dende as ventás e as queimaduras na cociña. É interesante dar conta de que estas foron as causas de morte máis habituais rexistradas entre menores de idade, o que nos pon diante do que hoxe serían comportamentos neglixentes dos responsables da súa patria potestade. Na súa maioría foron deixados sen compañía de adultos, o que naquela altura debuxa realidades como a necesidade de traballo de ambos proxenitores, a imposibilidade de facerse cargo da contratación de coidadores e, a un tempo, permite intuir en moitos casos os déficits de escolarización dos mesmos.

Fóra destes accidentes, pero dentro do capítulo de delitos de lesións houbo un indicador moi claro de que a cidade de Lugo, aínda nos sesenta, seguía a manter unha fortísima impronta rural e que moitas das prácticas de sociabilidade propias deste espazo están na base de delitos de lesións. Referímonos a aqueles que teñen que ver con agresións físicas e actos de violencia intencionada que deixaron unha pegada non só diante dos tribunais, senón na memoria da sociedade luguesa da época. As liortas constituíron unha das manifestacións sociais das fricción intracomunitarias. Erixíronse acotío como a alternativa á aplicación da xustiza, á marxe das canles oficiais determinadas polos tribunais ordinarios. O recurso a este tipo de violencia experimentou un incremento desde a II República en toda España, consecuencia do aumento das susceptibilidades políticas, idiosincrasia que se reforzará durante a guerra civil. A mediados dos anos corenta iniciouse un cambio de tendencia que pareceu ser xeral ao conxunto do Estado, pois ten sido percibida polas investigacións sobre delincuencia en cidades como Zaragoza, Murcia ou Lleida. Tamén no rural galego, onde a decadencia do fenómeno das rifas no seo da comunidade veu provocada, segundo teñen afirmado os historiadores Miguel Cabo e Enrique Carballo, pola guerra civil e, posteriormente, polo éxodo rural:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> "Indudidablemente a guerra civil supuxo unha cesura fundamental, xa que por unha parte a mobilización dos grupos de idade protagonistas e por outra a imposición dun férreo control

> sobre a sociedade civil por parte das autoridades militares alteraron as condicións nas que prosperaban tales prácticas. Posteriormente, a partir dos anos cincuenta, o éxodo rural deu o golpe de gracia a unha cultura de violencia intracomunitaria da que, sen embargo, un observador avisado pode detectar aínda hoxe en día reminiscencias nos altercados en ambientes de ocio nocturno ou na rivalidade enconada en determinadas actividades deportivas locais completamente desproporcionada coa súa transcendencia obxectiva."

Iván Martínez engade outro factor explicativo dese descenso: a apertura "doutras vías (legais) para a resolución dos conflitos interveciñais: as delacións". Lugo, segundo os datos das fontes xudiciais consultadas, experimentou tamén esta regresión de episodios de violencia colectiva, pero fíxoo en datas máis temperás ás que marcan outras cidades españolas, a partir do mesmo inicio da década de 1940. Así quedou patente no descenso progresivo no número de causas incoadas vencelladas á violencia interpersoal (lesións, homicidios, asasinatos). Non obstante, este declive non se mantivo en anos sucesivos, cun novo repunte destes sumarios a finais da década, polo que non sería desacertado sinalar que nesta pequena cidade de provincias os efectos da represión en canto a limitadores de actitudes violentas na sociedade houberon de convivir cun clima de crispación, de insatisfacción e de impotencia que remataron por equilibrar a balanza.[104]

En Lugo, os ataques á integridade física das persoas foron similares aos de calquera pequena cidade española. Foron consecuencia de choques interpersoais, familiares ou veciñais, debéronse a agravios ao honor ou á honra ou tiveron que ver con episodios de defensa da propiedade privada e, igualmente, se inscriben en desacordos por motivos económicos e por cuestións sentimentais. Segundo a documentación xudicial en Lugo o alcoholismo resultou un intensificador en moitos casos deste tipo de altercados.[105] O estudo das fontes xudiciais revela que estes factores puideron operar de forma combinada, non respondendo a categorías estancas. Ao igual co que acontecía historicamente no espazo rural, no transcurso das liortas na urbe de Lugo tamén mediaron unha serie de normas comunitarias non escritas. A saber, a ausencia de armas de fogo -no seu lugar as persoas portaban paos, utensilios de labranza, pedras ou, en máis raras ocasións, armas brancas-, seguida da regra de

[104] Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia...*, p.52. Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria...*, pp.349-351. Miguel CABO e Enrique CARBALLO: "El incivil deporte. La violencia comunitaria en la Galicia rural contemporánea", en *La historia habitada. Actas del XV Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea*, 2021, pp.2-8, esp.pp.2-3.

[105] No medio rural lugués abondaron, ademais, os vencellados a disputas en torno á propiedade: cuestións de lindes, dereitos de aproveitamento de augas, dereitos de paso, de pastoreo, etc. Moi similares aos do rural ourensán comentados por Domingo RODRÍGUEZ: *Mujer, delincuencia, marginalidad...*, p.136 e ss.

non acudir a instancias externas nin interpoñer denuncias (xudiciais, garda civil, policía...) agás nos casos de máxima gravidade.[106]

Independentemente dos motivos referenciados nos propios sumarios xustificando as actitudes violentas, o proceder respondeu a un esquema reiterativo: discusións verbais que remataban por desencadear agresións físicas entre os involucrados.[107] Os desacordos entre descoñecidos resultaron a causa máis habitual de liortas e usualmente conviven coa inxestión abundante de alcohol. Enrique Carballo establece para o caso galego unha continuidade, sen ruptura, entre as actividades lúdicas e as criminais denominadas por Raquel Iglesias para o Antigo Réxime como "violencia gratuíta", consistente en liortas e retos en situacións de ocio, ata os séculos contemporáneos.[108] Na cidade das murallas foron os bares os espazos onde esa "violencia gratuíta" tivo lugar e os camareiros e camareiras resultaron o grupo social que sufriron máis habitualmente as súas consecuencias, especialmente a partir da década dos 50, momento no que a apertura de bares e tabernas prolifera nas rúas luguesas. Pero xa antes dese período se rexistraban liortas nas tabernas da cidade. En 1945, por exemplo, a negativa da taberneira a servirlles máis viño a dous homes foi suficiente para que desataran a súa cólera contra ela. A intervención dun dos alí presentes custoulle ser golpeado e gravemente apuñalado. As feridas, das que tardou en curar 155 días supuxeron a condena ao autor da coitelada a 6 meses de arresto e a indemnizar á vítima con 3.100 pesetas. Similares circunstancias producíronse en 1949, neste caso, propiciadas por un horario de peche do local que non gustou a José N.V., que, en estado de embriaguez, reaccionou con insultos ao propietario ao que logo feriu cunha arma branca. Na súa defensa, José alegou que se "ensuciara na nai que o pariu" e que tivera que responder a afronta.[109]

Pero non tódalas disputas estiveron vencelladas á obstinación dun bébedo nun bar. As lesións, en ocasións, dábanse no seo familiar. Trátase de malos tratos que rara vez eran condenados por seren xustificados socialmente, considerados unha deriva "normal" de conflitos matrimoniais que correspondía resolver na privacidade doméstica.[110] O varón, pai de familia ou esposo foi o seu autor na maioría dos casos, e a muller e/ou os fillos as súas vítimas habituais. En ocasións os resultados son fatais e denotan unha conducta abusiva mantida no tempo, As malleiras continuadas aparecen como o detonante do suicidio de Juana

[106] Miguel CABO e José Manuel VÁZQUEZ: "Las otras guerras de nuestros antepasados: la violencia intercomunitaria en la Galicia rural contemporánea", *Hispania*, 251 (2015), pp.781-804, esp.p.786.
[107] Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria*..., p.355.
[108] Raquel IGLESIAS: *Crimen, criminales...*, p.53. Cit. en: Enrique CARBALLO: *Violencia, crimen...*, p.421.
[109] AHPLu. FX. Sum. 35. Sent. 58. Ano 1945; Sum. 209. Sent. 221. Ano 1949.
[110] Domingo RODRÍGUEZ: *Mujer, delincuencia, marginalidad*..., p.167.

E.G. en 1959. Tres anos despois, María Manuela R.G. intercedería na defensa das súas fillas agredindo ao seu marido.[111]

Tanto nos casos de violencia de xénero coma noutros, o recurso á violencia foi unha saída cuantitativamente privilexiada polo xénero masculino e moi minoritariamente, empregada polo feminino. Segundo Óscar Bascuñán, no seu estudo de Castela A Mancha para a época da Restauración, os delitos de lesións tiñan xa nesa altura un evidente compoñente de xénero.[112] Así e todo, nos casos que chegaron á xudicatura en Lugo vemos que as mulleres aplicaron "ruído e furia" en casos de defensa propia e da súa prole, como acabamos de sinalar, pero tamén na dos seus maridos. O peor agravio na altura para á honra feminina e para o honor do seu marido e, por tanto, para o da familia, constituíao ser tachada de prostituta e foi esta afronta a detonante de gran parte dos altercados violentos protagonizados por mulleres luguesas nos anos sesenta. Nesta lóxica tivo lugar a lea entre Consuelo e Víctor D.G en outubro de 1961. A inimizade viña de longo, pero dexenerou nun enfrontamento físico cando Víctor acudiu a casa de Consuelo para proferirlle ofensas sobre a súa condición de muller sen moral e retar ao seu marido a unha pelexa. Neste caso foi a propia muller a que saíu da casa e procedeu a agredilo. A consecuencia da mesma, Víctor perdeu a mobilidade en dous dedos, o que lle supuxo á agresora unha condena dun ano de prisión e 5.000 pesetas de indemnización.[113]

Vencellados á defensa da honra feminina estiveron igualmente determinados conflitos sentimentais que colocaron ás mulleres na primeira liña de accións violentas. Unha profunda carraxe debeu propiciar que Amadora L.L. obviara a inconveniencia moral de acudir á porta dun prostíbulo sito no Recanto do Miño a buscar ao seu marido, Domingo G.C., polo visto un cliente habitual. A prostituta que con el se atopaba, Sara P.F., lanzoulle unha botella pola ventá á muller que lle impactou na cabeza provocándolle unha contusión. Segundo a procesada, a súa actitude respondía aos malos tratos de palabra que viña soportando por parte de Amadora, e cos que ela tentaba que o seu marido non frecuentase a súa compañía no prostíbulo.[114] A discusión pola suposta infidelidade do marido de María M.B. con Gloria R.M. rematou cunha terceira muller agredida, Hermina M.S. ao tentar separalas. Unha arma branca brandida por unha das outras mulleres propicioulle feridas das que non curou ata

[111] AHPLu. FX. Sum.67. Ano 1959; Sum. 163. Sent. 252. Ano 1962.
[112] Óscar BASCUÑÁN: "La delincuencia femenina: prácticas y estrategias de supervivencia en Castilla-La Mancha, 1890-1923", en Santiago CASTILLO e P. OLIVER (Coords): *Las figuras del desorden. Heterodoxos, proscritos y marginados*, Madrid, Siglo XXI de España Editores, 2006, p.13. Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria*..., p.204 e ss.
[113] AHPLu. FX. Sum.309. Sent. 75. Ano 1961.
[114] Foi condenada a 2 meses de arresto. AHPLu. FX. Sum. 218. Sent. 275. Ano 1948.

pasados 25 días. A pena para a agresora, a suposta amante, foi a dous meses de arresto e a 500 pesetas de indemnización.[115]

Se ser chamada prostituta era a afronta máis grave para unha muller, ser acusado de homosexual foino para o honor masculino. Como se sabe, todo aquel espectro da sexualidade que estaba fóra da heteronormatividade fixada pola moral franquista estaba perseguida e penada na ditadura a través de diversas vías. Primeiro, baixo a tipoloxía de escándalo público, onde, malia non facerse mención específica algunha á sexualidade, recollíanse todas aquelas conductas "perturbadoras da orde moral" e, posteriormente, en 1954, incorporada especificamente como delito na Lei de Vagos e Maleantes. Conforme ao anterior, ser acusado de "inversión sexual" ou de conductas afeminadas podía ser constitutivo de delito, ademais dunha aldraxe ao honor masculino.[116] Constantino G.R., de 22 anos, preferiu ser procesado por lesións que por sospeitoso de "inversión sexual" cando, segundo este, na Rúa do Generalísimo Franco, hoxe Rúa Ánxel Fole, calella sen saída, Manuel V.B. lle fixo "proposicións deshonestas" ás que respondeu con violencia, sacando acto seguido Manuel unha navalla. Segundo a vítima, el tan só lle preguntara se sabía a que hora comezaba o teatro. O informe da Garda Civil xustificou a reacción de Constantino, ao sinalar que Manuel tiña "un acento sospeitoso"; non obstante "casado e con tres fillos, sendo proba de todo o contrario". A sentenza, que condenou a Constantino como autor dun delito de lesións, contemplou dúas circunstancias atenuantes: a falta de intencionalidade de causar mal e a de actuar en resposta a unha ofensa grave, determinantes dunha sanción exclusivamente pecuniaria, nunha resposta xudicial moi comedida.[117]

A resolución violenta fronte ataques á propiedade privada tamén resultou causa habitual de agresións. A lectura destes casos de violencia ponnos ante refregas que xorden polo sentimento de agravio máis que polo dano en si mesmo. Licinio T.B., de 23 anos agrediu a Jesús L.A. pola subtracción dunha galiña en 1958, cando se atoparon casualmente no barrio de Albeiros. Na lea Licinio fracturoulle a escápula e brazo esquerdos a Jesús, polo que foi condenado a 2 anos e 5 meses de arresto. O procesado declarou que respondera ás ameazas de Jesús, e que actuara en defensa propia. Similares en motivos foron as pugnas por cuestións económicas, algunhas con respostas que parecen desmedidas por parte dos agresores, pero que nos poñen nas lóxicas do momento, cando todo ben, ata o máis cativo, era sentido como necesario para os propietarios de clases populares e medias e no que as débedas contraídas

[115] AHPLu. FX. Sum. 126. Sent. 27. Ano 1947.
[116] Abel DÍAZ: "Los "invertidos"...", p.337.
[117] 2.000 pesetas de multa e 3.000 de indemnización AHPLu. FX. Sum. 234. Sent. 9. Ano 1960.

eran percibidas como imperdoables. María de la Concepción O.M., a filla do propietario dunha fonda da cidade, viu a Tomás C.O., quen lles debía certa cantidade de cartos, e foi tras el para que non escapara e cumprira co pago. No transcurso da persecución, Tomás ameazouna con disparar un arma que supostamente portaba, ao que María respondeu cunha pedrada que lle impactou na cabeza a Tomás causándolle unha fractura de cranio e a perda de visión dun ollo. A procesada declarou que estaba moi nerviosa e que "non pretendía causarlle moito dano". A mesma razón levara a José, Manuel e Luis N., pai e fillos respectivamente, a enfrontarse a José L.S., por unha débeda, neste caso contraída pola reparación do seu automóbil. Pai e fillo empregaron unha navalla e paos pero, segundo a interpretación do xuíz o suceso debeu ter máis de ameaza que de agresión, polo que o caso resultou sobresido. As diferenzas económicas resultantes dun contrato de arrendamento foron as que levaron a José María F.F. e a Basilio P.V. a agredirse mutuamente empregando pedras, o que lles valeu unha condena de 5 meses de prisión a cada un. [118]

Gráfica 11. A evolución do delito de lesións 1945-1966.




Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. 1945-1966.

As agresións rexistradas en Lugo, malia descender nos primeiros anos do franquismo seguindo a tónica xeral xa sinalada doutras cidades españolas, mantivéronse, en xeral, estables en canto a súa presenza na documentación xudicial. Os motivos que propiciaron este

[118] AHPLu. FX. Sum. 230. Sent. 116. Ano 1958; Sum. 13. Sent. 207. Ano 1957; Sum.139. Ano 1950; Sum. 52. Sent. 423. Ano 1956.

mantemento teñen que ver con que, malia aos cambios experimentados pola cidade e referenciados nas páxinas anteriores, Lugo continuaba a ser unha cidade de forte influencia dunha cultura rural da violencia, que tiñan no enfrontamento e nos altercados violentos unha saída para a conflitividade. As débedas, os triángulos amorosos, as afrontas sentidas contra as propiedades de un e os insultos solventáronse pola vía da violencia tanto nos anos corenta, como nos cincuenta e nos sesenta.

Porén, ao longo do decenio "bisagra" e especialmente a partir dos anos sesenta xorde un novo indicador de urbanidade que, esta vez si, modificou o panorama dos delitos de lesións na cidade de Lugo: os accidentes de tráfico que comezan a agromar co temperán colapso da tipoloxía delituosa. Cunha incidencia moi por riba de agresións ou desgrazas cotiás, puxeron de manifesto o proceso de urbanización dunha cidade na que ata o de entón os accidentes dábanse con carros tirados por gando, implicando aos escasos camións que circulaban polas rúas da cidade, a peóns ou a aparatosas caídas con bicicletas. Enfrontamentos e accidentes fortuítos desde entón e progresivamente foron eclipsados por uns accidentes de tráfico á alza, en cuxas particularidades, xunto coas súas implicacións en termos de urbanidade profundaremos a continuación.

### 3.4.3. Circular no Lugo franquista

Un dos aspectos onde a urbanización e a "modernización" da cidade de Lugo resultou máis palpable foi nos medios de transporte empregados polos lugueses para desprazarse no seu devir cotiá, información que extraemos dos vehículos involucrados nas diferentes tipoloxías delituosas. Durante as dúas primeiras décadas do franquismo as bicicletas constituíron o medio de transporte por excelencia, tanto pola incapacidade económica para adquirir un turismo como pola dificultade de obter carburantes para o seu funcionamento pois, trala II Guerra Mundial, quedaron sometidos a un rigoroso racionamento consecuencia da súa escaseza en todo o continente. A gasolina tamén se comercializaba no mercado negro, pero o seu elevado prezo facíaa inalcanzable para o peto dos cidadáns de a pe.[119] Neste contexto, posuír unha bicicleta axilizaba moito os traxectos diarios cara o traballo, escola, ou

[119] O déficit de combustibles nos anos corenta e cincuenta mesmo obrigou a procurar enerxías alternativas obtidas a partir da destilación de carbóns, lignitos, desperdicios vexetais, alcol, etc. Unha empresa que, malia os seus dubidosos resultados, foi tinguida de triunfalismo polo discurso franquista: "España pode producir, economicamente, derivados do petróleo a medida da súa vontade", se difundía nos medios de prensa. Os expertos afíns á ditadura chegaron a sinalar que as reservas de petróleo mundial quedarían esgotadas para 1951, o que erixía ao réxime coma ente visionario dun inminente cataclismo enerxético. O gasóxeno foi un destes carburantes, de escaso rendemento pese ao éxito que lle auguraba a propaganda franquista: "O gasóxeno, unha vez conseguido grado tal de perfección, deixará de ter carácter de utilización transitoria para ocupar un lugar de honra na suplencia da produción petrolífera". Carlos VELASCO: "Sucedáneos de posguerra", pp.12-14.

de tránsito entre o espazo rural e o urbano. No que ten que ver co universo da delincuencia, sinalar que as bicicletas eran relativamente fáciles de subtraer, polo seu emprego na fuxida; por conseguinte, foron obxecto predilecto de furtos e apropiacións indebidas.[120]

A produción dos primeiros automóbiles en España remóntase a finais do século XIX. Non obstante, cun mercado cualificado de "raquítico" e unha industria "inmatura" houbo que agardar ata os anos 50 da seguinte centuria para que se produciran as primeiras producións en serie, da man de SEAT (1950). A fabricación e venda de turismos beneficiaríase da mellora da situación económica dos anos sesenta, o que permitiu que a industria automobilística alcanzara un papel de relevancia dentro da renda nacional a finais do decenio. Segundo J. San Martín:

> A importancia da venda de turismos, dentro da industria do motor, apréciase ao considerar que xa en 1957 a súa cifra de vendas supoñía o 0,431% da renda nacional e o 1,361% da industrial e que, no ano 1966, cuadriplicou o valor con respecto á renda nacional (1,975%) con 22.500 millóns de pesetas, chegando ao 7,1% da renda industrial.[121]

Ata a década dos cincuenta, o número de vehículos que transitaban as estradas luguesas era raquítico. Tratábase de camións en mans de industriais para o transporte diario de mercadorías, de autobuses que facían o recorrido entre os concellos rurais e as cidades e de automóbiles que pertencían ao parque móbil da administración pública luguesa, especificamente de Concello e Deputación Provincial. Ademais de institucións públicas os automóbiles estaban en poder de persoas de elevado nivel adquisitivo na cidade. Nesta tesitura, o número de infraccións de tráfico rexistradas en Lugo era testemuñal. As sancións estaban previstas no Código Penal de 1944, baixo o Título XIV "Da imprudencia punible", no cal contemplábanse, xunto con outras imprudencias, todas aquelas cometidas con vehículos de motor, sancionadas con penas de prisión menor (de 6 meses a 6 anos) e coa retirada do permiso de conducir (de 1 a 5 anos). No *corpus* legal establécese ademais que "na aplicación destas penas os tribunais procederán segundo o seu prudente arbitrio, sen

[120] A apropiación indebida producíase co acceso a un ben de forma lícita, porén, cun tempo de posesión legal finito que, ao rematar sen cumprirse a devolución derivaba na comisión dun delito. Non recibiu unha mención específica no Código Penal ata 1945. A medio camiño entre o furto e a estafa, foi absorbida por ambas ata a data sinalada, de aí a súa reducida incidencia e confusión do propio aparello xudicial á hora de clasificar estes delitos. Antonio FERRER: *El delito de apropiación indebida*..., p. 12.

[121] J. I. SAN MARTÍN: *La industria española del automóvil*, 1966, pp.226-287, esp.p.228.

suxeitarse ás regras prescritas no artigo 61", é dicir, coa supresión das circunstancias agravantes ou atenuantes, quedaban limitadas ao criterio do xuíz.[122]

Os primeiros compases dunha sociedade de consumo de masas, elementos chave do "desenvolvemento", incidiron nos modos de vida dos españois e, particularmente, dos lugueses no que a medios de transporte se refire, xa que, progresivamente, substituíron as bicicletas por vehículos motorizados. Os novos medios de transporte parecen repartirse en función do poder adquisitivo do seu dono: os turismos foron elixidos polos máis podentes, mentres que ciclomotores e motocicletas, opcións máis económicas, fórono por aqueles de economías máis modestas. Este proceso de motorización da sociedade urbana manifestouse na incidencia de tipoloxías delituosas que implicaban necesariamente a presenza vehículos de motor, ata daquela residuais. Esta mudanza reflectiuse igualmente no eido da delincuencia contra a propiedade xa que os ladroízos van desbotar a opción clásica das bicicletas para introducir como obxecto de desexo ás motocicletas, de moito máis valor para unha posible revenda e con maiores capacidades para a mobilidade. Vespas, Lambrettas, Huracáns son marcas que se fan usuais nas causas xudiciais porque desaparecían das prazas, beirarrúas e garaxes. E facíano sen deixar rastro, o que tivo como consecuencia o aumento de sumarios sobresidos.[123] Estas apropiacións podían ter unha finalidade exclusivamente vandálica consistente en facer delas obxecto de desfrute ou medio de transporte para, unha vez satisfeito, abandonadas en lugares ao azar. Tales hábitos foran interiorizados por un grupo de rapaces de entre 18 e 19 anos, que entre 1961 e 1962, chegaron a incorrer en tal delito ata en nove ocasións, ata que finalmente foron descubertos. Agás unha, tódalas motocicletas subtraídas foron recuperadas, o que lles evitou condenas de entre 8 meses e 1 ano de cárcere. Estes mozos, todos sen licencia de conducir, deberon indemnizar ao propietario da moto desaparecida polo valor do vehículo extraviado.[124]

Co cambio de década os quebrantamentos da normativa viaria pasaron a estar determinados pola Lei do 9 de maio de 1950 *Sobre uso e circulación de vehículos de motor*. A renovación lexislativa estaba orientada a erradicar costumes especialmente arraigadas na sociedade, entre elas, a que non entendía a circulación como un proceso regrado, o que daba lugar a actitudes anárquicas ao volante, co conseguinte risco que implicaba. No propio preámbulo da lei determinábanse os motivos da súa promulgación:

[122] Código Penal 1944. Título XIV, "Da imprudencia punible", pp. 468 e 434.
[123] A diferenza das bicicletas, que rara vez superaban as 1.000 pesetas, as motocicletas, segundo as declaracións dos seus propietarios, oscilaban das 3.000 ás 20.000. AHPLu. FX. Sum. e sent. 1960-1966.
[124] AHPLu. FX. Sum. 200. Sent. 275. Ano 1962.

> "A frecuencia coa que se producen accidentes mediante o uso de vehículos de motor determina a necesidade de sancionar adecuadamente, tanto o uso imprudente de aqueles, que poida determinar un perigo social, como a utilización ilexítima de ditos vehículos e os actos perturbadores ou que impidan a súa circulación".[125]

O 90% das infraccións de tráfico presentes na documentación xudicial lucense rexistráronse na cidade ou no tránsito cara a mesma, cifra que evidencia a correlación entre o espazo urbano e o emprego de automóbiles. Os procesados son varóns na práctica totalidade dos casos e de todo tipo de cohortes de idade (desde 16 ata 62). Este dato é indicativo de que o factor determinante destas conductas non foi a inconsciencia atribuída á xuventude, senón a falta de conciencia/responsabilidade dos condutores tamén adultos. Á documentación xudicial van chegar dúas tipoloxías delituosas diferenciadas: as infraccións da Lei de Circulación e as imprudencias temerarias.

A Lei de Circulación (de 9 de maio de 1950), contemplaba quebrantamentos da normativa viaria que non implicaban danos persoais. A norma sinalaba a mediación de penas pecuniarias e penas privativas de liberdade, que "só en casos de extrema gravidade se darán conxuntamente".[126] A partir dos casos analizados dividimos en tres as categorías infractoras: 1) as executadas por condutores, 2) as activadas contra condutores e 3) as esgrimidas contra propietarios de automóbiles. Dentro das primeiras, as máis comúns foron conducir baixo os efectos das drogas (esencialmente alcol), con velocidade excesiva, sen estar legalmente habilitado e con matrícula falsa. As exercidas en contra dos condutores implicaban alterar a sinalización viaria, obstaculizar a circulación, e lanzar obxectos contra vehículos. E, as últimas dábanse cando un vehículo alleo era empregado para cometer un delito. As dúas últimas casuísticas non tiveron a penas presenza entre os delitos cometidos na cidade de Lugo, polo que nos centraremos nas ilegalidades cometidas por condutores.

Circular sen o permiso de conducir ou de circulación estivo á orde do día en Lugo e vincúlase con todo tipo de vehículos motorizados: ciclomotores, motocicletas, coches, motocarros, ómnibuses e camións. Todos eran pilotados con absoluta naturalidade por varóns sen ningún tipo de licencia.[127] Se non mediaba ningún outro delito, esta práctica implicaba unha sanción pecuniaria de 1.000 pesetas e a prohibición de obter o carné de conducir durante un ano. Non é de estrañar que ao seren descubertos *in fraganti* os autores urdisen toda clase

[125] BOE. Lei do 9 de marzo de 1950, "sobre uso e circulación de vehículos a motor", p.2039.
[126] *Ibid*, p. 2.039.
[127] César CAMARGO: *La Ley de 9 de mayo de 1950 sobre uso y circulación de vehículos de motor y algunos de sus principales problemas*, Madrid, Instituto Nacional de Estudios Jurídicos, 1962.

de pretextos e réplicas para eludir o procesamento. Entre as máis habituais estaban non levar o carné encima no momento da detención e asegurar que tiñan pensado examinarse proximamente. As escusas repetíanse mesmo entre os reincidentes. Foi o caso de Luis P.P., que continuaba xustificándose diante das autoridades de tráfico esgrimindo tamén que conducía "sen carné por facerlle un favor a un amigo". A amizade iría da man da outra gran escusa, a dada, por exemplo diante do tribunal por Pedro L.S., quen asegurou ter "coñecementos suficientes para conducir". Á inexistencia de licencias de condución seguiuna en importancia facelo cos permisos caducados e tamén a con documentos falsificados. As máis das veces, conscientes do delito cometido, os acusados aceptaban as penas impostas sen poder argumentar o seu caso. Só de considerarse a ausencia de dolo mediaba a absolución ao acusado. Foi o caso de Jaime G.C., quen en 1960 adquiriu unha motocicleta coa documentación, supostamente, en regra. Porén, o permiso de circulación resultou estar caducado e, por riba, non correspondía a dito automóbil. Por considerarse "un error sen dolo e eliminador da malicia", resultou absolto.[128] Tampouco foi inusual que se tratara de infractores múltiples. Conducir sen carné sumábase acotío a ir sen matrícula polas inmediacións de Lugo, dobre infracción que lle supuxo, por exemplo, a Antonio N.C., unha condena a dous meses de prisión e dous anos sen poder obter a licencia.

Pero o verdadeiro problema destas infraccións é que pasaban a disposición xudicial porque os vehículos estiveran involucrados en accidentes de tráfico. Colisións contra vivendas, contra outros vehículos e contra bicicletas eran a mostra máis fidedigna da inexperiencia e da falta de capacidades dos condutores indocumentados. Ben é certo que o feito de ter carné non convertía aos que circulaban legalmente en condutores exemplares. Algúns, provistos de licencia, conducían baixo os efectos do alcol. Así o fixo Jesús R.S., quen atopándose nun estado de "intoxicación etílica" desviouse do seu carril e impactou co vehículo que circulaba en dirección contraria. Lonxe de asumir responsabilidades declarou "que algo bebera, pero que non estaba embriagado, que foi cousa de mala sorte". Houbo condutores certamente temerarios, como José V.G., que cando conducía polas aforas de Lugo un turismo marca Renault tentou adiantar a unha motocicleta nunha manobra perigosa, golpeándoa e provocando a caída do piloto. Foi condenado a 5.000 pesetas de multa, unha cantidade estimable a altura de 1960.[129]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[128] AHPLu. FX. Sum. 111. Sent. 242. Ano 1962; Sum. 365. Sent. 23. Ano 1962; Sum. 60. Sent. 161. Ano 1960; Sum.47. Sent. 38. Ano 1960; Sum. 345. Sent. 14. Ano. 1963.
[129] AHPLu. FX. Sum. 130. Sent. 173. Ano 1962; Sum. 162. Sent. 128. Ano 1965; Sum. 36. Sent. 75. Ano 1966.

Ilustración 6. Rapazas posando cunha moto. Lugo. Ano 1960.

Fonte: fondo propio.

O delito de imprudencia temeraria, vimos, estaba contemplado dentro do Código Penal para calquera conducta neglixente, o que rematou por vencellalo aos delitos viarios. En relación ás imprudencias de tráfico incoábase sumario naqueles casos nos que o quebrantamento da lei producíase "sen malicia", pero cuxos efectos revestían gravidade, é dicir, de existir danos persoais. Os atropelos foron a circunstancia máis usual, algúns con resultado de morte e motivados por descoidos e por accidentes (quedar o vehículo sen freos, ao tentar esquivar un obstáculo, etc.). Entre os procesados, igualmente varóns na inmensa parte dos casos, destacou a profesión de chofer xunto con aqueles profesionais que, diariamente, se trasladaban en automóbiles (viaxantes, inspectores, empregados, gardabarreiras, etc.).

De probarse que se tratara de feitos accidentais mediaba a absolución. Así aconteceu no caso de María del Carmen Y.R., de 31 anos, mestra e a única muller procesada por imprudencia, non puido esquivar a un neno que se lle cruzou inesperadamente cando conducía o seu SEAT 600 en dirección a Lugo, provocándolle a morte. Dositeo F.M., chofer

de profesión, perdeu o líquido de freos do vehículo que conducía, momento no que advertiu aos pasaxeiros para que se agarraran ben. Para lograr deterse houbo de manobrar ata impactar contra a varanda da ponte romana, non conseguindo esquivar a unha viandante que faleceu no acto. Tamén quedou absolto. Diferentes foron as circunstancias para Antonio S.P., un chofer de 27 anos que, sabedor de que tiña defectuosos os freos, alcanzou a Manuel V.R., que conducía unha carretilla, provocándolle a rotura do fémur, contusións, feridas e diversas erosións das que precisou 240 días para recuperarse. Manuel foi condenado a 3 meses de arresto, á privación do permiso de conducir durante un ano e a indemnizar ao prexudicado en 30.000 pesetas. Un accidente evitable determinante da sentenza condenatoria. [130]

A progresiva motorización dos desprazamentos na cidade de Lugo constitúe unha das máis visibles e profundas transformacións que viviu a urbe nos anos sesenta para tomar un aspecto que non estivera definido pola impronta rural. Contribuíu á confección dunha nova imaxe, máis dinámica, buliciosa e mesmo caótica en moitos sentidos. A rede de comunicacións vai permitir o contacto diario con xentes de parroquias próximas pero tamén doutros puntos de Galicia e do Estado, que acoden á cidade a realizar diferentes transaccións comerciais, e non se atopan xa con carros tirados por gando, senón con automóbiles de propiedade agora privada. Trátase dun cambio económico e cultural que transformou tamén a práctica delituosa da cidade pois eses vehículos deixaron a seu paso unha estela de infraccións e delitos que distaban dos rexistrados durante a posguerra.

### 3.5. Conclusión

Mirar a cidade de Lugo no tempo a través da delincuencia común foi o obxectivo deste capítulo, e isto permitiunos extraer unha serie de conclusións. En primeiro lugar, que a miseria máis absoluta asolou aos habitantes da cidade das murallas na posguerra e ata a década seguinte. As novas políticas económicas adoptadas polo réxime condenaron á poboación, que non puido usar no seu favor o negocio do mercado negro, á carestía e, con ela á "fame negra". Unha situación endémica que lonxe de paliarse acrecentouse coa imposición do sistema do racionamento, medida que desabasteceu mercados e baleirou estómagos, chegando ao extremo de provocar mortes e enfermidades por causa da inanición e da escaseza da inxestión de alimentos. Coa economía totalmente afundida para a maioría dos españois, a delincuencia contra a propiedade proliferou como paliativo, o que se traduciu no incremento vertixinoso de roubos e furtos famélicos, que pasaron a acaparar a actividade dos

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[130] AHPLu. FX. Sum. 143. Sent. 201. Ano 1963; Sum. 329. Sent. 46, Ano 1963; Sum. 29. Sent.77. Ano 1961.

tribunais ordinarios. A nivel estatal, a súa incidencia non baixou do 50% de toda a delincuencia rexistrada anualmente e roubos e furtos pasaron a ser o obxectivo prioritario das forzas do orde e da xudicatura, que os perseguiron e condenaron tenaz e severamente. A situación vivida en Lugo non foi, nin moito menos, máis alentadora co que se ten descrito para outras zonas do Estado e a delincuencia patrimonial alcanzou o 70% das incoacións. Víronse acusados e penados persoas de tódolos xéneros, condicións civís e idades, do rural e do urbano, de múltiples ocupacións que recorreron a ela para poder sobrevivir. Varóns novos, mulleres, anciáns e nenos que non contaban con antecedentes víronse na obriga de delinquir para contribuír á supervivencia familiar ou individual coa subtracción de toda clase de bens de pouco valor e fixérono ao longo e ancho de toda a cidade e dos concellos do rural da provincia de Lugo debuxando unha estampa miserenta.[131]

O roubo de cartos foi o máis usual dende 1945. Tratábase de pequenas contías que evidenciaron que Lugo era unha cidade onde a pobreza asoballaba aos seus habitantes. E malia que de pouco servía o papel moeda nun mercado coartado polo racionamento e polo desabastecemento, a posesión de cartos tivo sentido no pequeno mercado negro baseado na (re)venda de produtos en modestas cantidades e xerador de aínda máis modestas ganancias, pero que sufriu unha durísima represión polo réxime, en marcada diferenza co acontecido co "gran estraperlo".[132]

Pero se houbo un indicador da pobreza de posguerra en Lugo ese foi o relativo ás apropiacións de alimentos, que acadaron niveis nunca vistos ata o momento e sen parangón posteriormente. Absolutamente tódolos víveres eran susceptibles de subtraerse, pero sobre todo aqueles que conformaban a ración, tan caros como escasos (carne, pan, patacas, aceite, azucre, café...). Levábanse de todos os lugares imaxinables, dos establecementos de comestibles, da estación de tren, dos bares e mesmo das vivendas de veciños, evidenciando unha realidade de necesidade desesperada e urxente que se superpoñía ás lealdades comunitarias que deberan marcar a convivencia. Fronte a unha falsa imaxe de seguridade difundida polo réxime e que quedou marcada de maneira indeleble na memoria colectiva, unha ventá aberta ou unha porta mal pechada eran suficientes para alentar a unha persoa famenta a facerse con algo que levar á boca ou que revender para alimentar á prole. Roupas de uso diario e o enxoval constituían produtos igualmente cobizados, ben para gorecerse do frío, para cubrir as necesidades cotiás de vestido ou ben con vistas á confección da

[131] Lucía PRIETO e Encarnación BARRANQUERO: *Así sobrevivimos al hambre...*, pp.293-299.
[132] Gloria ROMÁN: "La economía del racionamiento. El recurso al estraperlo en los "años del hambre", *Andalucía en la Historia*, 64 (2019), pp.16-21.

imprescindible dote feminina. Sen importar se eran novos, estaban usados, gastados ou se simplemente servían para remendos, foron subtraídos dos tendais, de hospedaxes ou de maletas na estación de tren. O gando, vimos tamén que foi outra das opcións do ladroízo, claro indicativo de que Lugo era unha agrocidade na que as bestas tiñan unha forte presenza. Con vistas á revenda, ao autoconsumo ou para empregalos como forza de traballo, foron roubadas moitas cabezas de gando, entre os que destacaron os pequenos animais de curral (pitas e coellos) pola facilidade da subtracción e a sinxeleza do porte. Na documentación xudicial destacan esta tipoloxía de botíns, pero outros moitos compuxeron esas preas miserentas, algúns que se poderían considerar refugallos. Por exemplo, os restos de carbón que, espallados polas vías do tren, eran cobizados por persoas que vían neles un combustible co que quentarse nos duros invernos lugueses. A suma de expedientes sobre esta tipoloxía de delito debuxan unha cidade empobrecida, chea de necesidade, cunha grande pegada rural, e pode que a imaxe sexa aínda máis sorprendente por este motivo, pola disposición de espazos de cultivo que puideran paliar a necesidade.

Lonxe de reducirse, roubos e furtos alcanzaron o seu cénit en Lugo co cambio de decenio, nos anos cincuenta e fixérono baixo as mesmas premisas que os motivaran ata daquela, a necesidade. Non foi ata o fin do racionamento e á eliminación das cartillas cando as características da delincuencia común na cidade comezaron a mudar, da man tamén dun tímido proceso de urbanización da cidade que tardaría outros dez anos máis en abrollar. A mellora da situación económica dende mediados dos anos cincuenta con todo, tivo un impacto limitado sobre os máis humildes, incapaces de abandonar un estado de pobreza que parecía cronificado. Avances en materia económica que axiña resultaron eclipsados por un brote inflacionista a mediados da década, ao que si sucedeu o aumento vertixinoso do nivel de vida, acompañado igualmente do aumento das taxas de paro e dun agudizamento dos problemas de acceso á vivenda, factores que aínda que tiveron un menor impacto sobre a delincuencia contra a propiedade que noutras tipoloxías, arrebataron de golpe as poucas melloras experimentadas ata o de entón.[133]

Nese contexto deu inicio na cidade a conformación dunha bolsa de pobreza, unha carestía que xa non era xeneralizada nin determinada polo desaprovisionamento senón que afectaba a segmentos concretos da poboación e que derivaba da incapacidade de acceder a

[133] Daniel LANERO: "La política de vivienda del franquismo en una ciudad de tamaño medio: Santiago de Compostela (1940–1960)", en Daniel LANERO (coord.): *De la chabola al barrio social. Arquitecturas, políticas de vivienda y actitudes sociales en la Europa del Sur (1920-1980)*, Granada, Comares, 2020. Lina GÁLVEZ, Paula RODRÍGUEZ-MODROÑO e Mauricio MATUS: "Análisis histórico y de género del paro en España, desde el franquismo a la España democrática", *Historia Social*, 96 (2020), pp. 129-148. Lina GÁLVEZ: "Con Franco, no había paro", *Temas para el debate*, 172 (2009), pp. 68-70.

produtos que se vendían nos mercados. A comida seguía a faltar nas mesas de moitos lugueses e a delincuencia económica non cesou, porén, xa non se centraba en comestibles, nun gando cada vez menos visible na cidade nin nos téxtiles de uso diario. Privilexiáronse os cartos como obxectivo do botín, porque agora si, servían para a obtención de todo tipo de bens.

O abandono da cerrazón autárquica por parte do réxime permitiu reactivar os fluxos migratorios, convertidos nunha nova saída á precariedade económica do Lugo dos anos cincuenta. Non obstante, o arduo proceso burocrático, a lentitude dos trámites necesarios para abandonar o país e o numeroso dos requisitos solicitados motivaron o xurdimento de novas vías ilegais polas que acadar a ansiada saída. Neste contexto agromou unha nova forma de delincuencia asociada á emigración ilegal, que implicaba tanto a aquelas persoas que querían marchar ao estranxeiro en busca de oportunidades como aos que pretenderon sacar rédito da situación converténdose en "facilitadores" da saída. Fixérono, en ocasións proporcionando a documentación necesaria en tramas de corrupción, noutras, limitáronse a finxir que tiñan os contactos necesarios para conseguila, urdindo estafas.[134]

Ismael Saz ten sinalado que entre as características da década dos cincuenta está o tránsito da miseria á pobreza.[135] Lugo é a proba. Secasí, e a pesar do mencionado, o imaxinario colectivo erixiuna como unha época de bonanza, como teñen probado investigacións como as de Miguel Ángel del Arco baseadas na recollida de testemuños orais. A memoria disinte do que demostran outras fontes como a xudicial, o que estaría determinado pola mellora das condicións económicas capaces de crear "a percepción dun progreso entre os que sufriron maiores dificultades, podendo coadxudar a ter unhas actitudes políticas máis favorables ao réxime franquista, ao que desvinculaban do acontecido e si identificaban cos novos e mellores tempos".[136]

Os anos sesenta chegaron marcados por un Plan de Estabilización (1959) que propiciou un cambio de tendencia no económico, pero tamén no cultural, coa chegada a España dunha sociedade de consumo, máis "moderna" e dinámica.[137] Esta mudanza debe matizarse no caso de Lugo, e así o translocen as tipoloxías delituosas. En cidades pequenas

[134] Sobre esta cuestión ver: José BABIANO e Ana FERNÁNDEZ: "El fenómeno de la irregularidad en la emigración española de los años sesenta", *Fundación Primero de Mayo*, 3 (2002), pp.1-21. Salvador PALAZÓN: "La emigración española a América latina...", pp.8-9.

[135] Ismael SAZ: "Sobre "Plácido" (1962) de Luis García-Berlanga. España entre la autarquía y el desarrollismo: Plácido", Recuperado de internet (http://www.muvim.es/va/blog/espana-entre-autarquia-desarrollismo-placido), consultado o 4 de maio de 2022.

[136] Miguel Ángel Del ARCO: "Las hambrunas españolas del siglo XX...", p. 43.

[137] Francisco JIMÉNEZ: "A Spanish way of life...", p.94.

de provincias cunha forte influencia dos usos e costumes rurais os cambios foron máis paseniños e tardíos. No delituoso, tal pegada sentiuse a través dos delitos de lesións, protagonizados por agresións físicas de diferente intensidade empregadas como mecanismo co que dar solución a desavinzas cotiás. As pugnas interpersoais resultaron as máis abundantes e estiveron asociadas en non poucas ocasións a malos tratos conxugais ou paternofiliais, de autoría masculina que non tiñan consideración negativa algunha, á defensa de dereitos de propiedade e, as máis das veces, insuflados por un consumo excesivo de alcohol. As liortas, que tamén estiveron moi presentes como métodos de "defensa" entre afrontas á honra feminina e ao honor masculino, revélanse igualmente como unha forma de resolución da delincuencia contra a propiedade allea a xustiza e a consecuencia de transaccións consideradas abusivas, nunha lóxica de comportamento que viña de lonxe nas comunidades rurais que solucionaban a conflitividade de maneira interna e mediante o emprego da violencia e os rituais propios.[138]

Estes delitos, lonxe de descender a medida que mudaban as mentalidades, seguindo a dinámica doutras cidades do Estado, mantivéronse estables en Lugo, nunha clara mostra de que as formas de sociabilidade luguesas non se viron afectadas polos cambios culturais que se teñen como propios dunha sociedade consumo. Pero, a documentación xudicial nos anos sesenta si apunta mudanzas na cidade noutros aspectos. Os delitos relacionados cos accidentes de tráfico dan idea desa transformación que non permiten ver os delitos por lesións antes comentados. Se ata os anos cincuenta os accidentes de circulación protagonizábanos bicicletas, peóns, algún camión de mercadorías e o reducido parque móbil da administración pública, nos sesenta os turismos comezaron a colapsar a tipoloxía. Entre os factores determinantes do cambio situamos a industrialización e a produción en serie, que achegaron ao peto do cidadán medio a posibilidade de adquirir vehículos para uso e desfrute persoal, sen esquecer o asentamento dunha sociedade de consumo que achandou o camiño, por moito que non fora quen de arrastrar as lóxicas coas que se dirimía a conflitividade social.[139] O aumento de automóbiles necesariamente implicou o incremento do tráfico rodado e, os accidentes de tráfico, a revisión da normativa viaria existente, que pasou de contemplar exclusivamente as "imprudencias temerarias" á Lei do 9 de maio de 1950. Porén, unha lexislación máis completa non houbo de evitar que numerosos condutores circularan sen licencia, cos

[138] Miguel CABO e Francisco J.LEIRA: "Violencia e conflitividade na Galicia contemporánea: imaxes e realidades", en Miguel CABO e Francisco J.LEIRA (ed.lit.): *A xustiza pola man. Violencia e conflitividade na Galicia contemporánea*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2021, pp. 29-39.
[138] Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria*..., p.355.
[139] J. I. SAN MARTÍN: La industria española...", p.228.

permisos caducados ou falsificados, ou o fixeron sen as debidas garantías, polo que non era pouco habitual que colisionaran contra outros turismos, edificacións ou atropelaran a peóns.

Os delitos económicos non deixaron de medrar no Lugo dos anos sesenta, pero si mudaron enormemente as súas características con respecto ás identificadas nas décadas precedentes. O primeiro trazo distintivo constituírono as preas, con un valor superior ás da posguerra e ás dos cincuenta e cos cartos por claros protagonistas. Os alimentos deixáronse de lado como obxecto de subtraccións e foron mesmo superados polos téxtiles, que tamén reduciron a súa presenza nos botíns. Non obstante, cando alimentos e téxtiles foron obxecto de desexo de delincuentes na década dos sesenta xa se trata de bens de calidade, carnes e peletaría substituíron ao pan e as teas de posguerra, igual que as motos o fixeron coas bicicletas. Son mudanzas que poñen de manifesto o aumento do poder adquisitivo dos lugueses e tamén o ánimo de lucro dos ladróns.

A pobreza xa non era o móbil maioritario das apropiacións acontecidas en Lugo, pero iso non quita que se mantiveran procesamentos que aínda aludiron á necesidade dunha capa social en pleno "desenvolvemento". Roubos de comida, monetarios en ínfimas contías e aqueles furtos dos refugallos do carbón que xa estiveran presentes nos primeiros anos da posguerra na cidade continuaban a ser os botíns de grupos de persoas que conformaron as bolsas de "marxinais" na cidade.

A delincuencia que tivo o seu epicentro na cidade das murallas permite debuxar a imaxe dunha urbe sempre vencellada ao rural. A dunha gran aldea tinguida da máis absoluta miseria nos corenta, de roubos e furtos orientados unicamente a sobrevivir e onde as enfermidades e mortes por inanición eran unha realidade. A dun *hinterland* rural no decenio bisagra, onde a perentoriedade deu paso a unha pobreza que apertaba sen chegar a afogar, con tímidos avances en materia económica que aumentaron lixeiramente o poder adquisitivo dos lugueses e as preas dos ladróns. E a dunha pequena agrocidade na década dos sesenta, onde o desenvolvemento económico se foi afianzando, a sociedade de consumo comezou a agromar e na que unha cultura que xa copiaba modelos doutras cidades máis grandes erixiuse como elemento identificativo, que se fixo visible, por exemplo, a través da presenza cada vez maior de vehículos, que encheron as rúas e tamén os xulgados lugueses.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# CAPÍTULO 4. |
# A XEOGRAFÍA DOS DELITOS EN LUGO

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

## CAPÍTULO 4. A XEOGRAFÍA DOS DELITOS EN LUGO

### 4.1. A delincuencia e o espazo físico: un *xiro* para o estudo da delincuencia

Joan Muñoz apuntou que "pensar a historia é pensar nas continuidades e cambios acontecidos nas sociedades humanas ao longo do tempo, pero tamén é pensar nos espazos vividos, construídos e habitados onde se xustapoñen e se len todo tipo de accións, tensións e experiencias humanas".[1] Compartimos a anterior premisa en tanto en canto a delincuencia vén determinada por numerosos factores, entre eles, os económicos, os políticos e os sociais, pero tamén debe ser observada dende outras perspectivas que teñan en conta aspectos como o xénero. O xénero xa supuxo unha atalaia dende a que miramos a delincuencia acontecida en Lugo en capítulos anteriores. Neste será o espazo o que centrará o noso interese e farémolo a partir das metodoloxías proporcionadas polo *Spacial Turn*. Se ben non podemos considerar o xiro espacial unha tendencia novidosa, pois sobre esta xa reflexionaron autores como Georg Simmel a principios da centuria do XX e outros nas postremeiras do mesmo século, como Henri Lefevre ou Edward Soja, na actualidade diferentes correntes historiográficas recobraron o interese por poñer en valor o "espazo" como vector de análise histórico.[2]

Segundo Barney Warf e Santa Arias os traballos recentes nos campos dos estudos culturais volvéronse cada vez máis espaciais na súa orientación. Estes autores establecen a súa relevancia nos seguintes termos:

> "O espazo é unha construción social relevante para a comprensión das diferentes historias dos suxeitos humanos e para a produción de fenómenos culturais. Dalgunha maneira, esta transformación exprésase en termos semánticos simples, é dicir, o uso e supostos literais e metafóricos de "espazo", "lugar" e "mapeo" para denotar unha dimensión xeográfica como un aspecto esencial da produción de cultura. Noutras formas, con todo, o xiro espacial é moito máis substantivo, involucrando unha reelaboración da noción mesma e o significado da espacialidade para ofrecer unha perspectiva na que o espazo é tan importante como o tempo no desenvolvemento dos asuntos humanos, unha visión en cuxa xeografía non queda relegada

[1]Joan MUÑOZ: "El espacio como forma de hacer historia. Del giro espacial a la narrativa de la simultaneidad", s.e., s.d., pp. 1-19, esp.p.5.

[2] Georg SIMMEL: "Die Grosstädteund das Geistesleben", en: VON PETERMANN, T. (ed.): *Die Grossstadt: Vorträge und Aufsätze zur Städteausstellung*, Jahrbuch der Gehe-Stiftung, Suhrkamp Verlag, IX, 1903, pp.185-206. Edward SOJA: *Thirdspace: Journeys to Los Angeles and Other Real-and-Imagined Places. Oxford, Basil Blackwell*, 1996. ÍD: *Postmodern Geographies: The Reassertion of Space in Critical Social Theory*, London, Verso, 1989. Henri LEFEBVRE: *La production de l'espace*, Paris, Anthropos, 1974. ÍD: "The socio-spatial dialectic", *Annals of The Association of American Geographers, 70* (1980), pp. 207-225. Schwerhoff apunta a que fixérono especialmente no discurso humanístico e ao abeiro das ciencias sociais cunha extensa bibliografía, interdisciplinaria, transnacional, con marcados caracteres rexionais ou nacionais, especialmente nos ámbitos xermánico e francés. Gregor SCHWERHOFF: "Spaces, places, and the historians. A comment from a German perspective", *History and Theory*, 52, 3 (2013), pp. 420-432.

> a un segundo plano das relacións sociais, senón que está intimamente involucrada na súa construción. A xeografía importa, non pola razón simplista e manida de que todo sucede no espazo, senón porque o lugar onde acontecen as cousas é fundamental para saber como e porqué suceden."[3]

Sobre a importancia do espazo como variable interpretativa reflexionaron na historiografía nacional actual autores como Claudio Hernández Burgos e Alejandro Pérez-Olivares os que, na mesma tónica que os anteriormente citados, indicaron que o espazo non debe ser pensado como un simple "contedor inalterable do tempo", senón como un factor que é parte dos acontecementos e que, ao mesmo tempo, dálles sentido. Historiadores como Jeif Lerram van un paso máis aló e suxiren que este xiro espacial é unha extensión do xiro cultural e sinalan que a potencialidade do "espazo" está en que proporciona unha maneira de entender as relacións que abre o particular e o peculiar, pero tamén ofrece ferramentas para vencellar ese particular a procesos máis amplos que tenden a ser analizados pola historia en categorías taxonómicas coma clase, raza, xénero, sexualidade, Estado, experiencia ou lei.[4]

Xunto coas referencias ao xiro espacial, o emprego da microhistoria e as súas ferramentas metodolóxicas resultan obrigadas, porque permiten atender aos lugares delituosos no seu devir cotián. Trátase, seguindo a Giovanni Levi:

> "De identificar as cousas relevantes sen a pretensión de xeneralizar situacións, persoas ou lugares: é dicir, individualizar e xerar preguntas, conservando a particularidade do obxecto que se estudaba, imaxinando o traballo do historiador como a tarefa da proposta de preguntas xerais, que se poden dirixir a situacións diferentes para obter delas a vantaxe que implica a diversidade de respostas posibles, pero preservando a irredutible particularidade de toda realidade histórica."[5]

É desta perspectiva "micro" da que deriva o vínculo necesario coa *Alltagsgechichte*, da que tomamos a meta de adentrase na vida cotiá das persoas correntes. Nesta liña que vencella o *Spacial Turn* coa historia da vida cotiá xiran as investigacións de Kate Ferris, que sinala que:

[3] Barney WARF e Santa ARIAS: "Introduction: there insertion of space into the social sciences and humanities", en Barney WARF e Santa ARIAS (eds.): *The Spatial Turn. Interdisciplinary perspectives*, Londres-New York, Routledge, 2009, pp. 1-10, esp.pp.1-2.

[4] Claudio HERNÁNDEZ e Alejandro PÉREZ-OLIVARES: "Espacios de conflicto: el giro espacial en la historiografía española", *Rúbrica Contemporánea*, 10, 19 (2021), pp. 1-6, esp. p.1. Leif JERRAM, "Space: A uselesscategory for historicalanalysis?", *History and Theory*, 52, 3, (2013), pp. 400-419, esp.pp.401-404.

[5] Giovanni LEVI: "Apostilla. Microhistoria e historia total", *Anuario IEHS*, 36, 2 (2021), pp. 209-213, esp.pp. 210-211. Ao propio Levi como protagonista da proposta da microhistoria súmanse Edoardo Grendi, Carlo Ginzburg, Carlo Poni, Edward Thompson e Natalie Zemon Davis, entre outros.

> "Pese á ambigüidade da nomenclatura, o cotián é evidentemente un descritor cronolóxico: investigadores interesados en explorar as historias da vida cotiá, incluídas aquelas vividas baixo a ditadura, levan moito tempo preocupados polos *espazos* nos cales as experiencias subxectivas de vida, prácticas, accións, actitudes e puntos de vista son representados, formados e construídos".

En relación ao anterior, apunta, nas obras dos primeiros historiadores da *Alltagsgechichte* comportamentos e tácticas simbólicas foron postas en práctica e quedaron claramente á vista (fábricas, prazas públicas e rúas, clubs de música, mercados, casas...) de maneira que "o cotián encadrouse espacialmente".[1] En palabras de Lüdtke, "cada home e cada muller fixo historia diariamente" e fixérono encadrados nuns espazos cotiás determinados.[2] A Historia da Vida Cotiá alemá outorga, por tanto, identidade aos individuos anónimos e clarifica a cara menos visible da historia, os cambios e continuidades que teñen lugar no transcurso da mesma e en determinadas comunidades e agregados sociais.

Conforme ao anterior, e con vistas a continuar ofrecendo unha mirada novidosa no que ten que ver cos estudos sobre a delincuencia común no franquismo, este capítulo persegue explorar a interdependencia e as interaccións entre delincuencia e espazo, pensadas conxuntamente e privilexiando, na análise do delito, a súa inserción nas coordenadas xeográficas. Propoñemos unha forma de comprender o delito a través do espazo, o que permite unha interpretación particular daquel e que clasificaremos nas seguintes categorías: os lugares de abasto, entre os que salientamos o mercado municipal, sito nas rúas Quiroga Ballesteros e na Praza de Santo Domingo (composto pola Praza de Abastos e o Mercado de Banquetas), e os diferentes establecementos de ultramarinos, tendas locais e de barrio diseminadas pola cidade aos que acudían as amas de casa luguesas para efectuar as compras diarias. Na Praza Conde de Fontao localizamos un dos espazos fundamentais de recepción e transporte de persoas e mercadorías, a estación de tren de Lugo, que se converterá nun foco de delincuencia de modo similar ao que aconteceu cos apeadoiros de parroquias rurais próximas. Sen esquecer o casco histórico da cidade, onde se espallaron os enclaves de ocio, tanto "lícito", composto por cafeterías, bares e tabernas como polos espazos "ilícitos", considerados inmorais polo réxime, entre os que destacaron prostíbulos e casas de citas. Todos os sitios mencionados, ben pola maior facilidade que daban á persoa para pasar

[1] Kate FERRIS: "Everyday Spaces: Bars, Alcohol and the Spatial Framing of Everyday Political Practice and Interaction in Fascist Italy", *European History Quaterly*, 52, 2 (2022), pp.136-159, esp.p.137.
[2] Lüdtke ALF: "De los héroes de la resistencia a los coautores. "Alltagsgeschichte" en Alemania", *Ayer*, 19 (1995), pp.49-70, esp.p.50.

desapercibida, ben por constituíren espazos de marxinalidade ou polo consumo excesivo de alcol resultaron prolíficos para o xurdimento dun amplo abano de delincuencia.

Apostamos por facer uso dunha metodoloxía dobre. A primeira, aquela que vén determinada polo xiro espacial, mediante o recurso a cartografías, fotografías, o rueiro da propia cidade, a localización dos seus monumentos e establecementos. Os mapas conteñen a representación a nivel "macro" de diferentes puntos do centro urbano, mentres que os fondos fotográficos, correspondentes a un nivel "micro", achégannos ás imaxes das fachadas de establecementos e vivendas sitos nos lugares xeolocalizados previamente. Imaxes que, xustapostas, contribúen a modelar o "entorno" ata dotalo de significado e identidade propias.[3] En ámbolos casos, trátase de documentos custodiados no AHPLu, sendo os mapas parte dunha extensa colección do fondo "Mapas, planos e debuxos" e as imaxes as resultantes do rexistro levado a cabo no Catastro dos anos 70, o máis próximo ao noso período de estudo cuxa consulta está dispoñible ao público. En relación ás fontes non gráficas, novamente servirémonos de documentación xudicial para a observación da delincuencia, mais tamén da administrativa co recurso aos expedientes para a apertura ou renovación de licencias de rexencia de bares, cafés e tabernas. Unha última fonte xa referenciada en capítulos previos, a documentación do Padroado de Protección á Muller, valeranos tanto para definir tanto o estado como a localización da prostitución luguesa e as políticas implementadas en relación á mesma, así como para confeccionar a imaxe do estado moral da cidade das murallas.

### 4.2. O mercado como lugar do delito

A documentación xudicial revela como a situación económica experimentada polos lugueses e a súa propia deriva ao longo do tempo resultou un factor determinante das características que adoptou a delincuencia. Por conseguinte, a miseria de posguerra, a pobreza do decenio bisagra e as diferenzas sociais derivadas do "desenvolvemento" repercutiron directamente nos modos nos que os habitantes da cidade das murallas e a súa contorna infrinxiron a lei, no que podemos definir, en palabras de De Certeu como: "tácticas populares ás que recorre a xente nas súas actividades diarias para reverter o actual estado de cousas para seus propios fins", e que ademais "dalgún modo representaron un desafío ao poder ditatorial".[4] Pero este impacto non só influíu nos índices de delitos económicos, tamén

[3] Giacomo MARRAMAO: "Spatial turn: espacio vivido y signos de los tiempos", *Historia y grafía*, 45 (2015), pp.123-132. Recuperado de internet (http://www.scielo.org.mx/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S1405-09272015000200123&lng=es&tlng=es.), consultado o 8 de xuño de 2022. Alejandro PÉREZ-OLIVARES: *La victoria bajo control...*, p.23.
[4] Gloria ROMÁN e Miguel Ángel DEL ARCO: "¿Resistir con hambre?...", p.108.

o fixo sobre os espazos onde se manifestou a pobreza, convertendo determinados enclaves da cidade, polas súas características (soidade, pouca ou nula vixilancia, escuridade, etc.) en paraxes da miseria, proclives ao xurdimento da delincuencia. Entre os lugares nos que se fixo eco o intento por artellar estratexias de supervivencia están o mercado municipal e os comercios de ultramarinos da cidade luguesa, que serán o foco temático deste apartado.

Ilustración 7. Praza de Abastos. Lugo. Anos 1945-1950.

Fonte: AHPLu. Fondo fotográfico José Luís Vega. Sig.: 01834-08.

O mercado de Lugo, que conserva o seu emprazamento orixinal e, por tanto, o espazo que ocupou durante o franquismo, localízase intramuros nas céntricas Rúa Quiroga Ballesteros e Praza de Santo Domingo. Desde a súa creación experimentou un considerable número de modificacións arquitectónicas que mudaron a súa faciana en termos de modernidade e tamaño. Dúas son as construcións que conforman o mercado de abastos lugués, a Praza de Abastos e o Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros, situados un fronte ao outro na mesma rúa, aberta unicamente á coñecida popularmente como a "Praza" nun dos seus accesos á Praza de Santo Domingo.

O primeiro mercado da cidade constituíuno a Praza de Abastos. Proxectada en 1841, consistía na altura unicamente en 16 modestas casetas e un pavillón.[5] A finais do século XIX

[5] O século XIX marcou o inicio da construción de diferentes mercados de abastos na península. Alberto FERNÁNDEZ: "Arquitectura y urbanismo en la Sevilla ochocentista: la plaza-mercado de la Encarnación",

o Concello de Lugo contempla a necesidade de construír unha nova, proxecto que se puxo en mans do arquitecto municipal Juan Álvarez de Mendoza quen, inspirado nos mercados e prazas vascas, materializa o seu traballo en 56 postos cubertos e 88 ao aire libre. En plena posguerra, este edificio sufre unha nova remodelación da man do arquitecto municipal Eloy Maquieira Fernández, quedando inaugurada a nova Praza de Abastos en 1942.[6]

A creación do Mercado de Banquetas ou Mercado Novo de Quiroga Ballesteros data de comezos do século XX, proxectouse nun solar anexo á Igrexa de San Francisco, hoxe Igrexa de San Pedro, nacionalizado coa desamortización de Mendizábal. O seu artífice foi Leoncio Bescansa en 1909, experimentando desde entón numerosas ampliacións orquestradas polos diferentes alcaldes da cidade (1913, 1925, 1930). Os proxectos máis relevantes foron desenvoltos a mediados dese mesmo século polos arquitectos Ruperto Sánchez Núñez e o experto en Belas Artes Francisco Pons Sorolla, entre os que destaca a súa ampliación en altura en dúas plantas en 1970, que lle outorgou o aspecto actual.[7]

A Praza e o Mercado de Abastos artelláronse en torno a "postos" especializados en diferentes produtos de consumo diario propios da gastronomía galega, tanto frescos (peixerías, carnicerías, queixerías, froitarías, etc.) como de conservas, de embutidos ou de produtos cociñados, entre os que o produto estrela era o "polo ao *l'ast*" (pito asado sobre un espeto que xira). Nos días de mercado (martes e venres) tamén tiña lugar alí o comercio de animais vivos (pitas, coellos...). Os devanditos postos, de titularidade pública, eran adxudicados a empresarios que, á súa vez, optaban por contratar a tendeiros que os rexentasen. Estes últimos foron esencialmente mulleres que, nalgúns casos, co transcurso dos

*Anuario del Departamento de Historia y Teoría del Arte*, 21 (2009), pp. 205-222. Juan Antonio ARENILLAS: "El mercado de abastos de Marchena (1840-1930)", en Ayuntamiento de Marchena (ed.): *Jornadas sobre historia de Marchena. Marchena en los tiempos contemporáneos (siglos XIX-XX)*, Sevilla, 1999, pp. 101-122.

[6] Nos 90 procedeuse a unha remodelación integral que procuraba a modernización dunhas instalacións obsoletas. Finalizadas en 1991, deixan un mercado de abastos conformado por 80 postos en man de 41 titulares. A última actuación na Praza produciuse no ano 2016 e tivo por obxectivo, segundo os seus propios idearios "eliminar todo o engadido no interior e abrir a Praza ao exterior, facendo o edificio más diáfano". "Años 90, la reforma que modernizó unas instalaciones obsoletas", *La voz de Galicia*. Recuperado de internet (https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/lugo/2015/12/16/anos-90-reforma-modernizo-instalaciones-obsoletas/0003_201512L16C2994.htm), consultado o 4 de agosto de 2022. "Reforma Plaza de Abastos de "Lugo / OLAestudio + MERCASA". Recuperado de internet (https://www.plataformaarquitectura.cl/cl/877276/reforma-plaza-de-abastos-de-lugo-olaestudio-plus-mercasa?ad_medium=widget&ad_name=navigation-prev), consultado o 4 de agosto de 2022.

[7] A última das súas reformas foi coetánea á da Praza, xa na actualidade, e estivo en mans do arquitecto José Arias Jordán, quen fora o artífice da remodelación da Praza nos 90. Buscou tanto a modernización como a supresión dos postos fixos de venda de produtos do campo, os que foron substituídos por outros móbiles instalados exclusivamente os días de mercado (martes e venres) deixando ese espazo libre para outras actividades os restantes. "Praza de Abastos e Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros". Recuperado de internet (http://mercadodelugo.gal/gl/content/14-presentacion), consultado o 3 de agosto de 2022. Enrique G.SOUTO: "El mercado de Quiroga Ballesteros sufrirá una amplia reforma", *La voz de Galicia*. Recuperado de internet (https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/lugo/2013/07/31/mercado-quiroga-ballesteros-sufrira-amplia-reforma/0003_201307L31C5993.htm), consultado o 4 de agosto de 2022.

anos obtiveron o traspaso dos negocios converténdose nas súas propias xefas. Outra das casuísticas habituais destes negocios foi que se transformasen en negocios familiares ao empregarse pais e fillos conxuntamente, renovándose a concesión xeración tras xeración.

Ilustración 8. Novo Mercado de Quiroga Ballesteros. Ano 1950.

Fonte: AHPLu. Fondo fotográfico José Luís Vega. Sig.: 1861-06 (1951)

O bulicio era a tónica cotiá vivida na Praza de Abastos e no Mercado de Banquetas dende a súa apertura, e tamén nos anos que seguiron á guerra civil. Os días de trasfega coincidían cos "días de mercado", nos cales persoas procedentes de parroquias rurais próximas acudían á cidade para a venda de produtos artesáns. A algarabía traducíase na maior presenza de rateiros no mercado que aproveitaban a confusión xerada polo tumulto e as vendas frenéticas para proceder ás accións delituosas. A celeridade foi chave na comisión deste tipo de delitos, o que requiriu da presteza por habilidade. Botarlle a man ás mercancías expostas ao pasar canda ela e mesturarse posteriormente entre os compradores foi unha opción de perpetrar o roubo. Porén, se houbo unha fórmula maxistral de delito que se repetiu constantemente no mercado foi a empregada polos "carteiristas", consistente, como o seu nome indica, en tácticas que buscaban subtraer as carteiras da clientela do mercado. A documentación xudicial referencia tales actuacións baixo unha fórmula común que se vai repetir na inmensa maioría de delitos que tiveron ao mercado municipal por escenario. Trátase de sixilosas manipulacións coas que arrebataban moedeiros e carteiras do interior dos

petos, onde a pericia debía ser suficiente para introducir a man sen ser visto ou facelo polo interior da roupa sen rozar á vítima, un *modus operandi* co que moitas persoas perderon os cartos destinados a sufragar os gastos da xornada de compras e ás veces, máis. A habilidade dos ladróns era tal que non eran poucas as ocasións nas que as vítimas só apercibían o acontecido cando ían facer unha nova compra e buscaban os cartos para pagar. Iso foi o que lle aconteceu a Dolores C.F., que estaba facendo compras na Praza nun día de 1945 cando notou o bolso aberto e, ao comprobar se o tiña todo decatouse de que lle faltaban unhas 900 pesetas.[8]

Ilustración 9. Comprando peixe na Praza de Abastos de Santo Domingo. Ano 1965.

AHPLu. Fondo fotográfico José Luís Vega. Sig.: 6714/15

Os executores podían actuar tanto sos ou acompañados, sendo un o elemento de distracción e outro o executor. Dada a súa reincidencia estes eran vellos coñecidos dos/as tendeiros/as e tamén o acaban sendo das autoridades como o indican as minuciosas descricións que deles fan nos seus informes. O perfil esbozado apunta a que os ladróns de carteiras foron de tódalas idades e xéneros, se ben destaca a presenza de homes mozos, algúns menores de idade e incluso nenos, que xa aos 12 anos eran capaces de levar carteiras

[8] AHPLu. FX. Sum. 171. Ano 1945.

sen deixar rastro. Cómpre destacar que neste espazo a presenza de mulleres como autoras do delito é superior ás taxas doutros espazos, pois eran quen de pasar desapercibidas nun contexto socialmente moi vencellado con elas. A ollos da sociedade, a súa presenza nos mercados cumpría co modelo ideal de muller franquista, en palabras de Jordi Roca, resultante da síntese entre modelo burgués de ama de casa e o modelo cristián-católico de xénero, o que deixou "importantes ámbitos de sociabilidade feminina en contornas de interacción pública como a tenda, a rúa, os lavadoiros, a igrexa...".[9] Unha destas mulleres carteiristas coñecida na cidade e co mercado como espazo de acción foi Ramona P., (aparece na documentación sen segundo apelido), unha muller de 25 años e solteira que é descrita como baixa, rubia e grosa, e que foi procesada en diversas ocasións (1945 e 1951) e conceptuada como "carteirista" habitual.[10]

Facer uso da forza para levar algunha mercancía nos postos do mercado cando as instalacións estaban pechadas foi outra das estratexias. Fórmula empregada usualmente por varóns aínda que houbo excepcións. Entrañaba certos riscos. María V.C., de 19 anos tentou forzar o enreixado dun dos locais da praza para roubar o que contiña a caixa tras unha xornada de vendas, pero collérona coas mans na masa. Foi procesada por un delito de roubo en grao de frustración e condenárona a unha multa de 1.000 pesetas e a indemnizar ao propietario do posto polos danos causados.

Tamén estiveron á orde do día os enganos, cometidos por ámbolos xéneros por igual, e que supoñían levar a cabo estafas nas que os delincuentes se valeron da boa fe das persoas. En 1949 Consuelo S.A., que estaba á fronte dun posto dedicado á venda de ovos e queixos, foi vítima dunha delas. Segundo relatou, un individuo que describiu detalladamente como "duns 30 anos, delgado, alto, moreno, con bigote pequeno, traxe negro a raias claras, cunha boina no peto" levou ovos por valor de 1.620 pesetas baixo o pretexto de que eran para o Cuartel do exército da Ronda das Mercedes, e crendo na veracidade das súas palabras, a tendeira fíxolle un vale pola cantidade adquirida para que o pagara máis tarde, pero o home nunca regresou para redimirse da débeda.[11]

Desde o punto de vista delituoso a Praza non foi só lugar de pequenas ou medianas subtraccións, se ben foron os delitos que acontecían con maior asiduidade. Os sumarios dan conta da conflitividade laboral que tamén tiñan nela un espazo privilexiado. En 1952, por exemplo, as rivalidades entre provedores e tendeiros motivaron "unha guerra de prezos" que

[9] Jordi ROCA: "Los (no) lugares de las mujeres durante el franquismo: el trabajo femenino en el ámbito público y privado", *Gerónimo de Uztariz*, 21 (2005), pp. 81-99, esp.p.87.
[10] AHPLu. FX. Sum. 282. Ano 1951; Sum. 111. Ano 1945.
[11] AHPLu. FX. Sum.52. Sent. 200. Ano 1945; Sum. 432. Ano 1949.

chegou a instancias xudiciais. María T., coñecida na Praza de Abastos como "A Valenciana" porque se dedicaba a traer laranxas ao por maior desta rexión, interpuxo unha denuncia contra varios almacenistas Gerardo M.R., de 31 años, Andrés L.S., de 25, Julia M.R., de 33, Benigno V.B., de 52, Francisco V. F., de 34 e Arturo A.A., de 32. A orixe do conflito residía en que os seus prezos eran os máis económicos e, tras declinar a proposición de fixar un prezo superior de venda das froitas como lle requirían os rexentes do resto de negocios, aqueles decidiron boicoteala. Fixérono mediante ameazas aos tendeiros, que debían deixar de mercarlle laranxas á Valenciana se querían ser abastecidos doutros produtos. Porén, non todos accederon á chantaxe, o que xerou unha pugna entre detractores e partidarios de María, o desabastecemento dos postos e unha "guerra co Concello". Sen coñecer como rematou o tira e afrouxa, o que si sabemos é que a causa finalmente foi sobresida.[12] Obviando a sempiternamente protagonista delincuencia económica, a Praza tamén foi testemuña doutros acontecementos anecdóticos constitutivos de delito. Algúns deles certamente perturbadores. Así debeunos vivir José M.C., tendeiro dun posto de carne, quen unha mañá de 1955 sufriu ameazas de morte a punta de pistola por Ángel P.G., un veciño de Lugo. O home, malia padecer unha enfermidade psiquiátrica, tiña a pistola debidamente legalizada, circunstancias que facilitaron que o sumario non pasara do sobresemento provisional.[13]

O fin do racionamento non se traduciu nun alivio no número de causas incoadas en relación á delincuencia contra a propiedade neste espazo. Habería que agardar ata 1956 para que os efectos da mellora da situación económica se deixaran sentir na praza e no xudicial. Fixérono unicamente desde o punto de vista cuantitativo, cun número de causas co mercado municipal por escenario que caen en picado ata convertérense en residuais no conxunto da mostra e mesmo ausentes nalgunhas anualidades. A mellora das condicións de vida dos lugueses, por un lado, pero tamén de que moitos destes sucesos non eran denunciados ante a incapacidade das autoridades de achar culpables e resarcir os danos causados, por outro, estarían detrás desta baixada de cifras. En contraste, dende unha perspectiva cualitativa non observamos grandes cambios senón unha certa diversificación delituosa. Como parte dese *continuum,* algúns dos sumarios rexistrados mantiveron ás fórmulas xa referenciadas no anterior período, a saber, furtos de carteiristas, como o executado polo menor Ángel M.O. en 1965, cun botín de 400 pesetas, ou roubos solitarios, como o que padeceu o local de Enrique V.M., situado no posto nº 35 da Praza, que non deixou culpables senón 1.600 pesetas menos,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[12] AHPLu. FX. Sum.3. Ano 1952.
[13] AHPLu. FX. Sum. 71. Ano 1955.

constitúen exemplos do anterior.[14] Porén, entre eles agromaron outros delitos, máis puntuais e novidosos, que amosaron modos de roubar máis sofisticados. En 1962, o director adxunto da FRIGSA sinalou directamente a un posto frigorífico da Praza como lugar de venda das 13 linguas que foran roubadas polos seus propios empregados, valoradas en 612,50 pesetas. Aínda que o sumario foi sobresido pola dificultade que entrañaba rastrexar o destino dos cárnicos e demostrar (ou non) a súa adquisición ilícita, tal suceso reflicte que o espazo xa non era so lugar para a activación da picaresca ou por "ladróns" ao uso, senón tamén por persoas que non estaban catalogadas socialmente como tales, neste caso, traballadores da FRIGSA e da Praza.[15]

Ilustración 10. "O Poliño". Praza de Abastos. Ano 1966.

Fonte: fondo propio

As compras que lugueses e foráneos realizaban no Mercado e Praza de abastos completábanse con outras en comercios de ultramarinos próximos cuxa localización determinaba as rutas diarias de moitas amas de casa luguesas. Aínda que menos concorridos, estes establecementos resultaron igualmente atractivos para os rateiros pois dispoñían de todo tipo de produtos, dende alimentos, a obxectos de uso cotián e mesmo prendas de vestir.

[14] Ángel pasou a disposición do Tribunal Tutelar de Menores AHPLu. FX. Sum. 78. Ano 1965; Sum. 7. Ano 1962.
[15] AHPLu. FX. Sum. 125. Ano 1962.

Sufriron unha delincuencia moi similar á explicada ata o de agora na Praza: víveres e carteiras que desaparecían froito de furtos en horario de apertura ao público ou de roubos aproveitando a soidade e nocturnidade. Durante os anos da fame os roubos foron maioritariamente de comestibles, especialmente os racionados como o tan valorado café, o azucre, o aceite, o touciño ou os chourizos. Tamén algunha prenda de roupa, particularmente aquelas sometidas a maior desgaste como o calzado. En 1945, Carmen C.B., de 19 anos e conceptuada como de mala conducta, aproveitou que Manuel C.L., propietario dun establecemento de ultramarinos da céntrica Rúa San Pedro, saíra dar un paseo para apoderarse de 2 kg de café e 22 de azucre taxados en 158 pesetas. Unha parte do botín vendeullo á súa veciña Cándida S.B., "compradora de boa fe", segundo a sentenza. Ao ser descuberta, incautáronlle o café e o azucre que aínda non vendera e as ganancias da transacción con Cándida, 45 pesetas, e condenárona a 4 meses de arresto.[16]

A predilección por este tipo de preas perdurou ata 1952, desde entón víronse substituídas paseniñamente por cartos.[17] Os moedeiros resultaron ser unha presa fácil, especialmente cando quedaban esquecidos nos mostradores das tendas. Erundina M.V., nunha mañá de compras, saía da Praza de Abastos para dirixirse a "Los Dos Hermanos" ultramarinos sito na Rúa Nova, a cinco minutos de alí. Ao marchar do establecemento, andados escasos 100 metros, notou a falta das luvas e do moedeiro, polo que mandou a súa filla a recuperalos, pero sen éxito. As sinaladas como sospeitosas do furto foron Dolores M. G., de 22 años, de profesión asistenta do fogar, e una nena de 12, María Elena M.P., das que non se probou autoría, polo que o sumario non se resolveu.[18]

Se as compras femininas estaban orientadas a satisfacer as necesidades alimenticias familiares, a presenza de clientela masculina en tendas de comestibles tivo un propósito diferente e respondeu, normalmente, ao propio autoconsumo ou á realización de pequenos encargos, o que non os liberaba de seren vítima dos "carteiristas". Ás tres da tarde Luís V.M. acudiu ao ultramarinos "Veigas", da Avenida da Coruña, para mercar tabaco (tamén era estanco) e castañas. No momento de pagar esqueceu gardar a carteira, que quedou depositada sobre o mostrador. Cando Luís a botou en falta xa resultou irrecuperable. Nela levaba 3.000 pesetas.[19]Ás veces os roubos nos establecementos de comercio non eran obra de carteiristas e ladróns "profesionais", senón de coñecidos da vítima. Tal foi o caso de Manuel B.L., de 21

[16] AHPLu. FX. Sum. 7. Sent. 64. Ano 1945.
[17] Tamén téxtiles, como vimos no anterior capítulo, de prezos moi elevados. AHPLu. FX. Sum. 230. Ano 1946; Sum. 226. Ano 1946; Sum. 40. Ano 1961.
[18] AHPLu. FX. Sum. 242. Ano 1956.
[19] AHPLu. FX. Sum. 99. Ano 1957.

anos, quen un 28 de xaneiro de 1961 apoderouse de 10.000 pesetas que tiña gardadas Manuel D.P.no seu comercio de ultramarinos, ao que en ocasións axudaba a despachar. Foi condenado a 6 meses de cadea.[20]

Aproveitando que as autoridades eran de sobra coñecedoras de que estes establecementos padecían a lacra dos roubos, algúns tentaron quitar rédito económico da situación. Juan Guillermo S., por exemplo, denunciou o roubo de 100.000 pesetas do seu establecemento, o "Ultramarinos Santorum", na Rúa General Mola, hoxe Rúa do Teatro, supostamente acontecido ao medio día, cando pechaba para o xantar. O caso non chegou a ser resolto, porén, as investigacións non tardaron en aludir as súas intencións de "formar sociedade cuns amigos para o que debía investir 200.000 pesetas (...) polo que ben puidera ter simulado o roubo para eludir o compromiso".[21]

O mercado de abastos e os establecementos de ultramarinos constituíron, no Lugo franquista, espazos para a comisión de pequenos furtos e roubos de cartos e víveres, algúns por necesidade, especialmente na posguerra e nos anos cincuenta, e outros por ser a forma de vida de sectores marxinais de poboación, especialmente rapazada. Só uns poucos roubos acadaron contías superiores que evidencian o obxectivo do enriquecemento persoal. Aínda que todos estes roubos e furtos foron executados por persoas de ámbolos xéneros, a presenza feminina foi certamente superior pois coma veremos, os espazos de traballo e de sociabilidade franquistas viñeron determinados en función do sexo e, se o bar foi un espazo de sociabilidade masculina, o mercado de abastos e os comercios e ultramarinos representaron o propio para as mulleres.

### 4.3. A estación de tren: a creación dun espazo marxinal

A estación de tren de Lugo localízase na actualidade no seu emprazamento orixinal, ao noroeste da cidade, na actual Praza Conde de Fontao, Praza da Estación durante o franquismo. Atópase no exterior de murallas, pero próxima ao centro que o monumento delimita. Foi inaugurada en 1875, ao tempo da apertura do tramo A Coruña-Lugo da liña férrea Palencia-A Coruña da man da Compañía dos Ferrocarrís de Asturias, Galicia e León, unha obra de grande complexidade debido á orografía do terreo.[22] Desde 1941 (e ata 2004) a

[20] AHPLu. FX. Sum. 40. Sent. 110. Ano 1961.
[21] AHPLu. FX. Sum. 241. Ano 1960.
[22] Hemeroteca Digital. Biblioteca Nacional de España: *Gaceta de los caminos de hierro*, "Crónica: Ferro-carril del Noroeste", 17 de outubro de 1875, p.667. Recuperado de internet (https://hemerotecadigital.bne.es/hd/card?oid=0000000163), consultado o 9 de agosto de 2022.

estación dependeu da RENFE, compañía que resulta da unificación de tódalas compañías ferroviarias existentes nunha única de carácter estatal.[23]

Ilustración 11. Mapa actual da localización da estación de tren de Lugo.




Fonte: Recuperado de internet (https://www.adif.es/w/20309-lugo?pageFromPlid=335), consultado o 9 de agosto de 2022.

A súa morfoloxía é común, en esencia, á doutras estacións de tren españolas. Conta con tres partes fundamentais: unha praza exterior, o edificio onde se aloxan os servizos administrativos e o espazo polo que transcorren os tranvías. A praza é un espazo de mediano tamaño coñecido popularmente como "a explanada da estación". Trátase dun recinto reservado ás actividades que requirían de manobrabilidade: a carga e descarga de mercadorías, o aparcamento de vehículos, aínda que sempre considerada deficitaria neste senso, lugar tamén pensado para a recepción de usuarios da estación. O edificio de viaxeiros está composto por dúas plantas, cunha estrutura rectangular de aspecto clásico onde se albergan os servizos de venda de billetes e o de atención ao cliente, así como a cafetería e os baños. Unha vez cruzado o limiar da edificación, onde se procede aos trámites pertinentes para o transporte, comeza o espazo ocupado polas vías, plataformas e raís polos que transitaban os trens. A estación foi un símbolo do progreso da cidade:

[23] Miguel MUÑOZ: *RENFE: 75 años de historia (1941-2016)*, Fundación de los Ferrocarriles españoles, 2016. Recuperado de internet (https://www.tecnica-vialibre.es/documentos/Libros/Renfe75Anios.pdf), consultado o 8 de agosto de 2022. Mikel ITURRALDE: "La RENFE de Franco", *El Correo*. Recuperado de internet (https://www.elcorreo.com/bizkaia/sociedad/201601/23/renfe-franco-20160122231133.html?ref=https%3A%2F%2Fwww.google.com%2F.), consultado o 9 de agosto de 2022.

"A comezos do século XX Lugo era a única cidade de España da que saía un tren a diario para o transporte exclusivo de gando (...). O ferrocarril permitiu a Lugo, ademais, converterse nunha das cidades a onde chegaban máis toneladas de sal por este medio de locomoción. Sal empregada, a unha media de 150 kg ao ano, nas casas de labradores para a curación da carne da matanza e cuxo coste do transporte en tren, da Coruña a Lugo, era de 12 pesetas por tonelada".[24]

Ilustración 12. Vista da estación de tren de Lugo desde o Sagrado Corazón. Lugo. Ano 1890.




Fonte: S.A. Recuperado de internet (http://vlogderosendo.es/se-buscan-fotos-antiguas-del-barrio-del-sagrado-corazon-en-lugo/foto-de-la-estacion-de-tren-de-lugo-desde-el-sagrado-corazon-en-1890-lauret/), consultado o 18 de agosto de 2022.

Durante a ditadura, a devandita estación constituíu un dos puntos quentes da delincuencia na cidade.[25] A razóns son que se trataba dun amplo espazo aberto sobre o que era difícil exercer un estreito control e, relacionado co anterior, a facilidade que outorgaban tales dimensións á hora de pasar desapercibido. Para garantir a seguridade no recinto e perseguir conductas contrarias á lei a estación de tren de Lugo contou cun corpo de seguridade propia. Trátase do corpo de "Gardería Xurada" da Rede Nacional de Ferrocarrís Españois, creado en 1941, e que en 1945 pasou a denominarse "Grupo de Investigación e Vixilancia de Renfe". Estes gardas tiñan a consideración de axentes da autoridade no

[24] Sabela CORBELLE: "A ponte da Chanca celebra 150 anos coa chegada do Ave", *El Progreso*. Recuperado de internet (https://www.elprogreso.es/gl/articulo/lugo/ponte-chanca-celebra-150-anos-chegada-ave/202112191243161546951.html), consultado o 18 de agosto de 2022.

[25] Unha situación referenciada noutros puntos do Estado, como Almería ou Murcia. Óscar RODRÍGUEZ: "Lazarillos del Caudillo...", p.75. Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia...*, p.143.

exercicio das súas funcións e actuaban en colaboración coa garda civil. O manual de ferrocarrís español apunta a que estes sempre eran varóns, exercían o seu labor en parellas e ían armados cunha escopeta co obxectivo de "evitar danos e atentados ás vías, estacións, vehículos, mercadorías, instalacións fixas e dependencias da empresa".[26] Insistimos na idea de que o tamaño da estación dificultou o labor deste persoal que tiña como misión controlar a totalidade do recinto.[27] A esta circunstancia únese outra que tamén comprometía o bo desempeño da súa tarefa e é que os gardas, aínda que tiñan *status* de autoridade, non xeraban o mesmo medo ou respecto que garda civil ou policía, de modo que, perante estes axentes as conductas tornáronse máis ousadas, mesmo agresivas, así o demostran accións que foron xulgadas como delitos de atentado á autoridade.

A estación de tren no seu conxunto (inmediacións e explanada, recinto da estación e plataformas) foi escenario de múltiples tipoloxías delituosas, non obstante, diferenciables en función do espazo no que tiveron lugar. Conforme ao anterior, as infraccións da lei cometidas as súas portas non foron iguais que as do interior, xa que a propia morfoloxía destes enclaves confería ao espazo diferentes características. A contorna da estación constituíu o punto de converxencia entre os delitos propios da cidade e os presentes en barrios e calellas menos transitadas, un enclave cunha forte pegada rural, visible tamén na súa paisaxe. A súa orografía facilitou a ocultación das probas de crimes como o que tivo lugar en 1946, cando nas inmediacións da estación de tren foi achado un feto con signos de violencia.[28]

Os delitos económicos destacaron sobre outros no recinto da explanada da estación. Os seus executores rara vez foron descubertos pois a fugacidade na fuxida viña facilitada pola proximidade do ferrocarril. Escapar, precisamente, debía ser a intención de Tomás C. I., un rapaz de 19 anos con antecedentes por delitos contra a propiedade que, un 28 de xaneiro de

[26] Sobre a represión aos ferroviarios vd.: Francisco POLO: *La depuración del personal ferroviario durante la guerra civil y el franquismo (1936-1975)*, Tese doutoral, Madrid, Universidad Autónoma de Madrid, 2015. RENFE: "Los hijos del hierro". Recuperado de internet (https://www.youtube.com/watch?v=3DEChxw_pkQ), consultado o 15 de xullo de 2022. "Memoria histórica ferroviaria", Recuperado de internet (https://memoriahistoricaferroviaria.org/), consultado o 15 de xullo de 2022. Represión, por outra banda, tamén sufrida polas mulleres deses ferroviarios e polas propias ferroviarias: "Ferroviarias sancionadas en el proceso de depuración en aplicación de la Ley de Responsabilidades Políticas, promulgada el 9 de febrero de 1939". Recuperado de internet (https://memoriahistoricaferroviaria.org/wp-content/uploads/2021/06/ListadoMujerescondenadas.pdf), consultado o 15 de xullo de 2022. Alberto GARCÍA (ed. coord.): *Manual de ferrocarriles. El sistema ferroviario español*, Madrid, IBERGACETA publicaciones S.L., 2021, p.47. Recuperado de internet (https://www.renfe.com/content/dam/renfe/es/Grupo-Empresa/Talento-y-personas/Empleo/2022/operador-comercial/manuales/2022_02_22_Separata_COC_V5_bis.pdf.), consultado o 15 de xullo de 2022.

[27] A única presenza feminina nas estacións, desde o punto de vista laboral, correspondeu ás gardabarreiras ou guardesas, mulleres encargadas da custodia dos pasos a nivel que exerceron o seu labor durante o franquismo, tal e como nos indica a súa presenza na documentación xudicial.

[28] O tribunal non foi quen de establecer a autoría do delito. AHPLu. FX. Sum. 77. Ano 1946.

1946, tras roubar 400 paquetes de tabaco no estanco de Dolores C.C., foi detido cando estaba a piques de entrar na estación. A condena prevista, a 7 anos e 3 meses de prisión non chegou a ditarse en firme, pois o falecemento prematuro de Tomás, por causas que descoñecemos, determinou a extinción da responsabilidade penal. Si a cumpriu José C.C., autor do furto dun cabalo ao "xitano ambulante" Faustino J.M. no campo da festa de Santa Comba que, coa intención de sacarlle rédito vendeu posteriormente na explanada da estación a un comprador de boa fe, por 1.700 pesetas. Descuberto o ladrón, foi condenado a 1 ano de presidio e a indemnizar na cantidade total ao mencionado comprador.[29]

Pero como apuntabamos, a resolución sumarial constituíu a excepción e non a regra na delincuencia contra a propiedade neste enclave. Os furtos de carteiras, como o sufrido por Eloy L.L. mentres estaba no Bar París, ás portas da estación, que nunca ser resolveu foi a norma. É máis, nin cando as autoridades foron as vítimas se logrou evitar os ladroízos nin achar aos culpables. Así, en 1959, Manuel C.C., de 24 anos e policía armado denunciou o furto de 680 pesetas tras pasar a tarde con dúas mozas duns 25 anos, probablemente prostitutas, neste reduto da cidade, primeiro no citado bar e posteriormente na devandita praza. Nin recuperou o seu diñeiro nin se condenou a ninguén por este roubo. Os cartos non sempre se procuraban nos petos das vítimas, se ben claramente é a fórmula maioritaria para acometer o roubo neste espazo. Ese mesmo ano, a Antonio R.R. roubáronlle a recadación do mercadiño que tiña instalado na escalinata contigua á explanada tras forzar a caixa rexistradora.[30]

As características da delincuencia neste reduto van evolucionar co paso dos anos, parellas aos cambios experimentados pola cidade. No "desenvolvemento" dos 60, período no que o parque móbil de Lugo comeza a aumentar o seu tamaño, tamén o fixeron os delitos nos que se vían implicados vehículos nun lugar de paso como foi a Praza Conde de Fontao. Deste xeito, tanto os accidentes de tráfico, como as subtraccións destes novos bens de consumo, como a do SEAT 600 que lle furtaron a Joaquín V.A. e que apareceu abandonado na praza con varios estragos, van ampliar o abano de delitos que acaban diante das autoridades xudiciais da cidade.[31]

Malia a poder sinalar diferentes tipoloxías de delitos neste espazo, no interior da estación do tren a estación ferroviaria de Lugo destacou por albergar un compendio de fórmulas asociadas á delincuencia contra a propiedade, discernibles nas súas características

[29] AHPLu.FX. Sum.23. Ano 1946; Sum. 256. Sent. 55. Ano 1962.
[30] AHPLu.FX. Sum. 236. Ano 1966; Sum. 156. Ano 1966; Sum. 7. Ano 1959; Sum. 4. Ano 1966.
[31] AHPLu. FX. Sum. 153. Ano 1964; Sum. 4. Ano 1966.

en función de se teñen lugar no propio recinto da estación, nas plataformas ou nas vías, e tamén o ano no que sucederon. Nos anos corenta e mesmo ata ben entrados os cincuenta, boa parte da delincuencia é recoñecible baixo a fórmula dos delitos famélicos, consistentes en roubos de alimentos ou obxectos varios en pequenas contías e orientadas a tentar garantir a supervivencia familiar, a través do seu consumo ou da súa venda. Inferiores en número foron as subtraccións de cartos que, non obstante, van substituír aos víveres como obxecto de desexo prioritario cando esa etapa de miseria se supere. Na maior parte dos casos, as estratexias para cometer os furtos famélicos baseáronse en deambular polas instalacións na procura dalgún produto desprovisto de vixilancia, tanto do propietario como dos gardas. Un exemplo disto foi o saco de patacas que, en 1948, Tirso S.V., un zamorano de 26 anos, e insolvente segundo a información que chega ao xulgado, levou da estación nun intre de descoido. O botín estaba valorado en 75 pesetas e el posteriormente vendeu a dúas pesetas o kg.[32]

Os ladroízos miserentos cometéronse sobre todo nas dependencias da estación, especialmente oficinas, almacéns e baños. Tratábase dunha empresa arriscada, pois debíase actuar con especial presteza, pero permitía certa elección do botín. María V.C., alcumada "La Nétega", de 21 anos, e sinalada como de mala conducta, insolvente e con antecedentes por delitos económicos, que parecían ser o seu único medio de vida, aproveitou que a porta da oficina da estación estaba aberta para apoderarse de 12 camisetas de neno que logo vendeu a outras mulleres, ocultando a súa procedencia. Un plan perfecto agás porque José María C.L., garda da estación, descubriu o acontecido e as investigacións para achar aos culpables pronto sinalaron a María, recoñecida e delatada por un viaxeiro, polo que foi procesada e condenada por un furto con agravante por reincidencia a 4 meses e 1 día de arresto maior e a indemnizar á RENFE e ás compradoras dos téxtiles coas 318 pesetas que valían as camisetas. Pero a necesidade non só chamou á porta dos sectores máis marxinais da sociedade. A documentación xudicial permite ver tamén que algunhas persoas asalariadas seguían vivindo con carestía e delinquiron para conseguir un ingreso extra as súas precarias economías. En 1951, Virgilio R.V., menor, de 17 anos, xornaleiro con instrución e sen antecedentes, aproveitou a súa condición de obreiro da RENFE para subtraer chumbo e cobre das devanditas instalacións, o que considerou chatarra, por un total de 160 pesetas. No seu caso, o

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[32] AHPLu. FX. Sum. 172. Sent. 122. Ano 1949.

xuíz ditou para el 5 meses de prisión con atenuante por ser menor de idade e a indemnizar á RENFE na contía prexudicada.[33]

Significativamente distintos aos anteriores foron os delitos cometidos nas zonas restrinxidas a pasaxeiros. Referímonos a aqueles que tiveron as vías do tren e as súas inmediacións por emprazamento, un espazo onde confluíron o maior número de delitos, de características igualmente heteroxéneas. Tiveron en común o seu obxectivo, os vagóns, tanto o seu "contido" como o "continente". Os bens roubados de dentro dos vagóns foron moi diversos: desde a cámara que lle levaron ao fotógrafo Tomás G.F. na súa viaxe de Xixón a Lugo ata os 25 tubos de vaselina, bonecos de goma e 58 tubos de sacarina que contiña o paquete que furtou Dolores G.D. en 1947.[34] Pero, se por algo se caracterizaron os roubos en vagóns foi polo seu volume. Diferentes produtos, alimentos e/ou bebidas alcohólicas cuxo destino era abastecer os establecementos da cidade (almacéns, bares, comercios, etc.), eran desviados ao mercado negro, unha modalidade de delincuencia económica que se vai estender durante o período correspondente á vixencia do racionamento. O sistema posto en marcha para proceder ao roubo de bens era semellante: primeiro, cumpría romper os precintos dos vagóns e levar a maior cantidade posible de mercadorías, e para iso podían executar o roubo nunha ou en varias xornadas consecutivas; o segundo paso consistía en vendelas a compradores de boa fe ou a persoas coñecedoras da procedencia ilícita do material. Así o fixeron José R.F., Eusebio R.R., Manuel N.C. e Antonio L.C., veciños de Lugo, algúns con antecedentes. Durante os meses de marzo, abril e maio de 1946 apropiáronse de 62 sacos de cemento valorados en 1.085 pesetas que posteriormente venderon. Custoulles unha sentenza de 4 meses de prisión a cada un. [35]

Idéntico tipo de roubos coa mesma fasquía rastréxase tamén nos apeadeiros de parroquias próximas á cidade durante a época do racionamento. Un exemplo constituíuno o furto de 838 kg de carbón que Francisco D.P. levou da estación de Laxosa, no concello do Corgo, e que tiveron por destino o estraperlo. Ao mercado negro foi tamén parar o roubado en Rábade en 1945. Manuel R.D., alcumado "o mexicano de Baamonde", estivo segundo a sentenza xudicial implicado na estafa de 630 kg de patacas que conseguiu durante o pesado da mercadoría na estación. Realizaba a pesaxe correctamente cando o vixiaban, pero pesaba

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[33] AHPLu. FX. Sum. 298. Sent. 29. Ano 1948; Sum.222. Sent. 35. Ano 1951.
[34] AHPLu. FX. Sum.295. Sent.239. Ano 1947.
[35] AHPLu. FX. Sum. 68. Sent. 144. Ano 1946; Sum. 119. Sent. 264. Ano 1946.

dez sacos e cargaba oito cando non, quedándose coa diferenza. Defraudou á RENFE por valor de 462 pesetas.[36]

Co fin das cartillas de racionamento, os roubos e furtos de alimentos para o autoconsumo ou para o estraperlo desapareceron progresivamente para deixar paso a un tipo de delincuencia económica de dous tipos: a que tiña ánimo de lucro e a derivada da mendicidade. O ánimo de lucro é o móbil baixo o que rexistramos as accións dos xa mencionados "carteiristas". Esta fórmula proliferou en substitución dos anteriores roubos famélicos e vaise accionar en calquera dos espazos citados da estación ferroviaria aproveitando a presenza e a mobilidade de pasaxeiros. Odilo Y.F., de Cortegada (Pontevedra), sufriu tal infortunio cando subiu ao tren, xesto no que deixou o peto da súa americana sen protección, intre no que, fugazmente, se deu a subtracción. Co correr dos anos os ladróns tamén se interesan por roubar as maletas e maletíns que compoñían a equipaxe dos viaxeiros, como lle aconteceu a Julio P.P., veciño de Moaña (Pontevedra) un 14 de maio de 1964. E, aínda que rara vez se descubrían aos executores, houbo algunha excepción. Nun caso a identificación do ladrón non tivo que ver co labor policial senón coa audacia de Manuel D.V., quen investigou pola súa conta quen lle roubara a carteira. Conseguiu recuperala, co seu contido, e axudar a deter ao carteirista Julio P.R., que foi condenado a 3 meses de prisión, aínda que acabou sendo indultado.[37]

Como mencionabamos, contemplamos a existencia de sucesos delituosos relacionados cunha nova forma de pobreza, xa non xeneralizada como a dos primeiros anos da posguerra, senón vinculada cun sector de poboación marxinal que houbo de recorrer a actos fóra da legalidade franquista para sobrevivir. A estas circunstancias estiveron precisamente vencellados algúns dos delitos rexistrados na estación a partir dos cincuenta que tiveron como obxectivos os propios vagóns ou compoñentes do tren. Tratouse de furtos de mínimos, de metais, chatarra ou refugallos do carbón, para a súa venda ao peso ou para o seu uso, unha actividade miserenta da que se serviron as persoas máis necesitadas da cidade.[38]

O furto de tirafondos e placas de asento da RENFE foi constante ata ben entrados os anos sesenta, mostra de que a pobreza non cesou en Lugo nin en tempos identificados coa bonanza económica. Subtraíanse das vías mediante a súa manipulación ou das instalacións onde se almacenaban. A diferenza dos delitos referenciados ata o de agora, tipificados de roubo, furto ou estafa, aínda que as súas características remiten á mesma clasificación, o

[36] AHPLu. FX. Sum. 108. Ano 1948; Sum.39. Ano 1945.
[37] AHPLu. FX. Sum. 119. Ano 1964; Sum. 119. Ano 1964; Sum. 44. Sent. 212. Ano 1957; Sum. Ano 1946; Sum. 44. Sent. 212. Ano 1957.
[38] Un sumario sobre o furto de refugallos do carbón pode verse no Capítulo 3.

Código Penal estableceu para "os que causaren estragos nos *camiños de ferro* ou nas liñas telegráficas ou telefónicas..." o delito de desorde público, o que supuña penas superiores de prisión, que ían dos 6 meses aos 6 anos de cárcere. Con todo, a sensación de impunidade que proporcionaba actuar nun espazo que escapaba ao control dos gardas da RENFE e de subtraer pequenas pezas de ínfimo valor incentivou que persoas sen os máis mínimos recursos se botaran ás vías na súa procura.

Tanto varóns como mulleres incorreron nestes delitos tipificados como desordes públicos, porén, diferiron nas estratexias de actuación pois se eles actuaban directamente nas vías ou nas casetas da estación, ás que entraban exercendo violencia, elas evitaron ter que recorrer á forza e aproveitaron os lugares de almacenaxe ao aire libre ou aos que podían entrar por portas ou ventás abertas. O primeiro dos delitos de desorde público incoados no PX de Lugo do que temos noticia tivo lugar en 1953 e estivo protagonizado por dúas mulleres que actuaron conxuntamente, Isaura R. P. e Manuela L.Z., de 23 e 38 anos respectivamente, casadas e declaradas insolventes. Unha era empregada do fogar e a outra aparece como dedicada "ás súas labores". Xuntas, a plena luz do día, subtraeron 40 parafusos de ferro novos dun montón próximo á caseta de servizo de vías e obras da RENFE. Marchaban con eles nunha bolsa cando lles foron requisados. Ao ano seguinte José L.B. foi procesado por un delito similar. Furtou 32 placas de asento da vía, valoradas en 466 pesetas que vendeu ao tamén procesado Manuel Ángel M.V. A condena solicitada foi similar en ámbolos casos, de ao redor de 4 anos, pero a sentenza diferiu do solicitado. De feito, é común a tódolos sumarios que rexistramos por este delito que o proceso xudicial conclúa coa absolución dos procesados. Algúns porque o reducido valor do metal subtraído supuña unha falta que non debía resolver a Audiencia Provincial senón o Xulgado Municipal ou o de Paz, outros, quizás, pola clemencia do xuíz.[39]

Outras causas enlazan as vicisitudes de buscarse a vida cos conflitos persoais e coa constante presenza na estación de ladróns, mendigos e os coñecidos polo réxime coma "maleantes", circunstancias que crearon o caldo de cultivo para un ambiente proclive á delincuencia, como se desprende de varios sumarios. As rifas entre indixentes deberon suceder de forma habitual. Nunha delas, en setembro de 1952, Asunción R.P., unha mendiga de 52 anos que acudía á estación a recoller o carbón que quedaba nas vías, mantivo unha disputa con outra muller polo botín, o que lle comportou a fractura do pulso. Outras eran, non nunha mostra da pugna polos escasos recursos, senón da posición de indefensión na que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[39] AHPLu. FX. Sum. 125. Sent. 162. Ano 1953. Sum. 78. Sent.275. Ano 1954.

estaban as persoas sen lar, especialmente se eran do xénero feminino. Ana María L.M., unha moza de 22 anos, sufriu as consecuencias de ser unha muller en extrema pobreza. Enferma e sen recursos, para chegar ao seu lugar de residencia en Oviedo decidiu pasar a noite na estación de tren de Lugo lugar onde, segundo declarou, Domingo R.C., de 34 anos, e do que descoñecemos outros datos de filiación, a ameazou e mallou nela causándolle un ataque epiléptico ademais das lesións.[40]

Radicalmente diferentes aos anteriores expedientes pero coa RENFE como protagonista contabilizamos un considerable número de sucesos que definen a estación de tren de Lugo e os apeadeiros das parroquias rurais da súa contorna como lugares inseguros, xa non só pola comisión de delitos, senón polos riscos laborais e que tiveron, en non poucas ocasións, resultados fatais. Referímonos a un alarmante número de accidentes laborais consecuencia de neglixencias. Foi o caso de Victorino. P.A., obreiro de Vías e Obras da RENFE que reparaba a vía en Rábade cando supostamente non se prevía o paso do tren. O erro custoulle a vida. O mesmo ano, esta vez en Lugo, Manuel R.F. efectuaba labores de mantemento na ponte da Chanca, a uns metros da estación, cando tivo lugar o accidente. A súa xordeira impediulle oír a chegada do convoi. Ningunha das súas familias recibiu indemnización algunha.[41]

Usuarios e transeúntes tamén estiveron no papel de vítimas, especialmente os nenos, que parece que xogaban e frecuentaban neste nada adecuado espazo. En 1954, Evangelista R.G., gardabarreira en Rábade, salvoulle a vida a un cativo de dous anos que cruzaba cando o paso do convoi era inminente, o que lle custou a súa. Cristina R.S., tamén de Rábade, xogaba nas vías cando quedou aprisionada entre dous vagóns e que, ao seren movidos sen dar conta da presenza da nena, provocáronlle a morte instantánea.[42]

Pero a inmensa maioría dos falecementos rexistrados nas estacións e apeadoiros foron suicidios. Non obstante, a influencia da moral cristiá alcanzou ao aparello xudicial, que mantivo na súa documentación certo escurantismo en torno a este tipo de sucesos. De feito, os suicidios rara vez constan coma tales e aparecerán incoados por "morte", sen máis detalles. A mención explícita ao suicidio resulta anecdótica e, sen outros indicadores, é precisamente a non alusión a un feito accidental o que revela a súa presenza. Outros documentos son moi

[40] A agredida no primeiro sumario declarou, referíndose á súa agresora, que "dita individua (sic) non ten máis dereitos ca min para recoller o carbón" non foi compensada en forma algunha polo acontecido, e a causa rematou sobresida. Tal resolución correspondeu ás lesións causadas a Ana María, das que o agresor desentendeuse alegando que foran froito dunha caída e que el unicamente lle chamara a atención por armar escándalo. AHPLu. FX. Sum. 250. Ano 1952; Sum. 96. Ano 1949.
[41] AHPLu. FX. Sum.176. Ano 1956. Sum. 56. Ano 1956.
[42] AHPLu. Sum.75. Ano 1954; Sum. 71. Ano 1945.

parcos nas descricións realizadas polo xuíz. Cun frugal "tirouse" sabemos que Antonio F.A. decidiu rematar coa súa vida unha tarde de 1965 á idade de 47 anos. María F.M., de 74 anos, ou Ángel M.C., de 54, ambos veciños de Lugo, tomaron a mesma decisión lanzándose ao paso do tren. A orixe destas fatais determinacións resúltanos descoñecida, non obstante, as enfermidades, físicas ou mentais ou unha situación económica miserenta foron a causa aludida por algunhas das poucas testemuñas que manexamos e estarían en liña co investigado sobre ditos sucesos por Conxita Mir.[43]

Como queda indicado, a estación do tren da cidade amurallada converteuse nun espazo onde proliferou a delincuencia a través de diversas fórmulas e en múltiples manifestacións. A confusión xerada polo tránsito constante de persoas, ás presas dos que ían coller o tren ou a desorientación dos que chegaban á urbe por vez primeira, motivaron despistes coa equipaxe, coas carteiras ou con paquetes, circunstancias que favoreceron roubos e furtos de todo tipo. E non só foi un espazo que atraeu a pequenos ladróns, tamén a estraperlistas que, en plena posguerra, buscaban o rédito económico a través da venda de alimentos e mercadorías varias no mercado negro. Sumidos nunha pobreza que non rematou coa posguerra, indixentes e mendigos acudiron á estación na procura dun espazo onde pasar a noite e onde facerse con refugallos e pequenos botíns cos que tentar mellorar dalgunha maneira a súa subsistencia, non podendo en moitos casos evitar a confrontación con persoas coas que compartían a miseria. Resultou, ademais, un lugar inseguro para os seus propios traballadores e transeúntes o que provocou unha mortalidade asociada a tarefas de mantemento e, igualmente relacionado coa perda da vida, algúns lugueses e luguesas decidiron rematar coas súas tirándose ao paso do ferrocarril.

### 4.4. Entre o lúdico e o ilícito: bares e tabernas

Xa non en relación coa miseria senón cunha marxinalidade asociada á nocturnidade e ao consumo abusivo de alcol poden rastrexarse outros dos espazos nos que, na cidade de Lugo, a comisión de delitos foi certamente habitual. Tratouse de bares, tabernas e cafés.[44] Desde o seu florecemento en España a comezos do século XX, estes establecementos

[43] AHPLu. Sum. 344. Ano 1963; Sum. 152. Ano 1964. Conxita MIR: "La violencia contra uno mismo...", pp.187-210.

[44] Un estudo preliminar sobre esta temática pode verse en: "Alcohol, sociabilidad y marginalidad. Los bares como espacios de ocio y trasgresión moral en el Lugo de los años sesenta" en *XV Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea. La Historia habitada. Sujetos, procesos y retos de la Historia Contemporánea del siglo XXI*, Córdoba, 2021. O que, á súa vez e con algunha modificación, forma parte do capítulo que se prevé publicar proximamente nunha obra colectiva, un estudo monográfico sobre o ocio no franquismo: ÍD: "De tascas y tabernas. Espacios de ocio ilícito en el Lugo franquista", artigo de investigación inédito, 2021.

constitúen os espazos de sociabilidade informal por antonomasia para as clases populares nos ámbitos urbano e rural, fronte a outros de sociabilidade formal como o teatro, o casino ou o cinema, reservados ás clases medias-altas aburguesadas das cidades.[45] Sobre a relevancia dos primeiros reflexionou Jorge Uría, quen os entende como lugar privilexiado onde os grupos sociais populares despregan as súas prácticas sociais.[46] Para achegarnos ao bar como espazo de ocio, de conflito e delito, cómpre achegarse ao concepto de "sociabilidade", cuxas raíces se sitúan en estudos sociolóxicos da man de autores como Simmel, Weber e Gurvitch e que, aínda que desde disímiles perspectivas, constitúe, desde hai décadas, unha categoría de análise histórica asentada que ofreceu un extenso terreo á investigación nesta materia.[47] Willian Chapman recolle a definición dada por Carole Rivière: a sociabilidade é "a forma lúdica da socialización" e conclúe que as relacións sociais non serían posibles sen estruturas sociais ou marcos de referencia.[48] Por tanto, para unha aproximación a este espazo de lecer no franquismo, que denominamos "ilícito" polo tratamento que o réxime facía deste, resulta indispensable acometer un achegamento a estes "marcos" espaciais, isto é, a bares e tabernas.[49]

Trataremos a realidade lucense, pero, constatado o alcance do binomio lecer-conflito, cremos que a imaxe que emerxe ben podería ser o caso de calquera outra pequena urbe española baixo a ditadura. Para este achegamento valerémonos novamente da documentación xudicial, que serve de fonte para os estudos sobre a sociabilidade informal por permitir achegarnos aos discursos xerados polos seus propios actores e ao uso dado aos espazos por eles frecuentados, contribuíndo así ao estudo do franquismo "desde abaixo". Tamén faremos uso da documentación hemerográfica, coa consulta do xornal local *El Progreso*, que permitiu constatar a relevancia que estes espazos tiveron na vida cotiá de lucenses e foráneos que acudían á cidade das murallas. Máis anovador resulta o recurso á documentación administrativa, en particular, aos expedientes para a apertura ou renovación de licenzas para a rexencia de bares, tabernas ou cafés, que revisamos na súa totalidade, para o período 1962-

[45] Javier ESCALERA: "El franquismo y la Fiesta, Régimen político, transformaciones sociales y sociabilidad festiva en la España de Franco", en Jorge URÍA (ed.): *La cultura popular en la España contemporánea*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2003, pp.253-262, p.254.
[46] Jorge URÍA: "Sociabilidad informal y semiótica de los espacios. Algunas reflexiones de método", *Studia Historica*, 26 (2008), pp. 177-212.
[47] Jean-Louis GUEREÑA: "Espacios y formas de la sociabilidad en la España contemporánea", *Hispania*, 214 (2003b), pp.409-414, esp.p.410. Jordi CANAL: "Historiografía y sociabilidad en la España contemporánea: reflexiones con término", *Vasconia*, 33 (2003), pp.11-27.
[48]William A. CHAPMAN: "El concepto de sociabilidad como referente del análisis histórico", *Investigación & Desarrollo*, 23, 1 (2015), pp. 1-37, esp.pp.5-6.
[49] Para un estudo monográfico vd. Elena MAZA: *Sociabilidad en la España contemporánea: historiografía y problemas metodológicos*, Valladolid, Instituto Universitario de Historia Simancas, 2002.

1968 o único conservado no AHPLu para o período ditatorial. A estas fontes unimos a documentación xerada polo Padroado de Protección á Muller, institución que fiscalizou a mozas de entre 16 e 23 anos, "en risco de caer" ou "caídas" en condutas consideradas inmorais, ademais de ser unha férrea perseguidora de calquera actitude contraria aos valores morais do réxime, por tanto, do lecer e os seus espazos, considerados como incentivos da corrupción daqueles.[50] Toda esta documentación permite dar conta, como se explicará, de como tascas e cantinas se converteron no reservorio do lecer ilícito da cidade de Lugo.

Pero non tódolos bares da xeografía luguesa foron iguais en características. A rúa na que se enclavaban, o perfil do público por eles frecuentado, os horarios de apertura e outros factores resultaron determinantes á hora da súa conversión en lugares habituais de comisión de delitos ou de ser concibidos como espazos "con boa fama", que non tiveron presenza nas causas xudiciais nin na prensa de sucesos do momento. Tres son os modelos de establecemento que diferenciamos a partir dos mencionados marcadores: 1) os cafés-bar, de horario fundamentalmente diúrno, situados en rúas concorridas, abertos a tódolos públicos e idades e cuxa presenza estaba socialmente aceptada e non supoñía un escándalo, aínda que si certa vixilancia. Algúns destes eran lugares de faladoiro, como o bar "Lugo", na Rúa San Roque, que pasou á historia luguesa por ser o local de reunión do literato Ánxel Fole.[51] Neles, os delitos rexistrados nas causas xudiciais serano por causas exóxenas e circunstanciais, é dicir, non sendo espazos conflitivos *per se,* tratouse de sucesos anecdóticos como roubos e furtos, cometidos aproveitando descoidos ou o horario de peche. Outra casuística dos delitos que xorden nesta tipoloxía de espazos de ocio foron as condutas inadecuadas por parte de clientes, sempre vinculados coa nocturnidade e o consumo abusivo de alcol, que provocaban altercados que derivaban en lesións ou impagamentos. Tamén coa presenza de buscavidas que acudían de noite a estes establecementos para aproveitarse de clientes borrachos aos que, valéndose do seu enxeño e do engano, roubarlles.

2) Os bares de mala fama. As fontes non permiten determinar se se trataba unicamente de establecementos marxinais ou se eran prostíbulos, en moitas ocasións porque á hora de nomear a ambos tipos de establecementos recorren ao emprego de eufemismos como

[50]AHPLu. Fondo Servizos Sociais. Padroado de Protección á Muller (FSS. PPM). 1941-1975. Sobre o funcionamento do Padroato, vd. Lucía PRIETO: *Mujer, moral y franquismo...*, p.53-59. Carmen GUILLÉN: "El Patronato de Protección a la Mujer: Centros de encierro y control moral para las *mujeres caídas,*" en Pedro OLIVER e María del Carmen CUBERO (coords.): *De los controles disciplinarios a los controles securitarios*, Albacete, Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 2020, pp.513-526. Para o caso lucense: Ana CABANA e Tamara LÓPEZ: *Fuera de toda moral...*, pp.1-15. Enriqueta BARRANCO: "La obra de protección a la mujer en Lugo...", pp. 215-225.

[51] Carlos CASARES: *Conversas con Ánxel Fole*, Vigo, Galaxia, 2005, p. 52.

"bar de mala nota" ou de "dubidosa reputación", e porque, en moitos casos, omiten directamente a información para non evidenciar a súa existencia, especialmente desde a ilegalización do meretricio. Tratouse de locais afastados das zonas máis buliciosas das cidades, e nos que os delitos, ademais de estar motivados pola casuística propia de bares comúns xa comentados, involucraron aos propietarios/as e ás mulleres alí presentes, usualmente prostitutas. Delas, ao igual que acontece coa natureza dos establecementos que frecuentaban, non podemos clarificar se acudían en calidade de camareiras ou se eran meretrices, xa que a fonte xudicial unifícaas a todas como mulleres de mala vida e faltas de moral, polo que asume a prostitución como actividade de toda camareira. Como espazos de lecer permitían a evasión do individuo, en non poucos casos dunha realidade insatisfactoria, o que impregnado de alcol derivou en que foran lugares onde abrollaba o conflito e a transgresión dos principios morais impostos polo franquismo, tanto por parte dos clientes como por parte dos seus propietarios.[52]

3) Os prostíbulos, lugares así recoñecidos polas fontes documentais onde se exerceu a prostitución pública ata 1956. Eran establecementos rexentados maioritariamente por mulleres, sitos en calellas escuras, illados da mirada dos "bos lugueses" e nos que unha serie de pupilas que pasarán a denominarse "camareiras" coa chegada do abolicionismo consumen bebidas conxuntamente cun público masculino heteroxéneo, vendendo a súa compañía. Os servizos sexuais tiveron lugar en reservados ou habitacións dun andar superior a do bar que eran, ao mesmo tempo, o lugar de residencia destas mulleres. A prostitución privada levouse a cabo en vivendas sitas nos mesmos enclaves xeográficos da cidade onde unha madama alugaba os cuartos e organizaba os servizos á clientela. A estes últimos dedicarémoslles, máis adiante, un apartado específico neste capítulo.

#### 4.4.1. O "lúdico" dos bares e tabernas

Entre os anos 1962 e 1968 estiveron abertos unha media anual de 77,14 locais na capital lucense, unha cifra considerable se temos en conta a súa poboación, de aproximadamente 58.000 habitantes e que neste cálculo so se teñen en conta os locais que operaban dentro da legalidade, que non eran nin moito menos todos. As elevadas taxas de bares por habitantes en Lugo, de 1 bar por cada 753 habitantes, cobran todo o sentido se se comparan coa situación doutras cidades de tamaño parecido, como pode ser Pamplona, urbe que contaba con 42.249 habitantes en 1930 e dispoñía de 78 tabernas, o que supoñía 1 bar por

[52] Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria...*, pp.392-393.

cada 541 habitantes.[53] En grandes cidades como Madrid, das que descoñecemos o número exacto, sabemos que a popularidade das tabernas é anterior aos anos trinta, non obstante, foi por sendas datas cando os restaurantes comezaron a agromar, aínda que co sinal distintivo das cadeas de cafeterías con pratos combinados ao estilo americano.[54]

O xornal *A voz de Galicia* non dubidou en definir de "fervedoiro" a cidade de Lugo pola densidade de bares e tabernas nela existente a mediados do século pasado.[55] Destacaron pola súa alta concentración no casco histórico, zona correspondente ao interior de murallas, e nas rúas contiguas á mesma. Nese espazo é posible diferenciar entre zonas de lecer efémeras, que tiveron éxito durante algúns anos para logo decaer en favor doutros barrios ou rúas e enclaves fixos de ocio que se mantiveron co paso do tempo e das xeracións de lugueses.[56]

Os espazos efémeros atopáronse durante o franquismo tanto dentro como fóra de murallas. No interior do adarve podería citarse a Rúa San Pedro e a Rúa dás Nóreas, cuxo declive como lugar de ocio non impediu que xurdiran novos locais comerciais e algunha cafetería. A muralla marcou, igual que pasa coa vida da cidade en múltiples planos, tamén os espazos de ocio e, alén de servir de elemento de linde, as súas portas foron lugares especialmente proclives á abertura de bares, posto que aseguraban un fluxo estable de transeúntes. Bares como o "Avia" e "Manco", na Porta de San Pedro; "Campo del Hoyo", "Julio" ou "Lar de Miña Casa" na Porta de Santiago, foron algúns.[57] O seu peche produciuse na década dos setenta, no contexto da operación "Muralla Limpa", que liberou de edificacións anexas o monumento.[58]

[53] Esther ALDAVE: *Sociabilidades, masculinidad y espacios urbanos de la violencia en Pamplona (1876-1936)*, Traballo de investigación inédito, Pamplona, Universidad de Navarra, (2019), pp.1-13, esp.p. 6.
[54] Jose Mª PUYUELO *et al*. (coords.): *Introducción a la historia de bares y restaurantes: principales hitos bajo una perspectiva gastronómica*, Zaragoza, Cofradía Vasca de gastronomía, Fecoga, 2017, p.192 e ss.
[55] Antón GRANDE: "Aquellos bares de Lugo", *La voz de Galicia*, Recuperado de internet (https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/lugo/2020/10/31/aquellos-bareslugo/00031604145190613537531.htm), consultado o 13 de outubro de 2021.
[56] Fenómeno presente en calquera entorno urbano. En Logroño, ver: Sergio ANDRÉS: "De la calle Portales a la Plaza del Mercado: espacios urbanos de socialidad en Logroño en la segunda mitad del siglo XX", 142 (2002), pp. 209-239, p.215.
[57] AHPLu. FX. Sum.: 109, 136 e 316/1950; 286 1951; 55/1958.
[58] Ramón LÓPEZ: "Lugo, su muralla y las "operaciones de limpieza" pasadas y por venir: un caso de restauración a la española", *Ciudad y territorio: Revista de ciencia urbana*, 2 (1978), pp.49-60.

Fóra de murallas, o barrio de Recatelo, que se estende desde o Parque Rosalía de Castro ata a Porta de Santiago, pasou de ser unha coñecida zona de bares na segunda metade do século XX a unha residencial cando un ronsel de locais pecharon por mor da xubilación dos seus donos entrados os 2000.[59] No norte da cidade, a explanada da estación de tren foi outro destes enclaves cun elevado número deste tipo de establecementos, con bares como os coñecidos "Descanso" ou o "París", cuxa decadencia foi parella á da estación, motivada pola perda de popularidade do tren como medio de transporte e, consecuentemente, do propio fluxo de persoas por este lugar. Na Rúa Montero Ríos, próxima á estación, estaba tamén o "Asuero" e, na extensa Avenida da Coruña, o coñecido "Bar Imperio". Nestes dous puntos, aínda que non desapareceron os bares, a súa presenza na actualidade é residual.[60]

Ilustración 13. Bares da Rúa Nova. Lugo. Ano 1970.




Fonte: AHPLu. Catastro de urbana.

[59] Antón GRANDE: "Paseo histórico por los bares de Recatelo", *La voz de Galicia*, Recuperado de internet (https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/portomarin/2016/05/03/paseo-historico-bares-recatelo/0003_201605L3C6996.htm), consultado o 13 de outubro de 2021.

[60] AHPLu. FX. Sum. 72. Ano 1956; Sum. 126. Ano 1951. Antón GRANDE: "Paseo histórico por los bares de Recatelo", *La voz de Galicia*, Recuperado de internet (https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/portomarin/2016/05/03/paseo-historico-bares-recatelo/0003_201605L3C6996.htm), consultado o 30 de xuño de 2022.

No centro histórico da cidade, dentro de murallas, as tascas eran o espazo onde se desenvolvía con maior fervor a chamada cultura do "chateo".[61] Así o evidencia a nomenclatura popular dada ás rúas que confluían na Praza do Campo, as "rúas dos viños". A Rúa Nova, das máis afamadas da época, albergou bares como o "Osorio", "Portabales", "Costa", "Campos", "Luís" ou o "Mondelo". O cancioneiro popular referenciaba que esta era a rúa do lecer por excelencia da cidade: "Na calle da Rúa Nova, 27 bares hai, comezan no Ferreirós e rematan no Candai".[62] Campo Castelo, praza sita tamén no interior de murallas, preto da porta de San Pedro, foi un lugar de consumo de tapas e viños que chegou como tal á actualidade, do mesmo xeito que a Praza Maior, entón denominada Praza de España, con cafeterías e bares como o "Café del Centro", seguiu acollendo o esparexemento da sociedade do Lugo máis aburguesado.

Neste sentido, cabe incidir en que, como en calquera outra urbe, existiron diferenzas sociais entre as clientelas dos diferentes bares, e que se fan visibles a través de dous marcadores que é posible rastrexar nas fontes, un o económico e o segundo, o temporal. O "ir de viños" ao centro, por exemplo, requiriu non só de diñeiro extra para gastar nunha actividade de ocio senón de dispor dun tempo libre que, por si só, constituíu un marcador social de urbanidade fronte á ruralidade (pois, no medio rural, os tempos de lecer estaban limitados tanto por un traballo que, de seu, demandaba máis horas, como polas barreiras xeográficas que o separaban da urbe) e de clases medias-altas fronte a clases baixas e populares. Os prezos das consumicións nos establecementos, alén da dita dispoñibilidade de tempo dos lucenses, coartaban tanto a asistencia como a frecuencia coa que se podía desfrutar deste tipo de ocio. Así, por exemplo, o "Bar Centro", na Praza Maior; o "Monterrey", na Rúa Doutor Castro ou "A Tasca", en Rúa da Cruz, tiñan fama de caros, polo que atraeron a un público máis selecto socialmente integrante da burguesía da cidade. Mención á parte merece o café do hotel "Méndez Núñez", na rúa da Raíña, onde se celebraba o famoso "Faladoiro do Méndez Núñez" con presenza de intelectuais galeguistas como Luís Pimentel, Ánxel Fole, Ramón Piñeiro, Ánxel Xohán, o entón bacharel Manuel María Fernández Teixeiro, Celestino Fernández de la Vega ou Ricardo Carvalho Calero, entre outros. Os establecementos de prezos máis populares acolleron a sectores máis humildes da poboación urbana e a veciños procedentes de zonas rurais próximas que, tal como relataba o propietario do bar "Campo del Hoyo", na Porta de Santiago, era frecuentado por "aldeáns" que "subían a Lugo" a realizar diferentes xestións e transaccións económicas.

usc UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[61] Recibe este nome nunha relación metonímica do continente no que se serve a o viño, os chatos.
[62] Canción popular.

Foran centros de reunión intelectual, de "ir de chatos" ou espazos para tomar beberaxes barateiras, a documentación hemerográfica revela como os bares foron enclaves estratéxicos na vida cotiá luguesa e nas relacións socioeconómicas da cidade. Os anuncios en *El Progreso* referenciaron o seu papel como moito máis ca lugares de esparexemento: foron o punto de entrega de obxectos perdidos, o lugar de reunión de personalidades do momento (futbolistas), o punto de información sobre os alugueiros ou lugares de negociación para a compra-venda de propiedades inmobiliarias (terreos e vivendas) e outros bens (vehículos usados).

Ilustración 14. A cidade de Lugo. Ano 1970.



Fonte: AHPLu. Mapas, planos e debuxos, 97.

4.4.2. O ocio "ilícito" a través da documentación xudicial

Queda comprobado que durante a ditadura franquista Lugo foi unha cidade tranquila cunha incidencia delituosa reducida pero, como en toda urbe, existiron determinados espazos onde, por factores xa bosquexados e nos que incidiremos a continuación, aquela proliferou. Podemos aludir a esta "polifuncionalidade social" referenciada por R. W. Malcolmson para as tabernas doutros espazos como a Inglaterra de finais de século XVIII, onde ademais de ser: "un indispensable punto de encontro (...) un dos grandes centros sociais", vinculáronse ao

alcol(ismo) e á marxinalidade. A condición de espazos delituosos dos bares pasou a ser o discurso hexemónico de todo o occidente industrializado, o que provocou que desde a mencionada data os bares pasasen a estar no punto de mira de "reformadores dos costumes" e "moralistas" nos séculos contemporáneos.[63] O control social sobre os clientes dos bares non foi unha realidade unicamente europea. En América Latina a "modernización" económica e social acontecida na primeira metade do século XX comportou novas formas de diversión asociadas a bares, prostíbulos e casas de xogo que se asociaron ao consumo de alcol e supuxeron o aumento da criminalidade e delincuencia nas cidades.[64]

Durante os réximes fascistas os bares e o lecer sufriron un férreo control, circunstancias resultantes, como aseveran as investigacións de Kate Ferris para a Italia do Duce, de constituíren espazos de lecer, de sociabilidade política e de conflito incentivados polo consumo de bebidas espirituosas. Con todo, clasificados de "zonas grises" pois foron, a un tempo, tanto espazos de accións hostís cara o réxime como de expresión política profascista.[65] Alí, a propaganda en contra destes espazos levou a unha asociación alcol-marxinalidade que se traduciu un descenso vertixinoso no consumo de viño, ata niveis tan alarmantes que precisouse dunha campaña da industria vitivinícola e dunha actuación en prol do zume de uva por parte dos apoios de Mussolini para restituílo.[66]A concepción destes ao abeiro do nazismo non resultou moi disímil. Na cidade de Ausgburgo, a capital de Suabia, en 1933 o 75% dos comentarios sospeitosos denunciados foran escoitados en tabernas e bares, o que demostra tanto a presenza policial nestes espazos como a existencia dunha sociedade "autovixiada".[67]

O franquismo non suporía unha excepción e, na mesma tónica, fiscalizou os lugares de esparexemento; de feito, xa en 1942 o réxime creou as "Xuntas Municipais de Saneamentos e Bos Costumes", encargadas de informar sobre o estado moral de cada municipio, o que, entre outras cuestións, implicou a observancia de bares e tabernas, dos seus

[63] Jorge URÍA: "La taberna, un espacio multifuncional de sociabilidad popular en la Restauración española", *Hispania*, LXIII/2, 214 (2003), pp.571-604, esp.pp.576-578. Brian J GRIFFITH: "Bacchus among the Black shirts: Wine Making, Consumerism and Identity in Fascist Italy, 1919–1937", *Contemporary European History*, 29 (2020), pp. 394-415, esp.p.395-396.
[64] Jorge URÍA: "La taberna, un espacio multifuncional...", esp.p.577. Un exemplo para América Latina en Miguel A.SUÁREZ, Edwin A.MONSALVO e Sebastián MARTÍNEZ: "Progreso y delincuencia: mecanismos de control social en Manizales (Colombia), c. 1910-1940", *Revista de Historia Regional y Local*, 6, 12 (2014), pp.334-373, esp. pp.338-339.
[65] Kate FERRIS: "Everyday Spaces...", pp.136-159.
[66] Brian J GRIFFITH: "Bacchus among the Black shirts...", p.395-396.
[67] Richard J. EVANS: *El Tercer Reich en el poder*, Barcelona, Ediciones Península, 2017.

rexentes e asistentes.[68] O noso achegamento aos bares como espazos especialmente relacionados coa delincuencia circunscríbese ás décadas centrais do franquismo porque parte da constatación de que os anos cincuenta e sesenta do século pasado marcaron a época de esplendor de bares e tabernas como epicentro do lecer nas vidas dos españois, en xeral e, na cidade das murallas en particular. Había cada vez máis establecementos que aloxaban a unha crecente clientela que buscaba opcións para o lecer legal, pero tamén para fórmulas de divertimento condenadas polo réxime e os seus discursos sobre a moralidade e a decencia.[69] O discurso moral do réxime franquista asociou as cantinas e tascas á marxinalidade, ao vicio, á pecaminosidade e á decadencia, ademais de concibilas como instigadoras dunha forma de divertimento que ameazaba a orde moral ansiada e isto afectou sobre todo ás mulleres e ao entendido como comportamento feminino porque, para elas, ser vistas nestes lugares implicaba ser etiquetadas de mulleres de mala conduta e dubidosa moralidade.[70]

Que os bares permaneceron baixo a atenta mirada da ditadura quedou de manifesto xa dende os trámites burocráticos necesarios para a súa apertura. Os expedientes para a súa rexencia referenciaron non só ás condicionantes hixiénico-sanitarios e infraestruturais dos establecementos, senón que tamén entraban na solvencia moral (ou falta dela) dos solicitantes. Aspectos como a existencia de multas, a adhesión ao Movemento, a conduta, os antecedentes penais ou a moral pública e privada, eran tidos en conta na ficha policial que se debía axuntar á solicitude de apertura do local, o que deixou en evidencia dúas realidades: por unha banda, que o control exercido polas estruturas do réxime non cesou nin se relaxou en ningún momento da ditadura (nin nas décadas nas que o "consenso" era asumido como inquebrantable) e, por outro, que as autoridades eran perfectamente conscientes de que os bares e tabernas eran espazos asociados ao ocio, pero tamén ao vicio e ao delito e, tamén ás a condutas sociais que amosaban falta desa firme adhesión que o réxime demandaba.[71]

[68] Manuel ORTIZ y Carmen GONZÁLEZ: "Control social, control policial en la dictadura franquista", *Historia del Presente*, 16 (2010), pp.143-152, esp. p.151.

[69] O control do ocio non se limitou aos bares. Xa nos anos da guerra civil, o aínda non constituído réxime de Franco chegou ao extremo de prohibir festividades tradicionais como o Entroido, tamén o xogo, agás as damas e o xadrez, continuando cunha lexislación vixente desde 1848. O título VI do Código Penal de 1944 especificaba que os donos de casas de xogo serían castigados con penas de arresto maior, de 6 meses a 6 anos, e multas de 1.000 a 5.000 pesetas. No caso de reincidir, a pena aplicada sería de prisión menor, con multas de entre 5.000 e ata 10.000 pesetas. Para os xogadores, a condena prevista era a de arresto maior, con multas que oscilaban entre as 1.000 e as 5.000 pesetas. En 1977 diferenciouse xa entre xogo autorizado e non autorizado. Código Penal de 1944, p.454. Gloria ROMÁN: *Franquismo de carne y hueso...*, p.305. Fuensanta ESCUDERO: *Dictadura y oposición al franquismo en Murcia...*, p.55. Miguel J. IZU: "Los juegos de azar en el Derecho Histórico y en el Derecho actual de Navarra", *Revista jurídica de Navarra*, 17 (1994), pp. 69-80, p.74.

[70] *Ibid*. Iván MARTÍNEZ: : *Delitos, justicia ordinaria...*, pp.392-393.

[71] AHPLu. Fondo del Gobierno Civil (FGC). Expedientes de autorización para a rexencia de bares, tabernas, cafés bar. 1962-1968.

Nos informes policiais quedan reflectidos os antecedentes políticos dos solicitantes que, nalgúns casos impiden o trámite de apertura, pero noutros non. Cando Francisco Alvaredo Rodríguez, concelleiro en Sarria durante a II República, solicitou unha autorización para rexentar o Bar "Sarria" as autoridades non dubidaron en cualificalo como elemento "de pésima conduta, de extrema esquerda". Fora separado do seu cargo de carteiro polas súas "ideas avanzadas", detido en 1936 e condenado por auxilio á rebelión a 12 anos e 1 día, pena que non chegou a cumprir integramente. Todo apuntaba a que a súa solicitude sería denegada, con todo, a entrega voluntaria dun exemplar de "Mundo Obreiro" e dous panfletos que recibira desde París parecen ser determinantes para a súa aceptación.[72]

Os antecedentes por mala conducta moral ou expedientes persoais delituosos dos interesados tamén son tidos en conta. Mención específica merecen as solicitudes dos denominados polos expedientes como "bares de camareiras", eufemismo referido a prostíbulos empregado desde a súa ilegalización en 1956. A apertura destes negocios realizábase mediante a solicitude de autorizacións para bares comúns, pero os antecedentes do peticionario ou peticionaria por delitos asociados á prostitución sementaron a dúbida sobre as súas verdadeiras intencións ao abrir o novo local, sendo en moitos casos denegadas as súas solicitudes por este motivo.[73] Tal lle sucedeu a María Yolanda que, con tres fillos menores, en 1964 solicitou permiso para rexentar unha taberna. A súa ficha policial determinou que era unha persoa de mala conduta moral, pública e privada, "dedicándose ao exercicio da prostitución, que é o seu único medio de vida en diferentes bares do Recanto do Miño".[74] Aínda que descoñecemos se lle foi concedida a solicitude e cales eran as súas verdadeiras intencións no uso do local, a presunción por parte das autoridades de que o comercio do sexo era "o seu único medio de vida" evidencia o nivel de inmobilismo social das devanditas mulleres e a dificultade que podían ter para saír destes círculos. Pero non sempre remataban en negativa. Tal quedou de manifesto no caso do bar "Azul" cuxa rexente, Luisa M.R., era sobradamente coñecida pola policía por ter "numerosos antecedentes por prostitución clandestina, escándalo..." e outros delitos análogos. Pese a todo, en 1964 foille concedida a autorización para rexentar o nomeado bar no Recanto do Miño.[75]

[72] *Ibíd*.
[73] Decreto-Lei do 3 de marzo de 1956, "Sobre abolición de centros de tolerancia y otras medidas relativas a la prostitución".
[74] AHPLu. FGC. Expedientes de autorización para a rexencia de bares, tabernas, cafés bar. 1964.
[75] AHPLu. FGC. Expedientes de autorización para a rexencia de bares, tabernas, cafés bar. 1965.

Ilustración 15. Bar Azul. Recanto do Miño. Ano 1970.

Fonte: AHPLu. Catastro de urbana.

Noutros casos alugábanse os negocios unha vez que estes tiñan licenza, de maneira que a actividade estipulada no expediente era legal pero xa non a desempeñada polo arrendatario. Foi así como, a ollos das autoridades, moitas das antigas *madames* pasaron a ser "empresarias" e as meretrices, "camareiras".[76] Francisco, veciño de Lugo, solicitou unha autorización para abrir un bar no Recanto do Miño. A súa localización no barrio onde proliferaban locais dedicados á prostitución fixo levantar as sospeitas acerca das súas verdadeiras intencións, séndolle denegada a súa petición. O informe sinalaba:

> "A pretensión do solicitante é a de conseguir a autorización gobernativa para a apertura do bar e unha vez no seu poder efectuar obras de adaptación para a instalación do mesmo e acto seguido cedelo, en arrendamento ou outra forma de pago a unha muller de vida airada, que sería a que de verdade rexentaría e dirixiría o negocio, converténdoo, como é lóxico, nun bar de camareiras".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[76] Jean-Louis GUEREÑA: *La prostitución en la España contemporánea*, Madrid, Marcial Pons, 2003, p. 440 e ss.

O xogo foi a outra das actividades definidas como vicio polo réxime e, por tanto, a perseguir. A intervención de útiles para o seu desenvolvemento e as multas por partidas do "recheo" (xogo de naipes que gaña o xogador que se desfai en primeiro lugar da súa baza) ou do "julepe" (xogo de cartas da familia do tute e no que hai apostas) eran habituais en bares da cidade de Lugo e a súa gravidade era suficiente como para facelo constar nos expedientes persoais dos arquivos da Comisaría de Policía como antecedentes desfavorables, especialmente tidos en conta á hora de solicitar autorizacións para rexentar tabernas, bares ou cafeterías, podendo ser determinantes dunha negativa. Foi o caso de Antonio, o que solicitou unha renovación da súa autorización para a rexencia dunha taberna, aparecendo como único antecedente desfavorable nos arquivos policiais "térselle levantado acta, intervido un bombo e útiles para o xogo denominado "recheo" cando xogaban varios clientes no establecemento".[77]

Establecer unha xeografía dos bares que foron escenario de actos delituosos non é unha tarefa sinxela por ser unha información que non se menciona ou se ofrece só parcialmente nos sumarios, polo tanto non sempre é posible xeolocalizalos. En ocasións, as testemuñas e procesados limitáronse a referenciar os establecementos próximos, outros bares ou enclaves naquel entón significativos na vida cotiá dos lugueses, porén, desaparecidos co transcurso dos anos. De ofrecerse o nome do bar e da rúa na que se situaba xorde un novo obstáculo, o da nomenclatura dun rueiro que experimentou grandes cambios co transcurso dos anos, en parte resultantes da depuración simbólica que primeiro fixo o réxime franquista e logo da limpeza democrática á que se someteu o nomenclátor franquista. Por estes motivos a xeolocalización dos bares en relación coa delincuencia realizouse neste capítulo a modo de complexo crebacabezas no que se deben completar as pezas a través de pequenas pistas, referencias espaciais, cotexo entre sumarios ou a súa mención en prensa de época.

Como sinalamos, a maioría de tabernas da cidade estaban no interior de murallas, por conseguinte este espazo é tamén o que albergou o maior número de delitos. Por orde de incidencia estarían os locais do Recanto do Miño e rúas contiguas, seguidos polos da Rúa Nova e a zona da Praza de Campo Castelo (entón Calvo Sotelo e Praza do Bispo Esquerdo). En menor medida aparecen nos expedientes xudiciais os bares da Rúa Progreso (antes José Antonio Primo de Rivera), a Rúa da Cruz e a Rúa das Nóreas. Xa no exterior do adarve, destacou a presenza dos establecementos da Rúa San Roque, e, con menor incidencia, a Rúa Montero Ríos. A delincuencia rexistrada nos bares destas rúas luguesas correspondeuse con

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[77] AHPLu. FGC. Expedientes de autorización para a rexencia de bares, tabernas, cafés bar. 1965, 1962 e1964.

tipoloxías moi diversas, pero os de maior incidencia serían os cometidos contra a propiedade en forma de roubos, furtos e estafas; seguidos dos conflitos violentos e lesións derivadas de disputas e de estados de embriaguez e, en terceiro lugar, á prostitución.

Ilustración 16. Casco histórico de Lugo. Relación de delitos cometidos en bares. Anos 1945-1966.




Fonte: elaboración propia a partir de: AHPLu. FX. Sum e sent. (1945-1966).

Os bares do Recanto do Miño, Rúas Tinería e Miño foron os que rexistraron un índice de criminalidade superior. As súas tabernas ofrecían lecer, xogo e compañía a partir dunha marcada asimetría por xéneros. Pensados como lugares para varóns, permiten unha análise en perspectiva de xénero, porque tamén foron o ámbito onde fraguar a comisión de feitos delituosos especificamente relacionados coas mulleres, como os abortos ou a prostitución clandestina que, a partir de ser ilegalizada en 1956, se exerceu en prostíbulos habitualmente camuflados de bares rexentados por mulleres. Tratouse de espazos duais, de ocio ilícito, onde decadentes cantinas coexistiron cun importante número de prostíbulos non sempre diferenciables nas fontes. Os delitos alí cometidos non estiveron vencellados á prostitución ata a súa ilegalización, senón que se trataba de roubos e furtos, os máis usuais, e tamén

inxurias, atentados contra a autoridade e, moito máis puntualmente, mesmo delitos asociados a falecementos. Desde entón, o espazo conformado por estas tres rúas pasou a ser coñecido en toda a provincia por ser o "barrio chinés" da cidade, orixe dunha nova tipoloxía delituosa asociada a esa condición, a de escándalo público.

Ilustración 17. Caseta do polbo. Lugo. Ano 1951.

Fonte: AHPLu. Fondo fotográfico José Luís Vega. Sig.: 1861-06

Como sinalabamos, agás limitadas excepcións, determinar se se trata dun bar ou dun prostíbulo resulta unha tarefa complexa, pois non existe unha distinción oficial entre bares ao uso e lupanares encubertos, unha información omitida especialmente a partir de 1956, cando admitir a súa existencia entrañaba, implicitamente, aceptar a incapacidade do sistema para erradicala. Ademais, o eufemismo de "bares de camareiras" e a presenza de prostitutas no que, en teoría, só eran bares, dificulta a súa identificación. Unha rexencia en mans femininas, homes que alternan con mulleres e a dispoñibilidade de habitacións nun andar superior constituíron os indicadores a procurar para diferencialos. Tres son as fontes das que dispoñemos para a identificación dos prostíbulos: os expedientes administrativos para a rexencia de bares, a relación de prostíbulos elaborada polo PPM e a documentación xudicial. En relación aos primeiros, unicamente se referiron á rúa onde se situaba o local e, salvo excepcións, non discerniron entre bares comúns e casas de alterne, información que eles mesmos ignoraban limitándose á denegación ou concesión administrativa de permisos. Pola

súa parte, a relación de prostíbulos confeccionada pola Xunta Local do PPM, na que se inclúe o número da vivenda, é imposible de cotexar con outra fonte por seren estes datos omitidos nas restantes. Mentres que, na apertura sumarial priviléxiase o nome dos establecementos.

Nalgún caso puidemos facer un rastrexo de diferentes fontes que permitiu a clasificación dos locais. Foi o do denominado bar "Viñas" que, efectivamente, era un prostíbulo e non unha taberna onde tiveron lugar varios delitos contra a propiedade. Descoñecemos o ano da súa fundación pois a súa xerencia pasou, polo menos, por tres mans distintas, datando as súas primeiras aparicións nas fontes a comezos dos 50 e, as últimas, ata unha década despois. A natureza do devandito negocio aducímola ao comprobar que a súa rexente, Laura F.V., mencionada na incoación dun sumario por furto dun reloxo, figuraba nos expedientes do PPM por exercer a prostitución.[78] Cando o bar pasou a mans de Antonio V.E., á altura de 1955, entendemos que sen mudar de categoría, foi novamente escenario dunha subtracción, neste caso de roupas e efectos custodiados na zona que dedicaba á residencia do propio propietario.[79] A acusada foi Isabel M.G., de 53 anos e natural de Bilbao, empregada que marchou da cidade tras cometer o furto. Outro destes prostíbulos foi o bar "Asturiana", na documentación un bar común, porén, a mención a unha "especie de reservado" onde os clientes alternaban coas camareiras alude á súa condición de prostíbulo, o que confirma a memoria popular.[80]

A asociación entre prostituta, perversión moral e delincuencia converteu a estas mulleres en obxectivo de falsas acusacións, como cando Ramón L.M., unha noite de esmorga de 1951 estaba tomando viño e cervexa no mencionado bar do Recanto coa propietaria do mesmo, Esperanza. Denunciouna ao darse conta de que lle desaparecera a carteira na que dicía levaba 1.800 pesetas. A denuncia era unha maneira desesperada de repoñerse do roubo, pero a causa, nesta ocasión, quedou sobresida.[81]

Os sumarios analizados revelan que ata a prohibición do exercicio da prostitución ao Recanto do Miño, como espazo, e ás meretrices, como protagonistas, asocióuselles coa delincuencia contra a propiedade. Será coa ilegalización do lenocinio coa que apareza en escena o xa mencionado delito de escándalo, propiciado polo coñecemento público do exercicio da prostitución clandestina. O bar "Viñas" foi novamente escenario en 1963 dunha denuncia por iso. En orixe, a denuncia interpúxoa Emilio V.A. polo furto da súa carteira, na

[78] Tiña 26 anos e era natural de Pontevedra. AHPLu. FX. Sum. 219. Ano 1952; Circular nº 47. PPM. Xunta Nacional. 1956.
[79] Consistentes nun espertador, unha saba, un pantalón, unha gabardina e unha bolsa valorados en 1.385 pesetas.
[80] AHPLu. FX. Sum. 108. Ano 1955; Sum.187. Ano 1951.
[81] AHPLu. FX. Sum. 187. Ano 1950.

que dicía levar 1.500 pesetas, cando estaba nunha habitación do reservado con Luisa T.F. A ausencia de probas para procesar á muller mudou a estratexia do xuíz, quen a procesou por escándalo, e non só a ela, senón tamén á rexente do establecemento, naquel momento María Benigna G. As axuizadas negaron con rotundidade calquera relación co meretricio. María Benigna recoñecía diante do tribunal sobre Luisa que "é verdade que alterna con homes, pero fóra do mostrador e nada sei respecto ao que fai con eles", "que non é certo que se ocupe con eles no primeiro andar do bar, xa que está habitado pola súa irmá e máis ela"; e en relación á actividade do local, "en ningún momento se dedicaron a dar camas a ninguén e menos para dedicarse á prostitución". A ausencia de evidencias para condenar ás mulleres fixo que foran absoltas.[82] Casos como o anterior revelan como o retorno ao abolicionismo non logrou a clausura dos prostíbulos, que sobrevivían enmascarados como bares sen grandes problemas salvo cando algún delito se cometía entre as súas paredes e chegaba aos xulgados.

Pero non tódolos delitos localizados nas rúas onde había casas de citas foron protagonizados por mulleres. A marxinalidade das rúas do "Barrio chinés" converteunas en proclives a diferentes formas de delincuencia, pero tamén os varóns aparecen nos expedientes xudiciais que tiveron lugar nese barrio. A maioría deles son varóns dos "marxes" sociais que o franquismo deixaba fóra da súa "comunidade". Albano G.D.S., un sesaxenario que se gañaba a vida pedindo esmola coa súa guitarra foi enganado por outro home de etnia xitana cando estaba no bar "Esquina", baixo o pretexto de acompañalo a unha taberna onde gañaría máis cartos. No traxecto agrediuno e rouboulle a guitarra. A José D.A, un veciño da parroquia do Corgo, roubáronlle unha gabardina do seu coche, aparcado diante do bar "Pingallo", mentres el alternaba.

Casos como os descritos, que tiveron eco na prensa, fixeron que a "mala fama" do barrio fora de coñecemento público, afastando da área ás persoas que querían preservar a súa boa reputación. Pero non por iso os locais de concorrencia estiveron faltos tanto de persoas da propia cidade coma do rural circundante. Foi o caso de Antonio R.P., gandeiro casado de 32 anos, que un 30 de setembro de 1956 notou a ausencia da súa carteira xusto antes de entrar no bar "Pingallo", comprobación que precisamente fixo pola "mala fama que para el tiña o Recanto". Anselmo, pola súa parte, casado de 45 anos e domiciliado en Pol, converteu a dúas meretrices coas que alternaba habitualmente no bar "Félix", na Rúa San Roque, en vítimas dunha falsa acusación dun furto de 1.600 pesetas. Unha estratexia bastante habitual por aqueles que vían a posibilidade de resarcirse dun mal negocio ou da súa mala sorte no xogo

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[82] AHPLu. FX. Sum. 304. Sent. 25. Ano 1963.

facendo uso da mala fama dos establecementos con presenza de prostitutas. Os dous sumarios, sen máis probas, foron sobresidos.[83]

A Rúa San Roque, precisamente, foi outra das que albergou un importante número de bares, en parte consecuencia da súa extensión, que fundamentou que durante o franquismo tivera dous nomes: o de "San Roque" quedou para o tramo máis próximo á Porta de San Pedro e, para o que desembocaba na Fonte do Rei, de aspecto máis lúgubre, quedou o nome de Rúa Muñoz Grandes.[84] Os delitos que nelas se cometeron foron diversos. Cabe salientar, en primeiro lugar, unha delincuencia de tipo patrimonial durante os anos de posguerra orientada a subsistir, e que atopaba en bares e tabernas os espazos ideais para a súa comisión, por almacenar estes todo tipo de víveres e efectos. Exemplo do anterior foi o roubo de patacas acontecido en 1950 no bar "Cervantes" ou o da chaqueta dun cliente do bar "Asuero" ao ano seguinte.[85]

As apropiacións afectaron tamén aos prostíbulos, algúns destes tamén enclavados en San Roque, coa diferenza de que neles os furtos teñen como protagonistas ás propias empregadas, un cambio na autoría que non se trasladou ao móbil do delito, que seguiu a ser a absoluta precariedade. En 1959, Ángeles F.S., de 29 anos, natural de Zaragoza e camareira no bar "Jardín", cualificado de "bar de mala nota", apropiouse de tres pares de zapatos, unha saia e outras prendas pertencentes á dona do establecemento, valoradas todas elas en 660 pesetas. A procesada unicamente admitiu que levara os zapatos, engadindo que a outra roupa fora un regalo da denunciante á que, non obstante, pediu perdón a través dunha misiva enviada desde o cárcere de Ourense onde cumpriu condena. Pasou en prisión 4 meses e tivo que indemnizar con 130 pesetas á prexudicada. Acusación similar fixo en 1958 Ramona, propietaria do bar "Manuela". Denunciou o roubo de 1.000 pesetas por parte dunha das súas empregadas, Mercedes, do interior dunha maleta que tiña baixo chave. Segundo declarou non era a primeira vez que lle roubaba.[86] Haberá que agardar ao cambio de década para a substitución deste tipo de furtos famélicos por outros orientados claramente ao lucro, aqueles que buscaban contías non tan modestas de cartos e os de obxectos de moito máis valor.

As rúas onde proliferou, en maior ou menor medida, o exercicio da prostitución estiveron vencelladas a outra tipoloxía de delito, a dos abortos. Como xa vimos polo miúdo no capítulo 2, unicamente cabe subliñar aquí a presenza das madamas como "cooperadoras

[83] AHPLu. FX. Sum. 257. Ano 1952; Sum. 124. Ano 1953; Sum. 193. Ano 1956; Sum. 6. Ano 1956.
[84] Benigno LÁZARE: "Las dos etapas de San Roque", *La voz de Galicia*, Recuperado de internet (https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/2002/02/15/dos-etapas-san-roque/0003_963377.htm), consultado o 15 de xuño de 2022.
[85] AHPLu. FX. Sum. 16. Ano 1950; Sum. 126. Ano 1951; Sum. 222. Ano 1960; Sum. 302. Ano 1960.
[86] AHPLu. FX. Sum. 117. Ano 1959; Sum. 106. Ano 1958.

necesarias" no delito e das prostitutas como mulleres que pretendían abortar. Con respecto ás primeiras, tratouse de aborteiras sen capacitación formal algunha que procedían á interrupción do embarazo previa retribución, que tiña lugar no establecemento que rexentaban. Foi o caso de María Josefa G.E. que exerceu como aborteira nun prostíbulo clandestino, o bar "Transporte", sito na Rúa San Roque. Ao igual que para as mulleres que abortaban, o seu procesamento foi xeralmente froito de complicacións na operación, e derivou en condenas superiores ás da vítima. Para Josefa, a condena foi de 1 ano e 3 meses de prisión.[87] Non moi lonxe deste lugar, na Rúa das Nóreas, Josefa C.F. unha prostituta que se atopaba embarazada de dous meses, acude ao bar "Sol" guiada polas indicacións dunha compañeira, María del Rosario O.O., que coñecía á propietaria do local, Angelina R.V., a *madame* do mencionado lupanar para que lle practicara un aborto. Este tivo lugar no andar superior do establecemento mediante a introdución dunha sonda na matriz. As lesións derivadas do aborto foron tais que debeu acudir ao médico, probablemente o denunciante. Angelina, pese a negar calquera implicación nos feitos, foi condenada a 3 anos de prisión e a unha inhabilitación para traballar no sector sanitario durante 8 anos; María del Rosario, por cómplice do delito, foi condenada a 6 meses de arresto e a Josefa sentenciárona a 2 anos de cárcere.[88]

Ilustración 18. Bar Transporte. Rúa San Roque. Lugo. Ano 1970.




Fonte. AHPLu. Catastro de Urbana. Lugo 1970.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[87] AHPLu. FX. Sum. 282. Sent. 46. Ano 1960.
[88] AHPLu. FX. Sum. 49. Sent. 128. Ano 1959.

A Rúa Nova foi outra das rúas a destacar pola súa incidencia delituosa, pero cunhas características ben distintas ás das zonas comentadas previamente. Neste caso, tratouse dun espazo de ocio estable no tempo (ata a actualidade), un lugar de tránsito habitual de lugueses e visitantes, coroado de bares e tabernas propias dunha sociabilidade popular para tódolos públicos. Factores determinantes de que, agás un sumario por lesións, todos os delitos alí cometidos estiveran vencellados á delincuencia contra a propiedade. Tratábase de ladróns que acudían á esta zona maioritariamente en horas de peche ao público dos locais. Non tivo que ver, por tanto, con propietarios e clientela. A tipoloxía dos roubos coincidiu coas presentes noutros espazos, a necesidade nos anos cincuenta e o ánimo de lucro na década dos sesenta, con presenza de furtos de xoias, de roupas e ata de caixas de caudais e subtraccións de obxectos e bens dos coches dos clientes que estaban desfrutando do seu ocio.[89]

Fronte a unha delincuencia contra a propiedade baseada en roubos e furtos varios que, certificamos, non discriminou espazos, rexistramos unha modalidade delituosa exclusiva de tascas e tabernas, a estafa a través do xogo. A súa ilegalización non coartou as ansias de divertimento das clases populares, que viron no bar un espazo semiclandestino idóneo para acoller, entre roldas e roldas de viño, partidas de cartas e doutros xogos.[90] De seren descubertos, foran ou non un inocente pasatempo, serían condenados tanto xogadores como propietarios dos establecementos que os acolleran. Cando se buscaba enganar a algún cliente con ánimo de quedar cos seus cartos os executores do delito captaban ás vítimas con cebos. Unha delas foi Manuel L.S., veciño da parroquia luguesa de Calde, que "casualmente" resultou convidado a un viño por un descoñecido cando transitaba pola Rúa Nova. Unha vez no establecemento atopouse con dous individuos máis que lle propuxeron unha partida á baralla, á que non tardou en acceder. O "viño" custoulle 600 pesetas que nunca recuperou. Este tipo de enganos resultaron unha práctica certamente habitual. José V., foi abordado no mesmo lugar e co mesmo *modus operandi* por tres rapaces, todos menores de idade, que eran habituais deste tipo de delito, Antonio M.P., Camilo L.S., e José L.F. A existencia de antecedentes facilitou que foran procesados e condenados a 5 meses de arresto e 1.800 pesetas de multa pola súa dobre reincidencia, así como a indemnizar ao prexudicado na

[89] AHPLu. FX. Sum. 99. Ano 1950; Sum. 215. Ano 1956; 139. Ano 1952.

[90] Gloria ROMÁN: *Franquismo de carne y hueso...*, p.305. O título VI do Código Penal de 1944 especificaba que os donos de casas de xogo serían castigados con penas de arresto maior, de 6 meses a 6 anos, e multas de 1.000 a 5.000 pesetas. No caso de reincidir, a pena aplicada contemplaba prisión menor, con multas de entre 5.000 e ata 10.000 pesetas. Para os xogadores, a condena limitouse ao arresto maior, con multas oscilantes entre as 1.000 e as 5.000 pesetas. Código Penal de 1944, p.454. Fuensanta ESCUDERO: *Dictadura y oposición al franquismo en Murcia...*, p.55. En 1977 diferenciouse xa entre "xogo autorizado" e "non autorizado". Miguel J. IZU: "Los juegos de azar en el Derecho Histórico...", p.74.

cantidade estafada.[91] Pero se houbo unha fórmula de estafa clásica na que se fixo uso dos naipes foi o denominado "xogo das tres cartas", onde de entre tres naipes colocados boca abaixo e sobre os que se executan rápidos movementos o obxectivo é adiviñar o paradoiro do ás. Rexistráronse delitos deste tipo en bares do casco histórico como o "Amistad" da Rúa Progreso, o "Carballeira" ou o "Pepe", dos que descoñecemos a súa situación, e nalgunha das tabernas da praza de Campo Castelo.[92]

Estes enganos non só se deron empregando o enxeño dos xogadores-delincuentes, tamén alcol e nocturnidade podían converterse en grandes aliados dos estafadores. En xullo de 1964, Manuel V.P., con antecedentes por delito de xogo, trabou amizade con outro home na súa viaxe en tren a Lugo e ao chegar fóronse "de viños". Gañada a súa confianza, convenceuno para depositar o diñeiro que levaba consigo en mans do propietario do bar "Luís", na Rúa Nova, por "seguridade", o que o procesado fixo aparentando que os cartos eran seus. Cando despois de varias horas de alterne logrou desfacerse do seu acompañante, Manuel V.P. regresou ao bar apropiándose dos cartos. O procesado foi condenado a 3 meses de arresto e a devolver a cantidade estafada.[93]

Calotes máis sofisticados tiveron o seu emprazamento no bar "Campo del Hoyo" nas inmediacións da Porta de Santiago un dos accesos á cidade. Estiveron orquestradas polo dono do establecemento, Jesús María L.V., de 41 anos que tiña fama de ser coñecedor das prácticas xudiciais e que ademais brasonaba de ter amizade co xuíz municipal, razón pola que algunhas persoas acudían a pedirlle consello sobre litixios. Segundo o Ministerio Fiscal, desde 1950 ditas orientacións implicaron retribución: dous xamóns e cartos nunha ocasión, 3.000 pesetas noutra e ata 6.500 pesetas noutra... O denunciante foi un dos afectados, Daniel S.R., veciño da cidade de Lugo que acudiu ao procesado con motivo dun preito por unha servidume de augas, un asunto que Jesús María deu por "perdido" e que, se quería gañar, custaríalle dous xamóns. Varias testemuñas aseguraron que a mediación do dono do mencionado bar en preitos e querelas eran de dominio público. O procesado, que puntualizou que as veces interviña nos Xulgados de Paz como asociado en asuntos de faltas e conciliacións, indicou que unicamente percibía as contías que voluntariamente lle daban os seus patrocinados, sen esixir ningunha en concreto. A absolución xudicial alude a que se trataba dun negocio lícito, co que continuou, dado que volveu ser procesado novamente ao ano seguinte. Nesta ocasión o denunciante foi Antonio L.A., de pésima conducta e con antecedentes penais segundo o

[91] AHPLu. FX. Sum. 79. Ano 1951; Sum. 96. Sent. 294. Ano 1955.
[92] AHPLu. FX. Sum. 276. Sent. 247. Ano. 1950; Sum. 75. Sent. 376. Ano 1951.
[93] AHPLu. FX. Sum. 175. Sent. 42. Ano 1964.

informe policial, e que acudiu ao mencionado bar na procura dos servizos do seu propietario, para poñelo posteriormente en coñecemento dun axente de policía que o detivo *in fraganti*. O xuíz absolveuno de novo e Jesús María L.V. amosou así que os seus contactos eran reais.[94]

Igual que este tipo de mediación interesada, as liortas tampouco foron a tónica habitual nos bares de Lugo. Non obstante, en ocasións individuos problemáticos e estados de alcoholismo deron lugar a pelexas con graves resultados que acabaron xerando expedientes xudiciais. En xaneiro de 1956 a Rúa Nova foi escenario dunha lea iniciada no interior do bar "Osorio" na cal Manuel A.G. foi ferido cun arma branca na rexión submaxilar por Carlos V.I. A condena ao agresor, de 3 meses de arresto e 2.000 pesetas de multa, nunca foi cumprida pois o procesado faleceu en novembro dese mesmo ano no Centro Benéfico Provincial, descoñecendo as causas.[95] E a pesar de que estes comportamentos non resultaron usuais no ocio lugués, tampouco foron anecdóticos. Os seus desencadeantes podían ser os máis fútiles. A mediados dos sesenta no bar "Julio" da Rúa da Cruz viviuse unha disputa que dexenerou en agresión física cuxa causa foi o reproche que Manuel recibiu polo mal aparcamento da súa bicicleta no exterior do bar. O expediente xudicial acabou cunha condena por lesións a 1 mes e 1 día de arresto e unha indemnización de 4.500 pesetas.[96]

As agresións físicas tamén tiveron presenza nos prostíbulos, e moitas veces asociados ao modo de defensa das traballadoras fronte ao abuso ou maltrato dos clientes. Carmen O. foi denunciada por ocasionarlle lesións a Francisco S.P., de 78 anos, ao empurralo fóra do seu bar, o "Ojea", no Recanto do Miño. Segundo as investigacións policiais, entrara no bar perseguindo a unha prostituta á que asoballaba. O sumario resultou sobresido ao determinarse que o seu estado de intoxicación etílica propiciara a caída e as conseguintes lesións.[97]

As zonas rurais do municipio lugués contaban cun número moito máis limitado de bares e cunha clientela definida pola súa estabilidade, consecuencia fundamentalmente de tratarse de núcleos de poboación moito máis reducidos, onde todos se coñecían e de que non había máis dunha ou dúas tabernas en cada parroquia. A proximidade coa urbe propiciaba, ademais, o "subir a Lugo" para "ir de viños" nos tempos de esparexemento de maneira que os varóns do rural compartían afeccións cos habitantes da cidade. Por outra banda, cuns tempos de ocio limitados por un traballo que, de por si, demandaba moitas horas, no rural procuráronse fórmulas alternativas para o divertimento, como as romarías e verbenas nas que

[94] AHPLu. FX. Sum. 377. Sent. 119. Ano 1950; Sum. 85. Sent.53. Ano 1951.
[95] AHPLu. FX. Sum. 12. Ano 1956.
[96] AHPLu. FX. Sum. 169. Sent. 152. Ano 1965.
[97] AHPLu. FX. Sum. 26. Ano 1960.

tamén estaban moi presentes o consumo de alcol, as rivalidades parroquiais e os conflitos interpersoais que propiciaron igualmente conductas cualificables de delituosas.[98]

De tódalas tabernas rexistradas na documentación xudicial, só 4 se situaban no rural lucense, pero o seu reducido número non as desvencellou de ser espazos onde tivo lugar algún delito. Un dos casos máis dramáticos ten que ver co abuso no consumo de alcol. O sumario rexistrouse nunha parroquia do municipio de Castro de Rei, onde en 1963 unha trivial aposta tornouse a causa dunha liorta na que interviñeron sete homes, todos eles bébedos. O resultado foi fatal para un deles, Cándido F.S. que debido ás lesións sufridas, unidas ao seu estado de embriaguez e á hipotermia derivada de pasar a noite inconsciente á intemperie, provocáronlle a morte. Francisco A.A. foi condenado como autor do delito de homicidio con atenuante por embriaguez a 7 anos de presidio maior e 50.000 pesetas de indemnización. Os outros implicados fórono por un delito de imprudencia temeraria a 3 anos de presidio menor e multa de 5.000 pesetas, debendo pagar todos eles unha indemnización de 100.000 pesetas á viúva da vítima.[99]

En relación á prostitución, nada se albisca sobre ela no rural, o que corrobora a tese de Lucía Prieto que sostén que esta non se exerceu do mesmo modo en pequenos núcleos de poboación onde non estivo vencellada ao ocio, tabernas ou bailes, senón que permaneceu moito máis integrada na vida da comunidade.[100] Unha maior invisibilidade que a altura dos anos 50 a Xunta Provincial do PPM en Lugo entendeu interesadamente como froito da súa acción e da inexistencia de tal fenómeno neste tipo de espazos de ocio.[101]

A partir desta xeografía da delincuencia nos bares de Lugo podemos extraer tres conclusións fundamentais. A primeira, que as accións contra a propiedade, roubos e furtos, cometéronse con independencia do espazo no que se atopaban os establecementos, se ben moitos tiveron que ver cos propietarios e asistentes aos mesmos e outros so tiveron aos bares como lugares de acción habitual dos ladróns. A segunda, que aquelas zonas nas que existían locais onde se practicaba a prostitución eran máis proclives á delincuencia, con todo, non necesariamente relacionada co meretricio senón cunha clientela que era exclusivamente masculina. E, por último, que os delitos que tiveron por escenario bares e tabernas non son

[98] Miguel CABO e Enrique CARBALLO: "El incivil deporte...", p.3.
[99] En San Xiao de Mos. AHPLu. FX. Sum. 179. Sent. 188. 1963.Circunstancias que tamén se deron noutros puntos do Estado como en Lobosillo, Murcia, onde a taberna era descrita pola mestra nacional como lugar de "xogos, discusións, xuramentos, fume e alcol" "sen dominio nin control". José SÁNCHEZ: "Control de ocio bajo el franquismo. Teleclubs en el Campo de Cartagena", *Revista murciana de antropología*, 23 (2016), pp. 173-202, esp.p.185.
[100] Lucía PRIETO: *Mujer, moral y franquismo...*, p.70.
[101] AHPLu. FSS. PPM. Ano 1951-1952. Memoria da Xunta Provincial de Lugo. Ana CABANA e Tamara LÓPEZ: *Fuera de toda moral...*, pp.8-9.

numerosos aínda naquelas anualidades nas que alcanzaron as cotas máis elevadas, pois en ningún caso chegan a 20 os expedientes xudiciais abertos anualmente nestes espazos que, como se apuntou, eran moi numerosos en comparación con outras cidades de poboación semellante. Se analizamos a gráfica, ademais de marcadas oscilacións vemos que tras alcanzar o cénit delituoso en 1960, a tendencia reverteuse á baixa co cambio de década, e malia que con novas subas o seu incremento posterior non acadou os niveis do decenio anterior. A explicación atopámola nesa "nova urbanidade" da que falabamos no capítulo anterior e nunha relativa prosperidade económica que reduciron, con independencia do lugar, os sempre máis predominantes delitos contra a propiedade. Por tanto, lonxe de pensar na prohibición da prostitución en 1956 como fito na consecución da orde social nos contextos de ocio (i)lícitos, a realidade amosa que a incidencia que tivo a recuperación do abolicionismo foi limitada, cuestión na que profundaremos a continuación.

Gráfica 12. Evolución delincuencia en bares 1950-1966.




Fonte: elaboración propia a partir de: AHPLu. FX. 1950-1966.

4.5. Unha análise espacial da prostitución na cidade a través da documentación do Padroado de Protección á Muller

Como xa sinalamos con anterioridade, unha das medidas implementadas polo franquismo en materia de prostitución foi a recuperación do modelo regulamentarista, o que implicaba que esta pasara a exercerse baixo o control do Estado. Durante a vixencia deste modelo, o meretricio acollíase a dúas fórmulas: a legal e a clandestina e, dentro da primeira,

existían dúas vías, a pública e a privada.[102]A primeira destas opcións legais, a prostitución pública, exercíase en establecementos a pé de rúa sen camuflar o seu aspecto de locais de alterne e onde as meretrices dependían dun/ha rexente, xeralmente unha *madame.* Como ten sinalado Beatriz Onandia, nestes locais as prostitutas permaneceron subordinadas a terceiras persoas sendo explotadas no comercio do sexo.[103] Esta fórmula de lenocinio compartía o espazo con bares e tabernas. Neles, como xa vimos, as meretrices alternaban cos homes, pois cobraban, ademais dunha contía fixa acordada coa *madame*, unha taxa pola venda de consumicións, actividade que ademais funcionaba de gancho para a captación de clientes. Así, os alí asistentes podían acudir tanto na procura de divertimento asociado ao consumo de bebida como dos servizos sexuais dunha prostituta, ofertados xeralmente en habitacións localizadas nun andar superior do "bar".[104]

A outra das posibilidades de exercer a prostitución foi a do meretricio privado. A diferenza do anterior, tratouse do exercicio libre da prostitución, sen intermediarios de ningún tipo. Exerceuse en vivendas con habitacións que normalmente elas tiñan alugadas. Segundo o PPM de Lugo as prostitutas eran: "mulleres inmorais cunha vida do máis abxecta, entregadas a todo xénero de vicios, arrastrando a súa horrible miseria nun ambiente procaz e repugnante".[105] Evidenciando a dobre moral do franquismo con respecto á prostitución que, segundo as investigacións de Assumpta Roura, "non impediu que (...) aceptara abertamente durante anos a proliferación, ao longo e ancho do país, deste tipo de establecementos", considerados "espazos luxuriosos e escandalosos, centros de perversión da mocidade e ocasión habitual para o pecado fácil e multitudinario".[106]

Como xa se comentou, en Lugo, a prostitución legal exerceuse fundamentalmente en casas de tolerancia e locais de alterne sitos no Recanto do Miño, onde alcol e marxinalidade fixeron deste o espazo de ocio coa maior incidencia delituosa da cidade. Os informes da XPL en 1947 describiron as súas calellas como un "ambiente fedorento", "impropio do século actual", con locais carentes das "máis mínimas condicións hixiénicas", cheo de "miseria e vicio estendido na escuridade das vivendas". A súa clientela non foi mellor cualificada: "explotadores de mulleres", "truáns", "xogadores de vantaxe", e demais suxeitos que "viven á marxe da lei e da convivencia social". Só dous destes prostíbulos, de nomes descoñecidos, mereceron mellor consideración por parte da XPL ao entenderse que si cumprían uns

[102] Jean-Louis GUEREÑA: *La prostitución...*, p.418.
[103] Beatriz ONANDIA: "Entre el pecado y la lujuria...", p.178.
[104] AHPLu. FX. Sum. 204. Sent. 92. Ano 1963.
[105] AHPLu. FSS. PPM. Memoria da XPL. Ano 1947.
[106] Assumpta ROURA: *Un inmenso prostíbulo. Mujer y moralidad durante el franquismo*, Barcelona, Editorial Base, 2005, p.133.

mínimos, ao igual que a súa clientela que, segundo o Padroado era "heteroxénea, homes de tódalas clases sociais, idades e estados".[107]

Outras fontes, como as memorias escritas por algúns lugueses de renome recoñecen que pasarse ou acudir aos prostíbulos do Recanto do Miño era habitual. O escritor lugués José de Cora admitiu que en tempos de xuventude "as veces, ían dar unha volta polos bares do Recanto, pois aquelo tiña bastante morbo, trabando conversa coas mulleres alí presentes". Unha "aventura" que deberon experimentar moitos mozos movidos pola curiosidade adolescente.[108] O mantendo desa dobre moral que caracterizou ao réxime fixo habitual que, mentres as mulleres que exercían o lenocinio, xeralmente movidas pola necesidade, foran sinaladas, vexadas, multadas e descualificadas, os homes que pagaban polos seus servizos rara vez recibiran a máis mínima reprobación moral.

Nun contexto de forte control moral, o PPM, que exerceu o seu labor a través das Xuntas Provinciais, encomendóuselle o labor de determinar cal era o estado da moralidade nas diferentes localidades da provincia, con vistas a emprender as accións moralizadoras consideradas pertinentes.[109] Con este fin, unha das tarefas do padroado pasou por identificar os lugares nos que se exercía a prostitución. O primeiro dos informes que ofreceu unha relación das "casas de prostitución" en Lugo data de febreiro de 1944. Nel diferénciase entre as "existentes" e as "sospeitosas", indicativo de que transcorridos dous anos do inicio do seu labor a XPL amosábase incapaz de establecer onde e baixo que condicións se exercía a prostitución na cidade. Cunha información limitada ás rúas e aos números de vivenda, valémonos desta documentación para trazar o que denominamos "xeografía do meretricio", atendendo a tres factores: a localización, o volume e o *status* conferido a cada lupanar pola XPL. Conforme ao anterior, procedemos a ofrecer un plano no que en cor azul delimitamos as rúas nas que a XPL determinou que se exercía a prostitución e en verde aquelas que permanecían baixo a súa observancia por ser sospeitosas. O tamaño das circunferencias trazadas representa o número de casas de tolerancia existentes ou sospeitosas na mesma rúa, a maior tamaño da figura, maior número de prostíbulos.

[107] AHPLu. FSS. PPM. Memoria da XPL. Ano 1947.

[108] José DE CORA: *Antoloxía da memoria de Lugo, Cap. 24. Entrevista a Paco Martín*. 10:17-11:05, Recuperado de internet (https://www.youtube.com/watch?v=qPjapSWNCc8, 2013), consultado o 23 de xuño de 2021.

[109] As Xuntas Provinciais foron constituídas en setembro de 1942 e estiveron presididas polo Gobernador Civil de cada provincia. AHPLu. FSS. PPM.

Ilustración 19. Casco histórico de Lugo. Relación de prostíbulos sospeitosos e confirmados. Ano 1944.




Fonte: elaboración propia a partir de: AHPLu. FSS. PPM. Relación de casas de prostitución existentes nesta capital. Lugo 17 de febreiro de 1944.

Segundo a información manexada cabe sinalar que, durante os primeiros anos do franquismo, o comercio do sexo estaba diseminado no plano da cidade, non obstante, mantendo unha serie de características comúns: a súa localización preferente no casco histórico, ao longo de estreitas calellas e, por norma xeral, afastado das rúas máis transitadas e comerciais do centro. Moitos destes prostíbulos estiveron, a un tempo, constrinxidos polos muros pétreos do monumento bimilenario máis próximos a algunha das súas portas, o que garantía a discreción no acceso de posibles clientes da cidade ou da contorna rural. Dentro dos enclaves nos que a XPL corroborou que se exercía o lenocinio, o máis destacado, por expansión e alcance, foi o sito no reduto ao que se accede a través da Porta Miñá, correspondente ás rúas do Recanto do Miño, a Rúa Tinería (1), a Rúa Catedral (4) e a Rúa Armañá (3). En contraposición, máis aló destas calellas o fenómeno espallouse con menor intensidade. De maior a menor presenza: a Rúa das Nóreas (6 e 7) onde, segundo a XPL e a

documentación xudicial, os lupanares transcenderon ao período regulamentarista.[110] Tamén nas proximidades do mencionado recanto, a Ronda do Xeneral Sanjurjo (2) hoxe parte da Ronda da Muralla á altura do coñecido por Barrio do Carme albergou, polo menos, un prostíbulo. Un único lupanar ofrecía os seus servizos nas proximidades da Porta do Bispo Esquerdo, o localizado na praza á que se abría a devandita portada, entón homónima, hoxe Praza do Campo Castelo (5).

Alén das citadas localizacións existiron outras non verificables como gorecedoras de casas de tolerancia, todas elas dentro de murallas. Foron o Recanto de Santo Domingo (8), a Rúa do Teatro (9), a Praza do Ferrol (10), a Porta Falsa (11) e a Rúa Amor Meilán (12). Trátase de rúas non moi afastadas entre si e todas na zona norte do centro da cidade. Ningunha delas figurou na documentación xudicial nin na administrativa como sospeitosa de tales actividades, non obstante, eses son motivos insuficientes para acreditar que non existiran este tipo de vivendas nos enclaves referenciados. De feito, os coñecidos por "bares de camareiras" alén do Barrio chinés, nunca constaron nos rexistros da Xunta, circunstancia que pon de manifesto que a súa capacidade de acción ben foi limitada ou ben a súa iniciativa moi feble.[111]

A estes lupanares habería que engadir aqueles espazos frecuentados por meretrices, os que pasaban a ser considerados espazos de "promiscuidade" e "mala nota", pola institución, entre os que se mencionan dous cafés cantantes, ambos céntricos, o "Mercantil", sito na Rúa San Marcos, e o "Galicia", na Rúa Doutor Castro, e tres salóns de bailes públicos, o primeiro, próximo aos anteriores na Rúa Bolaño Rivadeneira, e os outros dous no exterior de murallas, un na Avenida da Coruña e o outro, "La Florida", sito nas proximidades do Balneario, á orela do río Miño, ás aforas da cidade.[112]

Durante os anos corenta as casas de tolerancia espalláronse ao longo do casco histórico da cidade amurallada, con especial presencia no que posteriormente sería coñecido por ser o "Barrio chinés" da cidade, por se concentrar nel o maior número de prostíbulos. En 1944, a XPL cifraba nun total de 17 os existentes, sendo 8 as vivendas que permanecían baixo sospeita das autoridades. Só tres anos despois, unha nova memoria da Xunta estimou que estes descenderan ata os 10, cunha media de 4 a 7 pupilas en cada un, o que implicaba que en só tres anos sete lupanares pecharan. Catro deles fixérono a consecuencia da actuación da XPL que os culpaba do escándalo que, entendían, provocaba a súa presenza nas rúas

[110] AHPLu. FSS. PPM. Relación de casas de prostitución existentes en esta capital. Lugo 17 de febreiro de 1944.
[111] *Ibid.*
[112] AHPLu. FSS. PPM. Memoria da XPL. Comisaría do Corpo Xeral de Policía de Lugo. Ano 1942.

céntricas da capital.[113] O control moral non só determinou que todo prostíbulo que non estivera no Barrio da Tinería fora clausurado durante os anos corenta, tamén procurou a reclusión das meretrices no mencionado reduto. Fíxose mediante a persecución da prostitución clandestina e a estreita vixilancia e acérrimo control da prostitución legal, materializada en medidas como a imposta polo Gobernador Civil da provincia:

> "O Excmo. Señor Gobernador Civil da provincia dispuxo, con indubidable acerto, que a fin de evitar posibles escándalos prohibirase ás prostitutas a asistencia a espectáculos, cafés e bares, non permitíndose tampouco que deambulen polas rúas, a non ser que iso obedeza a algún motivo xustificado, sancionando enerxicamente aos infractores do anteriormente establecido."[114]

É dicir, as mulleres que exercían á prostitución foron legalmente recluídas nun reduto espacial concreto da capital. A disposición foi considerada un éxito, en palabras do Padroado "por influír notablemente no decrecemento desta lacra social". A outra das políticas implementadas estivo en relación cos horarios de apertura ao público destes establecementos, que remataba ás dúas da madrugada. Os seus efectos, cualificados de "satisfactorios", foron relatados polo vicepresidente da XPL:

> "En parte cortáronse os escándalos que adoitaban promoverse a altas horas da noite por grupos de homes que saían dos mesmos, perturbando a tranquilidade da veciñanza e con cuxa medida téndese a que moitos fogares reintégrense máis cedo homes que tiñan xa por hábito trasnoitar, entregándose aos máis abxectos bacanais, fortalecéndose sen dúbida tamén con esta plausible disposición o sentido cristián e tradicional da familia".[115]

Disposicións como as citadas puxeron sobre a mesa que o modelo regulamentarista escollido polo réxime para a prostitución contemplouna como un "mal menor" necesario para satisfacer as necesidades sexuais masculinas cun claro obxectivo, o de conter as enfermidades venéreas. Polo tanto, a única meta era manter esa actividade, mais restrinxida a un espazo concreto e nunha atmosfera semiclandestina que, ao manterse invisible a ollos da boa sociedade non perturbara a orde moral. Por tanto, a acción do Padroado na cidade de Lugo ratifica o concluído por Carmen Guillén, que o verdadeiro obxectivo da institución, moi

[113]AHPLu. FSS. PPM. Relación de casas de prostitución existentes en esta capital. Lugo 17 de febreiro de 1944. Memoria da XPL. Ano 1947. Ana CABANA e Tamara LÓPEZ: *Fuera de toda moral...*, p.2.
[114] AHPLu. FSS. PPM. Memoria da XPL. 1943.
[115] AHPLu. FSS. PPM. Informe do Vicepresidente da XP de Protección á Muller. Ano 1945.

lonxe da protección e defensa da muller, foi o de exercer o control sobre as prostitutas para illar un fenómeno que, entendido coma inevitable, resultaba vergoñento a ollos da sociedade de ben.[116]

En 1950, nun novo cuestionario do Padroado referente á moralidade pública luguesa sentenciábase., en relación aos prostíbulos, que "todos están enclavados na barriada denominada Recanto do Miño, algo apartada do centro". Ese era certamente o obxectivo da institución, pero era só unha verdade a medias, pois non foi capaz de controlar e confinar a prostitución clandestina. A altura de 1950 9 eran os lupanares e 50 as prostitutas "fichadas", cifra que dous anos despois, segundo a seguinte das memorias publicada pola XPL, aumentara timidamente, a 11 no caso das casas de tolerancia, e a 51 das pupilas. A esas cifras sempre habería que engadir o número daquelas mulleres que exercían a prostitución ilegalmente. E aínda que a situación moral é cualificada de "boa", no informe faise alusión a un empeoramento dos costumes na capital derivado do incremento do número de bares frecuentados por prostitutas clandestinas e os seus clientes, aos que se lles facilitaban habitacións en fondas e pisos por toda a cidade. Esta modalidade de acción converterase na principal preocupación da institución, porque estaba fóra do seu control espacial e en expansión e porque, admitían, nela era frecuente que as prostitutas foran menores de idade.[117]

A actuación do PPM e dos organismos dependentes do mesmo, lonxe de reducir o exercicio da prostitución nas súas dúas vertentes, unicamente propiciou que a clandestina substituíra progresivamente á legal, mesmo superándoa, como aconteceu no resto do Estado. Para estas mulleres, as constantes revisións médicas, as restricións de mobilidade, o control exercido pola policía e o estigma social foron motivos máis que suficientes para optar pola vía ilegal. Ante tal circunstancia, en marzo de 1956, o franquismo promulgou o decreto polo que se retorna ao modelo abolicionista, amosando que a política de regulamentación da prostitución fora un auténtico fracaso.[118] Non obstante, este cambio de tendencia non respondeu unicamente á ineficacia do anterior modelo e aos malos resultados a súa anterior política de acción. Habería que inserilo nun contexto internacional a prol da abolición e, como apunta Lucía Prieto, de cambio de orientación ideolóxica do réxime. Francisco Jiménez

[116]AHPLu. FSS. PPM. Memoria da XPL de xaneiro de 1947. Ana DE MIGUEL: "La prostitución de mujeres, una escuela de desigualdad humana", *Revista europea de derechos fundamentales*, 19 (2012), pp.49-74, esp.p.56. Carmen GUILLÉN: *El Patronato de Protección a la Mujer: Prostitución, Moralidad e Intervención Estatal*, Tese doutoral, Murcia, Universidad de Murcia, 2018, p.206.

[117] AHL. FSS. PPM. Cuestionario referente á moralidade pública. "Prostitución". Xaneiro 1950 e Memorias da XPL. Anos 1951 e 1952.

[118] Decreto-Lei do 3 de marzo de 1956, sobre "abolición de centros de tolerancia y otras medidas relativas a la prostitución". Lucía PRIETO: "La prostitución en Andalucía durante el primer franquismo...", p.670 e ss.

alude tamén aos cambios en materia económica e política experimentados pola España dos anos cincuenta (o fin da autarquía e a instauración da sociedade de consumo de masas) e á inserción nas Nacións Unidas co fin do illamento internacional como determinantes de que as políticas do réxime avogaran por estar, ou polo menos semellalo, en órbita coas tendencias internacionais do momento.[119]

Os médicos do Padroado non tardaron en xerar todo un discurso que apoiaba esta decisión de mudar de curso de acción con respecto á prostitución. O doutor Tomás Caro-Patón sinalaba "a inutilidade dos controis sanitarios a prostitutas" que, "segundo a súa propia experiencia" sufriran ata daquela "enfermidades venéreas nun 72% dos casos" e, "sen excepción", padecían "blenorraxia" (gonorrea). A Igrexa, pasou do argumento da prostitución como "mal menor" a manifestarse abertamente proabolicionista a través de persoeiros como o pai xesuíta navarro Marcelino Zalba Erro e, especialmente, en artigos publicados en revistas e na prensa da época. Mentres, o Padroado evitou relacionar o abolicionismo coa II República, malia a que este xiro convertía ao réxime franquista en seguidor da política republicana cara a prostitución.[120] O abolicionismo impuxo a clausura dos prostíbulos e casas de lenocinio, tarefa que debía ser cumprimentada polas autoridades gobernativas nun prazo de 3 meses. A partir de entón, o exercicio da prostitución pasaba a ser unha infracción contemplada nos artigos 431 e 438 do Código penal de 1944, tipificada baixo os delitos de escándalo público ou de corrupción de menores, no caso de haber menores de idade involucrados no comercio sexual.[121] Clausuradas as mancebías era o Padroado o que debía encargarse do "coidado da rexeneración das mulleres que foron obxecto deste vil tráfico" e, con vistas a súa rexeneración, conferíase a potestade de internalas en "establecementos adecuados".[122]

No momento da súa clausura elaborouse unha nova relación dos prostíbulos na cidade de Lugo. A contabilidade deixou información sobre un total de 10 locais abertos nos que traballaban 17 mulleres, todos eles sitos nas rúas do Recanto do Miño e da Tinería, o que, en aparencia, materializaba o éxito dunhas políticas orientadas á contención da prostitución no barrio chinés. Non obstante, trátase novamente dunha información parcial que obviou ás prostitutas clandestinas, que se intúe ascendían a 40, e aos lugares nos que exercían como vivendas particulares, que xeralmente dispoñían de alugueiro de habitacións, e nos que

[119] Francisco JIMÉNEZ: "A Spanish way of life", p.96.
[120] Carmen GUILLÉN: *El Patronato de Protección a la Mujer...*, p.226. Lucía PRIETO: *Mujer, moral y franquismo...*, pp.125-126.
[121] Decreto-Lei de 3 de marzo de 1956, sobre abolición dos centros de tolerancia e outras medidas relativas á prostitución.
[122] Orde do 23 de abril de 1956 pola que se ditan as normas para a aplicación do Decreto-Lei do 13 de marzo último sobre prostitución.

pasaron a ser coñecidos por "bares de camareiras" nomenclatura eufemística baixo a que quedaron os bordeis.[123]

Así queda patente nun informe datado moi pouco despois. Como se ten sinalado en Cabana e López, o 23 de outubro o Corpo Xeral de Policía de Lugo expuña os efectos da abolición da prostitución, e concluía que o abolicionismo logrou poñer fin "á explotación da muller". Xuízo ao que seguiron comentarios que inmediatamente refutaban dita conclusión: "sendo penoso recoñecelo, a evolución a partir da clausura dos prostíbulos foi de empeoramento da moralidade pública". As causas, sinalaban, estaban nunha maior presenza de prostitutas deambulando polas rúas na procura de clientes, realidade á que se viran abocadas ao carecer duns lugares fixos de traballo. Ademais, estas mulleres comezaron a frecuentar determinados establecementos con aparencia de bares, locais de negocios de bebidas onde eran admitidas causando, segundo a valoración policial, un incremento dos escándalos e dos desordes leves, provocando as conseguintes perturbacións na veciñanza. Como solución a esta nova problemática a única medida despregada en Lugo foi o incremento do control policial, especialmente sobre as prostitutas vellas coñecidas das autoridades, que sufriron unha estreita vixilancia. De ser descubertas pola policía eran sancionadas ou detidas, non así os homes que solicitaban os seus servizos. Para sortear este férreo control en toda España é posible detectar que as prostitutas van tratar de ir a outras cidades onde non tiveran sobre as súas costas antigos expedientes policiais e xudiciais. Así, en Lugo, igualmente, as meretrices locais deixaron de exercer para irse a outras urbes, mentres que as de outras orixes viñeron á cidade das murallas.[124]

Malia que o PPM non tiña a pretensión de coñecer o verdadeiro alcance da presenza do meretricio en Lugo, a través da documentación xudicial é posible albiscar núcleos de prostitución noutros puntos da cidade que excederon ao barrio chinés, onde o PPM pretendía confinala. Mediante a súa xeolocalización no plano adxunto observamos que, algúns destes enclaves correspondéronse con antigos bordeis, os cales probablemente permaneceran activos, pero outros tratáronse de novos espazos de lenocinio posteriores ao decreto do abolicionismo. Un destes últimos foi a Rúa Montero Ríos, lugar de comisión, en 1963, dun delito de escándalo público. Os procesados foron José María L.Q., de 34 anos, Antonio S.R., de 32, José E.F., de 33, Hermitas C.C., de 47 e María Elvira F.R., de 71, casados todos menos o primeiro, tidos por persoas de boa conduta os tres homes e de mala as dúas mulleres. A

[123]AHPLu. FSS. PPM. XPL. Enquisa en relación cos efectos producidos polo Decreto Lei do 3 de marzo último sobre abolición dos centros de tolerancia da prostitución, que realiza o PPM o 23 de outubro de 1956. Ana CABANA e Tamara LÓPEZ: *Fuera de toda moral*..., pp.9-10.
[124] *Ibid*, pp.9-10.

denuncia foi interposta pola Policía ao descubrirse que, nunha vivenda xa clausurada con anterioridade, propiedade de Antonio S., seguíase a exercer a prostitución. A mesma causa determina tamén a existencia dun bordel na Rúa das Nóreas. Nunha das vivendas alí situadas os serenos de comercio, José María e José E., a cambio dunha retribución, captaban aos clientes e conducíanos aos pisos das prostitutas. En relación ás mulleres procesadas, María Elvira fórao por ser a *madame* do prostíbulo de Montero Ríos, mentres que Hermitas rexentaba o bar "Brasil", identificado pola documentación xudicial como provedor das meretrices. Os serenos negaron a súa implicación pero unha das mulleres confesou na súa declaración que non era a primeira vez que "ocupaba cama con homes na devandita casa". Aínda que o Ministerio Fiscal solicitou para eles penas de ata 4 anos de prisión e a clausura gobernativa da vivenda, todos os acusados foron absoltos.[125]

Como diciamos, a documentación xudicial coloca unha gran parte da prostitución da cidade en locais de alterne que funcionaban durante o período regulamentarista e aos que xa aludimos.[126] Un exemplo sería o bar "Madriles" da Rúa das Nóreas, cualificado pola rumoroloxía pública, segundo o que a documentación xudicial recolle, como "bar de mala nota onde se exercía a prostitución". Un caso de corrupción de menores a altura de 1958 tivo dito bar como localización. A vítima, unha moza de 18 anos que marchara da súa casa no concello de Castroverde, entrara a traballar neste bar, segundo a dona, unicamente "tomando copas cos clientes".[127] Os pais da menor, considerando que a súa filla era explotada e a súa moralidade e honradez perigaban denunciaron á propietaria por incitala á prostitución.[128] Outros sobreviventes á clausura gobernativa foron, na mesma rúa, o bar "Sol" e, na extensa Rúa San Roque, os bares "Jardín" e "Manuela".

Transcorridos dez anos desde a derrogación do modelo regulamentarista, aínda que nada ou pouco cambiara con respecto á década anterior, un novo informe do vicepresidente da XPL pasa a considerar a situación da moralidade pública de positiva ao non existir "problemas agudos". Tal conclusión viría da inexistencia de casas de compromisos "coñecidas" na provincia aínda que recoñece a existencia de 16 bares "dubidosos" frecuentados por 43 prostitutas na capital, cifra que superaba ás contabilizadas en 1956. A documentación xudicial permitiunos xeolocalizar algunhas destas, sinaladas no mapa en cor

[125] AHPLu. FX. Sum.204. Sent. 92. Ano 1963.
[126] AHPLu. FX. Sum. 203. Ano 1958; Sum. 106. Ano 1958; Sum. 117. Sent. 6. Ano 1959; Sum. 49. Sent. 128. Ano 1959.
[127] O delito de corrupción de menores, de taxas moi reducidas en Lugo, produciuse sempre baixo un mesmo patrón, unha muller que captaba a rapazas menores de idade, "pupilas", para traballar en casas de tolerancia. A orixe rural das menores era moi usual.
[128] A acusada resultou absolta. AHPLu. FX. Sum. 112. Ano 1958.

amarelo, na Rúa das Nóreas, Montero Ríos e San Roque. O feito de que fosen maiores de 25 anos e de que case todas exercesen con anterioridade ao Decreto Abolicionista pareceu contentar ao vicepresidente da insitución, pois entendía que o lenocinio entrara nunha fase de estancamento.[129] Ignoraba ou estaba disposto a non recoñecer por escrito que a época dourada da prostitución en Lugo estaba a iniciarse. Fíxoo na década seguinte, case quince anos despois da implantación do modelo abolicionista, mostrando o seu reducido calado e o fracaso das políticas despregadas polo réxime.[130]

Ilustración 20. Relación de prostíbulos. Lugo. Ano 1956.




Fonte: elaboración propia a partir de: AHPLu. FSS. PPM.

O Padroado pouco ou nada lograra con respecto á prostitución máis que tentar confinar ao ollos da sociedade todo aquilo que resultaba inmoral a ollos do réxime. A

[129] AHPLu. FSS. PPM. Circular nº 73. Ano 1966.

[130] "Lugo dice adiós al barrio chino de A Tinería", *El Correo Gallego*, Recuperado de internet (https://www.elcorreogallego.es/galicia/ecg/lugo-dice-adios-barrio-chino-tineria/idNoticia-239520), consultado o 3 de decembro de 2007.

prostitución vimos, foi unha das realidades que máis preocupou á institución, cuxa postura limitouse a estigmatizar a estas "malas" mulleres e a condenalas a permanecer na sombra de determinadas calellas das cidade. Sen verdadeiras expectativas de futuro, moitas desas prostitutas permaneceron eternamente ligadas a esta profesión, xa en Lugo no barrio do Miño, xa noutras cidades nas que poder pasar, aínda que fora temporalmente, desapercibidas. De seren descubertas, foron conducidas a prisións especiais ou a penitenciarías comúns onde resultaron novamente recluídas. Para as pupilas menores de idade, o seu lugar atopárono nos centros de reforma de mulleres caídas como a "casa fogar" da Nosa Señora dos Ollos Grandes de Lugo, reformatorio onde a idea de lar ou reforma non foi máis ca unha falacia.[131]

## 4.6. Conclusión

Ao longo deste capítulo empregamos o espazo como categoría de análise metodolóxica, o que permitiu mirar a delincuencia desde unha nova ollada que non só privilexiara o delito cometido, senón o contexto no que este se produciu e poder determinar así, en que medida, o medio condicionou as actuacións das persoas que foron contra a legalidade vixente no Lugo franquista. Da nosa aproximación espacial á cidade de Lugo determinamos que, alí onde había mercadorías, ben por seren espazos de recepción ou de depósito das mesmas, ben foran portos ou, neste caso, mercados, comercios ou estacións de ferrocarril "a súa relación co delito é proverbial". Así o sentenciou igualmente Gómez Westermeyer, non só en Murcia, tamén en Inglaterra e Gales.[132] Nesta pequena urbe rural galega, catro foron os espazos nos cales a delincuencia se fixo patente: o mercado, con especial atención á Praza de Abastos; a estación de tren no seu conxunto, desde a explanada, pasando polo recinto da estación e ata a plataforma e as vías e os lugares de ocio que dividimos entre aqueles considerados "lícitos" polo réxime, tascas, tabernas e bares e os "ilícitos", exemplificados nos prostíbulos, casas de citas e bares de "mala nota".

O mercado municipal de Lugo, particularmente a Praza de Abastos, constituíu un espazo onde a delincuencia contra a propiedade proliferou durante toda a ditadura. Non obstante, non o fixo do mesmo xeito nin coa mesma intensidade en tódalas décadas. Ata mediados dos cincuenta, roubos e furtos foron numerosos, estiveron cometidos por rateiros e tiveron tanto aos compradores como aos propietarios dos locais alí existentes por vítimas. En

[131] Decreto de 6 de novembro de 1941 sobre creación de Prisións especiais para rexeneración e reforma de mulleres extraviadas. BOE, Nº 324, 20 de novembro de 1941, pp. 9.082-9.083. Laura BOLAÑOS: "Tenga usted en cuenta que una presa política no es una prostituta. Un acercamiento a la convivencia entre prostitutas y presas políticas en las cárceles franquistas" en Manuel CABRERA e Juan Antonio LÓPEZ (ed.lit.): *XII Congreso virtual sobre Historia de las Mujeres*, Jaén, 15-31 de octubre 2020, pp.107-125.

[132] Juan Francisco GÓMEZ WESTERMEYER: *Historia de la delincuencia...*, p. 71.

función do modo de proceder puidemos diferenciar ata tres variables delituosas: a primeira, e máis común, a dos carteiristas que levaron cartos de petos e carteiras. A segunda, a daqueles que optaron por actuar valéndose da ausencia de traballadores e clientes, incorrendo en roubos ao faceren uso da forza. E unha terceira, baseada en estafas que xogaron coa boa fe dos tendeiros. Desde 1956, este tipo de sucesos descende ata converterse nun fenómeno residual que foi parello a outras fórmulas delituosas, máis sofisticadas, xa non invisibilizadas polo redundante perfil de "rateiro" ou "carteirista" da posguerra, senón que tamén van estar executados dos propios provedores e/ou traballadores da Praza. Choques de intereses e conflitos laborais que procurarán a vía xudicial para dirimirse ao quedaren as outras opcións desertas. Dous foron os achados máis significativos neste espazo, e que nos permiten diferenciar a delincuencia económica do mercado municipal da rexistrada noutros encraves da cidade: que o obxecto predilecto das subtraccións non foron os alimentos, paradoxalmente o produto que máis abondaba neste encrave, senón as preas pecuniarias e que o perfil tipo destes ladróns, lonxe de masculinidades predominantes noutros redutos, conformárono unha maioría de mulleres que, por tratarse este dun espazo de sociabilidade feminina pasaron desapercibidas entre as compradoras, así como mozos de curta idade, pícaros e mesmo nenos.

Similares foron as circunstancias polas que pasaron os establecementos de ultramarinos, onde os furtos famélicos, esta vez si, alimenticios e de bens supeditados á ración predominaron ata a supresión das cartillas. Superado o racionamento van oscilar entre os alimentos máis caros, os obxectos varios e o clásico diñeiro en contías que excederon as 1.000 pesetas. Serán apropiacións lucrativas cometidas tanto por ladróns como por persoas de confianza e incluso mediante estrataxemas urdidas polos seus propios donos para cobrar do seguro. Unha mostra de como o contexto histórico, económico, social e espacial foi determinante dunhas ou doutras fórmulas delituosas que mudaron en función das necesidades. Se había fame, procurábase saciala; mais cando esta xa non era unha necesidade perentoria, o ánimo de lucro agromou.

O outro dos lugares por excelencia para o delito no contexto do Lugo franquista resultou ser a estación de tren, un espazo marxinal durante o franquismo por tres factores fundamentais: o máis importante, á amplitude, proporcionada pola súa propia morfoloxía semiaberta, rodeada de vexetación, no exterior de murallas e afastada do ir e vir do día a día dos lugueses. Un recinto caracterizado, malia a presenza do corpo de gardería da RENFE, por un (des)control que escapa ás dimensións de plataformas e vías conferindo unha sensación de soidade e impunidade. Ao primeiro factor engadimos a constante presenza de bens de consumo, en grandes contías e de múltiples características, ben fora nos trens ou en mans dos

viaxantes, susceptibles de compor un atractivo botín. E, por último, a sinxeleza dunha rápida fuxida perante a presenza do ferrocarril, aseveración corroborada polas detencións de rateiros que, tras delinquir en zonas céntricas, encamiñábanse a este reduto para eludir ás autoridades. A xustaposición destes elementos xerou o caldo de cultivo perfecto para que a estación de tren se convertera nun lugar onde o delito e a inseguridade proliferaron, aínda que non o fixeron do mesmo xeito no tempo nin no espazo.

A explanada da estación foi escenario de roubos e furtos cometidos por rateiros que pululaban polo lugar na procura de preas que foron das sempre cobizadas carteiras en momentos de distracción, pasando polo contido de caixas rexistradoras dos negocios alí existentes e mesmo de transaccións económicas de dubidosa procedencia, unha tendencia que vai perdurar ata os anos sesenta, cando os vellos delitos sexan "renovados" por novas tipoloxías propias dunha pequena a urbe na que agromaba a modernidade, como as apropiacións de automóbiles. No interior da estación, os delitos famélicos fixéronse efectivos nas oficinas, nos lavabos, nos almacéns da RENFE... e consistiron en obxectos e bens de consumo de escaso valor (alimentos, téxtiles, metais, etc.) que van desaparecer a medida que melloren as condicións económicas da cidade. Non así o farán as subtraccións nas plataformas e vías, onde as preas obtidas responderon ao favor sorte e á capacidade do ladrón para descifrar o contido de maletas, carteiras e vagóns. Alí repítense os pequenos furtos pero danse en combinación cunha nova modalidade de prea, en grandes contías, que tivo o mercado negro por destino e que perdurou mentres o fixo o racionamento.

A mediados dos cincuenta a imaxe da estación continuaba a ser de certa decadencia, cunha delincuencia agora personificada nos carteiristas, mais tamén entre persoas pobres de necesidade que fixeron desta paraxe tanto un refuxio nocturno como un espazo no que procurar chatarra para engadir uns mínimos ingresos ás súas precarias economías. Estes mendigos, novos protagonistas dunha pobreza que xa non é circunstancial, experimentaron unha pugna polos recursos do lugar que motivou leas entre eles e incluso os malos tratos por parte de persoas de paso. Ataques contra a integridade física que tamén experimentaron os propios traballadores da estación en forma de accidentes laborais que deron conta da ausencia das máis mínimas elementais normas de seguridade e que provocaron a morte de moitos operarios e obreiros da RENFE. Outros, aproveitaron precisamente a desprotección na contorna das vías para atentar contra as súas propias vidas, tomando a forma de suicidios que foron mantidos no ostracismo polo réxime, e que engrosaron a listaxe de falecidos na cidade das murallas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Pero non todo en Lugo foron espazos de miseria. Os anos sesenta supuxeron o inicio dun período de cambios para a España da ditadura, en parte derivados das políticas aperturistas que procuraban un lavado de cara fronte ao exterior aínda que desenvoltos en tempos e características distintas en función do territorio. No caso de Lugo, unha pequena urbe cunha gran influencia rural a modernidade deixouse sentir, entre outras formas, coa proliferación dun número considerable de bares, espazos de sociabilidade e desconexión no tempo libre para varóns.

Ilustración 21. Casetas do polbo. San Froilán de Lugo. Anos sesenta.

Fonte: Fondo propio.

O seu vínculo co ocio, coa desinhibición do individuo e co alcol colocounos no punto de mira das autoridades, non só en España, tamén doutros réximes europeos, autoritarios ou non. Foron contemplados como lugares onde proliferaba o delito e ningún dos establecementos citados escapou ao seu estreito control. Unha das fórmulas empregadas foi a de fiscalizar aos seus rexentes, que houberon de demostrar, para a concesión das licencias de apertura, unha honesta fama e intencións ante as autoridades ademais dun bo expediente policial. Se tiñas antecedentes, eras considerado de mala conducta moral, tiveras relación coa prostitución ou co xogo probablemente recibiras unha negativa. Non obstante, existiron excepcións e algúns

bares foron quen de escapar do radar franquista, albergando conductas ilícitas e mesmo prostíbulos clandestinos.

Bares e tabernas estiveron diseminados por toda a cidade, elixindo os seus rexentes as rúas e prazas máis transitadas para aumentar o seu radio de influencia, situando o seu claro epicentro no casco histórico de Lugo. Hoxe a súa xeolocalización debúxasenos a partir da fonte xudicial, mediante a que puidemos diferenciar tres tipos distintos de bares, os de horario diúrno e carácter "familiar", os nocturnos de mala fama, dos que non podemos determinar se se tratou de tabernas comúns ou de prostíbulos e os lupanares así recoñecidos polos lugueses e polas autoridades. Todos estes foron lugares de sociabilidade informal, de divertimento das clases populares e tamén de intelectuais da época, sendo a sede dos seus "faladoiros". Pertencentes á esfera pública estiveron especialmente frecuentados por homes, cunha presenza feminina limitada a mulleres de dubidosa reputación, camareiras, serventas ou prostitutas. Pero, a un tempo que acollían lecer e divertimento, foron focos de inmoralidade onde o alcol empregouse como vía pola que evadirse dunha realidade en moitos casos insatisfactoria, o que deu renda solta a frustracións.

De entre todas as zonas de bares, a Rúa Nova foi a que maior número de tascas rexistrou. Entre os delitos alí cometidos destacaron as liortas entre bébedos polos motivos máis fútiles e as estafas coa baralla, xogos trucados cos que os rateiros sacaban uns cartos con sinxeleza, sendo dificilmente achados polas autoridades. Porén, o título de zona quente da delincuencia quedou reservado ao Recanto do Miño, o que pasaría a ser o barrio chinés a partir da ilegalización do lenocinio. Non obstante, neste reduto da cidade nin os delitos rexistrados tiveron usualmente ás prostitutas por executoras, nin tódolos establecementos localizados nestas calellas eran casas de tolerancia. Discernilos resultou unha ardua tarefa, en ocasións infrutuosa, por ser unha información omitida nas fontes e por existir unha fina liña entre bares de mala nota con presenza de prostitutas e lupanares onde se exercía a prostitución. A documentación xudicial rexistrou causas de todo tipo neste enclave, desde a sempre presente delincuencia económica, roubos e furtos dos que se acusou a estas mulleres ata outros de lesións en defensa das traballadoras. Foron tamén un lugar onde, mediante a rapina e con indiferenza do espazo no que se localizaba o bar, buscar alimento, vestido ou aveños varios e, nunha sociedade "autovixiada", espazos semiclandestinos onde realizar transaccións ilegais como abortos, tipoloxía feminina por excelencia rexistrada en prostíbulos da Rúa San Roque

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No rural, a presenza de bares foi máis limitada en termos numéricos, aínda que non por iso menos importante socialmente nos tempos de esparexemento. Para a poboación

foránea da provincia, a condición de *hinterlad rural* de Lugo, así como a súa proximidade con numerosas parroquias rurais, derivaron nunha trasfega habitual das súas xentes, por cuestións laborais e económicas, que facilitaron a súa presenza habitual en tabernas e bares en momentos de desconexión. A prostitución, pola contra, non conta con rexistro algún o que non implica que esta non se producira senón que as fórmulas para o seu desenvolvemento eran disímiles ás urbanas. En definitiva, o escenario dun amplo abano delituoso que fixo do bar un espazo de lecer, pero tamén de conflitividade e marxinalidade, colocado no punto de mira das autoridades.

En relación ao lenocinio, actividade que, como vimos foi legal ata 1956, o réxime amosou, unha vez máis, a súa lóxica bipolar, aceptando por un lado que varóns pagaran por acceder aos servizos das prostitutas e, por outro, mantendo un obsesivo control sobre as meretrices, labor que quedou en mans dunha institución que perseguiu calquera desorde da moral feminina, o Padroado de Protección á Muller. En Lugo, durante o período regulamentarista a prostitución diseminouse por numerosas rúas, especialmente enclavadas no casco histórico e exercida de forma legal (pública ou privada) ou clandestina. Porén, paseniñamente, diferentes medidas locais e estatais foron promulgadas con vistas a cercar ás prostitutas e mantelas fóra da mirada dos bos lugueses.

O 1956 marca o punto de inflexión co retorno ao abolicionismo, momento a partir do cal tódolos prostíbulos quedaron clausurados gobernamentalmente. A nova xeografía do meretricio, que trazamos a partir dos propios informes do PPM, da XPL e da documentación xudicial amosou entón dúas realidades contrapostas: unha idealizada e con fines propagandísticos, exposta nos informes do PPM, que pretendía facer ver que a prostitución era un asunto baixo control que só se exercía esporadicamente no barrio chinés e outra, a xudicial, que alertaba precisamente do contrario, do espallamento da prostitución clandestina en pisos sitos en calellas céntricas nas que xa se exercía con anterioridade e probablemente nunca fora erradicada. Polo tanto, medidas pouco ou nada eficaces que non conseguiron evitar que os anos 70 foran a etapa dourada da prostitución na cidade amurallada.

Empregar o *spacial turn* como criterio analítico permitiunos determinar que durante o franquismo, a cidade de Lugo contou con puntos quentes da criminalidade onde, por factores moi diversos, proliferou a delincuencia. Non obstante, iso non quere dicir que se tratara dunha cidade insegura, senón que determinados enclaves debían ser atravesados con certa precaución, un conxunto de saberes que foron transmitidos xeracionalmente como prácticas polas que vivir a urbanidade con éxito.

usc UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# CAPÍTULO 5. |

# O RURAL LUCENSE: UN ESPAZO CUNHA DELINCUENCIA CON IDENTIDADE PROPIA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

## CAPÍTULO 5. O RURAL LUCENSE: UN ESPAZO CUNHA DELINCUENCIA CON IDENTIDADE PROPIA

### 5.1. A delincuencia no rural do PX de Lugo

No rural galego, onde os anos da fame deixáronse sentir, os habitantes do agro houberon de enfrontarse a unha produción agrícola escasa consecuencia da falta de insumos e malas colleitas á que se sumaron as requisas do Estado que reducían as producións conseguidas e a disposición de gando. Neste contexto, os quebrantos da propiedade ou de calquera elemento que puxera en perigo o fráxil ecosistema económico rural constituíron a chispa que prendeu a mecha a todo tipo de conflitos aínda que estes foron resoltos, maioritariamente, pola vía extraxudicial, é dicir, sen deixar trazos nas nosas fontes. Unha realidade que tamén se deixou notar noutros sucesos como, por exemplo, as ofensas ao honor, toda unha serie delitos que só chegaron a instancias xudiciais cando os acontecementos revestiron de gravidade.

As eivas da fonte xudicial para analizar pormenorizadamente a delincuencia no rural non nos son alleas. Malia iso, entendemos que aínda que a súa presenza na vida cotiá non será detectada, consideramos que aqueles delitos que se saíron deses parámetros que a sociedade situaba para fixar unha atmosfera de "normalidade" non deben ser obviados; referímonos a aqueles que supoñían afrontar as rupturas dos códigos legais segundo os códigos morais que o costume impoñía, isto é no seo da comunidade e sen recurso á xustiza oficial. Cómpre ter presente que a mentalidade popular consideraba que os problemas cotiás debían ser resoltos no seo da comunidade. De feito, a reacción habitual era adoptar formas de xustiza alleas ás leis, sendo o recurso aos Tribunais a excepción e non a regra. Como teñen sinalado Miguel Cabo e José Manuel Vázquez, existían toda unha serie de normas non escritas que operaban nos contextos rurais, xeralmente respectadas pola comunidade, e entre as que se atopaba a "lei do silencio" consistente en "non presentar denuncias nin facilitar a inxerencia de instancias externas (Garda Civil, xulgados)", incluíndo os conflitos violentos. Por tanto, agás naquelas ocasións nas que o cariz dos incidentes cobrase certa envergadura, por rematar con mortes ou intercesión xudicial, pasaron sen deixar rastro.[1]

As persoas que optaban pola vía legal para dirimir a conflitividade eran, normalmente, persoas cunha instrución que ía máis aló da elemental ou con certo *status* social. Para moitos outros habitantes do rural o recurso á xustiza era inaccesible economicamente, excesivamente complexo ante niveis básicos de instrución ou un recurso infravalorado. Este último factor,

[1] Miguel CABO e José Manuel VÁZQUEZ: "Las otras guerras de nuestros antepasados: la violencia intercomunitaria en la Galicia rural contemporánea", *Hispania*, LXXV, 251 (2015), pp.781-804, esp.p.784.

por entender que os resultados non estarían definidos por un xuízo ecuánime dado que o contexto ditatorial marcaba unha sensación de deslexitimidade das súas institucións. Isto provocou que só chegasen a instancias das autoridades os delitos máis graves, xerando unha falsa imaxe de perigosidade como tónica usual da vida no agro.[1] É por iso que recompilar os crimes do rural pode dar lugar a unha visión tenebrosa e negativa sobre este espazo, por iso consideramos pertinente, antes de afondar na delincuencia que tivo o agro por escenario, desmitificar a estereotipada "crónica negra" que ocupa boa parte do imaxinario colectivo grazas, en boa medida, a que ditos delitos foron coñecidos a través de relatos cinematográficos e literarios que nin atenderon a contextualizalos nin a dar conta dos baixos índices delituosos que caracterizan o espazo rural se o comparamos co urbano.

O propósito deste capítulo reside en atender á situación da delincuencia dos diferentes municipios rurais que compoñían o partido xudicial de Lugo e, especialmente as parroquias que os conformaban. Definido o espazo de análise puidemos comprobar que a esfera delituosa atinxía a dous eidos: a) delitos contra a propiedade, b) conflitos sociais e contestación atendendo ás súas diferentes fórmulas e intensidade e en dous sentidos, aqueles que atentaron contra a vida das persoas, que se agrupan nos delitos por tenencia de armas e homicidios, e aqueles que atentaron contra os bens, cuxa presenza se evidencia nos delitos de danos e de incendios. Estamos a poñer o foco naqueles sucesos nos que se poñía en perigo o dereito inherente a unha propiedade (privada o comunal), ou naqueles que podían ser entendidos como un conflito social e ante os que, con independencia da súa orixe, existiu unha resposta violenta por parte do(s) agraviado(s) cunha intensidade variable. Se a tendencia que se pode entrever no rural foi a de evadir sempre que fora posible o rexistro xudicial para resolver as rupturas da legalidade que se producían no devir cotiá, queríamos tamén traer a estas páxinas o que constituíu a excepción á regra, de aí que decidísemos expor os delitos de desobediencias aos mandatos xudiciais, nos que os denunciantes, entón si, fixeron uso das alternativas legais dispoñibles.

Como sinalabamos, e con independencia da tipoloxía, os delitos no rural foron sempre inferiores aos da cidade. Tal afirmación queda corroborada empiricamente polas cifras manexadas polo aparello xudicial en Lugo, que determinan que o número de causas incoadas no contexto urbano supuxeron o 71%, e no rural tan só o 29%. Unha diferenza que non é froito dun posible desequilibrio demográfico, pois á altura de 1950 na cidade de Lugo

[1] Juan Francisco, GÓMEZ WESTERMEYER: *Historia de la delincuencia en la sociedad española: Murcia, 1939-1949. Similitudes y diferencias en otros espacios europeos*, Tese doutoral, Universidad de Murcia, 2006, p.538.

residían o 49,7% dos habitantes do PX, e no rural o 50,3% restante. E mentres que na urbe se incoaban de media 460 delitos o ano por cada 100.000 habitantes, no rural a cifra descendeu ás 131 causas. O índice resolutorio é igualmente disímil: de 33,7 delitos cada 100.000 habitantes no rural, que na urbe elévanse aos 117,7.[2]

Tal e como vemos na gráfica que presentamos a continuación, onde son recollidas tódalas causas abertas entre 1945 e 1966 nos municipios rurais de Lugo, por un lado, e os da cidade, por outro, observamos que a delincuencia en pobos e aldeas, especialmente unha vez chegado o decenio bisagra, presentou características propias. O período comprendido entre 1945 e 1955 é un decenio de elevadas taxas delituosas en todo o Partido. Son os anos da fame negra e as crises de subsistencias que, como adiantabamos ao comezo do capítulo, deixáronse sentir no rural. Así o corroboran uns índices delituosos que camiñan parellos en todo o PX pero que, en todo caso, foron moi inferiores no rural espazo que, con independencia da época presentou índices criminais inferiores. O ano 1949 é, en ambos casos, o punto álxido desta delincuencia, a partir do que, tras unha fase de descenso as sendas delituosas diverxen e, mentres a cidade experimenta un novo repunte en 1966, motivado, como vimos, por uns accidentes de tráfico emerxentes, no rural a delincuencia estabilizouse e mesmo descendeu, agás en 1962, un ano de superior actividade xudicial consecuencia dun verán de moitos incendios que asolou os municipios rurais do PX.

Gráfica 13. Delincuencia rural fronte á urbana. Anos 1945-1966.




Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. 1945-1966.

[2] Cifras calculadas sobre o total de poboación á altura de 1950. Se tomamos en consideración a poboación existente á altura de 1960, os resultados deixan 428 delitos denunciados por cada 100.000 habitantes/ano na cidade, fronte a 133,1 no rural e 109,4 sentenzas por cada 100.000 habitantes/ano en Lugo, fronte a 34,1 nas parroquias luguesas. AHPLu. FX. Sum. e Sent. 1945-1966.

Se atendemos á delincuencia rexistrada no rural vemos como, en termos porcentuais, Friol é o municipio que presenta unha maior porcentaxe de sumarios incoados, seguido de Castro de Rei e O Corgo, cifras que non son máis ca un resultado anubrado por unha densidade de poboación que, nestes concellos, foi superior. Ao tomar en consideración os delitos cometidos por cada 10.000 habitantes os resultados mudan, e é o de Rábade o que se pon á cabeza municipal, cunha taxa de 22,38 incoacións por cada 10.000 habitantes que non deixa de ser residual. Seguido de Pol, con 17,6. Mentres que Friol, antes protagonista, queda relegado aos inferiores postos en canto ao número de sumarios incoados.

Táboa 18. Municipios do PX. de Lugo, poboación e delitos.

| **Municipio** | **Poboación (1950)** | | **Causas incoadas** | | **Delitos x 10.000 habs.** |
|---|---|---|---|---|---|
| Castro de Rei | 7.513 | 13,82% | 250 | 16,64% | 15,84 |
| Castroverde | 8.122 | 14,94% | 181 | 12,05% | 10,61 |
| O Corgo | 8.544 | 15,71% | 230 | 15,31% | 12,81 |
| Friol | 10.037 | 18,46% | 274 | 18,24% | 12,99 |
| Guntín | 6.188 | 11,38% | 176 | 11,71% | 13,54 |
| Meira | 2.228 | 4,09% | 26 | 1,73% | 5,55 |
| Outeiro de Rei | 5.904 | 10,86% | 132 | 8,78% | 10,64 |
| Pol | 4.261 | 7,83% | 158 | 10,51% | 17,65 |
| Rábade | 1.566 | 2,88% | 75 | 4,99% | 22,38 |
| Total | 54.363 | 100% | 1.502 | 100% | 13,21 |

Fonte: INE, AHPLu. FX. Recuperado de internet (https://www.ine.es/inebaseweb/treeNavigation.do?tn=92661&tns=125358#125358), consultado o 25 de outubro de 2022.

## 5.2. “Sen licencia nin guía”. A posesión ilegal de armas

Os primeiros anos cos que contamos con rexistros delituosos estiveron protagonizados polo delito de tenencia ilícita de armas, o que nos indica a importancia que o réxime lle daba aos asuntos relacionados coa seguridade interior.[3] Esta situación non foi exclusiva do PX de Lugo. Outros estudos xa apuntaron a súa preeminencia sobre a categoría de delitos contra a seguridade interior do Estado. Juan F. Gómez, para Murcia, sinalaba que representou o 50%

[3] O uso de armas só estará tipificado como delito cando o seu posuidor non contara coa pertinente guía e licenza, aínda que apareza en combinación con outras tipoloxías delituosas.

das sentenzas e Manuel Ortiz para Albacete, apunta a que están próximas ao 40%.[4] A tenencia ilegal de armas foi unha cuestión que non tiña preocupado en demasía aos gobernos ata comezos do século XX, polo que é unha categoría desatendida polos códigos penais , que unicamente contiñan referencias limitadas ás actividades delituosas nas que se empregaban. Converteuse nun asunto lexislado durante o réxime da Restauración, concretamente desde 1920 e no relativo ao seu tráfico ilegal. Esta tendencia proseguiu durante a ditadura de Primo de Rivera pero, non mereceu un esforzo xudicial perceptible ata período republicano. A II República houbo de ampliar o seu control, cunha atención que se albisca constante a través da promulgación de leis e decretos, empregados, segundo Gómez Westermeyer, como un "mecanismo de defensa", segundo Iván Martínez "*unha necesidade* se querían manter a orde pública", especialmente nun contexto onde a efervescencia social ameazaba seriamente á estabilidade do réxime. De contemplarse unicamente a posesión e a tenencia de armas como delito, isto é, portalas fóra do domicilio, pasouse a considerar tamén o delito de depósito, que implicaba a súa custodia en dúas ou máis unidades nas vivendas. O Decreto promulgado o 9 de xaneiro de 1932 establecía para os autores deste delito penas de entre os catro meses e o ano de prisión, temporalidade que virían determinadas pola gravidade dos feitos. Esta lexislación endureceuse a medida que aumentaba a tensión sociopolítica, ata o punto de que en 1936 a lei chegou a permitir o rexistro de vivendas sen orde xudicial.[5]

Durante a guerra civil, no bando sublevado os delitos de tenencia ilícita de armas foron xulgados por tribunais militares, ao ser entendidos como actos "contra o Estado", situación que se mantivo ata 1942. Imposta a ditadura, a incautación de armas proseguiu como un medio polo que evitar a máis mínima alteración da orde pública e, especialmente, o apoio á loita guerrilleira. As condenas en materia de posesión ilegal de armas non mudaron en demasía en relación ao período precedente, e se na República supuñan unha condena de prisión que podía chegar aos 6 anos e as multas ás 50.000 pesetas, durante o franquismo a máxima contemplada coincidiu, mentres que a mínima neste grao foi de seis meses de cárcere. Segundo o artigo 254: "A tenencia de armas de fogo fóra do propio domicilio, sen

[4] Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia*..., pp. 372-373.

[5] O Decreto do 20 de agosto prohibía portar armas sen licenza fóra do domicilio, e declarábanse caducadas e suxeitas a revisión tódalas licenzas anteriores ao 14 de abril. Enrique Carballo cita, entre as disposicións orientadas ao control na posesión de armas na II República: a "Lei de Defensa de la República" de 1931, a Lei de Orde Público, de 1933 e outras promulgadas entre 1932 e 1936, "que amplían as penas por ter armas sen permiso e limitando as garantías civís para facer a súa persecución máis efectiva". Destaca a Lei de tenencia de armas e explosivos de novembro do 1934, a partir da cal a mera tenencia de armas, aínda que fora no domicilio, "sen posuír a guía e a licencia oportunas" implicaba unha pena de prisión. Enrique CARBALLO: *Violencia, crimen*...,p.425. Ivan MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria*...,pp.196-198. Fernando SÁNCHEZ: "La delincuencia "sociopolítica"...", p.243.

posuír a guía e a licenza oportunas, ou no propio domicilio, sen a guía de pertenza, castigarase coa pena de prisión menor". De tratarse de depósitos de armas, de guerra ou de defensa, é dicir, a reunión de tres ou máis no domicilio, implicaba unha pena superior, de prisión maior. A mínima prevista supuña a consideración de falta, condenada con arresto menor, unha pena de 10 a 5 días ou multa de 10 a 100 pesetas pero unicamente prevista, para aqueles que fixeran uso das mesmas a modo de ameaza leve ou as sacaren en rifa exclusivamente para lexítima defensa.[6]

O conflito bélico propiciou a posesión e circulación de todo tipo de armas, que, nun efecto de bola de neve, incentivou á súa vez aos que non as posuían a facelo por seguridade, individual e familiar, especialmente nos anos inmediatamente posteriores a un período no que todo aval legal quedara suspendido. No PX de Lugo estes delitos rexístranse maioritariamente no contexto rural, unha casuística que atribuímos á maior sinxeleza de pasaren desapercibidas á mirada das autoridades, non tanto da veciñanza, e da propia idiosincrasia rural que viu nelas certa funcionalidade. A súa procedencia queda exemplificada nas causas xudiciais e foi do motín de guerra á súa adquisición no estraperlo, cunha posesión que se mantén ben para a autodefensa, ben polo propio morbo. E, aínda que na longa posguerra o número de incoacións por este delito foi superior experimentaron un descenso ata tornarse residuais unha vez superada a anualidade de 1954. Mostra, por un lado, do éxito das incautacións emprendidas polas forzas da orde e, por outro da efectividade das medidas coercitivas en relación a este tipo de posesións.

Gráfica 14. Posesión ilegal de armas 1945-1966.




Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. 1945-1966.

[6] Código Penal 1944. Capítulo XII. "Da tenencia e depósito de armas ou municións e dos delitos de terrorismo e tenencia de explosivos", pp.448-449; Título III. "Das faltas contra as persoas. Art. 585. Serán castigados coa pena de un a cinco días de arresto menor ou multa de 10 a 100 pesetas: 2.° Os que, de modo leve, ameazaren a outro con armas o as sacaren en rifa, como non sexa en xusta defensa". p. 471.

Os procesados por tenencia ilegal de armas eran, como é de agardar, varóns. As poucas mulleres encausadas fórono por manter nos seus domicilios unhas armas que nin eran súas (senón dun marido ausente ou falecido), nin das que moitas veces coñecían a súa existencia, polo que xeralmente non eran procesadas, só se incautaba a arma sen repercusións para elas.[7] Nos procesos xudiciais por tenencia de armas tivo especial interese a consideración de "perigoso social" do procesado, unha puntualización que non se da noutras categorías delituosas. Outras xa coñecidas, como a existencia de antecedentes, a filiación política ou a conducta moral foron algunhas calidades ás que se lles prestou especial atención e serán determinantes no fallo.

Gráfica 15. Evolución da tenencia de armas no rural 1945-1966.




Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. 1945-1966.

Como comentamos, as tenencias ilegais de armas deixáronse sentir no rural lugués especialmente na posguerra, síntoma tanto de que circularon máis neste período, segundo Enrique Carballo algo que xa se deixara sentir a partir de 1935, como de que o interese das autoridades por requisalas foi superior.[8] A súa presenza nas diferentes parroquias e municipios do PX de Lugo, segundo da conta a fonte xudicial non pode considerarse

[7] AHPLu. Sum. 101. Ano 1945.

[8] Xa durante a II República, no ano previo á guerra civil promulgáronse unha serie de medidas orientadas a evitar o uso de armas de fogo nas violencias sociopolíticas e convencionais. Entre elas, a disposición que obrigaba aos titulares de escopetas de caza "con ou sen licenza" a rexistralas ante a Garda Civil antes do 14 de xaneiro de 1936. Enrique CARBALLO: *Violencia, crimen...*, p.425.

anecdótica. Esta indica que pistolas, revólveres e escopetas eran de fácil aceso, sendo adquiridas mesmo por menores de idade sen impedimento algún. A súa presenza no mercado negro estivo a orde do día nun intento por sacar proveito económico á arma que a moitos homes lles tiñan dado para ir á fronte. O estraperlo de armas que se reflicte na documentación parece terse caracterizado por funcionar en círculos de confianza para evitar unha sociedade con alta presenza de forzas do Estado e tamén autovixiada. Así o fixo Policarpo P.C. quen lla mercou ao seu veciño, no concello de Cospeito. De non seguir este esquema, estaríamos ante a compravenda a persoas alleas á comunidade que estiveran de paso ou con estancias puntuais. Como Darío C.C. quen lle comprou a pistola a uns soldados do Campo de Aviación de Rozas, no concello de Castro de Rei. As transaccións rexistradas dentro deste tipoloxía indican que os prezos oscilaron, dependendo da arma entre as 50 e 170 pesetas.[9]

Canto maior era a cadea de venda máis as posibilidades de ser descuberto. Unha delación debeu ser o motivo da incoación dun sumario en 1945 en Castro de Rei, no que Jesús P.G., José Jaime M.B., José L. e Jaime R.I., mozos de entre os 21 e os 19 anos, todos labradores, sen antecedentes e considerados de boa conducta, agás José L., foron procesados con motivo da posesión dun revólver marca "Belodog", achado no domicilio de José Jaime. O interrogatorio destapou a implicación dos restantes procesados nuns feitos que se retrotraían a un ano antes. José Jaime mercáralle no mes de novembro a arma a Ángel F.S., un rapaz de 16 anos, menor por tanto, , quen á súa vez adquiríraa de José L., que lla comprara a Jesús P.G. en setembro e este a Jaime R.I., tamén menor no momento dos feitos, en agosto. Todos eles carecían da necesaria licencia ou guía, pero ao non ser conceptuados de perigosos sentenciouse que non tiñan "intención de usar a arma con fins ilícitos". Aínda así, a compravenda supúxolles unha condena. Aos maiores de idade, Jesús P.G. e Jaime M.B., tres meses de arresto, aos menores, cuxa condición foi entendida como circunstancia atenuante, a sanción foi pecuniaria, 1.000 pesetas.[10] Segundo se pode comprobar na documentación xudicial, ás armas non se accedeu vía compra de maneira maioritaria, senón durante a guerra. José V.V., por exemplo, declara que a atopara "cando loitaba na fronte de Albarracín, en Teruel, durante a pasada guerra de liberación", Amadeo D.R. e Arsenio D.R., irmáns, trouxéranas da fronte en Bilbao e Agustín N.R., da Serra de Espadán, en Castellón.[11] Noutros

[9] AHPLu. FX. Sum. 259. Ano 1950; Sum 211. Ano 1950.
[10] Descoñecemos a contía que mediou entre as diferentes transaccións. AHPLu. FX. Sum. 32. Sent. 57. Ano 1945.
[11] Amadeo e Arsenio procesados por tenencia de armas con dous anos de diferencia. Entre outras frontes de guerra atopamos o dos Pirineos. AHPLu. FX. Sum. 57. Ano 1949; Sum 296. Sent. Ano 1947; Sum 162. Sent 266. Ano 1949; Sum. 247. Sent. 81. Ano 1952; Sum. 291. Sent. 50. Ano 1952.

casos, os menos, o acceso fora fortuíto ou así o declaraban os acusados nun relato máis ou menos crible. Gumersindo P.G. declarou que o revólver atopárao nun burato cando facía reformas na súa casa e Avelino C.L., que a atopara nun camiño.[12]

Como sinalou Juan F. Gómez a propia sociedade vía con reparos as actuacións policiais en canto a salvagardas dos seus dereitos, pois consideraban non os antepoñían á defensa dos intereses particulares do Estado, razón válida para explicar a existencia deste tipo de armas en enclaves rurais.[13] A fonte xudicial de Lugo ratifica esta explicación en tanto en canto a forma máis habitual na se fixo uso ou se pensaba facer uso das armas incautadas foi para a defensa da propiedade privada nun contexto no que, como temos explicado, estaba en constante ameaza. Así o declarou Antonio L.E., de Guntín, un labrador de 49 anos a quen lle foi requisada un arma da súa vivenda e que segundo o seu propio testemuño posuía para "a defensa dentro do seu domicilio e dos seus bens". Unha necesidade que empezou a sentir en 1941, cando mercou a arma, oito anos antes da incautación. E, malia que non contamos con datos suficientes para establecer cales foron os índices de delitos contra a propiedade nos primeiros anos da década dos corenta, si podemos concretar que a delincuencia contra a propiedade foi en ascenso desde 1945, cuns máximos históricos que, alcanzados en todo o PX en 1949, apoiarían as súas palabras. A condena á que foi sentenciado foi de 2 meses e un día de arresto.[14]

En relación co anterior estivo a autodefensa en conflitos intracomunitarios ou extracomunitarios, moitos deles precisamente motivados pola defensa dos dereitos sobre a terra. En 1948, a Marcelino G.R., de Grolos, unha parroquia do concello de Guntín, conducírono á comandancia da Garda Civil por "un rumor público" que circulaba entre a veciñanza. Segundo esa azueira, este mantivera unha acalorada rifa con outro veciño, durante a que se proferiron insultos, blasfemias e unha ameaza cunha arma de fogo. Esta ameaza foi o motivo do seu procesamento por tenencia ilícita de armas. A causa da liorta foron unhas terras de monte común que, segundo Marcelino, estaba no seu "lexítimo dereito" a traballar. O procesado declarou que cando estaba labrando, Avelino A.L. e outros catro veciños acudiron en actitude violenta, lanzando pedras, unha das cales feriu á súa muller. Segundo a outra da parte implicada, Marcelino estaba a traballar nunha parcela que non lle pertencía, e foi cando tentaran "requirilo en boas formas" o procesado respondeu cun disparo ao aire. As

[12] AHPLu. FX. Sum 112. Ano 1951; Sum. 204. Ano 1950.

[13] Limitada aos cuarteis da garda civil sitos nos centros neurálxicos de cada municipio e a unha distancia considerable en tempo e medios das aldeas limítrofes. Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia...*, pp. 372.

[14] Comproulla a "un trapero de Parga" por 100 pesetas había oito anos. AHPLu. FX. Sum. 15. Sent 213. Ano 1949.

discrepancias intracomunitarias revélanse nas declaracións das testemuñas, totalmente divididas a favor duns ou doutros. Esta duplicidade de argumentos e dado que a liorta non tivera maiores implicacións derivaron no sobresemento provisional do sumario.[15]

Se atendemos á información da documentación xudicial ir armado converteuse nunha dinámica usual nos diferentes municipios rurais de Lugo, e se a seguridade persoal foi a razón o certo é que xerou un clima de inseguridade social pois, perante disputas en conflitos cotiás foron moitos os que procuraron facerse coa razón a través de ameazas a man armada. Expoñemos o caso de Ángel P.P., que tivo lugar en Viladonga, unha parroquia de Castro de Rei. Segundo os feitos declarados probados pola Fiscalía, o 30 de marzo de 1949 durante o transcurso dunha discusión co propietario das terras que traballaba, Constantino V.R., en relación con se debía ou non sacar o abono das cortes do gando, decidiu apuntarlle a aquel cunha pistola que portaba sen licencia nin guía. As ameazas, tachadas de "leves", supuxéronlle unha falta sancionada con 3 días de arresto, aos que se engadiron 2 meses e 1 día de prisión pola tenencia.[16]

O seo familiar tamén aparece como contexto do uso de armas de fogo para liquidar un desacordo. Manuel F.A. e o seu irmán Eduardo foron procesados porque no posto da Garda Civil de Gomeán, no concello de O Corgo, "tivéronse noticias confidenciais" de que na súa casa existía unha pistola sen legalizar. Efectuado o rexistro e descuberta a arma Manuel declarou que non soubera dela ata que en agosto do pasado ano, no transcurso dunha acalorada rifa co seu irmán, porque o ameazara con ela. Tanto Manuel como Eduardo foron enviados a prisión baixo fianza de 1.000 pesetas.[17]

Con independencia das causas que levaran a desenfundar pistolas, a vontade de requisar toda arma en circulación e castigar aos seus posuidores faise visible en sumarios como o que segue, onde os encausados son empregados como cabeza de turco. Tivo lugar tamén en 1946, sendo procesados Aurelio S.V. e Manuel V., labrador e xornaleiro, que permaneceron na Prisión Provincial de Lugo ata a resolución da causa, segundo consta no sumario, primeiro baixo a disposición da Autoridade Militar,[18] inhibida posteriormente en favor do Xulgado de Instrución. Foron acusados dun delito de tenencia de armas, cousa que eles negaron, aludindo ademais a que o garda que os interrogara tratara de coaccionar a

[15] AHPLu. FX. Sum. 278. Ano 1948.
[16] AHPLu. FX. Sum. 107. Sent. 162. Ano 1949.
[17] Descoñecemos se a pagaron, pero o sumario foi finalmente sobresido. AHPLu. FX. Sum. 66. Ano 1946.
[18] Dacordo coa lexislación derivada da declaración do Estado de Guerra, os delitos de rebelión foron asumidos pola Autoridade Militar na posguerra, incluíndo dentro deles a posesión de armas. "Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España. Burgos 30 de xullo de 1936". Art. 6º.

Manuel con malos tratos para obrigalo a confesar. Sen outras probas, malia non poder eludir a súa estancia en prisión, quedaron absoltos.[19]

Pero os interrogatorios, mediara coacción ou non, conseguiron confesións por parte dos encausados. Ante a ausencia de probas era usualmente a rumoroloxía comunitaria e moitas veces, como se ten visto nas causas descritas, a delación, a que levaba a descubrir as armas no rural. O traballo de control social despregado polas diferentes autoridades foi a outra causa de comiso destas armas. A José V.V., un labrador de 33 anos, veciño de Pol, descubríronlle un arma nun cacheo ao que foi sometido pola garda civil, que alegaba que a súa aparencia era "sospeitosa". O mesmo lle aconteceu a Manuel S.R., de 17 anos, pero neste caso a mans dos axentes da Fiscalía Provincial de Taxas cando acudiron a facer un rexistro á tenda do seu pai, en Rábade. O nerviosismo do menor provocou a sospeita dos axentes que acabaron por descubrir que levaba unha pistola marca "Star", para a cal non tiña licencia nin guía. Mentres que José eludiu a condena, Manuel, malia ser menor, foi condenado a 3 meses de arresto.[20]

Ademais das vivendas, feiras e romarías son os espazos nos que a presenza de armas foi máis habitual. Ámbolos dous con algo en común, alén de ser lugares de distensión e esparexemento, de ocio e de intercambio de opinións non sempre pacíficas, tamén eran lugares de transaccións económicas de moita ou certa importancia. En relación á sociabilidade rural sinalar que as festas eran os lugares de xuntanza por excelencia tanto de conveciños como de mozos providos de aldeas limítrofes. No seu transcurso, os conflitos nos que mediaba a confrontación física eran habituais. As investigacións de Ramón Carballo e Miguel cabo indican que a violencia nas festas era practicamente unha convención social, entre "parroquias rivais" polo que durante o seu transcurso non era estraño que se produciran episodios de violencia adscribibles ao que Charles Tilly denomina "acción colectiva competitiva".[21] O seu desencadeante, sinalan os devanditos autores:

> "Podía constituílo calquera escusa trivial, tal como a negativa de ceder a unha moza en baile, un grito (aturuxo) desafiante, o reto explícito con fórmulas como o xa tópico "a quen me dea un pau doulle un peso!, a agresión aos músicos ou un comentario ofensivo en voz alta".

[19] AHPLu. FX. Sum. 182. Sent. 65. Ano 1946.
[20] AHPLu. FX. Sum. 57. Ano 1946; Sum. 221. Sent.24. Ano 1946.
[21] Charles TILLY: *El siglo rebelde, 1830-1930*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza, 1997, p. 66. A través de: Miguel CABO e José Manuel VÁZQUEZ: "Las otras guerras de nuestros antepasados", p. 784.

Unhas lóxicas simplistas que foron desbotadas por diversos estudos antropolóxicos como recolleron Miguel Cabo e José Vázquez, a partir dos cales se determinou que estes "incidentes endémicos" non eran resultado do "mero vandalismo":

> "A inimizade non era froito do azar, nin as pelexas aleatorias, senón que se retaba aos mozos das parroquias coas que se tivesen litixios sobre a delimitación dos comunais, os aproveitamentos da auga ou o "mercado matrimonial", en particular alimentados polo temor dos mozos das parroquias máis pobres desde o punto de vista agrario a que as mulleres locais víranse tentadas a buscar parella entre os mozos das máis fértiles (as situadas nos vales xeralmente), que ofrecían potencialmente maior prosperidade económica".[22]

A fonte xudicial sostén esta visión que cando menos asenta patróns de comportamento asumidos dende o século XVIII. Se miramos os perfís Miguel Cabo da conta da preocupación por estes altercados nas fontes xudiciais xa en 1753, cando unha Real Provisión prohibía explicitamente asistir ás romarías con "armas, paos nin garrote algún aos mozos solteiros nin a outra persoa".[23] Iso foi precisamente o que si fixo Julio L.G., un mozo de 19 anos orixinario do concello de Meira en 1945. O procesado acudira ás festas da parroquia de Prevesos, no concello veciño de Castro de Rei, portando un revólver do calibre seis que lle foi incautado pola garda civil. Foi condenado a 3 meses de arresto.[24] Con asiduidade ao delito de portar armas sumábaselle o de brandila. Germán B.G. disparou para "defender o seu honor" cando, ao rematar a romaría do Picato, no municipio de Guntín e acompañado de Elvira L.M., coa que sostiña relacións sentimentais, foi increpado por Luis L.C., de 20 anos, o que dexenerou nunha lea na que Germán lle apuntou a Luis no peito se ben non disparou.[25]

Calquera contexto de tumulto pareceu favorecer a aparición de armas o que conlevou a cada vez máis asidua presenza de gardas civís. Así sucedeu, por exemplo, nas feiras lugares de intercambio comercial nos que non era difícil que xurdiran desacordos e conflitos de intereses. Nas feiras atopamos que pode mudar o perfil de home novo que é o hexemónico entre os acusados por este delito e, nalgún caso, os procesados foron homes maduros e mesmo de idade avanzada. En 1951, por exemplo, o encausado foi Francisco L., un labrador de 63 anos veciño de Palas de Rei que acudiu á feira armado para, segundo recoñecía diante do xuíz, "defender o prezo que lle puxera a unha mula que pensaba vender". A súa condena

[22] *Ibid*, p.795.
[23] *Ibid*, p. 785.
[24] AHPLu. FX. Sum. 82. Sent. 200. Ano 1945.
[25] Sumario sobresido. AHPLu. FX. Sum. 309. Ano 1949.

foi de 3 meses de arresto. Por similares circunstancias procesaron a Gumersindo P.G., veciño de San Xoán do Campo, unha parroquia do concello de Lugo. No seu caso, ir armado á feira era unha mostra de humor, "como en plan de broma". A resolución de ambos sumarios foi dispar. Francisco foi condenado a 3 meses de arresto, mentres que o sumario aberto a Gumersindo foi sobresido. Alén da escusa dada para portar a arma parece que o mal estado de conservación do revólver do segundo resultou determinante.[26]

O delito de posesión ilegal de armas, como xa comentamos, reduciu a súa presenza na fonte xudicial dende mediados dos anos 1950, ata desaparecer por completo do panorama delituoso lucense en 1966. A mudanza foi máis profunda que no plano cuantitativo, tamén cambiaron as características dos propios sumarios que xa non van remitir a conflitos, máis ou menos violentos, nos que se fai uso de pistolas, senón que se limitan exclusivamente á súa posesión. Foron, entón si, o resultado de prolongadas investigacións policiais, mais tamén de achados totalmente fortuítos, mesmo derivados do procesamento dos seus posuidores por outros delitos. Avelino A.L., de 30 anos, natural de Santiso, A Coruña, e domiciliado en Pol, foi sinalado como sospeitoso do roubo de 15.000 pesetas dun domicilio o que provocou o rexistro da súa casa por parte da garda civil. Dos cartos nada se soubo, pero atopáronlle unha pistola en perfecto estado con sete balas para a que non posuía permiso, malia haber 14 anos que a tiña. Foi condenado pola súa tenencia a 2 meses de arresto.[27]

A medida que a guerra civil quedaba atrás fíxose máis usual que as armas comisadas polo xulgado lucense pertenceran a unha xeración anterior xa falecida. En 1956, o domicilio de José María P.R., alias "Manteigas", un labrador de 58 anos, foi sometido a un rexistro polos gardas civís. Cando entraron na súa casa, sita no concello de Friol deron cun revólver con 8 balas. O procesado, que infundiu as sospeitas das autoridades por ser considerado de "deficiente conducta" declarou que "non se daba conta de non estar en posesión da licenza", porque o revólver era do seu pai e nunca fora usado. O descoñecemento da ilegalidade cometida non o eximiu da pena que, de feito, foi moi superior a outras rexistradas polo mesmo delito, 6 meses e un día de arresto. O medo a este tipo de condenas foi esgrimido por outros encausados. Por exemplo, en 1951, cando a garda civil soubo "por confidencia" que Antonio P.V., tiña no seu poder un arma de fogo, este declarou que "malia que en varias ocasións estiven decidido a entregala non o fixen por temor a ser castigado pola lei". A súa

[26] Sinarlar que Francisco recibiu o indulto total polo que non cumpriu presión. No caso de Gumersindo, a casualidade fixo que o bar que visitou tras ir á feira fora o escenario dun pequeno tumulto, o que levou á Garda Civil a efectuar un rexistro rutineiro entre os asistentes, séndolle comisado o revólver. AHPLu. FX. Sum. 302. Sent 97. Ano 1951; Sum. 112. Ano 1951.
[27] AHPLu. FX. Sum. 46. Sent. 120. Ano 1956.

actitude dilixente unha vez incoado o caso debeu ser determinante, pois non recibiu condena algunha.[28]

A tenor dos datos pode aseverarse que un dos delitos con máis presenza no rural galego durante os anos da posguerra é a tenencia ilícita de armas. Cómpre sinalar que, malia ao que poida parecer, isto non derivou nun número superior de delitos de homicidio xa que, alén das baixas taxas acadadas por dito delito, como veremos no seguinte apartado, cando implicaron armas de fogo estas contaban co preceptivo permiso.[29] O emprego das armas ilegais tivo que ver con poder manter actitudes ameazantes e mostras de forza motivadas por unha casuística plural, onde prevaleceron a defensa da propiedade e os conflitos cotiás, xa persoais, xa, e sobre todo, comunitarios. Non pode deixar de subliñarse que ata que o delito perdeu carta de natureza nos xulgados galegos, a delación foi unha das razóns máis importantes para a actuación da forza pública e consecuentemente da acción xudicial.

### 5.3. Os crimes de sangue. Os delitos de homicidio e asasinato

Iniciabamos este capítulo desmentindo a valía da "crónica negra" como descritiva do acontecido no rural lucense. Homicidios e asasinatos constitúen en calquera país e período temporal os máximos expoñentes das narracións delituosas e violentas. Enrique Carballo ten analizado os homicidios cometidos na España da Restauración a partir da *Gaceta*, e aseverou que "Galicia aparece como unha das rexións onde se cometen menos crimes", por moito que "España era un país violento" naquela altura. Nos municipios rurais do PX de Lugo a súa presencia na documentación xudicial é residual sobre o conxunto da mostra, pois estamos a falar de 25 sumarios incoados por ambas tipoloxías nas anualidades entre 1945 e 1966. Este dato supón unha media anual de 1,19 mortes violentas asociadas a concellos e parroquias rurais, o que equivale a 2,18 por cada 100.000 habitantes.[30] Estes datos son similares aos contemplados polas Estatísticas da Administración de Xustiza no Criminal un século antes (1859-1862) onde, considerando tamén na categoría homicidios e infanticidios, se establece e a media para a provincia luguesa en 3,3 mortes por cada 100.000 habitantes, parella á da media galega, de 3 mortes. Unha incidencia que, segundo Enrique Carballo, "encóntrase en

[28] AHPLu. FX. Sum. 130. Sent 395. Ano 1956; Sum. 312. Ano 1951.
[29] A documentación xudicial rexistra unicamente 3 sumarios incoados por tenencia ilícita de armas e homicidio entre 1945 e 1966 no rural, un por década. Un está relacionado cunha defensa da propiedade privada, outro deriva dunha inimizade familiar e o último dunha lea. AHPLu. FX. Sum. 35. Ano 46; Sum. 224. Ano 1951; Sum. 134. Ano 1961.
[30] Cifra calculada sobre o total de poboación rural en Lugo á altura de 1950, de 54.363 persoas.

niveis similares e incluso máis baixos que os que atoparemos nas mostras para o primeiro terzo do século XX".[31]

Atentar contra a vida dunha persoa con resultado de morte foi un dos delitos considerados máis grave polo Código Penal de 1944, e así se deixou sentir nas condenas. A pena para o autor dun homicidio era unha das máis altas prevista polo devandito *corpus* legal, a de reclusión maior, isto é, dos 20 aos 30 anos de prisión e ata a morte do reo. Dentro destas penas a máxima estaba contemplada para os parricidas, aqueles que mataran a proxenitores ou á prole, calquera outros familiares ascendentes ou descendentes (lexítimos ou ilexítimos) ou cónxuxe.[32] A diferenza entre homicidio e asasinato establecíase neste Código na mediación dos seguintes supostos: aleivosía, existencia de recompensa ou promesa, que se dera por medio de inundación, incendio, veleno ou explosivo, con premeditación, asañamento ou aumentando de mala fe a dor do ofendido.[33] De ter lugar o homicidio nun contexto de rifa tumultuaria, acometéndose confusamente a pena considerada sería inferior en dous graos, de prisión maior, de 6 a 12 anos.[34]

Táboa 19. Os delitos de homicidio, asasinato e parricidio no Código Penal de 1944.

| Delitos[35] | Código Penal 1944[36] | Pena | Mínima aplicada 1945-1966 | Máxima aplicada 1945-1966 |
|---|---|---|---|---|
| Homicidio | Reclusión maior a prisión maior | De 20 anos e un día a 30 anos. De 6 anos e 1 día a 12 anos. | 1 ano de prisión 50.000 pesetas indemnización[37] | 20 anos de reclusión maior 30.000 pesetas indemnización[38] |
| Asasinato | Reclusión maior a morte | De 20 anos e un día a 30 anos Morte | 17 anos de reclusión menor 75.000 pesetas indemnización[39] | 22 anos de reclusión maior 150.000 pesetas indemnización[40] |

[31] No ano 1900, a *Gaceta* determina que, fronte a unha condena imposta por homicidio por cada 709 habitantes a nivel estatal, o caso galego redúcese a 501. Enrique CARBALLO: *Violencia, crimen...,* pp. 131 e 132.
[32] Circunstancias que se deron nun único sumario.
[33] Distinta foi a consideración de infanticidio, inserida dentro da mesma categoría de "Delitos contra as persoas", e que implicaba tamén o resultado de morte, pero contemplábase unicamente cando a nai ou avós maternos cometían homicidio sobre un neonato para ocultar a deshonra.
[34] Código Penal 1944. Título VIII. Delitos contra as persoas. Capítulo 1º, "Do homicidio", p.457.
[35] Os delitos de asasinato e homicidio frustrados foron xulgados como delitos de lesións nos seus diferentes graos. Os de achado de fetos serano como abortos ou infanticidios en función do momento do nacemento.
[36] Estase a contemplar a pena mínima e a máxima previstas en función da gravidade dos feitos e os de aborto con resultado de morte serano como delitos de aborto e homicidio.
[37] Homicidio do amante da súa muller. AHPLu. FX. Sum. 222. Sent. 76. Ano 1964.
[38] AHPLu. FX. Sum. 146. Sent. 235. Ano 1954.
[39] AHPLu. FX. Sum. 37. Sent. 382. Ano 1958.
[40] Asasinato do seu xenro, que a agredía sexualmente. AHPLu. FX. Sum. 406. Sent. 97. Ano 1963.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Parricidio | Reclusión maior a morte | De 20 anos e un día a 30 anos Morte | - | - |

Fonte: elaboración propia a partir do Código Penal de 1944.

Os homicidios rexistrados nas parroquias luguesas manifestáronse en torno a unha casuística dupla, a da imprudencia e a da expresión dun acto violento. Os homicidios imprudentes resultaban de accidentes fortuítos, por exemplo, da manipulación dunha arma de forma neglixente e cun disparo perdido que impacta causando a morte do infortunado ou nun accidente de coche ou de carro. A documentación xudicial resultou ambigua neste senso, pois en ocasións estes falecementos non se rexistraron dentro desta categoría delituosa senón conxuntamente co resto de mortes casuais que se sucedían ao longo do ano.[41] Centrarémonos nos 25 sumarios incoados por homicidio e asasinato, dos que consideramos, cómpre facer unha serie de valoracións analíticas. Como se observa na gráfica 16., e a diferenza das tenencias ilícitas de armas, a penas existe unha evolución deste delito ao longo dos anos, cunha presenza que se mantén continuadamente residual. Entre 1945 e 1955 o número de causas incoadas foi lixeiramente superior, pero en ningún caso podemos deducir un cambio de tendencia.

Gráfica 16. Causas incoadas por homicidio e asasinato. Anos 1945-1966.




Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. 1945 1966.

[41] Na cidade, por exemplo, de producirse o falecemento a consecuencia dun accidente de tráfico este non sería considerado un homicidio imprudente senón unha imprudencia temeraria adscrita ás infraccións da Lei de Circulación de 1950.

Outra das características destes delitos foi que, a diferenza doutras tipoloxías, o índice resolutorio é case absoluto, con só catro sumarios nos que o suceso queda sobresido sen ulteriores cambios. Os restantes foron fundamentalmente condenas (60%), con 3 sentenzas que combinaron condenas e absolucións (12%), circunstancias que se deron ante procesamentos múltiples, dúas absolucións (8%) e un sumario declarado concluso (4%).[42]

Gráfica 17. Resolución dos delitos de homicidio e asasinato 1945-1966.




Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. 1945 1966.

As armas brancas son as que aparecen nun maior número de ocasións como arma do crime (28%), se ben moi próximas ás armas de fogo (24%). A presenza destas armas brancas ten a súa razón de ser na sinxeleza de acceder a este tipo de obxectos que non requirían de ningún tipo de autorización gobernamental para portalas. Empregábanse igualmente obxectos cotiás con múltiples aplicacións: dende algunha pequena ferramenta agrícola ou de caza, ata utensilios que se portaban para realizar as comidas fóra da casa mentres se realizaban determinadas labores agrarias. Coitelos, navallas ou puñais eran usualmente portados polos varóns do rural como un elemento máis na súa indumentaria, circunstancias que explican que

[42] Trátase dun sumario incoado con motivo dun homicidio que tivo lugar na parroquia de Castro Riberas de Lea, no concello de Castro de Rei, cando unha interna causou a morte doutra. A agresora padecía esquizofrenia paranoide. AHPLu. FX. Sum. 201. Ano 1962.

en altercados algunha das partes sacara un destes instrumentos cortantes, causando lesións e feridas varias e, como no caso que nos ocupa, vítimas mortais.

Táboa 20. As armas do delito. 1945-1966.

| Arma branca | Arma de fogo | Apeiro de labranza | Obxectos sen identificar | Sen arma (agresión física) | Descoñecida | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 7 | 6 | 4 | 4 | 1 | 3 | 25 |
| 28% | 24% | 16% | 16% | 4% | 12% | 100% |

Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. 1945-1966.

As armas de fogo teñen unha presenza levemente inferior nos homicidios e asasinatos do rural lugués, (o xa sinalado 24%), pero cómpre advertir que non se trata de pistolas ou revólveres, como xa comentamos, as armas máis usuais cando se trataba de sumarios incoados pola súa tenencia ilícita, senón de escopetas. Entón si, para as que os procesados si contaban coas licenzas e guías oportunas, pois eran empregadas para a caza, unha actividade tremendamente habitual no rural galego coa que se lograba aumentar as posibilidades das familias de acceder a proteína animal na súa dieta e que, nesa segunda metade dos anos corenta e primeiros cincuenta, contribuía a paliar os efectos da fame e da carestía que aínda persistían. Os sumarios indican que o uso de tal armamento para acabar coa vida doutra persoa tivo lugar no propio domicilio do dono da escopeta e nas proximidades do mesmo. Miguel Cabo e José M. Vázquez determinaron que o seu uso foi un fenómeno crecente na segunda década do século XX, parello ao incremento dos niveis de brutalidade, unha tendencia que "se contrapoñía á supostamente tradicional, onde as disputas dirimíanse con paus ou como moito armas brancas e respectábanse normas como non agredir aos meros espectadores ou non perseguir aos derrotados (...)".[43] Outros dos instrumentos que tiveron unha presenza importante nas mortes violentas acontecidas no rural foron as ferramentas de traballo presentes tamén en protestas colectivas ou en enfrontamentos entre iguais, en entre as que destacou o uso do fouciño. Outros obxectos de uso cotiá (paos, pancas, caixóns, banquetas, etc.) reflicten o uso de calquera utensilio que estivera á man no calor do momento

Entre as causas que conduciron aos asasinatos e homicidios no rural lugués podemos diferenciar: a) a defensa da propiedade privada, en termos moi similares aos descritos para o

[43] Miguel CABO e José Manuel VÁZQUEZ: "Las otras guerras de nuestros antepasados...", p. 786.

uso de armas ilegais, é dicir, dereitos sobre a terra, colleitas, pasos de auga, herdanzas, etc.; b) actos vencellados á violencia doméstica ou ás relacións sentimentais (como os derivados de triángulos amorosos); c) enfrontamentos entre iguais que se traducen en estalidos violentos (moitos insuflados por intoxicacións etílicas) e d) homicidios derivados da complicación de abortos provocados por terceiros, xa tratados ao longo do segundo capítulo desta tese.

Ao igual que sucedeu coas tenencias de armas, un dos principais motivos capaz de anubrar mentes e levar ao extremo de arrebatarlle a vida a un igual foi defender un patrimonio que ou ben era, ou ben consideraban, lle pertencía ao homicida ou infractor. Os sumarios xudiciais, como veremos, evidencian a carestía na posguerra. Por unha banda, entre os autores do delito, a través dunha defensa sobre a propiedade da terra que é levada ao extremo do homicidio. Un grao de violencia superlativo que vinculamos á dependencia (individual e familiar) da súa produción. E, por outra parte, polas propias vítimas, capaces non só de tentar roubarlle ao veciño , senón de facelo conscientes dos riscos para a súa liberdade e, en ocasións, a súa vida.

Tratar de garantir a protección de propiedades e froitos levou a extremos indesexables polos propios procesados en moitas ocasións. Tal queda exposto no seguinte sumario, incoado en 1947. Manuel María S.V., un labrador de 38 anos declara ante o xuíz que, "ao notar que viña sendo obxecto de varias subtraccións de froitos nas súas fincas, decidiu saír a vixialas, indo provisto dunha escopeta". O día de autos divisou a dúas persoas "roldando polos seus predios". Tratábase do matrimonio composto por Enrique F.T. e Jesusa R.A. Según recolle o sumario, "excedéndose na defensa da súa propiedade deu un disparo". Este impactou na muller provocándolle a morte no acto. O procesado, que disparara a unha distancia de 14 metros da vítima, declarou que se arrepentiu instantaneamente, que mesmo axudou a Enrique a asistir á súa muller e que se entregou ás autoridades. Tamén lle ofreceu ao marido da vítima auxilio económico, 10.000 pesetas para cubrir os gastos do enterro. A condena, na que se observou circunstancia atenuante foi de 2 anos, 4 meses e 1 día de presidio menor. O marido da finada renunciou a toda indemnización, o que parece indicar que foi sabedor da falta de intención.[44]

Similar foi o acontecido en Guntín a noite dun 27 de xullo de 1946. Dositeo C.P. peón da estrada Santiago-Lugo, dedicábase, fóra do seu horario de servizo e con outros compañeiros de traballo, a cortar árbores propiedade do Estado, sitas a inmediacións dunha

[44] "A de proceder o culpable antes de coñecer a apertura do procedemento xudicial, e por impulsos de arrepentimento espontáneo, a reparar ou diminuír os efectos do delito, a dar satisfacción ao ofendido ou a confesar ás Autoridades a infracción". Código Penal 1944. Capítulo III. "Das circunstancias que atenúan a responsabilidade criminal". Art.9. 9ª. AHPLu. FX. Sum. 204. Sent. 25. Ano 1947.

finca chamada "Pontillones" da que era titular Francisco L.R. Este foi avisado por un conveciño de que "estaban cortando ou roubando leña", unhas subtraccións que os veciños da zona cualificaron nas súas declaracións como "frecuentes". Para defender o que consideraba era a súa propiedade armouse cunha escopeta de caza e ao chegar o devandito lugar, sen chegar a comprobar se efectivamente as árbores eran as da súa finca fixo un disparo contra a primeira persoa que divisou. Resultou ser Dositeo, quen, ademais resultaba ser amigo do procesado. O proxectil seccionoulle a arteria femoral desangrándose en poucas horas. Francisco foi condenado por homicidio a 14 anos de reclusión menor e a indemnizar á familia do morto con 20.000 pesetas.[45]

Rexistramos sumarios nos que a defensa da propiedade mestúrase con desavinzas previas entre perpetrador e vítima. En 1953 Manuel Serafín S.O., de 26 anos e boa conducta, sostivo unha discusión con David N.C. por cuestións patrimoniais que o sumario non especificada. A discusión acabou en agresión física. David chegou a entrar na casa de Manuel increpando aos seus familiares, e este deulle un golpe na cabeza cunha fouce que acabou sendo mortal. Faleceu pasados dous días consecuencia dunha "fractura de cranio con prolapso da masa encefálica". Manuel negou o ataque na súa declaración pero foi condenado a 12 anos e 1 día de reclusión menor, alén de a indemnizar á familia da vítima con 35.000 pesetas. Unha condena que se viu rebaixada pola circunstancia atenuante nº 6 do artigo 9, en relación á afronta causada por David ao violar o seu domicilio e reprender á familia do condenado.[46]

As agresións físicas foron, como na causa comentada e en numerosas ocasións, un previo da acción que acaba causando a morte dunha das partes. En xaneiro de 1948, nunha parroquia do concello de Friol, as vítimas iniciais tornáronse verdugos. O descordo polo desvío constante dunhas augas que pasaban pola finca dos procesados, Manuela B.R., e Ángel L.B, nai e fillo, por parte do dono do lindante, Rogelio E.N., rematou en homicidio. Durante a discusión Rogelio agrediu fisicamente a Manuela e, en resposta, Ángel apuñalouno repetidas veces ata provocarlle a morte. A estratexia xudicial dos procesados pasou por negar os feitos, mesmo parece que recorreron a subornar aos veciños para que testificaran ao seu favor durante o xuízo. Todo sen éxito, pois nai e fillo foron condenados por un delito de

[45] AHPLu. FX. Sum. 191. Sent. 112. Ano 1946.

[46] "A de executar o feito en vindicación próxima dunha ofensa grave causada ao autor do delito, o seu cónxuxe, os seus ascendentes, descendentes, irmáns lexítimos, naturais ou adoptivos, ou afíns nos mesmos graos". Código Penal 1944. Capítulo III. "Das circunstancias que atenúan a responsabilidade criminal". Art.9. 6ª, p.430. AHPLu. FX. Sum. 5. Sent. 300. Ano 1953.

homicidio a 14 anos, 8 meses e un día de reclusión menor e a indemnizar aos herdeiros de Rogelio con 35.000 pesetas.[47]

A violencia empregouse igualmente en conflitos que se sucederon no eido familiar. As herdanzas erixíronse como un dos principais causantes de agresións entre irmáns, segundo relata Iván Martínez unha tónica igualmente usual na Zaragoza de posguerra. Un destes sucesos cun resultado fatal tivo lugar en 1949. Os feitos declarados probados pola Fiscalía retrotraíanse a 1947, cando o irmán de Jesús R.L., José regresara de Cuba ao seu lugar de orixe totalmente arruinado, sendo acollido polo seu irmán, único residente no país naquela altura e, consecuentemente, herdeiro do patrimonio familiar. A loita por uns dereitos hereditarios que cada unha das partes consideraba vulnerados estalou o 15 de xuño de 1949, cando as ameazas verbais pasaron a converterse en agresións físicas nas que mesmo interveu a veciñanza, tentando serenar os ánimos. Cando os veciños, chegado o amencer, marcharon da casa, Jesús aproveitou que o seu irmán durmía para matalo a golpes cun fungueiro. Tras levar o corpo ás cortes e informar aos veciños, entregouse ás autoridades.[48] Jesús, para quen mediou a atenuante "moi cualificada", por presentar unha personalidade psicopática, foi condenado a 20 anos e un día de cadea e a indemnizar aos herdeiros do seu irmán con 30.000 pesetas.[49]

O crime pasional, de derivar no asasinato da esposa foi unha fórmula que legalmente se recolleu baixo o delito de uxoricidio. Segundo o artigo 428 do Código Penal de 1944, ao marido que sorprendera á súa muller cometendo adulterio e no acto matara aos adúlteros non lle correspondería unha pena privativa de liberdade, senón de desterro. Un "dereito" que, aínda que non se aplica no seguinte sumario, por non estar o adulterio denunciado, non evitou que a condena resultara igualmente benevolente. Unha mostra do poder que tiña a xudicatura para, mediando un mesmo código penal, impor penas tan disímiles. E non só iso, senón tamén dun modelo de xustiza heteropatriarcal que xustificaba o homicidio da esposa cando mediaba adulterio, pero non á inversa. Así quedou de manifesto no acontecido en 1964 en Triabá, parroquia do concello de Castro de Rei. Segundo recolle o sumario, Claudio G.B e Genoveva S.P. separáranse por consecuencia das relacións íntimas que a esposa sostiña con

[47] AHPLu. FX. Sum. 23. Sent. 236. Ano 1948.
[48] AHPLu. FX. Sum. 210. Sent. 257. Ano 1949.
[49] Cómpre sinalar que a pesar de que o sumario foi incoado por homicidio finalmente xulgouse baixo a casuística do parricidio. A alienación mental, obrar por estímulos poderosos que produciran obcecación, para evitar un mal maior e para a defensa do seu cónxuxe e dos seus dereitos, foron determinantes de que a pena, que o Ministerio Fiscal solicitaba en 26 anos quedara restrinxida aos 20. Código Penal 1944, "Das circunstancias que eximen da responsabilidade criminal", art. 8º ; "Das circunstancias que atenúan a responsabilidade criminal" art.9º, pp. 429-430. O procesado declarou que o fixera para poñer fin á "atormentada situación na súa vida e na súa casa".

José G.C., tamén casado, que parece eran coñecidas entre a veciñanza e mesmo polos fillos do matrimonio. Claudio, que non chegou a abandonar o domicilio conxugal mais si o leito marital, presenciou a noite do 8 de setembro como José abandonaba o seu domicilio tras reunirse con Genoveva, momento no que tomou unha escopeta, foi tras José e, segundo consta na causa, "sacudido pola humillación e o agravio evidentes aos que na súa mesma casa se lle sometía", disparoulle. Vendo que José estaba aínda vivo chamou a un médico, pero este só puido certificar a morte da vítima. Tralo suceso o agresor entregouse á garda civil. O procesado foi unicamente condenado a unha pena de 1 ano de prisión menor pola concatenación de dúas circunstancias atenuantes que, segundo a regra 5ª do artigo 61, supuñan unha redución da pena nun ou en dous graos. Neste caso, mediou a segunda das opcións e, se a pena prevista en orixe por homicidio era de reclusión menor, é dicir de 12 a 20 anos, esta pasou a ser de prisión menor, que ía dos 6 meses aos 6 anos de prisión.[50]

Os estados de embriaguez, como vimos ao longo do capítulo 4, foron determinantes de numerosos altercados e tamén dalgún dos homicidios rexistrados no rural lugués. O protagonista dunha destas accións violentas foi Enrique V.C., de 36 anos, quen a noite do 8 de decembro de 1955 acudiu a un bar de Friol. Segundo a Fiscalía, cando Enrique V.C. entrou no bar o procesado "suxeito de temperamento violento, agresivo e rifante, especialmente cando estaba embriagado", estado no que se atopaba, comezou "a faltar ao respecto" ás persoas alí presentes, veciños na súa maioría. Unha actitude que non depuxo polo que finalmente o dono do bar expulsouno pola forza. O procesado foi á casa e retornou ao local cunha fouce, iniciándose unha lea. Durante a disputa Enrique, agrediu brutalmente a un dos fillos do dono do bar provocándolle a morte instantánea. O procesado, que declarou que actuara en defensa propia e que fora obxecto de insultos, foi condenado a 12 anos e 1 día de reclusión menor e a indemnizar á familia da vítima con 60.000 pesetas.[51]

Os homicidios, en ocasións, foron resultantes de accidentes, xogos imprudentes nos que a inconsciencia da idade tivo resultados fatais. Jesús S.S., de 20 anos, mentres apacentaba o gando en compañía de Servando C.L., que facía o propio, decidiron segundo relata o sumario, poñerse " a xogar ambos en demostración de quen tiña máis forza, como é costume nos pobos". Nun momento dese ocio violento aquel golpeou cun pao a Servando accidentalmente na cabeza. A vítima, nun primeiro momento non deu a maior importancia ao

[50] Cómpre sinalar que legalmente non se trataba dun homicidio, senón dun parricidio, o que implicaba que a pena de base sería a de reclusión maior, de 20 a 30 anos de prisión que, cunha redución en dous graos quedaría limitada á prisión maior, de 6 a 12 anos de cadea. Non sosténdose a condena co recollido no Código Penal. A indemnización contemplada non diferiu da doutras causas por homicidio rexistradas na documentación xudicial, de 50.000 pesetas. AHPLu. FX. Sum 222. Sent. 76. Ano 1964.

[51] AHPLu. FX. Sum. 263. Sent. 265. Ano 1955.

sucedido alegando na casa que "caera dun valado". Pero ante o empeoramento do seu estado de saúde foi requirida a visita do médico que ordenou o seu traslado inmediato ao Hospital Provincial de Lugo, onde faleceu ese mesmo día a consecuencia dun traumatismo cranial. A patente ausencia de intencionalidade por parte do procesado determinou unha condena a 3 anos de presidio menor por homicidio con atenuante.[52]

De entre tódolos sumarios analizados para un período superior a dúas décadas só un remite a un asalto violento a unha vivenda. Os feitos retrotráense a 1946, e saldáronse co homicidio de Concepción G.C. Ás nove da noite, unha parella de homes entrou nunha vivenda da parroquia de Montecubeiro, en Castroverde e agrediron ao cabeza de familia. Mentres iso acontecía a familia deu a voz de alarma e Concepción, que estaba no andar superior tratou de defender ao seu pai armándose cunha ferramenta de labranza, momento no que recibiu un disparo mortal por parte dos asaltantes. A primeira fase da investigación saldouse con dous sospeitosos, autores en 1943 dun delito de rebelión pero, ante a falta de probas, foron desprocesados sendo o sumario sobresido sen esclarecerse os feitos. Sen poder aseguralo, dada a data e o lugar, non se pode deixar de sinalar que é posible entrever unha acción levada a cabo por guerrilleiros, case sempre conceptuados polas autoridades franquistas como "bandidos" ou "atracadores", mais, como sinalamos no poderíamos asegurar tal punto.[53]

Contabilizamos no rural de Lugo unicamente dous sumarios incoados por asasinato. Un deles, o dunha tía e sobriña de 86 e 56 anos, sen máis datos, atopadas mortas na súa casa no concello de Castro de Rei e do que nunca se soubo sobre os responsables. O outro tivo lugar en 1958 no concello de O Corgo, pero ao longo do xuízo foi probado que se estaba non ante un asasinato (no que mediaba premeditación) senón ante un homicidio. Neste caso un triángulo amoroso e a necesidade dun terreo acabou coa morte do antigo amante da esposa a causa dun golpe propinado polo marido. Os procesados negaron toda implicación nos feitos, desde á relación amorosa ata o asasinato. As probas do crime resultaron suficientes a ollos do xuíz para condenar ao agresor a 17 anos de reclusión menor por un delito de homicidio sen circunstancias atenuantes ou agravantes da responsabilidade penal.[54]

Como en calquera espazo, os delitos de homicidio e asasinato constituíron o máximo expoñente de violencia no rural lugués. As súas características, vimos, non remiten a espazos dominados pola violencia senón a resultados indesexados as máis das veces consecuencia de

[52] AHPLu. FX. Sum. 105. Sent. 138. Ano 1962.
[53] AHPLu. FX. Sum. 170. Ano 1946.
[54] AHPLu. FX. Sum. 152. Ano 1962; Sum. 37. Sent. 387. Ano 1958.

conflitos cotiás, defensa do patrimonio, infortunios e agravios sentimentais. Nada, como adiantabamos, que poida soster unha memoria do rural en clave de crónica negra.

### 5.4. Os estragos: unha fórmula de resarcimento

Outros dos delitos que tiveron unha connotación disímil no espazo rural fronte ao urbano foron os delitos de danos, consistentes no estrago dun ben do que, pola vía legal, debe resarcirse á súa vítima.[55] O Código Penal de 1944, en función das características do estragado, considerounos baixo a categoría de faltas contra a propiedade ou de delitos de danos. Eran faltas cando o seu valor non excedía as 250 pesetas, penadas de 2 a 10 días de arresto menor ou cunha multa de 10 a 500 pesetas. Para os delitos de danos, en función dunha longa listaxe de casuísticas referenciadas no devandito códice, a pena prevista oscilaba entre o arresto maior, taxados os danos entre 250 e 5.000 pesetas ou unha multa do triplo dos danos causados e sempre superior ás 1.000 pesetas.[56]

Os bens danados foron moi diversos e cunhas características diferenciables no eido xudicial en función das circunstancias que os rodeaban, a máis importante, a mediación ou non de intencionalidade. De tratarse dun feito accidental o seu causante non quedaba exento de responsabilidade, polo que a efectos da xudicatura non podían eludir a condena. Si cabía a opción de que esta fora máis benevolente, de mediar penas privativas de liberdade, pero non así as indemnizacións, que cumpría costear igualmente. A súa evolución ao longo do tempo, como observamos na gráfica 18., oscilou, pero se analizamos de forma independente os danos contra a propiedade e aqueles provocados por accidentes de tráfico podemos percibir unha mudanza nos últimos anos que cubre este estudo. Mentres que os primeiros experimentan unha redución, o que estimamos é o resultado dunha poboación que comeza a refusar a vulneración das propiedades alleas (como un axuste de contas) en prol do recurso á xustiza ordinaria, os danos provocados por accidentes de tráfico experimentan un aumento, unha mostra do tránsito que na década sos sesenta era crecente entre núcleos rurais e as vilas do PX e tamén cara a cidade de Lugo.

USC DE COMPOSTELA

[55] Os danos sobre a propiedade no espazo urbano van estar, polo xeral, vinculados coa comisión doutros delitos como roubos ou furtos. No rural, a accesibilidade a predios e montes permitiu visibilizalos de forma illada.
[56] Código Penal 1944. Título IV. "Das faltas contra a propiedade". Art.597; Capítulo VIII. "Dos danos". Art. 559 e 563. pp. 471 e 467.

Gráfica 18. Danos no rural (1945-1966).




Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. 1945 1966.

Centrarémonos aquí non na súa versión casual senón na intencionada. Delitos de danos provocados como unha forma de resarcirse ante calquera tipo de agravio. É dicir, resultantes de tomar a "a xustiza pola man", como xa sinalamos anteriormente, tendencia dominante entre a poboación rural pola que resolveu os seus conflitos no seo da propia comunidade.[57] Neste proceso víronse afectados fundamentalmente os predios, tanto no seu "continente" (valados, marcos, sistemas de peche, etc.), como o seu "contido" (colleitas, arboredo, pasto ou palleiros). Rexistramos tamén danos causados polo ou sobre o gando, é dicir, de semoventes que orixinan un estrago sobre a propiedade lindante ou, que sofren un dano ao ser golpeados ou envelenados, entre outros prexuízos.[58] As denuncias por danos adoitaron ser só a punta do iceberg dun conflito de magnitude superior. Por un lado, puideron ser a resposta perante outro dano previo provocado sobre unha propiedade, seguindo a "lei do talión" e, por outro, unha ferramenta coercitiva entendida como unha alternativa á violencia física. Veremos que ámbalas dúas tipoloxías aparecen nos sumarios de forma illada e tamén combinada. A capacidade resolutiva da xudicatura para este delito foi mínima, limitada a un ínfimo 7,4% do total de causas incoadas, un 4,8% se tomamos só as sentenzas condenatorias.

[57] Francisco J. LEIRA e Miguel CABO (eds. lits.): "Violencia e conflitividade na Galicia contemporánea...", pp. 29-39.

[58] O atropelo accidental destes animais foi habitual no contexto rural. No espazo urbano, os delitos de danos foron desde accidentes de circulación, implicando automóbiles, motocicletas, autobuses, camións e/ou bicicletas; roturas de enreixados ou escaparates, derivados de actos vandálicos ou asociados a delitos de roubo; en obras en construción, accidentais ou en relación á delincuencia económica.

A incapacidade para dar con probas que incriminaran aos artífices amósase como o obstáculo principal, nunhas cifras que ratifican a ineficacia do sistema xudicial para dirimir a delincuencia no espazo rural e, por conseguinte, explican o recurso a procurar alternativas alleas ás leis por parte da poboación do agro.

Os delitos de danos como resposta a un agravio producido sobre a propiedade déronse, fundamentalmente, en relación ao gando. Uns animais que, desprovistos da vixilancia pertinente, introducírase en fincas alleas comendo os pastos, as colleitas ou estragando muros e novas plantacións.[59] Ante tales circunstancias, a resposta habitual dos afectados foi a de tentar botar ás reses, non sempre co tento debido. O protagonizado polo matrimonio composto por José A.S. e Herminia V.V., de 44 e 43 anos respectivamente, indica que tiraron pedras a unhas vacas que estaban pacendo na súa finca para botalas, feitos polos que foron denunciados polo seu propietario pero, ao non probarse que lle fixeran mal algún aos animais, foron absoltos. O sumario aberto a Aurora L. apunta que cando trataba de sacar unhas ovellas do seu prado vareounas ata o punto de matar a un carneiro e ferir a outros. A prexudicada negou que mancara aos animais e sinalou que a verdadeira vítima era ela, pois os veciños deixaban con moita frecuencia ás ovellas sen vixilancia ou só con nenos ao cargo e os animais esnaquizábanlle os pastos. O suceso foi sobresido, o que puido ser consecuencia tanto de que se considerase que Aurora obrara acertadamente antepoñendo a defensa da súa propiedade á integridade dos animais.[60]

Pero, se houbo unha circunstancia que podemos apuntar que foi inherente a esta modalidade de delito no rural lugués do período de estudo foron os danos resultantes da escuridade na titularidade. Un destes delitos protagonizouno Alfredo, que denunciou os danos provocados pola tala de varias árbores da súa propiedade, estes, atribuídos a Balbino, o que alegou que as cortara por entender que o predio era da súa propiedade. A incoación do sumario propiciou a formalización dun contrato entre ambas partes acerca dos dereitos existentes sobre dita finca, evidencia da predominancia de contratos orais na xestión das

[59] Nenos, anciáns e persoas con diversidade intelectual eran aos que habitualmente se lles encomendaba esta tarefa.

[60] AHPLu. FX. Sum. 71. Sent. 164. Ano 1947; Sum. 107. Ano 1947. Código Penal de 1944. Título IV. "Das faltas contra a propiedade. Art. 592. O encargado da custodia de gandos, sexan ou non da súa propiedade, que polo seu abandono ou neglixencia entraren en herdade allea e causaren, dano, calquera que sexa a súa contía, será castigado con multa por cabeza de gando: 1.° De 75 céntimos de peseta a 5 pesetas, se fora vacún. 2.° De 50 céntimos de peseta a 2,50, se fora cabalar, mular ou asnal. 3.° De 25 céntimos de peseta a 1,50, se fora cabrego, e na herdade houbera árbores. Art. 593. Se os gandos se introduciran de propósito, ademais de pagar as multas expresadas, sufrirán os donos, ou os encargados da súa custodia, de. un a trinta días de arresto menor, sempre que o dano non exceder de 259 pesetas.", p.471.

terras.[61] Precisamente por este último motivo, un contrato de arrendamento que deixou de convir á parte arrendadora, foi incoado un sumario por danos en 1956. As implicadas foron mulleres, o que mostra a usual presenza feminina tanto no traballo agrícola como en conflitos que tiñan que ver coa súa defensa.[62] Pero elas tamén aparecen noutras denuncias por danos que non buscan o obxectivo descrito, senón acabar con contratos que xa non querían manter, o que tamén indica a súa capacidade para usar (ou tratar de usar) o sistema xudicial no seu beneficio. Gloria G.R., por exemplo, interpuxo unha denuncia por danos que entendemos, empregou a modo de coacción para que a súa arrendadora marchara. Acusouna, sen probas, de envelenarlle os porcos con estricnina.[63]

Como apuntabamos, e en relación cos problemas sobre a propiedade atopámonos tamén cuns danos inflixidos como resposta a enfrontamentos derivados de desavinzas por herdanzas. Por exemplo, Manuel T.L., recorreu en 1952 á Comandancia da Garda Civil para acusar a Serafín dos danos que levaba tempo sufrindo nunha finca da súa propiedade, sita en Mondriz, no concello de Castro de Rei, consistentes no derribo dos sistemas de peche, no pastoreo dos prados e na sega do centeo. Cando Serafín foi interrogado, admitiu que estivera na citada finca, xa que por herdanza correspondíanlle a el parte dos carballos alí existentes. Teresa, pola súa parte, denunciou en 1960 que sufrira danos por valor de 985 pesetas nunhas coles da súa horta. Apunta como causa a inimizade familiar existente derivada das partillas testamentarias. Ambas causas resultaron sobresidas e non chegaron a esclarecerse.[64]

Tamén orixinados por disensións previas rexistramos os seguintes sumarios. Manuel denunciou que lle cortaran o millo dun predio de 7 ferrados, sinalando directamente a Benigno e á súa familia, pois tivéraos como caseiros (réxime de parcería propio de Galicia) e botáraos.[65] Similares circunstancias aduciu José cando a súa colleita de coles sufriu danos estimados en 3.000 pesetas nunha finca que tiña próxima a Lugo. Segundo o denunciante estes danos tiñan que ver coa inimizade que tiña cun caseiro que despedira. Argumentou como proba que as pegadas achadas no camiño que daba ao seu predio conducían directamente á casa do inculpado. O procesado negou os feitos pero a súa coartada non se sostiña, polo que foi detido mais as probas incriminatorias non deberon ter suficiente peso e o sumario foi finalmente sobresido.[66]

[61] AHPLu. FX. Sum. 89. Ano 1966.
[62] A diferenza do que aconteceu en homicidios e tenencias de armas, esencialmente atribuídos a homes e nos que a presenza feminina limítase á cooperación.
[63] AHPLu. FX. Sum. 163. Sent. 142. Ano 1956.
[64] AHPLu. FX. Sum. 114. Ano 1952; Sum. 251. Ano 1960.
[65] AHPLu. FX. Sum. 230. Ano 1950.
[66] AHPLu. FX. Sum. 118. Ano 1953.

Houbo danos aos predios agrícolas que non teñen detrás un desacordo coa titularidade nin unha desavinza entre antigos donos e arrendadores senón que responderon a unha clara intención de causar un prexuízo. José definido como "de mala conducta" foi denunciado ante a Garda Civil de Castroverde por provocarlle varios danos na súa finca, consistentes na tala de árbores, danos nun muro e un terraplén e en tirarlle pedras no prado, valorados todos conxuntamente en 6.975 pesetas. O denunciado recoñeceu os feitos e declarou que o facía simplemente "coa intención de causar dano". Malia iso, non recibiu condena algunha.[67]Non sempre se dirimía o asunto pola vía xudicial. De forma esporádica parecen sumarios que indican que os desacordos veciñais tomaban as dúas vías posibles para a resolución, a violenta e a xudicial. En 1946, unha muller (nome descoñecido) denunciou que dúas familias asaltaran a súa casa a pedradas, danando ventás e mesmo en obxectos do interior da vivenda e que o motivo de tal suceso estaba nos resentimentos mutuos polos distintos procedementos xudiciais que tiñan abertos. Neste caso concreto decretouse o sobresemento.[68]

A conflitividade presente no rural non só tivo a labregos como protagonistas da defensa da propiedade. Un sumario incoado en 1957 pon de manifesto as rivalidades existentes entre dous párrocos de aldeas veciñas. José, de 26 anos, denunciou que a finca da Igrexa parroquial de Santo Estevo da Mota, en Guntín, levaba varias noites sufrindo danos en forma de tala de madeira e no estrago de numerosísimas plantas de millo. A identificación do sospeitoso correu a cargo dos fregueses: o cura ecónomo de Santiago de Ferroi. As súas sospeitas baseábanse en que "dito señor tivera agregada a parroquia da Mota á de Santiago de Ferroi, vendo con desagrado que o comparecente fora nomeado para a primeira." Había un mes el " ameazarao de morte" e sinaláralle que "dunha maneira ou outra sairía da parroquia da Mota". Sen probas do anterior, o sumario quedou sobresido provisionalmente.[69]

Os delitos de danos, como puido comprobarse, son unha resposta a un malestar saído de relacións de veciñanza ou laborais e a desacordos pola titularidade e a xestión da terra. Nestes delitos o dano causado empregouse a modo de desquite extraxudicial e sempre debe ser entendido como resultado de consecuencias de conflitos preexistentes.

### 5.5. Os incendios: un lume con forma de delito

Nun capítulo sobre a delincuencia común no espazo rural non debemos obviar o fenómeno dos incendios. Os delitos relacionados coas ignicións supoñen o 80% dos sumarios

[67] AHPLu. FX. Sum. 166. Ano 1958.
[68] AHPLu. FX. Sum. 294. Ano 1946
[69] AHPLu. FX. Sum. 188. Ano 1957.

incoados dentro da categoría de delitos por danos.[70] Ao igual que aconteceu con outros desta natureza, o índice resolutorio das causas incoadas por incendio foi mínimo, restrinxido a un 4,6% do total. Se nos limitamos ás condenas a porcentaxe descende a un 2,3%, traducido a números, tres únicas sentenzas condenatorias emitidas nos 21 anos analizados. O motivo era a gran dificultade para dar cos pirómanos cando o lume era intencionado o que resultou case imposible agás naqueles casos nos que o culpable era descuberto *in fraganti*, delatado pola veciñanza ou exposto pola rumoroxolía pública. Os restantes sumarios foron ou declarados falta, debido a que a contía dos danos peritados foi inferior á establecida para ser considerada delito, establecida nas 1.000 pesetas, ou ben, por extincións da acción penal ao falecer o procesado.[71]

A pena prevista para os autores de delitos de incendio, ao igual que aconteceu co de danos, dependeu do lugar e do valor do incendiado. De ser inferior a 250 pesetas a pena sería de arresto menor ou multa de 10 a 500 pesetas. A partir das 500, pasaría a ser considerado delito. Ata as 5.000 penado con arresto maior e, de exceder dita contía e de afectar a terras agrarias, prados, montes ou plantíos, o que resultaba habitual no rural, coa pena de presidio menor.[72]

Táboa 21. Resolución das causas incoadas por incendio (1945-1966).

| Sumarios | | Sobresementos | | Sentenzas | | Condenas | | Absolucións | | Outros | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 131 | 100% | 120 | 91,6% | 6 | 4,6% | 3 | 2,3% | 3 | 2,3% | 5 | 3,8% |

Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. 1945 1966.

Cando o incendiario foi descuberto atopámonos cunha autoría esencialmente masculina (84%), pero non exclusivamente, pois existen actuacións levadas a cabo por

[70] Na cidade, os incendios tiveron unha presenza residual e apareceron as máis das veces vinculados á casualidade. En predios, montes da contorna e palleiros, estiveron motivados polas mesmas razóns ca no rural, o que corrobora que a cidade de Lugo ten trazas do comportamento (e por tanto delincuencia) propias do rural. Destacaron dentro desta tipoloxía de delito os provocados por curtocircuítos resultado de instalacións eléctricas deficientes en casas, negocios ou almacéns. Nalgunha ocasión implicaron grandes perdas económicas, tal como aconteceu no incendio que tivo lugar na factoría de Frigsa (matadoiro) en 1960, no que se viron afectada maquinaria, instalacións e mercadorías- Os estragos taxáronse en máis dun millón de pesetas. Mais tamén se recolle na documentación xudicial algún incendio resultante do factor humano, pero sen intencionalidade. Un exemplo sería o que tivo lugar en dúas casas da entón denominada Rúa Serrano Súñer (hoxe Rúa García Abade) en 1964. Os causantes foron uns nenos que prenderon lume a uns trapos. AHPLu. FX. Sum. 224. Ano 1960; Sum. 27. Ano 1964

[71] Foi o caso de Tomás B.C., presunto autor do incendio nun palleiro. O procesado padecía esquizofrenia. AHPLu. FX. Sum. 109. Ano 1956.

[72] Título IV. "Das faltas contra a propiedade". Art. 595, p.471; Capítulo VII. "Dos incendios e outros estragos", Art.551, Art. 559, p. 467.

mulleres con actuacións que van de ser a man executora á autoría intelectual dos feitos (16%). A masculinización da delincuencia ígnea explícase en termos de masculinización de certas tarefas e saberes sobre o emprego do lume como ferramenta agropecuaria. A excepción compuxérona os lumes acendidos para cociñar ou procurar calor para o corpo pois "poucas cousas tiñan máis arrecendo a domesticidade" ca esas, "sen importar se era dentro da vivenda ou fóra".[73]

A intencionalidade rara vez é documentada nas causas xudiciais, en practicamente a metade delas (49%) confésase que non se puido esclarecer o motivo que levou a iniciar o lume. Se tomamos en consideración o declarado polas testemuñas e polas autoridades determinamos que os danos derivados de incendios foron en similar taxa intencionados (29%), como accidentais (22%).

Gráfica 19. Características dos incendios no rural lugués. Anos 1945-1966.




Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. (1945-1966).

Para unha achega cabal á idiosincrasia dos lumes no rural lugués, cómpre establecer unha distinción entre os tipos de fogo rexistrados. Falamos de tres tipos de lume: accidentais, é dicir, alleos á man humana; *lumes* imprudentes non intencionados, aqueles que son acendidos voluntariamente pero, sen obxectivo de causar un mal rematan propiciándoo e

[73] Ana CABANA: "Os incendios forestais e a variable xénero: estereotipos de ida e volta", en Proxecto BATEFOGO (coords.): *Árbores que non arden: as mulleres na prevención de incendios forestais*, Vigo, Catroventos, 2019, pp.15-28, esp. p.21.

*incendios* deliberados, onde o obxectivo da acción é o propio incendio.[74] Á súa vez, debemos contemplar outra variable, a titularidade do espazo onde se produciron, que podía ser pública, privada ou veciñal.

Os lumes accidentais afectaron a tódalas propiedades citadas e ás causalidades e intencionalidades máis diversas. Foron consecuencia de fenómenos meteorolóxicos, como un raio, ou da acción antrópica, cun grao de implicación variable, desde unha chispa dun convoi ao paso a unha, unha cabicha mal apagada. Nos terreos de particulares (fincas de uso residencial, predios rústicos, etc.), a documentación xudicial recolle sumarios nos que o lume se orixina sobre elementos combustibles de diversa tipoloxía, entre os que destacou a palla, acumulada en carros, almacenada en pallares ou en medas e en alpendres, por unhas instalacións eléctricas moi deficientes ou como contedores da forraxe anteriormente citada. No monte as perdas remiten ao propio uso, agrosilvopastoral. Fronte a estes espazos, as vivendas rara vez se viron afectadas, pois: se "o monte "deixábase arder" (...) porque "xa pararía", "a inminente sensación de risco para as vivendas ou construcións adxacentes levaba á veciñanza a enfrontarse ao lume".[75]

Os *fogos* por imprudencia son un fenómeno que se dá en propiedades de todo tipo de titularidade, non obstante, baixo manifestacións dispares. Como sinalan os estudos de Ana Cabana, o lume estivo presente historicamente no monte veciñal coma "factor natural decisivo na configuración do agroecosistema", no que eran prácticas agrícolas tradicionais que posibilitaban cambios nos usos do solo. É dicir, o fogo empregábase como ferramenta agropecuaria.[76] Trátase de queimas planificadas que, por imprudencia, por actitudes neglixentes, desatención ou ante condicións climatolóxicas adversas remataban por estenderse polos predios e montes derredor causando incendios de envergadura. Julio V.C., un veciño da parroquia de San Martiño de Carballido acendeu unhas tolas un 24 de setembro de 1955 para empregar a cinsa como fertilizante. As lapas espalláronse pola finca ardendo 2/3 da súa extensión, ocasionando danos por 15.000 pesetas sobre os carballos, piñeiros e castiñeiros que alí había. A mesma sorte correu o predio de Manuela C.B., en Outeiro de Rei, afectada por un incendio que se orixinou nunhas rozas que fixo, sen permiso, o seu veciño

[74] A cursiva é nosa. Tomamos a diferenciación establecida por Ana Cabana, que alude á distinción que os propios habitantes do rural facían entre un lume que non é identificado como negativo e que serve para domesticar o medio, fronte a uns incendios concibidos como destrutores. Ana CABANA: "Os incendios forestais e a variable xénero...", p.20.
[75] *Ibid*, pp.21 e 23.
[76] Ana CABANA: "Los incendios en el monte comunal gallego. Lugo durante el primer franquismo", *Historia Agraria*, 43 (2007), pp. 555-577, esp.p.558.

José F.L., as que deixou sen vixilancia mentres ía xantar.[77] Unha realidade que en ningún caso foi insólita pois, en verbas de Xesús Balboa:

> "A persistencia de prácticas históricas de queimas agrícolas (para rexenerar pasto ou eliminar matogueira, entre outras) sinálanse como a principal causa de incendios de maneira sostida no tempo. Estas queimas respondían a lóxicas de xestión da paisaxe nun monte que non tiña vocación forestal senón agrosilvopastoral, é dicir, nun monte como era o galego antes dos anos 40 do século XX." [78]

Os sumarios tamén referencian o uso do fogo como fonte de calor coa que gorecerse no inverno, unha modalidade da que si facían uso as mulleres. María Elena R. L., de 67 anos, foi procesada e condenada non por un delito de incendio, senón por unha imprudencia temeraria cometida en 1954. Os feitos producíronse un 18 de abril cando, ao estar apacentando o gando no monte denominado "Os Pinos", considerou acender unha pequena fogueira para quentarse "pois tiña moito frío", o que fixo en palabras da fiscalía "sen gardar as máis elementais normas de prudencia e previsión, dado o vento que facía". Unha circunstancia admitida pola propia procesada e que provocou un incendio que afectou a tres fincas anexas en propiedade de particulares, piñeirais, con danos taxados en 6.000 pesetas. Contía coa que, a modo de condena, houbo de indemnizar aos prexudicados, xunto cunha pena privativa de liberdade a 2 meses e 1 día de arresto maior.[79]

Os *incendios* provocados sobre propiedades privadas foron outra modalidade máis de vinganza derivada da resolución de conflitos na comunidade e non nos tribunais. Un sentimento de carraxe que, en parte, debeu vir da dificultade de achar probas que incriminasen aos causantes pola vía legal e que levaban a actuar de costas ás leis. Inimizades, contratos laborais que se rompían ou resentimentos polo reparto do patrimonio familiar foron os seus desencadeantes, comúns; polo tanto, aos anteriormente analizados. Por exemplo, Antonio, de Rábade, sospeitaba que na queima dun carro do país cargado de palla, valorado en 5.600 pesetas, tivera algo que ver o seu cuñado, Manuel, xa que "estaban desgustados" desde que fixeran o reparto da herdanza. Ou Ramón D.A., a quen lle unha veciña lle queimou

[77] AHPLu. Sum. 191. Ano 1945; Sum. 206. Ano 1960.
[78] Stephen J. PYNE: *Vestal fire: an environmental history, told through the fire, of Europe and Europe's encounter with the world*. Washington, University of Washington Press, 1997. Xesús BALBOA: "El fuego en los montes gallegos. De las rozas al incendio forestal", en E.Araque JIMÉNEZ (ed.): *Incendios históricos. Una aproximación multidisciplinar,* Baeza, Universidad Internacional de Andalucía, pp. 255-277, 1999. Ambos citados en: Ana CABANA e Marien GONZÁLEZ: "De fuego, incendios y mujeres. Un estado de la cuestión" en *XVII Congreso de Historia Agraria*, Formato virtual, Universidad de Salamanca, 2021, pp.1-30, p.2.
[79] AHPLu. FX. Sum. 77. Ano 1954. Ana CABANA: "Os incendios forestais e a variable xénero...", p.19.

unha parcela para vingarse dos prexuízos que lle ocasionara ao "intentar prohibirlle a servidume e uso dunha fonte de auga potable sita na súa finca". Pero tamén constatamos a existencia de persoas que iniciaban lumes sen outra intención ca de causar mal, estaríamos ante pirómanos. É o caso dunha veciña de Pol, que prendeu fogo a aira de Indalecio G.N. causando danos por valor de 12.900 pesetas con grave risco de estenderse á súa vivenda. As testemuñas sinalaron que a viran no preciso momento de prender o lume e que, ademais, a alcumada "queima airas" era reincidente. Foi condenada a 2 anos, 4 meses e un día de prisión.[80]

A dificultade de dar cos autores materiais destes lumes derivou en que as denuncias baseadas en sospeitas estiveran á orde do día. En 1958, en Bascuas, Antonio acudiu ao Cuartel da Garda Civil a interpoñer unha denuncia pola queima de tres moreas de herba seca nun predio que traballaba en arrendo, que valorou en 1.200 pesetas. Sospeitaba que o incendio fora provocado, xa que estes montículos "estaban bastante separados entre si". Sinalou directamente ao seu veciño coma posible autor, aducindo como a causa que pretendía adquirir esa propiedade e, nos últimos tempos, entrara nela en varias ocasións, o que motivara discusións e mesmo ameazas de morte. Nunca lograron demostrar a súa implicación.[81]

Os montes veciñais tamén sufriron incendios deliberados. Recollemos o caso de Manuel F.V., un rapaz de 17 anos, de boa conducta, un dos poucos incendiarios descuberto, procesado e condenado. Para el, as desavinzas cunha rapaza coa que sostiña unha relación sentimental foron motivo máis ca suficiente para prenderlle lume á parcela de monte do seu avó "a modo de represalia" e desde onde non tardou en propagarse a terreos limítrofes. O procesado foi condenado como autor dun delito de danos por incendio, cunha circunstancia atenuante por minoría de idade e outra agravante, por executar os feitos de noite e en lugar despoboado, a 4 meses e 1 día de arresto maior e a indemnizar a tódolos prexudicados pola queima: a Juan P.I. a 6.500 pesetas, a Pedro E. a 2.125 e a Josefa A.F. a 75.[82]

[80] AHPLu. Sum. 220. Ano 1956; Sum. 6. Ano 1957; Sum.108. Sent. 38. Ano 1945.
[81] AHPLu. FX. Sum. 176. Ano 1958.
[82] AHPLu. FX. Sum. 125. Ano 1945. Os incendios foron capaces tanto de facer emerxer desconfianzas coma de impulsar accións de solidariedade, mostra do sentimento de colectividade e de comunalidade. Deste xeito, ante este tipo de incidentes era habitual que os veciños do lugar se trasladaran até o punto afectado para sufocar as chamas loitando por evitar grandes perdas, que eran sentidas coma propias. Cando durante a noite Ángel tivo coñecemento de que prendera o lume nun monte propiedade de José, non dubidou en facer correr a voz de alarma entre os veciños de San Cosme, que rapidamente acudiron ao lugar do suceso prestando a súa colaboración para evitar que as lapas se estenderan. Tras unha longa noite de traballo, o lume quedou apagado de mañanciña. Sum. 234. Ano 1948.

Coa imposición da ditadura, unhas das políticas que maior impacto tiveron sobre o espazo rural galego foron as de repoboación forestal.[83] Estas, medidas que converteron o que era "unha superficie agraria definida pola multifuncionalidade nun recinto exclusivamente forestal" supuxeron unha enorme perda de recursos para as comunidades rurais que explotaran o monte historicamente. Ata o de entón, o que existía era unha estruturación do terreo definida entre terras cultivadas, prados e espazos de monte, unha división que, como ben apuntou Ana Cabana, establecía unha ordenación natural e ecolóxica do espazo, de maneira que cada función adecuábase ao terreo ao que mellor se adaptara.[84] Araceli Freire expón á perfección a cadea de aproveitamento deses recursos forestais:

> "O monte proporcionaba leña para manter quentes os fogares, realizar apeiros agrícolas ou sustentar as viñas; o toxo ou broza para alimentar ao gando, facerlle a cama e, a continuación, producir esterco e utilizalo como fertilizante; pastos para alimentar o gando que suplían a falta de praderías; realización dun aproveitamento agrario temporal, cultivando trigo, centeo, etc. a través da realización de rozas e estivadas."[85]

Cando aos habitantes do agro lles arrebataron o monte para convertelo en forestal desestruturaron o seu hábitat alén de perder a capacidade de decisión sobre o mesmo. Mais non sen contestación. Unhas respostas que tomaron tanto a vía burocrática, escritos administrativos, preitos, cartas, etc., xunto con outras formas de protesta tradicionais coas que trataron de minimizar ou, directamente, boicotear os efectos da repoboación forestal. Ana Cabana menciona a división dos montes para darlles a aparencia de tenzas individuais, a destrución de viveiros ou o estrago das zonas repoboadas. A documentación xudicial dá testemuño destas estratexias, por exemplo, mediante a introdución das reses nos terreos recentemente repoboados para que se comeran os plantóns, valéndose, de seren descubertos, dunha finxida ignorancia.[86] Fixérono igualmente a través dos delitos de incendio, que enmarcamos dentro das accións definidas por James C.Scott como "resistencias cotiás" aquelas "levadas a cabo por individuos pertencentes a grupos subalternos que non provocan,

[83] En adiante PFE.
[84] Ana CABANA: "Os incendios forestais e a variable xénero...", p.23.
[85] Araceli FREIRE: "El uso de los montes comunales en mano común gallegos. El antes y después de su devolución a las comunidades vecinales", *Estudios Rurales*, 6, 11 (2016), pp. 94-112. p. 96. "As rozas ou estivadas supoñen a queima controlada da cuberta vexetal do monte. Unha vez labrado este (con aixada ou arado), o manto vexetal disponse en cheas ao longo da superficie de cultivo, co fin de que a cinza resultante da combustión sirva de abono. Esta práctica permite a obtención dunha colleita de cereal (en Galicia, normalmente centeo e trigo) complementaria á obtida nas terras de cultivo". Ana CABANA: "Los incendios en el monte comunal gallego...", p.571.
[86] *Ibid*, pp.558-559.

nin o pretenden, grandes cambios no sistema de dominio contra o que actúan, senón que teñen como finalidade frustrar unha política ou actitude particular que toca e afecta á vida diaria de ditos grupos".[87]

Os incendios a modo de protesta documéntanse desde o século XVIII pero viven o seu momento de máximo esplendor durante réxime franquista nos territorios afectados pola repoboación a cargo do Patrimonio Forestal do Estado (PFE).[88] A documentación xudicial amosou o rexurdimento desta forma de contestación social nun total de 17 sumarios, o primeiro deles, rexistrado en 1949. Non obstante, non todos foron intencionais. O ano 1962 foi o que máis incendios se rexistraron, tanto en números absolutos como os relativos aos montes afectados pola PFE, en cuxos sumarios, carentes de todo dato, aluden a un fenómeno relacionado coa meteoroloxía. As pescudas das autoridades resultaron sempre infrutuosas, rexistrándose un 99% de sobresementos. O 1% restante correspóndese cunha única causa levada ante a Audiencia Provincial, na que o sospeitoso foi un capataz do Patrimonio Forestal acusado de ser o autor dun incendio *por imprudencia* que causando danos por valor de 2 millóns de pesetas. Segundo o Ministerio Fiscal, este non certificara a extinción dun lume provocado para limpar nunha zona de maleza para a súa posterior repoboación, espallándose ás plantacións anexas. Non podendo probarse a neglixencia, foi absolto polo tribunal.[89]

Gráfica 20. Incendios en montes afectados pola repoboación forestal (1945-1966).




Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. 1945-1966.

[87] James C. SCOTT: *Weapons of the week...*, pp. 13-39.
[88] Ana CABANA: "Los incendios en el monte comunal gallego...", p.559.
[89] AHPLu. FX. Sum.101. Sent. 20. Ano 1963.

A dificultade de dar cos artífices dos incendios en montes repoboados foi incluso superior a aqueles que tiveron lugar nos doutro tipo de propiedade, pois imperaban unha serie de normas comunitarias non escritas que non concibían delatar a un igual e menos se era unha fórmula coa que entorpecer a repoboación. Mais sempre houbo excepcións. En 1955 foi incoado un sumario por un incendio que tivo lugar en Pol. Neste caso, foi un informante, Jesús C.V. o que aludiu a que fora intencionado. Baseou as súas sospeitas en que no pobo do lado había varios veciños que frecuentemente metían o gando no monte para que pacera. Sen outra proba o caso foi sobresido. Unha información que dá conta desas outras actitudes resistentes entre os campesiños alén das queimas, armas do débil encubertas baixo estratexias de ignorancia finxida.[90] Noutros, pese a que os propios Gardas do Patrimonio Forestal do Estado nomeaban culpables, nunca chegaban a ser procesados. Os artífices do incendio que tivo lugar no monte repoboado denominado "Campelo", sito en Silvela, Friol, Manuel. e Antonio non foron máis ca nomeados na apertura sumarial, sen sufrir ningún tipo de consecuencia.[91]

A información recollida nas causas é parca, ata o punto de que agás contadas excepcións non podemos considerar estes incendios máis ca accidentes froito da imprudencia. En todo caso, houbo sumarios que deixan entrever outros niveis de oposición ás políticas forestais do réxime. En 1949 Manuel P.D., Luis P.D. e Emilio P.V., irmáns e curmán respectivamente, foron acusados de incendiar un monte repoboado en Guntín, sinistro no que causaron danos por valor de 20.000 pesetas. As lapas non se orixinaron en terreo afectado pola repoboación senón nunha finca á que "como é costume prendéronlle lume" co obxectivo de facer unha estivada, causando un incendio que se espallou ata chegar ao lindante monte "Ladairo", este si, reforestado. O feito de que a data de autos fora un 30 de agosto, momento no que non se concedían autorizacións para as queimas, evidencia que os encausados procederon sen os permisos pertinentes, o que non deixaba de ser unha "práctica de oposición silenciosa" xa que, precisamente, evita unha "confrontación directa coa autoridade". Sen máis probas, o sumario quedou sobresido.[92]

O incendio de maior envergadura sobre territorios afectados pola repoboación rexistrámolo en 1949, e afectou ao monte coñecido por Cova da Serpe, na zona de Friol, onde os danos estimáronse en 1.564.500 pesetas.[93] As inculpadas foron dúas mulleres, Balbina

[90] James C. SCOTT: *Weapons of the weak...*, p.29.
[91] AHPLu. FX. Sum. 211. Ano 1955; Sum. 208. Ano 1960.
[92] AHPLu. FX. Sum. 282. Ano 1949. Ana CABANA: "Los incendios en el monte comunal gallego...", p.571.
[93] A Cova da Serpe é un monte cunha cova homónima en cuxa localización conflúen os concellos de Friol, Sobrado dos Monxes e Guntín.

C.P. e Josefa R.G., veciñas de Sobrado dos Monxes. Declararon ante a Garda Civil que foran a plantar lume a unhas cavadas que tiñan nese monte , negando por completo que se tratara dun suceso intencionado pois acudiran de novo ao lugar ao día seguinte para "vixiar que non prendera lume noutra cousa distinta" e que "non se deron conta de nada ata o crítico momento en que viron fume e lapas". É máis, segundo declararon, nese preciso instante foron prestar a súa axuda nas tarefas de extinción, xunto a numerosos veciños.[94]

Sucesos, os relatados que, con independencia da súa aparencia fortuíta resulta imposible disociar por completo dunhas estratexias de oposición á repoboación que non tiñan por que ser directas. Facer queimas en montes próximos a estes terreos, sen as precaucións pertinentes, nun día ventoso ou "despistes" cometidos por persoas experimentadas no manexo do lume poden ser indicadores de que a intencionalidade destes lumes foi moi superior ao testemuñado perante as autoridades.

## 5.6. Outras fórmulas, pacíficas, de contestación. As desobediencias

Ata o de agora vimos algunhas das tipoloxías nas que os conflitos cotiás no rural desencadeaban actitudes violentas cara as persoas (tenencias de armas, homicidios) ou contra as cousas (danos, incendios). Pero a documentación xudicial tamén deu conta de como eses mesmos sucesos podían intentar ser resoltos pola vía diplomática. Referímonos aos delitos de desobediencia aos mandatos xudiciais, dunha banda, un exemplo do recurso á xudicatura por parte de determinados sectores da poboación rural e, da outra, de como eses ditames foron ignorados. Non se tratou de graves quebrantos da legalidade vixente, senón de facer oídos xordos a un ditame xudicial considerado inxusto, ao igual que os incendios en montes afectados pola repoboación, fórmulas contestatarias igualmente desprovistas de connotacións políticas. Foron mostra de conflitos contra instancias superiores, dobremente cando a insubmisión implicaba directamente ao Estado, ou veciñais, cando estas actitudes supoñían usurpar os dereitos dun igual. Infraccións que estiveron intrinsecamente relacionadas cun uso ilegal da propiedade e nas que o animosidade e inimizade entre as partes implicadas foi usual, motivada precisamente por tales transgresións pero, onde a "arma" empregada foi a xudicatura e xa non a violencia como aconteceu cos delitos xa referenciados ao longo deste capítulo.

Os delitos de desobediencia aos mandatos xudiciais recolléronse na categoría xeralista nomeada "Dos atentados contra a Autoridade, os seus axentes e os funcionarios públicos, e da

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[94] AHPLu. FX. Sum. 277. Ano 1949.

resistencia e desobediencia". Para eles, a pena prevista foi a de arresto maior e multa de 1.000 a 5.000 pesetas.[95] No rural lugués, conformaron un modesto lote de 31 sumarios, unha cifra escasa se temos en conta o volume de vulneracións da lei rexistradas. A capacidade de resolución dos tribunais sobre a categoría foi dun 35,5%, cunha característica que cómpre resaltar, a de que as absolucións, rompendo coa tendencia presente na inmensa maioría de delitos, van superar ás condenas, representando un 63,6% fronte a un 36,4% das sentenzas. As causas desta anomalía foron diversas. A máis destacable resultou un uso interesado do aparello xudicial pola banda da parte demandante, persoas cun nivel social, cultural ou económico superior que, aproveitándose da ignorancia ou falta de medios dos demandados, manipulaban a situación ao seu antollo. Noutras ocasións, evidenciada a indeliberada intención de desobedecer, os procesados foron absoltos. E unha terceira, a máis sinxela, por non ser os feitos constitutivos de delito algún.

Gráfica 21. Sentido das sentenzas ditadas por desobediencia aos mandatos xudiciais. Anos 1945-1966.




Fonte: elaboración propia a partir de AHPLu. FX. Sum. e sent. 1945 1966.

Queda patente ao longo deste capítulo como as herdanzas foron unha das causas máis usuais de pugnas entre familias e que ademais podían prolongarse no tempo. Expoñemos a continuación a problemática existente entre dous irmáns. O intento de Jesús G.F. de apropiarse dunha vaca que, segundo o ditaminado en testamento, lle correspondía a súa irmá levou a esta última a denuncialo ante a xustiza. Segundo declarou o procesado, pedíralle dito semovente de forma temporal para empregalo en labores de labranza, ao que accedeu. Sen

[95] Código Penal 1944. Capítulo VII, "Dos atentados contra a Autoridade, os seus axentes e os funcionarios públicos, e da resistencia **e** desobediencia", Art. 234, p.447.

que retornara ás mans da súa lexítima propietaria esta decidiu denuncialo, momento no que, entón si, devolveulla, sendo o procesado absolto. Tan so un ano despois Jesús volveu vulnerar a propiedade da súa irmá, neste caso, entrando nunha finca que non lle correspondera en reparto. Novamente denunciado, Jesús afirmou descoñecer que tal posesión lle pertencera a Carmen, pois nunca fora dos seus pais e si a Carmen F.S., residente en Cuba, a quen Jesús lla tiña arrendada. Nesta ocasión, o procesado, quen declarou que "nunca fora o seu propósito desobedecer á autoridade xudicial" foi absolto, ao considerar a xudicatura "falta o ánimo ou intención de menosprezar os mandatos da autoridade, requisito intencional ou subxectivo que non pode estimarse".[96]

A conflitividade polas servidumes é causa documentada de litixios desde tempos inmemoriais no rural galego. Rubén Castro descríbeas á perfección nos seguintes termos, e diferenza tres tipos de servidumes:

> "De paso e/o camiño, de auga e de luces e xanelas. A primeira obrigaba a un propietario a permitir o paso dun estraño a través do seu fundo, sempre que este demostrase que a propiedade á que quería acceder non tiña saída a un camiño público e, por iso, a única forma de chegar a ela era atravesando a(s) dos demais. Na segunda eran as augas sobre as cales recaía a súa forza xurídica, porque aínda atravesando propiedades privadas, esas correntes non podían alterarse se con iso privábase de rega ás herdades por onde pasarían posteriormente. E isto, en Galicia, o país dos mil ríos e cun minifundismo extremo, era motivo de constantes disputas. A terceira das servidumes ten como suxeito xurídico as vivendas particulares, necesitadas de certo control sobre a súa contorna máis inmediata para gozar de iluminación no seu interior ou para evitar que calquera elemento interpuxésese entre os edificios e o sol, principal fonte de luz e calor para os fogares".[97]

Segundo as súas investigacións, na Galicia do Antigo Réxime un 64,26% dos preitos fórono por cuestións de paso ou camiño, cunha incidencia que foi *in crescendo*. No Lugo franquista estas continuaron a ser certamente comúns. A problemática existente en torno ás servidumes radicou en que as persoas que se beneficiaban deste dereito remataban por extralimitarse nos beneficios que implicaba, en detrimento das persoas propietarias do predio polo que se establecía a servidume. Se, en teoría, o tránsito debía facerse mediando o traxecto máis curto e causando a menor molestia posible, na práctica, o cedente non sempre consideraba que isto

[96] AHPLu. FX. Sum. 222. Sent. 232. Ano 1956; Sum. 72.Sent. 173. Ano 1957.
[97] Rubén CASTRO: "La conflictividad por servidumbres en los procesos judiciales de la Real Audiencia de Galicia en la Edad Moderna", *Vínculos de Historia*, 8 (2019), pp. 315-336, esp.p.316.

se cumpría. Rexistramos un destes litixios en 1962, no que a parte denunciante sostén que María Virtudes R.P. pasara con tres vacas pola finca propiedade de Jesús R.B., en Friol. Segundo declarou a muller, "porque tiña dereito a facelo para ir á da súa propiedade". E así era. Considerando o xuíz que lle correspondía o dereito de servidume de paso foi absolta da desobediencia.[98]

Os litixios relacionados co monte, comentados no anterior apartado, non só se vencellaron a incendios. Déronse tamén outros casos nos que a perda de monte veciñal fronte á repoboación tentouse sortear con actitudes déspotas, pois unha das formas de eludir as expropiacións era partir o monte comunal, labralo con cultivos ou dedicalo a pastos para o gando. A problemática destes nomeados "apresamentos" recaeu en que podían realizarse mediante un reparto equitativo entre tódolos veciños ou entre uns poucos "caciques" ou "veciños prepotentes", o que implicaba que determinadas persoas da comunidade se valerían dunha posición social ou económica superior para violar os dereitos doutros.[99] Noutras ocasións este acaparamento forestal estivo vencellado á escuridade existente sobre as titularidades rurais e, nalgúns casos, a parte afectada respondeu denunciando ante a xustiza. Foi o determinado en 1954 por varios veciños de Tirimol, que estaban a ver como uns poucos se apoderaban de determinadas parcelas de monte comunal, cercándoas, feitos nos que ademais eran reincidentes e nos que para cometelos houberon de variar o camiño público e rozar o monte. O sumario, que foi sobresido provisionalmente, resolveuse nunha Comisión Municipal Permanente onde foron sancionados con 100 pesetas de multa, obrigados xudicialmente a derrubar os cerramentos e deixar o monte "no ser e no estado que antes tiña". Así o dispuña a lei de montes:

> "Segundo o artigo 1º do Real Decreto do 8 de maio de 1884, segundo reforma da Lexislación Penal de Montes o que sen autorización ocupase, rompera ou rozara todo ou parte dun monte público, incorrerá nunha multa por igual valor do aproveitado, comisándose os produtos forestais fraudulentos."

Manuel, un dos que negou ter acoutado terreo algún que non fora del, declarou que a finca era propiedade del; Dositeo expuxo que a finca que pechara obtivéraa por herdanza, con escritura do ano 1948 xunto coa casa na que habitaba. O seu irmán, contradicindo a súa

[98] AHPLu. FX. Sum. 297. Sent. 33. Ano 1962.
[99] Juan Jesús RAPOSO: *Régimen jurídico de los montes vecinales en mano común en el marco de la propiedad forestal*, Tese doutoral, A Coruña, Universidade de A Coruña, 1996, p.24.

versión, sostivo que o monte era propiedade do Concello, e que "estaba a monte antes de que comezaran a cultivalo".[100]

A limitada ou nula presenza de autoridades no espazo rural que dera conta das ilegalidades alí cometidas levaba á poboación a quebrantar as disposicións ditaminadas pola xustiza en sentenza firme, o que só chegaba a instancias xudiciais cando os veciños o denunciaban. Nesta liña, as ordes de desafiuzamento eran incumpridas con relativa asiduidade. A casuística rexistrada maioritariamente na documentación alude a unhas persoas vencelladas por un vínculo consanguíneo ou marital que son "lanzadas" xudicialmente dunhas fincas embargadas, orde que ignoran ao proseguir cos usos que lles daban ata o de entón. Así o fixo Manuela C.T., unha muller de 66 anos que non deixou de coller a auga e lavar a roupa nunha finca en Castroverde da que lanzaran ao seu home, un dereito que considerou lle pertencía por uso e costume, pois había 22 anos que o facía. O sumario foi arquivado sen ulterior revisión. En ocasións, a xustiza recoñeceu ese dereito. Rexistramos un destes sumarios á altura de 1956. Os procesados foron Secundino C.M., Germán C.R., José Antonio C.R., Albino C.R. e Domnino C.R., pai e fillos respectivamente, veciños todos de Castro de Rei. Segundo o Ministerio Fiscal, o 24 de novembro de 1955 fóronlle adxudicadas ao demandante, José María V.B., un total de 12 fincas rústicas embargadas aos demandados, dúas delas, das que continuaron desfrutando a partir da devandita data recollendo os froitos que sementaran. O fallo xudicial determinou que os feitos non eran constitutivos de delito, procedendo á absolución.[101]

As causas dan conta dun único sumario onde o litixio involucraba unha vivenda, que foi rexistrado en 1948. Os afectados foron unha familia que residía ás aforas da cidade de Lugo. Malia que opuxeron resistencia nun primeiro desafiuzamento, retornando ao domicilio, desistiron de tales accións uns meses despois. Aducimos tal renuncia da detención do pai de familia, Francisco D.P., un efectivo instrumento de presión por parte das autoridades e é que, o mesmo día que abandonaron a vivenda, Francisco saíu de prisión. Noutras palabras, actuou de moeda de cambio. A vontade punitiva da xustiza limitouse a facer cumprir o abandono da vivenda e no momento no que a orde quedou cumprida o procesado foi absolto.[102]

Como puido verse, as desobediencias aos mandatos xudiciais constituíron unha tipoloxía delituosa na que, fronte a uns dereitos que a parte denunciante entendía como

[100] AHPLu. FX. Sum. 148. Ano 1954.
[101] Cando a titularidade das fincas pasaba de monte comunal a veciñal o reparto entre os veciños non sempre quedaba moi claro, e foron moitos os que, de forma intencionada ou non, traballaban unhas terras que non lles pertencían. AHPLu. FX. Sum. 90. Ano 1945; Sum. 172. Sent. 344. Ano 1956.
[102] AHPLu. FX. Sum. 89. Sent. 194. Ano 1948.

conculcados, tómase a lei e non a forza por saída. Se ben non sempre cos resultados desexados.

### 5.7. Conclusión

A criminalidade presente no rural foi disímil á do espazo urbano en certa medida. Non porque na cidade non se produciran os delitos sinalados ao longo deste capítulo, senón porque o recurso á xustiza era inferior, como quedou verificado a través da comparativa das cifras de incoacións en función do espazo no que se deron. A inmensa maioría de xentes do rural non crían na efectividade da xudicatura nin na protección que as forzas da orde podían blindar sobre as súas vidas e intereses. Tampouco tiñan ás veces a capacidade ou os medios para optar pola vía burocrática, complexa para persoas con niveis básicos de instrución e sobre todo, cara e supeditada a procesos moi prolongados no tempo. Ao anterior hóubose de engadir a mencionada lei do silencio que, igualmente, desaconsellaba acudir a instancias superiores para dirimir asuntos intracomunitarios. Ademais, o pouco interese manifestado pola xudicatura dos anos analizados perante conflitos de pouca intensidade habituais no medio rural foron algúns dos escollos determinantes de "tomar a xustiza pola man".

Non pretendemos, con isto, aludir a que o rural era un espazo marcado pola violencia senón onde prevalecía o actuar de costas ás leis, dirimir os conflitos no seo da comunidade, apelando non só a violencia, senón tamén á palabra. E así se deixa sentir nas fontes. As actitudes contestatarias no agro manifestáronse a través de delitos múltiples, cuns niveis de violencia e conflitividade en distintos niveis, algúns mesmo co recurso á vía máis diplomática. Entre eles, as tenencias ilícitas de armas, os homicidios, os danos á propiedade, os incendios e as desobediencias á autoridade. Todos eles con algo en común, a defensa duns dereitos sobre a propiedade que son ou se entenden, conculcados. E, como xa vimos adiantando ao longo desta investigación, violencia e propiedade estiveron estreitamente ligadas e este capítulo é proba irrefutable.

A posesión ilegal de armas foi un delito que preocupou ao réxime de maneira particular, visible a través da súa persecución obcecada na sociedade de posguerra, copando a categoría de delitos contra a seguridade interior do Estado, baixo a que os enmarca o Código Penal. Non por unha cuestión de salvagarda da integridade física das persoas, senón para garantir a orde social e, sobre todo, fronte á guerrilla. Así as cousas, a persecución das tenencias ilegais de armas foi unha constante no contexto rural de posguerra, valéndose da azueira pública, de sospeitas ou das simples intuicións das forzas da orde, pero tamén das

delacións. Unhas armas que, en moitos casos, eran coas que os homes loitaran nas diferentes frontes durante a guerra civil, e que cambiaban de mans con asiduidade nun mercado negro ao que mesmo accedían menores de idade. Rexistros rutineiros en negocios ou en vivendas finalizaron co requiso de todo tipo de armas. As festas, romarías e feiras foron algúns dos lugares públicos onde máis se deixou sentir a súa presenza, ás veces para presumir e impor temor, outras, como particular estratexia de venda e, a maioría, como parte desas "accións colectivas competitivas" sinaladas por Tilly nas que incorrían mozos solteiros de distintas parroquias.[103] E, aínda que estiveron motivadas por escusas triviais a elas subxacían toda unha serie de conflitos, novamente relacionados coa propiedade.

Mais o obxectivo foi máis amedrentar ca causar un dano real. Aínda así rexistráronse causas nas que o nerviosismo do momento, a inexperiencia no uso de armas ou a sen razón motivada por graos extremos de ofuscamento derivaron en resultados fatais. De tales sucesos deron conta os delitos de homicidio incoados, moitos tralos que os seus autores, ben por unha cuestión de *captatio benevolentiae* ante a xustiza, ou ben porque así o sentiron, manifestáronse arrepentidos. Estiveron insuflados polas mesmas causas polas que se fixo uso de armas, desde conflitos pola propiedade, pasando por problemáticas familiares ou triángulos amorosos, na súa maioría, determinadas por un móbil económico que dá conta dunha sociedade cercada pola miseria. Pero tamén houbo outros desencadeantes, como os estados de embriaguez en persoas conflitivas e ata xogos imprudentes que tiveron resultados indesexados. Todos eles foron expoñentes dunha violencia que foi residual.

Se tenencias de armas e homicidios atentaron contra as persoas, o delito de danos incumbe á propiedade. Foron a alternativa pola que canalizar todo tipo de desavinzas entre iguais, sen recorrer á violencia física. No rural déronse sobre o continente, predios, vivendas... e sobre o contido, colleitas, gando, árbores, etc. de forma casual mais tamén intencionada e non discerniron nin en función do xénero dos seus artífices, implicando a mulleres; nin da clase social, co concurso mesmo de párrocos. Unha vía para o axuste de contas que nos últimos anos analizados experimentará un profundo declive, véndose substituído por accidentes de tráfico que, no mellor dos casos, saldáronse unicamente con perdas materiais.

Pero, se houbo un delito por excelencia asociado ao contexto rural foron os incendios. Máis aló dos accidentes naturais, foron mostra dos diferentes graos de protesta do campesiñado de cara a diferentes instancias. Certo é que os lumes por imprudencia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[103] Charles TILLY: *El siglo rebelde, 1830-1930*, p. 66.

constituíron unha proba do uso das lapas como ferramenta para a xestión silvopastoral pero, coincidindo co sinalado con Ana Cabana, non poden ser considerados simples contratempos, pois resultaron igualmente unha forma de transgresión da normativa forestal, tanto por desoíla como por quebrantar unha prohibición expresa.[104] Pola súa parte, os incendios provocados convertéronse nun modo de vinganza contra un igual e nun recurso contestatario e de oposición contra as políticas forestais. En relación aos primeiros, tratouse doutro sistema de canalización das problemáticas cotiás do rural e malia que afectaron a pequenas construcións próximas ás vivendas nunca o fixeron a estas últimas o que, determinamos, alude á racionalización das vinganzas. Motivados pola compravenda de terreos, por herdanzas, por servidumes ou por desenganos amorosos, mais tamén por piromanía, puxeron sobre a mesa a incapacidade do sistema para dar cos artífices das queimas e, lonxe de atallar esta problemática fixeron sentir aos incendiarios impunes, como así o foron agás en tres únicos casos. Os incendios deliberados en terreos afectados pola repoboación forestal compuxeron unha das múltiples manifestacións polas que a sociedade rural érguese en contra, non do réxime, senón das políticas do Estado. E, se ben as fontes a duras penas dan fe de que estes lumes estiveran provocados pola man humana, das testemuñas aducimos pequenas accións resistentes no seo do cotián, que foron desde pasar deliberadamente co gando polas zonas repoboadas, pasando por queimas obviando a lexislación vixente e, por suposto, provocar incendios no que entendían, debía continuar sendo monte veciñal e non forestal.

As ata o de aquí expostas, compuxeron as fórmulas a través das que a poboación rural se atopa representada na documentación da xudicatura luguesa por quebrantar as súas disposicións. Os delitos de desobediencia aos mandatos xudiciais constituíron unha pequena mostra daquelas circunstancias baixo as que a vía diplomática si se antepuxo ás resolucións de conflitos extraxudicialmente, probablemente, tras facer caso omiso ao requirimento verbal. Presentaron unha realidade ambivalente, a de cidadás que denuncian o incumprimento do ditaminado por lei e a daqueles outros que por facer caso omiso ao disposto por un xuíz son encausados. A novidade con respecto a conflitos eternamente presentes constituírona uns litixios por dereitos de servidume, ben incumpridos ou que a parte cesante consideraba excesivos e aos que se buscaba poñer fin pola vía legal, se ben o seu arraigo no comunitario era absoluto. Cando as denuncias derivaban da actuación dun particular, constatamos un uso interesado do sistema, especialmente cando os dereitos que requirían non lles correspondían. No papel de denunciados, facer oídos xordos aos ditames da xustiza constitúe unha mostra

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[104] Ana CABANA: “Los incendios en el monte comunal gallego...”, p.574.

máis de contestación dos habitantes do rural ao sistema, cunha xudicatura cuxas normas, consideradas totalmente alleas son desobedecidas para proseguir cun uso interesado do monte. E tamén do carácter represor do aparello xudicial que, como vimos en casos de desafiuzamento, recorreu ás máximas instancias con penas privativas de liberdade para impor os seus mandatos. Fora como fose, sumarios que, por vez primeira no mar de delitos analizado presentaron un índice absolutorio para a maioría de sentenzas que non fixeron senón apoiar a idea de que do recurso á lei non necesariamente dimanaba obter a razón.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# CONCLUSIÓNS

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

## 6. CONCLUSIÓNS

Rematamos esta investigación como a comezamos, afirmando que a delincuencia é un fenómeno constante nas sociedades, con capacidade para achegarnos un pouco máis ás persoas correntes que viviron nos diferentes períodos históricos e xeografías. O Partido Xudicial de Lugo durante o franquismo non constitúe unha excepción. Foi un espazo que, ao igual que o conxunto do Estado, converteuse en escenario de multitude de delitos. Así o corroboran os 7.327 sumarios incoados xunto coas 1.879 sentenzas ditadas entre os anos 1945 e 1966. Son as cifras daqueles delitos que chegaron a mans da xustiza, unha mostra do mundo delituoso nesa pequena cidade de provincias cuxo *hinterland* rural marca a súa conformación e cultura nun tempo de inxustiza.

Reiterándonos na cita de Ana Fernández, a cada sociedade correspondeulle un tipo de delincuencia.[1] Unha aseveración que se corrobora a partir do exercicio de comparación que é posible realizar entre a delituosidade dos réximes republicano e franquista. Salvadas as debilidades das fontes, a partir da escolla de diferentes cortes temporais e espaciais e da bibliografía sobre a historia da delincuencia para a II República, como vimos ao longo do primeiro capítulo, establecemos que os delitos cometidos caracterizáronse pola súa heteroxeneidade, por oscilar en función da provincia observada (Cáceres e Zaragoza), aínda que sempre flutuando na tríade composta polas categorías de delitos contra a propiedade, contra as persoas e contra a orde pública. O noso estudo sobre a delincuencia en Lugo amosou unha tendencia un tanto discordante ao erixir os delitos contra as persoas, (especificamente os de lesións) como os máis usuais, deixando en segundo lugar aqueles que atentaron contra a propiedade.

A disimilitude entre os resultados obtidos nas diferentes áreas estudadas desaconsellou extraer conclusións categóricas, máis aló de facer visible a existencia de realidades sociais diversas derivadas de características sociais, económicas e culturais específicas. Pero precisamente estas discrepancias permítennos facer unha reflexión sobre o sistema xudicial do período republicano, en tanto a que todo apunta a que persecución da delincuencia na II República en Lugo tivo unha visión de conxunto, empregándose para defender a vida, a lei, a orde e os dereitos dos cidadáns, pero tamén a integridade do propio sistema político. Puidemos constatar que, igual ca noutras xeografías a xustiza en Lugo atendeu aos delitos contra o Estado cun pulo tal que, agás no caso de Zaragoza, só ten parangón coa imposición ditatorial. As causas e sentenzas da etapa republicana retratan unha

[1] Ana FERNÁNDEZ: "Franquismo, delincuencia y cambio social...", p. 297.

sociedade convulsa, con numerosos e habituais conflitos entre iguais, malia que probablemente a resolución de asuntos cotiás seguíase en boa medida de costas ás leis. Amosáronse tamén en contra da forma de goberno, expresións que o réxime republicano se afanaba en perseguir e condenar no terreo xudicial. Os rexistros de actitudes cualificables xudicialmente de insurreccionais tiveron o suficiente impacto para ocupar postos de relevancia delituosa, o que socava a visión dunha poboación pasiva e apolítica, tantas veces empregada como estereotipo da politización da sociedade galega.

E se concluímos que a II República definiuse no delituoso en termos de conflito, ao longo desta investigación demostramos como o franquismo fíxoo en relación á coerción, á imposición dun estándar moral e á defensa férrea dos dereitos de propiedade privada individual. Porque os tribunais ordinarios irromperon na sociedade como un instrumento punitivo que serviu para canalizar a imposición do modelo social ao que aspiraba o Novo Estado, o nacionalcatolicista. En consonancia co anterior, o modelo católico de familia foi blindado legalmente, ao igual que determinadas condutas que sendo ata o de aquela reprobables moralmente pasaron a ilegalizarse e converterse en punibles. Pero, sen dúbida, a integridade da propiedade privada individual foi o elemento que gozou de maior protección durante o réxime. Porén, afectados na posguerra pola maior crise de subsistencias que se rexistra no século XX español.[2] Non houbo provincia onde estes delitos non colapsaran as taxas delituosas que, como vimos nos capítulos primeiro e terceiro, chegaron a alcanzar nada máis e nada menos que o 70% do total da actividade rexistrada pola xustiza franquista. Así o demostran cada unha das investigacións dispoñibles sobre delincuencia común. Os resultados das taxas de delitos contra a propiedade nas xeografías de Aragón, Cataluña, Murcia, Andalucía, Castela a Mancha, Extremadura e Castela e León superaron, sen lugar a dúbidas e con creces, as taxas do período republicano.[3] Esta situación está directamente vinculada coa fame e o seu impacto social, que parece que non discriminou nin por territorios, nin por

[2] Miguel Ángel Del ARCO: "Las hambrunas españolas del siglo XX...", p.41.

[3] Iván MARTÍNEZ: *Delitos, justicia ordinaria...*, p.91. Conxita MIR e Carme AGUSTÍ: "Delincuencia patrimonial y justicia penal...", pp.82-84. Juan Francisco GÓMEZ: *Historia de la delincuencia...*, pp.51-52. Óscar RODRÍGUEZ*: Migas con miedo...*, pp.169 e 174. ÍD: "Lazarillos del Caudillo...", p.69. Lázaro MIRALLES: "Supervivencia y comunidad bajo el hambre...", p.227. Juan Ignacio SANTOS: "Delincuencia en Málaga durante la postguerra...", p.133. Manuel ORTIZ: *Violencia, conflictividad y justicia en la provincia de Albacete...*, p. 421. Fernando SÁNCHEZ: "La delincuencia social: un intento de caracterizar la actuación penal...", pp. 629-630. Yolanda RODRÍGUEZ: "Procesados en la Audiencia Provincial de Burgos...", p.381.

condicións climáticas, nin por sistemas agrarios e aínda que a intensidade fora diferente, en ningures se estivo libre dela.[4]

Se no primeiro dos capítulos procedemos a análise comparada da delincuencia na República e na Ditadura franquista, no terceiro abordamos a situación específica da capital do PX, Lugo. En termos cuantitativos, o epicentro da delincuencia do espazo estudado. Asumir que a delincuencia é un fenómeno adaptativo implica que as mudanzas do contexto, do entorno e da propia sociedade na que se produce, repercutan no seu modelo. E así o corroboramos ao longo dese capítulo terceiro, que nos permitiu achegarnos á evolución da propia cidade a partir dos trazos da delincuencia que chegaba á xustiza. As causas xudiciais, lonxe de circunscribir a pobreza á década dos corenta, marco cronolóxico que urxía transcender para rematar coa excepcionalidade atribuída ao decenio, apuntaron a que Lugo alcanza as máximas cotas de miseria en 1950, momento no que o 70% das infraccións denunciadas son delitos contra a propiedade. Roubos e furtos foron o motor dos delincuentes ata ben entrados os cincuenta, uns "pobres de necesidade" que se aferraban a todo aquilo que lles permitira paliar unha miseria e unha fame endémica.[5] As causas abertas nos tribunais ordinarios de Lugo reflicten, como o constatamos teñen feito outras fontes doutra natureza, unha problemática que lonxe estivo de diminuír tan axiña remataron as políticas autárquicas, nin sequera nun espazo como o do noso estudo, onde se presupón que o acceso á comida puido ser máis doado que noutras coordenadas (grandes cidades, sistemas de gran propiedade, provincias de interior, etc.). A escolla do período de estudo, que inclúe os anos cincuenta ao completo, foi quen de permitirnos observar esa fame que se estende moito máis aló dun período que acostuma a definir a posguerra, e que, tamén en Lugo, é capaz de entreverse andada a época dos cincuenta. Ata que o puro desexo de lucro se comeza a rastrexar como motor da delincuencia, a escaseza e a necesidade son a explicación plausible.

Só a mediados do decenio mutacións progresivas na delincuencia detectada na urbe e, en consonancia, nos perfís e nos obxectivos dos ladróns que, pouco a pouco, e motivados polo tránsito dun mercado desabastecido a uns petos baleiros comezan a privilexiar botíns monetarios xa cada vez máis que alimentos. Para os anos sesenta as mudanzas consolídanse. O respiro no económico permite cambios na cidade, que se ben non se desvincula da súa contorna rural, tórnase máis "urbana", en termos urbanísticos; máis dinámica, no que atinxe á economía non vinculada ao sector primario e tamén se divisa na cidade un novo perfil, o do

[4] Gregorio SANTIAGO: "Culpa de la guerra, culpa de Franco". La hambruna española en la Andalucía Oriental rural de posguerra (1939-1953), Tese doutoral, Granada, Universidad de Granada, 2022. Miguel Ángel DEL ARCO (ed.): *Los "años del hambre"*..., pp.9-54.
[5] Miguel Ángel DEL ARCO (ed.): *Los años del hambre...*, pp.36-37. ÍD: "¿Se acabó la miseria?..."p.51-52.

habitante definido pola súa condición de consumidor, aquel que, inducido pola cultura de masas e de consumo, aspira a permitirse unhas mínimas comodidades. Froito desta evolución, á par que Lugo ve desaparecer os delitos de subsistencia, os trazos da delincuencia son cada vez máis parecidos aos de calquera urbe "moderna" do momento. Agroma a mendicidade, os accidentes de tráfico enchen os xulgados e aparece un novo perfil de ladrón, un varón profesionalizado movido polo ánimo de lucro. El será o novidoso protagonista da delincuencia luguesa de aí en adiante.

O recurso á metodoloxía do xiro espacial abriu a senda a espacializar o delito e, grazas á súa aplicación, fomos quen de poder establecer como unha serie de lugares quedaron marcados tanto pola xustiza como polo imaxinario colectivo lugués como espazos proclives á delincuencia. Ao longo do capítulo cuarto puidemos xeolocalizar dúas tipoloxías de delitos, a da delincuencia económica e aquela asociada ao ocio ilícito. Entre os primeiros, apareceron os lugares cotiás de aprovisionamento de víveres, en particular algúns establecementos de ultramarinos e o Mercado Municipal, redutos onde roubos e furtos de alimentos e carteiras abondaron, (segundo a oportunidade se presentara) afectando a tendeiros e a clientes. A distracción dos compradores en medio de regateos e conversas, xunto co tumulto en horas punta foron os grandes aliados do anonimato na comisión do delito. Pícaros, tanto mozos como nenos pero, sobre todo, mulleres novas foron as que perpetraron os roubos, elas camuflándose nestes espazos onde a súa presenza era xa habitual, por ser o abastecemento da familia unha das labores conceptuadas como "propias do seu xénero" na división sexual dos traballos asignados polos modelos femininos hexemónicos. No período de estudo fomos quen de evidenciar que as súas accións pasaron de procurar paliar os efectos da fame a converterse en delitos máis sofisticados e mesmo orquestrados. A estación de tren luguesa aparece como outro espazo marcado pola delincuencia habitual. Tratouse dun reduto marxinal, tanto en termos de localización como polas persoas que a frecuentaban. A presenza de maletas e mercadorías en dársenas e vagóns foi o reclamo mesmo malia a acción dos gardas da RENFE.

Os espazos delituosos tamén nos permitiron achegarnos á figura do estraperlista, traballadores das instalacións do tren ou repartidores de abastos que subtraían mercadorías para posteriormente revendelas. Esta tipoloxía de ladróns, rematados os anos do racionamento, desaparecen das causas xudiciais deixando espazo para outro perfil, o daquela persoa que non é quen de saír da miseria nin dos marxes sociais. Son persoas pobres sen opción conxuntural algunha de poder abandonar o grupo dos máis menesterosos, e sobreviven e malviven malia os roubos e furtos que protagonizan. Rateiros, mendigos e

usc UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

outros buscavidas quedarán retratados nas fontes xudiciais conformando un colectivo de delincuentes habituais na cidade de Lugo.

Especial mención mereceron os espazos de ocio, particularmente bares e tabernas como espazos delincuencia. Trátase de espazos de sociabilidade masculina por excelencia, a súa relevancia pasou por converterse a ollos do réxime en reservorios semiclandestinos do ilícito, onde proliferaban o alcol, a inmoralidade e as condutas cualificables de contestatarias para o canon de moral establecido e aspiracional.[6] Do seu estudo pormenorizado puidemos constatar que a súa fiscalización polo aparello xudicial serviu á imposición dun novo modelo social. Especialmente importante resultou para o xénero feminino, cuxa presenza nestes establecementos implicaba a súa descualificación automática como "boa muller".[7] Tamén detectamos a pervivencia alén da posguerra dunha sociedade autovixiada que recorreu ao control dos seus conxéneres e mesmo á denuncia falsa para canalizar vinganzas ou intereses individuais. Redadas e rexistros non foron estraños para o rural, pero moitísimo máis usuais na cidade. O interior de murallas foi o epicentro da labor de control e punitiva claramente. Porén, a documentación xudicial non permite segregar lugares de ocio de espazos de prostitución de maneira sinxela pois o estereotipo de lugares moralmente cuestionables non o permite. O que si puidemos é inquirir a súa condición de bares ou prostíbulos en función das rúas nas que estaban situados e da memoria social que gardan os habitantes da cidade. A prostitución, ilegalizada en 1956, non esmoreceu en Lugo nesa data, pero si mudou. A documentación do PPM demostra que os prostíbulos seguiron abertos mais fixérono en calellas, edificios e vivendas do "barrio chinés", que acabou de conformarse tras esa data na cidade. E, se o Padroado se esforzaba en sinalar a desaparición da prostitución nos seus informes para conseguir que Lugo fora cualificada como unha cidade con "boa moral", a documentación xudicial evidenciou que esta distaba de ser a realidade na cidade amurallada. Nela continuaron exercendo a prostitución mulleres en establecementos agora denominados "bares de camareiras", cun descoñecemento finxido que chega aos nosos días.

Pero as meretrices non foron as únicas mulleres que centraron o noso interese, porque o mundo da delincuencia permitiu descubrir outros rostros femininos. Ao longo do segundo capítulo moitas outras mulleres aparecen encausadas. A maioría testemuñan ter cometido o delito que se lles imputaba impulsadas pola necesidade de manter á prole ou porque estaban cercadas polas dificultades económicas. Delitos contra a propiedade, en liña cos cometidos

[6] Igualmente visibilizadas noutros contextos de ocio como o carnaval. Gloria ROMÁN: *Franquismo de carne y hueso...*, p.323.

[7] As verbenas, cines e bailes... tanto no contexto urbano como no rural eran considerados como focos de inmoralidade. Lucía PRIETO: *Mujer, moral y franquismo...*, p. 53 e ss.

por varóns, pero tamén outros derivados de someterse a abortos ou cando axudaron a provocalos no que se advirte como un universo clandestino no que lugares, técnicas e recursos aparecen como consubstanciais aos saberes e ás redes tecidas polas mulleres. Mediante a revisión exhaustiva de todas as causas xudiciais incoadas por estes delitos puidemos dar conta dos métodos empregados para acabar cun embarazo non desexado, tanto autoinflixidos ou aplicados por terceiros, con químicos ou manipulacións físico-mecánicas. Dos lugares de comisión do delito, vivendas no contexto urbano e alpendres e outros lugares desprovistos de toda comodidade ou hixiene no rural. Puidemos identificar o perfil das persoas que axudaban a interromper estes embarazos, a maior parte das veces individuos con ningún ou mínimos coñecementos médicos, sanitarios ou mesmo fisiolóxicos, moitas veces prostitutas ou madamas que practicaban abortos en mulleres que compartían a súa vida; pero tamén aparece algún médico ou persoa versadas medicamente que acabaron sendo condenados. As que acudían a eles e a elas eran mulleres, como era de esperar, maioritariamente solteiras que pretendían ocultar a deshonra, pero tamén moitas mulleres casadas incapaces de facer fronte fisicamente a máis embarazos ou partos, ou de manter máis bocas das que xa tiñan. Sen garantías de ningún tipo, unhas e outras arriscaban as súas vidas que, como se probou, moitas perderon.

As mulleres tamén aparecen nas causas como vítimas de abusos, de agresións físicas e psicolóxicas nos seus fogares, xa por parte de xefes, xa por parte dos seus maridos. Os sumarios que evidencian esa violencia de xénero contra as mulleres demostran que as mozas dedicadas ao servizo doméstico resultaron as vítimas máis habituais dos empregadores, demostrando unha posición de total desprotección ao residir lonxe das súas familias, en moitos casos de extracción rural. Tamén podemos establecer que fronte a esa violencia propia do urbano aparece outra tipoloxía que despunta no rural, a violencia contra aquelas con diversidade intelectual. A tónica é a mesma, trátase de mulleres absolutamente vulnerables. Desposuídas de voz, estiveron a mercé de abusos sexuais e violacións por individuos que as empregaban e coas que cohabitaban, no caso das mulleres do servizo doméstico e cos que compartían veciñanza, no caso das do rural. Dentro xa do fogar, os maridos maltratadores aparecen como abusadores en moitos casos, pero a defensa acérrima que fai o franquismo do matrimonio canónico, ao que blinda xurídica e xudicialmente, leva a que en delitos de abandono de familia nos que as mulleres son vítima de malos tratos foran instadas a reintegrar ao domicilio conxugal por orde xudicial. A outra cara da moeda representárona aquelas causas nas que elas mesmas solicitaban o retorno do marido, e nas que, malia alegar sufrir malleiras e coaccións, a dependencia económica propia e dos seus fillos pesaba máis

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que a súa integridade física. A documentación xudicial tamén é unha proba de que, para todas elas, interpoñer unha denuncia supuxo someterse ao escarnio público, á posta en dúbida da súa palabra e á exoneración dos denunciados coas escusas máis triviais. As altas taxas de delitos sen sentenza para estes casos así o manifestan.

Ao igual que as mulleres quedan invisibilizadas nas estatísticas sobre a delincuencia por mor de que foron os varóns os que maioritariamente resultaron acusados de ser delincuentes, a delincuencia do espazo rural tamén queda diluída baixo os pesados índices delituosos da cidade. O estudo do PX de Lugo permite concluír que os delitos de ambos espazos foron moi similares, probablemente polo fluído contacto entre estes. Pero, ao mesmo tempo, podemos afirmar que houbo unha serie de delitos que poden ser considerados propios do agro, tal e como se apuntou no capítulo quinto. E, aínda que disímiles en forma, ao fin e ao cabo é a defensa da propiedade a razón que aparece con maior incidencia detrás desta delincuencia no rural. Defender os froitos ou o gando na época da fame máis negra dos "amigos do alleo" ou loitar de múltiples maneiras por esclarecer a titularidade de predios veciñais están detrás de boa parte destas causas que se abren nos xulgados lugueses. Seguíronos aqueles delitos vencellados á conflitividade social en múltiples manifestacións e graos de virulencia.[8] Pero, como revelan os datos, en ningún se ratifica que o rural sexa, de por si, un contexto proclive á delincuencia, desmenten, xa que logo, o estereotipo tantas veces empregado no audiovisual. A documentación xudicial deixa espazo para poder palpar a ineficacia do sistema para solucionar a conflitividade que tiña lugar no rural, xa fora por falta de medios, xa pola escasísima capacidade resolutiva e por tomarse uns tempos tidos por inaceptables.

Investigar a delincuencia común durante a Ditadura franquista non é algo, de por si, novidoso pero entendemos que as perspectivas analíticas aquí empregadas, igual que a temporalidade e o espazo físico escollido permiten a esta investigación ofrecer resultados que poden ter interese para a historiografía sobre a delincuencia e sobre o franquismo. Transcender á década dos corenta resultou un obxectivo prioritario á hora de tentar abrir novas canles á investigación. A historiografía sobre o franquismo, como comentamos xa no capítulo introdutorio, atópase descompensada no que atinxe a resultados no delituoso. Cunha atención preferente aos delitos na posguerra, ata 1945 especificamente, faltaban estudos detallados que superaran esa data, sobre todo, que tiveran como interese revisar a situación da

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[8] Miguel CABO e Francisco J.LEIRA: "Violencia e conflitividade na Galicia contemporánea...", pp. 29-39. Miguel CABO e Enrique CARBALLO: "El incivil deporte...", p.2 e ss.

delincuencia pasados os anos cincuenta e que, como esta tese demostrou diverxe da do período posbélico, porque tamén a sociedade e a situación mudaran.

Galicia non tiña sido un territorio no que se analizara a delincuencia común durante o franquismo, unha situación superada ao estudarse o PX de Lugo e que axuda a entender mellor o día a día e as actitudes dos cidadáns de a pé,[9] e tamén a percibir aos tribunais ordinarios como unha ferramenta máis a través da que se impuxeron os valores do réxime ditatorial autoproclamado trala guerra civil. Estudar a delincuencia implica ineludiblemente traer a colación os números e os índices pero, estivo entre as nosas intencións descubrir o que subxacía aos mesmos. Tentamos botar luz sobre aspectos que agochaban cifras e tendencias, que non deixan de ser sintomáticos dos comportamentos sociais. Porque da documentación xudicial manexada poden sacarse informacións sobre delitos e sobre os suxeitos que os cometeron, pero a lectura atenta de sumarios, causas e sentenzas deixa ver as múltiples facianas da vida cotiá de lugueses e luguesas, sobre todo as das clases subalternas, tanto durante os anos de consolidación da ditadura como no proceso de mudanza dunha pequena cidade de provincias cunha fortísima pegada do rural.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[9] Ana CABANA: *Entre a resistencia e a adaptación: a sociedade rural galega no franquismo (1936-1960)*, Tese doutoral, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2006.

## 7. BIBLIOGRAFÍA

FONTES PRIMARIAS

7.1. Arquivo Histórico Provincial de Lugo

Fondo Xudicial:

- Xulgado de Primeira Instancia e Instrución, nº 1, de Lugo. Sumarios (1945-1963)
- Audiencia Provincial de Lugo. Sentenzas (1945-1963)

Fondo Servizos Sociais (FSS)

- Padroado de Protección á Muller. Xunta Provincial de Lugo (1941-1975)

Fondo de Facenda. Catastro de urbana (1970)

- Rúa Nova
- Recanto do Miño
- Rúa San Roque

Fondo fotográfico de José Luís Vega

- Fotografías da cidade de Lugo (1945-1965)

Fondo de Mapas, planos e debuxos

- 97. A cidade de Lugo no século XX. 1970.

Fondo do Goberno Civil

- Expedientes de autorización para a rexencia de bares, tabernas, cafés bar. (1962-1968).

Revistas de Sección Feminina

- *Consigna. Revista pedagógica de la Sección Femenina*

Fondo do Tribunal Tutelar de Menores (TTM)

- Expedientes anos 1945, 1955 e 1965

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

7.2. Arquivo Xudicial Territorial de Lugo

Libros de Rexistro Xeral da Fiscalía:

- 1928-1930
- 1936-1941

Libros de Rexistro de Executorias da Audiencia Provincial

- 1932-1943

7.3. Biblioteca Pública de Lugo

Fontes hemerográficas

- *El Progreso*, 1936-1940.
- *Teresa. Revista para todas las mujeres*
- *Consigna. Revista pedagógica de la Sección Femenina*

7.4. Fontes xurídicas e lexislativas:

Códigos Penais:

- Código Penal de 1870
- Código Penal de 1928
- Constitución de 1931
- Código Penal de 1932
- Código Penal de 1944

Constitución:

- Constitución de 1931

Boletín Oficial do Estado (BOE)

*Diari Oficial de la Generalitat de Catalunya*

7.5. Recursos dixitais

Enciclopedia xurídica

- Enciclopedia jurídica: Abuso deshonesto. Recuperado de internet (http://www.enciclopedia-juridica.com/d/abuso-deshonesto/abuso-deshonesto.htm.), consultado o 28 de marzo de 2022.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Información Mercado Municipal de Lugo:

- S.A.: "Praza de Abastos e Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros". Recuperado de internet (http://mercadodelugo.gal/gl/content/14-presentacion), consultado o 3 de agosto de 2022.
- S.A.: "Reforma Plaza de Abastos de "Lugo / OLAestudio + MERCASA". Recuperado de internet (https://www.plataformaarquitectura.cl/cl/877276/reforma-plaza-de-abastos-de-lugo-olaestudio-plus-mercasa?ad_medium=widget&ad_name=navigation-prev), consultado o 4 de agosto de 2022.

Información RENFE:

- GARCÍA ÁLVAREZ, Alberto (coord.): *Manual de ferrocarriles. El sistema ferroviario español*, Madrid, IBERGACETA publicaciones S.L., 2021. Recuperado de internet (https://www.renfe.com/content/dam/renfe/es/Grupo-Empresa/Talento-y-personas/Empleo/2022/operador-comercial/manuales/2022_02_22_Separata_COC_V5_bis.pdf.), consultado o 15 de xullo de 2022.
- HEMEROTECA DIGITAL. BIBLIOTECA NACIONAL DE ESPAÑA: *Gaceta de los caminos de hierro,* "Crónica: Ferro-carril del Noroeste", 17 de outubro de 1875. Recuperado de internet (https://hemerotecadigital.bne.es/hd/card?oid=0000000163), consultado o 9 de agosto de 2022.
- ITURRALDE LÁZARO, Mikel: "La RENFE de Franco", *El Correo*. Recuperado de internet (https://www.elcorreo.com/bizkaia/sociedad/201601/23/renfe-franco-20160122231133.html?ref=https%3A%2F%2Fwww.google.com%2F. ), consultado o 9 de agosto de 2022.
- MUÑOZ RUBIO, Miguel: *RENFE: 75 años de historia (1941-2016)*, Fundación de los Ferrocarriles españoles, 2016. Recuperado de internet (https://www.tecnica-vialibre.es/documentos/Libros/Renfe75Anios.pdf), consultado o 8 de agosto de 2022.
- RENFE: "Los hijos del hierro". Recuperado de internet (https://www.youtube.com/watch?v=3DEChxw_pkQ), consultado o 15 de xullo de 2022. "Memoria histórica ferroviaria", Recuperado de internet (https://memoriahistoricaferroviaria.org/), consultado o 15 de xullo de 2022.

- S.A.: “Ferroviarias sancionadas en el proceso de depuración en aplicación de la Ley de Responsabilidades Políticas, promulgada el 9 de febrero de 1939”. Recuperado de internet (https://memoriahistoricaferroviaria.org/wp-content/uploads/2021/06/ListadoMujerescondenadas.pdf), consultado o 15 de xullo de 2022.

“Nomes e Voces. Proxecto de investigación interuniversitario”

- Nomes e Voces. Proxecto de investigación interuniversitario, Recuperado de internet (http://www.nomesevoces.net/web/media/documento/comunicacion_barcelona_dictadura_franquista.pdf), consultado o 2 de novembro de 2022.
- SOMOZA CAYADO, Antonio, DOMÍNGUEZ ALMANSA, Andrés e FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo: *La génesis del Régimen franquista en Galicia: aniquilación política y destrucción de la sociedad civil. (1936-1939)*, Nomes e Voces. Proxecto de investigación interuniversitario, Recuperado de internet (http://www.nomesevoces.net/web/media/documento/comunicacion_barcelona_dictadura_franquista.pdf), consultado o 2 de novembro de 2022.

“Museo valenciano de la Ilustración y de la modernidad”

- SAZ CAMPOS, Ismael: “España entre la autarquía y el desarrollismo: Plácido. Sobre “Plácido” (1962) de Luis García-Berlanga”. Recuperado de internet (http://www.muvim.es/va/blog/espana-entre-autarquia-desarrollismo-placido), consultado o 4 de maio de 2022.

Radio Televisión Española

- RTVE play Archivo, Recuperado de internet (https://www.rtve.es/play/archivo/), consultado o 14 de novembro de 2022.
- S.A.: “Historia de la salud reproductiva”, Recuperado de internet (https://www.rtve.es/play/audios/artesfera-en-radio-5/artesfera-mujer-memoria-historia-salud-reproductiva-24-05-20/5580740/), consultado o 28 de xaneiro de 2022.


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Vademecum* e información dixital sobre medicamentos

- Recuperado de internet (https://www.vademecum.es/principios-activos-yoduro+potasico-h03ca+m1), consultado o 15 de decembro de 2019.
- S.A.: "Potasio permanganato", Recuperado de internet, (http://www.hca.es/huca/web/contenidos/websdepartam/farmacia/FN/POTASIOPERMANGANATOTOPICA1POR10000.pdf.), consultado o 15 de decembro de 2019.
- S.A.: ACOFARMA. Recuperado de internet (http://e-lactancia.org/media/papers/Quinina-FT-Acofarma2008.pdf ), consultado o 3 de marzo de 2020.
- S.A: "Piramidón". Recuperado de internet (http://historiadelmedicamento.es/index.php/es/component/phocagallery/2-analgesicos/detail/49-analgesicos.), consultado o 16 de decembro de 2019.

YouTube

- DE CORA SABATER, José: *Antoloxía da memoria de Lugo, Cap. 24. Entrevista a Paco Martín*. 10:17-11:05, Recuperado de internet (https://www.youtube.com/watch?v=qPjapSWNCc8,2013), consultado o 23 de xuño de 2021.
- MARTINS RODRÍGUEZ, María Victoria: "Individuas de dudosa moral", Recuperado de internet (https://www.youtube.com/watch?time_continue=1394&v=9U5-Xlh4T5I&feature=emb_logo), consultado o 29 de abril de 2022.

7.5.1. Hemerotecas

*El Correo gallego*

- S.A.: "Lugo dice adiós al barrio chino de A Tinería", *El Correo Gallego*, Recuperado de internet (https://www.elcorreogallego.es/galicia/ecg/lugo-dice-adios-barrio-chino-tineria/idNoticia-239520), consultado o 3 de decembro de 2007.

*El Diario.es*

- PÉREZ, Marcos: "La historia del cornezuelo, el LSD de nuestras abuelas que sentó las bases de la industria farmacéutica gallega", *El diario.es.* Recuperado de internet

(https://www.eldiario.es/galicia/historia-cornezuelo-lsd-industria-farmaceutica_1_1716647.html) , consultado o 3 de abril de 2020.

- FERNÁNDEZ ASPERILLA, Ana: "La mitad de los españoles que emigraron durante el franquismo lo hicieron de forma irregular", El Diario.es, 22 de febrero de 2019. Recuperado de internet (https://www.eldiario.es/sociedad/inmigracion-franquismo-historia-xenofobia_128_1732181.html), consultado o 11 de maio de 2022.

*El Progreso:*

- CORBELLE, Sabela: "A ponte da Chanca celebra 150 anos coa chegada do Ave", *El Progreso*. Recuperado de internet (https://www.elprogreso.es/gl/articulo/lugo/ponte-chanca-celebra-150-anos-chegada-ave/202112191243161546951.html), consultado o 18 de agosto de 2022.

*Galiciana*:

- *El Progreso*, 1941-1944. Recuperado de internet (https://biblioteca.galiciana.gal/es/consulta/registro.do?id=574555), consultado o 14 de novembro de 2022.

*La Voz de Galicia:*

- GRANDE PENELA, Antón: "Paseo histórico por los bares de Recatelo", *La voz de Galicia*. Recuperado de internet (https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/portomarin/2016/05/03/paseo-historico-bares-recatelo/0003_201605L3C6996.htm), consultado o 30 de xuño de 2022.
- GRANDE PENELA, Antón: "Aquellos bares de Lugo", *La voz de Galicia*. Recuperado de internet (https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/lugo/2020/10/31/aquellos-bareslugo/000316041451906135375 31.htm), consultado o 13 de outubro de 2021.
- GRANDE PENELA, Antón: "Paseo histórico por los bares de Recatelo", *La voz de Galicia*. Recuperado de internet (https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/portomarin/2016/05/03/paseo-historico-bares-recatelo/0003_201605L3C6996.htm), consultado o 13 de outubro de 2021.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- LÁZARE LÓPEZ, Benigno: "Las dos etapas de San Roque", *La voz de Galicia*. Recuperado de internet (https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/2002/02/15/dos-etapas-san-roque/0003_963377.htm), consultado o 15 de xuño de 2022.
- GÓMEZ SOUTO, Enrique: "El mercado de Quiroga Ballesteros sufrirá una amplia reforma", *La voz de Galicia*. Recuperado de internet (https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/lugo/2013/07/31/mercado-quiroga-ballesteros-sufrira-amplia-reforma/0003_201307L31C5993.htm), consultado o 4 de agosto de 2022.
- S.A.: "Años 90, la reforma que modernizó unas instalaciones obsoletas", *La voz de Galicia*. Recuperado de internet (https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/lugo/2015/12/16/anos-90-reforma-modernizo-instalaciones-obsoletas/0003_201512L16C2994.htm), consultado o 4 de agosto de 2022.

*Nueva Tribuna.es*

- MARQUESÁN MILLÁN, Cándido: "Memoria Democrática no noso colexio", Nova Tribuna, Recuperado de internet (https://www-nuevatribuna-es.translate.goog/articulo/cultura---ocio/necesidad-memoria-democratica-nuestra-escuela/20220724071317201067.html?_x_tr_sl=es&_x_tr_tl=gl&_x_tr_hl=gl&_x_tr_pto=sc), consultado o 28 de outubro de 2022.

*Píkara Magazine*

- VILLAVERDE MARTÍNEZ, Teresa: "Las sirvientas se valieron del prejuicio para huir de la represión franquista", *Píkara Magazine,* (2018). Recuperado de internet (https://www.*pikaramagazine*.com/2018/02/sirvientas-franquismo-eider-de-dios/), consultado o 20 de marzo de 2022.


7.5.2. Fontes estatísticas


- Instituto Nacional de Estatística:
  - Censo de poboación de 1940.
  - Censo de poboación de 1950.
  - Censo de poboación de 1960.

- Anuario Estatístico de España

7.6. Fondos fotográficos

- Fondo fotográfico da familia Pardo Fernández
- Fondo fotográfico da familia Díaz López

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AGUADO HIGÓN, Ana María: "Identidades de género y culturas políticas en la Segunda República", *Pasado y Memoria. Revista de Historia Contemporánea*, 7 (2008), pp.123-141.

AGUSTÍ I ROCA, Carme: "Marginación, coerción y consentimiento en la inmediata posguerra. Una mirada a través de la jurisdicción de menores", en RODRÍGUEZ BARREIRA, Óscar (ed.): *El franquismo desde los márgenes. Campesinos, mujeres, delatores, menores...*, Lleida, Edicions de la Universitat de Lleida, 2013, pp. 187-203.

AGUSTÍ I ROCA, Carme: "Golfillos de la calle. Menores, marginación y control social durante el primer franquismo a través de los expedientes del Tribunal Tutelar de Menores de Lleida" en NAVAJAS ZUBELDIA, Carlos e ITURRIAGA BARCO, Diego (coords.): *Novísima: II Congreso Internacional de Historia de Nuestro Tiempo*, 2010, pp. 309-322.

AGUSTÍ I ROCA, Carme: *La delincuencia de baja intensidad durante el primer franquismo. Una aproximación desde el mundo rural,* V Encuentro de Investigadores del Franquismo, Albacete, novembro de 2003.

ALCALDE FERNÁNDEZ, Ángel: "Queipo de Llano, Koestler y las violaciones de mujeres en la Guerra Civil española", en Conxita MIR e Ángela CENARRO (eds.): *Mujeres, género y violencia en la guerra civil y la dictadura de Franco*, Valencia, Tirant Humanidades, 2021, pp.81- 117.

ALDAVE MONREAL, Esther: *Sociabilidades, masculinidad y espacios urbanos de la violencia en Pamplona (1876-1936),* Traballo de investigación inédito, Pamplona, Universidad de Navarra, (2019), pp.1-13.

ALF, Lüdtke: "De los héroes de la resistencia a los coautores. "Alltagsgeschichte" en Alemania", *Ayer*, 19 (1995), pp.49-70.

ALIÁ MIRANDA, Francisco *et al*.: "Mujeres solas en la posguerra española, estrategias frente al hambre y la represión (1939-1949)", *Revista de historiografía*, 26 (2017), pp. 213-236.

ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, Carlos: "En riesgo de caer: infancia, género y postguerra franquista", en FERRER GONZÁLEZ, Cristian e SANS MOLAS, Joel (coords.):

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

*Postguerras: hambre, reconstrucción y políticas sociales*. *XVI Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea,* Alicante, Universidad de Alicante, 2018, pp.1-12.

ALVAREZ PELÁEZ, Raquel: "La mujer española y el control de la natalidad en los comienzos del siglo XX", *Asclepio,* 2 (1990), pp.175-200.

ANDRÉS CABELLO, Sergio: "De la calle Portales a la Plaza del Mercado: espacios urbanos de socialidad en Logroño en la segunda mitad del siglo XX", 142 (2002), pp. 209-239.

ARAGÜÉS ESTRAGUÉS, Rosa María: *Las rojas y sus hijos, víctimas de la legislación franquista: el caso de la cárcel de Predicadores (1939-1945),* Madrid, Sanz y Torres, 2014.

ARANDA GARCÍA, José Antonio: "Autarquía y estraperlo: Jaén 1939-1945", *Boletín del Instituto de Estudios Giennenses,* 21 (2018), pp.43-88.

ARENILLAS TORREJÓN, Juan Antonio: "El mercado de abastos de Marchena (1840-1930)", en Ayuntamiento de Marchena (ed.): *Jornadas sobre historia de Marchena. Marchena en los tiempos contemporáneos (siglos XIX-XX),* Sevilla, 1999, pp. 101-122.

ARTÚZ, Manuel Antonio e RESTREPO, Humberto: "El aborto inducido. Una visión histórica de su manejo", *Colombia Médica,* 33 (2002), pp. 65-71.

BABIANO MORA, José e FERNÁNDEZ ASPERILLA, Ana: "El fenómeno de la irregularidad en la emigración española de los años sesenta", *Fundación Primero de Mayo,* 3 (2002), pp.1-21.

BALBOA LÓPEZ, Xesús: "El fuego en los montes gallegos. De las rozas al incendio forestal", en ARAQUE JIMÉNEZ, Eduardo (ed.): *Incendios históricos. Una aproximación multidisciplinar*, Baeza, Universidad Internacional de Andalucía, pp. 255-277, 1999.

BARCIELA LÓPEZ, Carlos *et al.*: *La España de Franco (1939-1975). Economía*, Madrid, Síntesis, 2001.

BARCIELA LÓPEZ, Carlos: *Autarquía y mercado negro: el fracaso económico del primer franquismo*, 1939-1959, Barcelona, Crítica, 2003.

BARCIELA LÓPEZ, Carlos: "Introducción", en GARRABOU I SEGURA, Ramón, JIMÉNEZ BLANCO, José Ignacio e BARCIELA LÓPEZ, Carlos: *Historia Agraria de la Historia Contemporánea", vol. 3, El fin de la agricultura tradicional (1900-1960)*, Barcelona, Crítica, 1986.

BARRANCO CASTILLO, Enriqueta: "La obra de protección a la mujer en Lugo durante el franquismo: el reformatorio de nuestra señora de los ojos grandes", *FerrolAnálisis: revista de pensamiento y cultura,* 28 (2013), pp. 215-225.

BARRANQUERO TEXEIRA, Encarnación: "Investigaciones sobre la represión franquista en Andalucía desde una perspectiva de género", en Mª Dolores RAMOS (ed.): *Andaluzas en la historia: Reflexiones sobre política, trabajo y acción colectiva*, Sevilla, Fundación Pública Andaluza Centro de Estudios Andaluces, Consejería de la Presidencia e Igualdad, 2012, pp. 91-110.

BARRANQUERO TEXEIRA, Encarnación: "La cárcel de mujeres de Málaga en la paz de Franco", *Stud. hist., H.ª contemporánea*, 29 (2011), pp. 119-137.

BASCUÑÁN AÑOVER, Óscar: "La delincuencia femenina: prácticas y estrategias de supervivencia en Castilla-La Mancha, 1890-1923", en CASTILLO ALONSO, Santiago e OLIVER OLMO, Pedro (Coords): *Las figuras del desorden. Heterodoxos, proscritos y marginados*, Madrid, Siglo XXI de España Editores, 2006.

BEADMAN, Clive: "Abortion in 1940s Spain: The social context*", Journal of Gender Studies,* 11-1 (2010), pp.55-66.

BERGÈS, Karine : "La nacionalización del cuerpo femenino al servicio de la construcción de la identidad nacional en las culturas políticas falangistas y franquistas", *Mélanges de la Casa de Velázquez*, 42, 2 (2012), pp. 91-103.

BERKNER, Lutz K.: "The Stem Family and the Developmental Cycle of the Peasant Household: An Eighteenth-Century Austrian Example", *The American Historical Review*, 77, 2 (1972), pp. 398-418.

BLANCO FAJARDO, Sergio: "Moldeando a "Sofía": Instrumentos de socialización, cultura y feminidad durante el primer franquismo", en FERRER GONZÁLEZ, Cristian e SANS MOLAS, Joel (coords.): *Fronteras Contemporáneas. Identidades, pueblos, mujeres y poder. Actas del V Encuentro de Jóvenes Investigadores en Historia*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Contemporánea,* Barcelona, Departament d'Història Moderna i Contemporània de la Universitat Autònoma de Barcelona, 2017, pp. 423-424.

BLASCO IBÁÑEZ, Inmaculada: "Identidad en movimiento: la acción de las "católicas" en España (1856-1913), *Historia y política: Ideas, procesos y movimientos sociales,* 37 (2017), pp. 27-56.

BLASCO IBÁÑEZ, Inmaculada: "Género y franquismo: un balance historiográfico", en LEÓN ÁLVAREZ, Aarón (coord.): *El franquismo en Canarias: Actas del Encuentro de Historia sobre el Franquismo en Canarias*, San Cristóbal de la Laguna, 2014, pp.69-88.

BLASCO IBÁÑEZ, Inmaculada: "Sección Femenina y Acción Católica: la movilización de las mujeres durante el franquismo", *Gerónimo de Uztariz,* 21 (2005), pp. 55-66.

BLASCO IBÁÑEZ, Inmaculada: "Actitudes de las mujeres bajo el primer Franquismo: la práctica del aborto en Zaragoza durante los años 40", *Arenal*, 6, 1 (1999), pp.165-180.

BOCK, Gisela: "Políticas sexuales nacionalsocialistas e historia de las mujeres", en DUBY, George e PERROT, Michelle (dirs): *Historia de las mujeres en occidente. Tomo siglo XX*, Madrid, Taurus, 2003, pp.171-202.

BOLAÑOS GINER, Laura: "Tenga usted en cuenta que una presa política no es una prostituta. Un acercamiento a la convivencia entre prostitutas y presas políticas en las cárceles franquistas", en CABRERA ESPINOSA, Manuel e LÓPEZ CORDERO, Juan Antonio (ed.lit.): *XII Congreso virtual sobre Historia de las Mujeres*, Jaén, 2020, pp.107-125.

BOLUFER PERUGA, Mónica: "Formas de ser madre: los modelos de maternidad y sus transformaciones (siglos XVI-XIX)", en MÉNDEZ VÁZQUEZ, Josefina (coord.): *Maternidad, familia y trabajo: de la invisibilidad histórica de las mujeres a la igualdad contemporánea,* Madrid, 2007.

BRANDARIZ GARCÍA, José Á. e GONZÁLEZ SÁNCHEZ, Ignacio: "Economic crises, common crime, and penality", en *Oxford Research Encyclopedia of Criminology*, 2018, Recuperado de internet (https://oxfordre.com/ criminology ), consultado o 30 de outubro de 2022.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

BUCHANAN, Tom: "¿Hasta qué punto era "diferente" España?", en TOWNSON, Niguel (ed.): *España en cambio. El segundo franquismo, 1959-1975*, Madrid, Siglo XXI, 2010, pp.71-86.

BURKE, Peter: *Visto y no visto. El uso de la imagen como documento histórico*, Barcelona, Crítica 2001.

BUTCHER, David *et al.*: "Beyond core service", *Psychology & Marketing*, 20, (2003), pp. 187-208.

CABANA IGLESIA, Ana e FREIRE PAZ, Elena: "Haciendo barro, produciendo género. Mujeres en la alfarería de la Galicia rural desde finales del siglo XX", *Arenal*, 25, 1 (2018), pp. 53-70.

CABANA IGLESIA, Ana e GONZÁLEZ HIDALGO, Marien: "De fuego, incendios y mujeres. Un estado de la cuestión" en *XVII Congreso de Historia Agraria*, Formato virtual, Universidad de Salamanca, 2021, pp.1-30.

CABANA IGLESIA, Ana e LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tamara: *Fuera de toda moral, La prostitución en tiempos de Franco*, Traballo de investigación inédito, Lugo, Universidade de Santiago de Compostela, 2021.

CABANA IGLESIA, Ana, FREIRE PAZ, Elena e LÓPEZ FERNÁNDEZ Tamara: "Formar a mujeres rurales, conformar género. La capacitación agraria en la España de Franco", traballo de investigación inédito, SEHA, Salamanca, 2021.

CABANA IGLESIA, Ana, ORTEGA LÓPEZ, Teresa e DE DIOS FERNÁNDEZ, Eider: "Trajinar sin descanso: mantenedoras, cuidadoras y contramodelos. Un relato en femenino de la posguerra española", *Historia del Presente*, 38 (2021), pp.67-88.

CABANA IGLESIA, Ana: "Ciento cincuenta mujeres y ningún hombre. Mujeres y protesta en el campo gallego durante el franquismo", *Historia Social*, 99 (2021), pp. 119-138.

CABANA IGLESIA, Ana: "Mulleres diante. Rostros femininos e acción colectiva no rural galego", *Boletín Galego de Literatura*, 50/1º semestre (2017), pp.89-114.

CABANA IGLESIA, Ana: "Os incendios forestais e a variable xénero: estereotipos de ida e volta", en Proxecto BATEFOGO (coords.): *Árbores que non arden: as mulleres na prevención de incendios forestais*, Vigo, Catroventos, 2019, pp.15-28.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CABANA IGLESIA, Ana: “Los incendios en el monte comunal gallego. Lugo durante el primer franquismo”, *Historia Agraria*, 43 (2007), pp. 555-577.

CABANA IGLESIA, Ana: *Entre a resistencia e a adaptación: a sociedade rural galega no franquismo (1936-1960),* Tese doutoral, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2006.

CABANA IGLESIA, Ana: *La derrota de lo épico,* Valencia, PUV, 2013.

CABO VILLAVERDE, Miguel e CARBALLO GENDE, Enrique: “El incivil deporte. La violencia comunitaria en la Galicia rural contemporánea”, en *La historia habitada. Actas del XV Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea*, Córdoba, 2021.

CABO VILLAVERDE, Miguel e LEIRA CASTIÑEIRA, Francisco J.: “Violencia e conflitividade na Galicia contemporánea: imaxes e realidades”, en CABO VILLAVERDE, Miguel e LEIRA CASTIÑEIRA, Francisco J (ed.lit.): *A xustiza pola man. Violencia e conflitividade na Galicia contemporánea*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2021, pp. 29-39.

CABO VILLAVERDE, Miguel e VÁZQUEZ VARELA, José Manuel: “Las otras guerras de nuestros antepasados: la violencia intercomunitaria en la Galicia rural contemporánea”, *Hispania*, 251 (2015), pp.781-804.

CABRERA ACOSTA, Miguel Ángel e SANTANA ACUÑA, Álvaro: “De la historia social a la historia de lo social”, *Ayer* 62, 2 (2006), pp. 165-192.

CALZADO ALDARIA, Antonio e IBÁÑEZ DOMÍNGUEZ, Mélanie: “Los archivos judiciales. Fondos fundamentales en la investigación y en la memoria democrática de la dictadura franquista: el Archivo Judicial de Riba-Roja de Túria”, *Revista d'arxius*, 14-15 (2015-2016), pp.53-64.

CÁMARA GÓMEZ, Juan: Clases populares y clases peligrosas: criminalidad social y peligrosidad urbana en Madrid (1900-1931), Traballo de fin de Máster, Madrid, Universidad Complutense de Madrid.

CAMARGO HERNÁNDEZ, César: *La Ley de 9 de mayo de 1950 sobre uso y circulación de vehículos de motor y algunos de sus principales problemas*, Madrid, Instituto Nacional de Estudios Jurídicos, 1962.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAMPOS MARÍN, Ricardo: "Autoritarismo y eugenesia punitiva: higiene racial y nacionalcatolicismo en el franquismo, 1936-1945", *História, Ciências, Saúde-Manguinhos*, 23 (2016), pp. 131-148.

CANAL I MORELL, Jordi: "Historiografía y sociabilidad en la España contemporánea: reflexiones con término", *Vasconia*, 33 (2003), pp.11-27.

CANOREA HUETE, Julián: "Documentación judicial", en ÁVILA SEOANE, Nicolás (coord.) e GALENDE DÍAZ, Juan Carlos (dir.): *La diplomática y sus fuentes documentales*, España, Universidad Complutense de Madrid, 2020, pp. 53-126.

CANTOR, David e C. LAND, Kenneth: "Unemployment and Crime Rates in the Post-World War II United States: A Theoretical and Empirical Analysis", *American Sociological Review*, 50 (1985), pp. 317-332.

CAPEL SÁEZ, Horacio: "La definición de lo urbano", *Estudios Geográficos*, 138-139 (1975), pp.265-301.

CAPEL SÁEZ, Horacio: "La red urbana española y la nueva demarcacion judicial", *Revista de geografía*, 1 (1968), pp. 56-65.

CARBALLO GENDE, Enrique: *Violencia, crimen y sus interpretaciones en la Galicia contemporánea (1840-1936)*, Tese doutoral, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2021.

CARBALLO GENDE, Enrique: "El hambre le impulsará: La crisis de subsistencias y el auge de delitos contra la propiedad en Galicia durante la década de 1850", *Hispania*, LXXX, 264 (2020), p.169-199.

CARBALLO GENDE, Enrique: "Dio un golpe a su querida con tan mala suerte que le rompió la cabeza. La violencia hacia las mujeres en la práctica legal y policial en la Restauración, a partir del caso de los partidos judiciales de A Coruña y Santiago de Compostela", *SÉMATA, Ciencias Sociais e Humanidades*, 31 (2019), pp. 15-32.

CASANOVA RUIZ, Julián *et al*.: *Morir, matar, sobrevivir: la violencia en la dictadura de Franco*, Barcelona, Crítica, 2002.

CASARES MOURIÑO, Carlos: *Conversas con Ánxel Fole*, Vigo, Galaxia, 2005.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CASES SOLA, Adriana: *El género de la violencia. Mujeres y violencias en España (1923-1936)*, Tese doutoral, Universidad de Alicante, 2016.

CASES SOLA, Adriana: "La violencia sexual en la retaguardia republicana durante la Guerra Civil española", *Historia Actual Online*, 34 (2014), pp. 69-80.

CASTAÑO PEÑALVA, Máximo: *El divorcio en la Segunda República española. Antecedentes y desarrollo*, Tese doutoral, Universidad de Murcia, 2016.

CASTRO PÉREZ, Xavier: *Yantares gallegos: Historia de la dieta atlántica*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2010.

CASTRO REDONDO, Rubén: "La conflictividad por servidumbres en los procesos judiciales de la Real Audiencia de Galicia en la Edad Moderna", *Vínculos de Historia*, 8 (2019), pp.315-336.

CAZORLA SÁNCHEZ, Antonio: *Miedo y progreso. Los españoles de a pie bajo el franquismo (1939-1975*), Madrid, Alianza, 2016.

CECCO, Elda Edith e MANSILLA, Angélica M.: "El aborto en Roma. Consideraciones jurídicas y morales", *Revista de Estudios Clásicos*, 31 (2003), pp.25-39.

CESANO, José Daniel: "Fuentes judiciales y análisis histórico", *Prólogos. Revista de historia, política y sociedad*, IV-V (2011-2012), pp.39-54.

CHAPMAN QUEVEDO, William A.: "El concepto de sociabilidad como referente del análisis histórico", *Investigación & Desarrollo*, 23, 1 (2015), pp. 1-37.

CHAUVAUD, Frédéric: "Historia de la delincuencia y del control social: ensayo de historia antropológica (el ejemplo de Francia, siglos XIX y XX", *Revista de Historia (Heredia)*, 47 (2003), pp 163-190.

CHEVALIER, Louis: *Classes laborieuses et classes dangereuses*, París, Perrin, 2007.

CONDE CABALLERO, David: *Tiempos sin pan. Una etnografía del hambre de postguerra en Extremadura*, Tese doutoral, UNED, 2019.

CORNISH, Derek e V.CLARKE, Ronald: *The Reasoning Criminal: Rational Choice Perspectives on Offending. Hague*: Springer- Verlag, 1986.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DANTÍN GALLEGO, Juan: "Influencia del infanticidio y del aborto voluntario sobre el crecimiento de la población", *Revista Internacional de Sociología*, 26-7 (1949), pp. 125-177.

DE DIOS FERNÁNDEZ, Eider*: Sirvienta, empleada, trabajadora de hogar: género, clase e identidad en el franquismo y la transición a través del servicio doméstico (1939-1995)*, Málaga, UMA editorial, 2018.

DE DIOS FERNÁNDEZ, Eider: "¿Sirvienta, interina o trabajadora? Discursos del servicio doméstico en el segundo franquismo", en IBARRA AGUIRREGABIRIA, Alejandra (coord.): *No es país para jóvenes. Encuentro de jóvenes investigadordes en Historia Contemporánea*, Granada, Instituto Valentín Foronda, 2012, pp.1-21.

DE MIGUEL ÁLVAREZ, Ana: "La prostitución de mujeres, una escuela de desigualdad humana", *Revista europea de derechos fundamentales*, 19 (2012), pp.49-74.

DEL ARCO BLANCO, Miguel Ángel e HERNÁNDEZ BURGOS, Claudio (eds): *Esta es la España de Franco. Los años cincuenta del franquismo (1951-1959),* Zaragoza, Prensas de la Universidad de Zaragoza, 2020.

DEL ARCO BLANCO, Miguel Ángel e HERNÁNDEZ BURGOS, Claudio: "Los años cuarenta, algo más que una década bisagra", en DEL ARCO BLANCO, Miguel Ángel e HERNÁNDEZ BURGOS, Claudio (eds): *Esta es la España de Franco. Los años cincuenta del franquismo (1951-1959),* Zaragoza, Prensas de la Universidad de Zaragoza, 2020, pp. 93-116.

DEL ARCO BLANCO, Miguel Ángel e ROMÁN RUIZ, Gloria: "La casa se cae sola: infravivienda, hambre y enfermedad durante el franquismo", en LANERO TÁBOAS, Daniel (coord.): *De la chabola al barrio social: Arquitecturas, políticas de vivienda y actitudes sociales en la Europa del Sur (1920-1980),* 2020, pp.75-94.

DEL ARCO BLANCO, Miguel Ángel: "¿Se acabó la miseria? La realidad socioeconómica en los años cincuenta", en DEL ARCO BLANCO, Miguel Ángel e HERNÁNDEZ BURGOS, Claudio (eds): *Esta es la España de Franco. Los años cincuenta del franquismo (1951-1959),* Zaragoza, Prensas de la Universidad de Zaragoza, 2020, pp.49-72.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DEL ARCO BLANCO, Miguel Ángel: "Los grandes estraperlistas. Imágenes, deformaciones y silencios en la propaganda, cine y novela de la posguerra franquista", *Quaderns de filologia. Estudis literaris*, 26 (2021), pp. 61-84.

DEL ARCO BLANCO, Miguel Ángel (ed.): *Los "años del hambre". Historia y memoria de la posguerra franquista*, Barcelona, Marcial Pons, 2020.

DEL ARCO BLANCO, Miguel Ángel: "Las hambrunas españolas del siglo XX y el lugar de los "años del hambre", en DEL ARCO BLANCO, Miguel Ángel (ed.): *Los "años del hambre". Historia y memoria de la posguerra franquista"*, Madrid, Marcial Pons, 2020.

DEL ARCO BLANCO, Miguel Ángel: "La corrupción en el franquismo. El fenómeno del "Gran Estraperlo", *Hispania Nova: Revista de historia contemporánea*, 16 (2018), pp.620-645.

DEL ARCO BLANCO, Miguel Ángel: "Morir de hambre". Autarquía, escasez y enfermedad en la España del primer franquismo", *Pasado y memoria, Revista de Historia Contemporánea*, 5 (2006), pp. 241-258.

DI FEBO, Guiliana: "La Cuna, la Cruz y la Bandera. Primer franquismo y modelos de género", en MORANT DEUSA, Isabel (dir.): *Historia de las mujeres de España y de América Latina. Del siglo XX a los umbrales del XXI*, Madrid, Cátedra, 2006.

DÍAZ DÍAZ, Abel: "Los invertidos: homosexualidad(es) y género en el primer franquismo", *Cuadernos de Historia Contemporánea*, 41 (2019), pp. 329-349.

DÍAZ GEADA, Alba: "Modernizar en femenino. Algunas notas sobre el trabajo de las agentes de economía doméstica y los cambios socioeconómicos y culturales en el rural gallego del tardofranquismo", *Historia Actual Online*, 36 (2015), pp.149-161.

DÍAZ GEADA, Alba: *Mudar en común. Cambios económicos, sociais e culturais no rural galego do franquismo e da transición, 1959-1982*, Tese doutoral, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2013.

DOGLIANI, Patrizia: *El fascismo de los italianos: Una historia social*, Valencia, PUV, 2017.

DURKHEIM, Émile: *Las reglas del método sociológico*, España, Ediciones Folio S.A., 1999.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

EMSLEY, Clive: “La historia social evolutiva de la criminalidad y de los sistemas de justicia penal”, *Revista Historia (Heredia)*, 48 (2003), pp. 155-179. BILLACOIS, François: “Pour une enquête sur la criminalité dans la France d'Ancien Régime”, *Annales E. S. C.*, 22, 2 (1967), pp. 340-349.

ESCALERA REYES, Javier: “El Franquismo y la Fiesta, Régimen político, transformaciones sociales y sociabilidad festiva en la España de Franco”, en URÍA GONZÁLEZ, Jorge (ed.): *La cultura popular en la España contemporánea*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2003.

ESCUDERO ANDÚJAR, Fuensanta: *Dictadura y oposición al franquismo en Murcia: de las cárceles de posguerra a las primeras elecciones*, Murcia, Editora Regional Universidad de Murcia, 2007.

ESPEITX BERNAT, Elena e CÁCERES NEVOT, Juanjo: “La memoria de la escasez alimentaria en la Barcelona de la posguerra (1939-1953)”, *STVDIVM. Revista de Humanidades*, 16 (2010), pp. 163-187.

EVANS, Richard J.: *El Tercer Reich en el poder*, Barcelona, Ediciones Península, 2017.

FAURÉ, Christine: *Enciclopedia histórica y política de las mujeres*: *Europa y América*, Madrid, Akal, 2010.

FERNÁNDEZ ASPERILLA, Ana: “Franquismo, delincuencia y cambio social”, *Espacio Tiempo Y Forma. Serie V, Historia Contemporánea*, 17 (2005), pp. 297-309.

FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, Alberto: “Arquitectura y urbanismo en la Sevilla ochocentista: la plaza-mercado de la Encarnación”, *Anuario del Departamento de Historia y Teoría del Arte*, 21 (2009), pp. 205-222.

FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo e ARTIAGA REGO, Aurora (eds.): *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura. Historia para un pasado incómodo*, Madrid, La Catarata, 2014.

FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo e MÍGUEZ MACHO, Antonio (ed. lit.): *Golpistas e verdugos de 1936*, Vigo, Galaxia, 2018.

FERRER SAMA, Antonio: *El delito de apropiación indebida*, Murcia, Anales de la Universidad de Murcia, 1945.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FERRIS, Kate: “Everyday Spaces: Bars, Alcohol and the Spatial Framing of Everyday Political Practice and Interaction in Fascist Italy”, *European History Quaterly*, 52, 2 (2022), pp.136-159.

FOLGUERA CRESPO, Pilar: *Vida cotidiana en Madrid: el primer tercio de siglo a través de las fuentes orales*, Madrid, Editorial Comunidad Autónoma de Madrid, 1987.

FOUCAULT, Michel: *Vigilar y castigar: nacimiento de la prisión*, México, Siglo XXI editores, 2002.

FOUCAULT, Michel: *Microfísica del poder*, Madrid, La Piqueta, 1980.

FRANCO RUBIO, Gloria (ed.): *Debates sobre la maternidad desde una perspectiva histórica (siglos XVI-XX)*, Barcelona, Icaria, 2010.

FREIRE CEDEIRA, Araceli: “El uso de los montes comunales en mano común gallegos. El antes y después de su devolución a las comunidades vecinales”, Estudios Rurales, 6, 11 (2016), pp. 94-112.

FRENCIA, Cintia e GAIDO, Daniel: “Los orígenes del decreto soviético de legalización del aborto (1920)”, *Anuario de la Escuela de Historia Virtual*, 9 (2018), pp.26-52.

GALÁN ARMERO, Natalia: “La prohibición del aborto en la Rumanía de Ceaucescu y la España de Franco”, en FERRER GONZÁLEZ, Cristian e SANS MOLAS, Joel (coords.): *Fronteras Contemporáneas. Identidades, pueblos, mujeres y poder. Actas del V Encuentro de Jóvenes Investigadores en Historia Contemporánea*, Barcelona, Departament d’Història Moderna i Contemporània de la Universitat Autònoma de Barcelona, 2017.

GALLUCCI, Lisandro: “Judicial sources and the study of subaltern sectors. Challenges and possibilities of their relationship in historiographic research”, *Revista electrónica de fuentes y archivos*, 1 (2010), pp.1-16.

GÁLVEZ MUÑOZ, Lina, RODRÍGUEZ-MODROÑO Paula e MATUS-LÓPEZ, Mauricio: “Análisis histórico y de género del paro en España, desde el franquismo a la España democrática”, *Historia Social*, 96 (2020), pp. 129-148.

GÁLVEZ MUÑOZ, Lina: “Con Franco, no había paro”, *Temas para el debate*, 172 (2009), pp.68-70.

GARCÍA DELGADO, José Luis: "La economía", en GARCÍA DELGADO, José Luis (coord.): *Franquismo. El juicio de la historia*, Madrid, Temas de Hoy, 2000, pp. 115-170.

GARCÍA DELGADO, José Luis: "Estancamiento industrial e intervencionismo económico durante el primer franquismo", en FONTANA I LÁZARO, Josep (ed.): *España bajo el franquismo*, Barcelona, Crítica, 1986, pp. 170-191.

GARCÍA FERNÁNDEZ, Mónica: "Sexualidad y armonía conyugal en la España franquista. Representaciones de género en manuales sexuales y conyugales publicados entre 1946 y 1968", *Ayer*, 105 (2017), pp.215-248.

GARCÍA FERREIRA, Rafael: *Violencia, persecuciones y relato en la conformación del poder golpista en Santiago de Compostela, 1936*, Tese doutoral, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2022.

GARCÍA GONZÁLEZ, Francisco (ed.): *Vivir en soledad: viudedad, soltería y abandono en el mundo rural (España y América Latina, siglos XVI-XXI)*, Madrid, Iberoamericana Vervuert, 2020.

GARCÍA QUEIRUGA, Marta e PORTA SÁNCHEZ, Ángeles: *Guía de Administración de Antídotos. Servicio de Farmacia Xerencia de Xestión Integrada*, Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, A Coruña, 2018.

GASCÓN UCEDA, Isabel: "Honor masculino, honor femenino, honor familiar", *Pedralbes: Revista d'historia moderna*, 28 (2008), pp.635-648.

GENNARO, Alfonso R: *Remington. Farmacia. Tomo 2*, Argentina, Editorial Médica Panamericana, 2003.

GENOVÉS BALLESTER, Francisco Javier: *El Código Penal de 1932*, Tese doutoral, Valencia, Universidad de Valencia, 2006.

GEREMEK, Bronislaw: "Criminalité, vagabondage, paupérisme : la marginalité à l'aube des temps modernes", *Revue d'Histoire Moderne & Contemporaine*, 21, 3 (1974), pp. 337- 375.

GIL ANDRÉS, Carlos: "Tengo grabado todo aquello. La memoria de los años cuarenta tiene nombre de mujer" en DEL ARCO BLANCO, Miguel Ángel e HERNÁNDEZ BURGOS, Claudio (eds): *Esta es la España de Franco. Los años cincuenta del*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*franquismo (1951-1959),* Zaragoza, Prensas de la Universidad de Zaragoza, 2020, pp. 23-45.

GINZBURG, Carlo: "Microhistoria: dos o tres cosas que sé de ella", *Entrepasados. Revista de Historia*, 8 (1995), pp. 13-42.

GIRÁLDEZ LOMBA, Antonio: *Sobrevivir en los años del hambre en Vigo*, Vigo, Instituto de Estudios Vigueses, 2002.

GÓMEZ BRAVO, Gutmaro e PALLOL TRIGUEROS, Rubén: "Entre el delito y el conflicto: el estudio de la criminalidad y la conflictividad social en el Madrid de la primera mitad del siglo XX", en LANES MARSHALL, Julien *et al*. (ed.lit.): *De los conflictos y de sus construcciones. mundos ibéricos y latinoamericanos*, Francia, Éditions Hispaniques, 2013, pp.145-161.

GÓMEZ BRAVO, Gutmaro: "Derecho y poder. Desarrollo y obstrucción a la nueva Justicia en la primera mitad del siglo XIX", *Derechos y libertades: Revista del Instituto Bartolomé de las Casas*, 16 (2007), pp.157-180.

GÓMEZ BRAVO, Gutmaro: "La violencia y sus dinámicas: crimen y castigo en el siglo XIX español", *Historia Social*, 51 (2005), pp. 93-110.

GÓMEZ BRAVO, Gutmaro: "Loving the Punished. The Prison System and the Church in the Post-War Period", en ANDERSON, Peter e DEL ARCO BLANCO, Miguel Ángel (coords.): *Mass killings and violence in Spain, 1936-1952. Grappling with the past*, Reino Unido, Routledge/Cañada Blanch Studies on Contemporary Spain, 2015, pp.137-155.

GÓMEZ BRAVO, Gutmaro: *Crimen y Castigo: Cárceles, Justicia y violencia en la España del siglo XIX*, Madrid, La Catarata, 2006.

GÓMEZ NICOLAU, Emma: "El destino natural de las mujeres. La legitimación de la violencia de género a través de la prensa sensacionalista del franquismo", *Nóesis. Revista de Ciencias Sociales y Humanidades,* 22 (2013), pp.136-159.

GÓMEZ WESTERMEYER, Juan Francisco: *Historia de la delincuencia en la sociedad española: Murcia, 1939-1949. Similitudes y diferencias en otros espacios europeos*, Tese doutoral, Murcia, Universidad de Murcia, 2006.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

GONZÁLEZ CALLEJA, Eduardo: "Conflictividad sociolaboral y violencia colectiva en la Segunda República", en ARÓSTEGUI SÁNCHEZ, Julio (ed.): *La República de los trabajadores la segunda república y el mundo del trabajo,* Madrid, Fundación Francisco Largo Caballero, 2006, pp.76- 108.

GONZÁLEZ GUTIÉRREZ, Patricia: "Maternidad, aborto y ciudadanía femenina en la antigüedad", *El futuro del pasado* 2, (2011), pp.425-438.

GONZÁLEZ MADRID, Damián e ORTIZ HERAS, Manuel (coords.): *El estado del bienestar: entre el franquismo y la transición,* Madrid, Sílex, 2020.

GONZÁLEZ ORTA, Juan Ignacio: "La gestión del hambre. Discurso y praxis política de la falange en la huelva de la posguerra (1939-1945)", *Erebea,* 2 (2012), pp.371-413.

GRIFFITH, Brian J.: "Bacchus among the Black shirts: Wine Making, Consumerism and Identity in Fascist Italy, 1919–1937", *Contemporary European History*, 29 (2020), pp. 394-415.

GUEREÑA Jean-Louis: *La prostitución en la España contemporánea*, Madrid, Marcial Pons, 2003.

GUEREÑA Jean-Louis: "Espacios y formas de la sociabilidad en la España contemporánea", *Hispania*, 214 (2003), pp.409-414.

GUILLÉN LORENTE, Carmen: "El Patronato de Protección a la Mujer: Centros de encierro y control moral para las *mujeres caídas,*" en OLIVER OLMO, Pedro e CUBERO IZQUIERDO, María del Carmen (coords.): *De los controles disciplinarios a los controles securitarios,* Albacete, Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 2020, pp.513-526.

GUILLÉN LORENTE, Carmen: "La prostituta como víctima del sistema represivo franquista. Un análisis desde los Informes del Patronato de Protección a la Mujer", *GÉNEROS. Multidisciplinary Journal of Gender Studies,* 10, 2 (2021), pp. 98-120.

GUILLÉN LORENTE, Carmen: "El Patronato de Protección a la Mujer: Prostitución, Moralidad e Intervención Estatal", Tese doutoral, Murcia, Universidad de Murcia, 2018.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

GUILLÉN LORENTE, Carmen: *El Patronato de Protección a la Mujer: Prostitución, Moralidad e Intervención Estatal*, Tese doutoral, Murcia, Universidad de Murcia, 2018.

HAY, Douglas: *Albion´s fatal tree: crime and society in Eighteenth-century*, Londres, Pantheon Books, 1975.

HERNÁNDEZ BURGOS, Claudio e PÉREZ-OLIVARES GARCÍA, Alejandro: "Espacios de conflicto: el giro espacial en la historiografía española", *Rúbrica Contemporánea*, 10, 19 (2021), pp. 1-6.

HERNÁNDEZ BURGOS, Claudio e J. LEIRA CASTIÑEIRA, Francisco: "Los rostros del hambre: autarquía, experiencias de miseria y estrategias de supervivencia durante la posguerra franquista (1939-1951)", *Historia Social*, 97 (2020), pp.79-98.

HERNÁNDEZ BURGOS, Claudio: "El discurso de la miseria: relatos justificativos y percepciones populares del hambre durante la posguerra", en DEL ARCO BLANCO, Miguel Ángel (ed.): *Los "años del hambre". Historia y memoria de la posguerra franquista*. Madrid, Marcial Pons, 2020, pp.151-172.

HERNÁNDEZ BURGOS, Claudio: "El páramo de Franco. La consolidación del régimen vista por la diplomacia exterior (1950-1960)", en DEL ARCO BLANCO, Miguel Ángel e HERNÁNDEZ BURGOS, Claudio (eds): *Esta es la España de Franco. Los años cincuenta del franquismo (1951-1959)*, Zaragoza, Prensas de la Universidad de Zaragoza, 2020, pp.73-92.

HERNÁNDEZ BURGOS, Claudio: *Franquismo a ras de suelo. Zonas grises, apoyos sociales y actitudes durante la dictadura (1936-1976)*, Granada, Editorial Universidad de Granada, 2013.

HERRERO ALONSO, Carmen, GARRIDO MARTÍN, Eugenio e MASIP PALLEJÁ, Jaume: "Intervención (psicosocial) en el ámbito del delito", en PÉREZ ÁLVAREZ, Fernando (ed.): *Serta in memoriam Alexandri Baratta*, Salamanca, Ediciones Universidad de Salamanca, 2004, pp.415-438.

HIRSCH, Hans: "La reforma de los preceptos sobre la interrupción del embarazo en la República Federal Alemana", *Nuevo Foro Penal*, 12 (1983), pp.144-158.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

HOBSBAWM, Eric: *Primitive Rebels: Studies in Archaic Forms of Social Movement in the 19th and 20th Centuries*, Manchester, Manchester University Press, 1959.

HORDERN, Anthony: *Legal abortion: The English Experience*. London, Pergamon Press, 1971.

HUERTA TOCILDO, Susana: *Aborto con resultado de muerte o lesiones graves (análisis técnico-jurídico del último párrafo del artículo 411 del Código Penal Español)*, Tese doutoral, Universidad Complutense de Madrid, 1976.

HUERTAS DÍAZ, Omar: "Durkheim: la perspectiva funcionalista del delito en la criminología", *Rev. crim.*, 51, 2 (2009), pp. 103-115.

IBÁÑEZ Y GARCÍA-VELASCO, José Luis.: *La despenalización del aborto voluntario en el ocaso del siglo XX*, Madrid, Siglo Veintiuno, 1992.

IGLESIAS ESTEPA, Raquel: *Crimen, criminales y reos: la delincuencia y su represión en la antigua provincia de Santiago entre (1700 y 1834)*, Santiago de Compostela, Brétema, 2007.

IGLESIAS ESTEPA, Raquel: "El crimen como objeto de investigación histórica", *Obradoiro Hist. Mod.*, 14 (2005), pp. 297-318.

IGLESIAS ESTEPA, Raquel: *Las quiebras del orden cotidiano comportamientos criminales en la sociedad gallega de fines del antiguo régimen*, Tese doutoral, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2004.

IGNACIUK, Ágata e ORTIZ GÓMEZ, Teresa: *Anticoncepción, mujeres y género: la "píldora" en España y Polonia (1960-1980)*, Madrid, Los Libros de la Catarata, 2016.

IZU BELLOSO, Miguel J.: "Los juegos de azar en el Derecho Histórico y en el Derecho actual de Navarra", *Revista jurídica de Navarra*, 17 (1994), pp. 69-80.

JERRAM, Leif, "Space: A uselesscategory for historicalanalysis?", *History and Theory*, 52, 3, (2013), pp. 400-419.

JIMÉNEZ AGUILAR, Francisco: "A Spanish way of life. Consumo y publicidad en la España de los cincuenta", en DEL ARCO BLANCO, Miguel Ángel e HERNÁNDEZ BURGOS, Claudio (eds.): *Esta es la España de Franco. Los años cincuenta del*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*franquismo (1951-1959)*, Zaragoza, Prensas de la Universidad de Zaragoza, 2020, pp.93-116.

JOHNSON, Eric e MONKKONEN, Eric: *The Civilization of Crime: Violence in Town and Country since the Middle Ages*, Illinois, University of Illinois Press, 1996.

LAGARDE Y DE LOS RÍOS, Marcela: *El feminismo en mi vida. Hitos, claves y topías*, México, México: Instituto de las Mujeres del Distrito Federal, 2012.

LAMELA VIERA, María del Carmen: *La cultura de lo cotidiano. Estudio sociocultural de la ciudad de Lugo*, Madrid, Akal, 1999.

LANERO TÁBOAS, Daniel: "Franquismo, políticas sociales y actitudes de la población", *Historia del presente*, 38 (2021), pp.31-48.

LANERO TÁBOAS, Daniel: "La política de vivienda del franquismo en una ciudad de tamaño medio: Santiago de Compostela (1940–1960)", en LANERO TÁBOAS, Daniel (coord.): *De la chabola al barrio social. Arquitecturas, políticas de vivienda y actitudes sociales en la Europa del Sur (1920-1980)*, Granada, Comares, 2020.

LANERO TÁBOAS, Mónica: "Notas sobre la política judicial del primer franquismo: 1936-1945", en TUSELL GÓMEZ, Javier *et al.* (ed lit.): El régimen de Franco, 1936-1975: política y relaciones exteriores, España, UNED, 1993, pp. 255-266.

LANERO TÁBOAS, Mónica: *Una milicia de la justicia; la política judicial del franquismo (1936-1945)*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales (España), 1995.

LEFEBVRE, Henri: "The socio-spatial dialectic", *Annals of The Association of American Geographers, 70* (1980), pp. 207-225.

LEFEBVRE, Henri: *La production de l'espace*, Paris, Anthropos, 1974.

LEIRA CASTIÑEIRA, Francisco J. e CABO VILLAVERDE, Miguel (eds. lits.): *A xustiza pola man. Violencia e conflitividade na Galicia contemporánea*, Vigo, Xerais, 2021.

LEVI, Giovanni: "Apostilla. Microhistoria e historia total", *Anuario IEHS*, 36, 2 (2021), pp. 209-213.

LOMBROSO, Cesare e FERRERO, Guglielmo: *La mujer normal, la criminal y la prostituta*, Medellín, Epistemonauta, 2021.

LOMBROSO, Cesare: *L´ homme criminel. Atlas*, Paris, Deuxième Édition, 1895.

LÓPEZ CASERO, Francisco: "Identidad, estructura social y desarrollo local: redefinición del pueblo, con referencia especial a las agrociudades", *Apuntes 2: Apuntes y Documentos para una Historia de Osuna,* 1 (1996), pp.73-92.

LÓPEZ DE LUCIO, Ramón: "Lugo, su muralla y las "operaciones de limpieza" pasadas y por venir: un caso de restauración a la española", *Ciudad y territorio: Revista de ciencia urbana,* 2 (1978), pp.49-60.

LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tamara: "Analizar la necesidad. La vida cotidiana en la ciudad de Lugo en los años 50", en: *XI Encuentro Internacional de Investigaciones del Franquismo,* León, 2022.

LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tamara: "Cuando trabajar la tierra no basta. La delincuencia contra la propiedad durante el franquismo desde una perspectiva de género en la provincia de Lugo" en: *Congreso Internacional Ganarse la vida. Género y trabajo a través de los siglos*, Granada (Pampaneira), 2022.

LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tamara: "Criaturas marginadas. Los menores como sujetos activos y pasivos de delincuencia en el Lugo franquista", en HERRERO IZQUIERDO, Jacobo, ZAMORA MARTÍNEZ, Patricia e REGUERO SANZ, Itziar (eds.): *Comunicación e historia olvidada: Una mirada transversal desde la contemporaneidad*, Santander, Universidad de Cantabria, 2022.

LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tamara: (en prensa) "Aunque me cueste la vida. El aborto en Lugo durante el franquismo (1945-1966)", *Arenal*, 29, 2 (2022).

LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tamara: "Alcohol, sociabilidad y marginalidad. Los bares como espacios de ocio y trasgresión moral en el Lugo de los años sesenta" en: *XV Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea. La Historia habitada. Sujetos, procesos y retos de la Historia Contemporánea del siglo XXI*, Córdoba, 2021.

LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tamara: "Estraperlar coa liberdade. O negocio dos pasaportes en Lugo durante o franquismo", en ARIAS VILAS Felipe e ZINS Max-Jean (coords.): *Andar, camiñar, marchar. Actas do XV Curso de Primavera,* Lugo, 2021, pp. 157-164.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tamara: Violadas. Dinámicas en torno a los delitos de violación y abusos deshonestos en Lugo (1945-1960)", en: *VII Encuentro de Jóvenes Investigadoras e Investigadores en Historia Contemporánea*, Granada, 2020.

LÓPEZ GARCÍA DE MADINABEITIA, Ana P.: "Duelo perinatal: Un secreto dentro de un misterio", *Revista de la Asociación española de Neuropsicología*, 109, 31 (2011), pp.53-70.

LÓPEZ SÁNCHEZ, Conchi: *El golpe de estado, las persecuciones y la retaguardia en la guerra civil española: las actitudes sociales en Galicia (1936-1939),* Tese doutoral, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2021.

M. ORZA LINARES, Ramón: "Amnistías e indultos durante el franquismo y la transición", en PÉREZ JUAN, José Antonio e MORENO TEJADA, Sara (coords.): *Represión y orden público durante la II República, la Guerra Civil y el franquismo. Una visión comparada*, España, Aranzadi Thomson Reuters, 2019, pp. 115-162.

M.CANTERA ESPINOSA, Leonor: *Te pego porque te quiero: la violencia en la pareja,* Barcelona, Servei de Publicacions de la Universitat Autònoma de Barcelona, 2016.

Mª PUYUELO ARILLA, Jose *et al*. (coords.): *Introducción a la historia de bares y restaurantes: principales hitos bajo una perspectiva gastronómica,* Zaragoza, Cofradía Vasca de gastronomía, Fecoga, 2017.

MARCO CARRETERO, Jorge: "El pan para los ricos y el hambre para los pobres. Hambre y estraperlo en el discurso del Partido Comunista de España", en DEL ARCO BLANCO, Miguel Ángel (ed.): *Los "años del hambre". Historia y memoria de la posguerra franquista*. Madrid, Marcial Pons, 2020, pp.249-268.

MARÍAS CADENAS, Sescún: "Las empleadas de hogar durante el franquismo y la transición democrática: entre el paternalismo y la marginación (1939-1981)", en MÉNDEZ GARCÍA, Carmen *et al.* (dirs.): *Diferencia, (des)igualdad y justicia. Estudios de mujeres.* Jornadas Internacionales de la Mujer. Volumen VII, Madrid, Fundamentos, pp.297-307.

MARÍN DE ESPINOSA CEBALLOS, Elena B.: *La reincidencia: Tratamiento dogmático y alternativas político criminale*s, Granada, Comares, 1999.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

MARRAMAO, Giacomo: “Spatial turn: espacio vivido y signos de los tiempos”, *Historia y grafía*, 45 (2015), pp.123-132.

MARTÍN-ACEÑA MANRIQUE, Pablo e MARTÍNEZ RUIZ, Elena: “La edad de oro del capitalismo español”, en Niguel Townson (ed.): *España en cambio. El segundo franquismo, 1959-1975*, Madrid, Siglo XXI, 2010.

MARTÍNEZ CARRETERO, Iván: *Delitos, justicia ordinaria y control social en Zaragoza*, Tese doutoral, Zaragoza, Universidad de Zaragoza, 2016.

MARTÍNEZ CARRETERO, Iván: “Entre la supervivencia y la tradición: una mirada a la mujer a través de la práctica judicial ordinaria en Zaragoza durante la guerra civil española”, en FRÍAS CORREDOR, Carmen, LEDESMA VERA, José Luis e RODRIGO SÁNCHEZ, Javier (coords.): *Reevaluaciones. Historias locales y miradas globales: Actas del VII Congreso de Historia Local de Aragón*, Zaragoza, Diputación de Zaragoza, Institución "Fernando el Católico", 2011, pp.387-396.

MARTÍNEZ CUESTA, Francisco J.: “Maternidad y primer franquismo”, *Revista de Comunicación y Salud*, 7 (2017), pp. 151-172.

MARTÍNEZ PEDREDA, Lucio: *El Pan y la cruz. Hambre y Auxilio Social durante el primer franquismo en Galicia*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2017.

MARTÍNEZ PEDREDA, Lucio: *Medo político e control social na retagarda franquista*, Vigo, Xerais, 2015.

MAZA ZORRILLA, Elena: *Sociabilidad en la España contemporánea: historiografía y problemas metodológicos*, Valladolid, Instituto Universitario de Historia Simancas, 2002.

MEDINA GARCÍA, Eusebio: “Autarquía y racionamiento. El mercado negro a finales de los años cuarenta”, *Cuadernos de investigación histórica*, 21 (2004), pp.427-434.

MÍGUEZ MACHO, Antonio: “El despertar público de la memoria: en torno al genocidio”, Mélanges de la Casa de Velázquez, 50, 1(2020), pp. 295-299.

MIR CURCÓ, Conxita: “La presencia de las mujeres en la represión franquista”, en MIR CURCÓ, Conxita e CENARRO LAGUNAS, Ángela (eds.): *Mujeres, género y violencia en la guerra civil y la dictadura de Franco*, Valencia, Tirant Humanidades, 2021.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

MIR CURCÓ, Conxita e CENARRO LAGUNAS, Ángela: *Mujeres, género y violencia en la guerra civil y en la dictadura de Franco*, Valencia, Titant humanidades, 2021.

MIR CURCÓ, Conxita e AGUSTÍ I ROCA, Carme: "Delincuencia patrimonial y justicia penal: una incursión en la marginación social de posguerra (1939-1951)" en MIR CURCÓ, Conxita, AGUSTÍ I ROCA, Carme e GELONCH SOLÉ, Joseph: *Pobreza, marginación, delincuencia y políticas sociales bajo el franquismo*, Universidad de Lleida, Lleida, 2005, pp.69-92.

MIR CURCÓ, Conxita, AGUSTÍ I ROCA, Carme e GELONCH SOLÉ, Joseph: *Pobreza, marginación, delincuencia y políticas sociales bajo el franquismo*, Lleida, Universidad de Lleida, 2005.

MIR CURCÓ, Conxita: "La violencia contra uno mismo. El suicidio en el contexto represivo del franquismo", *Ayer*, *28* (2003), pp.187-210.

MIR CURCÓ, Conxita: *Vivir es sobrevivir. Justicia, orden y marginación en la Cataluña rural de posguerra*, Lleida, Milenio, 2000.

MIRALLES ALTED, Lázaro: "Supervivencia y comunidad bajo el hambre. La delincuencia en los barrios populares durante el franquismo: el caso del Albaicín y el Sacromonte en Granada (1936-1963)", en DEL ARCO BLANCO, Miguel Ángel (ed.): *Los "años del hambre". Historia y memoria de la posguerra franquista*. Madrid, Marcial Pons, 2020, pp. 221-248.

MIRÁS ARAUJO, Jesús: "Rasgos básicos y transformaciones en el servicio doméstico en una ciudad periférica. A Coruña, 1900-1960", *Cuadernos de historia contemporánea*, 27 (2005), pp.197-221.

MOLINERO RUIZ, Carme e YSÁS SOLANES, Pere: "El malestar popular por las condiciones de vida. ¿Un problema político para el régimen franquista?", *Ayer,* 52 (2003), pp.255-282.

MOLINERO RUIZ, Carme: "Silencio e invisibilidad: la mujer durante el primer franquismo", *Revista de Occidente,* 223 (1999), pp.63-82.

MOLINERO RUIZ, Carme: "Mujer, franquismo, fascismo. La clausura forzada en un "mundo pequeño", *Historia Social,* 30 (1998), pp.97-117.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

MORAGA GARCÍA, María de los Ángeles: "Notas sobre la situación jurídica de la mujer en el Franquismo", *Feminismo/s,* 12 (2008), pp. 229-252.

MORALES FERRER, Salvador: "La incapacidad de la mujer casada y su superación en el código civil español", *Novum Jus,* 12, 2 (2018), pp.149-172.

MORENO FONSERET, Roque: "El régimen y la sociedad. Grupos de presión y concreción de *intereses", Ayer,* 33 (1999), pp.87-113.

MORENO FONSERET, Roque: "Movimientos interiores y racionamiento alimenticio en la posguerra española", *Investigaciones geográficas,* 11 (1993), pp. 309-316.

MUÑOZ GONZÁLEZ, Joan: "El espacio como forma de hacer historia. Del giro espacial a la narrativa de la simultaneidad", s.e., s.d., pp. 1-19.

MURILLO ACED, Irene: *En defensa de mi hogar y de mi pan: estrategias femeninas de resistencia civil y cotidiana en la Zaragoza de guerra y posguerra*, 1936-1945, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza, 2013.

NASH BALDWIN, Mary: "Yo también soy adultera. Sororidad, hermanas adúlteras y los retos feministias de la transición a las creencias establecidas sobre el género", en MUÑOZ FERNÁNDEZ, Ángela e LUENGO LÓPEZ, Jordi (coords.): *Creencias y disidencias: experiencias políticas, sociales, culturales y religiosas en la Historia de las Mujeres,* Granada, Comares, 2020, pp.177-210.

NASH BALDWIN, Mary: *Rojas, las mujeres republicanas en la Guerra Civi*l, Madrid, Taurus Pensamiento, 1999, pp.234-235.

NASH BALDWIN, Mary: Género, cambio social y la problemática del aborto", *Historia Social,* 2 (1988), pp.19-36.

NIELFA CRISTÓBAL, Gloria: *Mujeres y hombres en la España franquista: sociedad, economía, política, cultura,* Madrid, Editorial Complutense, 2003.

NÚÑEZ DÍAZ-BALART, Mirta: *Prostitutas legales y clandestinas en el franquismo*, Madrid, Oberon, 2003.

NUQ, Amelie: "Combattre les perversions morales qui les ont poussées au mal": la prise en charge de la déviance féminine par le Tribunal pour Mineurs de Valence (Espagne,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1939-1958)", *Les Cahiers de Framespa*, 7 (2011), Recuperado de internet (http://journals.openedition.org/framespa/710), consultado o 31 de novembro de 2022.

ONANDIA RUIZ, Beatriz: "Entre el pecado y la lujuria: la inmoralidad pública durante el franquismo", *Raudem, Revista de Estudios de las Mujeres*, 6 (2018), pp. 172-197.

ORGANIZACIÓN PANAMERICANA DE LA SALUD: *La salud en las Américas, vol. 1*, Washington, 2002.

ORTEGA CASTILLO, Antonio: "Habitar y representar la agrociudad: caracterización y semiótica de un espacio conflictivo", *Rúbrica contemporánea*, vol. 10, núm. 19 (2021), pp. 29-53.

ORTEGA MARTÍNEZ, Francisco A.: "Rehabitar la cotidianidad", en ORTEGA MARTÍNEZ, Francisco A. (ed.): *Veena Das: Sujetos del dolor, agentes de dignidad*, Colombia, Editorial Pontificia Universidad Javeriana.

ORTIZ HERAS, Manuel: *La violencia política en la dictadura franquista 1939-1977. La insoportable banalidad del mal*, Albacete, Editorial Bomarzo, 2013.

ORTIZ HERAS, Manuel e GONZÁLEZ MARTÍNEZ, Carmen: "Control social, control policial en la dictadura franquista", *Historia del Presente*, 16 (2010), pp.143-152.

ORTIZ HERAS, Manuel: *Violencia, conflictividad y justicia en la provincia de Albacete (1936-1950)*, Tese doutoral, Castilla-La Mancha, Universidad de Castilla-La Mancha, 1995.

OTERO GONZÁLEZ, Uxía: *Domesticando cuerpos femeninos en el franquismo (1939-1975): la (re)modelación de la feminidad normativa y su encarnación sartorial en la transición de los cincuenta*, Tese doutoral, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

OVIEDO SILVA, Daniel: "Nadie pase sin hablar al portero. El papel de los porteros en la vigilancia urbana, las prácticas informativas y las prácticas acusatorias en Madrid (1874-1945)," *Huarte de San Juan Geografía e Historia*, 26 (2019), pp. 211-229.

OVIEDO SILVA, Daniel: "Juro por dios y declaro por mi honor. Verdad, impostura y estrategias autoexculpatorias en las declaraciones de la posguerra madrileña", en OVIEDO SILVA, Daniel e PÉREZ-OLIVARES GARCÍA, Alejandro (coords.):

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Madrid, una ciudad en guerra: (1936-1948)*, Madrid, Los Libros de la Catarata, 2016, pp. 159-214.

PALACIOS BAÑUELOS, Luis: "Mujeres de España: su labor asistencial, social y cultural", *La Albolafia: Revista de Humanidades y Cultura*, 1 (2014), pp. 147-176.

PALAZÓN FERRANDO, Salvador: "La emigración española a América latina durante el primer franquismo (1939-1959). Interrupción y reanudación de una corriente tradicional", *Anales de la Universidad de Alicante: Historia contemporánea*, 8-9 (1991-1992), pp.215-232.

PEINADO RODRÍGUEZ, Matilde: "Reflexiones en torno a la "Feminidad". Claves para entender la pervivencia del Patriarcado (1850-1950)", en IBARRA AGUIRREGABIRIA, Alejandra (coord.): *No es país para jóvenes. Actas del II Encuentro de Jóvenes Investigadores en Historia Contemporánea*, Granada, Editorial Universidad de Granada, 2009, pp. 1-24.

PÉREZ GARCÍA, Pablo: "Una reflexión en torno a la historia de la criminalidad", *Revista d'historia medieval*, 1 (1990), pp.11-37.

PÉREZ GÓMEZ, María de los Llanos: *Condenadas a muerte. La mujer frente a la justicia militar franquista en Albacete (1939-1943)*, Albacete, Altabán, 2022.

PÉREZ-OLIVARES GARCÍA, Alejandro: *La victoria bajo control: ocupación, orden público y orden social del Madrid franquista (1936-1948)*, Tese doutoral, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2017.

PIMIENTA DE LA FARIA, Carlos A.: "El derecho al aborto y las políticas reproductivas en Suecia", *Estudios Sociológicos*, 18 (2000), pp.617-659.

POLO MURIEL, Francisco: *La depuración del personal ferroviario durante la guerra civil y el franquismo (1936-1975)*, Tese doutoral, Madrid, Universidad Autónoma de Madrid, 2015.

PONCE ALBERCA, Julio: "Presentación. La modernización española bajo el segundo franquismo (1958-1975)", *Memoria y Civilización*, 21 (2018), pp.247-250.

PORTILLA CONTRERAS, Guillermo: *Derecho Penal franquista y represión de la homosexualidad como estado peligroso*, Madrid, Ministerio de Justicia, 2019.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PRADA RODRÍGUEZ, Julio (dir.): *No sólo represión, la construcción del franquismo en Galicia*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2014.

PRADA RODRÍGUEZ, Julio: "Escarmentar a algunas y disciplinar a las demás. Mujer, violencia y represión sexuada en la retaguardia sublevada", *Historia Social*, 87 (2017), pp.67-83.

PRADA RODRÍGUEZ, Julio: *Marcharon con todo. La represión económica en Galicia durante el primer franquismo*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2016.

PRIETO BORREGO, Lucía e BARRANQUERO TEXEIRA, Encarnación: *Así sobrevivimos al hambre. Estrategias de supervivencia de las mujeres en la posguerra española*, Málaga, Diputación provincial de Málaga, 2003.

PRIETO BORREGO, Lucía: *Mujer, moral y franquismo. Del velo al bikini,* Málaga, Universidad de Málaga, 2018.

PRIETO BORREGO, Lucía: "La prostitución en Andalucía durante el primer franquismo", *Baética: Estudios de Historia Moderna y Contemporánea,* 28, 2 (2006), pp. 665-688.

PRIETO BORREGO, Lucía: "Racionamiento, control social y estraperlo. Marbella: los años del hambre", *Cilniana: Revista de la Asociación Cilniana para la Defensa y Difusión del Patrimonio Cultural*, 16 (2003), pp.5-19.

PYNE, Stephen J.: *Vestal fire: an environmental history, told through the fire, of Europe and Europe's encounter with the world*. Washington, University of Washington Press, 1997.

R.WEISSER, Michael: *Crime and Punishment in Early Modern Europe*, Brighton, 1982.

RABAZAS ROMERO, Teresa e RAMOS ZAMORA, Sara: "La construcción del género en el franquismo y los discursos educativos de la Sección Femenina", *Encounters on Education*, 7 (2006), pp. 43-70.

RAPOSO ARCEO, Juan Jesús: *Régimen jurídico de los montes vecinales en mano común en el marco de la propiedad forestal*, Tese doutoral, A Coruña, Universidade de A Coruña, 1996.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

REGUEILLET, Anne-Gaelle: “Norma sexual y comportamientos cotidianos en los diez primeros años del franquismo: noviazgo y sexualidad”, *Hispania*, LXIV, 218 (2004), pp.1.027-1.042.

REHER SULLIVAN, David-Sven: *La familia en España, pasado y presente*, Madrid, Alianza, 1996.

RICHARDS, Michael: *Un tiempo de silencio. La guerra civil y la cultura de la represión en la España de Franco, 1936-1945*, Madrid, Crítica, 1999.

RIUDOR I GARCÍA, Noemí: “Violaciones durante la Guerra Civil: Ecos de una realidad”, en MIR CURCÓ, Conxita e CENARRO LAGUNAS, Ángela (eds.): *Mujeres, género y violencia en la guerra civil y la dictadura de Franco*, Valencia, Tirant Humanidades, 2021.

ROCA I GIRONA, Jordi: “Los (no) lugares de las mujeres durante el franquismo: el trabajo femenino en el ámbito público y privado”, *Gerónimo de Uztariz*, 21 (2005), pp. 81-99.

ROCA I GIRONA, Jordi: “Esposa y madre a la vez. Construcción y negociación del modelo ideal de mujer bajo el (primer) franquismo”, en NIELFA CRISTÓBAL, Gloria: *Mujeres y hombres en la España franquista: sociedad, economía, política, cultura*, Madrid, Editorial Complutense, 2003.

RODRIGO CATALÁN, Pilar: “Discriminación por cuestión de género y la ignorancia de su existencia, en el Tribunal Tutelar de Menores de Zaragoza: 1921-1931”, en FORCADELL ÁLVAREZ, Carlos e FRÍAS CORREDOR, Carmen (coords.): *Veinte años de congresos de Historia Contemporánea (1997-2016)*, Zaragoza, Institución Fernando el Católico, 2017, pp.303-312.

RODRIGO SÁNCHEZ, Javier: *Hasta la raíz. Violencia durante la guerra civil y la dictadura franquista*, Madrid, Alianza Editorial, 2008.

RODRÍGUEZ BARREIRA, Óscar J.: “Lazarillos del caudillo. El hurto como arma de los débiles frente a la autarquía franquista, *Historia Social*, 72 (2012), pp.65-87.

RODRÍGUEZ BARREIRA, Óscar J*: Migas con miedo. Prácticas de resistencia al primer franquismo*. Almería, 1939-1953, Almería, Editorial Universidad de Almería., 2008.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

RODRÍGUEZ BARREIRA, Óscar J.: "Juventud y franquismo. Los inicios del Frente de Juventudes en Almería", en GUTIÉRREZ NAVAS, Manuel e RIVERA MENÉNDEZ, José (coords.): *Sociedad y política almeriense durante el régimen de Franco. Actas de las Jornadas celebradas en la UNED,* pp. 181-191, 2003.

RODRÍGUEZ GARCÍA, Yolanda: "Procesados en la Audiencia Provincial de Burgos (1936-1940)," en Ministerio de Cultura (ed.): *Justicia en Guerra, Archivo Histórico Nacional: Sección Guerra Civil, Salamanca, Noviembre 1987*, Madrid, Ministerio de Educación Cultura y Deporte, Dirección General de Bellas Artes y de Conservación y Restauración de Bienes Culturales, 1990, pp.381-388.

RODRÍGUEZ ORTIZ, Victoria: *El aborto hasta fines de la Edad Media castellana. Su consideración social y jurídica*, Madrid, Editorial Aranzadi, 2014.

RODRÍGUEZ SERRADOR, Sofía: "El divorcio en Valladolid durante la II República (1931-1937)", *Investigaciones Históricas, época moderna y contemporánea*, 39 (2019), pp.577-620.

RODRÍGUEZ TEIJEIRO, Domingo: *Mujer, delincuencia, marginalidad. Cárcel, justicia ordinaria y violencia de género Ourense 1940-1950*, Madrid, Los Libros de la Catarata, 2021.

RODRÍGUEZ TEIJEIRO, Domingo: "Fuentes para el estudio de la violencia contra las mujeres en el primer franquismo: las sentencias de la Audiencia Provincial de Ourense (1940-1950)", *Arenal*, 28, 2 (2021), pp.549-579.

RODRÍGUEZ TEIJEIRO, Domingo: "Delincuencia femenina y jurisdicción ordinaria en la posguerra civil. La mujer ante el Tribunal de la Audiencia Provincial de Ourense (1940-1950)", *Clío & Crímen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, 17 (2020), pp. 329-344.

RODRÍGUEZ TEIJEIRO, Domingo: "Morir de hambre en las cárceles de Franco (1939-1945)", *Historia Contemporánea*, 51 (2015), pp. 641-666.

ROLDÁN CAÑIZARES, Enrique: *Luis Jiménez de Asúa. Derecho penal, República, Exilio*, Madrid, Dykinson, 2019.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ROMÁN RUIZ, Gloria e DEL ARCO BLANCO, Miguel Ángel: "¿Resistir con hambre?: estrategias cotidianas contra la autarquía en la consolidación del Franquismo", *Ayer*, 126 (2022) pp. 107-130.

ROMÁN RUIZ, Gloria: "Custodios de la moral. Control socio-moral y sanción popular en el mundo rural altoandaluz tras la posguerra", *Pasado y Memoria, Revista de Historia Contemporánea*, 21 (2020), pp. 131-154.

ROMÁN RUIZ, Gloria: "El estraperlo de los pobres en la Granada de posguerra: estrategia de resistencia y objeto de represión", en GÓMEZ BRAVO, Gutmaro, PALLOL TRIGUEROS, Rubén e DE MIGUEL SALANOVA, Santiago (coords.): *Actas Congreso posguerras: 75 aniversario del fin de la Guerra Civil española*, Granada, Universidad de Granada, 2015, pp.1-13.

ROMÁN RUIZ, Gloria: *Franquismo de carne y hueso. Entre el consentimiento y las resistencias cotidianas (1939-1975)*, Valencia, PUV, 2020.

ROMÁN RUIZ, Gloria: "El negocio del hambre": Fraude y corrupción durante la posguerra autárquica en el campo alto-andaluz", *Historia Contemporánea*, 63 (2020), pp.663-691, p.665.

ROMÁN RUIZ, Gloria: "La economía del racionamiento. El recurso al estraperlo en los "años del hambre", *Andalucía en la Historia*, 64 (2019), pp.16-21.

ROMÁN RUIZ, Gloria: *Delinquir o morir. El pequeño estraperlo en la Granada de posguerra*, Granada, Editorial Comares, 2015.

ROSADO ORQUÍN, Amalia: "La cosificación de las mujeres como instrumento de una ideología perversa: los cuerpos del fascismo", *Asparkía*, 33 (2018), pp.185-204.

ROURA, Assumpta: *Un inmenso prostíbulo. Mujer y moralidad durante el franquismo*, Barcelona, Editorial Base, 2005.

RUBIO OSORIO, Ana María: "Delincuencia en Marbella durante el primer franquismo. (1937-1959)", *Cilniana*, 28/29 (2020), pp. 111-124.

RUBIO OSORIO, Ana María: *El primer franquismo en Marbella (1939-1959): de los años del hambre a los años del sol*, Tese doutoral, Málaga, Universidad de Málaga, 2015.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

RUIZ GONZÁLEZ, Cándido: "Alimentación y estraperlo durante el Primer Franquismo en la comarca de Toro (1936-1941)", *Stvdia Zamorensia*, 10 (2011), pp.155-190.

RUIZ-BERDÚN, Dolores e GOMIS BLANCO, Alberto: *Compromiso social y género. La historia de las matronas en España en la Segunda República, la Guerra Civil y la Autarquía (1931-1955)*, Madrid, Ayuntamiento de Alcalá de Henares, 2017, pp.82-88.

S.A.: *Pobreza y marginación / estudio realizado por el Equipo de Investigación Sociológica*. Madrid, Cáritas Española, 1971, pp.74-75.

SÁENZ DEL CASTILLO VELASCO, Aritza: "En el limbo. El servicio doméstico durante el franquismo en España", *Historia Social*, 84 (2016), pp. 77-92.

SALAZAR AGULLÓ, Modesta: *Asistencia materno-infantil y cuestiones de género en el programa "Al Servicio de España y del Niño Español"*, Tese doutoral, Alicante, Universidad de Alicante, 2009.

SALUSTIANO DEL CAMPO, Urbano e RODRÍGUEZ-BRIOSO, María del Mar: "La gran transformación de la familia española durante la segunda mitad del siglo XX", *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, 100 (2002), pp.103-165.

SAN MARTÍN, J. I.: *La industria española del automóvil*, 1966, pp.226-287.

SÁNCHEZ CONESA, José: "Control de ocio bajo el franquismo. Teleclubs en el Campo de Cartagena", *Revista murciana de antropología*, 23 (2016), pp. 173-202.

SÁNCHEZ MARROLLO, Fernando: "La delincuencia social: un intento de caracterizar la actuación penal en la España rural durante la posguerra", *Norba. Revista de Historia*, 16 (1996-2003), pp. 625-637.

SÁNCHEZ MARROLLO, Fernando: "La delincuencia "sociopolítica" en Cáceres durante la Segunda República", *Norba: Revista de historia*, 10 (1989-1990), pp. 233-264.

SÁNCHEZ MORENO, Manuel: *Desalmadas y maleantes. Memoria de género en Argentina y España* (1936-2018), Málaga, Umaeditorial, 2020.

SÁNCHEZ-ARCILLA BERNAL, José: *Jueces, criminalidad y control social en la ciudad de México a finales del siglo XVIII*, Madrid, Dykinson, 2016.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SANTIAGO DÍAZ, Gregorio: *Culpa de la guerra, culpa de franco. La hambruna española de posguerra: el caso de andalucía oriental (1939-1953)*, Tese doutoral, Granada, Universidad de Granada, 2022.

SANTOS RAMÍREZ, Juan Ignacio: "Delincuencia en Málaga durante la postguerra: La Audiencia Provincial de Málaga 1937-1941", en PRIETO BORREGO, Lucía (coord.): *Guerra y franquismo en la provincia de Málaga: Nuevas líneas de investigación*, Málaga, Servicio de Publicaciones Universidad de Málaga, 2005, pp.129-144.

SCHIFF, Paul L.: "Ergot and Its Alkaloids", *American Journal of Pharmaceutical Education*, 70, 5 (2006), Recuperado de internet (https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pmc/articles/PMC1637017/.) consultado o 15 de decembro de 2019.

SCHWERHOFF, Gregor: "Spaces, places, and the historians. A comment from a German perspective", *History and Theory*, 52, 3 (2013), pp. 420-432.

SCOOT, Joan W.: "Gender: A Useful Category of Historical Analysis", *The American Historical Review*, 91, 5 (1986), pp. 1.053-1.075.

SCOTT, James C.: *Weapons of the weak: everyday forms of peasant resistance*, New Haven, Yale University Press, 1985.

SCOTT, James C.: "Formas cotidianas de rebelión campesina", *Historia Social*, 28, 1997, pp. 13-39.

SHARPE, James A.: *Crime in Early Modern England 1550-1750*, London e New York, Routledge, 2014.

SHARPE, James A.: "The History of Crime in Late Medieval and Early Modern England: a Review of the Field", *Social History*, 7, 2 (1982), pp. 187-203.

SILVA SILVA, Hernán: *Medicina Legal y Psiquiatría Forense. Medicina Legal. Tomo I*. Santiago de Chile, Editorial Jurídica de Chile, 1991, pp.160-161.

SIMMEL, Georg: "Die Grosstädteund das Geistesleben", en: VON PETERMANN, T. (ed.): *Die Grossstadt: Vorträge und Aufsätze zur Städteausstellung*, Jahrbuch der Gehe-Stiftung, Suhrkamp Verlag, IX, 1903, pp.185-206.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SIMMEL, Georg: *Postmodern Geographies: The Reassertion of Space in Critical Social Theory*, London, Verso, 1989.

SINGH, Susheela *et al*.: *Abortion Worldwide: A Decade of Uneven Progress*, New York: Guttmacher Institute, 2009.

SOBRADO CORREA, Hortensio: "Heredero único y familia troncal en la galicia interior. 1750-1860", *Studia historica,* 23 (2001), pp. 275-303.

SOJA, Edward: *Thirdspace: Journeys to Los Angeles and Other Real-and-Imagined Places. Oxford, Basil Blackwell*, 1996.

SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl: *Labregas, emigradas, estraperlistas e represaliadas*, Valga, Concello de Valga, 2006.

SOUTO BLANCO, María Jesús: "Una "revuelta de hambre" en la Galicia del primer franquismo: O Saviñao", *Pasado y memoria: Revista de historia contemporánea*, 2 (2003), pp.241-254.

SOUTO BLANCO, María Jesús: *A represión franquista na provincia de Lugo (1936-1940)*, Tese doutoral, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1997.

SUÁREZ ARAMÉNDIZ, Miguel Antonio, MONSALVO MENDOZA, Edwin e MARTÍNEZ BOTERO, Sebastián: "Progreso y delincuencia: mecanismos de control social en Manizales (Colombia), c. 1910-1940", *Revista de Historia Regional y Local*, 6, 12 (2014), pp.334-373.

SUTHERLAND, Edwin: *El delito de cuello blanco. White collar crime. The uncut version*, Buenos Aires, Editorial B de F, 2009.

SUTTON, Barbara: "Poner el Cuerpo: Women's Embodiment and Political Resistance in Argentina", *Latin American Politics and Society*, 49, 3 (2007), pp.129-162.

TAMATIT SUMALLA, Josep Mª: "Delitos y penas: una dialéctica de sufrimientos", en MORALES PRATS, Fermín *et al.* (coords.): *Represión penal y estado de derecho: homenaje al profesor Gonzalo Quintero Olivares*, España, Aranzadi Thomson Reuters, 2018, pp.281-295.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

TAMATIT SUMALLA, Josep Mª: "Derecho penal y delincuencia en la legislación de posguerra", en MIR CURCÓ, Conxita, AGUSTÍ I ROCA, Carme, GELONCH SOLÉ, Joseph (coords.): *Pobreza, marginación, delincuencia y políticas sociales bajo el franquismo*, Lleida, Edicions de la Universidad de Lleida, 2014, pp.51-68.

TERÁN REYES, Francisco Javier: "Las cartillas de racionamiento, los fielatos y el estraperlo", *Historia reciente, Aljaranda: revista de estudios tarifeños,* (2012) 86, pp. 10-19.

THOMPSON, Edward: *Whigs and hunters: the origin of the Black Arm*, Nova Iork, Pantheon Books, 1975.

TILLY, Charles: *El siglo rebelde, 1830-1930*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza, 1997.

TONKONOFF, Sergio E.: "Las funciones sociales del crimen y el castigo. Una comparación entre las perspectivas de Durkheim y Foucault", *Sociológica*, 77 (2012), pp. 109-142.

TOVAR PULIDO, Raquel: "Mujeres solteras e independientes en la España del siglo XVIII: rentas familiares y gestión patrimonial en el mediodía peninsular", *Revista de demografía histórica*, 38, 1 (2020), pp. 147-174.

TOWNSON, Nigel: *¿Es España diferente? Una mirada comparativa (siglos XIX y XX)*, Madrid, Taurus, 2010.

URÍA GONZÁLEZ, Jorge: "Sociabilidad informal y semiótica de los espacios. Algunas reflexiones de método", *Studia Historica*, 26 (2008), pp. 177-212.

URÍA GONZÁLEZ, Jorge: "La taberna, un espacio multifuncional de sociabilidad popular en la Restauración española", *Hispania*, LXIII/2, 214 (2003), pp.571-604.

USBORNE, Cornelie: *Cultures of abortion in Weimar Germany*, New York, Berghahn Books, 2007.

VELASCO MURVIEDRO, Carlos: "Sucedáneos de posguerra", *Historia 16*, 131 (1987), pp.11-20.

VICENTE RODRÍGUEZ, Herminia: *Mujeres en el punto de mira. La represión franquista a través de la justicia ordinaria. Castilla La-Mancha 1939-1969*, Castilla la Mancha, Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 2022.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

VILAR RAMÍREZ, Juan B.: "Las emigraciones españolas a Europa en el siglo XX: algunas cuestiones a debatir", *Migraciones & Exilios: Cuadernos de la Asociación para el estudio de los exilios y migraciones ibéricos contemporáneos*, 1 (2000), pp. 131-159.

VILLELLAS ARIÑO, María: "La violencia sexual como arma de guerra", *Quaderns de Construcció de Pau*, 15 (2010), pp.4-14.

WARF, Barney e ARIAS, Santa: "Introduction: there insertion of space into the social sciences and humanities", en Barney WARF e Santa ARIAS (eds.): *The Spatial Turn. Interdisciplinary perspectives*, Londres-Nova York, Routledge, 2009, pp. 1-10.

WOLFGANG, Michael: *The Racial State: Germany 1933-1945*, United Kingdom, Cambridge University Press, 1991, pp.136-137.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Esta tese de doutoramento proxéctase como un estudo transversal sobre a delincuencia común que tivo lugar no Partido Xudicial de Lugo no contexto da ditadura franquista, de 1945 a 1966, anos que marcan o período de consolidación por excelencia do réxime. A investigación pretende achegarse ao universo delituoso a través da integración de múltiples perspectivas metodolóxicas e analíticas, entre outras: a historia local, o xiro espacial, a da microhistoria e a da historia cotiá, aquelas que entendemos permiten examinar con maior grao de detalle as vidas das clases subalternas. Mediante a revisión pormenorizada de documentación xudicial, depositada no Arquivo Histórico Provincial de Lugo e na Audiencia Provincial de Lugo, daremos conta das características da delincuencia, ofrecendo tipoloxías, tendencias e perfís.